USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

A cultura castrexa nos vales dos ríos Lérez-Almofrei e Verdugo-Oitavén

Tese de Doutoramento

Manuel Reboredo Tajes

Dirixida polo Prof. Dr.
D. Fernando Acuña Castroviejo

Departamento de Historia I
Universidade de Santiago de Compostela

Santiago de Compostela. 2008

ÍNDICE. **Páxinas**

- ÍNDICE. 1
- Agradecementos. 7
- Cap.1: INTRODUCIÓN. 9
- Cap. 2: HISTORIA DAS INVESTIGACIÓNS. 17
  · Poboados castrexos investigados nas dúas bacías. 31
- Cap. 3: METODOLOXÍA. 41
- Cap. 4: CARACTERIZACIÓN XEOGRÁFICA DA ÁREA DE ESTUDO 55
  · Os contrastes xeomorfolóxicos. 57
  · A diversidade bioxeográfica e climática. 59
  · O territorio soporte da actividade humana. 63
- Cap. 5: CATÁLOGO DE XACEMENTOS. 65

· Concello de Forcarei. 67

1 - Castro de Loureiro-Coto do Castro 68
2 - Castro de As Mouteiras 81
3 - Castro de Montes 88
4 - Castro da Mota 98
5 - Castro de Garellas-Castro de Rodeiras 103
6 - Castro de Sanguñedo-Coto do Castro 112
7 - Castro da Mouteira 121
8 - Castro de Filloi-Coto do Castro 127
9 - Castro de Muras-Curuto do Castro 134

· Concello de Cerdedo. 142

10 – Castrodiz 143
11 - Castro do Pego 151
12 - Castro de San Cibrán (Vilalén) 157
13 - Castro de Abaixo 165
14 - Roda do Castro-Castro de Arriba 171
15 - Castro de Vilar - Coto do Castro - Os Castros 177
16 - Castro de Arén 184
17 - Castro da Cerca (Vilariño) 191

· Concello de Campo Lameiro. 199
18 - Coto de Penalba 200
19 - A Cerca (Praderrei) 210
20 - Castro de San Isidro-Monte do Castro 217
21 - Monte do Castro (Redonde) 224
22 - Os Castros (A Betarra) 231
23 - Monte do Castro (Cerdeiras) 239
24 - Castro da Devesiña 245
25 - Castro de Orto-Coto do Castro-Pico do Castro 250
26 - Castro de Couso-Castriño 257
· Concello de Cotobade. 262
27 - Monte do Castro-Cruz do Castro (Carballedo) 263
28 - Coto de Paraños 271
29 - A Cividá (S. Xurxo de Sacos) 278
30 - Coto da Cerca (S. Xurxo de Sacos) 289
31 - Monte do Castro (S. Xurxo de Sacos) 297
32 - Coto do Castro (Viascón) 304
33 - Monte do Castro (Tenorio) 311
34 - Coto das Rodelas 318
35 - Coto do Castro (Famelga) 325
36 - Coto do Castro (Aguasantas) 332
37 - Castro Bo 339
38 - A Cividá (Fentáns) 347
39 - Coto da Roda 355
· Concello de Pontevedra. 363
40 - Monte do Castro (Pontesampaio) 364
41 - Monte do Castro-S. Cibrán (Tomeza) 372
42 - Monte dos Penedos 379
43 - Monte das Croas 385
44 - Monte do Castro- Castro da Raxeira (Mourente) 394
45 - Castro do Valo 400
46 - Monte do Castro (Maúnzo) 406
47 - Monte do Castro (Gabián) 412
48 - Monte Castelo (Lérez) 418

49 - Monte da Torre-Monte do Castro 425
· Concello de Beariz. 430
50 - Castro de Magros 431
51 - Alto da Roda do Castro 442
· Concello de A Lama. 450
52 - Monte do Castro (A Lama) 451
53 - Monte do Castro (Gaxate) 458
· Concello de Pontecaldelas. 466
54 - Pena Redonda-Chan das Pipas 467
55 - Casteliño-Castelo-Monte do Castro (Barbudo) 476
56 - Castelo Grande-Castelo (Pontecaldelas) 484
57 - Coto da Cidade (Tourón) 491
58 - Eira dos Mouros (Tourón) 498
59 - Monte do Castro (Parada) 505
· Concello de Fornelos de Montes. 510
60 - Monte do Castro (Airoa) 511
61 - A Cidade (Oitavén) 518
· Concello de Pazos de Borbén. 526
62 - Castro do Coto do Cristo 527
63 - Castro de Amoedo 534
64 - Monte do Castro (As Muras) 540
65 - O Circo (Sequeiros) 547
66 - O Circo (Mosteiro) 553
67 - O Castelo do Galo 559
· Concello de Soutomaior. 566
68 - O Castrillón-Coto da Moura 567
69 - A Peneda do Viso 573
· Concello de Vilaboa. 584
70 - Coto Loureiro-Castro de Farexa 585
71 - Monte da Croa-Castro de Acuña 594
72 - Castro de Cobres-O Coto 602
- Cap. 6: ANÁLISE DOS DATOS. 609
· 6.1. Tipoloxía dos emprazamentos. 611
· Tipos de emprazamentos por bacías. 623

· Cadro de pendentes. 628
· 6.2. Os poboados castrexos. 633
· Os recintos e as súas características. 636
· Val do Lérez. 636
· Val do Verdugo-Oitavén. 653
· Listado de xacementos. 665
· 6.3. Os castros e os recursos hídricos. 667
· Descrición xeral da rede hidrográfica. 671
· 6.4. Os castros e as altitudes absolutas. 675
· Descrición xeral da orografía da área de estudo. 678
· 6.5. O poboamento. Distribución e distancia ó veciño máis próximo. 683
· 6.6. Visibilización dos xacementos castrexos. 691
· Intervisibilidade entre os poboados castrexos. 693
· A bacía do Lérez. 693
· A bacía do Verdugo-Oitavén. 697
· Área de visión. 700
· Introdución. 700
· Análise do grao de visibilidade. 702
· Categorización da área de visión. 708
· Cadros da área de visión. 711
· Intervisibilidade e morfoloxía defensiva. 715
· 6.7. As actividades económicas. 723
· A agricultura. 725
· A gandería. 733
· Outras actividades de subsistencia. 737
· O marisqueo e a pesca. 737
· A caza e a recolleita de froitos silvestres. 740
· O comercio. 742
· Outras actividades. 750
· A minería. 750
· A obtención de recursos pétreos e outras materias primas. 753
· 6.8. Superficie dos castros. 755
· 6.9. As vías de comunicación. 767
· 6.10. Rexionalización: Subrexións e agrupacións dos castros. 785

· 6.11. O estado de conservación dos castros. 795
- Cap. 7: CONSIDERACIÓNS FINAIS. 803
· Conclusións. 805
· Contexto cronolóxico xeral. 819
· Introdución. 819
· Cronoloxía. 820
· Fase I. 820
· Fase II. 821
· Fase III. 822
- Cap. 8: ANEXOS. 825
· Coordenadas xeográficas. 827
· Altitudes absolutas. 831
· Intervisibilidade entre xacementos. 835
· Distancia ó 1º e 2º castros máis próximos. 839
· Cadros de superficies dos castros. 845
· Intervisibilidade. Distancias cos castros máis visibles. 846
· Áreas de visión e perfís topográficos. 847
o Bacía do Lérez. 847
- Coto de Loureiro (Nº1) 847
- Castro de San Cibrán (Nº12) 849
- Monte do Castro (San Xurxo de Sacos) (Nº 31) 951
- Castro de Garellas – Castro de Rodeiras (Nº 5) 853
- Monte do Castro (Cerdeiras) (Nº 23) 855
- Castro de Maúnzo (Nº 46) 857
- Coto da Cerca (Nº 30) 859
- Coto de Penalba (Nº 18) 861
- Monte do Castro – Cruz do Castro (Carballedo) (Nº 27) 863
- Coto de Paraños (Nº 28) 865
- A Cividá (San Xurxo de Sacos) (Nº 29) 867
- Coto do Castro (Viascón) (Nº 32) 869
- Castro de Montes (Nº 3) 871
- Monte do Castro (Redonde) (Nº 21) 873
- Roda do Castro – Castro de Arriba (Nº 14) 875

o Bacía do Verdugo-Oitavén. 877
- Monte do Castro (Pontesampaio) (Nº 40) 877
- A Cidade (Tourón) (Nº 57) 879
- Monte do Castro (Amoedo) (Nº 63) 881
- Coto do Castro (Aguasantas) (Nº 36) 883
- Monte do Castro (A Lama) (Nº 52) 885
- Castelo Grande – Castelo (Pontecaldelas) (Nº 56) 887
- A Peneda do Viso (Nº 69) 889
- Monte da Croa - Castro de Acuña (Nº 71) 891
- Monte do Castro (Gaxate) (Nº 53) 893
- Pena Redonda – Chan das Pipas (Nº 54) 895

- BIBLIOGRAFÍA. 897

· AGRADECEMENTOS.

Antes de rematar esta introdución, quero facer constar o meu agradecemento a unha serie de persoas pola axuda e colaboración que me prestaron durante todo o traballo desenvolvido na elaboración da miña tese doutoral. En primeiro lugar, ó director da mesma, D. Fernando Acuña Castroviejo, piar básico á hora de sacar adiante esta investigación, grazas ás súas correccións e opinións e á súa axuda durante a elaboración da tese.

Logo tamén quero agradecer especialmente ó meu amigo e colega Ángel Concheiro Coello as súas suxerencias ó ler o texto. A continuación, debo mencionar a Elena Sánchez López, Benjamín Paredes Nachón, Franjo Padín Nogueira, Pablo Gallego Martínez e Abel Vigo García que me botaron unha man á hora de escanear e formatear diversas partes do traballo.

Tamén da Facultade de Xeografía e Historia debo dar as grazas pola súa colaboración ós seguintes profesores/-as: D. Augusto Pérez Alberti, quen coa súa axuda facilitoume a elaboración do marco xeográfico desta tese; D. Luis Guitián Rivera, polas facilidades que me deu para consultar e utilizar as fotografías aéreas no Departamento de Xeografía; Dª. Josefa Rey Castiñeira, por suxerirme e facilitarme bibliografía; Dª. Raquel Casal García xa que sempre se interesou polo meu traballo segundo ía avanzando e D. Camilo Fernández Cortizo que sempre se prestou a axudarme cando o precisei.

No Museo de Pontevedra debo estar agradecido ás seguintes persoas: Manolo Villaverde, por facilitarme fotocopias de bibliografía que precisei; tamén a Ana Barbazán, directora da biblioteca desta institución, e a Begoña Pérez Losada, María José Viñuela Fuentes e Mª Teresa Dapena Janeiro que sempre me atenderon eficazmente cando tiven que consultar o fondo bibliográfico. A Antonio de la Peña Santos, arqueólogo do devandito Museo e bo amigo, débolle a información do castro das Croas e as súas suxerencias e consellos.

A continuación, debo citar a Alfredo González Ruibal que me proporcionou a información sobre as súas investigacións no xacemento de Pena Redonda e a Buenaventura Aparicio Casado polos datos do folclore recollidos en traballos seus.

Teño un agradecemento e recoñecemento especial a Luis Xulio Carballo Arceo polas facilidades dadas para consultar as fichas das catalogacións da Delegación Provincial de Pontevedra da Consellería de Cultura e os seus consellos e axuda sempre que acudín a el. Tamén debo engadir nesta lista a Vicente Caramés Moreira, arqueólogo con orixes no meu concello, en Cotobade, que me axudou a encamiñar o traballo cando lle pedín a súa colaboración nos seus comezos. A Rafael M. Rodríguez Martínez, arqueólogo da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra débolle a información referente ás cerámicas de importación dos castros da área de estudo. Ademais, debo citar tamén a Mª José López Sanmartín que sempre me aclarou dúbidas no que atingue ós nomes científicos das especies vexetais e animais reflectidas no texto.

Antes de rematar debo mencionar a unha serie de persoas que me botaron unha man cando percorrín o territorio que abrangue a presente tese: Francisco José Raíndo Flórez, Francisco Rozados Rivas, Manuel Portas Espiña e Gloria Pérez Couto, Xosé Carballo Espiña, Xosé Espiña Quinteiro, José Carlos Pascual Vázquez, Xosé Anxo Atanes Castesana, Gumersindo Penelas García, Fernando Quinteiro Cabaleiro, José Daniel Reguera Míguez, José Manuel Barreiro del Río, Antonio Costa Tellado, Angel (garda forestal de Pazos de Borbén) e ó meu irmán Antonio. Por último, debo mencionar ós meus avós maternos, Manuel Tajes García e Rosa Cubela Fontenla, finados non hai moito, e ós meus pais Adolfo Reboredo Maquieira e Dolores Tajes Cubela e ós amigos e amigas que sempre me apoiaron e animaron durante todos estes anos de moito esforzo e sacrificio para chegar a cumprir o meu obxectivo.

Tamén debo agradecer á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia que me concedeu un ano de licenza de estudos para poder rematar a tese doutoral, de non ser así íame ser máis difícil poder ultimala agora, e a Domingos Antón García Fernández que me orientou á hora de tramitar a devandita licenza de estudos e a Mª José Álvarez Méndez e a Xoán Carlos Garrido Couceiro que me facilitaron información encol deste asunto.

CAPÍTULO 1

INTRODUCIÓN

INTRODUCIÓN.

Na presente tese doutoral titulada "A cultura castrexa nos vales dos ríos Lérez-Almofrei e Verdugo-Oitavén" preténdese facer unha análise da distribución espacial do poboamento na devandita época. Estas dúas bacías fluviais teñen a súa cabeceira na Dorsal Galega ou Serras Centrais e verquen as súas augas nas dúas Rías Baixas máis meridionais que son as de Pontevedra e Vigo respectivamente.

O motivo do título é que malia seren o Lérez e o Verdugo os colectores principais, o Almofrei e o Oitavén son os seus principais afluentes e coidamos que era bo engadilos no mesmo, debido á súa amplitude territorial dentro de ámbalas dúas bacías.

Os estudos de carácter rexional ou dunha bisbarra ou área xeográfica ben delimitadas valorizan aspectos e problemas que pasan desapercibidos na macroescala e enriquecen as abordaxes de conxunto. Ademais, cadrando coa opinión de sobranceiros/-as investigadores/-as desta cultura, coidamos que son de moita utilidade estudos que non precisan de traballos de escavación (Martins, 1990). A catalogación con fichas nas que se recolla a maior cantidade posible de información e logo se faga unha análise desmiuzada dos datos pode ser moi válida cara a futuras investigacións.

Un dos motivos que me levou a escoller estas dúas importantes concas fluviais da Galicia actual é que non foran estudadas antes no seu conxunto. Ademais trátase dunha área xeográfica na que se concentran importantes e numerosas mostras dun poboamento máis antigo como son os petroglifos. No que atingue a isto é unha das zonas de maior concentración no NO., especialmente o val medio do Lérez (Campo Lameiro e Cotobade), aínda que tamén no do Verdugo (Tourón-Pontecaldelas).

Ademais, apenas houbo escavacións ou cando menos intervencións arqueolóxicas sistemáticas na área de estudo, agás Penalba (nº18) entre os anos 1983-88, sendo máis limitadas as de Pena Redonda (nº54) e As Croas (nº43), ademais das sondaxes e traballos ocasionais na Peneda do Viso (nº69) ou o control das obras do

oleoduto A Coruña-Vigo no entorno do Coto do Castro de Viascón (nº32) que se comentarán máis adiante.

Na actualidade, hai unha necesidade de traballos de campo por áreas xeográficas delimitadas para ver as características do hábitat e de tipos de emprazamento existentes daquela. Analízase o que foi o nicho natural ou espazo propio de desenvolvemento do poboamento castrexo que é o val fluvial. Ó longo dos vales principais e secundarios espállase este tipo de hábitat, neste caso ata chegar á barreira orográfica que supuxo a Dorsal Galega que impide ou cando menos supuxo un atranco case insalvable para as comunicacións coa outra vertente (Carballo, 2003).

De aí a relevancia de comprobar a importancia das concas fluviais como vías de penetración e espallamento desta cultura cara o interior do territorio dende a costa. A existencia desta penetración vémola nas vías de comunicación que a percorrían daquela e constátase coa aparición incluso de materiais de importación en castros situados en emprazamentos no tramo alto e perto da cabeceira das dúas concas fluviais analizadas.

Este tipo de estudos noutras áreas xeográficas do NO. peninsular aínda non son moi numerosos, pero supoñen avances a ter en conta en investigacións futuras. Entre outros, na Galicia actual, destacan os que se desenvolveron no Deza (Carballo, 2002), Viana do Bolo (Xusto, 1993), A Mariña (Vigo, 2007), O. da provincia da Coruña (Agrafoxo, 1989), por citar algúns. Ademais destes hai algún caso que fala de "zonas" sen un límite xeográfico que as defina e non paga a pena citalos.

Aínda que se pode dar unha visión do maior ou menor grao da importancia deste tipo de poboamento compriría desenvolver traballos de escavación en varios xacementos seleccionados para ter un coñecemento máis intenso e poder achegarse, dun xeito máis nidio, a esta cultura nas dúas bacías analizadas.

Penso que no Lérez sería interesante desenvolver unha intervención nun castro dos mellor conservados da cabeceira, posiblemente relacionado coa actividade mineira (estaño), cadanseu do curso medio e do seu principal afluente o Almofrei e noutro perto da desembocadura. No Verdugo era bo facer o mesmo nun do curso

medio (onde hai unha maior concentración) e desenvolver unha investigación de todos os datos que temos da Peneda do Viso e levar a cabo sondaxes na parte que se conserva del por ser o máis senlleiro da bacía, pola súa situación estratéxica no fondo da ría de Vigo e como punto de recepción e redistribución de produtos procedentes do comercio exterior.

Como se pode comprobar no índice da tese, primeiro redactáronse uns capítulos introdutorios nos que se explican unha sucinta historia das investigacións e a metodoloxía empregada. Nesta coméntase o tipo de ficha, de elaboración propia, empregado na investigación. Tamén se fai referencia ás revistas especializadas utilizadas. Por certo, as publicacións consultadas, que aparecen enumeradas na bibliografía ó final da tese, van ata finais do ano 2007.

Logo inclúese o catálogo de xacementos, cunha serie de ilustracións e cartografía, no que se inclúen un total de setenta e dous castros, entre eles introducimos seis dubidosos dos que non hai restos dos posibles emprazamentos pero si indicios de posibles plataformas ou folclore que aluden á súa probable existencia. Sen embargo, hai algúns lugares cun topónimo que podía indicar algo, pero iso non abonda, aínda que se mencionan. No mesmo aparecen os poboados castrexos das dúas bacías e algúns das súas proximidades, emprazados case na divisoria de augas.

Logo, despois do catálogo, pasouse a desenvolver a análise dos datos recollidos nas fichas. Na devandita análise abórdanse os diversos campos das mesmas comentados por bacías e algúns cadros de datos. No devir do traballo trataronse os rasgos que caracterizan a estes castros: tipoloxía de emprazamentos, os poboados e os seus sistemas defensivos, relación cos recursos hídricos, altitudes absolutas, distribución do poboamento, visibilización xunto coa intervisibilidade ou a área de visión, actividades económicas (aquí non se analizan os solos actuais pois non serían os mesmos que daquela), cronoloxía, superficies, vías de comunicación, rexionalización, estado de conservación e consideracións finais. Logo, no remate, engádense a bibliografía empregada e uns anexos nos que se inclúen uns cadros cos datos dalgúns aspectos dos castros catalogados.

Este traballo de investigación non é un punto final senón un punto de partida para futuros traballos en ámbalas dúas bacías nas que compriría desenvolver escavacións arqueolóxicas sistemáticas en varios castros. Polo de agora, o coñecemento é moi limitado, pois case non se escavou, agás os casos xa mencionados. Moitos dos materiais coñecidos débense a achados en superficie que, a nivel cronolóxico, para ubicalos só valen como datas *post quem*. A situación óptima para avanzar nos coñecementos sería escavar dun xeito continuado durante varias campañas nunha serie de xacementos que poidan ser significativos.

Os traballos de catalogación e análise dos datos dos castros de áreas xeográficas ben delimitadas, como pode ser a estudada na presente tese doutoral, coido que poden ser moi positivos para ver a situación do poboamento castrexo e a súa distribución polo territorio e aportar unha información válida e útil para un mellor coñecemento desta cultura senlleira no pasado do noso país.



Ilustr. 1.1 – Situación da área de estudo no mapa de Galicia (Tomado de *Xeografía-ESO-2ºCiclo.* Ed. Ecir, 1995).



Ilustr. 1.2 – Mapa da área de estudo (Escala 1:200.000 - IGN - MOPT).

CAPÍTULO 2

HISTORIA DAS INVESTIGACIÓNS

HISTORIA DAS INVESTIGACIÓNS.

As fontes clásicas xa facían referencia ós poboadores do NO. peninsular. Autores coma Estrabón, Plinio, Ptolomeo, Floro ou Mela recolleron, na súa época datos interesantes, esencialmente no aspecto xeográfico.

En períodos posteriores, outros eruditos fornecen informacións diversas referidas a xacementos arqueolóxicos. Un exemplo sobranceiro pode ser o Padre Sarmiento nas súas viaxes a Galicia (1745 e 1754-55). No s. XIX outros persoeiros destacados da cultura galega tamén aluden a esta temática e tamén ó mundo castrexo.

No presente capítulo, aínda que habería máis, ímonos centrar só nos traballos máis relevantes que abordan somentes o tema da cultura castrexa, tanto en Galicia coma no Norte de Portugal, prescindindo dos demais.

Os primeiros traballos de escavación nun xacemento castrexo galego desenvólvense no castro de Zoñán (Mondoñedo) por parte de José Villaamil y Castro, que foi un dos pioneiros da arqueoloxía galega, nos anos sesenta do s.XIX, ademais deste levou adiante pescudas noutros asentamentos da mesma cultura na provincia de Lugo. Dentro do bo número de publicacións que saíron á luz da súa autoría, destacan varios artigos: “Adornos de oro encontrados en Galicia” (1874), “Armas y utensilios y adornos de bronce recogidos en Galicia”(1875) e “Los castros y las mámoas de Galicia”(1877), nos que estuda a ergoloxía dos xacementos investigados por el mesmo e aparecidos no *Museo Español de Antigüedades*.

Na obra *Poblaciones, monumentos y caminos antiguos del Norte de la provincia de Lugo* (1874), comentou a ubicación dos poboados romanos e prerromanos e en *Productos de la metalurgia gallega en tiempos remotos* (1906-1907) analizaba as pezas da Colección Blanco-Cicerón, hoxe no Museo Provincial de Lugo (Acuña Castroviejo, 1996b).

Unha das primeiras publicacións, nun sentido amplo, que saíu á luz sobre os castros galegos é a obra de Federico Maciñeira *Castros Prehistóricos de Galicia*

(1897) e logo temos *Protohistoria. Los castros gallegos* de Ángel del Castillo (1907). Calculaba a súa cifra en torno ós 5.800, un pouco esaxerada para as cifras coñecidas hoxe. Coidaba que este tipo de xacementos serían fortalezas (Acuña Castroviejo, 1996b).

Estes primeiros traballos hai que valoralos nun senso positivo, pois no seu momento foron grandes avances no tocante á catalogación e inventario do noso patrimonio arqueolóxico, xa que antes pouca cousa se coñecía con certeza.

Fóra da Galicia actual pero no mesmo ámbito xeográfico, histórico e cultural no N. de Portugal un pioneiro foi F. Martins Sarmento que escavou en Briteiros e en Sabroso. Trátase, xunto con J. Leite de Vasconcelos (este publica *Religioes de Lusitania* no 1897), dunha das máximas autoridades no que se refire á cultura castrexa no N. de Portugal, nos finais do s.XIX.

No 1877 celébrase a *Conferencia Citaniense* e no 1880 en Lisboa o *IX Congreso Internacional de Antropología e Arqueología Pre-Históricas*; os congresistas visitan a citania de Briteiros e coñecen a labor de Martins Sarmento. Outros investigadores formados con el van seguir a súa estela nas pescudas catalogando e escavando gran cantidade de xacementos castrexos. Isto podémolo enmarcar a finais do s.XIX e inicios do s.XX (Martins, 1990).

Entre as institucións máis senlleiras destaca a fundación da *Sociedad Arqueológica de Pontevedra* en 1894 por Casto Sampedro, na que salientarán varios intelectuais, será a antecesora do futuro Museo Provincial de Pontevedra fundado no 1928. Catro anos despois fórmase a *Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense* que editará o seu propio Boletín. Tamén a *Real Academia Gallega* (1905) no seu Boletín dará a coñecer datos arqueolóxicos.

Un fito para o coñecemento do noso pasado acontece no ano 1913, cando se localizan os primeiros restos arqueolóxicos no poboado de Santa Trega, ó abrir unha pista ata o cumio do devandito monte, que ten 341 m. de altitude. O xacemento atópase a partires da cota dos 200 m. As escavacións van ter catro épocas. Agora só mencionaremos as máis antergas.

No 1914, Ignacio Calvo Sánchez inicia os traballos que se desenvolven ata o 1923. Publicará os resultados dos mesmos e as conclusións ás que chega. A segunda xeira de traballos no xacemento corre a cargo de Cayetano de Mergelina entre os anos 1928-1933. Trátase dende aquela dun lugar senlleiro na arqueoloxía galega, xa que no ano 1914 fúndase un Museo monográfico, que nun principio instálase na vila da Guarda. No 1953, inaugurarase o Museo no cumio do Monte Trega co gallo da visita dos asistentes ao *III Congreso Nacional de Arqueoloxía*, celebrado en Galicia (Dorribo; Reboredo, 2000).

No ano 1923 fúndase o *Seminario de Estudos Galegos*. Este feito supón un pulo considerable nos traballos de pescuda no que atingue á Arqueoloxía no noso país, malia ós medios limitados, pero grazas ó tesón dos membros desta institución e da Xeración Nós.

Hai que destacar que nese mesmo ano F. López Cuevillas publica en "NÓS"(Nº15) un breve artigo co título de "Intento de catalogación dos castros galegos", no cal lanzaba a idea de facer nun futuro cercano traballo de campo. No 1925 publica na mesma revista "A Idade do Ferro na Galiza". Este autor será o referente da arqueoloxía galega entre os anos vinte e sesenta do s.XX.

Ilustración 2.1 - Portada Revista "NÓS".

Dentro deste eido recollen todo o publicado ata a época en *Bibliografía da Prehistoria galega* **(**López Cuevillas; Bouza Brey, 1927). Ademais, artellan unha terminoloxía arqueolóxica (Bouza Brey, 1926) para as catalogacións que coidan facer no futuro. Finalmente tamén publican un estado da cuestión (López Cuevillas; Bouza Brey, 1929): *Os Oestrimnios, os Saefes e a Ofiolatría en Galiza.*

Nesta época, destacan en Portugal os traballos de Mendes Correia (1924;1928) que sintetiza e recolle todo o coñecido sobre a Idade do Ferro do Noroeste portugués.

Entre os anos 1927 e 1933 o Seminario de Estudos Galegos, en concreto a súa sección de Prehistoria, publica na Revista "NÓS" o *Catálogo dos Castros Galegos*.

As cinco bisbarras estudadas foron as seguintes: *Val de Vilamarín* (1928), *Terra de Celanova* (1928), *Terra de Carballiño* (1930), *Bisbarra de Melide* (1931) e *Terra de Lobeira* (1933).

No ano 1936 rematárase o estudo dos castros da bisbarra de Lalín, pero quedou inédito (Bouza Brey, 1940-41).

Pola súa importancia no desenvolvemento posterior doutros traballos cómpre enumerar os fitos que se marcaban nas catalogacións realizadas polo SEG:

a/ Determinar a localización xeográfica dos castros que presentan obras defensivas.
b/ Determinar a localización de certos lugares, que levando aquel nome, non ofrecen vestixios de fortificación e conservan só lembranzas folclóricas contos, lendas, celebración de folións ou romaxes, etc.).
c/ Recollida de todos os datos relativos á forma, mensuras, xeitos defensivos, situación, obxectos asoellados e referencias bibliográficas de cada unha das estacións estudadas.
d/ Acadamento de novas respeito a mámoas, acochos, achádegos soltos e restos de interese arqueolóxico de toda caste, que existan ou teñan aparecido nas veciñanzas dos castros.
e/ Recollida do folclore localizado en cada recinto castrexo.

O Catálogo dividiríase en seccións que corresponderían, na medida do posible a bisbarras naturais e os datos relativos a cada estación repartiríanse baixo os epígrafes seguintes: defensas, mensuras, observacións, folclore e bibliografía. Tamén terían documentación gráfica (croquis con planta ou cortes, sempre que houbese obras defensivas, debuxos ou fotografías). Tamén indicarían outros xacementos romanos ou prerromanos da zona *(“NÓS”* nº46, 1927).

O SEG nestas cinco bisbarras estudou un total de oitenta castros. Nestes traballos participaron Florentino López Cuevillas, Antonio Fraguas Fraguas, Fermín Bouza Brey, Sebastián González-García Paz, Xaquín Lorenzo Fernández, Vicente

Risco, Arturo Noguerol, Arturo Suárez, Leuter G. Salgado, Alfonso V. Monxardín, Álvaro de las Casas, Xosé Ramón Fernández Oxea, Antón Lousada, etc.

Estas catalogacións foron o primeiro intento serio a nivel científico de catalogar os castros galegos, estivo vixente este modelo ata os anos 70-80 do século XX. Logo a partir deles virán novas fichas para rexistrar os datos recollidos. Os resultados foron moi bos para os limitadísimos medios cos que contaban.

Desta época datan, entre outras, as primeiras escavacións no castro de San Cibrao de Lás (San Amaro-Punxín) entre 1922-1925 a cargo de López Cuevillas e Vicente Martínez-Risco ou as do castro de Troña (Ponteareas), entre os anos 1927-1930 dirixidas por Luis Pericot e López Cuevillas. Tamén paga a pena destacar a campaña de 1933 no castro de Baroña dirixida por Sebastián González-García Paz, que nesta época tamén escavou en Borneiro.

Ilustr. 2.2 – Foto de F. López Cuevillas (Eds. Istmo-1988)

Daquela, na zona portuguesa, desenvólvense tarefas de catalogación, pero de menor envergadura que en Galicia como é o caso de Abel Viana (a finais dos anos vinte e inicios dos trinta do s.XX) no Alto Minho, Albano Belino (1909) e Carlos Teixeira (1936) na zona de Braga. Un pouco máis antigas son as de Félix Alves Pereira na área de Arcos de Valdevez (entre 1885 e 1914). En Tras-os-Montes son as máis importantes as de Pereira Lopo (entre 1896 e 1920) e Francisco Manuel Alves (1934) (Martins, 1990).

Agora haberá unha forte relación con Portugal, onde se traballa en varios xacementos: Carvalhelhos (Santos Junior), Sanfins (do Paço), Briteiros (Mario Cardozo), etc. A partir dos anos vinte en Portugal o arqueólogo máis destacado do mundo castrexo é o mencionado Mario Cardozo.

O devandito autor publica gran número de traballos relativos á área portuguesa. As temáticas son do máis variado: plástica, ourivería, arquitectura

doméstica, arquitectura defensiva dos castros, metalurxia, vidros, cerámica, monumentos con forno, etc.

Débense engadir neste relatorio as publicacións de Félix Alves Pereira sobre os achados de Briteiros ou de Rui Serpa Pinto que, baseándose nas campañas realizadas en Terroso, fai unha síntese sobre os castros do Norte de Portugal (1932). Tamén destaca, uns anos despois, Jorge Dias no que atingue ás características da arquitectura castrexa e á "Cultura Castrexa".

Despois da Guerra Civil trónzanse as prósperas investigacións do SEG e pasan a mellor vida os esforzos colectivos anteriores.

Unha primeira luz entre tanta escuridade foi o traballo de F. Bouza Brey "Castros de la comarca compostelana" (*Archivo Español de Arqueología, XIV*, 1940-41). Segue as normas do Seminario de Estudos Galegos neste artigo no que, aínda que só recolle cinco xacementos (San Marcos, Formariz, do Eixo ou Santa Lucía, Figueiras e Lamiño) supón tamén unha referencia ata os anos 70-80 do s.XX. A vixencia das fichas destes pioneiros da arqueoloxía do noso país durante tanto tempo por algo sería. Evidentemente pola súa calidade.

No ano 1944, créase o *Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos*, no que se integrarán algúns persoeiros do desaparecido Seminario. Fundan unha nova publicación, neste caso os *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Bouza Brey publica un novo traballo de campo "Castros de la comarca de La Estrada", nese mesmo ano no NºI da devandita publicación, no que recolle cinco castros desa zona (Castro Loureiro, Castro de Matalobos, Castro de Trasmonte, Castro de Ribela, Castro de Guimarei).

A estas alturas tamén hai campañas de escavación coma as do castro de Cameixa (1944-46) dirixidas por F. López Cuevillas e X. Lorenzo Fernández. (*Castro de Cameixa. Campañas 1944-46,* Xunta de Galicia, 1986).

No ano 1953, Florentino López Cuevillas e Antonio Fraguas Fraguas presentan no *III Congreso Nacional de Arqueología*, celebrado en Galicia a ponencia "Los castros de la Tierra del Saviñao", no cal estudan un total de trinta e dous

xacementos castrexos. Os traballos de campo nesta área, aínda que se deron a coñecer agora desenvolvéranse entre os anos 1928 e 1935. No seu comezo recibiu subvencións da "Comisión de Estudios en Galicia", que funcionaba dentro da "Junta de Ampliación de Estudios" de Madrid. Na parte final deste traballo desenvolven unha serie de consideracións arqueolóxicas: número de castros, emprazamentos, forma e tamaño, defensas, as portas, abastecemento de augas, a habitación, obxectos atopados, proximidade dos castros con outros xacementos arqueolóxicos. Remata cunhas consideracións folclóricas en torno a tres temas recurrentes: o día e a noite, serpes que voan, o pobo acuático dos xacios (habitantes dos pozos do río Miño).

A celebración nese ano (1953) do devandito *III Congreso Nacional de Arqueología* permitiu espallar e dar a coñecer a situación da arqueoloxía galega. Isto foi positivo para o desenvolvemento de novos traballos de pescuda. Nese ano publica Porto y Cía (en Santiago de Compostela) a obra cumio por excelencia de Florentino López Cuevillas no eido da arqueoloxía do noso país *La civilización céltica en Galicia* (reeditouse no 1988).



Ilustr. 2.3 – Portada de *La civilización céltica en Galicia (*1953)

Outra catalogación dunha nova bisbarra galega é a que fai M. Rubén García Álvarez no 1953 "Castros de un valle gallego. Los del Ribero de Avia (Ourense)"(*ZEPHYRVS IV*). O traballo de campo faino entre 1948 e 1952 e cataloga un total de catorce castros. No mesmo fai unha análise da hipotética poboación da área de estudo seguindo as pautas do SEG.

No ano 1954, Maluquer de Motes publica "Pueblos celtas" na *Historia de España* dirixida por Menéndez Pidal. Neste completo traballo o autor analiza, dun xeito amplo, esta cultura. Baseouse, en gran parte, na obra de Cuevillas.

Logo no 1959, Antonio Blanco Freijeiro (natural de Marín - provincia de Pontevedra), que daquela impartía a súa docencia na Universidade de Sevilla, publica un traballo de síntese no *Iº SYMPOSIUM DE PREHISTORIA DE LA PENÍNSULA*

IBÉRICA titulado “La cultura castreña”. No mesmo fai un resume histórico no que fala da orixe, estrutura social e familiar dos galaicos, elementos da cultura material, relacións exteriores, fontes, cronoloxía e remata cunha recapitulación e tarefas máis urxentes a levar a cabo para un mellor coñecemento desta cultura.

Neste período, ademais de diversas escavacións, as investigacións sobre o castrexo centraranse noutros aspectos, como poden ser a ourivería (López Cuevillas, 1950 e 1951; Blanco Freijeiro, 1957) ou na escultura (Taboada Chivite, 1965).

Outra catalogación importante desenvolveuna Antonio Fraguas Fraguas no seu traballo “Castros de la comarca lucense” (*CEG XVII*) no 1962. Nesta pescuda estuda un total de doce castros. Nas fichas recolle os seguintes datos: emprazamento, acrópole, defensas, dimensións, observacións e achádegos e, por último, as lendas. Ademais engade cadanseu croquis.

A estas alturas hai que mencionar no Norte de Portugal as catalogacións de Irisalva Moita (1962 e 1971) e a Leandro Quintas Neves (1965) na rexión do Alto Minho.

Os numerosos datos acumulados serviron para caracterizar este tipo de hábitats. Pero hai unha eiva, ás veces compáranse datos de estacións diversas, en moitas ocasións escavadas non precisamente dun xeito moi científico. O frecuente era que as escavacións se efectuasen dun xeito aillado e puntual. Nalgún caso, só se traballaba nos niveis superiores, os máis recentes e non nos máis antigos.

A partir dos anos setenta adquire un novo pulo a “Sección de Arqueoloxía” do *Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos* con Bouza Brey como cabeza visible. Tamén a chegada do profesor Alberto Balil á Universidade de Santiago de Compostela foi unha nova positiva para esta institución.

Daquela renace o interese polos castros en Galicia e no Norte de Portugal, non só no que atingue a escavacións, senón que tamén se ve unha renovación metodolóxica. Agora adquiren importancia as cuestións evolutivas do castrexo.

No 1975, Maluquer de Motes publica "Formación y desarrollo de la cultura castreña" nas *Iª Jornadas de Metodología Aplicada de las Ciencias Históricas*, celebradas en Santiago de Compostela e dous anos despois "El mundo indígena del Noroeste hispánico antes de la llegada romana", publicado nas *Actas del Coloquio Internacional sobre el Bimilenario de Lugo.* No 1977 celébrase en Lugo o *XV Congreso Nacional de Arqueología*, que igual que acontecera co de 1953 axudou a coñecer mellor a realidade da arqueoloxía galega daquela época.

Sairá unha nova xeración de arqueólogos galegos das aulas universitarias, grazas á creación dunha especialidade en Prehistoria e Arqueoloxía. Incluso agora a labor dos museos é digna de mención e tamén a colaboración dunha serie de persoas interesadas na materia. Reanúdanse os traballos de escavación en castros investigados había anos e inícianse noutros novos: O Neixón, Borneiro, Baroña, Troña, Viladonga, Vigo, Castromao, Elviña, Penalba, Sta. Trega, Torroso, Fazouro, etc. Incluso se empezarán a consolidar as construcións e estruturas que aparecen.

Agora intensificaranse os contactos científicos con Portugal. Celébranse xuntanzas periódicas nas dúas beiras do Miño (Seminarios de Arqueoloxía do Noroeste Peninsular) nos que se comentan os avances e novas informacións.

Coas novas escavacións pódese constatar unha cronoloxía moi antiga para algúns castros que situarían as súas orixes no Bronce Final Atlántico. Hai tentativas de sistematización da cerámica, os restos líticos ou a metalurxia, para lograr avanzar nos coñecementos.

Tamén os estudos sobre aspectos da economía, a partir de análises variadas (paleobotánicas, palinolóxicas, osteolóxicas, edafolóxicas, malacolóxicas,…). Incluso se poden establecer áreas culturais diferenciadas dun xeito fiable.

Vanse formular varias hipótesis no tocante á cronoloxía e periodización da "Cultura Castrexa": Maluquer de Motes (1975), Acuña Castroviejo (1977), Fariña Busto (1983), Almeida (1983), Silva (1983-84 e 1986), Martins (1990), Peña Santos (1992) (Peña Santos, 1992b e 2003a).

Daquela publícanse investigacións en torno á arquitectura (Romero Masiá, 1976). Ademais saen á luz sínteses sobre o estado da cuestión (Acuña Castroviejo, 1977; Arias Vilas, 1984). Estúdanse áreas senlleiras pola súa importancia no tocante á minería do ouro, como é o caso do Courel (Luzón et alii, 1980) ou analízanse as informacións coñecidas (Pereira Menaut, 1983). Deste período é a obra do xeógrafo francés Abel Bouhier (Bouhier, 1979, reeditada en galego no 2001) sobre Galicia, na que, entre outros temas, aborda o fenómeno castrexo.

Nos anos oitenta irá a máis a actividade investigadora grazas á Universidade de Santiago de Compostela. Daquela prodúcese o traspaso de competencias ás CC.AA., neste caso á Xunta de Galicia, feito que precisamente non foi moi positivo neste eido. No 1986 inaugurouse o Museo do Castro de Viladonga (Castro de Rei-Lugo) grazas á iniciativa da administración central, sendo o único do seu tipo digno de visitar en Galicia. No 1987 inaugúrase oficialmente o Museo Arqueolóxico e Histórico do Castelo de San Antón (A Coruña).

Ó pouco tempo, a principios dos noventa, paralízanse os traballos de escavación que se estaban a desenvolver nunha serie de xacementos do noso país.

Pasarase a primar a chamada arqueoloxía de xestión (urxencias, obras públicas, etc.) en detrimento da arqueoloxía de investigación cuns resultados nefastos neste eido. Non se publican case datos das intervencións que se realizan, co cal non se avanzou no nivel de coñecementos do pasado máis antergo da nosa terra.

Tamén citaremos varias obras sobre Historia de Galicia que adican os seus respectivos capítulos á cultura castrexa: *El mundo castrexo y romano* (Ed. Hércules, Tomo I, Acuña Castroviejo, F. e Vázquez Varela, J.M.-Dirs., 1991); ou dúas obras de *Historia de Galicia* (Ed. Alhambra, 1982 e Ed. A Nosa Terra, 1991) e a obra de F. Calo Lourido: *A cultura castrexa* (1993).

Débense mencionar pola súa importancia o traballo de Otilia Prado Fernández sobre *A aportación do Seminario de Estudos Galegos á Arqueoloxía* que obtivo o Premio Ferro Couselo (Concello de Valga, 1996) ou o de Fernando Pereira González

"Unha contribución ó estudo da historia da arqueoloxía galega (1800-1922)", publicado na *Revista Gallaecia Nº 14-15* (1996).

As sínteses máis recentes son as de L.X. Carballo Arceo: *Os castros galegos* (2000) e A. de la Peña Santos: *Galicia. Prehistoria, castrexo e primeira romanización* (2003).

Cómpre referirse neste relatorio a compendios de terminoloxía como é o caso do *Diccionario de termos de Arqueoloxía e Prehistoria* (Romero Masiá, A. e Arias Vilas, F., 1995).

No ámbito da arqueoloxía galega débense citar outros traballos de catalogación referidos a diversas épocas como é o caso da arte rupestre, moi importante na zona de estudo da presente tese. Como exemplos destacamos *Corpus petroglyphorum Gallaeciae* (Seminario de Estudos Galegos, 1935) de Ramón Sobrino Buhigas, *Los petroglifos gallegos* de A. de la Peña Santos e J.M. Vázquez Varela (1979) ou *Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra* de Alfredo García Alén e A. de la Peña Santos (Fundación Barrié de la Maza, 1980).

Máis recentes son estudos sobre a cultura castrexa de diversas áreas de Galicia. Dúas teses pioneiras foron *O poboamento castrexo na rexión occidental da provincia da Coruña* de X. Agrafoxo Pérez (1989) ou *A cultura castrexa na comarca do Deza* de L.X. Carballo Arceo (presentada no mesmo ano e publicada no 2002), dirixidas polo profesor J.M. Vázquez Varela. Outro traballo importante é o de M. Xusto Rodríguez sobre *Territorialidade castrexa e galaico-romana na Galicia suroriental: a Terra de Viana do Bolo* (1993). Nesta enumeración citaremos a tese de C. Parcero Oubiña sobre *La construcción del paisaje social en la Edad del Hierro del Noroeste Ibérico* (2002), para o que analiza, empregando unha metodoloxía moi persoal e discutible, tres "zonas": Campo Lameiro, Friol e A Coruña.

En Portugal tamén se levaron a cabo traballos de investigación e catalogación de diversas áreas xeográficas: Coelho Ferreira da Silva no Noroeste de Portugal (1986), Brochado de Almeida na bacía inferior do Lima (1990), Manuela Martins na bacía do curso medio do Cávado (1990), Sande Lemos estudou o povoamento romano

de Tras-os-Montes oriental (1993). Tamén se deben citar pola importancia das súas investigacións Queiroga ou Alarçao.



Ilustr. 2.4 – Portada de *Protohistoria e Romanizaçao da bacia inferior do Lima* (C. A. Brochado de Almeida -1990)

Ademais, fóra da Galicia actual, hai investigacións interesantes sobre a cultura castrexa, servindo como exemplos os casos de Asturias (Fanjul Peraza, A.; Menéndez Bueyes, L.R., 2004 …), León ou o NO. de Zamora (Esparza Arroyo, 1986).

Máis recentes son varias guías divulgativas para visitar xacementos arqueolóxicos, algunha delas exclusiva para o castrexo (Dorribo Cao, J.R. ; Reboredo Tajes, M.: *Guía dos castros de Galicia*, 2000/ Barciela Garrido, P.,; Rey Seara, E.: *Xacementos arqueolóxicos de Galicia*, 2000/ Carballo Arceo, L.X.: *Arqueoloxía de Galicia. Itinerarios polo pasado*, 2006/ VV.AA.: *Guía de castros de Galicia e Noroeste de Portugal*, 2006).



Ilustr. 2.5 – Portada de *O povoamento proto-histórico e a Romazaçao da bacia do curso medio do Cávado. (M. Martins – 1990)*

Tamén se debe incluír neste apartado a tese doutoral de Alfredo González Ruibal sobre *Arqueología del primer milenio a.C. en el noroeste de la Península Ibérica* (2003), publicada co título: *Galaicos. Poder y comunidad en el Noroeste de la Península Ibérica (1200 a.C.-50 d.C.)*(2006-2007).

Polo de agora, a tese máis recente, que fai unha análise dunha área da nosa xeografía é a de Abel Vigo García : *Protohistoria e Romanización na Mariña Lucense. Un caso práctico: o castro de Zoñán* (2007).

Antes de rematar, hai que dicir que nos primeiros anos do s.XXI iniciáronse ou reanudáronse as escavacións sistemáticas nalgúns xacementos: Zoñán, O Facho de Donón, O Neixón Grande e O Neixón Pequeno, Montealegre, Santomé, Elviña, Castrolandín, Pena Redonda, etc. Incluso se van adecentar e sinalizar unha serie de

castros relevantes polo seu tamaño e polas súas características particulares en toda Galicia.

· POBOADOS CASTREXOS INVESTIGADOS NAS DÚAS BACÍAS.

Imos comentar brevemente os traballos arqueolóxicos desenvolvimos nos escasos castros nos que se levaron a cabo intervencións nas dúas bacías estudadas na presente tese. Redúcense a catro castros: Penalba (nº18), As Croas (nº43), Pena Redonda (nº54), A Peneda do Viso (nº69). Ademais disto fíxose na periferia do Coto do Castro (Viascón) (nº32) un control arqueolóxico co gallo do paso do oleoduto A Coruña-Vigo.

Ilustr. 2.6 – Casa nº1 - Pena Redonda. Escavacións do 2003. (Facilitada por A. González Ruibal).

No poboado de **Pena Redonda** (nº54), tamén coñecido por "Chan das Pipas", apareceran en "traballos non arqueolóxicos" materiais tanto da I (ss.VIII-V a.C.) coma da II Idade do Ferro (ss.IV-I a.C.). No 2003 foi a única campaña arqueolóxica que se realizou nel dirixida por Alfredo González Ruibal. Escaváronse dúas cabanas circulares que se viran afectadas no pasado pola acción dos furtivos. Os materiais atopados constatan unha ocupación que chega ata fins do s.II - inicios do s.I a.C. (González Ruibal, 2004; 2005b; 2006-07), é dicir, ata comezos da Fase III. A súa superficie non supera as 0´4 Has.

Trátase dun poboado cando menos curioso, xa que o seu perímetro carece, aparentemente, dun sistema defensivo consistente. No seu sector máis vulnerable ten un muro defensivo. Atópase no cabo dunha penichaira e logo a aba descende con fortes desniveis ata o río Oitavén, onde se ubica o castro de Gaxate (nº53). Non moi afastado deste emprazamento apareceu o torques do río Oitavén en Ponte Vilán (López Cuevillas, 1951) na década dos anos dez do s.XX cunha cronoloxía da I Idade

do Ferro (ss.VIII-V a.C.). Este dato xunto coa existencia de petroglifos e mámoas no entorno próximo constata un poboamento dende antigo no lugar.

Entre outros, hai dous elementos destacables neste poboado, segundo a nosa opinión. O primeiro é a existencia de arquitectura en pedra xa durante a I Idade do Ferro nun xacemento interior, próximo á Dorsal Galega. O outro é a aparición dunha doa oculada púnica datable, pola súa tipoloxía, nos ss.VI-V a.C.

O achado de materiais foráneos nunha época tan antiga nun castro do interior cadra coa idea citada noutro apartado do presente estudo da existencia dun comercio ó longo das bacías dos ríos principais para intercambiar cos produtos fornecidos pola actividade mineira nas súas cabeceiras, neste caso o estaño.

O problema que ten este xacemento é o seu actual estado de abandono, malia non pasar moito tempo dende a súa escavación. Actualmente (2008), parte da súa superficie, ademais da chan que o rodea, están afectadas por unha repoboación forestal de piñeiros. Ademais o mato de grandes dimensións invade, non só as estruturas escavadas, senón tamén o resto do poboado. O estado de total abandono dos xacementos castrexos escavados é un serio problema que a administración debería solventar o antes posible para evitar a súa desfeita.

Outro castro escavado na nosa área de estudo é **As Croas** (nº43), ubicado no treito da Depresión Meridiana entre as bacías do Lérez e Verdugo, por onde flúe o río Tomeza ou dos Gafos, en dirección S-N., ata desembocar na ría de Pontevedra. Durante uns traballos de acondicionamento da zona no ano 1991 apareceron uns restos, logo no 1992 fixéronse uns sondeos valorativos dirixidos por Víctor Barbi Alonso. Constatouse a existencia dun poboado castrexo da fase de formación desta cultura con parellos cos de Penalba ou Torroso. A súa superficie está en torno a unha hectárea e o castro consta de croa e unha terraza concéntrica.

Ilustr. 2.7 – As Croas. Cara interna da muralla. Campaña 1993 (A. de la Peña Santos).

No ano 1993 desenvolveuse a única campaña de escavacións dirixida por Antonio de la Peña Santos, arqueólogo do Museo de Pontevedra. Ao abeiro dos datos fornecidos por esta intervención trataríase dun castro dunha época antiga dentro desta cultura. Podería ter a súa orixe na fase formativa do castrexo ou na transición Bronce-Ferro. A súa cronoloxía estaría en torno ós ss VII-VI a.C (Peña, 2000).

Este castro abandonouse cando aínda estaba en fase de construción, cousa que se comproba na súa muralla que ten un aparello ciclópeo de granito e uns dous metros de ancho. Constatouse a existencia dunha especie de torreón que tería influxo mediterráneo, concretamente púnico (González Ruibal, 2006-07). Neste poboado, datado na fase inicial do castrexo, constátase tamén a existencia de arquitectura de mampostería (cachotería) tanto defensiva coma doméstica. Un rasgo característico dos inicios do castrexo é a ausencia de cimentación, cousa que se comproba nas estruturas escavadas aquí. As vivendas exhumadas son de planta circular.

Os materiais cerámicos son de perfil sinuoso con fondo plano e borde liso con beizo plano. Predominan, no que atingue á decoración, as bandas incisas de tema xeométrico e os mamilos e cordóns aplicados. Tamén se atoparon restos de muíños planos de vaivén, anacos dun recipiente de bronce remachado e unha conteira cónica do mesmo metal.

No que atingue ó estado de conservación deste castro hai que dicir que boa parte da croa está arrasada por traballos de explanación. A área escavada está ben conservada aínda que debería limparse o entorno de cando en vez, ademais de sinalizar e poñer algún panel informativo para os visitantes. Está ben escavar, pero tamén hai que protexer e dar a coñecer o noso patrimonio.

Ilustr. 2.8 – A Peneda do Viso. Vista xeral dende o N.

Outro castro, moi citado na bibliografía, do que temos datos por intervencións e achados é **A Peneda do Viso** (nº69), emprazado moi perto da desembocadura do río Verdugo e do fondo da ría de Vigo, áreas que domina polo seu emprazamento nun monte moi destacado en relación ó entorno.

O Museo de Pontevedra, no que se conservan moitos materiais (algúns dos cales pertenceron á colección dun anticuario de Arcade, D. José Solla), fixera unha prospección previa no 1950. Máis adiante, no 1960, cando se abriu a estrada que sube ata o cumio do monte que afectou ó concheiro, neste atopáronse diversos obxectos. Entre eles hai: machados de pedra pulimentada, machados de talón dun ou dous aneis, un coitelo afalcatado de bronce, unha moeda da "caetra" romana (s.I a.C.), fíbulas, ánforas romanas (s.I d.C.), puntas de lanza, muíños naviculares, un anzó de cobre, reixas de arado, etc (García Alén, 1970; García Rollán, 1974; Caamaño, 1979b; Fariña e Arias, 1980).

Apareceron vestixios materiais neste poboado cunha cronoloxía do Bronce Final, da Idade do Ferro e de época romana (García Rollán, 1974). Debido ó seu tipo de emprazamento moi conspicuo nun coto elevado perto da costa, controla tanto o fondo da ría de Vigo coma o tramo final do río Verdugo. Trátase dun poboado de tipo C. Polos datos que temos pódese afirmar que foi un punto clave a onde chegarían os comerciantes foráneos, maiormente púnicos e logo romanos. Sería un lugar estratéxico dende o que se redistribuirían os produtos froito das relacións comerciais co exterior polos castros próximos á costa e posiblemente por toda a bacía do Verdugo-Oitavén.

Neste castro foi moi importante o aproveitamento dos recursos mariños, tanto a pesca coma o marisqueo. Grazas a esta actividade capturaban especies propias da zona intermareal que se obteñen de fondos fangosos e areosos. Daquela non deberon coñecer técnicas específicas para aproveitar os moluscos de augas máis fondas. A case totalidade dos restos conservados no devandito concheiro son de moluscos bivalvos (ameixa fina, navalla rugosa ou longueirón, ostra común e mexillón), aínda que tamén apareceron indicios de moluscos gasterópodos (lapa e caramuxo) (Vázquez Varela, 1977).

No concheiro tamén se atoparon restos osteolóxicos (cocho e vaca) e landras carbonizadas (García Rollán, 1974). Isto indica que as actividades agropecuarias e a recolleita de froitos silvestres tamén foron fundamentais neste castro costeiro. A existencia, entre outros obxectos, de restos de muíños naviculares indica a máis que probable existencia do cultivo de cereais. A Peneda do Viso trátase dun castro no que

se desenvolveron todo tipo de actividades para garantir o sustento alimenticio. Isto pódese afirmar debido ós restos aparecidos neste poboado.

A aparición de diversos obxectos metálicos e incluso escouras de ferro e moldes de fundición tamén constatan a actividade metalúrxica neste poboado castrexo.

Na aba SO. vense restos da muralla que tería uns dous metros de ancho ergueita a base de pedras de gran porte, dispostas en dúas ringleiras cun recheo de terra e cachotes. Apareceron restos de tres vivendas circulares onde remata a estrada de 3´30, 3´60 e 4´60 m. de diámetro a base de cachotería e de 45 a 65 cm. de grosor (García Rollán, 1974).

Non se pode falar de intervencións arqueolóxicas propiamente ditas, senón de achados soltos e casuais. Parte dos variados obxectos aparecidos na Peneda do Viso localizáronse ó desenvolver traballos de cantería no cumio do monte (García Alén, 1970) polo que están descontextualizados.

A Peneda do Viso pode tratarse dun castro de fundación temperá en alto. Nun principio non habería estruturas delimitadoras do espazo. O límite norte deste tipo de castros antigos cun emprazamento semellante chegaría ás bacías do Lérez ou do Sil (González Ruibal, 2006-07).

Os restos materiais atopados constatan unha cronoloxía moi antiga que iría, cando menos, de fins do s.IX-comezos do s.VIII a.C. ata o s.I d.C. (González Ruibal, 2006-07). Aparecen materiais do Bronce Final en castros da I Idade do Ferro coma na Peneda do Viso e a súa ocupación iría ata finais do s.I d.C. Boa parte dos seus materiais cerámicos teñen unha cronoloxía entre os ss. IV-II a.C. (García Rollán, 1974). Os castros costeiros cunha función comercial, como é este caso, tiveron unha época de esplendor nos comezos da romanización no cambio de Era (Naveiro, 1991), aínda que non tardaron moito en deshabitarse.

Proliferan por toda a costa dende o Douro ata o Verdugo-Oitavén castros que deberon ser lugares centrais que tiñan unha función comercial relevante e A Peneda

do Viso sería un deles, pero a súa función política sería limitada ou non existiría. Atopáronse grandes cantidades de ánforas e materiais de importación cunha cronoloxía entre os ss.II a.C.- I d.C., aínda que tamén hainos máis antigos, como por exemplo un coitelo afalcatado de bronce de orixe mediterránea, neste caso púnica e a súa datación oscilaría entre os ss.VIII-VI a.C., que constatan as relacións con comerciantes foráneos, tanto púnicos coma romanos.

Aínda que A Peneda do Viso non se escavou dun xeito sistemático, grazas ó estudo dos abundantes achados aparecidos debido ás obras da estrada de acceso ó monte e ós restos atopados casualmente sabemos que se trata dun poboado castrexo moi importante que estivo habitado durante toda a Idade do Ferro e ata a romanización (fins do s.I d.C.).

Destacou daquela por controlar a parte interna da ría de Vigo e por ter un porto ou fondeadeiro que permitiu a actividade comercial cando menos dende os inicios do castrexo. Sería, polo tanto, un punto de redistribución, cara os castros do interior, de produtos alóctonos chegados coa actividade comercial e aquí embarcaríanse mercadorías autóctonas, seguramente produtos mineiros, neste caso, con toda probabilidade, o estaño, do que debeu haber unha considerable demanda.

Debido á súa importancia compriría que se escavase dun xeito amplo e se consolidasen as estruturas que aparecesen. Malia ás destrucións e alteracións que padeceu pagaría a pena estudalo a fondo.

O outro xacemento escavado nas dúas bacías estudadas é o **Coto de Penalba** (nº18), no concello de Campo Lameiro, no que se desenvolveron seis campañas (1983-88) dirixidas polo arqueólogo Antonio Álvarez Núñez.

O poboado fórmano dous recintos, a croa ten 43 m. de diámetro e o antecastro 101 m. Escavouse un tramo da muralla que delimita o castro no NO. que tería unha dobre función: defensiva e muro de sostén. Consérvase ata uns dous metros de altura, neste caso ata o ras do terreo do segundo recinto. Caracterízase por ter un zócalo nos seus alicerces que tería unha función de reforzo da súa cimentación. Adosado á muralla apareceu un posible bastión semicircular (Álvarez Núñez, 1991).

A muralla levantouse sobre un nivel de ocupación anterior sen restos de estruturas pero con presenza de carbóns, sementes e unha lanza de bronce (Álvarez Núñez, 1986, 1987). A ocupación existente antes da petrificación do castro pode que non fose tan permanente.

A posible fundación do castro de Penalba debeu ser a fins do s.IX a.C. e monumentalizaríase entre os ss.VIII-VII a.C. (Álvarez Núñez, 1986, 1987). Estamos diante dun castro cunha ocupación na fase máis antiga desta cultura, é dicir, na I Idade do Ferro.

Malia ser un castro catalogado, abriron unha pista forestal bordeando a muralla e incluso fixeron a plataforma dun palco a carón da rampla de acceso. Este xacemento xa aparece na bibliografía antiga (Filgueira e García Alén, 1955), entón non poden dicir que se descoñecía a súa existencia. No cumio atópase a capela adicada a San Antón.

Ilustr. 2.9 – Coto de Penalba. Fondo de cabana FCS 88 (A. Álvarez Nuñez, 1991).

As cabanas atopadas caracterízanse polo seu zócalo de pedra e o emprego de materiais perecedeiros na súa construción. Teñen fogares de pedra de perfecta feitura (Álvarez Núñez, 1986) e nun caso destaca un enlousado íntegro de granito cun fogar central (Álvarez Núñez, 1991). No sector que se escavou no recinto inferior do castro (o máis grande) exhumáronse tres cabanas e probablemente unha cuarta na campaña de 1983 (Álvarez Núñez, 1986), nas campañas posteriores (1984, 1985, 1986) atopáronse outras tres máis. Destaca a amplitude do espazo entre as vivendas e a existencia de espazos públicos. Isto indica que a densidade demográfica non debeu ser moi alta.

Tamén se comprobou a existencia dunha entrada acodada a través dunha rampla adosada á muralla. Outro detalle a destacar é a existencia do petroglifo

denominado a Pedra da Serpe na croa do castro, nun sector onde hai afloramentos graníticos e non moi lonxe está a Laxe da Rotea do Mendo. No val medio do Lérez abundan os gravados rupestres. A Cividá (nº29) é outro castro non moi afastado deste (está en San Xurxo de Sacos, Cotobade), xa que se visualiza dende Penalba, que tamén ten no seu recinto un importante petroglifo coñecido polo nome de A Eira dos Mouros. Noutras áreas temos varios exemplos de castros con insculturas rupestres (Troña, Sta. Trega,…). Isto reafirma a existencia dun poboamento anterior no terreo que logo ocuparían algúns castros.

No que atingue á ergoloxía imos citar sucintamente os datos máis relevantes. Apareceu un molde para puntas de lanza tubulares de bronce, do mesmo tipo que as dúas atopadas, isto indica que había actividade metalúrxica no poboado. Do mesmo material achouse tamén un machado de cubo dun anel. Outras ferramentas de produción local son as fouces de ferro.

Os restos carpolóxicos, neste caso sementes de trigo e millo miúdo e a aparición de muíños planos de granito denotan a importancia da agricultura na vida cotiá deste poboado castrexo. Tamén a existencia de restos de landra constata que se practicaba a recolleita de froitos silvestres que ofrece o medio (Vázquez Varela e García Quintela, 1998).

Nos castros anteriores a mediados do s.VI a.C., ó N. da ría de Vigo, vemos unha tradición alfareira propia do interior de Galicia con escasa variedade formal, mínima decoración e economía de preparados superficiais, un exemplo disto pode ser tamén Penalba (González Ruibal, 2006-07).

O comercio exterior tamén deixou probas da súa existencia en Penalba. Os obxectos máis destacados son un coitelo afalcatado de ferro cunha cronoloxía que pode ser do s.VIII a.C. (Peña, 2003b). Precisamente nesta centuria chega o ferro da man dos fenicios ó NO. peninsular, logo da decadencia da metalurxia atlántica (Martins, 1990). Tamén temos contas de colar de pasta vítrea de orixe fenicia (ss.VIII-VI a.C.). Ademais, coa mesma orixe, atopouse unha espiral de fíbula de dobre resorte que puido proceder dun asentamento fenicio do centro ou sur de Portugal. Sen embargo, está ausente a cerámica de importación nesta fase antiga.

O dito anteriormente xustifícase posto que chegan poucos obxectos foráneos ata fins do s.VI a.C. Deste abano temporal só se coñecen unha ducia de castros con produtos de importación (Penalba, Torroso, A Peneda do Viso, etc.). A partir de comezos do s.V a.C. chegan con máis forza os comerciantes ó litoral galaico-portugués (González Ruibal, 2006-07).

Malia a importancia dos achados das seis campañas de escavación desenvolvidas en Penalba, o estado actual das vivendas exhumadas é de total abandono. Incluso nun plan da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia no que se contempla a posta en valor duns vinte castros, non aparece Penalba. A verdade é que descoñezo os criterios para a súa exclusión, pero non me parece lóxico.



Ilustr. 2.10 – Coto do Castro – Viascón. Proposta de reconstrución do xacemento e as súas dúas estruturas de cultivo anexas. (Segundo C. Parcero Oubiña, 2002).

O derradeiro castro que imos mencionar neste apartado é o **Coto do Castro de Viascón** (nº32). Trátase dun castro cun emprazamento típico da I Idade do Ferro (Tipo C) no alto dun coto. Por causa dos traballos de seguimento e control das obras do oleoduto A Coruña-Vigo localizouse na aba NE. deste castro, segundo os seus investigadores, os restos dun *lynchet negativo*, é dicir, un tipo de estrutura de cultivo moi frecuente en sociedades prehistóricas que se orixina indirectamente a través do arrastre e nivelación de terras que provoca nun terreo en pendente o laboreo continuado (Parcero, 1998). Debido a esta actividade unha zona de pendente pasa a ser unha sucesión de dúas pequenas áreas achanzadas.

Este sería un exemplo de estruturas vencelladas á actividade agrícola no entorno dun poboado castrexo. Logo de esmorecer as aldeas abertas da Idade do Bronce, a partir do s.VIII a.C. o castro pasa a ser o único tipo de asentamento permanente no NO. peninsular. As actividades que permitían o sustento dos seus habitantes desenvolvíanse no entorno máis achegado posible do lugar de habitación. A estrutura localizada no Coto do Castro de Viascón sería un exemplo do dito.

No resto dos xacementos castrexos das dúas bacías non houbo ningún tipo de escavación arqueolóxica.

CAPÍTULO 3

METODOLOXÍA

METODOLOXÍA.

O motivo fundamental que me animou a estudar a cultura castrexa dos vales dos ríos Lérez-Almofrei e Verdugo-Oitavén é por tratarse dunha zona non investigada anteriormente no seu conxunto. Referímonos a unha extensa área que abrangue doce concellos, aínda que, nalgún caso, parte da súa superficie queda fóra destas dúas bacías decidimos incluílos ó completo por tratarse de entornos próximos.

Os castros desta tese aséntanse en doce concellos: Forcarei, Cerdedo, Campo Lameiro, Cotobade, Pontevedra, Beariz, A Lama, Pontecaldelas, Fornelos de Montes, Pazos de Borbén, Soutomaior e Vilaboa. Abranguen, sobre todo, unha zona cara o interior na parte meridional de Galicia. Estes dous vales rematan nas rías de Pontevedra e Vigo respectivamente. Na súa cabeceira parten da Dorsal Galega ou Serras Centrais, pero destes aspectos falaremos no capítulo seguinte no que se abordará o marco xeográfico.

No eido da arqueoloxía do noso país cómpre facer estudos de áreas xeográficas delimitadas e non investigadas previamente e non de "zonas" sen un marco xeográfico nidio, como acontece ás veces, sen unha xustificación seria. O importante é basearse nos datos das fichas dos xacementos, aínda que sexan limitados, en vez de divagar sen fundamento botando man de datos que non se corresponden á época estudada.

O que se pretende no presente estudo é dar un coñecemento da cultura castrexa nunha área xeográfica ben delimitada como son as bacías dos ríos Lérez-Almofrei e Verdugo-Oitavén. A xustificación dun título tan longo é que se incorporou ó mesmo o afluente máis importante (Almofrei e Oitavén) de cada un dos colectores principais (Lérez e Verdugo).

O motivo que máis pesou para decidirme a elixila é por ser unha comarca natural e descoñecida na investigación, sen un estudo global. Animoume a facelo o director da miña da tese, D. Fernando Acuña Castroviejo e por ser eu natural dela, en

concreto da parroquia de San Xurxo de Sacos, no Concello de Cotobade, e coñecedor do entorno.

Só houbo algunhas intervencións arqueolóxicas puntuais en castros das que falamos anteriormente (Penalba, A Peneda do Viso, As Croas, Pena Redonda e Coto do Castro-Viascón). Tamén, da miña autoría, é un traballo de investigación inédito dentro dos meus estudos de doutoramento: *Aproximación aos castros dos concellos de Cotobade, A Lama e Pontecaldelas dende un punto de vista espacial* (1995).

Outros arqueólogos xa desenvolveron interesantes traballos deste tipo como é o caso de Carballo Arceo (Deza e Trasdeza), Xusto Rodríguez (Terra de Viana do Bolo), Agrafoxo Pérez (Occidente da provincia da Coruña), Abel Vigo García (A Mariña), Martins (curso medio do Cávado), Brochado de Almeida (bacía inferior do Lima) ou Esparza Arroyo (NO. de Zamora), por poñer algúns exemplos relevantes. A presente tese pretende seguir esa liña.



Ilustr. 3.1 – Portada de *Territorialidade castrexa e galaico-romana na Galicia suroriental: A Terra de Viana do Bolo* (Xusto, 1993).

Ilustr. 3.2 – Portada de *A cultura castrexa da comarca de Deza* (Carballo Arceo, 2002).

Ilustr. 3.3 – Portada de *O poboamento castrexo na rexión occidental da provincia da Coruña* (Agrafoxo Pérez, 1989).

Unha vez delimitada e xustificada a área de traballo pasouse a desenvolver o que podemos chamar traballo de obradoiro.

En primeiro lugar, revisouse a toponimia e a microtoponimia. En boa parte dos casos, cadran con xacementos castrexos, pero noutros non. Nalgún exemplo, pode

haber un desprazamento do topónimo e noutros puido existir pero ser arrasado pola acción humana.

Elaboráronse fichas de lugares que constan no catálogo da Xunta de Galicia e nos que non se conservan estruturas e doutros que non están catalogados, pola morfoloxía do lugar e por existir referencias no folclore. Cabe a posibilidade de ter existido nesas ubicacións un castro. De todos os xeitos son casos moi puntuais.

Os topónimos que aluden a hábitats castrexos, algúns deles dubidosos, na zona de estudo, son variados. Nalgún caso, terían máis dunha denominación, pero á hora de cuantificalas, imos considerar a máis frecuente e xeralizada no entorno. Dun total de setenta e dous, a gran maioría (47) denomínanse Monte do Castro ou Coto do Castro, logo estarían Castelo/Casteliño (4), Coto da Roda/Rodelas (4), Coto da Cerca (3), A Cividá (2), O Circo (2), A Cidade (2), A Croa /As Croas (2) e finalmente Cruz do Castro, Coto do Cristo (os dous debidos á existencia de cadanseu cruceiro), Castro Bo, Pena Redonda, Eira dos Mouros e Castrillón/Coto da Moura dan nome a cadanseu castro.

Houbo algún exemplo que non se tivo en conta por non haber folclore nin restos. Por citar algúns enumeramos os seguintes: Toxeiras do Castro e Castrelo (San Xurxo de Sacos-Cotobade), Castro Toraxe (Loureiro-Cotobade) ou Monte Castelo e Castrovez (Fornelos de Montes).

A cartografía empregada foron os mapas topográficos do MTN do *Instituto Geográfico Nacional* de escala 1:25.000 e 1:50.000. As follas usadas foron as número 121, 152, 153, 185, 186, 223 e 224. Logo tamén se botou man dos 1:10.000 e 1:5.000 da Xunta de Galicia. Ademais, empregáronse as follas número 152,153, 185, 186, 223 e 224 do Mapa Xeolóxico de España do *IGME* de escala 1:50.000. Tamén se usou, para unha visión de conxunto o Mapa Provincial de Pontevedra a escala 1:200.000 do *Instituto Geográfico Nacional*.

Para ilustrar as fichas dos xacementos e para a súa localización recurriuse á fotografía aérea do voo americano de 1956, á de 1980 e á máis recente do SixPac.

Ademais, a maioría das imaxes aparecidas nas fichas son fotos propias. Sacáronse gran número de cada xacemento, pero, finalmente, só se inclúen as máis significativas, nas que se observa algún elemento salientable de cada castro. Un bo número delas, debido ás dificultades da mesta vexetación non foron de moita utilidade.

A vexetación, de considerable tamaño, ou as destrucións existentes na totalidade dos setenta e dous emprazamentos incluídos no presente traballo, levounos a non incluír croquis, pois non serían moi fiables. Preferimos limitarnos ás fotografías aéreas para ver a planta dos castros.

Para a bibliografía realizouse un baleirado das revistas, publicacións periódicas, artigos e publicacións xerais máis importantes, nas que aparecían traballos de interese para a nosa investigación, entre as que mencionamos as máis relevantes:

- El Museo de Pontevedra.
- Pontevedra Arqueológica.
- Castrelos (Revista do Museo Municipal “Quiñones de León” de Vigo).
- Brigantium (Revista do Museo Arqueolóxico do Castelo de San Antón-A Coruña).
- Boletín Auriense (Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense).
- Gallaecia (Revista do Departamento de Historia I-Universidade de Santiago).
- Boletín do Museo Arqueolóxico de Lugo.
- Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo.
- Cuadernos de Arqueología.
- Trabajos de Prehistoria (CSIC).
-TAPA.
- Arqueoloxía/Informes (Xunta de Galicia).
- Arqueoloxía/Memorias (Xunta de Galicia).
- Archivo Español de Arqueología.
- Revista “NÓS”.
- Bracara Augusta (Revista Cultural da Cámara Municipal de Braga).
- Portvgalia (Facultadade de Letras da Universidade de Porto).
- Arqueología (Porto).
- Conimbriga.

- Revista de Guimaraes.
- Trabalhos de Antropología e Etnologia (Porto)
- Pontevedra (Revista de Estudos Provinciais- Deputación de Pontevedra).
- PONTENOVA (Revista de Novos Historiadores- Deputación de Pontevedra)
- CAPA.
- Cotaredo (Concello de Forcarei).
- Cuadernos de Estudios Gallegos.
- Historia Nova (AGH).
- Compostellanum.
- Caesaraugusta.
- Noticiario Arqueológico Hispánico.
- Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela.
- ZEPHYRVS (Universidade de Salamanca).
- Lucentum (Universidade de Alacant).
- Madrider Mitteilungen.
- Complutum (Universidad Complutense de Madrid).
- Memorias de Historia Antigua (Universidad de Oviedo).
- Lancia (Universidad de León).
- Minius (Universidade de Vigo).

Tamén nos foron de grande utilidade todos os datos recabados no Museo Provincial de Pontevedra. Ademais disto, revisouse toda a bibliografía recomendada para o presente traballo.

Unha vez comentado o aspecto bibliográfico, imos pasar ó traballo de campo. Para chegar ó noso modelo de ficha, revisamos e ampliamos as da Consellería de Cultura e as do Museo de Pontevedra. As que serviron como base principal foron as de Carballo Arceo, Agrafoxo Pérez e Xusto Rodríguez. Ós campos destas engadímoslles un número significativo de apartados que entendemos de interese que non se recollían en ningunha das devanditas. Ademais fixemos un baleirado dos datos das fichas da catalogación da Consellería de Cultura.

Unha parte dos datos obtivéronse do “Proxecto de prospección arqueolóxica de xacementos castrexos nos concellos de Fornelos de Montes, Pazos de Borbén e

Soutomaior (Pontevedra)", da miña autoría, no que se revisou a información existente e se catalogaron catro novos castros e tamén un dubidoso (Airoa). O devandito proxecto (CJ 102A 2001/450-0) foi aprobado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia por resolución do 8 de outubro de 2001.

Os pioneiros no campo da catalogación foron os ilustres membros do Seminario de Estudos Galegos. As fichas das súas catalogacións estiveron en vigor ata os anos setenta e oitenta do s.XX. Florentino López Cuevillas, Fermín Bouza Brey ou Antonio Fraguas Fraguas, por destacar tres exemplos, foron algúns dos nomes máis egrexios da arqueoloxía galega do s.XX.

Hai que recoñecer que sen os exemplos mencionados sería máis difícil o presente traballo, pois serviron como punto de partida e facilitaron a elaboración do modelo propio.

Os apartados das fichas, de elaboración propia, que se comentarán máis adiante, utilizadas para recoller os datos de cada xacemento son os seguintes:

1. Nome do xacemento.

   Clave de identificación.

2. Localización.

   - Lugar.
   - Parroquia.
   - Concello.
   - Nº de Folla MTN (1:50.000) e (1:25.000).
   - Nº cuadrícula (1:10.000)
   - Coordenadas xeográficas: Latitude/Lonxitude.
   - Proxección UTM: X/Y.
   - Altitude.
   - Acceso.

3. Emprazamento.

   - Emprazamento topográfico.
   - Condicións naturais de defensa.
   - Utilización e potencialidade económica do entorno.
   - Potencialidade visual.
     · Intervisibilidade con outros xacementos.
     · Área de visión.

4. Descrición.

5. Estado de conservación actual.

   - Destrucións e alteracións.
   - Vexetación.
   - Tipo de propiedade.
   - Medidas de protección.

6. Situación.

   - Potencialidade subsistencial do medio.
   - Territorio de explotación.
   - Substrato xeolóxico.
   - Conclusións.
   - Proximidade de recursos hídricos.
   - Distancia ó veciño máis próximo (referido a núcleos actuais e a asentamentos castrexos).
   - Vías de comunicación.

7. Ergoloxía.

8. Folclore.

9. Bibliografía.

10. Material gráfico (mapas topográficos, fotografías e fotos aéreas).

En primeiro termo, recóllense as denominacións do xacemento e a clave de identificación na catalogación da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

No segundo campo aparecen os datos para a localización. Primeiramente, recollemos o lugar, a parroquia e o concello e logo os diversos datos reflectidos na cartografía utilizada (coordenadas xeográficas, altitude, etc.). Finalmente, descríbese o acceso ó lugar.

A continuación, no terceiro punto das fichas, explícanse varias características xerais do seu emprazamento. Polo emprazamento topográfico podemos clasificar os tipos de castros. Para iso, na análise dos datos, seguimos a clasificación de Carballo Arceo (Carballo, 1986) por entender que é a máis axeitada para o presente traballo. Logo nas condicións naturais de defensa complementamos o apartado anterior deste campo para ver a súa tipoloxía. Na utilización e potencialidade económica do entorno vemos as posibilidades actuais dos terreos ou as que poideron ter.



Ilustr. 3.4 – Tipos de emprazamento dos castros do Deza (Carballo Arceo, 1990).

O aspecto da intervisibilidade e a área de visión ten relevancia para comprobar o dominio do espazo circundante por parte dos castros e as posibilidades de comunicación e relación entre os poboados do val. Hai un atranco e é que os castros non son todos dunha cronoloxía similar. Debeu ter a súa importancia a nivel defensivo. Pode que o dominio estratéxico dunha zona máis ampla supuxese un certo rango dun poboado.

No apartado da descrición apórtanse os datos máis significativos do xacemento dentro das posibilidades que nos deixa a mesta vexetación. Descríbese tanto a súa planta como as estruturas defensivas, accesos, defensas naturais, superficie, etc.

No quinto punto explícase o estado de conservación que ten na actualidade cada castro, incidindo esencialmente nas destrucións e alteracións que padeceu co paso do tempo. Tamén se cita a vexetación actual, o tipo de propiedade e as medidas de protección, que, por certo, moitas veces son inexistentes. Sirva como exemplo a plantación de eucaliptos no Coto do Castro de Castro de Orto (Campo Lameiro) e as remocións provocadas pola maquinaria dentro do xacemento malia estar catalogado.

No sexto campo da ficha explícase a situación. Nunha primeira parte coméntase a potencialidade subsistencial do medio e dentro desta o territorio de explotación, no que se delimita a posible zona de aproveitamento agropecuario cos elementos do relevo máis nidios (fortes pendentes, cursos fluviais, accidentes orográficos, etc.). Logo cítase o substrato xeolóxico da zona. Finalmente, apórtanse unhas conclusións en relación ó marco xeográfico que o rodea.

Tamén se reflicte a proximidade ata os recursos hídricos pola súa gran relevancia para a fundación de calquera hábitat. Logo aparece a distancia ó veciño máis próximo, referida ó poboamento actual e ó daquela época, deste xeito poderiamos comparar pasado e presente no aspecto poboacional. Remata este punto coas vías de comunicación, aínda que moitas veces coas alteracións que houbo é moi difícil aportar datos cunha certa fiabilidade.

Logo temos a ergoloxía, pero case non hai restos, agás dos xacementos nos que houbo algunha intervención.

Un aspecto que aporta moitos datos é o do folclore. Había información nas fichas do Museo de Pontevedra e da Xunta de Galicia, pero os traballos de B. Aparicio Casado, entre os que destaca *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos* (1999), X.M. González Reboredo con *Lendas galegas de tradición oral* (1983) e M. Llinares García con *Os mouros no imaxinario popular galego* (1990) aportan moitos

datos. Ademais, outros foron recollidos no traballo de campo. Nalgún caso, incluímos posibles emprazamentos arrasados precisamente por haber folclore neses lugares o que pode indicar que realmente houbo poboamento castrexo. Por suposto, cabe a posibilidade que non fose así.

No seguinte campo, aportamos a bibliografía, aínda que en numerosos casos están inéditos. En último lugar, introducimos o material gráfico: MTN (1:25.000), fotografía aérea de 1956 ou voo americano (1:33.000) e a de 1980 (1:18.000). Despois están varias fotografías do xacemento nas que se poida ver algunha estrutura ou unha visión xeral. Para rematar tamén se engaden as imaxes do SixPac.

Á hora da elaboración das fichas consultamos e utilizamos os datos xa recollidos nas catalogacións da Consellería de Cultura e do Museo de Pontevedra. Cando se desenvolveu o traballo de campo ampliáronse e melloráronse, na medida do posible, pois algunhas son moi antigas, ó ter máis apartados as fichas empregadas. Como xa indicamos anteriormente, engadíronse emprazamentos onde non hai estruturas pero pola morfoloxía do lugar, a existencia de folclore e o topónimo pode que existise un castro.

Na parte final deste apartado imos falar da revisión bibliográfica da zona estudada. Non imos repetir as publicacións que recollen o folclore, por estar xa citadas.

Entre os traballos pioneiros están os de José Filgueira Valverde e Alfredo García Alén: *Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra* (EMP VIII, 1954), *Materiales para la Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra* (EMP IX, 1955), *Adiciones a la Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra* (EMP, XIII, 1959) e *Inventario de monumentos megalíticos* (EMP, XXXI, 1977). Nos mesmos recollen os datos existentes no seu momento dos xacementos de todas as épocas do pasado.

Anteriores no tempo, pero tamén importantes son o *Corpus petroglyphorum Gallaeciae* (Seminario de Estudos Galegos, 1935) de Ramón Sobrino Buhigas, *Geografía General del Reino de Galicia* (1936) dirixida por Carreras Candi (o volume

de Pontevedra elaborouno Álvarez Limeses), e o traballo de campo desenvolvido, dende os seus inicios, pola *Sociedad Arqueológica de Pontevedra* nos comezos do s.XX no que atingue ós petroglifos.

No que se refire á arte rupestre as investigacións máis relevantes da zona de estudo son o *Inventario de las estaciones con grabados rupestres de la provincia de Pontevedra* (EMP, XXXII, 1978) de Alfredo García Alén e A. de la Peña Santos, dos mesmos autores é *Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra* (1980) e de J.M. Vázquez Varela e A. de la Peña Santos *Los petroglifos gallegos* (1979). J.M. Vázquez Varela publicou: *Antepasados, guerreros y visiones. Análisis antropológico del Arte Prehistórico de Galicia* (1995), para o que toma como exemplos dous dos petroglifos máis sobranceiros de Galicia, un deles a Pedra das Ferraduras (Fentáns-Cotobade). Hai diversos traballos sobre petroglifos desta área como poden ser os de Bouza Brey (1940) ou Antonio Fraguas (1955) por mencionar só algún dos máis importantes.

Logo tamén se revisou a bibliografía referente ós catro xacementos castrexos nos que houbo intervencións arqueolóxicas: **A Peneda do Viso** (mediados do s.XX), **Penalba** (anos 1983-88, dirixidas por A. Álvarez Núñez), **As Croas** (sondeo no 1992 por V. Barbi Alonso e campaña de escavación en 1993 dirixida por A.de la Peña Santos) e **Pena Redonda** (escavación no 2003 dirixida por A. González Ruibal). Todas elas, cada unha na súa medida, supuxeron pasos adiante para empezar a coñecer esta etapa do pasado. A Peneda do Viso e Penalba ó ser intervencións máis prolongadas no tempo teñen máis referencias bibliográficas e materiais coñecidos. No capítulo anterior (Historia das investigacións) xa nos referimos ós datos aportados por estes traballos que neste caso só enumeramos. No futuro compriría un mellor coidado dos restos que viron a luz para unha conservación óptima.

CAPÍTULO 4
CARACTERIZACIÓN XEOGRÁFICA DA ÁREA DE ESTUDO

CARACTERIZACIÓN XEOGRÁFICA DA ÁREA DE ESTUDO.

A área de estudo aséntase sobre dúas comarcas, a Terra de Montes, situada no norleste, e a de Pontevedra, que se alonga cara o Oeste. Tratase en realidade de dúas cuncas, as do Lérez e o Verdugo-Oitavén, nas que a acción das canles de auga marcan a sucesión das unidades do relevo. Iso provoca que dende o punto de vista xeomorfolóxico domine un escalonamento claro de formas na dirección citada asociado e un descenso progresivo das altitudes entre as serras da dorsal, que superan levemente os 1000 m. e o nivel do mar. Este feito é de grande importancia á hora de comprender as paisaxes e, dun xeito especial, as diferenzas climáticas e bioxeográficas da zona.

1.- Os contrastes xeomorfolóxicos

A comarca da Terra de Montes engloba o sector máis oriental da zona de estudo. Nela sitúase a cabeceira do río Lérez, que no seu percorrido cara o mar, convírtese nun elemento de primeiro orde na construción do relevo. Dende este punto de vista, a comarca está marcada pola presenza de canles de auga que modelaron unha sucesión de vales paralelos que seguen de xeito claro as liñas de intensa fracturación tectónica. Entre eles sobresaen estreitos interfluvios achairados.

Temos así vales e ríos en dirección Leste/Norleste-Oeste/Sudoeste, caso do citado Lérez. Moitos deles seguen unha rede de fracturas densa e multidireccional na que predominan as orientacións seguidas pola rede fluvial. A existencia de cauces rectilíneos, de cambios de dirección en ángulo recto, como se pode ollar no río Lérez entre Forcarei e Cerdedo, ou nos ríos Pinguela, Curantes ou Liñares, amosa a existencia tamén dunha importante rede meridiana de fracturas, polo que en superposición atopamos un conxunto tendente á ortogonalidade tectónica. Con todo, a maior densidade ou importancia das primeiras direccións é a que orienta e distribúe as unidades morfolóxicas a nivel xeral.

A variedade litolóxica ten un papel primordial na configuración das ladeiras. O predominio en Forcarei de materiais xistosos e migmatíticos e en Cerdedo de

granitos, motiva claras diferenzas de erosión diferencial que se traducirán en contrastadas formas. Este feito provoca unha maior apertura dos vales e unha suavidade marcada nos interfluvios, caso do alto Umia.

Outro feito salientable é que os interfluvios achairados se escalonan no territorio. Pasamos así dalgúns restos das superficies de aplanamento dos 400 m. e 700 m. no interfluvio Ulla-Umia, perto deste último, ás dos 700 e 800 m. entre o Umia e o Lérez e 800 e 900 m. no sector máis meridional e sudoriental, coincidindo xa coa Dorsal nas serras de Testeiro e Costoia, máis ó sur do Lérez. Os cursos altos dos principais ríos ofrecen unha degradación ou rebaixe das superficies circundantes, discurrindo por escalóns inferiores. Por exemplo, o Umia flúe pola superficie de aplanamento dos 400 m. entre escalóns da de 700 m. e o Lérez faino pola de 700 m. entre escalóns de 800 e 900 metros.

A medida que imos cara o oeste, podemos individualizar tres unidades morfolóxicas: os restos de vellos niveis superiores de aplanamento, que dan orixe ás serras da Dorsal, un conxunto de vales e interfluvios paralelos seguindo a rede de fracturación e, perto da costa, a Depresión Meridiana. Neste caso a estrutura do relevo indica ás claras o compoñente tectónico non só na propia orixe da ría, senón na disposición do relevo interior o que condicionou o asentamento da poboación dende o pasado así como o aproveitamento do espazo.

Cara o sur de Terra de Montes, exténdense as altas terras pontevedresas sobre materiais graníticos, moitas veces en facies porfídicas. Constitúen altas superficies achairadas, derivadas do eóxeno, e percorridas por fracturas de direccións NE-SO, que fan máis movido o terreo e individualizan as diferentes unidades montañosas. Por elas, encaixanse as augas dos ríos Verdugo e Lérez dando lugar a un forte contraste e unha abrupta conexión entre os vales destes ríos e as altas superficies achairadas nas culminacións das serras. As altas terras que chegan aos 1000 m., veñen marcadas pola presenza dos ríos Verdugo, Barbeira e Almofrei, constituíndo un anaco da superficie dos 900 metros. A Serra do Suído (1027 m. no Couto da Puza) na Lama, é unha superposición de dous escalóns de aplanamento ós 900 e 1000 metros. Ó norte, entre Barro e Campo Lameiro, os montes do Couto do Medio e dos Cregos debuxan un nivel achairado a 500 m. de altitude. Forman parte de esta unidade a parte máis

oriental de Barro, o norte de Campo Lameiro, o suleste de Cotobade e a metade oriental de A Lama.

En dirección ao sudoeste, cara o mar, domina un conxunto de vales e interfluvios paralelos que siguen longas fracturas que se alongan en dirección Norleste-Sudoeste e Leste-Oeste xerando un relevo moi movido e cadriculado con vales estreitos e de pendentes elevadas, que individualizan un conxunto de montes illados pola incisión fluvial. Por exemplo, o Sistalto (605 m.), Arcela (596 m.) que constitúen pequenos reductos da superficie dos 600 metros. Estamos nas terras dos concellos de Campo Lameiro, Cotobade, Pontecaldelas e parte occidental da Lama.

Cara o mar, exténdese un conxunto de terras baixas asociadas á depresión tectónica que percorre de norte a sur a Galicia occidental afectando aos concellos de Barro, Pontevedra e Vilaboa. A apertura do relevo a partires da zona de febleza, dende a depresión do Salnés até a cabeceira da ría de Vigo, viuse favorecida pola acción do treito baixo do río Lérez e outros coma o Tomeza, Pintos ou Granda que aproveitaron a existencia dun gran número de fracturas en diferentes direccións, que se achegan á principal, e deron lugar a un ensanchamento do fondo da depresión. A erosión cuaternaria creou nos interfluvios dos diferentes cauces que verten cara ela, un grande número de glacis e conos torrenciais coma os que baixan dos montes A Fracha, Mourente ou Couto do Medio. Desta dinámica derivan tamén algúns outros depósitos, por exemplo o cono aluvial de dexección na desembocadura do Lérez, depósitos aluviais ou coluvio-aluviais arxilosos ou areosos no fondo da depresión; terrazas fluviais cuaternarias na unión dos ríos Roxidoiro e dos Fontáns ou o paso do Lérez pola base norte do Mourente; os de marisma na desembocadura dos ríos Verdugo e Oitavén na enseada de San Simón, en Vilaboa, ou no Lérez e no Granda antes de chegar á desembocadura. Os ríos e regatos seguen moitas veces a densa rede de fracturas para atravesa-los gneises e granitos en dirección cara á Depresión Meridiana.

2.- A diversidade bioxeográfica e climática

Os contrastes morfolóxicos e litolóxicos xeran importantes variación edáficas. Así na en Terra de Montes aparece unha catena de solos polo grao de

desenvolvemento en relación coa pendente: *rochedo de silicatos* que aflora en extensas superficies nos montes do Seixo e tamén nos demáis cumios; seguido en grao de desenvolvemento polos *protoranker* e *ranker pardo* nas ladeiras que a medida que aumenta o seu espesor e diminúe a pendente, dá paso ás *terras pardas*. Os tres primeiros, teñen en moitos casos un só horizonte de materia orgánica que descansa sobre o sustrato directamente, e soen estar ocupados por matogueiras e repoboacións forestais, como ocorre no monte Xesteiras, Arcela, San Sebastián, Arca, Cregos, Santa Lucía, Seixo e serra do Candán.

Coa suavidade no relevo as *terras pardas* pasan a dominar, caso de Forcarei, distinguíndose: as *eutróficas*, as mellores agrobioclimaticamente, sobre todo cando experimentan procesos de gleificación, ben representadas en torno ó val do Lérez, en Cerdedo e Forcarei; as *mesotróficas* no concello de Forcarei; as *oligotróficas*, as menos extendidas e más pobres, en certos enclaves, como no val do Umia entre os concellos de A Estrada e Forcarei.

Finalmente, mencionar por unha banda, a presencia de *pseudogley* próximo ó río Lérez no concello de Forcarei, vencellado a materiais xistosos que favorecen a aparición de arxilas que impermeabilizan os solos e os hidroformizan; e por outra, os solos de *veiga parda*, resultado da acumulación de sedimentos de erosión das *terras pardas*, situándose na marxe esquerda do Ulla e os treitos baixos dos ríos Vea e Liñares, amplamente empregados con fins agropecuarios.

No sector occidental, dentro da comarca de Pontevedra, a distribución dos solos responde tamén a esta configuración topográfica e xeomorfolóxica: bastante homoxeneidade e riqueza dos solos na unidade da depresión, igual que na unidade das terras altas e mosaico nas intermedias, debido á existencia dun relevo moi movido, con un rosario de abas enlazadas con fortes desniveis e ambientes diferenciados que permiten esa heteroxeneidade.

Así no Suído, por exemplo, os afloramentos graníticos só permiten o desenvolvemento de *rochedo de silicatos*, *protoranker* e *ranker pardo*, que nesta secuencia van asociados ás posibilidades dunha maior potencia de acumulación de materiais. A aparición na serra do Suído, no Concello de A Lama, de grandes

extensións de *ranker gris distrófico*, pode poñernos en relación as variables xeomorfolóxica, bioxeográfica e climática. En efecto, estes solos caracterízanse pola aparición dun humus bruto sen descompoñer, procedente normalmente de breixais. Son ademáis, solos que se dan en topografías suaves e achairadas en medios fríos e húmidos. A serra do Suído cumpre perfectamente con todas estas características, de aí a súa aparición: asemade hai un pequeno reduto na ladeira norte do monte da Fracha, entre Pontevedra e Pontecaldelas.

A intensa fracturación tectónica e a apertura de vales asociados a elas, entre os que destaca a Depresión Meridiana, permite a formación de potentes solos *pardos*, contribuíndo na sua potencia os glacis, conos torrenciais e outros depósitos formados polos procesos erosivos cuaternarios. A *terra parda de gley*, de moi boa calidade para os usos agropecuarios, está ben desenvolvida no fondo dos vales máis amplos, coincidindo cos maiores graos de hidromorfía. É o caso do curso medio e alto do Lérez, río Almofrei ou do curso baixo e medio do Verdugo e do río Calvelle. Pequenos espazos de *veigas pardas alóctonas*, que se forman a partires da erosión das terras pardas e da súa acumulación, completan o mosaico ubicándose nas partes máis planas da comarca dominan na Depresión Meridiana en Barro e no curso máis baixo do Lérez no Concello de Pontevedra, onde ademáis nas marismas se desenvólvese o único solo *marsh* da comarca.

O predominio das serras e terras altas favorece o desenvolvemento de extensas superficies de matogueira caracterizada pola presencia de toxos e breixos. Espalladas por Forcarei e Cerdedo atopamos masas puras de piñeiro galego (*Pinus pinaster*) e eucalipto, ou ámbalas dúas mesturadas, distribuídas por Forcarei e Cerdedo, pero destacan sobre todo as mixtas de piñeiros e frondosas, que van diminuíndo a medida que nos achegamos ós cumios montañosos. Na parte máis alta e oriental a gran extensión da matogueira polas serras, adaptada ós solos, altitude e clima, deixa escasos redutos para as árbores, destacando algúns bosques de caducifolias de certa entidade vencellados sempre ós cursos fluviais e ós seus vales. Aparecen salpicadas polo curso alto e medio do Verdugo e polos seus afluentes da marxe dereita, nos concellos de A Lama e Pontecaldelas e tamén as existentes nos ríos Calvelle, Almofrei e Rego dos Cabaleiros no concello de Cotobade. É grande a asociación entre estas masas e os solos de tipo pardo e gley.

Nas áreas hidromorfas, como na Poza do Coirego, aparecen pequenas turbeiras con musgos característicos como *Sphagnum sp*., *Polytrichum sp*. e outras especies asociadas e ese ecosistema: hipérico das brañas (*Hypericum elodes*), parnasia (*Parnasia palustris*), rorellas (*Drosera rotundifolia*), etc.. Nas ladeiras de umbría desenvólvese un bosque de carballos, bidueiros e castiñeiros, anque sobresaen os arbustos de acivros e xilbarbeiras (*Ruscus aculeatus*), xunto á formación de herbáceas e arándanos (*Vaccinium myrtillus*). A fauna é rica e variada con invertebrados coma o samesugas (*Hirudo medicinalis*) nos regatos, xunto ós anfibios (sapo raxado, ra patilonga...), reptís (cóbrega de auga, lagartixa galega), mamíferos (ourizo cacho, lobo, raposo, etc.) e aves da estepa ceralista, rapinas (miñatos, falcóns pequenos, aguia albeta, etc.) entre outras, que se espallan ó longo e ancho deste espazo natural.

A medida que nos achegamos ao mar as masas forestais fanse máis densas, fundamentalmente en Vilaboa e menos en Pontevedra, onde os extensos usos urbanos reducen considerablemente as superficies de monte alto. Dominan, en todo caso, as mesturas de piñeiros e eucaliptos e sobre todo as cada vez máis numerosas masas puras deste último. Esta especie ten tamén importancia no interior, nos concellos de Cotobade, Campo Lameiro e Pontecaldelas. Moi escasamente representados están o *Pinus pinaster* e *P. radiata* en masas puras, e a medida que imos cara o interior mestúranse coas frondosas que están a perder o seu hábitat en favor das especies disclimácicas. Climáticamente a área de estudo abrangue diferentes dominios climáticos, en clara relación coa configuración topográfica en descendentes de leste a oeste. En liñas xerais, pódense diferenciar tres tipos (Pérez Alberti, 1982):

a) un tipo *ocenánico de montaña* que atopamos nas terras da Dorsal, no que as precipitacións superan os 2000 mm. e as temperaturas medias anuais poden baixar ata os 10-11 ºC
b) un tipo transicional entre este tipo e o *oceánico de montaña* no que as temperaturas medias baixan un grao (12-13 ºC), e as precipitacións aumentan superando os 1900 mm. anuais.
c) un tipo *oceánico húmido* con tendencia á aridez estival cunhas temperaturas situadas entre entre 13 e 14 ºC e unha oscilación de 11,1 ºC, que domina nas áreas costeiras.

3.- O territorio como soporte da actividade humana

A configuración do relevo é un elemento no que convén deterse un pouco máis. Xa se dixo que na área de estudo domina un conxunto de vales separados por interfluvios con diferente grao de extensión e de aplanamento. Queda por comentar que este feito foi o resultado dunha longa historia xeomorfolóxica que, nas súas liñas fundamentais, comezou no Terciario. Naqueles intres, as condicións tropicais favorecían os procesos de morfoxénese, a intensa alteración das rochas. A partires do Neóxeno, o Noroeste peninsular entrou nunha fase de forte actividade tectónica que provocou erguementos e fundimentos do terreo. Como explica Pérez Alberti (1982) puxéronse en marcha procesos de antecedencia por mor dos que a antiga rede fluvial foise encaixando progresivamente no terreo provocando a incisión e o encaixamento fluvial. Este feito explica a imaxe de dentes de serra que ten o relevo si se fai un corte atravesando os vales das cuncas do Lérez, Verdugo e Oitavén.

Este encaixamento favoreceu o remodelamento das ladeiras e a xénese dunha xeira de pequenos glacis que construíron superficies suavemente inclinadas que poñen en contacto as partes altas dos interfluvios cos fondo dos vales. Na actualidade están ocupadas por campos de cultivo e por aldeas. Estas empregan ademais algún fondo de val, cando este se abre e, na meirande parte dos casos, as medias ladeiras ou as bocarribeiras.

Había e ainda hai unha razón que explique esta distribución dos asentamentos. Nas abas a evolución xeomorfolóxica motivou unha sucesión de solos –unha catena din os edafólogos- dende a parte superior á inferior. Canto maior sexa a pendente maior é a posibilidade de diferenciación entre os distintos segmentos. Así, na parte alta, soen aparecer os solos menos profundos; na inferior os máis. Nos tramos medios é común que se asenten solos con profundidade variable pero, e moi importante para comprender a estruturación da paisaxe, os menos húmidos. Este feito xorde por mor de que a circulación hipodérmica da auga favorece unha maior acumulación hídrica nas partes baixas. Non se pode esquencer que esta secuencia foise acentuando dende que se comezaron a roturar as terras. A medida que a agricultura foi sendo unha

tarefa fundamental, a propia roturación e o manexo dos campos xerou un progresivo aumento de erosión. Este feito non pode ser esquencido á hora de enfrontarnos ao estudo dunha etapa da antigüidade.

O relevo que ollamos na actualidade na área de estudo é semellante ao que existía hai 3000 anos nos seus elementos estruturais, ou sexa, en relación ás grandes liñas. Sen embargo, as características das abas son moi diferentes das existentes naqueles intres por mor da propia actividade humana.

Hai un feito que tivo unha grande importancia na estruturación do hábitat castrexo: a existencia dun amplo conxunto de vales e interfluvios encadeados. Este feito xerou multitude de posibilidades de asentamento en áreas con boa intervisibilidade; bocarribeiras, cristas en medio do val, outeiros... lugares nos que era posible instalar poboados. Por debaixo deles alongábanse as abas coa sucesión de solos comentada con anterioridade.

Esta distribución explica na actualidade os rasgos esencias da paisaxe agraria e, posiblemente, estea indicando algúns dos existentes no pasado. As partes altas das abas foron durante séculos o lugar adicado ó cereal. Trátase de lugares de solos pouco profundos só aptos para o enraizamento do cereal que se adapta á seca edáfica. Pola contra, os segmentos inferiores, con maior profundidade de solo mais tamén de humidade, foi o lugar onde durante centurias estiveron os prados. No medio, nun tramo de diferente lonxitude segundo as propias abas, estaban as terras adicadas a producción das especies básicas na alimentación humana, as hortas.

É evidente que esta distribución non era a existente na época obxecto de estudo. Sen embargo, as condicións agronómicas do territorio tiveron que condicionar dalgún xeito a actividade agrícola dos poboadores dos castros.

CAPÍTULO 5

CATÁLOGO DE XACEMENTOS

Concello de Forcarei

1. Nome do xacemento: Castro de Loureiro/ Coto do Castro / Coto de Espindo.

   Clave de identificación: GA36018033.

2. Localización.

- Lugar: Loureiro-Espindo.
- Parroquia: Sta. Mª de Dúas Igrexas.
- Concello: Forcarei.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 153 (1:25.000: 153-II).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 153-23.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º35´43´´ N. / Lonxitude: 8º19´56´´ O.
- Proxección UTM: X: 554.770 / Y: 4.716.175
- Altitude: 572 m.
- Acceso: No indicador de saída de Loureiro, hai un camiño á esquerda, polo cal, en liña recta imos dar ó castro.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Ubícase nun outeiro dende o que se domina o tramo final do regueiro de Espindo e a zona de confluencia co Lérez.

- Condicións naturais de defensa: Está nunha situación dominante, que se pode ver nunhas condicións defensivas naturais. As mesmas aprécianse nas súas empinadas pendentes, sobre todo no lado que dá cara o regueiro de Espindo (S.), ó que se accedía por unha escalinata feita parcialmente de pedra, da que, parece ser hai algúns restos, que non se poden comprobar polo mato. Polo E. hai unha chaira e sería a zona máis vulnerable, cara o O.-NO. o desnivel que cae cara o Lérez, tamén é considerable.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Adícase a monte baixo, labradío, prados e carballeira.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: Debido á súa ubicación non se aprecian.

· Área de visión: Vense Loureiro, Forcarei, Dúas Igrexas, Valiñas, Castrelo e A Ponte.

4. Descrición.

Ten un recinto amurallado cun complexo sistema defensivo de foxo-parapeto-foxo cara o NE. O castro tiña a súa entrada principal no E. Existiría tamén unha segunda porta case afrontada á principal, pero este dato hai que aclaralo.As dimensións dos seus eixos, aproximadamente, son: N.-S.: 60 m./ E.-O.: 73 m.

A altura das murallas do recinto principal é duns 10 m. e a da croa duns 3´5 m. Rodéano dous ríos: o Lérez (NO.-O.) e o regueiro de Espindo (S.). Na súa cara externa vemos que o aparello non é uniforme e o material empregado é de carácter pizarroso e usan seixos do río sen argamasa, recuberta cunha importante capa de terra e pedras miúdas.

O foxo oscila entre os 13´5 m. ó O. e os 5-6 m. cara o E. e non aparece cara o S. Na croa, a un corredor interno coñéceno por “A Trincheira”, exhumado a mediados do s. XX, co gallo da ampliación da porta principal. As xambas da porta de acceso eran monolíticas e están reutilizadas no Muíño da Urceira, tiñan unha altura aproximada de 1´80 m. e están ben labradas. A escaleira de acceso ó río que o bordea polo S., na actualidade está parcialmente destruída ou cecais oculta polo subsolo.

A croa ten planta ovalada e unha extensión aproximada duns 3.000 metros cadrados, sendo o seu perímetro duns 200 m. Cara o NE. hai dúas terrazas, que bordean este sector do castro. O primeiro antecastro ten 15 m. de ancho. Case todo o recinto está rodeado por antigos camiños.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Houbo en tempos un campo de fútbol na croa e tamén zonas de cultivos.
- Vexetación: Monte baixo.
- Tipo de propiedade: Privada.
- Medidas de protección: Non existen, pero debido á importancia deste emprazamento castrexo debería procurarse o seu desbroce e sinalización.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: As zonas de chaira que están na marxe esquerda do Lérez, onde agora se asentan Espindo, Loureiro e Valiñas.

  · Substrato xeolóxico: Ten a súa orixe no Precámbrico-Silúrico, atópase no dominio da serie de Forcarei e as rochas predominantes son diversos tipos de xistos (micáceos, cuarcíticos e con porfiroblastos de plaxioclasa).

  · Conclusións: É o primeiro castro que hai na marxe esquerda do Lérez, está ó pé do pico de Valiñas (804 m.) e da serra do Candán (1.017 m.), que se atopan na súa parte oriental. Domina o territorio desta área grazas á súa ubicación.

- Proximidade de recursos hídricos: Ó seu pé, a uns 70 m., pasa o regueiro de Espindo e a uns 200 m. o Lérez (a uns 600 m. ó SO. desemboca no Lérez).

- Distancia ó veciño máis próximo: A uns 300 m. están as casas de Loureiro. O xacemento más próximo é o Castro da Mouteira (3’8 km).

- Vías de comunicación: Un camiño antigo achéganos ó castro polo NE. e bordea o xacemento.

7. Ergoloxía.

   Non se coñecen restos materiais.

8. Folclore.

   - “Un túnel poñía o castro en comunicación subterránea co río do Castro, moi cercano. Outros din que se comunicaba por unha escaleira de terra e pedras, ó aire libre. Algúns veciños cren que o castro estaba cuberto por unha bóveda ou teitume en tempos máis remotos, desmoronada posteriormente; outra versión é a dunha ininterrumpida oquedade debaixo do castro, vencellada coa permanencia no subsolo dos seus habitantes, cando estes se viron na obriga de marchar”.
   - “Un veciño de Loureiro aludía a que os mouros vivían da auga, pois tiñan unha escaleira para chegar ó río e tamén se atopaban cacharros de barro coa terra e coas pedras da bóveda que se fundeu”.
   - “Hai unha oquedade debaixo do castro”.
   -“Outro exemplo di que foi feito polos mouros e un veciño de Loureiro alabou a capacidade defensiva do castro contra proxectís e bolas”.
   - “Pontoneiro Vello, era o que levaba comestibles e incluso ía ás feiras mercar touros, que metía alí, era de confianza dos mouros e pagábanlle en ouro e cerámica”.
   - “O pai de Celso Barreiro (veciño de Loureiro) ía por Balsada a tomar auga e veu unha galiña con pitos xunto ó castro e meteunos dentro do sombreiro que levaba, pero os pitos desapareceron, a galiña cos pitos tomando o sol era un encanto e tirándolles un pano ou outra cousa desencántanse”.
   - “No mes de Santiago, no que se segaba o centeo, víanse ir os monllos correndo sin que niguén os levara polo castro”.
   - “Pasando unha veciña de Veiga Grande perto do castro, veu unha muller que tiña unha tenda coma as das feiras, con tesoiras e outras cousas. A tendeira ó vela díxolle: Señora, gústalle algo do que teño aquí. Ela díxolle que unhas tesoiras e respostoulle a venteira que millor se foran para cortarlle a lingua e entón desapareceu”.

- “Nas Penas da Portela, existe un tesouro cuberto por unha lápida moi grande, pero que estaba fácil de atopar porque tiña marcada a ferradura dun cabalo, entón ó erguer a lápida, o tesouro estaba gardado por unha culebra de esparto que trataba de comer o que fora pero a culebra era de esparto”.

- “No lugar de Espindo din que hai unha viga de ouro ata o Coto do Castro, no cal había unha lámpada marabillosa que alumearía o derredor ó descubrir alí”.

- “Os cochos engordan moi ben levados ó castro”.

- “No outeiro do castro oíase o traballo dun muíño que estaba moendo, pero non se sabía onde, desapareceu o ruído dende que o crego o fixo seu”.

- “Din que existía unha lenda do castro, que para uns estaba cara a Santiago e para outros tíñaa o home de Mª Xulia da Igrexa e matárono por cousa dela”.

-“Un veciño dixo que un día dirixiuse coas vacas ó Monte do Castro, foi cando atopou unhas bolas de cores, moi bonitas, azuladas e outras que brillaban en negro, todas elas soltas”.

- “Algunhas persoas cren que ían tamén á auga os mouros ó río Grande (Lérez)”.

- “Mouros, mina de ouro e alquitrán”. “ Relaciónaselle cunha cruz de granito que está no medio dun muro na estrada de Forcarei a Silleda, antes de Dúas Igrexas, a uns dous Km.. Nunha certa hora do día, o Sol reflicte enriba dunha pedra, que se chama a “Pedra das Ferraduras”, que non se sabe certamente onde está, pero din que se ubicaría en Acibeiro”.

- “Din que hai nunha cova a metade dun muíño de man”.

- “A lenda da Loureiriña di que esta fermosa ninfa loira baixou do castro de Loureiro para irse contemplar nas cristalinas augas do Lérez, ó seu paso pola ponte do Crego. Ameigada pola beleza da longa e vizosa carballeira pola que paseniñamente discorre o río, a loira Loureiriña durmiuse pracidamente, para espertar de tempo en tempo e aparecérselles ós camiñantes. Un día de San Xoán, un garrido mozo parolou coa Loureiriña, e esta conduciuno ata unha cova ateigada de ouro, que tiña a porta a flor da auga. Alí había trabes de ouro, potes, culleres, cuncas e pratos, todos de ouro. Ata unha galiña de ouro que poñía ovos de ouro; pero tamén lle contou ó mozo que tiña no seu dourado fogar unha porta cunha trabe de brea que queimaría a quen ousase achegarse a tal tesouro se a Loureiriña quixer” (Lenda similar á do caldeiro enterrado con moedas de ouro que o cineasta forcaricense Chano Piñeiro incluiría na súa longametraxe “Sempre Xonxa”).

- “Vencéllase a súa construción á raza dos mouros”.

- “Cando se tiveron que marchar os mouros, un grupo dos mesmos quedáronse vivindo no subsolo, polo cal un home natural de Veiga Grande, o Pontoneiro Vello, ía ás feiras a mercar bois, centeo, millo, etc. e levábao logo ó castro para darllo ós mouros que lle pagaban en ouro”.
- “Nel hai unha galiña e uns pitos de ouro, e andan a tomar o sol, pero cando alguén os quere coller desaparecen”.
- “No seu subsolo ocultábase un candelabro de sete brazos, que no intre de ser descuberto alumeará a todo o entorno”.
- “No interior ocúltase unha vea de ouro gardada por outra de alquitrán, que ó tocala ou darlle o sol, fará unha gran explosión e desaparecerán as dúas”.
- “Hai moitos séculos, os mouros vivían no Coto do Castro. Alí facían batallas e para defenderse tiñan unhas murallas. As murallas rodeaban ó Coto, que estaba no alto, e detrás das murallas ou mellor dito, no medio das murallas, había unha explanada, que lle chamaban a Eira dos Mouros.

O Coto é parecido a unha poza. Hoxe aínda se poden apreciar as murallas, anque agora o Coto está medio cuberto polo monte que se formou enriba del. A porta do Coto está feita cara o nacente do sol”.
- “Como había moito ouro, din que hai dúas vigas que levan dende o Coto do Castro ata a Ponte do Crego. Unha é de alquitrán e a outra de ouro. Din que se se lle toca á de ouro, póñense ricas as sete parroquias veciñas, pero se se lle toca á viga de alquitrán, arden as sete parroquias veciñas.

Moita xente levada por esta lenda, fóronse a escavar á Ponte do Crego, para ver se topaban as vigas; pero o único que toparon foi algunha moeda antiga e ferros raros”.
- “No tempo dos mouros a xente botaba cereais e, cando os recollían, tíñanos que levar ó momento para a casa, se non os mouros roubábanllo para o Coto”.
- “Debían ter túneles, baixando cara a Ponte do Crego, polas cousas que se toparon ó facer algunhas escavacións”.
- “Tamén se dicía que os mouros tiñan secuestrada a unha moza encantada de Loureiro. Era loira de ollos azuis e íase ó río da Ponte do Crego. Tempo despois a xente dicía que se lle aparecía a moura encantada na Ponte do Crego e, dende aquela á Ponte do Crego empezou a chamárselle a Ponte das Visións. Á moura chamábanlle Loira Loureiriña”.
- “Tamén se toparon pedras e lousas talladas. Eran moi bos artistas”.

- “Os mouros e a xente de Loureiro, sempre se levaron moi mal e a xente de Loureiro vivía atemorizada”.
- “En Loureiro vivía unha señora, que aínda hoxe en día lle viven os seus descendentes, que foi ó muíño. Nese muíño hai unhas gradas por dentro para baixar ó río, e dicían que por alí baixaban os mouros ó río a coller auga.

Certo día, esa muller foi ó muíño e os mouros vendáronlle os ollos e levárona con eles. Despois de buscala moitos días, deuse por desaparecida. Ó cabo dun ano a señora apareceu no mesmo sitio do muíño, cos ollos vendados. Esta muller contaba que a levaron os mouros para darlle o peito a un neno mouro, ó que lle morrera a nai, cando o neno empezou a comer devolvérona outra vez ó muíño”.
- “Os mouros saían a facer a comida e a lavarse a un regueiro que pasaba por alí cerca. Ó outro lado dese regueiro había unha carballeira que tiña uns buratos e eses buratos dicían que eran túneles que fixeran os mouros para pasar dun lado a outro”.
- “Tamén se di que se vía no castro roupa botada ó sol e ó parecer tiñan sobre todo roupas de la”.
- “Cando as mulleres de Espindo estaban mallando viron voar o centeo que xa tiñan gardado. Correron tras del xa que se dirixía ó castro onde estaban os mouros recollendo o centeo e meténdoo dentro”.
- “Dicían os vellos do lugar que cando era o tempo de mallar no centeo, ó poñelo nos moricos, os mollos escapaban cara o castro. Para que non escaparan había que poñelos en cruz”.
- “Os vellos vían entrar no castro ós mouros cargados de millo e centeo”.
- “Un dos pasos para a obtención do liño é meter a bagaña durante uns quince días no río, agora xa non se fai, pero antes si, e a xente de Loureiro, Dúas Igrexas, Quintelas e por aí viñan traer a bagaña ó río por onde pasa cerca de Forcarei ou Aciveiro, porque se a metían no río que pasa perto do Castro de Loureiro dicían que pola noite saían os mouros do castro e roubábanlle a bagaña”.
- “No campo do Castro Loureiro, hai un campo redondo e dicíase que alí, debaixo da terra, vivían os mouros. Eran moi ricos, e tiñan debaixo da terra, escondidos, os seus tesouros. Cando morría algún mouro, no sitio onde morría tallábase unha cruz de pedra.

Tamén dicían os veciños de Loureiro que polas noites os mouros baixaban ó pobo de Loureiro, e roubábanlle as galiñas e outras cousas que tiñan nas eiras”.

- “Había unha vella moi pobre en Loureiro que tiña dous porcos. Levábaos todos os días para o monte, e un día levounos comer ó Castro. Alí encontrouse con que unha muller cun mandil branco e unha criba na man saía do Castro. Esta díxolle que mantería os seus porcos, e que estes medrarían moito, pero non podía contar nada disto a ninguén. A muller díxolle que así o faría.

Debido á súa pobreza, a súa veciña empezou a estrañarse e a preguntarlle que era o que lle facía ós porcos. A muller dicíalle que non facía nada, ademais que ía facer ela co pobre que era. A veciña insistiulle tanto que, ó final, a muller contoulle o segredo á veciña. Así rompeuse a promesa da vella e o feitizo desfíxose e a muller quedou sen nada, sen porcos, e pobre como ó principio”.

- “Unha vez unha rapaza foi dar un paseo ó Castro Loureiro e atopouse cunha moura que lle dixo que se lle ía buscar leite de cabra e un pouco de manteiga íalle dar un agasallo. A nena foi e a moura regaloulle unha galiña e díxolle:

> - Se non lle contas a ninguén que eu che dei esta galiña, dentro dunha semana vai poñer ovos de ouro, pero se llo dis a alguén, morrerá.

A rapaza volveu para a súa casa e cando a nai a veu coa galiña preguntoulle de onde a sacara, e ela díxolle que a atopara. Ó día seguinte volveulle preguntar de onde a sacara e a rapaza volveulle dicir que a atopara, e así dous días máis, ata que un día a rapaza contoulle a verdade á nai, e ó día seguinte apareceu a galiña morta, pero puxera un ovo de ouro e aída non pasara unha semana, así que a rapaza voltou ó castro e volvéuselle aparecer a moura e díxolle:

> - Por non confiar en min e non gardar o segredo a galiña morreu, e se ti ou a túa nai vendedes ou gastades o ovo de ouro, algo moi malo vaivos pasar”.

- “Hai que cuspir tres veces ó ver a galiña de ouro e ós piros que saían do coto se non se quería que estes desapareceran”.

- “Aparecen galiñas e piros das pedras e se se tapan con algo convírtense en ouro”.

- “Señor José ía botar auga ó prado e atopou unha galiña con piros, meteunos na boina e cando andivera uns metros a galiña e os piros xa se desfixeran”.

- “Unha persoa atopa unha galiña con catro piros de cores (a galiña era unha muller encantada). Aparece a galiña e pregúntalle á persoa: - ¿Qué che gusta máis, os piros ou a galiña?

A persoa dille que lle gustan máis os piros. Entón aparece a moza e dille: - Pois lévaos, que eu quedarei encantada para toda a vida".

- "Contan que no castro houbo unha galiña con pitos, moi bonitos todos, uns dunhas cores e outros doutras. Entón pasou por alí unha persoa e botoulle o sombreiro ós pitos para collelos e a galiña dixo: - ¡ai de min, que quedo encantada para toda a miña vida -, e desapareceu todo.

Logo contaban que a galiña era unha moza e se a persoa que pasou por alí lle botara o sombreiro á galiña, desencantaba á moza e os pitos volvíanse ouro".

- "No Castro de Loureiro había enterradas unha viga de ouro, outra de alquitrán e outra de auga. Os veciños de Loureiro intentaron tiralas, pero cando chegaron á viga de alquitrán viron que o castro se ía derrubar e liscaron correndo".

- "Se aparecía a viga de alquitrán, se se tiña o cordón de San Francisco ó redor do coto, só ardía o coto. Se non se tiña, ardían sete leguas ó redor do coto".

- "Cando cavaron no coto atoparon arte feito de pedra e de gran. No mesmo portón había unha obra de arte de entrantes e saíntes moi ben feitos".

- "Unha señora contoume que, sendo rapaza, ela e outros rapaces foron coas vacas para o chamado Coto do Castro, e levaron unhas sachas. Empezaron a cavar na roda do coto por fóra, aparecéndolle unha parede de pedra pizarra, entón, ó que cavaron un pouco máis atoparon unhas cantas bolas (como as doas dun colar) moi brillantes e de moitas cores. Entón como comentaban que naquel coto había un fogo de alquitrán, tiñan medo que lle aparecera e que arderan sete leguas arredor, logo como eran pequenos, colleron medo e tiraron as bolas e taparon o burato que fixeran".

- "Dentro do coto hai unha roda de muíño colgada por unha liña de ouro".

- "Dentro do coto había un pote cheo de moedas de ouro".

- "Conta a lenda que o nome de Loureiro vén dado por unha moza loura que baixaba do castro ó río, xusto a carón da Ponte do Crego, e que se lle aparecía á xente que pasaba por alí. Era unha moza loura (loira), e de aí lle vén o de Loureiro".

9. Bibliografía.

- Tese de Licenciatura da USC de Aquilino Cavadas Soto (1975).
- Tese de Licenciatura da USC de Venancio González Cidoncha.
- Tese de Licenciatura da USC de Camilo Fernández Cortizo, Elisa López Niño, Hernán Sáez, Evaristo Mato Oliveira.
- Xulio Carballo Arceo.
- FRANCISCO ROZADOS "Rochi"(2000): *Terra de Montes*. Ed. Everest (Edición especial para Asociación P.R.O.D.E.R. "TERRA DE MONTES").
- APARICIO CASADO, B.(1999): *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega.* Cadernos do Seminario Sargadelos. Nº80. Ed. do Castro. Sada.
- Catalogación da Consellería de Cultura (agás no caso do castro das Mouteiras, os datos das fichas da catalogación deste concello que constan na Xunta de Galicia, elaboráronas Mariana Alonso de Cáceres e Ricardo Viñas Cue; o resto dos apartados son de autoría propia).

10. Material Gráfico.



Ilustración 5. 1: Mapa 1:25.000 (153-II)



Ilustración 5. 2: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 3: Muralla e Croa.

Ilustración 5. 4: Cara interna da muralla.

Ilustración 5. 5: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Castro de As Mouteiras.

   Clave de identificación: GA36018045.

2. Localización.

- Lugar: As Mouteiras/San Marcos.
- Parroquia: Santiago de Pardesoa.
- Concello: Forcarei.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 153 (1:25.000: 153-IV).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 153-43.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º31´43´´ N. / Lonxitude: 8º19´06´´ O.
- Proxección UTM: X: 556.000 / Y: 4.708.800.
- Altitude: 616 m.
- Acceso: Imos pola estrada Pontevedra-Ourense (N-541), antes de chegar a Soutelo de Montes, hai que tomar unha pista á dereita, indicada cara Presqueiras e San Marcos. Pasado este último lugar, débese coller o primeiro camiño de terra á dereita, que conduce ó castro.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Ubícase no rechán dunha ladeira de pendente suave.

- Condicións naturais de defensa: Non son nada boas, pois está nunha zona chan. Na parte meridional ten, a considerable distancia, o desnivel cara o río do Castro, pero é unha ubicación mala de defender.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Ten monte baixo e repoboación forestal de piñeiros; logo tamén hai algún eucalipto e carballeiras.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: Non se ve ningún outro castro.

· Área de visión: Vense San Marcos, Xisto e diversos lugares da parroquia de Pardesoa.

4. Descrición.

Debido a alteracións de tipo agrícola, non se aprecian estruturas defensivas en superficie con claridade. Unicamente é perceptible, no cuadrante NO., unha liña curva dobre de fentos que coincide coa maior concentración de pedras en superficie. Esta liña parece que define o trazado da muralla e máis dun foxo que separaría o castro da parte alta da ladeira. Na actualidade a mesta vexetación de monte baixo, a base de toxo de grandes dimensións imposibilita a percepción do xacemento castrexo.

Na fotografía aérea do ano 1980 apréciase que aínda se conservaba a muralla no cuadrante NO. Na fotografía aérea do ano 1956 (“voo americano”) obsérvase que a muralla do centro se conservaba completa. Se nos fiamos desta última fotografía, o castro posúe un único recinto de forma aproximadamente circular de perto de 100 m. de diámetro, rodeado completamente dunha muralla.

Sobre o terreo, na actualidade, parece como se poidera existir un antecastro pola parte Leste. Na superficie do terreo apréciase algún resto de cerámica castrexa, un anaco de muíño circular e outro de muíño barquiforme.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: É un castro moi alterado polos traballos agrícolas.
- Vexetación: Hai monte baixo.
- Tipo de propiedade: É comunal, está arrendado na actualidade a un particular.
- Medidas de protección: Non existen.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: Fórmao a chaira que limita polo O. co monte de San Marcos, ó S. co río Castro; E. as estribacións montañosas que logo dan paso á serra do Testeiro (Serras Centrais) e N. o río Ventoxo.

  · Substrato xeolóxico: Ten a súa orixe no Precámbrico-Silúrico, atópase no dominio da serie de Forcarei e as rochas predominantes son diversos tipos de xistos (micáceos, cuarcíticos e con porfiroblastos de plaxioclasa).

  · Conclusións: Trátase dun castro sen un perímetro defensivo importante, cando menos polos restos conservados. En canto a isto, tería un certo parecido ó castro da Chan das Pipas (Caritel-Pontecaldelas), podendo ser tamén dunha fase antiga na cultura castrexa. Está ó pé das serras, co cal cara a parte oriental non hai máis ata pasar as estribacións montañosas.

- Proximidade de recursos hídricos: A uns 500 m., na área meridional, está o río Castro.

- Distancia ó veciño máis próximo: Cara o N., a uns 400 m., están as casas de San Marcos. Os xacementos máis cercanos son o castro de Montes (1’9 km.) e o castro de Sanguñedo (2 km.).

- Vías de comunicación: Existe un camiño que bordea o castro pola parte oriental.

7. Ergoloxía.

   Apareceron a nivel superficial restos de cerámica castrexa (depositadas no Museo de Pontevedra). Tamén se atoparon in situ un muíño circular e un muíño navicular.

8. Folclore.

   Non se conservan lendas.

9. Bibliografía.

   - Xulio Carballo Arceo e Alfredo González Ruibal (Ficha da Xunta).

10. Material Gráfico.



Ilustración 5. 6: Mapa topográfico 1:25.000 (153-IV)





Ilustración 5. 7: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 8: Vista do Castro dende o NO. (L. X. Carballo Arceo, A. González Ruibal).

Ilustración 5. 9: Anaco de muíño circular en superficie. (L. X. Carballo Arceo, A. González Ruibal).

Ilustración 5. 10: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Castro de Montes/ Castro de Presqueiras.

   Clave de identificación: GA 36018015.

2. Localización.

- Lugar: O Castro.
- Parroquia: S. Miguel de Presqueiras.
- Concello: Forcarei.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 153 (1:25.000: 153-IV).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 43.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º31´41´´N./ Lonxitude:8º20´08´´O.
- Proxección UTM: X: 554.600 / Y: 4.708.710
- Altitude: 542 m.
- Acceso: Dende a N-541 (Pontevedra-Ourense) hai que chegar ata o lugar do Outeiro, na parroquia de S. Miguel de Presqueiras, e dende alí cóllese ata a ermida de S. Miguel que se asenta no cume do castro.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Ubícase nun esporón sobre un meandro do río Castro, afluente do Lérez no que desemboca á altura de Cerdedo.

- Condicións naturais de defensa: Cara o S. e o E. danse fortes desniveis que caen cara o río.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Monte baixo, prados e carballeira.

- Potencialidade visual:

  · Intervisibilidade con outros xacementos: Non se pode ver ningún.

· Área de visión: A marxe esquerda da cabeceira do río Castro, onde se asentan as parroquias de Sta. Mariña e S. Miguel de Presqueiras e , na marxe dereita, parte da parroquia de Folgoso (Cerdedo). Cara a parte oriental a visión limítase polo monte de S. Marcos e pola occidental polo monte do Seixo.

4. Descrición.

Os restos das murallas aparecen en moi boas condicións. Na croa, hai un coto de pequenas dimensións, no que se aprecian restos, non de época castrexa, senón da Torre dos Xuíces Meiriños (o primeiro xuíz-meiriño da Torre-Fortaleza do Castro de Montes data do ano 1188, foi destruída polos Irmandiños no 1466, logo reconstruída e ata os primeiros anos do s.XVII estivo aquí, para ser logo abandonada).

Trátase dun gran recinto amurallado de planta elíptica. Os seus eixos son: o maior (NO.-SE.) supera os 200 m. e o menor (SO.-NE.) está en torno ós 100 m.

As murallas na parte oriental (a que descende cara o río) aprécianse con claridade. Cara este sector hai dúas terrazas escalonadas, cun ancho uniforme e de considerables dimensións, que bordean a zona da croa. Na zona S. hai afloramentos rochosos con gran desnivel que descenden cara o río e sirven de defensa natural.

No N. a muralla ten un desnivel considerable e un recinto chan que probablemente formaba parte da croa. Na zona occidental non se conserva a muralla pois foi arrasada pola pista de acceso ó templo alí edificado. Polo E. hai un camiño que rodea o castro ata o río.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Construíuse a Torre-Fortaleza dos Xuíces Meiriños a finais do s. XII e máis tarde a ermida de S. Miguel, de estilo barroco. Na croa, en tempos, houbo cultivos e agora un lameiro. A pista de acceso ó lugar, que entra polo O., arrasou parte do xacemento e a súa muralla neste sector.
- Vexetación: Prado, carballeira e mato.
- Tipo de propiedade: Privada.

- Medidas de protección: Non existen.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: A chaira que está na marxe esquerda da cabeceira do río Castro que limita polo O. coas abas do monte do Seixo, onde se ubican as terras de labradío das actuais parroquias de S. Miguel e Sta. Mariña de Presqueiras.

  · Substrato xeolóxico: Componse de rochas do Precámbrico-Silúrico do dominio da Serie de Forcarei. Por alí pasa unha falla en dirección SO.-NE.

  · Conclusións: Este xacemento e o das Mouteiras dominan o territorio do curso alto do río Castro, principal afluente do Lérez xunto co Almofrei. Esta zona, do curso alto do Lérez e do Castro, limita pola súa parte oriental coa serra do Candán (na que nace o Lérez) e a do Testeiro e polo S. e O. co monte do Seixo, áreas elevadas nas que as inclemencias do clima provocan a ausencia de xacementos deste tipo.

- Proximidade de recursos hídricos: A carón do xacemento está o río Castro.

- Distancia ó veciño máis proximo: O lugar máis próximo atópase a uns 500 m. O xacemento máis cercano é o Castro das Mouteiras (1’9 km).

- Vías de comunicación: Actualmente hai unha pista polo O. que aparentemente abriuse polo trazado do camiño que levaba ó templo que se ergue no lugar.

7. Ergoloxía.

   Non se coñecen restos.

8. Folclore.

- “ Cóntase que cando expulsaron ós mouros, quedou moito ouro soterrado, e despois, moitos anos máis tarde, cóntase que un home que tiña un campo detrás da capela do castro, despois de vir unha enchente, atopou uns caldeiros cheos de algo que el creu que era borralla e empezou a espallala polo campo. Como era tan finiña e con algo de barro, pensou que era mellor levar algunha para taparlle os buratos ó forno. Cando lle prendeu o lume ó forno empezaron a verse luciñas dentro, e as fillas dixéronlle:

  - Padre, vostede que lle botou ó forno.

  - Boteille un pouco barro que trouxen do castro, que era fino coma a borralla.

  - Máis tarde descubrirían que era ouro moído”.

- “ Dicíase que indo polo camiño do Castro aparecíase unha mociña moi bonita que tiña unha tenda, e pasou por alí un mozo e díxolle:

  - ¡ Que tendiña máis bonita tes!

  E dixo a moza:

  - E logo, ¿que é o que a ti máis che gusta da tendiña?

  - A min esas tesoiras.

  - Pois as tesoiras son para cravarchas nos ollos e no corazón. Se dixeras a tenda e máis a tendeira serías rico porque é todo ouro”.

  - “ Din que á esquerda da capela do castro había un castelo, que lle chamaban dos Churruchaos. Dentro do castelo había como un túnel por onde os mouros levaban a beber os cabalos.

  Dicían que dende a torre que tiña o castelo víase Santiago de Compostela.

  Alguén sacou o tesouro do castelo, non se sabe quen, que era como borralla, que despois foi sementado nun campo. Nas veigas aparecían as pedras do castelo.

  Dicían que á patrona da capela do castro, Nosa Señora dos Remedios, os mouros queríana por en Outeiro. Os mouros sacaban as pedras dunha veiga que chegaba ó río dos Churruchaos e a Virxe levaba esas pedras para o castro, para que lle fixeran alí a capela.

Din que na fonte, no río dos Churruchaos, que se se metían os pés non se mollaban polos poderes que tiñan eles.

Á galiña dos pitos de ouro tíñanlle que botar un gorro ou pucho, se o pucho llo botaban ós pitos, ou se alguén pasaba por diante da galiña e dos pitos, desaparecían".

- " Din que debaixo da terra, na capela do castro, hai un castelo con tesouros dentro, e din que hai unha cova que chega ata onde está o río que utilizaban os mouros para levar os cabalos a beber".

9. Bibliografía.

- LÓPEZ CUEVILLAS, F.(1940-41): "Nuevas insculturas cruciformes en Galicia". *Archivo Español de Arqueología.* Tomo XIV. Páx. 444.
- LÓPEZ CUEVILLAS, F.: "Prehistoria". *Historia de Galicia* de Otero Pedrayo, páxs. 186-199.
- GONZÁLEZ CIDONCHA, V. (1975): Traballo de cátedra de Prehistoria. USC.
- FILGUEIRA VALVERDE, X.; GARCÍA ALÉN, A. : "Presqueiras, S. Miguel : O Castro "(topónimo sen comprobar).
- RODRÍGUEZ FRAIZ, A.(1971): "Terra de Montes: Torre-Fortaleza dos Xuíces Merinos". *Compostellanum, XVI,* nº 1-4 (XII-1971. Páxs. 336-337).
- ROZADOS, F. "Rochi" (2000): *Terra de Montes.* Ed. Everest. (Edición especial para Asociación P.R.O.D.E.R. "TERRA DE MONTES").
- APARICIO CASADO, B.(1999): *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega*. Cadernos do Seminario Sargadelos. Nº80. Ed. do Castro. Sada.

10. Material Gráfico.



Ilustración 5. 11: Mapa Topográfico 1:25.000 (153-IV)

Ilustración 5. 12: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 13: Vista xeral dende a zona meridional.

Ilustración 5. 14: Croa e pendente da parte oriental.

Ilustración 5. 15: Panorámica dende o O da croa e do recinto principal.

Ilustración 5. 16: Restos da torre medieval.

Ilustración 5. 17: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Castro da Mota.

   Clave de identificación: GA 36018011.

2. Localización.

- Lugar: Barciela.
- Parroquia: Sta. Mariña de Castrelo.
- Concello: Forcarei.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 153 (1:25.000: 153-III).
- Nº cuadrícula (1:10.000) : 32.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º33´44´´N. / Lonxitude: 8º21´52´´O.
- Proxección UTM: X: 552.130 / Y: 4.712.500
- Altitude: 560 m.
- Acceso: En Folgoso, na N-541 (Pontevedra-Ourense), hai un cruce que nos conduce despois duns catro Km. ata o lugar de Barciela, na parroquia de Sta. Mariña de Castrelo, neste lugar collemos un desvío á dereita duns 200 m. que nos leva ata a igrexa parroquial. Ó N. do templo, a uns poucos metros hai unha torre de alarma e neste sitio é onde se localiza o topónimo co posible xacemento.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Trataríase dun castro de ladeira que non destaca visualmente, está nun rechán na marxe dereita do Lérez.

- Condicións naturais de defensa: Ten algo de pendente cara o S.-SE., no resto do contorno a orografía non facilita a súa protección diante dun eventual ataque.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Principalmente hai lameiros e unha carballeira.

- Potencialidade visual:

  · Intervisibilidade con outros xacementos: Castro da Cerca (Vilariño-Parada-Cerdedo).

  · Área de visión: Vense os diversos lugares das parroquias de Parada e Folgoso (Cerdedo); tamén se aprecia Castrelo, Forcarei e Cachafeiro. Óllanse a serra do Candán e o monte do Seixo.

4. Descrición.

   Polo E. aprécianse restos de muros, que non se pode asegurar dun xeito fiable que sexan restos do que sería unha muralla. A torre de alarma está no cabo S. da chan, xusto onde empeza o desnivel do terreo.

   Cara o SE. hai un afloramento rochoso de gran tamaño e unha carballeira , de reducidas dimensións, cunha antiga corredoira con marcas de carro. Na zona S.-SE. e, en menor medida, na parte oriental temos un desnivel apreciable.

   A partir da torre e en dirección E.-N.-O. hai unha zona de rechán duns cen metros de diámetro, na que se asentaría o dubidoso xacemento. As características do lugar non nos levan a afirmar tallantemente que nos atopemos diante dun castro, malia que se observan posibles muros e murallas por algún sector.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Ubícase unha torre-defensiva de vixiancia de época medieval no cumio deste pequeno coto. Tamén alteraron o lugar os campos de cultivo e a actividade dunha pequena canteira. Insisto na dificultade de recoñecer este emprazamento como castrexo.
- Vexetación: Adícase a prados.
- Tipo de propiedade: Privada.
- Medidas de protección: Non existen. Nas guías da zona aparecen a torre e a igrexa parroquial pero non hai indicadores que citen o posible castro.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: A chaira na que se ubica o lugar de Barciela.

  · Substrato xeolóxico: Pertence ó dominio da Serie de Forcarei, do Precámbrico-Silúrico indiferenciado; componse de xistos micáceos, xistos cuarcíticos e xistos con porfiroblastos de plaxioclasa e intercalacións de anfibolita.

  · Conclusións: Debido ós escasos indicios sobre a súa existencia, agás o topónimo, non me aventuro a formular ningunha idea.

- Proximidade de recursos hídricos: Está a uns 800 m. ó O do río Lérez, pero hai mananciais perto deste lugar.

- Distancia ó veciño máis próximo: A uns 100 m. ó NE. están as casas de Barciela. O xacemento máis próximo é o Castro da Cerca (1'1 km).

- Vías de comunicación: Polo SE. bordea este emprazamento unha antiga corredoira con rodeiras de carro.

7. Ergoloxía.

   Non hai restos materiais.

8. Folclore.

   Non se conservan lendas.

9. Bibliografía.

   Inédito. Só aparece na catalogación da Consellería de Cultura.

10. Material Gráfico.



Ilustración 5. 18: Mapa topográfico 1:25.000 (153-III).

Ilustración 5. 19: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 20: Panorámica xeral e terraplén da posible croa.

Ilustración 5. 21: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Castro de Garellas / Castro de Rodeiras.

   Clave de identificación: GA 36018007.

2. Localización.

- Lugar: Garellas.
- Parroquia: S. Mamede de Millerada.
- Concello: Forcarei.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 153 (1:25.000: 153-IV).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 33.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º33´32´´N. / Lonxitude: 8º18´50´´O.
- Proxección UTM: X: 556.340 / Y: 4.712.160
- Altitude: 654 m.
- Acceso: Dirixímonos dende Forcarei ata Cachafeiro e aquí collemos en dirección a Soutelo de Montes, ó chegar a Garellas hai que desviarse por unha pista local a man esquerda, que unha vez pasada unha carballeira onde está o campo da festa do lugar, continúa en sentido ascendente ata chegar á altura do castro que se atopa ó seu carón á esquerda, xusto ó rematar o tramo de subida.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Está no cume onde remata unha dorsal.

- Condicións naturais de defensa: No O. e S. é onde se atopan uns desniveis considerables.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: O entorno máis próximo está a monte baixo e perto hai zonas de amplos prados e cultivos.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: Castro da Mouteira (Portela-Millerada).

· Área de visión: Na parte setentrional a vista acada ata os cumios que separan as cabeceiras dos vales do Umia e Lérez; no E. están a serra do Candán e a do Testeiro e cara o S. o Seixo e polo O. as terras da marxe esquerda do Lérez ata Forcarei. Tamén se ven Garellas, Vilar, Ventoxo, Quintelas, Cachafeiro, Freixeira, os diversos núcleos da parroquia de Millerada e ó lonxe Forcarei.

4. Descrición.

O castro ten planta elíptica e todo o seu perímetro está amurallado. Aséntase nun emprazamento bo de defender, a súa superficie é chan. O xacemento, no seu conxunto, consérvase perfectamente. Ten un foxo que rodea toda a muralla, agás no SE. onde se atopa a entrada. O campo visual dende o lugar é inmellorable.

O conxunto ten dous recintos (croa e antecastro). No SO. está o acceso interno entre os dous e tamén parece que neste sector había un acceso secundario dende o exterior. O antecastro está no sector S.-SO. Na parte setentrional o sistema defensivo posúe as dimensións máis espectaculares: a muralla ten un talude de dez metros, o foxo seis de ancho, o parapeto (muralla) exterior catro de ancho e o terraplén na cara interna cinco metros. Entre o NO.-N. danse estas dimensións maiores, que van dende os tres metros e medio de ancho do foxo e os tres do talude do parapeto exterior (NO.) ata as dimensións referenciadas antes. Entre o castro e o antecastro hai un pequeno foxo con parapeto de dous metros de anchura por tres e medio de talude e apenas dez de lonxitude, que non se sabe que función tería. O eixo maior (N.-S.) ten uns 85 m. e o menor (E.-O.) uns 60 m.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Antigamente adicouse a cultivos. Tamén se viu afectado por un desmonte para un campo de fútbol e por algunha remoción furtiva. A uns metros, no N., pasa unha liña de tendido eléctrico.

- Vexetación: Na actualidade está a monte baixo que se aproveita para rozar para estrume.
- Tipo de propiedade: Monte comunal.
- Medidas de protección: Non se contemplan.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: Ten un espacio reducido cara o S., pero a maior parte do territorio de explotación preferente debeu ser cara o O., no pequeno val do río Freixas, afluente da marxe esquerda do Lérez. No E., N. e S. a liña de cumios atópase perto o que limitaría a súa zona de actividades agropecuarias.

  · Substrato xeolóxico: A súa composición é de xistos micáceos, xistos cuarcíticos e xistos con porfiroblastos de plaxioclasa do Precámbrico-Silúrico.

  · Conclusións: O castro de Loureiro xunto co de Garellas son os máis importantes de Forcarei, pois teñen uns sistemas defensivos espectaculares e, no caso do segundo, un dominio enorme do espazo circundante, aspecto que complementaba a súa defensa. De cara ó futuro sería interesante facer algunha intervención nos dous para un mellor coñecemento da ocupación desta zona de cabeceira do val, nas estribacións das Serras Centrais que dividen Galicia en sentido N.-S.

- Proximidade de recursos hídricos: A uns 350 m. ó N. pasa un curso fluvial.

- Distancia ó veciño máis próximo: O lugar de Garellas está a 250 m. ó O. do poboado castrexo. Os xacementos máis cercanos son o Castro da Mouteira (1’5 km) e o Castro de Sanguñedo (2’35 km).

- Vías de comunicación: Polo SE. bordea o castro unha pista que posiblemente aproveitara un antigo camiño entre Garellas e Vilar.

7. Ergoloxía.

   Apareceron en remocións algúns anacos de cerámica castrexa.

8. Folclore.

   - “ Hai un túnel que vai ata o castro de Sanguñedo, na Madalena e segundo outra versión ata o regato de Calvos”.
   - “ Baixo o castro andan unha galiña e os seus pitiños de ouro, oíase polas tardes o choquear da galiña e piar os pitiños. Ó querelos coller a xente que os vía, desaparecían”.
   - “ Alí vivían os mouros e marcharon á guerra, algúns quedaron alí escondidos baixo o castro. Por isto, un veciño chamado Ramón dos Burros leváballes centeo que moían e comían dentro do castro”.
   - “ Na zanxa que rodea o castro hai tres vigas: unha de ouro, outra de prata e a outra de lume ou alquitrán. As dúas primeiras téñenas que atopar as rodas dun carro a base de afondar no camiño. No caso de descubrirse a de lume ou alquitrán incéndiase todo e desaparecerán as tres vigas”.
   - “ Debaixo do castro hai unha capela de ouro, coa porta cara o Norte, a poucos pasos de fondura, por debaixo da zanxa que rodea o castro”.
   - “ Os mouros vivían no castro das Rodeiras (Garellas), dicían que o castro, por debaixo, estaba oco, formando túneles. Por estes túneles, os mouros ían buscar auga nas brañas de Aciveiro e aquí tamén levaban os cabalos a beber”.
   - “ No castro das Rodeiras, dise que hai unha viga de ouro e outra de alquitrán, pero non se sabe cal está primeiro, por iso nunca se cavou, porque se topaban primeiro a de alquitrán incendiábase o pobo”.
   - “ Xa vén dende moito antes que dicían os nosos vellos que nas Rodeiras de Garellas había unha viga de ouro e outra de alquitrán e que se alguén quixera atopalas podía facelo. Se atopaba primeiro a de ouro facíase rico, pero se primeiro atopaba a de alquitrán arderían o pobo e os seus arredores”.
   - “ Tamén hai un dito que di que nas mesmas Rodeiras: entre val e val no Campo da Forca hai un xugo de ouro e un caldeiro cheo de moedas de ouro; pero non se sabe onde está ese entre val e val porque hai moitos vales”.

- “ Tamén hai outro dito que di que o día de San Xoán, pola mañá ó saír o sol, sae unha galiña de ouro cos pitos a tomar o sol, pero moitas veces a xente foi mirar e nunca viron nada”.
- “ Outro dito é que pola festa do San Antón de Garellas, no medio da noite, baixaba un mouro do castro para bailar coas mozas, iso é o que din pero non se sabe”.
- “ Na cima do castro hai unha muralla feita de terra. As lendas contan que a devandita muralla foi feita polos mouros”.
- “ Contan os vellos que noutros tempos os mouros viviron nestas terras fai moitos séculos. As historias que vou narrar datan de moi antigo. Foron contadas polos nosos antepasados e chegaron ós nosos días.

O castro ó que me vou referir chámase das Rodeiras, alí viviu unha poboación de mouros. Din que alí se empezaron a formar os pobos de Garellas, Quintelas e Vilar e, de feito, todos eles están ó redor deste castro.

Eles tiñan o seu pobo montado alí. Hai uns anos encontráronse restos de muros de pedra e neles algunhas cerámicas que agora están nalgún museo, tamén tiñan un forno onde supostamente cocían o pan. As pedras deste forno rumoréase que están nalgunha casa dos arredores.

Contan que nunha cova hai vasillas de ouro gardadas por serpes. Estes ofidios están encantados e para desencantalos hai que dicir unhas verbas e darlle un bico á serpe para poder coller o ouro.

Había outras vasillas que dicían que tiñan unha corda ó seu redor. Había que dicir unhas palabras e despois a corda convertíase nunha cobra. Despois disto había que darlle un bico e entón podías coller estas vasillas de ouro.

Neste castro, polo lado que dá contra Quintelas, dicían que había unha vella que tiña uns tendais de roupa e que os collía e os botaba ós homes, e outra señora que gardaba unha galiña que poñía ovos de ouro. Moita xente de hoxe en día lembra ter acudido a escavar a este lugar”.
- “ Coméntase do Castro de Garellas que habitaron alí os mouros durante seiscentos anos, aproximadamente, e que as súas vivendas atopábanse debaixo de toneladas de terra.

Dise que os seus utensilios eran de ouro, incluso algunha viga onde eles vivían era de ouro.

A comezos do s. XX e a finais do anterior, os veciños do pobo de Garellas, que escoitaban os contos dos seus avós que lle dicían que se atopaba ouro debaixo da terra, comezaron a facer covas polos lados para poder atopar os seus tesouros, sen conseguir ningún dos seus propósitos".

- " No Coto do Castro, a señora Carme da Seara, que morreu hai dous anos, atopou moedas de ouro nun burato. Revolveu a terra e alí estaban dous patacos de ouro e foillos ensinar á súa nai. Cando chegaron alí, xa non atoparon nada.

Ela díxome que esas moedas só aparecían nun día particular e que cando aparecían, algo lle pasaría na súa familia, bo ou malo, e de alí a dous días morreu a súa avoa".

9. Bibliografía.

- Traballo de cátedra de Prehistoria da Universidade de Santiago de Compostela de Venancio González Cidoncha.
- RODRÍGUEZ FRÁIZ, A.: *Gran Enciclopedia Gallega*. Tomo XXI. Páx. 49.
- APARICIO CASADO, B.(1999): *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega.* Cadernos do Seminario Sargadelos. Nº 80. Ed. do Castro. Sada.

10. Material Gráfico.



Ilustración 5. 22: Mapa topográfico 1:25.000 (153-IV).



Ilustración 5. 23: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 24:Vista xeral (E).

Ilustración 5. 25: Foxo (N).

Ilustración 5. 26: Entrada ó recinto.

Ilustración 5. 27: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Castro de Sanguñedo / Coto do Castro.

   Clave de identificación: GA 36018017.

2. Localización.

- Lugar: Sanguñedo.
- Parroquia: Sta. María da Madalena.
- Concello: Forcarei.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 153 (1:25.000: 153-IV).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 33-43.
- Coordenadas xeográficas: Latitude:42º32´32´´N. / Lonxitude: 8º17´41´´O.
- Proxección UTM: X: 557.920 / Y: 4.710.370
- Altitude: 630 m.
- Acceso: Cóllese a estrada que parte de Soutelo de Montes e pasa por Sanguñedo, á entrada deste lugar, a man esquerda está o castro, a carón do cal pasa o regueiro do Prado.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Aséntase no alto dun outeiro.

- Condicións naturais de defensa: Son as propias dun lugar desta caste con pendentes pronunciadas en todo o seu perímetro.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Destaca a carballeira que rodea parte do xacemento, a repoboación de piñeiros e carballos americanos no propio xacemento, ademais dunha zona de monte baixo. Son importantes as amplas extensións de pastos ó ser unha zona de actividade gandeira e os cultivos en menor medida.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: As numerosas liñas de cumios que limitan os diversos vales de pequenas dimensións polos que flúen os colectores do Lérez na súa cabeceira, limitan o campo visual dos castros desta zona. Neste caso non se pode ver ningún outro asentamento castrexo dende o castro de Sanguñedo, malia que a curta distancia están os de As Mouteiras (San Marcos), Presqueiras, Garellas, Portela (Millerada) e A Cerca (Vilariño-Cerdedo).

· Área de visión: Vense os núcleos da Madalena, Sanguñedo, Vilariño e Soutelo de Montes. Na zona oriental están os cumios da serra do Candán, Tras do Monte e serra do Testeiro. Polo S. o monte do Seixo e no O. e N. outras estribacións montañosas tamén acotan o dominio visual dende este hábitat castrexo.

4. Descrición.

Trátase dun xacemento de recinto único de planta elíptica con terrapléns pronunciados. Cara o S., por onde pasa o regueiro do Prado, descenden dúas terrazas, a primeira das cales ten uns vinte metros de ancho e logo hai unha pequena franxa de terreo na marxe do devandito curso fluvial que se cruza por unha pontella. Nesta zona hai varios exemplos de castros con terrapléns na marxe dun río e unha ampla chaira rodeándoos. No NE. hai unha terraza onde se ubica algunha vivenda, e no N. hai un pequeno tramo duns cinco metros do paramento da muralla ó descuberto, xa que lle eliminaron o talude.

Na parte N.-NO.-O. hai un camiño e un muro de contención que bordean o castro. A entrada era polo O. por medio dunha pequena rampla de acceso. Case non conserva parapetos, só os terrapléns que son máis ostensibles no S. e E. e menos no N. e O. debido ó devandito camiño, oscilan entre oito e doce metros. A superficie do recinto é chan.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Ten muros divisorios de parcelas e repoboación forestal de piñeiros e carballo americano. No N., xunto a unha casa, o paramento da muralla, nun pequeno tramo está ó aire, xa que aplomaron o talude.
- Vexetación: Está ocupado por piñeiros e carballos americanos e, en parte, por monte baixo. Na parte S., ocupando as terrazas de cultivo hai unha carballeira.
- Tipo de propiedade: Particular.
- Medidas de protección: Non existen, pódese ver na recente repoboación, malia estar catalogado.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: Unha pequena zona cara o N. e logo cara o O.-NO. estarían a maior parte das terras de valor agrolóxico, posto que as liñas de cumios rodean o castro a unha curta distancia.

  · Substrato xeolóxico: Fórmano xistos micáceos, xistos cuarcíticos e xistos con porfiroblastos de plaxioclasa do Precámbrico-Silúrico.

  · Conclusións: Estamos diante dunha ubicación moi encaixonada debido á orografía da zona. Hai varios castros nas proximidades das Serras Centrais que non teñen intervisibilidade entre eles malia estar a curta distancia, esta característica repítese en varios exemplos da cabeceira da conca do Lérez. Teñen un emprazamento nun lugar elevado, de doada defensa e cun curso fluvial a poucos metros.

- Proximidade de recursos hídricos: Polo S. e O. bordea o castro de Sanguñedo o regueiro do Prado, que vai dar ó regueiro do Mesón, afluente do río Ventoxo que á súa vez desemboca no río do Castro, principal afluente do Lérez na súa marxe esquerda na parte alta da súa conca.

- Distancia ó veciño máis próximo: No NE., ó pé do castro está o lugar de Sanguñedo. Os xacementos máis cercanos son o castro das Mouteiras (2 km) e o castro de Garellas (2’35 km).

- Vías de comunicación: Polo N.-NO.-O. un antigo camiño de carro, con muros ós lados, bordea o castro.

7. Ergoloxía.

   Non se coñecen restos materiais.

8. Folclore.

   - “Hai un camiño soterrado que o une co castro de Garellas ou das Rodeiras de Millerada e tamén co Coto da Mámoa, na mesma parroquia, onde existe un tesouro deixado polos mouros”.
   - “Ás veces, oíase, procedente do castro, moito ruído dun muíño moendo”.
   - “Debaixo do castro nunha cova, hai unha grade e un arado, os dous de ouro e cando alguén quería collelos, non podía polos encantamentos que facían”.
   - “Perto de aquí viuse unha galiña de ouro cos seus pitiños de ouro e cando alguén quería collelos desaparecían”.
   - “ Dende o Coto do Castro ata a Braña dos Mouros ían os mouros levar os cabalos a beber e por onde eles pasaban hai unha viga de ouro e outra de alquitrán. No sitio onde os cabalos bebían hai a forma dun nicho e din que alí no fondo hai un nicho de ouro”.
   - “ A xente conta que había camiños por debaixo da terra que comunicaban o castro de Sanguñedo co de Aciveiro e que había unhas escaleiras para baixar do castro ata eses camiños subterráneos e así poder comunicarse a xente. Esta señora tamén nos dixo que non podía entender como o construíran e que tamén, probablemente, estaba comunicado con outros castros, pero non se sabe”.
   - “ Dicían os máis vellos da aldea que viran unha galiña que levaba detrás uns piros dourados; esta galiña aparecía e desaparecía enriba do castro. Desta galiña

non se volveu saber nada máis, pero algún veciño aínda andou buscando ben tempo á pola e ós seus piros",

- " Outra xente do pobo conta que a galiña e os seus piros saían dunha cova do castro de Sanguñedo, acompañados por unha vella que ía á súa vez fiando liño coa roca e co fuso. Cando aparecía, dirixíase cara o río e logo desaparecía".

- " Din os vellos que no castro de Sanguñedo vivían os mouros e aínda se conserva un paso soterrado para entrar no devandito castro. Contan os vellos que dentro dese castro había unha galiña cos pitos de ouro. Posteriormente, un veciño de Sanguñedo fixo ó carón do devandito castro unha escavación para facer unha casa e atopou unha lareira con brasas recentes. Isto era sinal de que os mouros estaban nel".

9. Bibliografía.

- FILGUEIRA VALVERDE, X.; GARCÍA ALÉN, A.(1959): *Materiales para la Carta Arqueológica de la provincia de Pontevedra*. EMP XIII. Páx. 58.
- Xulio Carballo Arceo.
- GONZÁLEZ CIDONCHA, V.: Traballo de cátedra de Prehistoria da Universidade de Santiago de Compostela.
- APARICIO CASADO, B.(1999): *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega.* Cadernos do Seminario Sargadelos. Nº 80. Ed. do Castro. Sada.

10. Material Gráfico.



Ilustración 5. 28: Mapa topográfico 1:25.000 (153-IV).



Ilustración 5. 29: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 30: Vista xeral (E).

Ilustración 5. 31: Acceso.

Ilustración 5. 32: Parapeto.

Ilustración 5. 33: Paramento da muralla.

Ilustración 5. 34: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Castro da Mouteira.

   Clave de identificación: GA 36018005.

2. Localización.

- Lugar: Portela.
- Parroquia: S. Mamede de Millerada.
- Concello: Forcarei.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 153 (1:25.000: 153-IV).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 33.
- Coordenedas xeográficas: Latitude: 42º34´10´´N. / Lonxitude: 8º18´07´´O.
- Proxección UTM: X: 557.250 / 4.713.300
- Altitude: 640 m.
- Acceso: Vaise pola estrada que une Cachafeiro-Millerada-Soutelo de Montes, cando estamos xunto ó cartel de Fixó, hai un camiño á dereita que cruza o río e condúcenos xunto a un muíño e unha vivenda, pertencentes ó lugar da Portela, seguindo este camiño chégase ó castro.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Nun rechán na aba occidental dos cumios que separan o val do Lérez da conca do Deza.

- Condicións naturais de defensa: Non eran moi boas debido a estar nunha zona chan, con pequenos desniveis cara o S. e O., no N. e E. son inexistentes.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Adícase principalmente a pastizais e tamén algúns cultivos.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: Castro de Garellas.

· Área de visión: Vense os núcleos pertencentes á parroquia de Millerada. No E. está a serra do Candán que separa as concas fluviais do Lérez e do Deza e no resto dos puntos cardinais os cumios que delimitan o val do río Freixas, afluente da marxe esquerda do Lérez, no que desemboca á altura da "Ponte Vella" de Parada.

4. Descrición.

O xacemento está moi alterado pola roturación das terras para os cultivos e prados. Do xacemento só se conserva un tramo do foxo, duns dez metros de ancho, e da muralla externa uns vinte metros de longo no NO.

Pódese intuír que o recinto principal debeu chegar ata o muro de contención que se ergue onde empeza o talude interno do foxo que aínda se conserva. O resto da zona foi aplanada para uso agrícola.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Sufriu alteracións ó ser roturado para cultivos e parcelacións.
- Vexetación: Na súa maior parte son pastizais e o resto cultivos. A zona NO., na que se conserva parte do sistema defensivo, ten unha pequena carballeira.
- Tipo de propiedade: Particular.
- Medidas de protección: Non existen.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: A metade alta do val do río Freixas que chega ata antes de Cachafeiro, onde se encaixona entre uns montes cuxas abas chegan ata as súas marxes (Couto do Pombo e Rañalonga).

  · Substrato xeolóxico: Componse de xistos micáceos, xistos cuarcíticos e xistos con porfiroblastos de plaxioclasa do Precámbrico-Silúrico. No E.-SE. hai un pequeno afloramento de rochas filonianas, neste caso trátase de dolerita.

  · Conclusións: O recinto debeu ter un sistema defensivo de respetables dimensións polo que se pode apreciar no pequeno tramo que sobreviviu ó paso do tempo e da actividade agropecuaria. Debido ó grao de alteración e á inexistencia de achados non se poden formular hipóteses.

- Proximidade de recursos hídricos: A carón do castro, polo E. e S. flúe un pequeno curso fluvial.

- Distancia ó veciño máis próximo: A uns 50 m. está a vivenda máis próxima da Portela. O xacemento máis cercano é o Castro de Garellas (1’5 km).

- Vías de comunicación: Un camiño agrícola polo que dende o E. chegamos ó xacemento pasa pola zona que debeu ser o límite da parte principal do recinto.

7. Ergoloxía.

   Non se coñecen restos.

8. Folclore.

- “ No castro refuxiábanse os antergos nos tempos de guerra”.
- “ Alí viviron os mouros”.
- “ Tirábanse pedras os habitantes deste castro ós do castro de Loureiro”.
- “ No castro contan que hai unha viga de ouro e outra de alquitrán e que se podería escavar. Se se atopaba a de ouro era ben, pero se se atopaba a de alquitrán morría a xente”.

9. Bibliografía.

- Catalogación da Consellería de Cultura.
- APARICIO CASADO, B.(1999): *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega.* Cadernos do Seminario Sargadelos. Nº 80. Ed. do Castro. Sada.

10. Material Gráfico.



Ilustración 5. 35: Mapa topográfico 1:25.000 (1532-IV).



Ilustración 5. 36: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 37: Foxo e muralla.

Ilustración 5. 38: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Castro de Filloi / Coto do Castro.

   Clave de identificación: GA 36018008.

2. Localización.

- Lugar: Filloi.
- Parroquia: S. Bartolameu de Pereira.
- Concello: Forcarei.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 153 (1:25.000: 153-II).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 13.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º38´37´´N. / Lonxitude: 8º19´02´´O.
- Proxección UTM: X: 555.930 / Y: 4.721.525
- Altitude: 692 m.
- Acceso: Chégase pola estrada Folgoso-Silleda, ó chegar á altura de Filloi, tómase unha intersección á esquerda e a case 200 m. está o castro xunto ás casas do lugar.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Ubícase nun outeiro abrupto que destaca sobre a planicie do entorno.

- Condicións naturais de defensa: Son óptimas xa que o asentamento está situado nunha elevación do terreo con fortes desniveis por todos lados e permite a visión da extensa chaira que se desenvolve na cabeceira do río Umia.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Case toda a zona adícase a prados, pois a gandería é a actividade básica; perto tamén está unha zona de monte baixo e carballeiras.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: Castro de Muras-Curuto do Castro.

· Área de visión: Vense os núcleos de Filloi, Valiñaxemia, Reigosa, Castro, Muras, Umia e Graña de Umia. Tamén se contempla a cabeceira do río Umia e a liña de cumios que a enmarca (serra de Penas).

4. Descrición.

O xacemento érguese sobre un gran afloramento rochoso moi alterado pola acción antrópica debido á extracción de pedra para a actividade construtiva de vivendas ou muros. Ten un antecastro que bordea a croa pola zona setentrional. Non se observan restos de estruturas, nin siquera de muralla polas remocións xa citadas. Trátase dun recinto de planta circular con lixeira caída cara a zona do posible antecastro que é o único sector por onde se podería acceder á croa.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Obsérvase un forte grao de alteración debido á extracción de pedra que só nos permite ver unha terraza na que se asentaría o antecastro.
- Vexetación: A croa está invadida polo monte baixo (toxeiras e xestas) e a terraza ten actividade agrícola (pastos e froitais).
- Tipo de propiedade: A croa é monte comunal e o aterrazamento son terreos do resío de varias casas.
- Medidas de protección: Non existen.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

· Territorio de explotación: A chaira que se extende no entorno do nacemento do río Umia, limitado pola serra de Penas (N.-E.) e por uns cumios de menor entidade no S., o val do devandito río oriéntase cara o O.

· Substrato xeolóxico: Componse dun pequeno afloramento de rochas plutónicas e dentro deste tipo son rochas graníticas hercínicas (granito de dúas micas de gran fino a medio). Pero rodeando a zona predomina un substrato do período Precámbrico-Silúrico formado por xistos micáceos, xistos cuarcíticos e xistos con porfiroblastos de plaxioclasa.

· Conclusións: Ó tratarse dun xacemento moi alterado non se poden obter conclusións fiables. É un castro que domina o territorio da cabeceira do río Umia, separada por unha pequena liña de cumios das fontes do Lérez que se atopan ó SE. na serra do Candán (A Noveliza). Son dos castros máis elevados da zona de estudo, pódense considerar de montaña xa que están rodeados por chairas limitadas, a pouca distancia, na zona oriental polas estribacións das Serras Centrais.

- Proximidade de recursos hídricos: A uns 100 m. ó SE. pasa un regueiro que desemboca na marxe esquerda do Umia.

- Distancia ó veciño máis próximo: A carón do castro están varias casas do lugar de Filloi. O xacemento máis próximo é o castro de Muras (1’8 km).

- Vías de comunicación: Un antigo camiño, agora asfaltado procede do NE. e polo E. hai outro de firme de terra que bordea o outeiro no que se asenta o emprazamento.

7. Ergoloxía.

   Non se coñecen restos materiais.

8. Folclore.

“Os vellos falaban da existencia de minas que os mouros tiñan no castro”.

9. Bibliografía.

Inédito. Só aparece na catalogación da Consellería de Cultura.

10. Material Gráfico.

Ilustración 5. 39: Mapa topográfico 1:25.000 (153-II)



Ilustración 5. 40: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 41: Vista xeral (E).

Ilustración 5. 42: Vista xeral (S).



Ilustración 5. 43: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Castro de Muras / Curuto do Castro.

   Clave de identificación: GA 36018022.

2. Localización.

- Lugar: O Castro.
- Parroquia: S. Bartolameu de Pereira.
- Concello: Forcarei.
- Nº de Folla MTN (1:50.000) 153 (1:25.000: 153-II).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 13.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º38´00´´N. / Lonxitude: 8º20´09´´O.
- Proxección UTM: X: 554.540 / Y: 4.720.400
- Altitude: 650 m.
- Acceso: Vaise pola estrada Folgoso-Silleda, logo de superar Dúas Igrexas, despois duns 3 km., hai un cruce á esquerda onde collemos outra estrada que nos conduce ata o lugar do Castro, onde, á dereita atópase o xacemento.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Aséntase no cume aplanado dunha pequena elevación sobre a chaira circundante da marxe esquerda do val do río Umia.

- Condicións naturais de defensa: Cara o N. e NE. ten unhas pendentes considerables, no resto do entorno as defensas do terreo son limitadas.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Os arredores adícanse a pastizais, xa que se trata dunha zona eminentemente gandeira.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: Castro de Filloi-Coto do Castro.

· Área de visión: Pódense ver Castro, Muras, Alende, Pereira, Graña de Umia e Umia, logo a liña de cumios da cabeceira do val limitan o espacio visual. Cara o O. oriéntase o val do río Umia.

4. Descrición.

Este xacemento ten planta elíptica, conserva a muralla e o terraplén en todo o perímetro, pero só na súa parte inferior. A parte alta das defensas foi arrasada, posiblemente pola actividade agrícola. De xeito íntegro, consérvase unicamente no NE., xunto co terraplén. Neste sector ten uns seis metros de caída cara o interior do recinto e dez de talude, a súa altura é de catro metros e o ancho de tres.

Estamos diante dun asentamento de recinto único, con terrapléns que facilitan a súa defensa por todos lados. Os seus eixos miden, aproximadamente, 80 m.(E.-O.) e 60 m. (N.-S.). A entrada debeu ser pola parte oriental pois é a máis accesible.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Polo E. e S. bordea unha pista o lugar e alterou o terraplén. Logo tamén a actividade agrícola lle afectou, pois as defensas están "niveladas" a rente e hai unha rampla de acceso ós terreos na parte oriental.
- Vexetación: Todo o recinto está ocupado por unha carballeira e repoboación de castiñeiros.
- Tipo de propiedade: Privada.
- Medidas de protección: Non existen.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: Polo E. e S. vai ata a liña de cumios que separa as cabeceiras dos vales do Umia (no que está o castro de Muras) e do Lérez; ó N. o río Umia e ó O. uns cotos que teñen unha altura case semellante ó do presente xacemento. O castro de Muras e o de Filloi están na marxe esquerda do río Umia.

  · Substrato xeolóxico: A súa composición é de rochas plutónicas, do tipo das graníticas hercínicas e, nesta zona, trátase de granito biotítico porfídico de gran medio a groso.

  · Conclusións: Estamos diante dun xacemento, que xunto co de Filloi, domina a cabeceira do val do río Umia, tamén está nas estribacións das Serras Centrais. Nos aspectos xerais, no que atingue á súa ubicación e ó territorio de explotación preferente coincide co outro exemplo mencionado.

- Proximidade de recursos hídricos: A 300 m. ó E. está o regueiro do Castro.

- Distancia ó veciño máis próximo: A carón do asentamento , pola parte oriental e setentrional están as casas do lugar de Castro e a 100 m. ó E. as de Alende. O xacemento máis cercano é o castro de Filloi (1’8 km).

- Vías de comunicación: Polo E. e S. bordea o castro unha pista cuxo trazado aproveitou un antigo camiño.

7. Ergoloxía.

   Non se coñecen restos.

8. Folclore.

- “ Ó carón dunha capela hai un castro, e segundo a lenda a xente que vivía nese castro fixo un túnel que ía parar a unha fonte, para que cando estiveran moito tempo en guerra, puideran levar ós animais a beber. Este castro dalle o nome ó lugar chamado Castro de Muras”.
- “ Unha muller ía buscar auga á fonte que había nun montiño redondo chamado o Cruto. No cumio do Cruto había un penedo medio esmagado e del saía unha galiña con pitos dourados moi bonitos ó sol. A muller, cando os veu, quedou moi estrañada porque nunca vira unha galiña e uns pitos tan bonitos. Entón a muller contoullo a outra xente e eles non o crían porque non o vía máis que ela. Despois intentaron ir aló para tocarlle ós pitos, pero desaparecían sen saber onde se metían.

  Á xente parecíalle que se metían debaixo do penedo, entón decidiron erguelo, mais non había ninguén que se achegara a el, xa que antes de achegarse ó mesmo a xente recuaba para atrás, por iso pensaban que era un encanto, porque alí moi perto daquel penedo había unha capela”.
- “ A min contáronme que os mouros estiveran no Castro de Muras, no Cruto. Neste monte tiñan minas nas que agochaban cartos e había encantamentos que se dicía que eran vigas, dúas, para ser máis precisos, unha de ouro e outra de alquitrán”.
- “ Algúns homes tiñan uns libros que lle chamaban *as lendas* e dicían que nalgúns sitios determinados había tesouros. Xa non é o primeiro que colle de pico e pa e que vai remexer onde lle dicían as lendas que estaba o tesouro, ían de noite porque se dicía que de noite brillaban máis os pos de ouro que de día; e se a noite era escura mellor, canto máis escura fora a noite mellor relucía o ouro. Aínda que algúns din que ían de noite por medo a que os vira alguén e así chivarse ó Estado, e este, xa tomaría medidas sobre iso, aparte de que os cartos ían parar ás súas mans e ó que atopase o tesouro trataríano coma un ladrón”.
- “ Uns homes dixeron que *nas lendas* poñía que debaixo da soleira dun portal da Casa de Campio de Castro de Muras había un tesouro que esconderan alí os mouros. Estes homes propuxéronme ir con eles para remexer alí e se era verdade o de que había un tesouro e o atopaban repartiamos as gañancias, pero eu non

quixen ir e eles sós non se atrevían porque tiñan medo a que os pillaran os da casa e así podíanos denunciar. Pero de alí a uns anos – poucos, un ou dous anos -, comentouse que os da propia casa remexeran alí e que atoparan algo porque tiveran moitos adiantos, compras, reformas da casa, etc".

- " O Cruto (era onde os mouros escondían os seus tesouros) estaba unido a un castro, que seica era onde vivían os mouros, ben protexidos da chuvia, da sarabia e ata do sol. Estaban moi acochados e non deixaban que ninguén se achegara polos castros, bueno xa ninguén se atrevía porque tiñan medo de que lle fixeran algo ou de que lle colleran ás fillas. A estas ningúen lles tocou, pero dunha vez deuse o caso de que unha moza, duns dezanove anos, tiña un mozo que non lle gustaba ó pai porque non tiña nada, era esmoleiro, e entón a moza marchouse co mozo e despois argallaron que foran os mouros. O caso é que non se sabe se é verdade porque a moza non apareceu máis e o esmoleiro tampouco".

- " Os mouros nunca se meteron con ninguén, eu penso que eran boas persoas, aínda que polas mallas, nos meses de xullo e agosto, os mouros víñannos roubar o centeo para levar para as súas casas, os castros ou para as minas, que eran os refuxios que tiñan. Estas tiñan unhas pedras en redondo, como a moa do muíño, e alí moían o gran para facer a súa comida.

Dise, eu lembro, que os veciños, ós que lle collían o centeo, poñíanlle auga bieita para que non llo foran coller, pero non dicían o resultado que lle daba o poñerlle a auga bieita".

9. Bibliografía.

- FILGUEIRA VALVERDE, J.; GARCÍA ALÉN, A.(1955): *Materiales para la carta arqueológica de la provincia de Pontevedra*. EMP IX.
- FILGUEIRA VALVERDE, J.; GARCÍA ALÉN, A.(1959): "Adiciones a la carta arqueológica de la provincia de Pontevedra". *EMP XIII*. Páxs. 19-97.
- RODRÍGUEZ FRÁIZ, A.: *Gran Enciclopedia Gallega.* T. XXIV. Páx. 174.
- APARICIO CASADO, B.(1999): *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega.* Cadernos do Seminario Sargadelos. Nº 80. Ed. do Castro. Sada.

10. Material Gráfico.

Ilustración 5. 44: Mapa topográfico 1:25.000 (153-II)

Ilustración 5. 45: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 46: Vista xeral (E).

Ilustración 5. 47: Parapeto e muralla (parte interna).

Ilustración 5. 48: Ancho da muralla e talude.

Ilustración 5. 49: Foto SixPac.

Concello de Cerdedo

1. Nome do xacemento: Castrodiz.

   Clave de identificación: GA 36011007

2. Localización.

- Lugar: Deán-Vilar..
- Parroquia: Sta. Baia de Castro - S. Martiño de Figueroa.
- Concello: Cerdedo.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 153 (1:25.000: 153-III).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 32.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º33´05´´N. / Lonxitude: 8º25´05´´O.
- Proxección UTM: X: 547.800 / Y: 4.711.250
- Altitude: 633 m.
- Acceso: En Cerdedo tómase a estrada a Codeseda, a uns dous km., na marxe esquerda está o cruce da pista que nos leva ata Vilar (0´5 km.), ó pasar este núcleo cóllese unha pista á dereita que logo de dous km. nos leva ó castro (a metade do camiño hai que facelo a pé).

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Ubícase no cumio dun monte que destaca sobre a penichaira e o val de Quireza.

- Condicións naturais de defensa: As propias dun lugar desta caste con fortes desniveis en todo o seu perímetro.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Destaca a repoboación forestal masiva de piñeiros e eucaliptos e, en menor medida, de castiñeiros; ademais hai monte baixo e algún lameiro.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: Castro de Abaixo, Roda do Castro-Castro de Arriba (os dous en Quireza) e Coto da Cerca (San Xurxo de Sacos-Cotobade).

· Área de visión: Polo N. Filgueira, Tomonde , Quireza e os cumios que pechan o val do Lérez; polo NO.-O. están o monte Montouto e as súas estribacións; polo E. limita o espazo a serra do Candán; polo SO. o monte da Arcela e polo S. o monte do Seixo e vense tamén pola zona meridional: Parada, Pedre e Figueroa.

4. Descrición.

Na parte O., está a croa, na que hai varios afloramentos graníticos de considerables dimensións, sobre os que hai restos dunha construción que, parece ser, foi unha torre medieval.

Tamén están as ruínas dunha caseta de vixiancia de lumes feita a base de bloques de cemento. O xacemento componse de dous recintos e un foxo fondo no E. O recinto principal é de planta ovalada. A muralla nótase no N.-E.-SE. O xacemento, no seu eixo maior (SE.-NO.) supera os cen metros de longo e ten uns sesenta de ancho. No O.-NO., a croa continúa máis alá dos penedos. A entrada ó castro, que aínda se conserva, é polo S. e no SE. existe unha terraza que parece formar parte do lugar de habitación.

No O. a caída natural é moi pronunciada e pode que non tivese muralla, no resto do perímetro nótase a estrutura defensiva. A espesa e alta vexetación fai case imposible o acceso ó cumio.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Hai os restos dunha fortaleza medieval arrasada na época dos Irmandiños (s. XV). Nos penedos do curuto quedan as ruínas dunha caseta de vixiancia de lumes feita con bloques de cemento.
- Vexetación: Está cuberto de abundante monte baixo (silveiras e toxos arnais).
- Tipo de propiedade: Monte comunal.
- Medidas de protección: Non se contemplan.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: A penichaira que bordea Castrodiz por todo o seu perímetro a partir da cota de 500 m.

  · Substrato xeolóxico: Trátase de rochas plutónicas, neste caso son rochas graníticas hercínicas e, dentro delas, granito de dúas micas inhomoxéneo con megacristais de feldespato potásico.

  · Conclusións: Este xacemento está nunha posición dominante sobre o val de Quireza e foi de doada defensa xa que destaca moito sobre a penichaira que o rodea cunhas pendentes moi pronunciadas. Tamén controla un bo treito do val do Lérez, aproximadamente ata unha distancia que oscila entre os 10-15 km. e tamén se ven cumes máis lonxe que non se pode precisar de cales se trata. Polo seu gran tamaño debeu ser o de maior poboación da parte alta do val do Lérez.

- Proximidade de recursos hídricos: A uns 300 m. ó SE. hai un pequeno curso de auga.

- Distancia ó veciño máis próximo: A dous km. atópanse Vilar (E.), Deán (S.) e Castro (NO.). O xacemento máis cercano é o Castro de Vilar (1’7 km).

- Vías de comunicación: Hai unha pista dende Vilar e outra dende Deán que, probablemente, aproveiten o trazado de antigas corredoiras.

7. Ergoloxía.

Non se coñecen restos.

8. Folclore.

- “Nas súas inmediacións están enterradas unha arca de ouro e outra de alquitrán. Se se move esta, incéndiase e quéimase o ouro. Foron escondidas polos mouros”.
- “Segundo informes recollidos dos meus avós paternos, que lle contaron os seus antepasados, foron os seguintes: que habitaron na cima de dito monte os mouros. Meus avós aínda acordan unha especie de eira fundida cunhas murallas. Agora coa maleza e coas enchentes está moi estragado. O sitio era bo para divisalo todo, pois dende alí vían moitos contornos de pobos e montes.

Os seus antepasados seica dicían: Eira de Castordiz, quen te minara que enriquecerías a toda España. E tamén contaban que os mouros deixaran alí unha galiña con pitos de ouro”. (Referencia de Hermitas Bouzas Torres, recollida por Sonia Filgueiras Otero).

- “Isto foi na Eira de Castrodiz. Viñeron uns mouros e traían unha pota de ouro e enterrárona. Moita xente buscouna e encontrárona, pero non toda, só unha parte. Esta historia tamén se conta en Brasil”.

9. Bibliografía.

- FILGUEIRA VALVERDE, J.; GARCÍA ALÉN, A. (1954): *Materiales para la Carta Arqueológica de la provincia de Pontevedra.* EMP VIII.
- RODRÍGUEZ FRÁIZ, A. : *Gran Enciclopedia Gallega*. Tomo V. Páx 254.
- Catalogación da Consellería de Cultura.
- APARICIO CASADO, B.(1999): *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega.* Cadernos do Seminario Sargadelos. Nº 80. Ed. do Castro. Sada.
- Catalogación da Consellería de Cultura (agás no caso do castro da Cerca, os datos das fichas da catalogación deste concello que constan na Xunta de Galicia, elaboráronas Mariana Alonso de Cáceres e Ricardo Viñas Cue; o resto dos apartados son de autoría propia).

10. Material Gráfico.



Ilustración 5. 50: Mapa topográfico 1:25.000 (153-III)



Ilustración 5. 51: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 52: Perfil (N-NO)

Ilustración 5. 53: Visión de conxunto (E).

Ilustración 5. 54: Castro de Abaixo e Roda do Castro-Castro de Arriba dende Castrodiz -respectivamente-.

Ilustración 5. 55: Entrada da croa.



Ilustración 5. 56: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Castro do Pego.

   Clave de identificación: GA 36011008.

2. Localización.

- Lugar: O Pego.
- Parroquia: Sta. María de Folgoso.
- Concello: Cerdedo.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 153 (1:25.000: 153-III).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 32.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º32´47´´N. / Lonxitude: 8º21´35´´O.
- Proxección UTM: X: 552.580 / Y: 4.710.720
- Altitude: 440 m.
- Acceso: Na N-541 (Pontevedra-Ourense) ó chegar á altura de Folgoso, tómase un cruce á esquerda e por esta estrada, logo de aproximadamente un quilómetro e medio chegamos á capela da Nosa Señora do Pego onde está o castro.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Está nun esporón na marxe dereita do río Lérez.

- Condicións naturais de defensa: As propias dunha ubicación deste tipo con fortes pendentes polo O., S. e E.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Monte baixo e carballeira.

- Potencialidade visual:

  · Intervisibilidade con outros xacementos: Castro da Cerca (Vilariño-Parada).

  · Área de visión: Vense boa parte dos lugares das parroquias de Folgoso e Parada.

4. Descrición.

Atopámonos diante dun xacemento castrexo moi alterado. Na parte N.-NE. probablemente estaría a muralla pero debeu ser arrasada polo trazado da estrada que pasa polo lugar. A plataforma que queda entre esta vía de comunicación e o río ten uns 45 x 20 m. Obsérvase ó redor da parte alta do esporón o que poden ser restos do perímetro do xacemento. Ademais enriba edificaron a ermida da Nosa Señora do Pego co que a destrución é case total. Cara o outro lado da estrada parece que continúa o castro pero non se pode afirmar ó non apreciarse restos que o confirmen.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: A estrada que une Folgoso e Forcarei e a ermida da Nosa Señora do Pego, ademais dunha pista que baixa ata un pequeno salto de auga que hai no río, co que o emprazamento está arrasado case dun xeito íntegro.
- Vexetación: Monte baixo, carballos, castiñeiros, bidueiros e diversas especies propias das ribeiras dun río.
- Tipo de propiedade: Monte comunal.
- Medidas de protección: Non existen.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

· Territorio de explotación: As terras que están ó N. do castro ata un afluente do Lérez próximo ó lugar.

· Substrato xeolóxico: Fórmano rochas do Precámbrico-Silúrico, neste caso son xistos e paragneises con afloramentos de cuarcita tableada.

· Conclusións: Non se pode especular ningunha debido á grave alteración do lugar.

- Proximidade de recursos hídricos: Está a carón do río Lérez.

- Distancia ó veciño máis próximo: A uns 400 m. ó N. están as primeiras casas da Ínsua. O xacemento máis próximo é o Castro de Arén (1'3 km).

- Vías de comunicación: Agora hai unha estrada que debeu borrar do mapa algún antigo camiño que debía conducir ata alí e unha ponte feita a mediados do s.XX. Antes, a uns cen metros río arriba, existiu a "Ponte Vella do Pego" de estrutura de madeira, xusto detrás da capela, ó S., que cruzaba o lendario Pozo Negro.

7. Ergoloxía.

   Non se coñecen restos.

8. Folclore.

   - "En A Mouteira din que se vían cabanas dos ermitaños".
   - "No mesmo lugar comentan que na Poza do Pego había augas termais (medicinais) moi apreciadas".
   - "Alí (no Pozo Negro ou Pozo do Pego) deixaron os mouros unha grade de ouro, que nunca foron capaces de localizar as persoas que o tentaron".
   - "O Ciprianillo ten varias referencias a tesouros pero noutros lugares río abaixo".

9. Bibliografía.

- RODRÍGUEZ FRÁIZ, A. : "La Peregrina y el Lérez". *Faro de Vigo*, 11-VIII-1957.
- PORTELA PAZ, A.; RODRÍGUEZ FRÁIZ; A.(1987): *As pontes do Lérez* . Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia). Pontevedra.
- FILGUEIRA VALVERDE, X.; GARCÍA ALÉN, A.(1959): "Adiciones a la Carta Arqueológica de la provincia de Pontevedra". *EMP XIII*. Páxs. 19-97.

10. Material Gráfico.



Ilustración 5. 57: Mapa topográfico 1:25.000 (153-III)



Ilustración 5. 58: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 59: Vista dende o S.

Ilustración 5. 60: Parte occidental e pendente do esporón cara ó río.

Ilustración 5. 61: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Castro de S. Cibrán.

   Clave de identificación: GA 36011010.

2. Localización.

- Lugar: Vilalén.
- Parroquia: Sta. Mariña de Tomonde.
- Concello: Cerdedo.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 153 (1:25.000: 153-III).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 32.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º34´25´´N./ Lonxitude: 8º24´04´´O.
- Proxección UTM: X: 549.160 / Y: 4.713.680
- Altitude: 512 m.
- Acceso: Tómase a estrada que une Cerdedo e Codeseda e antes de chegar a Tomonde, desviámonos á esquerda ata o lugar de Vilalén. Unha vez aquí, ascéndese por unha pista estreita, que está á dereita, ata a capela de S. Cibrán, onde se ubica o castro.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Aséntase nun outeiro moi destacado co seu entorno.

- Condicións naturais de defensa: As habituais dun lugar deste tipo con fortes pendentes en todo o seu perímetro.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: As terras, na súa maior parte, están a pastos, algunhas a cultivos e cara o N. hai unha carballeira na vertente que cae cara o regueiro do Batán, afluente do Quireza. Tamén hai monte baixo ó outro lado do devandito curso fluvial.

- Potencialidade visual:

  · Intervisibilidade con outros xacementos: Non se ve ningún por causa de estar nunha ubicación moi encaixada entre cumios que lle acurtan o espacio visual.

  · Área de visión: Vense Vilalén, Tomonde e Tres Aldeas (Quireza). O lugar está circundado, por diversos cumios, entre os que destacan: Montouto (O.), Couto Laceiras (SE.) e Pena Redonda (S.).

4. Descrición.

   Trátase dun recinto de planta circular que se atopa moi alterado polas construcións (capela, casas, canastros), ademais da pista de acceso (NO.) e os muros das leiras que se asentan en parte do castro. A croa cae cara o O. e o seu eixo maior ten unha orientación N.-S.; na parte N. e E. hai un posible antecastro de 35 m. de ancho. Na parte oriental conserva un terraplén de dous metros de alto.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Obsérvanse varias e, entre elas, destaca a pista que asecende polo NO e baixa polo E., logo hai varias vivendas e canastros, muros de leiras, a capela de S. Cibrán e a actividade agrícola das terras do entorno.
- Vexetación: Está a prados e polo N. hai unha carballeira, ademais, na parte máis elevada consérvase unha sobreira centenaria.
- Tipo de propiedade: Terreos comunais e privados.
- Medidas de protección: Non se contemplan.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: A marxe esquerda da cabeceira do río Quireza, onde está unha pequena zona chan na que se ubican os núcleos de Vilalén e o resto da parroquia de Tomonde, enmarcados pola parte oriental polas estribacións montañosas.

  · Substrato xeolóxico: Fórmano rochas graníticas hercínicas, neste caso trátase de granito de dúas micas inhomoxéneo, con megacristais de feldespato potásico.

  · Conclusións: Aínda que dende aquí non se pode ver ningún castro debido á orografía, hai que dicir que a pouco máis de 2´5 km. están a Roda do Castro-Castro de Arriba e o Castro de Abaixo (Os Castros-Quireza) e a uns 3 km. sitúase Castrodiz, que pola súa altitude (629 m.), domina un amplo territorio. Como se pode comprobar era unha área de gran concentración de xacementos castrexos, polo que a densidade de poboación tivo que ser relativamente elevada.

- Proximidade de recursos hídricos: Polo N., a uns 100 m. está o regueiro do Batán.

- Distancia ó veciño máis próximo: Ó pé do castro érguense as vivendas do lugar de Vilalén, incluso algunha debe estar en terreos do hábitat castrexo. Os xacementos máis cercanos son Roda do Castro-Castro de Arriba (2’65 km), Castro de Abaixo (2’85 km) e Castro de Vilar (2’9 km).

- Vías de comunicación: A estrada que pasa polo lugar discurre por unha antiga vía e logo hai angostos camiños de carro, hoxe asfaltados, no seu entorno próximo.

7. Ergoloxía.

Apareceu cerámica castrexa de pasta negra e vermella, un muíño circular e outro navicular, grazas ós cortes do terreo ó facer unha pista e á remoción de terra acumulada noutro sitio. Tamén se acharon anacos de ánfora de época altoimperial (s.I a.C.- s.I d.C.).

8. Folclore.

- "Nunha fonte que hai na aba saía unha muller que tiña boas mañas."
- "S. Cibrán era un santo moi intelixente xa que unha vez que quixeron roubar a súa imaxe, o carro que o transportaba non o rexeu e quedou tirado no camiño, onde se atopa na actualidade."

9. Bibliografía.

- FILGUEIRA VALVERDE, X.; GARCÍA ALÉN, A.(1955): *Materiales para la Carta Arqueológica de la provincia de Pontevedra*. EMP IX. Páx. 42
- Catalogación da Consellería de Cultura.

10. Material Gráfico.



Ilustración 5. 62: Mapa topográfico 1:25.000 (153-III)



Ilustración 5. 63: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 64: Vista xeral (O).

Ilustración 5. 65: Aterrazamentos e terraplén da croa.

Ilustración 5. 66: Perfil (E).

Ilustración 5. 67: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Castro de Abaixo.

   Clave de identificación: GA 36011012.

2. Localización.

- Lugar: Os Castros.
- Parroquia: S. Tomé de Quireza.
- Concello: Cerdedo.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 153 (1:25.000: 153-III).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 32.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º34´07´´N./ Lonxitude: 8º26´05´´O.
- Proxección UTM: X: 546.320 / Y: 4.713.160
- Altitude: 367 m.
- Acceso: Hai que ir pola estrada que sae da N-541 (Pontevedra- Ourense) e no Serrapio tomamos á dereita, en dirección a Quireza. Á entrada do lugar dos Castros, xusto ó pasar o regueiro de Albinos, que desemboca no río Quireza, afluente do Lérez, á dereita da devandita vía atópase o castro, xunto ó cruce da estrada que leva a Cerdedo.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Sitúase nun promontorio e, sobre todo, pola súa ladeira meridional.

- Condicións naturais de defensa: Cara o O., S. e E. ten unhas pendentes dun gran desnivel.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Adícase a pastizais que antes eran terras de cultivo.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: Roda do Castro / Castro de Arriba (Quireza) e Castrodiz.

· Área de visión: Vense os núcleos de Quireza, Castro e Filgueira e as estribacións montañosas do Montouto (N.-O.) e A Lomba, Castrodiz e Pena Redonda (S.-E.).

4. Descrición.

O recinto principal ou croa conserva parte dos terrapléns e algún que outro tramo de muro. Ten unha terraza duns 30 m. de ancho cara o O. e cara o S., bordeando en parte a anterior, outra de, aproximadamente 50 m.

O seu eixo principal ten dirección N.-S. Os muros dos aterrazamentos están moi íntegros. O camiño de acceso ó emprazamento entra polo NO., pola marxe do regato.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: O recinto está alterado pola actividade agrícola e por construcións que se asentan en terreos do castro.
- Vexetación: O seu uso actual é a pastos.
- Tipo de propiedade: Privada.
- Medidas de protección: Non existen.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

· Territorio de explotación: A chaira que está na parte meridional do xacemento.

· Substrato xeolóxico: Componse de rochas graníticas hercínicas, concretamente, granito de dúas micas inhomoxéneo, con megacristais de feldespato potásico.

· Conclusións: Este castro, pola súa proximidade, pois está a uns escasos 300 m. da Roda do Castro (Castro de Arriba), tivo que estar vencellado con el. A súa zona de influencia era o val do Quireza, principal afluente do Lérez na marxe dereita no seu tramo alto e encaixonado por altos cumes.

- Proximidade de recursos hídricos: O regueiro de Albinos, que vai dar ó Quireza, pasa ó pé do castro pola súa parte O.

- Distancia ó veciño máis próximo: No mesmo xacemento hai vivendas edificadas. O xacemento máis cercano é Roda do Castro-Castro de Arriba (0'3 km).

- Vías de comunicación: Ó pé do castro, por onde pasa a estrada, había anteriormente un antigo camiño.

7. Ergoloxía.

   Non se coñecen restos.

8. Folclore.

   "Nunha zona do río, que pasa xunto ós dous castros hai unha referencia que di que os mouros enterraron alí ouro, a zona chámase Horto do Río."

9. Bibliografía.

- FILGUEIRA VALVERDE, J; GARCÍA ALÉN, A.(1955): "Adiciones a la Carta Arqueológica de la provincia de Pontevedra". *EMP IX*. Páxs. 31-45.
- Catalogación da Consellería de Cultura.

10. Material Gráfico.



Ilustración 5. 68: Mapa topográfico 1:25.000 (153-III)



Ilustración 5. 69: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 70: Croa (O), acceso e curso fluvial que limita o castro.

Ilustración 5. 71: Antecastro e terrazas.

Ilustración 5. 72: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Roda do Castro-Castro de Arriba.

   Clave de identificación: GA 36011013.

2. Localización.

- Lugar: Os Castros.
- Parroquia: S. Tomé de Quireza.
- Concello: Cerdedo.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 153 (1:25.000: 153-III).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 32.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º34´19´´N. / Lonxitude: 8º26´02´´O.
- Proxección UTM: X: 546.450 / Y: 4.713.430
- Altitude: 395 m.
- Acceso: Sáese da N-541 (Pontevedra- Ourense) e no Serrapio cóllese á dereita cara Quireza, ó pasar o lugar dos Castros, a man esquerda atopamos o xacemento castrexo que é ben fácil de recoñecer ó estar un pouco máis alto ca estrada.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Ubícase nun promontorio lixeiramente elevado do entorno.

- Condicións naturais de defensa: Non son moi boas en todo o seu perímetro xa que sobresae pouco da chan que o rodea.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Prados e terreos de cultivo.

- Potencialidade visual:

  · Intervisibilidade con outros xacementos: Castro de Abaixo (Quireza) e Castrodiz.

  · Área de visión: Vense os núcleos de Quireza, Castro e Filgueira e as estribacións montañosas do Montouto (N.-O.) e A Lomba, Castrodiz e Pena Redonda (S.-E.).

4. Descrición.

Trátase dun recinto circular cos límites ben nidios. O que foi a croa do castro ten unhas dimensións de 80 (N.-S.) x 60 m. (O.-E.). e un desnivel duns catro metros. Cara o N. está un posible antecastro de 20 m. de ancho. Na parte meridional hai un aterrazamento que bordea toda a parte elevada. Ubícase nun pequeno outeiro coa parte alta aplanada debido ás labores agrícolas. Non conserva as estruturas defensivas, somentes os terrapléns da croa que o delimitan.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: As causadas polas labores agrícolas que deu lugar ó aplanamento e acondicionamento dos terreos, coa conseguinte destrución das estruturas defensivas. Ademais, existe un camiño que bordea a croa polo E. e cruza a terraza xa citada. Na parte oriental hai unha vivenda que posiblemente afecte ó xacemento.
- Vexetación: Está a pastizais e terras de cultivo.
- Tipo de propiedade: Privada.
- Medidas de protección: Non existen.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

· Territorio de explotación: A chaira que está cara o N. e E. do castro.

· Substrato xeolóxico: Trátase de rochas graníticas hercínicas, en concreto, granito de dúas micas inhomoxéneo, con megacristais de feldespato potásico.

· Conclusións: Este castro, ó estar tan perto do Castro de Abaixo, do que dista uns 300 m., tivo que ter relación con el. Neste caso a súa zona de influencia tamén era o val do Quireza, principal colector do Lérez na súa marxe dereita, na parte alta da súa conca e encaixonado polos altos cumios do entorno.

- Proximidade de recursos hídricos: A uns 150 m. ó O. está o regueiro de Albinos.

- Distancia ó veciño máis próximo: Pola parte oriental e occidental hai varias vivendas ó pé do castro. O castro máis próximo é o Castro de Abaixo (0'3 km).

- Vías de comunicación: Por onde pasa a estrada había un antigo camiño e bordeando pola parte oriental existe outro actualmente que cruza a terraza.

7. Ergoloxía.

   Non se coñecen restos.

8. Folclore.

   - "Da Roda do Castro á Porta Meixón teño as chaves do meu caixón".
   - "Na Roda do Castro había unha barra de alquitrán e outra de ouro".

9. Bibliografía.

   - FILGUEIRA VALVERDE, J; GARCÍA ALÉN, A.(1955): "Adiciones a la Carta Arqueológica de la provincia de Pontevedra". *EMP IX*. Páxs. 31-45.
   - Catalogación da Consellería de Cultura.

10. Material Gráfico.



Ilustración 5. 73: Mapa topográfico 1:25.000 (153-III)



Ilustración 5. 74: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 75: Vista xeral (N).

Ilustración 5. 76: Castro de Abaixo e Roda do Castro-Castro de Arriba (vista dende Castro) -respectivamente-

Ilustración 5. 77: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Castro de Vilar / Coto do Castro / Os Castros.

   Clave de identificación: GA 36011009.

2. Localización.

- Lugar: Vilar.
- Parroquia: S. Martiño de Figueroa.
- Concello: Cerdedo.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 153 (1:25.000: 153-III).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 32.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º32´50´´N. / Lonxitude: 8º23´51´´O.
- Proxección UTM: X: 549.460 / Y: 4.710.800
- Altitude: 520 m.
- Acceso: En Cerdedo tómase a estrada que leva ata Codeseda e a uns dous km. tomamos un cruce á esquerda que logo de medio km. achéganos ata Vilar. Aquí á entrada do pobo, a man esquerda, atopamos o castro.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Aséntase nun esporón ó remate dunha pequena chaira e logo hai unha caída pronunciada ata o Lérez.

- Condicións naturais de defensa: Contra o S. e o E. ten uns desniveis pronunciados cara o Lérez.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Actualmente hai prados e campos de cultivo. Ademais, a carón do castro están as casas de Vilar.

- Potencialidade visual:

  · Intervisibilidade con outros xacementos: Non se ven outros castros.

· Área de visión: Podemos ver Vilar, Figueroa, Loureiro e Cerdedo, é dicir, o val do río de Couto Laceiras, afluente do Lérez pola súa marxe dereita.

4. Descrición.

Trátase dun recinto de planta circular que conserva na zona setentrional un anaco do paramento da muralla. A croa sufriu alteracións debido á actividade agrícola, que tamén desfixo parcialmente o terraplén. A muralla do parapeto denomínase Coto do Castro e o conxunto do recinto Os Castros.

O xacemento ten un desnivel apreciable no o S. e E., cara o Lérez. Neste sector podemos apreciar un aterrazamento de gran superficie e o seu muro de contención, con alteracións causadas polos traballos de acondicionamento agrícola.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: As labores agrícolas esnaquizáronlle unha boa parte das defensas e alteraron a práctica totalidade do castro, ademais de construcións que deberon afectarlle.
- Vexetación: Predominan os cultivos e pastos, ademais de mato e carballeira.
- Tipo de propiedade: Particular.
- Medidas de protección: Non se contemplan.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

· Territorio de explotación: A zona das terras agrícolas de Vilar é óptima ó ser case chan e logo a vertente meridional e oriental do castro, pode que fose aproveitada para este tipo de actividades.

· Substrato xeolóxico: A súa composición é de rochas plutónicas, en concreto, rochas graníticas hercínicas e, dentro destas, é granito de dúas micas inhomoxéneo

con megacristais de feldespato potásico. Dentro do mesmo tipo de rochas (plutónicas-graníticas hercínicas), na parte oriental existe unha extensión importante de granodiorita precoz de gran fino a medio.

· Conclusións: Por causa das alteracións sufridas non temos, a simple vista, moitos elementos para valorar a súa importancia. Ubícase nunha especie de esporón que ten un continuo desnivel cara o Lérez, está ó remate das estribacións montañosas que bordean o río, algo que é bastante común nesta conca. No curso alto do val moitos xacementos padeceron alteracións dende antigo, debido á presión demográfica que houbo en tempos pasados nesta área e ó asentarse os hábitats castrexos, debido á altitude e ás condicións climatolóxicas, en zonas protexidas que logo se reutilizaron ó longo dos tempos, incluso na actualidade.

- Proximidade de recursos hídricos: Polo N. bordea o castro de Vilar o río de Porto Novo, afluente do río de Porto Laceiras, pouco antes de que desemboque no Lérez e polo S. o regueiro de Malomiúdos.

- Distancia ó veciño máis próximo: A carón do castro e na periferia do mesmo están varias vivendas e alpendres do lugar. Os xacementos máis cercanos son Castrodiz (1’7 km), e o Castro de Arén (2’6 km).

- Vías de comunicación: A pista que dá acceso polo NE. a Vilar parece que aproveitou un camiño anterior.

7. Ergoloxía.

   Non se coñecen restos.

8. Folclore.

   - “A noite se San Xoán saía unha galiña con pitos de ouro”.
   - “Ten un cotiño á entrada (trátase de parte da muralla) que ten unha cova na que viviron os mouros”
   - “Hai un tesouro enterrado”.

9. Bibliografía.

Inédito. Só aparece na catalogación da Consellería de Cultura.

10. Material Gráfico.



Ilustración 5. 78: Mapa topográfico 1:25.000 (153-III)



Ilustración 5. 79: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 80: Vista xeral (N).

Ilustración 5. 81: Croa.

Ilustración 5. 82: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Castro de Arén.

   Clave de identificación: GA 36011011.

2. Localización.

- Lugar: Arén.
- Parroquia: S. Xoán de Cerdedo.
- Concello: Cerdedo.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 153 (1:25.000: 153-III)
- Nº cuadrícula (1:10.000): 42.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º32´15´´N. / Lonxitude: 8º22´12´´O.
- Proxección UTM: X: 551.740 / Y: 4.709.700
- Altitude: 426 m.
- Acceso: Chégase pola estrada N-541 (Pontevedra-Ourense) a Cerdedo, unha vez aquí, hai que desviarse por un cruce á dereita pola pista que nos permite chegar ó parque eólico do monte do Seixo-serra do Cando. Pouco antes do lugar de Barro existe un cruce á esquerda que nos achega ata a capela de S. Miguel de Arén. Dende aquí só hai que andar uns metros ata estar no castro.

3. Emprazamento:

- Emprazamento topográfico: Ubícase nun outeiro sobre un meandro na marxe esquerda do río Castro, á súa vez afluente do Lérez na mesma marxe, que o bordea polo E., N.e O.

- Condicións naturais de defensa: Como é normal nunha ubicación deste tipo as pendentes naturais son pronunciadas en todo o seu perímetro.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Hai repoboación forestal de eucaliptos, logo tamén carballos, castiñeiros e as especies arbóreas propias das marxes dos cursos fluviais (ameneiros,...). Na parte S. hai prados e na aba oriental do castro temos unha alvariza.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: Dende aquí non se ve ningún outro xacemento castrexo.

· Área de visión: Pódense ver os núcleos de Arén, Barro, Cernados, Cerdedo, Limeres, Lourido e Revolta. A liña de cumios que separa o río Castro do Lérez limita a visión polo N. (Coto das Mámoas,...); E. e S. o monte do Seixo e no O. as estribacións montañosas da zona.

4. Descrición.

Aparentemente ten un só recinto, aínda que cara o E. hai un esporón que podería ser unha continuación do asentamento. Na aba meridional está a capela de S. Miguel e unhas vivendas que afectaron ó aspecto do castro. Dende a capela sae un camiño cara o E. Cara o N. dos afloramentos rochosos da croa hai unha zona chan cun muro de contención en bo estado de conservación. Era un lugar de doada defensa. Ten planta elíptica.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Hai postes dun tendido eléctrico, muros de leiras, unha plantación de castiñeiros, a capela de S. Miguel e unhas vivendas a carón do castro, ademais dun camiño que o bordea polo S. en sentido O.-E.
- Vexetación: Hai eucaliptos, castiñeiros, carballos e monte baixo.
- Tipo de propiedade: Particular.
- Medidas de protección: Non se coñecen.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

· Territorio de explotación: Estenderíase pola zona de val da marxe esquerda do río Castro ata a súa desembocadura no Lérez e, incluso, no interfluvio destes dous ríos.

· Substrato xeolóxico: Componse de rochas plutónicas, dentro destas son rochas graníticas hercínicas, neste caso é granito de dúas micas inhomoxéneo con megacristais de feldespato potásico.

· Conclusións: No val do Lérez é frecuente o emprazamento de asentamentos castrexos en zonas de meandro dos ríos. Pódense poñer varios exemplos: castro de Arén, castro do Pego, castro de Montes (Presqueiras) e Coto das Rodelas (Parada-Cotobade). Ademais de ter recursos hídricos a carón das vivendas, eran case inaccesibles e inexpugnables diante dunha eventual agresión externa. Apuntamos tamén que perto tiñan algunha zona por onde vadear sen moita dificultade o río que os circunda.

- Proximidade de recursos hídricos: O río Castro bordea o xacemento polo E., N. e O.

- Distancia ó veciño máis próximo: A carón do castro, na parte meridional están varias vivendas de Arén. Os xacementos máis cercanos son o Castro do Pego (1’3 km), o Castro de Vilar (2’6 km) e o Castro da Cerca (2’7 km).

- Vías de comunicación: Polo S. un antigo camiño pasa xunto ó emprazamento en dirección O.-E.

7. Ergoloxía.

Anacos de cerámica castrexa procedentes do burato para chantar un poste dun tendido eléctrico.

8. Folclore.

“Castro de Arén

tres minas ten:
unha de ouro, outra de prata
e outra de alquitrán
que é a que garda as outras tamén".

- " Xigante, polo poder do ouro mourisco, vaite ó mar, xuntarte ós teus parentes e déixame feliz".

9. Bibliografía.

- FILGUEIRA VALVERDE, X.; GARCÍA ALÉN, A.(1955): "Adiciones a la Carta Arqueológica de la provincia de Pontevedra". *EMP IX*. Páxs. 31-45.
- BOUZA BREY, F.(1939): "Nuevos epígrafes de la Galicia Romana". *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Ourense*. Tomo XII. Nº 249 (XI/XII-1939). Páx. 199.
- APARICIO CASADO, B. (1999) : *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega.* Cadernos do Seminario Sargadelos. Nº 80. Ed. do Castro. Sada.

10. Material Gráfico.



Ilustración 5. 83: Mapa topográfico 1:25.000 (153-III)



Ilustración 5. 84: Foto aérea de 1956 (1:33.000)

Ilustración 5. 85: Vista xeral (S).

Ilustración 5. 86: Vista xeral (N).

Ilustración 5. 87: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Castro da Cerca.

   Clave de identificación: GA 36011018.

2. Localización.

- Lugar: Vilariño.
- Parroquia: S. Pedro de Parada.
- Concello: Cerdedo.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 153 (1:25.000: 153-IV)
- Nº cuadrícula (1:10.000): 33.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º33´28´´N. / Lonxitude: 8º21´05´´O.
- Proxección UTM: X: 553.250 / Y: 4.712.000
- Altitude: 502 m.
- Acceso: Vaise pola estrada N-541 (Pontevedra-Ourense), ó chegar a Folgoso, á esquerda hai un cruce do que parte a estrada que leva a Forcarei e Silleda. Desta vía de comunicación, a uns 750 m., a man esquerda, parte unha pista que leva ata o lugar de Vilariño. Dende aquí, sae un camiño, á dereita, que nos achega ó río Lérez logo de, aproximadamente, medio quilómetro. O xacemento localízase á dereita e accédese a el a través duns pasos de pedra que cruzan o río Freixas, xusto na súa desembocadura no Lérez.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Trátase dun castro asentado na parte elevada dun coto nun esporón en interfluvio, na marxe esquerda do Lérez e dereita do seu afluente o Freixas.

- Condicións naturais de defensa: Son as características dun lugar deste tipo con pronunciados desniveis por todos os lados. Ademais polo O. (Lérez), S. e E. (Freixas) está rodeado polos dous devanditos cursos fluviais.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: A maior parte é monte baixo; en canto á vexetación arbórea destacan as carballeiras na marxe do Lérez, ademais das especies propias das marxes fluviais e algúns piñeiros e eucaliptos.

- Potencialidade visual:

  · Intervisibilidade con outros xacementos: Castro da Mota (Barciela-Castrelo) e Castro do Pego.

  · Área de visión: Divísanse os núcleos de Vilariño, Parada e Castrelo. A liña de cumes da zona limita moito o campo visual por todos os puntos cardinais.

4. Descrición.

O asentamento consta dun recinto único, de grandes dimensións, de planta elíptica, cuxo eixo maior ten unha orientación N.-S.; o asentamento está moi aillado do entorno ó estar case totalmente rodeado por dous ríos, agás pola parte setentrional. O castro está ben delimitado por un corpo de muralla que se divide en dous cara o SO., para protexer a entrada ó poboado que se facía por este lado. Este acceso ó asentamento está vencellado a uns pasos para cruzar o río Freixas case na súa desembocadura no Lérez.

No N., E. e O. o castro estaba ben defendido pola muralla que aproveita a liña onde empeza a caída da pendente. Non se aprecian estruturas internas. A súa superficie é case totalmente plana e de gran extensión. Por toda a área occidental e parte da setentrional, esténdese un aterrazamento totalmente chan, fóra do recinto principal, que ten un muro de contención cun terraplén duns oito metros de desnivel cara o Lérez.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: O castro está ben conservado, aínda que houbo labores agrícolas no entorno.

- Vexetación: Está cuberto por un espeso monte baixo, unha zona de carballeira e algúns eucaliptos e piñeiros.
- Tipo de propiedade: Privada.
- Medidas de protección: Non se coñecen.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: As terras de valor agrolóxico que se estenden polo S.-SO., nas dúas marxes do Lérez e acotadas polos cumios que rodean os núcleos de Vilariño e Parada.

  · Substrato xeolóxico: Fórmano rochas plutónicas e, dentro destas, son rochas graníticas hercínicas, en concreto, granodioritas serodias.

  · Conclusións: Este é un dos exemplos comentados anteriormente de asentamento en meandro ou esporón case totalmente rodeados por cursos fluviais. Son lugares con pendentes a chupe co que eran bos de defender, neste caso ten unha zona de acceso protexida. Ademais no entorno hai zonas ou pasos para vadear os cursos fluviais.

- Proximidade de recursos hídricos: A carón do castro da Cerca flúen o Lérez e o Freixas, co cal non tiñan problema para o abastecemento de auga.

- Distancia ó veciño máis próximo: A aproximadamente medio km. están tanto Vilariño coma Parada. Os xacementos máis cercanos son o Castro da Mota (1’1 km) e o Castro de Arén (2’7 km).

- Vías de comunicación: Hai unha antiga corredoira que une Vilariño e Parada e cruza o Lérez pola denominada “Ponte Vella” de Parada. Logo hai uns pasos de pedra para salvar o río Freixas que posiblemente darían acceso ó castro da Cerca polo SO. onde se abre a súa muralla.

7. Ergoloxía.

Non se coñecen restos.

8. Folclore.

"Na marxe esquerda (subindo polo cauce á dereita) do río Freixas, a uns 50 m. curso arriba do muíño do Alargo, había unha cavidade denominada "A Cova dos Mouros" á altura do castro da Cerca", segundo a información facilitada por unha veciña de Vilariño, que a ela lle contara o seu pai, pero que nunca foran a ese sitio.

9. Bibliografía.

Inédito. Só consta na catalogación da Consellería de Cultura (a ficha desta catalogación elaborárona Enriqueta López Rodríguez e Yolanda Álvarez González; o resto dos apartados son de autoría propia).

10. Material Gráfico.



Ilustración 5. 88: Mapa topográfico 1:25.000 (153-IV)

Ilustración 5. 89: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)



Ilustración 5. 90: Talude da terraza (O).

Ilustración 5. 91: Paramento da terraza (O).

Ilustración 5. 92: Talude da terraza (O).

Ilustración 5. 93: Croa (recinto principal).

Ilustración 5. 94: Foto SixPac.

Concello de Campo Lameiro

1. Nome do xacemento: Coto de Penalba.

   Clave de identificación: GA 36007008

2. Localización.

- Lugar: S. Antoniño-Alagoa.
- Parroquia: S. Miguel de Campo Lameiro.
- Concello: Campo Lameiro.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 152 (1:25.000: 152-IV).
- Nº cuadrícula: (1:10.000): 34.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º32´39´´N. / Lonxitude: 8º33´04´´O.
- Proxección UTM: X: 536.863 / Y: 4.710.370
- Altitude: 443 m.
- Acceso: Dende o núcleo de Campo Lameiro tómase a estrada PO-221, que vai ata Caldas de Reis, a uns 2´5 km., hai que desviarse, ó chegar ó alto de Agüeiros, á esquerda, por unha pista asfaltada, que logo de 1´2 km. achéganos a Penalba.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Está no cumio dun outeiro granítico.

- Condicións naturais de defensa: Na parte N.-E. a pendente do terreo é máis pronunciada, pois cae ata o rego de Texoxeiras. No resto o desnivel é considerable, pero menor, pois hai unha penichaira, que no SO. se prolonga ata un esporón, que descende ata o mesmo núcleo da capital municipal.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: En primeiro lugar, débese facer mención da área recreativa e parque; tamén hai repoboación forestal de eucaliptos, piñeiros e castiñeiros, ademais de monte baixo.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: A Cividade, Coto da Cerca, Monte do Castro (San Xurxo de Sacos), A Cividá (Fentáns), Coto do Castro (Viascón), Monte do Castro-A Cerca (Praderrei), Os Castros da Betarra e Castro da Devesiña (Campo Lameiro), O Castelo-Castro de Coseirado (Moraña).

· Área de visión: Pódense ver boa parte dos núcleos do Concello de Campo Lameiro, na marxe dereita do Lérez: Campo Lameiro, Chacente, Alende, Muimenta, Armonda, Castro, A Lamosa, Morañó, Praderrei, Painceiros, Morillas, Caneda, Fragas; de Cotobade vense a integridade das parroquias de Sta. Mª de Sacos e S. Xurxo de Sacos (incluído Fentáns), Viascón e Parada; tamén se ve Sto. André de Xeve (Pontevedra).

O campo visual limítano os cumios que bordean o val: monte do Seixo, Coirego, Conla, Montouto, Anduriña, Acivedo, os cumes da divisoria co val do Umia e algún
da bisbarra de Arousa ó lonxe e a derradeira liña de cumes antes da ría de Pontevedra.

4. Descrición.

Este xacemento consta de dúas terrazas, croa e antecastro, claramente delimitados. A croa ocupa o sector NE. do xacemento, nela está o petroglifo da Pedra da Serpe (2x3 m./2. m. de alto), onde aparecen dous ofidios de dous metros de lonxitude. A planta do xacemento é circular. No caso da croa ten, aproximadamente, 43x43 m. e destaca o curuto que forman uns considerables afloramentos graníticos. Na zona N. apréciase unha acumulación pétrea que ten un metro de ancho e aparentan ser restos da súa muralla defensiva nesa área. O sector máis elevado (NE.) non debeu ter parapeto defensivo xa que o desnivel é pronunciadísimo. No recinto central érguese a capela de S. Antoniño de Penalba.

O antecastro bordea á croa por todo o seu contorno, agás no NE., debido á orografía escarpada. Ten un diámetro de 101 m. A simple vista, vese que o castro está rodeado por un talude de pedra e terra, pero na parte setentrional, grazas ás

escavacións descubriuse un tramo duns setenta metros de grosa muralla e tamén un parapeto pétreo a xeito de zócalo. No O. e S. tamén se ve a muralla defensiva, no N. e E. apréciase que tamén serviu de muro de contención do recheo da terraza. O paramento é de mampostería ben asentada. Nas escavacións (1983-88), tamén se descubriron varios restos de cabanas co chan enlousado e de xabre. Teñen cadanseu fogar central de, aproximadamente, un metro, con parapetos pétreos ó seu redor.

A lonxitude total da muralla é duns 300 m e ten uns dous metros de altura. Por último, dicir que, en orixe, o xacemento tiña un foxo no SO. duns 20 m. de longo, 6 m. de ancho e 0´7 m. de fondo.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Na croa construíuse a capela de S. Antoniño (fins do s.XVII- primeiros do s.XVIII), logo un palco de cemento na primeira terraza, enriba da súa muralla e unha pista que o bordea por todo o seu perímetro.
- Vexetación: Monte baixo, un carballo centenario e piñeiros.
- Tipo de propiedade: Monte comunal.
- Medidas de protección: Están sinalizados o castro e o petroglifo da Pedra da Serpe. Está declarado B.I.C. e protexido no planeamento urbanístico.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

· Territorio de explotación: No N. e O. existe unha penichaira e unha prolongación ata un esporón no SO que tivo que ser, debido á orografía do entorno, o territorio de explotación preferente.

· Substrato xeolóxico: Componse de rochas graníticas hercínicas, neste caso é granito de dúas micas serodio, que é o normal nesta zona de abundantes petroglifos.

· Conclusións: Este xacemento é de poboamento antigo, cousa que se demostra coa súa cronoloxía (s.VIII a.C.) e grazas tamén á arte rupestre, vese que tanto na Idade do Bronce coma na do Ferro, a poboación do val medio do Lérez era considerable. Nunha cata que se fixo no Castelo de Cosoirado (un km. ó NO. de Penalba), saíron uns fragmentos cerámicos coetáneos co que se demostra a súa relación e que non foron romanizados. Non hai moitos exemplos constatados de fases tan antigas ó non poder facerse apenas escavacións.

- Proximidade de recursos hídricos: Na chan xunto ó castro hai un manancial e a 400 m. ó N. pasa un regueiro.

- Distancia ó veciño máis próximo: A uns 700 m., en liña recta, está o núcleo de Alagoa (Campo Lameiro). Os xacementos máis cercanos son o castro da Devesiña-Cascaneda (0'625 km), Castelo-castro de Cosoirado (1'125 km) e A Cerca-Praderrei (2'2 km).

- Vías de comunicación: Polo SE. ascende unha antiga corredoira dende Alagoa (Campo Lameiro), por onde os devotos tamén se dirixen ó Santuario da Nosa Señora dos Miragres de Amil.

7. Ergoloxía.

Este castro foi escavado durante seis campañas (1983-88), dirixidas por Antonio Álvarez Núñez, polo que foi obxecto de estudo máis amplo noutro capítulo. Os materiais máis significativos aparecidos son: unha rodela de esteatita decorada con diversas perforacións, unha punta de lanza feita de bronce de 20´5 cm. de lonxitude, un vaso brunido con decoración incisa e un muíño barquiforme. Atopáronse tamén gran cantidade de sementes, principalmente de Quercus (carballo e outras árbores), trigo e millo miúdo.

8. Folclore.

- "Os matrimonios sen fillos, que quixesen ter descendencia, debían manter relacións sexuais enriba da Pedra da Serpe na noite de San Xoán, levando como

ofrenda ás culebras unha taza de leite. Outra versión sitúa esta tradición nas noites de lúa chea".

- "A tradición popular cita a existencia de mouros neste lugar".

9. Bibliografía.

- ÁLVAREZ NÚÑEZ, A.(1984): *Campo Lameiro: donde la historia de las raíces de Galicia se escribió en piedra. Guía de los itinerarios a los complejos escultóricos rupestres*. Concello de Campo Lameiro.

- ÁLVAREZ NÚÑEZ, A.(1986): *Castro de Penalba. Campaña 1980*. Col. Arqueoloxía Memorias, nº 4. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.

- ÁLVAREZ NÚÑEZ, A.(1987):"Castro de Penalba (Campo Lameiro) y Castro dos Mouros (Moraña). Campaña de excavaciones 1987". *EMP XLI*. Páxs. 97-111.

- ÁLVAREZ NÚÑEZ, A.(1989): "Castro de Penalba e prospección no Castro dos Mouros (Campo Lameiro)". *Arqueoloxía / Informes nº 1. Campaña 1987*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. Páxs. 36-40.

- ÁLVAREZ NÚÑEZ,A (1991): "Castro de Penalba (Campo Lameiro).". *Arqueoloxía/Informes Nº2. Campaña 1988.* Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. Páxs. 37-42.

- PEÑA SANTOS, A.de la; COSTAS GOBERNA, F.J. e REY GARCÍA, J.M. (1993): *El arte rupestre en Campo Lameiro*. Concello de Campo Lameiro.

- DORRIBO CAO, R.; REBOREDO TAXES, M.(2000): *Guía dos castros de Galicia*. Ed. do Cumio. Vigo.

- Catalogación da Consellería de Cultura (os datos das fichas da catalogación deste concello que constan na Xunta de Galicia, elaborounas Clara E. Garrido Martínez; o resto dos apartados son de autoría propia).

10. Material Gráfico.



Ilustración 5. 95: Mapa topográfico 1:25.000 (152-IV)



Ilustración 5. 96: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 97: Estado de abandono das vivendas escavadas.

Ilustración 5. 98: Petroglifo da "Pedra da Serpe".

Ilustración 5. 99: Detalle da mampostería da muralla.

Ilustración 5. 100: Vista xeral dende Campo Lameiro (SE).



Ilustración 5. 101: "Rodela" decorada con perforacións[1].

Ilustración 5. 102: Fondo de cabana FCS-88 no momento da escavación[2].

[1] Álvarez Núñez, A., "Castro de Penalba e prospección no Castro dos Mouros (Campo Lameiro)", Arqueoloxía / Informes n.º1. Campaña 1987, páxinas 36-40. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, 1989.
[2] Álvarez Núñez, A. "Castro de Penalba (Campo Lameiro). Campaña 1988", Arqueolxía / Informes n.º2. Campaña 1988. Páxinas 37-42. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, 1991.

Ilustración 5. 103: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Monte do Castro / A Cerca.

   Clave de identificación: GA 36007019.

2. Localización.

- Lugar: Praderrei.
- Parroquia: S. Miguel de Campo Lameiro.
- Concello: Campo Lameiro.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 152 (1:25.000: 152-IV).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 44.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º31´57´´N. / Lonxitude: 8º31´44´´O.
- Proxección UTM: X: 538.675 / Y: 4.709.115
- Altitude: 205 m.
- Acceso: En Praderrei, indo dende Campo Lameiro, hai que desviarse pola única pista asfaltada que hai á dereita, que conduce ó Lodeiro. Unha vez que deixamos atrás a derradeira casa do lugar, tómase un camiño, en sentido ascendente, cara a dereita, en dirección N., que logo de percorrer uns 150 m. achéganos ó castro.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: O castro érguese nun pequeno cumio.

- Condicións naturais de defensa: Non son boas, posto que apenas sobresae en altura do entorno que o rodea. O seu único sistema defensivo era a muralla cun forte talude e parapeto externo que o protexía.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Predomina a repoboación forestal de piñeiros e, en menor medida, de eucaliptos e tamén algúns carballos e sobreiras, ademais hai monte baixo. Por último, débense mencionar as zonas de cultivo na área setentrional.

- Potencialidade visual:

  · Intervisibilidade con outros xacementos: A Cividá, Coto da Cerca, Monte do Castro (San Xurxo de Sacos), A Cividá (Fentáns), Penalba (Campo Lameiro), Os Castros da Betarra (Campo Lameiro).

  · Área de visión: Divísanse os núcleos de Praderrei, Campo Lameiro, Chacente, Alende, Fragas, San Xurxo de Sacos, Cutián e Fentáns.

4. Descrición.

Este asentamento ten planta circular e consta dun único recinto de aproximadamente 60 m. de diámetro. A súa muralla ten catro metros de ancho e uns cinco de alto.

Oscila o seu talude externo en torno ós 12-15 m., en todo o perímetro defensivo. Na súa cara externa conserva un parapeto a base de mampostería de 2-3 metros de altura. A croa ten unha lixeira inclinación cara o SO., aínda que é bastante plana nesta área; pola contra, no NE, ten afloramentos rochosos. Na parte superior da muralla obsérvanse os límites do muro pétreo, aínda que tamén usaron terra na súa construción. O acceso ó recinto é polo NO. e o camiño rodea o castro polo N.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: O xacemento está moi ben conservado. A única alteración é a derivada da repoboación forestal.
- Vexetación: No interior do recinto proliferan os piñeiros e eucaliptos e, debido a estas especies arbóreas, apenas medra o monte baixo.
- Tipo de propiedade: Particular.
- Medidas de protección: Non se coñecen.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: Polo S. vai ata o río Lérez, no O. o río Maneses (ou dos Ladróns), no E. o río dos Calvos e ó N. a liña de cumios, entre os que destaca o Outeiro Grande, delimitan a chaira, situada na súa maior parte ó N., que conformaría o territorio de explotación preferente deste poboado, onde se ubica Praderrei e os terreos que teñen ou tiveron no pasado un uso agrícola.

  · Substrato xeolóxico: Componse de rochas graníticas hercínicas, concretamente son granitos de dúas micas.

  · Conclusións: Trátase dun xacemento que se caracteriza pola súa febleza defensiva en relación ó seu entorno próximo, cousa que non é habitual neste val, neste senso case é a excepción. A práctica totalidade aparecen en emprazamentos dun marcado carácter defensivo. Enmárcase na chaira de uso agrícola, polo que algún autor ten denominado ós poboados deste tipo “castros agrícolas” e concederlles unha cronoloxía serodia dentro da romanización.

- Proximidade de recursos hídricos: A uns 350 m. ó E. atópase o río dos Calvos.

- Distancia ó veciño máis próximo: A menos de 100 m. atópanse varias vivendas. Os xacementos máis próximos son A Cividá-Fentáns (0’65 km), Os Castros-A Betarra (1 km) e Coto de Penalba (2’2 km).

- Vías de comunicación: Un antigo camiño bordea A Cerca pola parte meridional e occidental.

7. Ergoloxía.

  Apareceron restos de tégulas e ánforas romanas.

8. Folclore.

- “Din que hai unha mina que partindo do centro da croa e sempre baixo terra desemboca no río Grande (Lérez), onde os mouros levaban a beber ós animais”.
- “Os veciños din que este castro era o máis importante da zona por ser “o máis fondo”, os mouros guerreaban cos poboadores do castro de San Xurxo de Sacos (suponse que cos do monte do Castro, pois é o máis cercano, ó outro lado do río Lérez, é dicir ó S.), cun canón de buxo, polo que ó castro de San Xurxo denominábanlle “A Terra do Canón de Pau”.
- “Outros din que Praderrei procede de parada do rei mouro”.
- “A cerca fixérona os mouros para esconderse tras ela e que non lle deran cando disparasen”.
- “O castro foi feito polos españois na loita cos franceses”.

9. Bibliografía.

Inédito. Só aparece na catalogación da Consellería de Cultura.

10. Material Gráfico.



Ilustración 5. 104: Mapa topográfico 1:25.000 (152-IV)



Ilustración 5. 105: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 106: Vista xeral da Cerca e do Coto de Penalba -detrás-, dende Fentáns (SE).

Ilustración 5. 107: Entrada ó recinto.

Ilustración 5. 108: Parte interna da muralla e da entrada.

Ilustración 5. 109: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Castro de San Isidro – Monte do Castro.

   Clave de identificación:GA 36007028

2. Localización.

- Lugar: San Isidro.
- Parroquia: San Isidro de Montes.
- Concello: Campo Lameiro.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 153 (1:25.000: 153-III).
- Nº cuadrícula: 41.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º31´33´´N. / Lonxitude: 8º28´16´´O.
- Proxección UTM: X: 543.480 / Y: 4.708.320
- Altitude: 326 m.
- Acceso: Dirixímonos de Campo Lameiro a S. Isidro pola estrada PO-230; ó chegar a esta localidade tómase a pista que vai ata a igrexa parroquial, na parte baixa do lugar. Unha vez aquí, hai que ir andando por unha antiga corredoira empedrada e moi ben conservada, con muros ós lados, que logo de cruzar o rego da Fonte Seixiña por uns pasos de pedra atravesa o lugar da "Cidá", no que se conservan unhas antigas construcións. Logo seguimos a primeira pista á dereita, ó pouco atopamos outra bifurcación na que se colle unha pista forestal á esquerda pola que chegamos a unha elevación na que se asenta o castro á mesma man.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Ubícase nun coto ou outeiro ó N. do río Lérez.

- Condicións naturais de defensa: Ten fortes desniveis en todo o seu perímetro agás pola parte E.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Impide case a súa visión a repoboación forestal de eucaliptos, tamen hai un mesto monte baixo de toxos e restos de carballeiras. Cara o N., pero a certa distancia, hai lameiros.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: Coto da Cerca, monte do Castro (San Xurxo de Sacos), Coto da Roda (Dorna).

· Área de visión: Temos unha zona cara o S. e O., seguindo o curso do Lérez. vense Vila da Riba, Vila de Baixo, Dorna, Cádabo (Sta. Mª de Sacos), Cutián (S. Xurxo de Sacos), Fragas, Parada e San Isidro. Polo N. e O. limitan o campo de visión os cumes que bordean S.Isidro e Parada (Carballa Redonda, Outeiro do Couto,...) e polo S e E. a liña de cumios desa área (Coirego, Arcela, Coto do Ceo,...).

4. Descrición.

Estamos diante dun castro de recinto único de planta ovalada. Na zona S.-SO.-O. nótanse lixeiramente restos de muralla de algo máis de dous metros de ancho. Aséntase nun emprazamento axeitado para o dominio do val do Lérez e o entorno próximo. O seu eixo maior ten unha orientación E.-O e unha lonxitude duns cen metros. Ten defensas naturais en todo o perímetro, agás na parte oriental, na que hai unha chan e, un pouco máis alá, uns curutos algo máis elevados.

Está na marxe dereita do Lérez, ó N. do río. As súas defensas naturais son máis agrestes no O. e no S. obsérvanse tamén afloramentos rochosos. No E. está a parte máis elevada, de forma, aproximadamente, circular. Cara a parte occidental hai unha plataforma, pero o conxunto enmárcase nun recinto único, nesta área é onde menos precisaría de muralla debido ós penedos. Nótase o forte terraplén en boa parte do seu contorno. O acceso probablemente fose polo N., onde se nota un posible camiño.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Viuse afectado pola extracción de pedra e remoción de terras.
- Vexetación: Está ateigado de toxos.
- Tipo de propiedade: Monte comunal.
- Medidas de protección: Non se contemplan.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: Cara a parte setentrional está unha zona con pouca pendente, onde están os terreos agrícolas. Ten forma triangular e cara a parte O., córtase pola liña de cumes en sentido NE.-SO.; na parte E. o seu límite, agás unha pequena zona, é o rego da Fonte Seixiña.

  · Substrato xeolóxico: Componse de rochas plutónicas, dentro destas son rochas graníticas hercínicas, concretamente, granito de dúas micas de gran fino a medio.

  · Conclusións: Temos un bo dominio visual da zona, aínda que o territorio de explotación preferente é reducido debido a que a liña de cumes está moi perto do río Lérez. Na aba N.-NO. está un lugar coñecido como “A Cidá”, onde se conservan unhas dez antigas construcións, que parece ser eran cortellos para os animais, aínda que algúns parecen vivendas, teñen varios séculos de antigüidade. Isto pode indicar que o poboamento antigo de San Isidro puido empezar no entorno do castro e logo foi avanzando cara o N., por ser “A Cidá” unha zona umbría e, deste xeito, achegarse ás zonas de cultivo.

- Proximidade de recursos hídricos: A uns 250 m. ó NO. está o rego da Fonte Seixiña.

- Distancia ó veciño máis próximo: A 500 m. están as casas da parte baixa de San Isidro, a carón da igrexa parroquial. O xacemento máis próximo é Coto da Roda-Dorna (0'8 km).

- Vías de comunicación: Unha corredoira empedrada leva dende a igrexa, ó N., pasando pola "Cidá" ata o castro, ó que bordea polo O.

7. Ergoloxía.

   Non se coñecen restos.

8. Folclore.

   - "Din que alí vivían os mouros e que había ouro ou un tesouro. Ten ido xente a cavar a ver se o atopaban, pero nunca tiveron esa sorte".
   - "Ó pé do castro, na punta O., no río Lérez, está o "Pozo Negro", onde habería unha grade de ouro, pero non se atopa porque non se ve o fondo".

   "Ouro, ourice,
   plata, platice,
   Castro fondego,
   vale máis que toda Galicia".

9. Bibliografía.

   Inédito. Só aparece na catalogación da Consellería de Cultura.

10. Material Gráfico.

Ilustración 5. 110: Mapa topográfico 1:25.000 (153-III)



Ilustración 5. 111: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 112: Vista da plataforma dende o E.

Ilustración 5. 113: Restos de muralla.

Ilustración 5. 114: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Monte do Castro.

   Clave de identificación: GA 36007026.

2. Localización.

- Lugar: Redonde.
- Parroquia: Sta. Mariña de Fragas.
- Concello: Campo Lameiro.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 185 (1:25.000: 185-II).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 14.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º29´40´´N. / Lonxitude: 8º33´10´´O.
- Proxección UTM: X: 536.825 / Y: 4.704.900
- Altitude: 150 m.
- Acceso: Tómase a estrada Campo Lameiro-Pontevedra e despois de pasar o lugar de Redonde (Fragas), xusto antes e a carón do antigo campo de fútbol, tomamos unha pista á esquerda que nos leva ata o río Lérez. Onde hai unha intersección, logo de pasar a derradeira casa, seguimos pola da dereita que é a principal e logo de percorrido un km. situámonos á altura do castro, que está a man esquerda, ó que hai que ascender, durante uns cincuenta metros, por unha antiga corredoira que o bordea polo E., en dirección N.-S.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Sitúase no alto dun coto ou outeiro nun meandro da marxe dereita do Lérez.

- Condicións naturais de defensa: O asentamento, debido á súa ubicación, ten unha pronunciada caída por case todo o perímetro, agás pola parte setentrional.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Hai bosque de repoboación de eucaliptos na zona que impide unha boa visión do castro, cousa que, por certo,

pasa en moitos casos nesta bisbarra. Tamén se dan pastizais, parte deles, antigamente tiñan cultivos de millo.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: Coto do Castro (Viascón) e Coto das Rodelas (Parada).

· Área de visión: Ó estar nunha zona de pouca altitude con relación ó seu entorno o campo de visión redúcese a Gargallóns e Fragas (Campo Lameiro), Parada e Atalaia (Cotobade) e Fragoso e á parte alta de Bora (Pontevedra).

4. Descrición.

O castro ten planta elíptica e o seu eixo maior oriéntase en sentido N.-S.; a zona máis alta da croa está cara o S., onde hai afloramentos rochosos de considerables proporcións. Os maiores desniveis son cara o S. e E., zonas nas que a aba do monte descende abruptamente cara o Lérez e tamén, aínda que un pouco menos, cara o regueiro que o bordea polo O.

No perímetro da croa nótanse algúns restos da muralla e o seu derrube. A croa ten un diámetro duns vinte metros. No S. e O. hai unha ampla zona aterrazada duns corenta metros de ancho, que bordea a croa por esa área. No N. tamén existe unha terraza de reducidas dimensións. Na parte E. a croa ten un terraplén de oito metros, que se reduce a uns dous no N.; o acceso puido ser por un camiño que rodea a croa polo E. e que entraría pola terraza meridional, aínda que pola zona setentrional pode que tamén houbese un acceso.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: A repoboación forestal de eucaliptos e os muros de división de leiras.
- Vexetación: O castro está cheo de eucaliptos e monte baixo.
- Tipo de propiedade: Particular.
- Medidas de protección: Non existen.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: Limítano polo E. a liña de cumios próxima e polo S. e E. está a carón o río Lérez e unicamente cara o N. ten unha reducida área de aproveitamento agropecuario.

  · Substrato xeolóxico: Componse de rochas ígneas e, dentro destas, son granitos de afinidade alcalina, concretamente trátase de granito de feldespato alcalino.

  · Conclusións: Podemos ver que no val do Lérez é frecuente o emprazamento dos castros nun meandro que domina o curso do río. É posible que, debido ó seu reducido territorio de explotación preferente, parte da súa subsistencia dependese da pesca e da caza de determinadas especies que abundaron daquela no río e no seu entorno próximo.

- Proximidade de recursos hídricos: A uns 200 m. ó O. está o regueiro dos Puntóns (tamén denominado noutras partes do seu curso da Ínsua ou de Mirón).

- Distancia ó veciño máis próximo: Está a 800 m. a derradeira casa do lugar de Redonde. Os xacementos máis próximos son Coto do Castro-Viascón (1’15 km), Coto das Rodelas- Parada (1’2 km) e monte do Castro- Cerdeiras (2’5 km).

- Vías de comunicación: Hai unha corredoira que o bordea polo E., en sentido N.-S. e outra que pasa polo N. e vai ó río Lérez ata o muíño de Mirón, onde había uns pasos de pedra para cruzar o Lérez, por unha zona de pouca fondura, ata a outra marxe e dan a Parada (Tenorio-Cotobade).

7. Ergoloxía.

   Non se coñecen restos.

8. Folclore.

- “ Nun cotarelo, onde hai uns penedos, denominado “As Rozas” ou “As Covas” dicían que había un encanto. Neste lugar din que saía unha serpe ou ás veces unha muller e aparecían moedas de ouro, para así atraer a alguén; se lle pedían un desexo e a liberaban do encanto podía quedar a outra persoa alí encantada”.
- “ Perto de alí dicían que andaba un frade sen testa na Acaldinsua pola beira do río (isto parece ser que máis ben comentábano para meter medo ós rapaces)”.
- “ Cara o N. están os restos da casa do Froitoso, trataríase da primeira casa do lugar de Redonde, dicían que cando lle ían roubar as ovellas, pedía auxilio ós veciños máis cercanos, que eran os da Atalaia, na outra marxe do río e dicíanlle ¡ánimo Froitoso, que alá imos nós!”.

9. Bibliografía.

Inédito. Aparece na catalogación da Consellería de Cultura.

10. Material Gráfico.



Ilustración 5. 115: Mapa topográfico 1:25.000 (185-II)



Ilustración 5. 116: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 117: Muralla da Croa.

Ilustración 5. 118: Terraza e croa (S).

Ilustración 5. 119: Foto SixPac

1. Nome do xacemento: Os Castros (veigas denominadas Castro de Arriba e de Abaixo).

   Clave de identificación: GA 36007018 (Dubidoso).

2. Localización.

- Lugar: A Betarra.
- Parroquia: S. Miguel de Campo Lameiro.
- Concello: Campo Lameiro.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 152 (1: 25.000: 152-IV).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 44.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º31´40´´N. / Lonxitude: 8º32´22´´O.
- Proxección UTM: X: 537.850 / Y: 4.708.550
- Altitude: 124 m.
- Acceso: Tomamos en San Xurxo de Sacos a estrada PO-231 que une esta localidade con Campo Lameiro e ó chegar ó lugar da Betarra, unha vez pasada unha granxa avícola, desviámonos por unha pista á esquerda e logo, a uns cen metros, onde hai unha bifurcación, collemos outra vez á esquerda ata o final das terras de cultivo da Betarra.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: No cabo dunha chaira, enriba dunha pequena elevación, con fortes caídas cara o O., E. e S.

- Condicións naturais de defensa: No O., E. e S. existen fortes desniveis cara os cursos fluviais que hai no entorno do xacemento. No N. hai unha chaira onde se asenta o lugar da Betarra.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Aínda hai zonas a pastizal, pero vense viñas abandonadas e agora a repoboación forestal de eucaliptos vai gañando terreo. Tamén, no O., na pendente cara o regueiro dos Ladróns,

consérvase unha carballeira, ademais tamén se dan árbores típicas das marxes fluviais.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: Coto de Penalba e castro da Devesiña (Campo Lameiro), A Cividade e Coto da Cerca (San Xurxo de Sacos), A Cerca (Praderrei).

· Área de visión: Podemos ver A Betarra, Campo Lameiro, Fragas, Praderrei e da marxe dereita do río Lérez os terreos de Cutián que dan ó río. Limitan o espazo os cumios que bordean as dúas marxes do Lérez e o rego de Maneses, co que o alcance da visión é moi limitado.

4. Descrición.

O recinto ten forma elíptica e o seu eixo maior unha orientación NE.-SO.; na parte oriental existe un camiño, en sentido ascendente, que semella ir por un posible foxo duns 3 m. de ancho e un desnivel que supera os 5 m., vai diminuíndo ata chegar á plataforma na que se asenta o xacemento. Os desniveis naturais son pronunciados polo O., E. e S., zonas polas que o bordea cadanseu curso fluvial, polo N. as defensas son febles, pois só se ve un reducido terraplén que supera lixeiramente o metro de altura.

En boa parte do perímetro apréciase un pequeno terraplén que debe ser un vestixio do recinto defensivo, pero hoxe non se observan muros rodeándoo xa que deberon ser parcialmente arrasados. No NE. vese o que pode ser unha terraza vencellada co xacemento. No N. hai unha zona chan, ata as ladeiras que están nesa área que tivo que ser a zona de cultivos do castro, que, por certo, ten unha superficie bastante aplanada.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Por alí hai postes do tendido telefónico, algún camiño, muros de división de veigas, a repoboación forestal de eucaliptos e, sobre todo, a actividade agrícola de tempos pasados.
- Vexetación: Destacan os eucaliptos, pero hai un mesto monte baixo.
- Tipo de propiedade: Privada.
- Medidas de protección: Non existen.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: A chaira que se estende ó N. do emprazamento castrexo. Polo O., E. e S. o seu límite son tres cursos fluviais (rego dos Ladróns, rego dos Maneses e río Lérez respectivamente).

  · Substrato xeolóxico: Componse de rochas graníticas hercínicas, neste caso do tipo granitoide migmatítico e, concretamente, trátase de granitos de dúas micas.

  · Conclusións: Este xacemento ubícase nunha zona de gran concentración de hábitats castrexos que é o val medio do Lérez, polo que o seu territorio de explotación preferente é reducido, xa que nesta marxe do río, nun radio de tres km. hai outros cinco castros. Isto indica a elevada poboación, característica que se pode aplicar á época de elaboración dos petroglifos que tamén son moi numerosos.

- Proximidade de recursos hídricos: A uns 100 m. ó O. está o rego dos Ladróns e a unha distancia semellante ó E. o rego dos Maneses; por último, dicir que a 300 m, polo S. flúe o caudal do río Lérez.

- Distancia ó veciño máis próximo: Polo NE., a uns cen metros está o lugar de A Betarra. Os xacementos máis próximos son A Cerca-Praderrei (1 km) e monte do Castro-Cerdeiras (2 km).

- Vías de comunicación: Polo N. hai un camiño e o xa citado que ascende polo E. ata o castro.

7. Ergoloxía.

   Non se coñecen restos.

8. Folclore.

   Perto hai un topónimo que é o “Regueiro dos Mouros” ou “Finca dos Mouros”, sitios ós que ían os mouros para obter auga e alimentos.

9. Bibliografía.

   Inédito. Só aparece na catalogación da Consellería de Cultura.

10. Material Gráfico.



Ilustración 5. 120: Mapa topográfico 1:25.000 (152-IV)



Ilustración 5. 121: Foto aérea de 1956 (1:33.000)
e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 122: Parapeto (S).

Ilustración 5. 123: Vista xeral e parapeto.

Ilustración 5. 124: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Monte do Castro.

   Clave de identificación: GA 36007024.

2. Localización.

- Lugar: Cerdeiras.
- Parroquia: Sta. Mariña de Fragas.
- Concello: Campo Lameiro.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 152 (1:25.000: 152-IV).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 44.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º31´00´´N. / Lonxitude: 8º33´30´´O.
- Proxección UTM: X: 536.300 / Y: 4.707.400
- Altitude: 230 m.
- Acceso: Imos dende Campo Lameiro pola estrada que vai ata Pontevedra, ó chegar ó cruce da pista que vai á igrexa parroquial de Sta Mariña de Fragas, desviámonos por ela e logo tómase un desvío á dereita que nos achega ata o lugar de Mullerboa. Pouco despois do cruce, a man dereita, está o monte do Castro.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Aséntase nunha aba orientada cara o E., que descende cara o río Lérez.

- Condicións naturais de defensa: Cara a parte oriental o asentamento posúe uns desniveis pronunciados.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: O castro está rodeado de terras de cultivo e pastos, ademais de monte baixo.

- Potencialidade visual.

· Intervisibilidade con outros xacementos: Coto da Cerca e A Cividade (San Xurxo de Sacos), Coto do Castro (Viascón), A Cerca (Praderrei),

· Área de visión: Vemos os núcleos de Fragas, Atalaia, a parte alta de Cutián, Fentáns, Muimenta, A Lamosa e parte de Painceiros. O campo visual limítano os cumios que bordean o val do Lérez e permiten divisar unha área máis ampla cara o E.-NE.

4. Descrición.

O castro ten planta circular e cara a parte oriental ten unha pequena inclinación. Nesta zona existe unha terraza de dimensións non moi grandes, logo hai unha forte pendente; o desnivel é apreciable tamén no N. e S.; cara o O. ascende a aba dos cumios que bordean o val.

No O., o perímetro da croa apenas resalta da aba e está lixeiramente destruída pola pista de acceso a Mullerboa. Antes, por esta parte, había un camiño máis fondo e estreito, cousa que leva a pensar que atravesaba o foxo. Na actualidade, non observamos restos do sistema defensivo debido ás alteracións agrícolas e viarias, que afectaron a todo o xacemento.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: A pista que comunica con Mullerboa e, sobre todo, a actividade agrícola.
- Vexetación: Adícase, case na súa totalidade, a pastizais e tamén a terras de cultivo; unha parte ten árbores.
- Tipo de propiedade: Particular.
- Medidas de protección: Non existen.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: No N. chegaría ata o regueiro do Mariz e iría ata o regueiro da Alleira polo S.; abranguería ó O. dende a liña de cumios ata o río Lérez polo E.

  · Substrato xeolóxico: A base principal son rochas graníticas hercínicas, no presente caso son do tipo granitoide migmatítico e aquí son granitos de dúas micas. Perto hai afloramentos de xistos e paragneises e chairas aluviais e fondos de vaguada do Holoceno.

  · Conclusións: Neste xacemento pódese dicir o mesmo que en toda a zona do val medio do Lérez, que a presión demográfica debeu ser importante debido á alta concentración de hábitats no entorno próximo, nas dúas marxes da conca do río.

- Proximidade de recursos hídricos: A uns cen metros ó N. está o regueiro da Costal que separa os actuais lugares de Cerdeiras e Mullerboa.

- Distancia ó veciño máis próximo: Achegadas ó castro polo S. están as casas do lugar de Cerdeiras. Os xacementos máis cercanos son Os Castros-A Betarra (2 km), monte do Castro-Redonde (2’5 km), e castro da Devesiña-Cascaneda (2’5 km).

- Vías de comunicación: Polo O. bordea o lugar unha pista que vai polo trazado dun antigo camiño que pasaba cinguido ó castro.

7. Ergoloxía.

   Non se coñecen restos.

8. Folclore.

   “Alí vivían os mouros”.

9. Bibliografía.

   Inédito. Só aparece na catalogación da Consellería de Cultura.

10. Material Gráfico.



Ilustración 5. 125: Mapa topográfico 1:25.000 (152-IV)



Ilustración 5. 126: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 127: Vista xeral.

Ilustración 5. 128: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Castro da Devesiña.

   Clave de identificación: GA 36007030.

2. Localización.

- Lugar: Cascaneda.
- Parroquia: S. Miguel de Campo Lameiro.
- Concello: Campo Lameiro.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 152 (1:25.000: 152-IV).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 44.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º32´18´´N. / Lonxitude: 8º33´02´´O.
- Proxección UTM: X: 536.925 / Y: 4.709.750
- Altitude: 301 m.
- Acceso: Saímos de Campo Lameiro en dirección Pontevedra e a, aproximadamente, un km. do centro do núcleo, hai unha pista á dereita que leva ó lugar de Cascaneda, xunto ás casas, están as veigas denominadas da "Devesiña", nas que se sitúa o castro.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: O xacemento aséntase nunha aba orientada cara o E.

- Condicións naturais de defensa: Cara o E., NE. e S. ten uns desniveis importantes, no resto dá cara a aba do monte no que se asenta.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: A aba do monte está chea de eucaliptos e logo en zonas máis baixas hai pastos e algunha zona de cultivo.

- Potencialidade visual:

  · Intervisibilidade con outros xacementos: Coto de Penalba e Os Castros da Betarra (Campo Lameiro); Coto da Cerca, A Cividá e monte do Castro (San Xurxo de Sacos) e A Cerca (Praderrei).

· Área de visión: Podemos ver os núcleos de Campo Lameiro, Fragas, Praderrei, Muimenta, San Xurxo de Sacos e Fentáns. A liña de cumios que limita as devanditas localidades marca o campo visual do castro da Devesiña.

4. Descrición.

O xacemento ten planta elíptica. No O. existe un antigo e fondo camiño que debe corresponderse cun foxo debido ás súas características e a ser unha zona moi vulnerable, onde o castro se une á aba do monte no que se asenta; este posible foxo continúa cara o S., onde se lle unen outras dúas corredoiras de apariencia similar.

Coinciden nunha zona de terreo onde a pendente natural do entorno non é moi acentuada. No NE., E. e S. a caída é moi pronunciada o que facilita a defensa. O conxunto do xacemento sufre un elevado grao de alteración por diversos motivos xa mencionados.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Os diversos camiños e muros que atravesan a súa superficie, a repoboación forestal de eucaliptos e un pombal.
- Vexetación: Destaca a repoboación forestal de eucaliptos que o invade.
- Tipo de propiedade: Privada.
- Medidas de protección: Non existen.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

· Territorio de explotación: A zona chan na que se asenta o actual núcleo de Campo Lameiro. Tería unhas dimensións limitadas por causa da alta densidade de asentamentos neste período.

· Substrato xeolóxico: Dentro das rochas graníticas hercínicas son do tipo granitoide migmatítico e na presente ocasión son granitos de dúas micas. Ó O., en sentido lonxitudinal N.-S. hai un prolongado afloramento de xistos e paragneises do Precámbrico-Silúrico.

· Conclusións: Trátase dun castro ubicado a media ladeira do val que se abastecería da chaira que hai ó E. Compriría facer catas en varios xacementos do entorno do Coto de Penalba, escavado entre 1983-88, para comprobar se hai unha ocupación sincrónica en varios deles.

- Proximidade de recursos hídricos: A uns 400 m. ó E. nace o rego dos Ladróns e a unha distancia similar pasa o rego de Mariz.

- Distancia ó veciño máis próximo: A carón do castro atópanse as vivendas do lugar de Cascaneda. Os xacementos máis próximos son Coto de Penalba (0’625 km), Os Castros-A Betarra (1’5 km), A Cerca-Praderrei (1’875 km) e o monte do Castro- Cerdeiras (2’5 km).

- Vías de comunicación: No O. hai un camiño abandonado, na parte que dá cara a aba do monte.

7. Ergoloxía.

   Non se coñecen restos.

8. Folclore.

   “Afirman as xentes do lugar que alí houbo un castro, pero agora está moi deteriorado por diversos motivos”.

9. Bibliografía.

   Inédito. Só aparece na catalogación da Consellería de Cultura.

10. Material Gráfico.



Ilustración 5. 129: Mapa topográfico 1:25.000 (152-IV)



Ilustración 5. 130: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 131: Vista xeral.

Ilustración 5. 132: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Castro de Orto / Coto do Castro / Pico do Castro.

   Clave de identificación: GA 36007001.

2. Localización.

- Lugar: Castro de Orto.
- Parroquia: S. Cristovo de Couso.
- Concello: Campo Lameiro.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 152 / 153 (1:25.000: 152-IV / 153-III).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 152-34 / 153-31.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º34´49´´N. / Lonxitude: 8º31´10´´O.
- Proxección UTM: X: 539.450 / Y: 4.714.400
- Altitude: 526 m.
- Acceso: Sáese de Campo Lameiro en dirección a Moraña e ó chegar ó alto de Agüeiros tomamos unha intersección á dereita que vai ata Couso. Neste lugar desviámonos á dereita por unha estrada que nos leva ata A Brea e Armonda. Unha vez aquí hai que seguir cara a esquerda ata un dobre cruce, no cal collemos, xunto á antiga escola de Padín, a pista da dereita que ascende ata o lugar de Castro de Orto. Xunto á capela existente no lugar temos unha pista ascendente que vai en dirección O.; ó pé da mesma, a man esquerda, logo de camiñar uns cincocentos metros está o castro nun cumio.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: O castro ubícase nun cumio.

- Condicións naturais de defensa: Son óptimas pois ten uns fortes desniveis en todo o seu perímetro.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: A única actividade é a repoboación forestal de eucaliptos e o pastoreo de animais en estado salvaxe (bovino e equino).

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: Castro de Querguizo (S. Martiño de Laxe-Moraña).

· Área de visión: Acadamos a ver os núcleos de Castro de Orto, Padín, Cimadevila, A Brea, Armonda, Alende, Chacente, S. Martiño de Laxe, Sta. Xusta e algún dos núcleos da marxe dereita do Umia, pertencentes ó Concello de Cuntis. Sobre todo contrólase o val que forman o rego dos Fornos e o río Sequeiros que dan ó val do Umia. Na lonxanía divísanse os cumios da serra do Barbanza, na marxe setentrional da ría de Arousa. Polo E. e S. está a divisoria de augas entre os vales do Lérez e Umia, que limitan a visión pois o castro está a carón dela.

4. Descrición.

Este castro ten planta ovalada e unhas considerables dimensións. O seu eixo maior oriéntase en sentido NE.-SO., habendo en cada un destes extremos cadanseu afloramento rochoso. No E. consérvase a muralla, duns catro metros de altura; neste sector hai un posible foxo e unha especie de parapeto internos. O xacemento ten uns taludes importantes que se atenúan no NE. onde hai unha ampla terraza. É lóxico que exista un sistema defensivo amurallado na parte NE., pois é cara onde están uns cumios de máis altura.

Obsérvase unha plataforma máis elevada que se correspondería coa croa e unha segunda, de maior amplitude, que sería o antecastro. Nun corte existente na muralla no E., obsérvase que era a base de terra e pedra miúda. No SE. hai dous foxos e tres no NO., o interior máis pequeno e os exteriores máis fondos e concéntranse principalmente no O.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: A repoboación forestal de eucaliptos, xa que hai regos feitos por maquinaria que remexeron boa parte do xacemento e logo hai un corte feito no E. na muralla por maquinaria pesada que deixou á vista un tramo do paramento do sistema defensivo e tamén afectou ós foxos.
- Vexetación: Está ateigado de eucaliptos e monte baixo.
- Tipo de propiedade: Monte comunal.
- Medidas de protección: Non se contemplan.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: A zona do val do río Sequeiros, que está cara a parte occidental do xacemento e chega ata a liña divisoria de augas do Lérez e do Umia.

  · Substrato xeolóxico: Componse de xistos e paragneises do Precámbrico-Silúrico e afloramentos de pegmaplita (rochas filonianas).

  · Conclusións: Trátase dun castro bastante aillado ó estar xunto ás estribacións divisorias de dous vales e nunha zona relativamente afastada doutros xacementos coetáneos. Hai que dicir que, aínda así, domina unha zona ampla, ó ter un emprazamento elevado, cara os vales que se orientan ó SO. e NO., os cumios máis elevados do entorno, imposibilitan un control maior.

- Proximidade de recursos hídricos: Polo S. do castro pasa o rego dos Fornos.

- Distancia ó veciño máis próximo: A uns 250 m., en liña recta, están as casas de Castro de Orto.O xacemento máis próximo é o castro de Couso-Castriño (3’4 km).

- Vías de comunicación: Bordea o castro un camiño, procedente do O., pola parte meridional e que se dirixe cara o E.

7. Ergoloxía.

Atopáronse restos de ánfora do tipo Haltern 70, cerámica común romana e tégulas (s.I a.C.-s.I d.C.).

8. Folclore.

Non se conservan lendas.

9. Bibliografía.

Inédito. Só aparece na catalogación da Consellería de Cultura.

10. Material Gráfico.

Ilustración 5. 133: Mapa topográfico 1:25.000 (152-IV e 153-III)



Ilustración 5. 134: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 135: Paramento da muralla ó descuberto tras remoción de terras con medios mecánicos.

Ilustración 5. 136: Idem ilustración anterior.

Ilustración 5. 137: Perfil S.

Ilustración 5. 138: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Castro de Couso / Castriño.

   Clave de identificación: GA 36007004.

2. Localización.

- Lugar: Castriño.
- Parroquia: S. Cristovo de Couso.
- Concello: Campo Lameiro.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 152 (1:25.000: 152-IV).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 34.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º33´48´´N. / Lonxitude: 8º33´13´´O.
- Proxección UTM: X: 536.575 / Y: 4.712.550
- Altitude: 413 m.
- Acceso: Sáese de Campo Lameiro cara Moraña e ó chegar ó alto de Agüeiros tomamos un cruce á dereita, do cal parte unha estrada ata Couso. Ó pasar o lugar de Morañó atopámonos cun cruce á esquerda no lugar de Castriño. No mesmo lugar, onde se asentan algunhas vivendas, nun pequeno esporón está o castro.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Está nun pequeno esporón, de final de aba, orientado cara o O.

- Condicións naturais de defensa: Son mellores cara o O., xa que descende o terreo. No resto do perímetro son inexistentes e no seu día debeu ter algún sistema defensivo, hoxe non conservado.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Abundan os pastos e as terras de cultivo. Está no límite entre a zona agrícola e a de monte de repoboación (piñeiros, castiñeiros e eucaliptos).

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: O Castelo-castro de Cosoirado (Moraña).

· Área de visión: Vense os lugares de Castriño, Morañó, Cerdeiras e Rozas e o pequeno val no que se asenta. Na lonxanía obsérvanse a ría de Arousa e varios cumios que a bordean (serra do Barbanza, Monte Xiabre, etc) e os cumios da divisoria dos vales do Lérez e Umia.

4. Descrición.

O xacemento está bastante alterado. Ubícase nun pequeno esporón, no final dunha aba, orientado cara o O.; polo E. está unido á aba dun monte. No resto do perímetro o terreo descende en suave pendente, hoxe cun serio grao de alteración, debido ás labores agrícolas e á construción de vivendas do lugar.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: A estrada que dá acceso a Castriño e Cerdeiras, os campos de cultivo e os prados e algunhas vivendas do lugar.
- Vexetación: Está ocupada por prados e cultivos.
- Tipo de propiedade: Particular.
- Medidas de protección: Non existen.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

· Territorio de explotación: Ten unha área reducida do val, onde se asentan os actuais núcleos de Castriño, Rozas, Morañó e Cerdeiras, limitado moi perto polas liñas de cumios.

· Substrato xeolóxico: Son rochas graníticas hercínicas do tipo granitoide migmatítico e perto hai afloramentos de xistos e paragneises do Precámbrico-Silúrico e chairas aluviais e fondos de vaguada do Holoceno.

· Conclusións: Perto deste xacemento están os de Penalba e O Castelo de Cosoirado que teñen unha datación, cando menos, do s.VI a.C. e numerosos petroglifos co que pode que tamén se tratase dun emprazamento antigo dentro desta cultura

- Proximidade de recursos hídricos: A uns 200 m. cara o O. hai unha fonte da que sae gran cantidade de auga.

- Distancia ó veciño máis próximo: Enriba do propio xacemento edificáronse varias vivendas do lugar de Castriño. Os xacementos máis cercanos son O Castelo-castro de Cosoirado (1’8 km), Coto de Penalba (2’15 km) e Castro de Orto-Coto do Castro (3’4 km).

- Vías de comunicación: Polo E. pasa unha estrada que aproveitou un antigo camiño e, en sentido E.-O., cruza unha pista que comunica Castriño con Cerdeiras.

7. Ergoloxía.

Non se atoparon restos arqueolóxicos.

8. Folclore.

“Este lugar foi un castro onde viñan comer e beber todos os habitantes dos castros dos arredores, posto que a consideraban unha zona rica en pastos e cultivos”.

9. Bibliografía.

Inédito. Só aparece na catalogación da Consellería de Cultura.

10. Material Gráfico.



Ilustración 5. 139: Mapa topográfico 1:25.000 (152-IV)

Ilustración 5. 140: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 141: Vista xeral (O).

Ilustración 5. 142: Foto SixPac.

Concello de Cotobade

1. Nome do xacemento: Monte do Castro – Cruz do Castro.

   Clave de identificación: GA36012040.

2. Localización.

- Lugar: Igrexa.
- Parroquia: S. Miguel de Carballedo.
- Concello: Cotobade.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 186 (1:25.000: 186-I).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 186-11.
- Coodenadas xeográficas: Latitude: 42º28´56´´N. / Lonxitude: 8º28´29´´O.
- Proxección UTM: X: 543.174 / Y: 4.703.564
- Altitude: 479 m.
- Acceso: Cando chegamos á igrexa parroquial de Carballedo, seguimos pola pista que conduce ata a parte máis alta do lugar, dende aquí ascendemos uns cen metros e a man dereita está o castro.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Sitúase nun outeiro, entre as zonas de val e monte.

- Condicións naturais de defensa: Debido ás características do lugar onde se atopa, que ten fortes pendentes por todos os lados, era doado de defender. Na zona N. e E., o desnivel é menor e remata nun rechán, polo que requeriu dun segundo corpo de muralla e un foxo.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Hai repoboación forestal de eucaliptos e unha antiga carballeira, agora de reducidas dimensións. Ten afloramentos graníticos que aparentemente se usaron como canteira a pequena escala. No remate das abas do monte, cara a parte occidental e meridional hai prados.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: Castro de Famelga (Aguasantas-Cotobade), Coto de Paraños (Carballedo).

· Área de visión: Cara o N. é reducida pois está nas estribacións de cumios máis elevados (Monte da Arcela, Coto do Ceo, Monte Coirego); cara o E. o monte do Seixo; polo S. o val do Almofrei ó seu paso por Carballedo e ata o límite de augas co val do Verdugo (Monte do Castro de Famelga); finalmente, hai que dicir que o maior dominio visual é polo O. polo val do Almofrei e, ó lonxe, apréciase Cotorredondo, na divisoria de cumes entre as rías de Vigo e Pontevedra.

4. Descrición.

Ten un recinto central, a croa, de planta elíptica, onde aflora a rocha natural e na que se aprecia a muralla en todo o seu perímetro. No O.-SO. hai unha terraza duns 30 m. de lonxitude, que ten un segundo corpo de muralla, que viña a corresponderse co antecastro. Cara a punta O. da croa hai uns grandes batolitos graníticos. O castro era de doada defensa, pois ten pronunciadas pendentes por todos lados.

As dimensións aproximadas dos seus eixos son: N.-S.:70 m./ E.-O.: 43 m. A croa mide: N.-S.: 45 m. / E.-O.: 47´5 m. A porta de acceso ó castro era polo N., onde rematan o foxo, que ten unha anchura duns catro metros, e o segundo corpo de muralla que rodean a croa (N. e E.).

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Hai unha liña de media tensión en dirección E.-O. que atravesa a croa, na que se apoian dúas columnas. Tamén se conservan os restos dun muíño de vento na zona O. da croa, ten planta circular. O seu muro ten uns 60 cm. de ancho e a construción ten uns catro metros de diámetro; conserva os seus muros ata unha altura dun metro; a porta daba ó O., o dintel, agora derrubado tiña 1´70 m. de alto, nunha visita anterior en abril de 1994, aínda o conservaba.

Tamén hai a base e restos dun cruceiro de pequenas dimensións, do que atopamos, nunha parte perimetral da terraza (antecastro) case toda a cruz. Finalmente, hai que dicir que houbo unha pequena canteira.

- Vexetación: Hai eucaliptos, algún carballo e monte baixo.
- Tipo de propiedade: Monte comunal.
- Medidas de protección: Desbrozan periodicamente o camiño de acceso e a parte afectada polo tendido eléctrico. Eliminárонlle os eucaliptos na parte comunal do castro, só quedan nunha parcela privada nunha aba e rozaron o recinto (2007).

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

· Territorio de explotación: Abranguería a chaira na que se asentan os diversos núcleos das parroquias de Carballedo e Rebordelo, no val medio do río Almofrei.

· Substrato xeolóxico: Componse de rochas graníticas pre-sincinemáticas de Fase 3, concretamente, granito de dúas micas de gran medio-fino.

· Conclusións: Trátase dun xacemento que está nas estribacións meridionais dos montes que separan os vales do Lérez e do seu afluente o Almofrei. A poucos quilómetros está o monte do Seixo, que oscila ó redor dos 1.000 m. de altitude.

Ubícase, polo tanto, nun lugar estratéxico no que se refire ó control visual de todo o val. Destaca a amplitude dos agros que están na súa área de influencia, co que o abastecemento de productos básicos seguramente non fose moi complicado.

- Proximidade de recursos hídricos: Apenas dista uns 200 m. dun manancial utilizado na actualidade.

- Distancia ó veciño máis próximo: As casas do lugar da Igrexa distan uns 150 m. O castro máis próximo é o Coto de Paraños, (1’95 km).

- Vías de comunicación: Existe un antigo camiño empedrado polo N. para acceder ó castro. Pasa xusto a carón da posible ubicación da porta de acceso, logo continúa cara a parte oriental.

7. Ergoloxía.

A carón do castro, no SO., cando se abría unha pista da concentración parcelaria, no lugar de Silvela, apareceron restos dunha villa romana, concretamente, a esquina dun muro, a base dunha columna e anacos de cerámica.

8. Folclore.

Antigamente celebrábase a festividade do San Xoán (noite do 23 ó 24 de xuño) encendendo a típica fogueira na croa do castro.

9. Bibliografía.

- FILGUEIRA VALVERDE, J.; GARCÍA ALÉN, A.(1954): *Materiales para la Carta Arqueológica de la provincia de Pontevedra.* EMP VIII. Páx. 136.
- Catalogación da Consellería de Cultura (os datos das fichas da catalogación deste concello que constan na Xunta de Galicia, agás os xacementos nº 37, 38 e 39 elaboráronas Manuel Santos Estévez e Jose Ignacio Vilaseco Vázquez; o resto dos apartados son de autoría propia).

10. Material Gráfico.



Ilustración 5. 143: Mapa topográfico 1:25.000 (186-I)



Ilustración 5. 144: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 145: Croa.

Ilustración 5. 146: Diaclasa con forma de canle na croa.

Ilustración 5. 147: Vista xeral dende o N.

Ilustración 5. 148: Vista dende o Coto de Parapos.

Ilustración 5. 149: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Coto de Paraños.

   Clave de identificación: GA 36012074.

2. Localización.

- Lugar: Paraños.
- Parroquia: S. Miguel de Carballedo.
- Concello: Cotobade.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 186 (1:25.000: 186-I).
- Nº cuadrícula (1:10.000) : 11.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º29´08´´N./ Lonxitude: 8º29´52´´O.
- Proxección UTM: X: 541.265 / Y: 4.703.890
- Altitude: 535 m.
- Acceso: Na marxe esquerda da estrada San Xurxo de Sacos-Carballedo, uns 500 m. antes do lugar de Paraños, tómase un cortalumes que ascende, pola aba O., por unha pronunciada pendente durante 400 m. e logo percórrense outros 300 m. cruzando unha pequena chan e remátase a ascensión subindo unhas ramplas suaves ata chegar ó xacemento castrexo. Sitúase no cumio máis septentrional do monte existente ó O. de Paraños.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Está nun outeiro que ten unha ampla visibilidade sobre todo o seu perímetro, especialmente sobre a chan de Carballedo.

- Condicións naturais de defensa: Ten as propias dunha ubicación deste tipo, con fortes pendentes en todo o seu perímetro.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Monte baixo, carballeira, repoboación de eucaliptos e prados.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: Cruz do Castro (Carballedo) e Coto do Castro (Famelga).

· Área de visión: Carballedo, Rebordelo, Loureiro, Borela, ría de Pontevedra, Poio, Xeve, Monte do Castelo, monte do Seixo, Pé da Múa, monte da Arcela, monte Coirego.

4. Descrición.

Estamos diante dun xacemento situado nun outeiro con restos de derrube de muralla en todo o perímetro da croa. A súa planta é ovalada e as dimensións dos seus eixos son as do maior 45 m. (N.-S.) e as do menor 28 m. (E.-O.).

Ten dúas terrazas sen aparentes restos de muralla, que non se poden precisar debido á mesta vexetación, nas partes N. e SE.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Non se observan grandes alteracións. O cortalumes que vai dende a estrada e pasa pola parte oriental na zona alta da aba, bordeando o xacemento, parece que non afectou a ningunha estrutura nin deu lugar á aparición de restos materiais.

- Vexetación: Mato de toxos, xestas e carballos.

- Tipo de propiedade: Monte comunal.

- Medidas de protección: Non hai ningunha.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

· Territorio de explotación: Pola parte oriental os agros de Paraños e Trabazo e pola occidental a Chan da Besada, onde se abastecerían de auga nun manancial que forma un regato.

· Substrato xeolóxico: Componse de rochas graníticas Pre-Sincinemáticas de Fase 3, concretamente, granito de dúas micas de gran fino-medio.

· Conclusións: Igual que outros casos sitúase xusto no perímetro da zona de val e onde empezan as estribacións montañosas que son continuas ata a zona de cumios de maior altitude (monte do Seixo, serra do Cando). A nivel defensivo e de control do territorio posúe un emprazamento inmellorable.

- Proximidade de recursos hídricos: A uns 250 m. pasa un regato pola Chan da Besada que logo vai desembocar ó Almofrei.

- Distancia ó veciño máis próximo: A 300 m. están as primeiras casas do lugar de Paraños. O castro máis próximo é Monte do Castro-Cruz do Castro de Carballedo (1’95 km).

- Vías de comunicación: Non se poden precisar ó haber unha pista recente, pero pode que polo mesmo trazado fose antigamente o acceso, pois sería o máis doado.

7. Ergoloxía.

   Non se coñecen restos.

8. Folclore.

   Non se conservan exemplos.

9. Bibliografía.

   Inédito. Só aparece na catalogación da Consellería de Cultura.

10. Material Gráfico.



Ilustración 5. 150: Mapa topográfico 1:25.000 (186-I)



Ilustración 5. 151: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 152: Restos da muralla da croa.

Ilustración 5. 153: Croa.

Ilustración 5. 154: Croa.

Ilustración 5. 155: Vista xeral dende a Chan da Besada.

Ilustración 5. 156: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: A Cividá.

   Clave de identificación:GA36012030.

2. Localización.

- Lugar: A Cividá – Barbeitos.
- Parroquia: San Xurxo de Sacos.
- Concello: Cotobade.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 153 (1:25.000: 153-III).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 41.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º30´30´´N./ Lonxitude: 8º30´26´´O.
- Proxección UTM: X: 540.472 / Y:4.706.407
- Altitude: 443 m.
- Acceso: En San Xurxo de Sacos hai que desviarse á esquerda da N-541 (Pontevedra-Ourense) e ir pola PO-232 (San Xurxo de Sacos – Carballedo), a uns 300 m., hai que coller un camiño á esquerda da mesma e logo de percorrer uns 700 m., chégase ó castro.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Ubícase nun outeiro no monte da Cividá.

- Condicións naturais de defensa: No O. e S. danse condicións naturais favorables, pois hai unha pronunciada pendente.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Está nun monte comunal con monte baixo (toxos, xestas, etc.). Perto hai repoboación forestal de piñeiros e eucaliptos.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: Coto de Penalba, Castro da Devesiña, Castro da Betarra (Campo Lameiro); Castro da Cerca (Praderrei), Castro de Cerdeiras (Fragas-Campo Lameiro), Monte do Castro (San Xurxo de Sacos), Coto da Cerca (San Xurxo de Sacos), A Cividá (Fentáns).

· Área de visión: Dende aquí vense varias poboacións do entorno como é o caso de San Xurxo de Sacos, Campo Lameiro (e os lugares aledaños), Fragas e Moimenta. A visibilidade chega ata os cumios que delimitan o val do Lérez polo N.

4. Descrición.

No que atingue ós recintos e defensas, primeiramente, citamos que hai un foxo, escavado na rocha, que bordea o xacemento polo N. e E. Dende a croa ó foxo hai máis de dez metros de desnivel. O foxo ten cento cincuenta metros de longo por nove de ancho. Na parte alta ou croa consérvanse restos de muralla con derrube duns dous metros de ancho por metro e medio de alto.

Na parte N. hai un antecastro con muralla nas partes N.,O. e E., a mesma ten uns 60 cm. de alto con derrube e uns dous metros de ancho. Ten unhas óptimas condicións naturais de defensa no O. e S.e menores no N., que seguen as curvas de nivel. No E.e NE., ó haber zonas máis elevadas perto, requeriu a construción dun enorme foxo e murallas. No N. e O. está o antecastro, duns 40x20 m. nos seus eixos maiores, chamado “Cemiterio dos Mouros”.

A súa superficie supera as dúas hectáreas. O seu recinto central é ovalado e ten uns eixos: N.-S. (60 m.); E.-W. (50 m.). Hai afloramentos rochosos na croa, destacando no S. a coñecida como “Eira dos Mouros”, cuberta totalmente de petroglifos, hoxe en día moi erosionados.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Apréciase o aproveitamento como canteira dos penedos da croa. Segundo relato de persoas maiores, de aquí sacaron pedra, nos anos setenta do s.XIX para levantar o Muíño da Botica (na parte inferior da aba O. do castro). Este caso sería só un exemplo.
- Vexetación: Abundan o toxo arnal, xestas, uces, brotias e, ailladamente, algún carballo.
- Tipo de propiedade: Monte comunal.
- Medidas de protección: Non se tomaron. Parece ser que o Concello de Cotobade quere incluir este xacemento dentro dunha ruta de senderismo que percorre a parroquia e limparíanse os accesos e o castro.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: Abranguería toda a zona de pendente e falsos chans ata chegar á chaira, ata aquí chegaría a zona de influencia do xacemento do Monte do Castro.

  · Substrato xeolóxico: O substrato xeolóxico componse de rochas plutónicas, dentro destas son de tipo granítico-hercínico, máis en concreto granito de dúas micas de gran fino a medio.

  · Conclusións: Este castro destaca polo seu impresionante sistema defensivo, no que destaca o gran foxo (150 m. de lonxitude), facilitado en parte polas acentuadas pendentes no O. e S. Probablemente, mantivo relación co do Coto da Cerca-Eira dos Mouros que se ubica ó E., a uns 500 m. monte arriba. Por ter mostras de arte rupestre é un xacemento que compriría investigar en profundidade por medio dunha escavación arqueolóxica. O caso de Penalba ten parello coa

Cividade e datouse no s. VIII a.C. A cronoloxía pode que fose tan antiga nos dous poboados.

- Proximidade de recursos hídricos: A uns 300 m. ó SO. pasa o Regueiro da Veiga Grande e a uns 500 m. están os mananciais do Agro da Cova.

- Distancia ó veciño máis próximo: A uns 700 m. están as casas do lugar de Barbeitos. O castro máis próximo é Coto da Cerca (0'4 km).

- Vías de comunicación: Polo O. ascéndese por un camiño ata o xacemento, pouco antes de chegar, torce cara a dereita e logo de bordear o antecastro accédese polo N., onde posiblemente estaría daquela a porta de entrada.

7. Ergoloxía.

Hai uns poucos anacos de cerámica común castrexa no Museo de Pontevedra e unha parte dunha figura metálica.

8. Folclore.

Hai varias lendas referentes ó Castro da Cividá e, máis en concreto, á Eira dos Mouros, na que, por agora, aínda se conservan petroglifos.

· " Na época da Guerra da Independencia cos franceses, enterraron un tesouro (alfaias e diñeiro); enriba do enterramento puxéronlle unha corda ó redor do tesouro que era un xeito de encanto. Alí foron persoas en coches de cabalos, despois de oíren do tesouro, tentaron desenterralo ó certar do sitio, pero ó chegar a el desenvolveuse unha serpe tan grande que os asustou e daquela fuxiron con medo e non voltaron máis alá".

· "Unha vella deste barrio (do lugar da Igrexa), cen anos despois (a primeiros do s. XX) foi buscar as vacas ó monte e pasou polo sitio do encanto (Eira dos Mouros), nese intre veu unha muller cun tendal con moitas alfaias e moedas.

Preguntoulle a vella a esta muller, e respostoulle que aquelo arraxábano (poñíano ó sol, saía á luz) cada cen anos co que a lenda cobrou o seu nome".

· "Tamén ó antecastro chámanlle "Cemiterio dos Mouros", pensaban que daquela soterraban alí ós finados. Din que na Cividá vivían os mouros".

· " Hai unha lenda que di que os mouros mataban xente e logo comíana".
· " A zona do NE. din que era onde os mouros sementaban os legumes e o trigo e que ó O. estaba o cemiterio, onde apareceu o ídolo".
· " Existe un tesouro".
· " Unha vez pasou pola Cividade unha rapaza de Cuspedriños e perto dunhas ramalleiras ollou unha serpe que lle amosou uns obxectos dicíndolle que collese o que máis lle gustase. A rapaza fitou para un, e non ben fixo intención de collelo, desapareceu todo.

O encanto desfacíase dicindo a rapaza: Non me gusta nada disto, soio me gustas ti".

9. Bibliografía.

- Inventario da Consellería de Cultura.
- GARCÍA ALÉN, A.; PEÑA SANTOS, A.de la (1980): *Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra.* Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.
- APARICIO CASADO, B.(1999): *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega.* Cadernos do Seminario Sargadelos. Nº 80. Ed. do Castro. Sada.
- PEÑA SANTOS, A. de la; VÁZQUEZ VARELA, J.M. (1979): *Los petroglifos gallegos. Grabados rupestres prehistóricos al aire libre en Galicia.* Cuadernos do Seminario de Estudios Cerámicos de Sargadelos. Nº 30. Ed. do Castro, Sada-A Coruña.
- FILGUEIRA VALVERDE, J.; GARCÍA ALÉN, A.(1954): *Materiales para la Carta Arqueológica de la provincia de Pontevedra.* EMP VIII. Páx. 137.

10. Material Gráfico.



Ilustración 5. 157: Mapa topográfico 1:25.000 (153-III)



Ilustración 5. 158: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 159:Vista aérea. Fonte: SITGA.

Ilustración 5. 160: Vista xeral dende o O, co antecastro en primeiro termo.

Ilustración 5. 161: Restos da muralla na parte N.

Ilustración 5. 162: Foxo na parte oriental.

Ilustración 5. 163: Parapeto na parte externa do foxo.

Ilustración 5. 164: Eira dos Mouros (Petroglifos).

Ilustración 5. 165: Panorámica xeral dende o E, co foxo en primeiro termo; á esquerda a Eira dos Mouros e a parte máis elevada da croa. Ó fondo o Castro de Penalba –indicado-.

Ilustración 5. 166: Perfil do xacemento. Antecastro á esquerda e croa á dereita.

Ilustración 5. 167: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Coto da Cerca.

   Clave de identificación: GA36012031.

2. Localización.

- Lugar: O Sobreiro.
- Parroquia: San Xurxo de Sacos.
- Concello: Cotobade.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 153. (1:25.000: 153-III).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 41.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º30´19´´N./ Lonxitude: 8º30´13´´O.
- Coordenadas UTM: X: 540.779 /Y:4.706.107
- Altitude: 520 m.
- Acceso: Dende o castro da Cividá hai que seguir un cortalumes durante uns 600 m., a carón del, á esquerda, está o castro.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Atópase no extremo dunha pequena penichaira, nunha zona dende onde domina unha aba escarpada.

- Condicións naturais de defensa: Ten fortes pendentes no SO., O. e N.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Os actuais terreos de cultivo están moi lonxe do castro (a unha distancia que supera o quilómetro); nos seus arredores só hai monte baixo e repoboación forestal de piñeiros. Probablemente, daquela cultivasen na chaira xunto ó lugar de habitación.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: A Cividá (San Xurxo de Sacos), Monte do Castro (San Xurxo de Sacos), Coto de Penalba, Os Castros da Betarra e Castro da Devesiña (Campo Lameiro); A Cerca (Praderrei), Castro de Cerdeiras (Fragas), Castro de San Isidro, A Cividá (Fentáns), Castrodiz.

· Área de visión: Vese a ría de Pontevedra, o complexo Ence-Elnosa, a illa de Tambo, o peirao comercial de Marín e a Escola Naval. Asemade, tamén se aprecian a serra do Candán, A Conla, monte do Seixo, O Coirego, O Sobreiro, A Arcela e monte do Ceo. En canto a núcleos vense: San Xurxo de Sacos, Sta. Mª de Sacos, Fragas, Campo Lameiro e os lugares que dan directamente ó Lérez, ademais de Pedre e Vilar (Cerdedo).

4. Descrición.

A croa ten planta circular e o seu diámetro é duns 60 m.; o antecastro, de forma máis ou menos circular, está cara o O.-NO.-N. do recinto central e ten, aproximadamente uns 100 m. de longo. Ademais, no S.-O.- N. hai un longo foxo rodeando a croa e un segundo corpo de muralla no perímetro externo.

O acceso, pode que fose pola parte meridional ou oriental xa que é a que máis se prestaría ó ser máis chan. A muralla do xacemento é pétrea e ten unha anchura duns 2´5 m., obsérvase perfectamente o seu derrube en todo o perímetro. A altura conservada oscila entre un e dous metros. Nos afloramentos graníticos da croa hai dúas cruces gravadas.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: O seu estado de conservación é óptimo, gracias a estar moi apartado dos núcleos de poboación ou de estradas actuais. Tamén ó non ter árbores en todo o recinto.
- Vexetación: Monte baixo.
- Tipo de propiedade: Monte comunal.

- Medidas de protección: Debería incluirse na rota de senderismo que se está a trazar en San Xurxo de Sacos, que nun principio só chegaría ó Castro da Cividá, e así tamén desbrozalo de mato.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: Aparentemente o uso agrícola no entorno non debeu ser propicio, máis ben para a actividade gandeira, debido á súa ubicación case na liña de cumios.

  · Substrato xeolóxico: Componse de rochas plutónicas de tipo granítico-hercínico, máis concretamente de granito de dúas micas de gran fino a medio.

  · Conclusións: Debeu estar relacionado co da Cividá, do que está case ó lado. Este xacemento ten un amplo campo de visión, chegando dende o mar (desembocadura do Lérez) ata a serra do Candán (nacemento), o Lérez ten 57 Km. de curso, o que indica a ubicación estratéxica deste castro. Dende aquí controlábase, dun xeito claro, todo o val medio deste río, onde se dá a maior concentración de arte rupestre do NO. peninsular, do que hai algunha mostra perto do Coto da Cerca.

- Proximidade de recursos hídricos: Moi perto están os mananciais do Agro da Cova, que, hoxe en día, abastecen á maior parte do núcleo principal de San Xurxo de Sacos e a uns 200 m. do nacemento do regueiro da Veiga Grande.

- Distancia ó veciño máis próximo: Está a case dous km. O Castro Máis próximo é A Cividá (0’4 km).

- Vías de comunicación: Hai un camiño que une o Castro da Cividá dende o O. e ó chegar aquí, bordea a muralla do foxo polo S., continuando cara a zona de cumios.

7. Ergoloxía.

   Non se coñecen restos materiais.

8. Folclore.

   A muralla do castro “fixérona os mouros”.

9. Bibliografía.

   Inédito. Só aparece catalogado no inventario da Consellería de Cultura.

10. Material Gráfico.



Ilustración 5. 168: Mapa topográfico 1:25.000 (153-III)



Ilustración 5. 169: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)



Ilustración 5. 170: Vista aérea. SITGA.

Ilustración 5. 171: Vista xeral dende o NO, a carón da Cividá.

Ilustración 5. 172: Derrube da muralla da croa.

Ilustración 5. 173: Antecastro e derrube da muralla.

Ilustración 5. 174: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Monte do Castro.

   Clave de identificación: GA 36012063.

2. Localización.

- Lugar : Monte do Castro.
- Parroquia: San Xurxo de Sacos.
- Concello: Cotobade.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 152 (1:25.000: 152-IV).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 44.
- Coordenadas xeográficas: Latitude : 42º30´58´´N. / Lonxitude: 8º31´18´´O.
- Proxección UTM: X: 539.300 / Y: 4.707.280.
- Altitude: 217 m.
- Acceso: Dende a N-541 (Pontevedra-Ourense) séguese unha estrada durante uns dous Km. ata chegar ó Monte do Castro, onde se ubican o cemiterio parroquial, construído a partir dunha iniciativa veciñal dende 1909 e o campo de fúlbol.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Ubícase nun pequeno cumio aillado que sobresae sobre o val.

- Condicións naturais de defensa: En todo o seu perímetro conta cunha serie de pendentes pronunciadas que lle sirven de defensa natural.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Monte baixo, varias especies arbóreas (carballos, eucaliptos, piñeiros e castiñeiros) e agricultura no val (especialmente viñas).

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: A Cividá e Coto da Cerca (San Xurxo de Sacos), A Cividá (Fentáns), Coto de Penalba e Castro da Devesiña (Campo Lameiro), Castro de San Isidro, A Cerca (Praderrei).

· Área de visión: San Xurxo de Sacos, Fragas, Campo Lameiro, Muimenta, Paredes e A Lamosa.

4. Descrición.

Hai que dicir que tanto polo seu emprazamento topográfico, nun cumio no medio dunha zona de val e a existencia dunha terraza cara o O. que puido ser o antecastro, como pola referencia toponímica, case seguro foi un castro. Non se aprecian restos das súas defensas que foron arrasadas co cemiterio e logo co campo de fútbol. As súas dimensións non se poden precisar por culpa do arrasado que está.

Cara o E.-NE. pódese apreciar pedra sacada da presumible croa, aparenta ser mampostería algo traballada para o seu uso en estruturas construtivas.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: O xacemento, como xa se indicou, está totalmente arrasado co cemiterio e o campo de fútbol.
- Vexetación: Monte baixo e castiñeiros.
- Tipo de propiedade: Monte comunal.
- Medidas de protección: Non existen.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

· Territorio de explotación: A chaira que o rodea por todo o seu perímetro, agás polo O., zona na que hai un pronunciado desnivel ata o regueiro da Veiga Grande.

· Substrato xeolóxico: Está composto por rochas plutónicas de tipo granítico hercínico (granitoide-migmático), tamén hai do Precámbrico-Silúrico xistos e paragneises.

· Conclusións: Debido á súa ubicación e a que ten a uns 200 m. os restos dunha posible *villa* romana, debeu ser un castro de época serodia e de "tipo agrícola".

- Proximidade de recursos hídricos: A uns 200 m. está o manancial de Roibás, a carón dos restos romanos indicados anteriormente.

- Distancia ó veciño máis próximo: Atópase a uns 300 m. Os castros máis próximos son A Cividá-San Xurxo de Sacos (1'45 km) e A Cividá-Fentáns (1'75 km).

- Vías de comunicación: Polo E. estaba o antigo camiño que daba acceso ó cumio do monte ata o ano 1970, no que se trazou a estrada de acceso ó lugar.

7. Ergoloxía.

Non se coñecen restos. A uns 200 m. cara o N., atopou o meu avó, Manuel Tajes García, uns restos de tégulas, ímbrices e cerámicas romanas no talude dun camiño que se acababa de ensanchar (1985), no límite entre a zona de monte e a de veigas.

8. Folclore.

- " Antes da súa destrución, a partir de 1909, alí levaban en procesión a imaxe de San Xurxo, patrón da parroquia, todos os anos o 25 de abril, día de San Marcos, dende alí o párroco bendecía os agros da parroquia en todas as direccións. É un dos moitos exemplos de cristianización dun castro, outros exemplos parellos onde había rituais cristianos nesta zona eran a Cruz do Castro (Carballedo) e o Castro de Penalba (Campo Lameiro)".

9. Bibliografía.

Inédito. Só aparece na catalogación da Consellería de Cultura.

10. Material Gráfico.



Ilustración 5. 175: Mapa topográfico 1:25.000 (152-IV)



Ilustración 5. 176: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 177: Vista aérea. SITGA.

Ilustración 5. 178: Vista xeral.

Ilustración 5. 179: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Coto do Castro.

   Clave de identificación: GA 36012034.

2. Localización.

- Lugar: O Castro
- Parroquia: Santiago de Viascón.
- Concello: Cotobade.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 185 (1:25.000: 185-II).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 14.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º29´32´´ N. / Lonxitude: 8º32´20´´ O.
- Proxección UTM: X: 537.890 / Y: 4.704.640.
- Altitude: 315 m.
- Acceso: Ó N. de Viascón, hai que tomar antes do fito quilométrico 87 da estrada N-541 (Pontevedra-Ourense), un desvío á dereita, xunto ós petroglifos da Portela da Laxe e seguir por unha pista que é por onde vai o oleoduto A Coruña-Vigo, logo duns 300 m., hai que seguir monte arriba uns 200 m. ata o xacemento, que está á dereita.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Ubícase no cumio dun outeiro sobre o val encaixado do Lérez e do seu afluente o Cabanelas, nunha posición de fácil defensa natural e boa visibilidade.

- Condicións naturais de defensa: Son óptimas, xa que ten fortes pendentes por todos os lados.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Monte baixo e eucaliptos e cara o SE. hai unha ampla zona de pastos e cultivos.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: Coto das Rodelas (Parada de Tenorio-Cotobade), Castro de Tenorio (Cotobade), Castro de Redonde e Castro de Cerdeiras (Sta. Mariña de Fragas-Campo Lameiro), Coto de Penalba (Campo Lameiro).

· Área de visión: Pódense ver Fragas (o Coto da Anduriña e o de Acivedo limitan o val do Lérez polo O.), Campo Lameiro, Muimenta, Viascón, Tenorio, Vilanova, Sto. André de Xeve, Monte Castelo (neste caso delimita o val polo E.-SE.) e cara o SO. apreciamos ó lonxe a ría de Pontevedra. Domínase o val baixo do Lérez.

4. Descrición.

Conforma un recinto elíptico, sobre grandes afloramentos graníticos na croa, ten dúas terrazas, unha cara o N. e outra cara o SO., a derradeira de maior tamaño.

Entre a terraza SO. e a croa apréciase un desnivel duns seis metros. Rodea a croa un parapeto de pouca envergadura. Presenta recinto central con dúas terrazas: a primeira dividiríase en dúas plataformas orientadas cara o NE. E a outra está no SO. As estruturas apenas resaltan na actualidade e usan os afloramentos do substrato rochoso para dar unha maior envergadura ás murallas.

As defensas naturais polo NO., O. e S.-SE. aproveitan a forte pendente das abas, na súa parte E., N.-NE. as pendentes son menores. No N. do castro as obras do oleoduto puxeron ó descuberto unha estrutura asociada ó mesmo, que se pode interpretar como unha terraza de cultivo. O castro mide 198x90 m. A estrutura anexa ía ó longo duns dez metros da gabia do oleoduto, a súa fondura superaba os dous metros. O acceso pode que fose polo lado NO.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Aparentemente aprécianse restos de canteira con marcas de cortar nas rochas. A estrutura asociada ó mesmo foi atravesada polo oleoduto A Coruña-Vigo. En liñas xerais, o seu estado de conservación é bo.
- Vexetación: Monte baixo e algún pequeno carballo.
- Tipo de propiedade: Monte comunal.
- Medidas de protección: Sinalizado por un panel dunha ruta de senderismo que percorre toda a parroquia de Viascón.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

· Territorio de explotación: Na parte N. do castro apareceu unha posible terraza de cultivo. Entra dentro do lóxico que a chaira de Viascón, situada ó S.-SE., fose a área de abastecemento de recursos.

· Substrato xeolóxico: Está formado por rochas ígneas (granitos de afinidade alcalina), en concreto, é granito de feldespato alcalino.

· Conclusións: Trátase dun xacemento dun amplo dominio visual, que chega ata o mar. Polo O. está o petroglifo da Portela da Laxe, a carón do castro o que indica que pode que sexa dunha fase antiga desta cultura.

- Proximidade de recursos hídricos: Na zona S. hai un manancial que abastece a parte da parroquia a uns 50 m. do perímetro do castro.

- Distancia ó veciño máis próximo: Está a uns 300 metros. Os castros máis cercanos son Monte do Castro-Redonde (1’15 km), Coto das Rodelas-Parada (2’1 km) e Monte do Castro-Tenorio (2’9 km).

- Vías de comunicación: Dende o S. hai un antigo camiño que ascende ata o castro. Polo NO. nótase o que debeu ser un camiño que bordeaba o hábitat pode que desembocase na entrada do castro.

7. Ergoloxía.

   Non se documentan restos.

8. Folclore.

   Non se coñece.

9. Bibliografía.

   Inédito. Só consta na catalogación arqueolóxica da Consellería de Cultura.

10. Material Gráfico.



Ilustración 5. 180: Mapa topográfico 1:25.000 (185-II)



Ilustración 5. 181: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 182: Vista xeral dende o S.

Ilustración 5. 183: Terraza SO.

Ilustración 5. 184: Perfil dende Fragas (Campo Lameiro).



Ilustración 5. 185: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Monte do Castro.

   Clave de identificación: GA 36012046.

2. Localización.

- Lugar: O Castro.
- Parroquia: S. Pedro de Tenorio.
- Concello: Cotobade.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 185. (1:25.000: 185-II).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 14.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º28´00´´N. / Lonxitude: 8º32´48´´O.
- Proxección UTM: X: 537.255 / Y: 4.701.801.
- Altitude: 167 m.
- Acceso: Hai que tomar, ó chegar a Tenorio, o tramo vello da N-541 e logo tomar un desvío que pasa a carón da igrexa parroquial, a uns 500 m., onde remata a pista está o castro.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Atópase nun outeiro situado ó SE. de Tenorio, entre a zona de monte e de val dominando o devandito núcleo.

- Condicións naturais de defensa: Ten as propias dun outeiro aillado nunha penichaira.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Monte baixo e perto tamén hai terras de cultivo e lameiros. Cara a parte oriental e setentrional hai unha penichaira que daquela debeu ser a zona de explotación agropecuaria do xacemento.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: Coto do Castro (Viascón).

· Área de visión: Domínase Tenorio, Sto. André de Xeve, Gargallóns (Fragas), Bora, Mourente e A Caeira (Poio).

4. Descrición.

Ten unha croa con orientación SO.-NE. que se ergue sobre un outeiro con fortes desniveis polos lados SO.-N. Non se conserva ningunha estrutura visible na croa e as súas dimensións son reducidas (22 m. de longo por 18 de ancho). Un muro atravesa a croa en dirección SO.-NE., que segundo os veciños, aproveitouse a pedra
do castro para a súa construción. En dirección S. hai un desnivel duns 10 m., no lado N. duns 6 m., no O. duns 20 m. e no E. duns 40 m., neste lado a caída remata no que aparenta ser un foxo pero é moi dubidoso telo por tal.

Polo lado NE. consérvanse un parapeto e un foxo duns 8 m. de ancho por cinco de alto, este foxo está utilizado por un camiño. Asemade, o lado E. é o lugar de acceso natural do xacemento, pois hai unha penichaira. Na aba SO. hai unha terraza que tería a función de antecastro.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Hai un muro que atravesa a croa en dirección SO.-NE. e logo na terraza meridional hai dúas vivendas na actualidade e terreo de cultivo.
- Vexetación: Monte baixo a algunhas árbores ailladas.
- Tipo de propiedade: Privada.
- Medidas de protección: Non existen.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: Cara o N. e E. hai unha penichaira que daquela debeu ser a principal área de abastecemento, xunto coa "Chan de Tenorio", cara o O. que son os terreos de maior valor agrolóxico.

  · Substrato xeolóxico: Fórmano rochas ígneas (granitos de afinidade alcalina), trátase de granito de feldespato alcalino con grandes biotitas ("ala de mosca").

  · Conclusións: Neste caso é un xacemento de reducidas dimensións, que como a maior parte dos do val do Lérez atópase nun outeiro no remate da liña de cumios que o rodean. Estamos nun lugar de baixa altitude co que o dominio visual é moito máis reducido do que vimos nesta área xeográfica. Ten un grao de alteración apreciable, pois non se conservan estruturas visibles de ningún tipo (murallas...).

- Proximidade de recursos hídricos: Hai mananciais a perto de 500 m.

- Distancia ó veciño máis próximo: No propio xacemento e ó seu carón hai varias vivendas. Os castros máis cercanos son Coto das Rodelas-Parada (2'65 km) e Coto do Castro-Viascón (2'9 km).

- Vías de comunicación: Polo S.-SE. hai un camiño que bordea a croa e desvíase polo foxo; pola zona E. hai outro camiño antigo.

7. Ergoloxía.

   Non se coñecen restos.

8. Folclore.

   - "Había un túnel, feito polos mouros, que unía o Mosteiro de Tenorio coa Torre Vella e tiña unha bifurcación ata o Castro".

- “No Areal, no río Lérez, hai unha poza moi fonda, non se sabe cantos metros de fondo ten, din que había unha grade de ouro na entrada da devandita poza”.

-“Había un encanto dos mouros na Poza do Areal, no río Lérez, no Outeiro da Garza, alí unha moura peiteábase cun peite de ouro e cando miraba xente escondíase”.

9. Bibliografía.

Inédito. Só aparece na catalogación da Consellería de Cultura.

10. Material Gráfico.



Ilustración 5. 186: Mapa topográfico 1:25.000 (185-II)



Ilustración 5. 187: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 188: Croa e foxo en primeiro termo.

Ilustración 5. 189: Foxo.

Ilustración 5. 190: Vista xeral dende O.

Ilustración 5. 191: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Coto das Rodelas.

   Clave de identificación: GA 36012032.

2. Localización.

- Lugar: Parada.
- Parroquia: S. Pedro de Tenorio.
- Concello: Cotobade.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 185 (1:25.000: 185-II).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 14.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º29´15´´N. / Lonxitude: 8º33´55´´O.
- Proxección UTM: X: 535.866 / Y: 4.704.065.
- Altitude: 158 m.
- Acceso: Ó pasar o Km. 90 da estrada N-541 (Pontevedra-Ourense), tómase unha pista que conduce á aldea de Parada de Tenorio, logo duns dous Km., ó NO. do lugar, nun outeiro, atópase o castro.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Sitúase no cumio dun outeiro nun meandro do río Lérez.

- Condicións naturais de defensa: As propias dun lugar elevado, con desniveis pronunciados por todos os lados.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Monte baixo, prados e repoboación de eucaliptos.

- Potencialidade visual:

  · Intervisibilidade con outros xacementos: Coto do Castro (Viascón), Castro de Redonde (Sta. Mariña de Fragas).

· Área de visión: Parada, Tenorio, Gargallóns e Redonde (Sta. Mariña de Fragas), Fragoso e Sto. André de Xeve, O Campiño (Pontecaldelas).

4. Descrición.

Trátase dun castro de pequenas dimensións de planta ovalada. Ten unha croa circular duns 30 m. de diámetro. Ademais da muralla que delimita a croa hai outros
dous recintos amurallados na parte S.-SE.-E. A croa ten un desnivel duns catro metros coa primeira terraza, esta plataforma coa segunda ten un desnivel de, aproximadamente, seis metros na zona máis abrupta.

Aprécianse dun xeito nidio os derrubes da muralla da croa, no caso das defensas dos dous recintos pódese ver algo unha parte dos muros. Non se pode precisar por onde era o acceso ó xacemento debido á mesta vexetación, aínda que parece que debeu ser polo SO.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Consérvase ben todo o asentamento.
- Vexetación: Mato de toxo arnal.
- Tipo de propiedade: Monte comunal.
- Medidas de protección: Non se contemplan.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

· Territorio de explotación: A chaira na que se asenta Parada e polo N. e O. delimítao o río Lérez.

· Substrato xeolóxico: Fórmano rochas ígneas (granitos de afinidade alcalina), neste caso é granito de feldespato alcalino.

· Conclusións: Este asentamento atópase a carón do Lérez, o máis próximo a el é o Castro de Redonde que está case fronte ó das Rodelas, ó outro lado do río. Domina ben un amplo tramo do curso fluvial, pois aquí o río varía a súa dirección nun pronunciado meandro e toma cara o S. nun tramo case recto duns 5 Km., para logo en Bora ir cara o O. na súa parte final ata a desembocadura.

- Proximidade de recursos hídricos: O río Lérez bordea o castro polo N. e O. a menos de 200 m.

- Distancia ó veciño máis próximo: A uns 150 m. ó SE. da segunta terraza. Os castros máis cercanos son Monte do Castro-Redonde (1'2 km), Coto do Castro-Viascón (2'1 km) e Monte do Castro-Tenorio (2'65 km).

- Vías de comunicación: Un antigo camiño bordea polo SE.- E. o xacemento.

7. Ergoloxía.

Ó redor do 1932, Víctor Lis e outras persoas remexeron na croa do castro e atoparon restos de cerámica, pero non se soubo o que pasou con eses materiais, segundo relatou un veciño do lugar, cara a zona na que se ubica o Coto da Campá, onde habería un probable foxo.

8. Folclore.

- "No Coto da Campana, que está perto do castro, hai un outeiro enriba doutro, que ten unha pía, o da parte superior está desgastado a xeito "de forno", ó berrar resoaba".
- "O nome de Coto das Rodelas ten a súa orixe nos tres recintos amurallados, os veciños a cada un deles chámanlles *rodas ou rodelas*".

9. Bibliografía.

Inédito. Só consta na catalogación da Consellería de Cultura.

10. Material Gráfico.



Ilustración 5. 192: Mapa topográfico 1:25.000 (185-II)



Ilustración 5. 193: Foto aérea de 1956 (1:33.000)

Ilustración 5. 194: Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 195: Restos da muralla da segunda terraza.

Ilustración 5. 196: Derrube da muralla da croa.

Ilustración 5. 197: Vista xeral.

Ilustración 5. 198: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Coto do Castro.

   Clave de identificación: GA 36012050.

2. Localización.

- Lugar: Famelga.
- Parroquia: Sta. María de Aguasantas.
- Concello: Cotobade.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 186 (1:25.000: 186-I).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 21.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º 26´48´´N. / Lonxitude: 8º28´30´´O.
- Proxección UTM: X: 543.175 / Y: 4.699.600
- Altitude: 616 m.
- Acceso: Na estrada PO-234, Carballedo-Aguasantas, a 5 Km. de Carballedo, xunto á capela de Sta. Lucía de Famelga, á dereita vaise por unha pista uns 300 m., logo ascéndese uns 500 m. monte arriba.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Está nun cumio formado por tres outeiros.

- Condicións naturais de defensa: O emprazamento atópase rodeado por fortes desniveis por todos os seus lados e son as condicións naturais propias dun outeiro.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Monte baixo sen explotación de ningún tipo.

- Potencialidade visual:

  · Intervisibilidade con outros xacementos: Cruz do Castro (Carballedo), Coto de Paraños (Carballedo), Coto do Castro (Aguasantas).

· Área de visión: Pódese ver dende este xacemento o val alto do Almofrei (Caroi, Corredoira, Carballedo e Loureiro); tamén o val do Calvelle, afluente do Verdugo no seu tramo alto (Famelga, Valongo e Aguasantas) e Antas. Por último, os montes que bordean as zonas da cabeceira dos tres ríos mencionados (Serra do Cando, Monte do Seixo, Serra do Suído, Coirego, Arcela, Monte do Castelo).

4. Descrición.

No que atingue a recintos e defensas, aprécianse polo O. posibles restos de muralla, que percorren toda a zona da croa; é o único sitio sen afloramentos graníticos que ocupan case toda a zona da croa. Na parte NO., a suposta muralla dá un xiro en dirección E., seguindo a curva de nivel.

A muralla ten, aproximadamente uns 2´5 m. de ancho e sobresae sobre a croa un metro. As medidas do recinto central son: E.-O.: 60 m./ N.-S.: 36 m. É difícil precisar por onde era o acceso ó castro.

O xacemento atópase nun cumio formado por tres outeiros, que destaca moito sobre o entorno, xa que ten unhas abas moi escarpadas, permitindo, deste xeito unha boa defensa natural. Por toda a súa parte oriental, posúe un foxo de enormes dimensións, que supera o hectómetro de lonxitude, ten uns dez metros de ancho e uns oito de alto e un desnivel moi pronunciado, segue unha orientación N.-S., co que acentúa o xa de por si aspecto defensivo do lugar.

Houbo un aproveitamento no lado E. de afloramentos graníticos para o peche da croa. Ó pé do castro hai restos dun muíño de vento. Hai vestixios dunha cova que iría dende a base do monte ata o castro. Pode que fose unha mina de auga.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Nótase actividade de canteira, que posiblemente fose para as propias murallas do lugar e tamén en épocas posteriores.
- Vexetación: Mato de toxo de grandes proporcións.

- Tipo de propiedade: Monte comunal.
- Medidas de protección: Non se contemplan.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: A chaira do actual lugar de Famelga.

  · Substrato xeolóxico: Son rochas metamórficas, en concreto, gneises granulares do Precámbrico.

  · Conclusións: Debido á súa altitude permite o dominio da zona de cumios que circundan a parte alta dos vales dos ríos mencionados. Trataríase dun dos hábitats castrexos de mellores defensas naturais de todo o val do Verdugo.

- Proximidade de recursos hídricos: A uns 200 m. cara o O. hai un manancial e ó pé do castro está a denominada “Fonte dos Carballos”.

- Distancia ó veciño máis próximo: Aproximadamente a uns 150 m. ó E. do castro. O castro máis cercano é Coto do Castro-Aguasantas (4’25 km).

- Vías de comunicación: Un antigo camiño bordéao pola parte que está o foxo; polo NE., parece que existía unha pequena corredoira monte arriba.

7. Ergoloxía.

   Non se coñecen restos.

8. Folclore.

   - “ Había unha mina que atravesaba o castro por debaixo, en dirección E.-O., na entrada había como un arco”.

- “Alí viviron os mouros, que deixaron gran cantidade de ouro. Algunha xente atopouse con diademas e peites de ouro sobre as pedras”.
- “Había unha viga de ouro e outra de alquitrán, se atopaban a de ouro, daban co tesouro e se atopaban a de alquitrán ardían”.
- “Viña unha moura a lavarse e peitearse á Fonte dos Carballos, ó pé do castro”.
- “Alí hai como unhas chimeneas de pedra”.
- “ Alí houbo tesouros, posto que no castro viviron os mouros”.
- “ A muralla é un túnel para baixar ó val”.
- “ Hai unha viga de ouro e outra de alquitrán que baixaba do monte”.
- “ Cando os paisanos fixeron o depósito de auga atoparon unha chimenea e cinza e pensando que era a viga de alquitrán, abandonaron a obra por medo a quedar pegados”.
- “ Hai unha porta que comunica co túnel que vai por debaixo da muralla”
- “ O día de San Xoán saen unha serpe e máis unha santa; para desencantalos hai que levar o libro”.
- “ Hai unha mina de ouro onde se podía entrar. Se se tira unha pedra resoa todo coma nunha igrexa”.
- “ A fonte do castro é visitada os sábados polas bruxas”.

9. Bibliografía.

- FILGUEIRA VALVERDE, J.; GARCÍA ALÉN, A. (1954) : *Materiales para la Carta Arqueológica de la provincia de Pontevedra.* EMP VIII. Páx. 136.
- Catalogación da Consellería de Cultura.
- APARICIO CASADO, B.(1999): *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega.* Cadernos do Seminario Sargadelos. Nº 80. Ed. do Castro. Sada.

10. Material Gráfico.



Ilustración 5. 199: Mapa topográfico 1:25.000 (186-I)



Ilustración 5. 200: Foto aérea de 1956 (1:33.000)

Ilustración 5. 201: Foxo.

Ilustración 5. 202: Vista xeral.

Ilustración 5. 203: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Coto do Castro.

   Clave de identificación: GA 36012052.

2. Localización.

- Lugar: Igrexario.
- Parroquia: Sta. María de Aguasantas.
- Concello: Cotobade.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 186. (1:25.000: 186-I).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 21.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º25´14´´N. / Lonxitude: 8º26´58´´O.
- Proxección UTM: X: 545.278 / Y: 4.696.719
- Altitude: 535 m.
- Acceso: Á esquerda da estrada Carballedo-Aguasantas, que conduce ata A Lama (PO-234), collemos un cruce que leva ata a igrexa de Aguasantas, seguimos uns 500 m., antes do lugar de Ceraxe, dobramos a man dereita uns 150 m. e chegamos por unha pista ata a croa do castro.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Sitúase no cumio do denominado Coto do Castro ó SE. de Aguasantas.

- Condicións naturais de defensa: Ten as propias dunha elevación deste tipo, con fortes desniveis, agás polo N. A pendente é moito máis pronunciada na aba meridional que descende cara o río Verdugo.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Monte baixo con predominio de toxo.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: Monte do Castro (A Lama), Castro de Famelga (Cotobade), A Peneda (Soutomaior).

· Área de visión: Aguasantas, O Peso, Escuadra, Barbeira, A Lama, Antas, Carballeira das Ermitas, Serra do Cando, Serra do Suído, Pé da Múa, Caritel e ao lonxe pódese ver a ría de Vigo, da que tamén podemos apreciar a ponte de Rande.

4. Descrición.

O castro atópase case totalmente arrasado. Cara o N-NE. consérvase unha terraza, cunhas dimensións de 50 por 20 m., con foxo e parapeto externo. O acceso ó
xacemento probablemente fose polo N., posto que é a única área que o posibilitaría.

Ten outra terraza na parte SO., de menor tamaño, ten uns 20 m. A croa do castro oriéntase en sentido NE.-SO., supera os 100 m. de longo. Case non se conservan estruturas, agás na parte NE. A parte central da croa ten uns afloramentos rochosos duns catro metros de alto.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Polo N. accédese por unha pista ata a croa, que está arrasada por unha explanación e acumulación de entullos e un pequeno merendeiro.
- Vexetación: Monte baixo (toxo molar).
- Tipo de propiedade: Monte comunal.
- Medidas de protección: Non existen, de feito pódese ver no elevado grao de destrución do castro.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

· Territorio de explotación: O tramo final do río Calvelle e do Barbeira, afluentes do Verdugo. Entre as dúas zonas está a elevación montañosa, que remata nunha pequena penichaira da que o Coto do Castro é o seu cabo.

· Substrato xeolóxico: Son rochas graníticas presincinemáticas da Fase 3, en concreto, granito de dúas micas de gran groso.

· Conclusións: Ten un bo dominio visual da cabeceira dos ríos do val. Xunto co de Famelga, é o que está máis a carón da serra do Cando. A súa ubicación privilexiada permite ver ata a ría de Vigo. Ó pé do castro hai un lugar denominado Sucastro, igual que ocurre a carón do Monte do Castro da Lama, dato que indica a pegada na toponimia.

- Proximidade de recursos hídricos: A 300 m. ó N. existe un manancial.

- Distancia ó veciño máis próximo: Está a algo menos de 100 m. no lugar do Igrexario. O castro máis cercano é Castro Bo (0'7 km).

- Vías de comunicación: Debido ás destrucións non se pode precisar, pero, como xa se dixo anteriormente, o acceso debeu ser, seguramente, polo N.

7. Ergoloxía.

   Non se coñecen restos.

8. Folclore.

   Non se coñece ningún exemplo.

9. Bibliografía.

   Inédito. Só aparece na catalogación da Consellería de Cultura.

10. Material Gráfico.

Ilustración 5. 204: Mapa topográfico 1:25.000 (186-I)



Ilustración 5. 205: Foto aérea de 1956 (1:33.000)



Ilustración 5. 206: Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 207: Afloramentos graníticos na croa.

Ilustración 5. 208: Terraza SO.

Ilustración 5. 209: Vista xeral dende Sucastro.

Ilustración 5. 210: Vista xeral dende O Peso (zona E).

Ilustración 5. 211: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Castro Bo.

   Clave de identificación: Non está catalogado.

2. Localización.

- Lugar: Sucastro.
- Parroquia: Sta. María de Aguasantas.
- Concello: Cotobade.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 186 (1:25.000: 186-III).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 31.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º24´53´´N./ Lonxitude: 8º27´05´´O.
- Proxección UTM: X: 545.175 / Y: 4.696.050
- Altitude: 404 m.
- Acceso: Dende a estrada Carballedo-A Lama hai que andar, aproximadamente, un km. a partir do lugar de Sucastro, primeiro por un camiño que está na marxe dereita da devandita estrada e logo por un carreiro pola marxe dereita do río Verdugo ata chegar a un esporón, no cal se ubica o castro.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Situado nun outeiro que está nun esporón delimitado por un meandro na marxe dereita do río Verdugo.

- Condicións naturais de defensa: Ten fortes desniveis en todo o seu perímetro, ademais o esporón está rodeado polo río Verdugo agás polo N.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Monte baixo e repoboación de eucaliptos.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: Monte do Castro (A Lama), Coto do Castro (Aguasantas).

· Área de visión: Pódense ver Aguasantas, A Lama , O Peso e o Monte do Ceo (limita o núcleo de A Lama pola parte oriental).

4. Descrición.

Trátase dun castro de planta ovalada que aproveita a forma do esporón no que se asenta. O eixo principal do xacemento ten unha orientación N.-S., as súas dimensións son difíciles de precisar por causa do espeso mato.

A parte "habitable" podería ter perto duns cen metros en sentido lonxitudinal, aínda que o que debeu ser a croa ten uns 60 x 40 m. Na parte N. hai afloramentos rochosos, que se aproveitan, en parte, para a muralla. Esta vai en sentido N.-NO. e consérvanse vestixios dela nuns 25 m. e a súa anchura é duns tres metros, consérvase ata case un metro de altura. Cara o NO. hai unha reducida plataforma que estaría fóra dos límites da estrutura defensiva da croa.

No seu perímetro hai fortes desniveis con penedos por todos lados. O acceso tiña que ser polo N., debido a que é a única parte pola que o río non o rodea. Probablemente se trate dun xacemento de recinto único debido ás características abruptas do seu emprazamento.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Na parte N. e E., nas abas do outeiro, hai muros de leiras particulares con arbolado e poideron afectar algo ó xacemento. O xacemento, en xeral, está ben conservado, gracias ó abrupto do seu emprazamento.
- Vexetación: Toxeiras, algún carballo e na zona das abas hai eucaliptos.
- Tipo de propiedade: Monte comunal e particular.
- Medidas de protección: Non existen.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: A pequena chaira que está cara o N.-NE. onde está Sucastro.

  · Substrato xeolóxico: Son rochas graníticas pre-sincinemáticas de Fase 3, en concreto, granito de dúas micas de gran groso.

  · Conclusións: Estamos nunha zona dunha alta concentración de xacementos nun radio duns tres km. á redonda (Castro Bo, Coto do Castro-Aguasantas, Coto do Castro-Famelga e Monte do Castro-A Lama) o que indica que era unha zona poboada daquela. O río Verdugo e os seus colectores, debido á súa riqueza piscícola, debeu favorecer a actividade da pesca nas súas augas e o regadío dos campos. Na actualidade, no entorno próximo, consérvanse canalizacións de presas de rego e para muíños de auga.

- Proximidade de recursos hídricos: O río Verdugo rodea o asentamento polas súas partes E., S. e O.

- Distancia ó veciño máis próximo: A pouco máis dun km. están as vivendas de Sucastro (Aguasantas). Os castros máis cercanos son Coto do Castro-Aguasantas (0’7 km) e Monte do Castro-A Lama (1’65 km).

- Vías de comunicación: Hai un camiño que o bordea polo N. e un carreiro que percorre a marxe do río.

7. Ergoloxía.

   Non se coñecen restos.

8. Folclore.

Xusto na outra marxe do río hai o que se denomina “A Cova dos Mouros”, unha pequena cavidade existente a uns metros do Verdugo, que a xente relacionaría co xacemento de Castro Bo.

9. Bibliografía.

Inédito. A día de hoxe, nin siquera está catalogado.

10. Material Gráfico.



Ilustración 5. 212: Mapa topográfico 1:25.000 (186-III)



Ilustración 5. 213: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 214: Vista de Castro Bo dende o Coto do Castro (Aguasantas).

Ilustración 5. 215: Cabo meridional do esporón, rodeado polo río Verdugo.

Ilustración 5. 216: Detalle da muralla da croa.

Ilustración 5. 217: Vista xeral da muralla.

Ilustración 5. 218: En primeiro plano Castro Bo e ó fondo o Coto do Castro (Aguasantas).

Ilustración 5. 219: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: A Cividá.

   Clave de identificación: Xacemento dubidoso. / Non está catalogado.

2. Localización.

- Lugar: Fentáns.
- Parroquia: San Xurxo de Sacos.
- Concello: Cotobade.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 152. (1:25.000: 152-IV).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 44.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º31´55´´N. / Lonxitude: 8º31´13´´O.
- Proxección UTM: X: 539.400 / Y: 4.709.000.
- Altitude: 208 m.
- Acceso: Vaise pola estrada PO-230 (Campo Lameiro-Vichocuntín), ó chegar a Fentáns, xunto á primeira casa á esquerda hai un camiño que nos leva ata A Cividá logo de ascender un 200 m..

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Atópase no remate dunha pequena penichaira sobre un coto lixeiramente elevado sobre a mesma que o rodea polo N. e E., nunha pequena divisoria de augas.

- Condicións naturais de defensa: Principalmente cara o O. e algo cara o S. hai unha forte pendente, na que agora se ubican as casas do lugar de Fentáns.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Monte baixo, pastos, viña, cultivos de horta, repoboación forestal de piñeiros, carballeira e antigamente había unha alvariza.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: A Cividá, Coto da Cerca, Monte do Castro (San Xurxo de Sacos), Coto de Penalba (Campo Lameiro), A Cerca (Praderrei).

· Área de visión: San Xurxo de Sacos, Praderrei, Campo Lameiro, Fragas, Painceiros, Paredes.

4. Descrición.

Ten planta ovalada e o seu eixo maior vai en dirección N.-S. Non se observan restos de estruturas en superficie, pois é unha zona que estivo, e está parcialmente, adicada a labores agrícolas. O que debeu ser a croa ten uns 50 m. (N.-S.) por 30 m. (E-O.). Cara o O., apréciase unha terraza, separada da croa por un socalco cun muro que supera o metro de altura; esta área bordea toda a zona elevada por este lado en sentido lonxitudinal.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: As causadas polas labores agrícolas dende antigo que provocan a non conservación de estruturas en superficie.
- Vexetación: Monte baixo, piñeiros, prados e carballeira.
- Tipo de propiedade: Particular.
- Medidas de protección: Non existen.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

· Territorio de explotación: A reducida penichaira que o bordea pola parte setentrional e oriental, na zona S.-SO. está a ladeira e sobre todo a chaira que ten o límite meridional no río Lérez e o occidental no río dos Calvos.

· Substrato xeolóxico: Componse de rochas graníticas hercínicas, concretamente de granito de dúas micas.

· Conclusións: O substrato xeolóxico da zona (granito de dúas micas) é o soporte utilizado en tempos prehistóricos para os petroglifos, moi abundantes no val medio do Lérez, o que indica un intenso poboamento dende antigo. Sirva como exemplo que dende este lugar divísanse, cando menos outros seis castros e hai varios máis nun pequeno radio ó redor de Fentáns.

- Proximidade de recursos hídricos: A uns 200 m. ó SO. hai un manancial importante. Hai que dicir que segundo os veciños do lugar existían antigamente dúas presas que regaban as veigas de Fentáns. Unha partía do río dos Calvos, perto de Paredes e tiña uns dous Km. de lonxitude e a outra viña dende Arximonde, duns mananciais que agroman alí. A referencia é de cando menos uns trescentos anos, pero o aproveitamento pode ser máis antigo.

- Distancia ó veciño máis próximo: Polo SO.-S. hai casas ó pé do emprazamento, a uns 50 m. da croa. Os castros máis cercanos son A Cerca-Praderrei (0'65 km) e Monte do Castro-San Xurxo de Sacos (1'75 km).

- Vías de comunicación: Na súa parte occidental hai dous camiños que conflúen nun só e bordean A Cividá en dirección O.-NO.-N., por esta parte había outro acceso secundario.

7. Ergoloxía.

Non se teñen atopado restos.

8. Folclore.

- "Dicían os vellos, hai xa uns cen anos, que alí houbo algo, referíndose a un poboamento antigo".
- "Perto de alí, cara o N., nun lugar chamado O Ortigal, din que está a primeira casa que houbo no lugar de Fentáns. Parece ser que fora construída por un cura (non concretan pero calcúlanlle un mínimo de trescentos anos) que quería facela fóra do Concello de Cotobade e tela en Campo Lameiro, pero

finalmente onde a ergueu aínda era de Cotobade. Consérvanse restos das paredes actualmente e seica se fixo alí algunha casa máis".

- "Noutro lugar, perto do núcleo de Fentáns, en Lixó, dicían que alí estiveran os mouros e os romanos e que levantaran unha pequena capela e logo os veciños fixeron outra máis grande que é a actual dos Remedios de Lixó. Por alí pasa unha antiga calzada, en dirección S.-N., que probablemente existira en época romana, pois no Lérez hai restos dunha ponte que polas carácterísticas axústase a ese período".

9. Bibliografía.

Inédito. Non está nin siquera catalogado.

10. Material Gráfico.



Ilustración 5. 220: Mapa topográfico 1:25.000 (152-IV)



Ilustración 5. 221: Foto aérea de 1956 (1:33.000)



Ilustración 5. 222: Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 223: Panorámica xeral (O).

Ilustración 5. 224: Vista do Coto da Cerca e a Cividá (S. Xurxo de Sacos) dende a Cividá (Fentáns).

Ilustración 5. 225: Vista do Coto da Cerca, A Cividá e Monte do Castro (S. Xurxo de Sacos) dende a Cividá (Fentáns).

Ilustración 5. 226: Pendente polo S.

1. Nome do xacemento: Coto da Roda.

   Clave de identificación: GA 36012072.

2. Localización.

- Lugar: Dorna.
- Parroquia: Sta. María de Sacos.
- Concello: Cotobade.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 153 (1:25.000: 153-III).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 41.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º31´15´´N. / 8º28´43´´O.
- Proxección UTM: X: 542.830 / Y: 4.707.840
- Altitude: 270 m.
- Acceso: Dende a aldea de Dorna arranca un camiño de servidume de terreos agrícolas cara o NE. Unha vez pasados os agros chégase ata a canalización que leva a auga á minicentral de Dorna, no río Lérez. No outeiro entre o camiño e a canle está o castro.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Sitúase nun outeiro que cara o O. ten unha forte pendente cara o río Lérez.

- Condicións naturais de defensa: Danse fortes desniveis no seu perímetro. Pola parte S. descende a canalización de auga por unha pronunciada pendente que ten 100 m. de caída e cara o río o terraplén é aínda maior, pois nun curto espacio báixase de 270 a 180 m. de altitude.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Hai carballeiras e as especies arbóreas propias das marxes dun río, pero o predominio é de repoboación de eucaliptos e na parte meridional e oriental, a uns 100 m., están os agros de Dorna.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: Castro de S. Isidro.

· Área de visión: Vense Dorna e S. Isidro de Montes (Campo Lameiro).

4. Descrición.

Este xacemento é de planta ovoidal e alongada. O seu eixo maior ten unha orientación SO.-NE. e unha lonxitude duns 100 m. e uns 80 no NO.-SE. No centro e cara o O. existe unha ampla afloración granítica. A partires desta creouse unha superficie interna aterrazada que conta coa súa maior superficie cara o E. e S.

A muralla da croa, que se aprecia lixeiramente, ten unha anchura de 1´40 m., este parapeto cara o exterior forma un terraplén duns 3 m. de alto. A croa, na súa parte máis elevada ten 35 x 20 m. e logo pola zona E. e N. unha terraza de 50 x 10/15 m. Na zona S.-SE.-E., na pendente, ó pé da croa e na aba do monte, están espalladas pedras traballadas de gran tamaño, que deberon formar, con moita probabilidade, parte da súa muralla.

No centro e cara a parte O. existe un amplo afloramento granítico. A partires desta creouse unha superficie aterrazada que ten maior amplitude cara o E. e S. O parapeto da croa apréciase por todas partes, agás polo N., onde foi desfeito polo trazado da canle de auga e no E. , onde aparece cortado por un camiño tradicional. O acceso ó castro era pola parte NE.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: A muralla do castro está cortada no NE. por un camiño tradicional e no N. pola canle de abastecemento da minicentral de Dorna. No NO. hai un antigo cortello de ovellas de 4 x 3 m., a súa porta é de 1´50 x 0´70 m., na actualidade está abandonado e para acceder a el, crúzase a canle por unha pontella diminuta con arco de medio punto.
- Vexetación: Repoboación de eucaliptos, mato e carballeira.

- Tipo de propiedade: Particular.
- Medidas de protección: Non se contemplan.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: A actual zona agrícola de Dorna que vai en sentido NE.-SO. e que está na parte oriental e meridional do Coto da Roda, limitada cara o O. e N. polo río Lérez e polo resto do seu perímetro polas estribacións montañosas.

  · Substrato xeolóxico: Componse de rochas graníticas hercínicas, neste caso é granito de dúas micas de gran fino a medio.

  · Conclusións: Ten un amplo dominio do río Lérez e está nunha estreita franxa de val na súa marxe esquerda e é dos de mellores condicións naturais de defensa de toda esta conca fluvial.

- Proximidade de recursos hídricos: Pola parte meridional pasa, ó pé do castro, un pequeno regueiro e polo N. e O. flúe o río Lérez. Ademais, hai un manancial de augas medicinais sulfurosas, na zona que dá cara o río, coñecido como “A Freixa”.

- Distancia ó veciño máis próximo: Está a uns 200 m. ó S. O castro máis cercano é o Castro de San Isidro-Monte do Castro (0’8 km).

- Vías de comunicación: O acceso ó castro é por un camiño agrícola polo NE. e tamén polo S. hai un carreiro que o bordea e diríxese cara o O.

7. Ergoloxía.

   Non se coñecen restos.

8. Folclore.

   “Había unha viga de alquitrán e outra de ouro dende o Niño do Corvo (outro coto perto do Coto da Roda) ata o Coto da Roda”.
   “Alí había casas vellas tiradas habitadas polos mouros”.

9. Bibliografía.

   Inédito. Recentemente foi catalogado pola Consellería de Cultura (os datos desta ficha do catálogo da Xunta de Galicia son da autoría de Mª Carme Álvarez García e Manuel Lestón Gómez; o resto dos datos son de autoría propia.

10. Material Gráfico.

Ilustración 5. 227: Mapa topográfico 1:25.000 (153-III)



Ilustración 5. 228: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 229: Vista xeral.

Ilustración 5. 230: Muralla da croa.

Ilustración 5. 231: Muralla da croa.

Ilustración 5. 232: Afloramentos da base da muralla da croa e pedras do derrube en primeiro termo.



Ilustración 5. 233: Vista do río Lérez dende o Coto da Roda.

Ilustración 5. 234: Foto SixPac.

Concello de Pontevedra

1. Nome do xacemento: Monte do Castro.

   Clave de identificación: GA 36038043.

2. Localización.

- Lugar: Monte do Castro.
- Parroquia: Sta. María de Pontesampaio.
- Concello: Pontevedra.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 185 (1:25.000: 185-IV).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 43.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º21´31´´N. / Lonxitude: 8º36´37´´O.
- Proxección UTM: X: 532.090 / Y: 4.689.750
- Altitude: 122 m.
- Acceso: Diríxímonos pola N-550 (Pontevedra-Vigo) e un pouco antes da gasolineira de Paredes tomamos un desvío á esquerda cara Pontesampaio. Antes de chegar ó devandito núcleo, xusto ó pasar o cemiterio parroquial, cóllese un cruce sinalizado á esquerda á Canicouva. Por esta pista, rodeamos o xacemento polo E., logo de pasar a ponte sobre o río Ulló, tómase unha pista asfaltada a man esquerda, en sentido ascendente, que vai ata o lugar de Sixto. Onde está a primeira casa á esquerda, súbese polo camiño que hai xunto a ela e dende aquí accédese ó castro pola aba setentrional.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Ubícase o castro nun cumio, onde hai unha zona chan e unhas terrazas, dende onde se controla o val do río Ullo e a parte interior da ría de Vigo. Está no interfluvio do regueiro de Cacheiro co río Ulló.

- Condicións naturais de defensa: Son óptimas pois ten uns fortes desniveis nas súas abas, como é propio nunha situación deste tipo.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Ten bosque de repoboación de piñeiros e eucaliptos; ademais hai prados e zonas de cultivo.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: A Peneda do Viso (Soutomaior), Coto Loureiro-castro de Farexa (Figueirido) e castro de Acuña-monte da Croa (Vilaboa).

· Área de visión: Podemos ver Pontesampaio, Canicouva, Arcade, Paredes e a parte interior da ría de Vigo nas dúas marxes ata o estreito de Rande.

4. Descrición.

Este castro ten unha planta alongada e unha ampla superficie. Consta dunha croa que se prolonga polo N.-NE. e cun afloramento rochoso na parte central. No NE. hai dúas terrazas de reducidas dimensións e unha terceira máis ampla, en sentido lonxitudinal e paralela ó río, sostidas por cadansúa muralla pétrea, da que nalgunha zona aínda se aprecian algunhas pedras coa cara externa traballada e "in situ". Dende este sector cae a pronunciada pendente cara o Ulló.

Na parte occidental está a croa, delimitada por unha liña de muralla , dende onde descenden, cara o N., sucesivamente tres terrazas, aproveitando as plataformas existentes, sendo a primeira delas de menores dimensións. Por esta aba debeu ser o acceso do castro, como tamén o é hoxe, debido a que é nesta área onde a caída é menos abrupta. A aba occidental ten un desnivel menor que a oriental, especialmente se a comparamos coa zona SE. Na parte central da zona elevada vemos os restos da muralla que delimita a croa e un segundo recinto na parte meridional, tamén amurallado. Logo, cara a parte meridional continúa a plataforma, pero fóra do xacemento, a esta parte chámanlle "O Miradoiro".

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: O xacemento ten serias alteracións por causa das canteiras. Sirva como exemplo que deste lugar obtívose pedra que se enviou para a construción do Centro Galego da Habana. Tamén se fixo un depósito de traída

de augas no N.-NE. e camiños e carreiros. Tamén obsérvase a acción dos furtivos e a erosión ó ser unha zona castigada polos incendios forestais.

- Vexetación: Está cuberto por monte baixo a base de toxos e piñeiros.
- Tipo de propiedade: Monte comunal.
- Medidas de protección: Non existen.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: Os terreos que están na marxe dereita da desembocadura do Verdugo, limitados pola liña de cumes próxima. Probablemente o seu xeito de vida dependeu en parte do Verdugo e do mar debido á súa ubicación.

  · Substrato xeolóxico: Componse de rochas ígneas, dentro destas son granitos de afinidade alcalina e , neste caso, é granito de feldespato alcalino.

  · Conclusións: Estamos diante dun xacemento que debeu depender para a súa subsistencia da pesca e do marisqueo na ría e da pesca fluvial, ademais da gandería, pois os terreos do territorio de explotación preferente son reducidos e a opción agrícola para o sustento estaría limitada.

- Proximidade de recursos hídricos: O castro bordéano dous cursos fluviais que son o regueiro de Cacheiro (O.) e o río Ulló (E.) e moi perto está a desembocadura do Verdugo (S.).

- Distancia ó veciño máis próximo: A uns 200 m. polo SE. están as primeiras casas de Pontesampaio e a unha distancia parecida polo NE. está o lugar de Sixto (Canicouva). Os castros máis cercanos son Coto Loureiro-castro de Farexa (2’3 km) e monte da Croa-castro de Acuña (2’9 km).

- Vías de comunicación: Polo N. está un camiño de acceso ó recinto e a pola aba E. ascende un camiño, na actualidade abandonado, ata o cumio do monte, ata o NE.

7. Ergoloxía.

Nunha prospección apareceron abundantes anacos de tégula e ímbrices e cerámica indíxena. Na actualidade, debido á erosión e ás remocións sufridas polo xacemento, obsérvanse, en superficie, numerosos restos de tégulas.

8. Folclore.

Unha veciña de Sixto relata que a súa nai contáballe de pequena que "aí había unha ola de ouro e outra de veleno". A xente quería a de ouro e foron buscala; di que sabe onde estaría, parece ser que nunha pequena chanciña cara o E.

Hai varias referencias a outros sitios de Pontesampaio. Nun lugar coñecido por "A Cama do Home", hai un penedo cun burato con forma antropomórfica e na Portalaxe hai unha cova onde din que alí viviron os mouros. Perto do Rañadoiro, na Chan das Cruces hai os restos dun dolmen, que, segundo a tradición oral, foi violado hai cando menos uns douscentos anos por uns homes de Xustáns (Pontecaldelas) que foron alí a ver se atopaban ouro. A uns cen metros desta chaira, no Outeiro da Palla hai restos de cruciformes, antes había máis, pero foron destruídos por unha pequena canteira. Parece ser que estaban orientados en liña recta cara a igrexa parroquial de S. Estevo da Canicouva.

9. Bibliografía.

- Orixinal de Traballos de Arqueoloxía. "Pontevedra". Publicación do Grupo de Arqueoloxía "Alfredo García Alén".
- Aparece na catalogación da Consellería de Cultura (os datos das fichas da catalogación deste concello que constan na Xunta de Galicia, agás os xacementos nº 43, 45 e 49 elaborounas Montserrat García-Lastra Merino; o resto dos apartados son de autoría propia).

10. Material gráfico.

Ilustración 5. 235: Mapa topográfico 1:25.000 (185-IV).



Ilustración 5. 236: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 237: Vista xeral dende O Rañadoiro (E).

Ilustración 5. 238: Croa e antecastro.

Ilustración 5. 239: Muralla (E).

Ilustración 5. 240: Perfil (O). Á esquerda a croa.

Ilustración 5. 241: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Monte de S. Cibrán-Monte do Castro-Castro de Lusquiños.

   Clave de identificación: GA 36038035.

2. Localización.

- Lugar: Lusquiños.
- Parroquia: S. Pedro de Tomeza.
- Concello: Pontevedra.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 185 (1:25.000: 185-III).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 33.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º24´46´´N. / Lonxitude: 8º37´32´´O.
- Proxección UTM: X: 530.850 / Y: 4.695.750
- Altitude: 147 m.
- Acceso: Pártese dende as estacións de tren e autobuses ata o cruce do Marco. Nesta intersección seguimos de frente pola estrada local, paralela á N-550 (Pontevedra-Vigo), que atravesa Tomeza. Un pouco máis adiante, a man esquerda, hai unha estrada que sube ata Marcón e desta, á mesma man, sae unha pista que ascende ata a ermida de S. Cibrán.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Está ubicado nun cumio nas estribacións da Serra da Fracha e que domina o val do río Toxal-Tomeza-Os Gafos.

- Condicións naturais de defensa: A zona occidental, que dá ó val e dende a que se domina a ría, ten uns considerables desniveis (NO.-O.-SO.). Gracias á súa ubicación nun alto, todo o perímetro do recinto tiña unhas defensas naturais óptimas.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Ten un uso maioritariamente a repoboación de eucaliptos e, en menor medida, a piñeiros e a monte baixo. O cumio acondicionouse para campo da festa, onde se ubica o recinto relixioso.

- Potencialidade visual:

  · Intervisibilidade con outros xacementos: castro de A Raxeira-monte do Castro-Castro Senín (Mourente), Coto Loureiro (Figueirido), monte da Croa-castro de Acuña (Vilaboa), monte das Croas (Salcedo), monte dos Penedos (Salcedo), Casteliño-monte Castelo (Lérez).

  · Área de visión: Podemos ver o litoral norte da ría de Pontevedra ata Raxó (Punta Festiñanzo) e a illa de Tambo, a cidade de Pontevedra, Tomeza, Mourente, Marcón, Salcedo, Lérez, Campañó, Poio, Bértola , Figueirido e na lonxanía a liña de cumios da marxe meridional da ría de Vigo. En resume, contrólase o val do río Toxal-Tomeza ou dos Gafos e divísase Pontevedra, é dicir, o remate do val do Lérez.

4. Descrición.

   O recinto castrexo está case totalmente arrasado por diversos recheos, algún deles realizado hai pouco tempo, para acondicionar o campo da festa. Tamén a pista de acceso, que entra polo SE., desmantelou parcialmente o emprazamento. Actualmente só se conserva o sector E.-SE., no que hai uns 80 m. de muralla, ten uns 2-2´5 m. de ancho, 6 m. de talude interno e un terraplén duns 20 m. de caída e unha pequena área do poboado.

   Polo que se pode ver no que aínda nos queda del pode que o castro tivese a croa na parte onde está a ermida e un antecastro, do que se conserva a parte E.-SE.; debido á desfeita que lle afectou non se pode asegurar isto, pero pola topografía do terreo penso que é o máis probable. O sistema defensivo componse de muralla cun terraplén pronunciado.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Os diversos recheos alteraron a case totalidade do castro. Logo tamén hai que mencionar a pista que accede polo SE. e algunha canteira, ademais da ermida de S. Cibrán e o miradoiro.
- Vexetación: No entorno hai repoboación de eucaliptos e piñeiros; a superficie do castro está ocupada por unha explanada feita a base de recheos.
- Tipo de propiedade: Monte comunal e privado (eclesiástico).
- Medidas de protección: Non existen. Isto pódese ver na permisividade cos recheos nos últimos tempos, malia estar catalogado o xacemento.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: No O. as terras da marxe dereita do río Toxal-Tomeza ou dos Gafos e polo N.-NE. o pequeno val de Marcón, por onde descenden cara o devandito curso fluvial o río Pintos e os regatos que lle levan as súas augas.

  · Substrato xeolóxico: Componse de rochas ígneas, dentro deste tipo son granitos de afinidade alcalina, concretamente granito de feldespato alcalino. Cara o O. hai unha zona con dominio de gneis glandular e depósitos aluvio-coluviais do Cuaternario (isto no propio val do río) e un reducido afloramento de xistos, pizarras e paragneises do Precámbrico-Silúrico e ó S. unha pequena zona de diques de cuarzo, aplitas e pegmatitas (rochas filonianas).

  · Conclusións: Dende este castro, que está ó S. da desembocadura do Lérez, exercíase un control do val do río Toxal-Tomeza ou dos Gafos e xunto cos castros de Mourente (E.) e o dos Penedos-Salcedo e As Croas (S.) e o Castelo de Lérez (N.) domínase a cidade de Pontevedra e o remate do amplo val do Lérez.

- Proximidade de recursos hídricos: Na parte E. flúe a uns 600 m. un regueiro que desemboca no río Pintos, afluente do río Toxal-Tomeza ou dos Gafos.

- Distancia ó veciño máis próximo: A uns 300 m. están as casas do lugar de Lusquiños.Os castros máis cercanos son o do monte dos Penedos (1’8 km) e o do monte das Croas (2’5 km).

- Vías de comunicación: Na actualidade hai dúas estradas de acceso, unha polo SE. e outra polo SO.; antes había unha corredoira e uns carreiros de acceso ó alto do monte.

7. Ergoloxía.

Apareceu cerámica castrexo-romana, tégulas, unha moeda da “*caetra*”(s.I a.C.) e, na zona da muralla, unha man de muíño navicular.

8. Folclore.

- “No camiño que conduce de Tomeza á capela de San Cibrán (e ó castro) hai unha viga de ouro enterrada, tan perto da superficie, que case a tocaban os eixos dos carros de bois e ó lado unha ola chea de veleno, que se se tocaba morrerían todos”.
- “Subindo a este monte na noite de San Xoán víase o sol de diferentes cores”.
- “ Cavando un pouco aparecen cunchas de berberecho ou de mexillóns e outras. É porque antes alí, antigamente, chegaba o mar”.

9. Bibliografía.

- FILGUEIRA VALVERDE, J.; GARCÍA ALÉN, A.(1954): *Carta arqueológica de la provincia de Pontevedra.* EMP VIII. Páx.140.
- Catalogación da Consellería de Cultura.
- APARICIO CASADO, B.(1999): *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega*. Cadernos do Seminario Sargadelos. Nº 80. Ed. do Castro. Sada.

10. Material gráfico.



Ilustración 5. 242: Mapa topográfico 1:25.000 (185-III).



Ilustración 5. 243: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 244: Vista xeral (O).

Ilustración 5. 245: Dúas visións da muralla.

Ilustración 5. 246: Foto SixPac

1. Nome do xacemento: Monte dos Penedos-Castro de Salcedo.

   Clave de identificación: GA 36038028.

2. Localización.

- Lugar: Igrexa.
- Parroquia: S. Martiño de Salcedo.
- Concello: Pontevedra.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 185 (1:25.000: 185-IV).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 33.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º24´50´´N. / Lonxitude: 8º38´40´´O.
- Proxección UTM: X: 529.300 / Y: 4.695.950
- Altitude: 117 m.
- Acceso: Sáese de Pontevedra pola estrada que se dirixe cara a BRILAT de Figueirido; ó chegar xunto á Vicaría de Pontevedra collemos unha intersección á esquerda que nos leva ata a igrexa parroquial de S. Martiño de Salcedo. Unha vez aquí, tómase un cruce que hai a man esquerda e logo de 200 m., onde remata un tramo lixeiramente ascendente está o castro no cumio alí existente.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Atópase nun cumio aillado no medio de terras baixas por onde flúen o rego de Louriñas e o río Toxal-Tomeza ou dos Gafos.

- Condicións naturais de defensa: Os desniveis son suaves en todo o entorno do xacemento.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Está ateigado de repoboación forestal de eucaliptos e algo máis lonxe zona de prados e cultivos.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: monte de S. Cibrán-castro de Lusquiños (Tomeza), monte das Croas (Salcedo), castro de A Raxeira-monte do Castro-Castro Senín (Mourente), Casteliño-monte Castelo (Lérez).

· Área de visión: Dende este emprazamento pódense ver Pontevedra, Salcedo, Mourente, Tomeza, a parte interior da ría de Pontevedra, Poio, Lérez, Mourente, Figueirido e Bértola. En resume, vense o val do rego de Louriñas e o do río Toxal-Tomeza ou dos Gafos e a desembocadura do Lérez, ata as liñas de cumios que os rodean.

4. Descrición.

Este emprazamento está moi alterado polas numerosas canteiras, por causa das cales hai numerosos socavóns e remocións. Ademais, un dos principais elementos que alteran gravemente os xacementos e o seu entorno, na franxa litoral e varias decenas de quilómetros cara o interior , é a repoboación forestal de eucaliptos. Na parte alta do lugar hai afloramentos graníticos. A croa é ovalada. Na parte NE. hai unha plataforma, moi alterada, que debeu pertencer ó xacemento. De ser así tería dous recintos: croa e antecastro.

Por culpa das alteracións non se pode precisar como era o sistema defensivo. O que está claro é que tiña que ser importante pois as defensas naturais son febles, xa que os desniveis son suaves. Na zona S. da croa, está á vista un tramo de muro de vivenda recto de 0´60 m. de ancho x 1´50 m. de longo, que continúa, pero o resto está soterrado.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: O xacemento ten un considerable grao de alteración pola actividade das canteiras e a repoboación de eucaliptos. Tamén hai algúns muros de división de parcelas.
- Vexetación: Está ateigado de eucaliptos.

- Tipo de propiedade: Privada.
- Medidas de protección: Non existen.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: As terras baixas que o bordean, sendo máis ampla a zona occidental que dá cara a ría.

  · Substrato xeolóxico: Fórmano rochas ígneas, dentro destas son granitos de afinidade alcalina, aquí trátase de granito de feldespato alcalino. Rodeando a zona hai gneis glandular (rochas metamórficas) e depósitos aluvio-coluviais do Cuaternario.

  · Conclusións: Este xacemento, xunto con outros, domina a desembocadura do Lérez e a explanada onde se asenta Pontevedra. Non se pode dicir máis, pois está bastante alterado.

- Proximidade de recursos hídricos: A uns 600 m. ó E. está o río Toxal-Tomeza ou dos Gafos.

- Distancia ó veciño máis próximo: Ó lado do castro hai algunha vivenda. Os castros máis cercanos son o castro de San Cibrán (1’8 km) e monte das Croas (1’85 km).

- Vías de comunicación: Hai camiños ó redor, un deles bordéao polo E. e N.

7. Ergoloxía.

Apareceron nunha prospección anacos de cerámica de época romana e de ánforas e restos de fundición (un lingote de bronce de 430 gr.).

8. Folclore.

   “Alí viviron fai moito os mouros”.

9. Bibliografía.

- Traballos de Arqueoloxía: Pontevedra. Publicación do Grupo de Arqueoloxía “Alfredo García Alén”.
- Catalogación da Consellería de Cultura.

10. Material gráfico.



Ilustración 5. 247: Mapa topográfico 1:25.000 (185-IV).



Ilustración 5. 248: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 249: Muro de vivenda na croa.

Ilustración 5. 250: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Monte das Croas-Castro de Birrete.

   Clave de identificación: GA 36038049.

2. Localización.

- Lugar: Birrete.
- Parroquia: S. Martiño de Salcedo.
- Concello: Pontevedra.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 185 (1:25.000: 185- IV).
- Nº cuadrícula (1:10.000):33.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º23´55´´N. / Lonxitude: 8º38´56´´O.
- Proxección UTM: X: 528.875 / Y: 4.694.125
- Altitude: 123 m.
- Acceso: Pártese de Pontevedra, pola estrada provincial que pasa por Salcedo e se dirixe ata o cuartel da BRILAT en Figueirido. Despois de pasar unha ponte que salva a autoestrada A-9, chegamos ó lugar de Birrete. Neste lugar hai un desvío á esquerda e a uns 25 m., xusto a carón dun cruceiro, está o acceso ó castro das Croas.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Ubícase a media aba, aproveitando un curuto que destaca sobre o entorno próximo.

- Condicións naturais de defensa: No N. e E. a pendente do terreo é considerable, pois descenden as abas cara o val do rego da Ponte Bala, no primeiro caso e do río Toxal-Tomeza ou dos Gafos no segundo.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Hai repoboación forestal de piñeiros e eucaliptos, campos de cultivo, vivendas e unha explanada para campo de xogos que arrasou unha boa parte do xacemento.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: monte de S. Cibrán-castro de Lusquiños (Tomeza), monte dos Penedos-castro de Salcedo, castro de A Raxeira-monte do Castro-Castro Senín (Mourente), Casteliño-monte Castelo (Lérez).

· Área de visión: Domínase o val do río Toxal-Tomeza ou dos Gafos e a desembocadura do Lérez ata as liñas de cumios que os rodean. Podemos ver Pontevedra, Salcedo, Mourente, Tomeza, a parte interior da ría de Pontevedra, Poio, Lérez, Figueirido e Bértola.

4. Descrición.

Aínda que o recinto soportou un forte grao de alteración, pois o que sería a croa e parte do antecastro están arrasados, consérvase ben a parte oriental e algo da setentrional, onde está parte do segundo recinto. Na zona E., houbo unha campaña de escavación, dirixida por Antonio de la Peña Santos no ano 1993, na que apareceron un tramo de muralla e dúas estruturas habitacionais de planta circular, e nos sondeos de urxencia en xuño de 1992 feitos por Víctor Barbi constatouse que se trataba dun poboado castrexo da fase de formación.

A muralla consérvase ben no N. e E.; ten na área escavada 1´50 m. de altura e logo o talude exterior. No E., fóra do recinto amurallado hai dúas terrazas de cultivo e logo un antigo camiño que as limita. O antecastro é unha zona de aterrazamento situado na parte E, defendida por un terraplén rematado coa muralla. O acceso natural ó castro estaría situado, con toda probabilidade, no O., por ser a zona máis desprotexida e onde debeu haber, antes da súa destrución pola estrada, un sistema defensivo de maior envergadura debido a esta circunstancia.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: A croa e parte do antecastro e do sistema defensivo foron arrasados, a zona máis afectada é o S. e o O., para área de lecer. A construción do acceso a unha casa tamén alterou a estrutura defensiva. Hai restos de canteiras en todo o monte.
- Vexetación: O recinto ten algúns piñeiros e monte baixo.
- Tipo de propiedade: Monte comunal.
- Medidas de protección: Non existen.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: Principalmente cara o S. e O.-NO. que é onde están as zonas de cultivos e os menores desniveis.

  · Substrato xeolóxico: A súa composición é de rochas ígneas, dentro destas son granitos de afinidade alcalina e, neste caso, trátase de granito de feldespato alcalino. Tamén hai xistos, pizarras e paragneises do Precámbrico-Silúrico e depósitos aluvio-coluviais do Cuaternario, por onde pasan os cursos fluviais.

  · Conclusións: Trátase dun castro de datación moi antiga pois é, cando menos, dos ss.VII-VI a.C.(o de Penalba é dos ss.VIII-VI a.C.); debeu ser dos primeiros destes contornos. Sería interesante facer sondaxes nalgún outro para elaborar unha secuencia da ocupación castrexa na zona de estudo. A romanización, polo que se ve, non afectou a todos os emprazamentos castrexos, xa que algúns son dunha época anterior á colonización romana do NO. peninsular.

- Proximidade de recursos hídricos: Polo O. e N. bordea o xacemento o rego de Ponte Bala.

- Distancia ó veciño máis próximo: Na parte S., case ó pé do castro están algunhas vivendas do lugar de Birrete. Os castros máis cercanos son o do monte dos Penedos (1’85 km) e o castro de San Cibrán (2’5 km).

- Vías de comunicación: Un antigo camiño bordea as terrazas de cultivo polo E.

7. Ergoloxía.

Destacan diversos tipos de cerámicas indíxenas, algunhas feitas a man de pastas escuras (gris ou negro) e desengrasantes graníticos, superficies de cor pardo e vermello, o acabado é cepillado; tamén hai un anaco con decoración incisa en liñas entrecruzadas, etc. Deste apartado falouse con maior detalle nun capítulo anterior.

8. Folclore.

- " No Monte das Croas, en Salcedo, estaba encantada unha dona fermosísima, que vivía nun pazo dentro do monte, onde había un gran tesouro, tanto que a súa sona chegou a Cádiz. As señas están no cantar:

Monte das Croas,
ponte do Batán,
fonte de clara fría,
monte de San Mariné,
tiran con ouro as ovellas
e non saben o que é.

Un neno que gardaba as ovellas veuna que se peiteaba cun peite de ouro. Chamouno e pediulle un año; o rapaz asustado, fuxiu e foillo contar ó pai; este obrigouno a volver alá e darlle o año que pedía a dona, mais cando voltou, desaparecéralle o fato todo.

Ó pouco, apareceu a dona coas ovellas e mandou ó rapaz que fora chamar ó pai. Non se sabe o que o pai tratou coa dona, mailo caso é que tanto el como un seu amigo, fixéronse ricos. Unha vez o pai do rapaz enfermou e desafiuciárono os médicos. A súa muller tivo que saír da casa e, cando volveu, atopou alí unha fermosa dona, que ela non coñecía e o home estaba mellor. Cando se foi a dona, a muller preguntou e preguntou, deica que o home lle contou todo, mesmo os

remedios que lle dera a dona... Pero ó outro día, apareceu morto, co corpo todo negro como se lle deran unha gran tunda".

- "Existen tesouros".
- "Moura que se aparece e desvanece cando a xente se achega".

9. Bibliografía.

- Catalogación da Consellería de Cultura.
- APARICIO CASADO, B.(1999): *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega*. Cadernos do Seminario Sargadelos. Nº 80. Ed. do Castro. Sada.
- Catalogación da Consellería de Cultura (os datos desta ficha da catalogación que constan na Xunta de Galicia, elaborounas Victor Barbi Alonso; o resto dos apartados son de autoría propia).

10. Material gráfico.

Ilustración 5. 251: Mapa topográfico 1:25.000 (185-IV).

Ilustración 5. 252: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 253: Cara interna da muralla.

Ilustración 5. 254: Cara interna da muralla e posible estructura circular anexa.

Ilustración 5. 255: Paramento externo da muralla.

Ilustración 5. 256: Vivenda circular na croa.

Ilustración 5. 257: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Castro de A Raxeira / Monte do Castro/ Castro Senín.

   Clave de identificación: GA 36038017.

2. Localización.

- Lugar: A Raxeira.
- Parroquia: Sta. Mª de Mourente.
- Concello: Pontevedra.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 185 (1:25.000: 185-II).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 23-24.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º25´53´´N. / Lonxitude: 8º36´13´´O.
- Proxección UTM: X: 532.600 / Y: 4.697.875
- Altitude: 245 m.
- Acceso: Sáese de Pontevedra pola N-541 (Pontevedra-Ourense), unha vez en Mourente collemos un desvío á dereita que vai ata a igrexa. Dende aquí continuamos pola pista que leva ata Castrosenín, onde teñen a súa base os G.R.S. da Garda Civil e están as antenas de Radio Pontevedra. Seguimos de frente por unha pista de terra, que logo dun desvío á dereita, lévanos ó pé do castro.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Aséntase no alto dun outeiro (o máis occidental e elevado do Alto de Mourente).

- Condicións naturais de defensa: Son óptimas pois trátase dun lugar moi elevado en relación co seu entorno.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Está en pleno monte e o bosque de repoboación de piñeiros e eucaliptos, ademais do monte baixo, ocupan a zona. Tamén hai unha pequena área de descanso con árbores frondosas e un mirador. Antigamente, foi importante a obtención de granito das canteiras que había en explotación.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: castro de Maunzo (Sta. Mª de Xeve), Casteliño-monte Castelo (Lérez), Coto Loureiro-castro de Farexa (Vilaboa), monte dos Penedos-castro de Salcedo, monte das Croas-castro de Birrete (Salcedo), monte de S. Cibrán-monte do Castro-castro de Lusquiños (Tomeza), castro de O Valo/ castro do Lugar (Bora), monte da Torre-monte do Castro (Sto. André de Xeve).

· Área de visión: Debido ó seu destacado emprazamento a respecto dos arredores a zona de dominio visual é moi ampla xa que vemos a parte interior da ría de Pontevedra e os cumios que a bordean, Pontevedra, Mourente, A Reigosa e o Polígono Industrial do Campiño, Vilarchán, a serra da Fracha, Marcón, Bora, Lérez, Sto. André e Sta. Mª de Xeve, Salcedo, Tomeza e Poio.

4. Descrición.

Este castro emprázase nun destacado outeiro dende o que se domina a parte interna da ría de Pontevedra. Na croa existen varios afloramentos graníticos, moi alterados debido ás canteiras e a un miradoiro. Na parte S. da croa hai un esporón ou aterrazamento tamén revolto. As canteiras abundan en todo o recinto e nos arredores, sobre todo no N. e O.; hai unhas explotacións mineiras antigas (galerías) no S. e E. Cara o O. hai aterrazamentos que forman parte do castro e nos que aparece algún material en superficie debido ás múltiples alteracións. Na aba E. hai un gran socavón para a obtención de granito.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: As actividades das canteiras desmantelaron boa parte do xacemento e a actividade mineira antiga. Logo tamén hai un vértice xeodésico e un miradoiro coa súa correspondente área de descanso. Ademais unha pista que ascende ata o cumio que se ensanchou hai poucos anos, malia estar catalogado o castro.

- Vexetación: Abunda o monte baixo e a repoboación forestal de eucaliptos e na área de descanso hai árbores frondosas.
- Tipo de propiedade: Monte comunal.
- Medidas de protección: Inexistentes.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: A zona que ocupa a parte O.-NO. e, en parte, cara o S. e que vai ata a marxe esquerda do Lérez. Cara o E. non parece probable pois os desniveis do terreo dificultarían a súa explotación.

  · Substrato xeolóxico: O subsolo é de composición variada pois abundan os granitos de afinidade alcalina (rochas ígneas), en concreto, os granitos de feldespato alcalino. Tamén hai diques de cuarzo, aplitas e pegmatitas (rochas filonianas) e gneis de biotita e, perto do lugar, temos unha importante área de gneis glandular (rochas metamórficas).

  · Conclusións: Estamos diante dun xacemento importante debido ó amplo control e dominio do entorno e constátao o dato que se poden ver outros sete castros dende este. Divísanse a ría e a desembocadura do Lérez e, ó lonxe, o interfluvio Lérez-Almofrei. Está nunha área de doada defensa ó tratarse dunha zona de cumios rodeada polas terras baixas do val do Lérez e de varios afluentes seus.

- Proximidade de recursos hídricos: A 150 m. ó NE. está o nacemento do rego da Condesa.

- Distancia ó veciño máis próximo: A uns 250 m. están as casas do lugar de A Raxeira e a uns 100 m. están as instalacións dos G.R.S. da Garda Civil. Os castros máis cercanos son castro de O Valo (2’15 km) e o castro de San Cibrán (2’75 km).

- Vías de comunicación: Hai un camiño que bordea o perímetro do castro.

7. Ergoloxía.

Nos cortes do terreo aparecen algúns anacos de tégula e cerámica romana; parece ser que hai tempo atoparan un fragmento dun obxecto de bronce.

8. Folclore.

- “Aquí vivían os mouros”.
- “Pode que en vez de ser un castro, fose unha antiga explotación de recursos mineiros”.
- “Existe unha mina de ouro e outra de veleno, non se debe buscar porque se se confunde un, pódese morrer ó topar a de veleno”.
- “ Hai unha lenda dun galo que canta sobre unha grade con dentes de ouro”.

9. Bibliografía.

- FILGUEIRA VALVERDE, J; GARCÍA ALÉN, A.(1954): *Carta arqueológica de la provincia de Pontevedra.* EMP VIII. Páx. 140.
- Orixinal de Traballos de Arqueoloxía. “Pontevedra”. Publicación do Grupo de Arqueoloxía “Alfredo García Alén”.
- APARICIO CASADO, B.(1999): *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega.* Cadernos do Seminario Sargadelos. Nº 80. Ed. do Castro. Sada.

10. Material gráfico.



Ilustración 5. 258: Mapa topográfico 1:25.000 (185-II).

Ilustración 5. 259: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 260: Perfil.

Ilustración 5. 261: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Castro de O Valo-Castro do Lugar.

   Clave de identificación: GA 36038057.

2. Localización.

- Lugar: Quinteiro / O Valo.
- Parroquia: Sta. Mariña de Bora.
- Concello: Pontevedra
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 185 (1:25.000:185-II).
- Nº cuadrícula (1:10.000) 24.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º26´35´´N. / Lonxitude: 8º34´55´´O.
- Proxección UTM: X: 534.360 / Y: 4.699.140
- Altitude: 57 m.
- Acceso: Partimos de Pontevedra pola N-541 (Pontevedra-Ourense) e ó chegar ó núcleo de Bora, á dereita, xusto a carón da nova intersección da estrada que vai ata O Pino, nun pequeno outeiro, está o castro na marxe dereita do río Almofrei e perto do interfluvio deste co Lérez.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Ubícase nun pequeno outeiro en esporón.

- Condicións naturais de defensa: Son óptimas no N.,O. e S. debido ás fortes pendentes cara o río Almofrei; no E. tivo que ter algún sistema defensivo pois está a chaira onde se asenta o actual núcleo de poboación.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Hai terras de cultivo (viñas, etc.) e pastizais. No resto temos repoboación forestal de piñeiros, unha carballeira e monte baixo.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: castro de A Raxeira-monte do Castro-Castro Senín (Mourente), monte da Torre-monte do Castro (Sto. André de Xeve).

· Área de visión: Ó tratarse dun lugar de pouca altitude só vemos os diversos núcleos da parroquia de Bora e parte de Sto. André de Xeve, ademais do interfluvio Lérez-Almofrei e os cumios que o delimitan (monte da Soldada, Alto de Mourente,etc.).

4. Descrición.

Trátase dun recinto ovalado que aparece defendido por un parapeto dunha altura duns dez metros, que o circunda ó longo do seu sector N.-NNE. Pola súa parte O. conta cun segundo parapeto que aparece cortado cara o N. e dende o que descende a pendente, cun desnivel importante, cara o río Almofrei, mentres que nos sectores E. e S. os sucesivos aterrazamentos realizados para viñas, construción de casas e acondicionamento de terreos provocou a total desfeita desta parte do xacemento, sendo imposible delimitar o seu perímetro nesta área.

A croa está rodeada por un antigo muro que, partindo do parapeto, vai cara o O. bordeándoa. En diversos puntos pódense observar restos de materiais de construción de época romana (tégulas, ímbrices, ladrillos) e anacos de cerámica (ánfora, ...).

Nos sectores N.-NNE., ós pés do parapeto, hai unha plataforma de gran tamaño, na que se asentaba o antecastro, nesta parte empeza a forte caída do outeiro cara o Almofrei. As dimensións xerais do castro, na parte conservada, son: o eixo maior (N.-S.) ten 120 m. e o eixo menor (E.-O.) 65 m.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Está destruído nos sectores S. e E., debido ós aterrazamentos levados a cabo para cultivos (viñas,...) e construción de vivendas. No N. e O., na croa, aprécianse restos de actividades extractivas de pedra e depósitos de entullos. A carón está o talude da estrada N-541 (Pontevedra-Ourense) e o da intersección desta vía coa que vai ata O Pino onde desemboca na N-550 (Pontevedra-Vigo).
- Vexetación: Hai cultivos de viña e pastos; tamén repoboación forestal de piñeiros, unha carballeira centenaria e monte baixo.
- Tipo de propiedade: Privada.
- Medidas de protección: Inexistentes.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: Ocuparía a zona de val no interfluvio do Lérez-Almofrei, que está na marxe esquerda do colector principal.

  · Substrato xeolóxico: Consta de granitos de afinidade alcalina (rochas ígneas), neste caso, son granitos de feldespato alcalino. No entorno tamén hai granito de feldespato alcalino con grandes biotitas (“ala de mosca”).

  · Conclusións: Trátase dun xacemento de época romana, ubicado nunha zona de pouca altitude, polo que a área de control é moi pequena, pero, aínda así, está nun lugar estratéxico para dominar o curso baixo do Almofrei.

- Proximidade de recursos hídricos: O xacemento está a carón da marxe dereita do Almofrei.

- Distancia ó veciño máis próximo: Ó lado do castro están as casas de Quinteiro e O Valo. Os castros máis cercanos son monte da Torre-monte do Castro (1’8 km) e monte do Castro de A Raxeira (2’15 km).

- Vías de comunicación: Pola parte E. e S. bordea o xacemento unha antiga corredoira que descende cara o río.

7. Ergoloxía.

Recuperáronse vinteunha pezas de cerámica nos arredores do castro ó levarse a cabo a limpeza do talude próximo á N-541. Tamén, en superficie, aprécianse restos de tégulas, ímbrices, ladrillos, ánforas ou cerámicas de época romana.

8. Folclore.

Non se coñecen lendas sobre o lugar.

9. Bibliografía.

- Inédito. Só consta na catalogación da Consellería de Cultura (os datos desta ficha da catalogación que constan na Xunta de Galicia, elaborounos Javier Morchón Viñas; o resto dos apartados son de autoría propia).

10. Material gráfico.



Ilustración 5. 262: Mapa topográfico 1:25.000 (185-II).

Ilustración 5. 263: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 264: Vista xeral.

Ilustración 5. 265: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Castro de Xeve / Monte do Castro / Castro de Maunzo.

   Clave de identificación: GA 36038005.

2. Localización.

- Lugar: Maunzo.
- Parroquia: Sto. André de Xeve.
- Concello: Pontevedra.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 185 (1:25.000: 185-II).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 14.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º28´34´´N. / Lonxitude: 8º35´15´´O.
- Proxección UTM: X: 533.925 / Y: 4.702.825
- Altitude: 206 m.
- Acceso: Sáese de Pontevedra pola estrada PO-233 (Pontevedra-Campo Lameiro). Aínda en Lérez cóllese o desvío á esquerda cara Amil, pásase a igrexa parroquial de Sta. Mª de Xeve e a antiga Casa Consistorial de Xeve e no km. 4´5 tómase unha pista á dereita ata o lugar de Maunzo. Unha vez aquí, hai que ir, a pé, por un camiño que leva, logo duns 200 m. ata o castro.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Ubícase no alto dun outeiro con caída cara o O., que domina o val do río Fontáns.

- Condicións naturais de defensa: Ten unhas boas defensas grazas ás fortes pendentes do emprazamento, agás no N.-NE onde pasa un camiño por onde debeu estar un foxo, cousa que acontece en máis casos.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Adícase a cultivos diversos (sobre todo millo e viñas) e a pastizais. Tamén hai repoboación de piñeiros e eucaliptos.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: castro de A Raxeira-monte do Castro (Mourente).

· Área de visión: Pódense ver Maunzo, Sta. Mª de Xeve, S. Martiño de Verducido, Mourente e o barrio de Monteporreiro e ó fondo o complexo Ence-Elnosa e algo da parte interna da ría de Pontevedra. Tamén se domina o val do río Fontáns, afluente da marxe dereita do Lérez.

4. Descrición.

Trátase dun recinto de pequenas dimensións de planta ovalada, cuxo eixo maior ten unha orientación NE.-SO. O foxo que o circundaba polo N.-NE., está ocupado actualmente por un camiño. Cara esta zona están uns cumios de maior altitude (superan lixeiramente os 300 m.). No O.-NO. ten o que pode ser un aterrazamento (antecastro), alterado por traballos de preparación do terreo para os cultivos con muros coa función de sustentación.

Na croa do recinto hai afloramentos graníticos, de maior tamaño no SO. Os desniveis son importantes en todo o seu perímetro, agás na zona onde estaba o foxo (N.-NE.).

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Os aterrazamentos das terras de cultivo, os muros divisorios das parcelas e o camiño de acceso ó xacemento. Tamén se notan restos de extracción de pedra e accións furtivas. Dende logo, débese facer mención ó camiño que atravesa o foxo do castro.
- Vexetación: Hai repoboación de piñeiros e eucaliptos e monte baixo, que xa invade as zonas de cultivo, na actualidade en estado de abandono.
- Tipo de propiedade: Privada.
- Medidas de protección: Non existen.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: A zona que abrangue o val do río Fontáns, pois na súa cabeceira baixa moi encaixonado e o terreo ten unhas pendentes moi acusadas.

  · Substrato xeolóxico: Componse de granitos de afinidade alcalina (rochas ígneas), nesta ocasión son granitos de feldespato alcalino con grandes biotitas ("ala de mosca"). Ó O. hai unha área de depósitos aluvio-coluviais do Cuaternario que coincide coas marxes do río Fontáns. Perto tamén hai unha ampla zona de granitos de feldespato alcalino e afloramentos de diques de cuarzo, aplitas e pegmatitas (rochas filonianas).

  · Conclusións: Estamos diante do xacemento castrexo mellor conservado do Concello de Pontevedra, no caso de algún día facer unha escavación arqueolóxica nun castro deste Concello, o de Maunzo sería o máis indicado polo seu bo grao de conservación, malia algunhas alteracións xa indicadas. Domina o pequeno val do río Fontáns e a chaira dos arredores. A presente tipoloxía de emprazamento, nun outeiro no remate das estribacións dunha liña de cumios, cando empeza a caída cara o val é frecuente no val do Lérez. Eran asentamentos levantados en lugares estratéxicos para o dominio das áreas baixas que os rodeaban.

- Proximidade de recursos hídricos: Aínda que o río Fontáns está a uns 500 m. ó O., hai mananciais máis perto.

- Distancia ó veciño máis próximo: A uns escasos 200 m. están as vivendas de Maunzo. Os castros máis cercanos son monte da Torre-monte do Castro (1'95 km) e o castro de Gabián-Verducido (3'4 km).

- Vías de comunicación: Do NE. procede un camiño do lugar de Maunzo, que ó chegar ó castro bifúrcase e bordea o castro por todo o seu perímetro, agás polo S. Dende o foxo hai un camiño que ascende ata a parte alta e pode que por alí fose o acceso orixinal ó castro.

7. Ergoloxía.

Teñen aparecido restos de cerámica indíxena, anacos de ánfora, un muíño circular e un anaco de bronce. Estes achados fixéronse grazas á prospección das terras que antes se cultivaban no castro.

8. Folclore.

- "Alí vivían os mouros. Había unha cova onde se escondían e alí gardaban o ouro".
- "Debaixo do castro hai unha cidade soterrada, feita cobre catro columnas de ouro, pero non se pode desenterrar, porque, ó tocarlle, a cidade desaparecería".
- "O monte está minado por debaixo. As minas eran para esconderse os mouros. Ían dar a Casa de Gondar. Alí hai tesouros escondidos. Para conseguilos hai que levar un cura que ten que rezar ás reliquias diante da xente que alí estea e ó saír o encanto (un animal como poden ser unha serpe, unha vaca, un touro ou un carneiro), hai que darlle cun pau na testa; o encanto desfaise ou derrétese e todo se transforma en ouro(ou en diñeiro)".
- "Existe unha mina de ouro".

9. Bibliografía.

- Orixinal de Traballos de Arqueoloxía. "Pontevedra". Publicación do Grupo de Arqueoloxía "Alfredo García Alén".
- Aparece na catalogación da Consellería de Cultura.
- APARICIO CASADO, B.(1999): *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega.* Cadernos do Seminario Sargadelos. Nº 80. Ed. do Castro. Sada.

10. Material gráfico.



Ilustración 5. 266: Mapa topográfico 1:25.000 (185-II).



Ilustración 5. 267: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 268: Perfil.

Ilustración 5. 269: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Castro de Gabián / Monte do Castro.

   Clave de identificación: GA 36038001.

2. Localización.

- Lugar: Gabián.
- Parroquia: S. Martiño de Verducido.
- Concello: Pontevedra.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 185 (1:25.000: 185-II).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 13.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º29´43´´N. / Lonxitude: 8º37´09´´O.
- Proxección UTM: X: 531.300 / Y: 4.704.950
- Altitude: 295 m.
- Acceso: Sáese de Pontevedra cara Santiago, unha vez pasado S. Vicente de Cerponzóns e case no límite con Barro, tómase un cruce á dereita do que parte unha estrada que pasa a carón do antigo verquedoiro de lixo do Rapadiño. Logo pasamos as canteiras de Verducido e xunto ó encoro do Pontillón do Castro hai unha intersección á dereita que leva a Verducido. Do devandito cruce, parte, monte arriba, unha pista duns 800 m. que nos achega ó alto, onde se ubica o castro.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Está no cume dun monte.

- Condicións naturais de defensa: O castro ten importantes desniveis por todos lados.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Destacan as canteiras para áridos, o encoro para abastecer de auga a Pontevedra, o monte baixo no que pacen cabalos en estado salvaxe, unha área de descanso e a repoboación forestal de piñeiros e eucaliptos.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: Casteliño-monte Castelo (Lérez), monte do Castro de A Raxeira-monte do Castro-Castro Senín (Mourente).

· Área de visión: Vese unha ampla zona na que están Verducido, Sta. Mª de Xeve, Curro, Alba, Campañó, Mourente, a ría de Pontevedra, Marcón, Bora, o Polígono Industrial do Campiño, A Reigosa, Vilarchán, o encoro do Pontillón do Castro e delimitan a zona o monte Castrove, a serra da Fracha, na lonxanía aparecen os montes que bordean a ría de Vigo, etc.

4. Descrición.

Trátase dun emprazamento dun só recinto superior ó que se podería anexionar ó SO. unha pequena plataforma con numerosos afloramentos graníticos. Cara o S. este recinto ten unha pequena chan onde se aprecian pedras que posiblemente formen algún tipo de estrutura. No O. continúase e queda ben delimitado por un muro no que se observan pedras de considerable tamaño.

Non se observan sistemas defensivos. As súas abas caen en suaves pendentes escalonadas, agás no O. que é a máis pronunciada, descendendo cara o río Rons. A aba E. interrúmpese por un camiño que a bordea onde hai algunha pedra traballada. En toda a súa superficie aprécianse afloramentos graníticos nos que temos marcas de canteira para a obtención de pedra.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: As pistas de acceso, a actividade de canteira, un tendido de alta tensión na aba oriental, o Monumento ó Canteiro (1999), ademais da gran erosión, teñen o xacemento moi arrasado.
- Vexetación: A superficie do emprazamento está ocupada por monte baixo.

- Tipo de propiedade: Monte comunal.
- Medidas de protección: Non existen.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: Ubícase cara o S., na zona de val do río Rochodoiro (afluente do Fontáns), onde se empraza a parroquia de S. Martiño de Verducido. O monte no que se ubica o castro está na divisoria da conca do Lérez e do río Rons.

  · Substrato xeolóxico: Componse de granitos de afinidade alcalina (rochas ígneas), aquí trátase de granito de feldespato alcalino. Perto hai áreas de granito de feldespato alcalino con grandes biotitas ("ala de mosca") e depósitos aluvio-coluviais do Cuaternario.

  · Conclusións: Debido ó seu emprazamento dominante dun amplo entorno permite controlar tanto o val do río Fontáns e o seu afluente o Rochodoiro que á súa vez verquen ó Lerez e o val do río Rons que ten a súa desembocadura cinguida á do Lérez e de todo o cordal da divisoria de augas das dúas bacías. Por causa de estar moi arrasado descoñecemos a forma e datos do mesmo.

- Proximidade de recursos hídricos: Ó pé do monte no que se atopa o castro pasa o río Rons e varios regueiros da cabeceira do Rochodoiro, que desemboca máis adiante no Fontáns.

- Distancia ó veciño máis próximo: En liña recta, a uns 350 m. están as vivendas do lugar de Gabián. Os castros máis cercanos son o castro de Maúnzo (3'4 km) e monte Castelo-Lérez (3'7 km).

- Vías de comunicación: Bordeando a base do castro hai unha estrada que, pola aparencia, debeu aproveitar un antigo camiño.

7. Ergoloxía.

Só apareceron dous anacos de cerámica castrexa en superficie nunha antiga prospección.

8. Folclore.

- "Nunha ponte vella, ó pé do castro, na actualidade cuberto polas augas do encoro, sitúase a lenda dun galo que a medianoite sae cantar enriba dunha grade de madeira con dentes de ouro".

9. Bibliografía.

- FILGUEIRA VALVERDE, J.; GARCÍA ALÉN, A. (1954): *Carta arqueológica de la provincia de Pontevedra*. EMP VIII. Páxs. 134-135.
- Orixinal de Traballos de Arqueoloxía "Pontevedra". Publicación do Grupo de Arqueoloxía "Alfredo García Alén".
- Catalogación da Consellería de Cultura.
- APARICIO CASADO, B.(1999): *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega*. Cadernos do Seminario Sargadelos. Nº 80. Ed. do Castro. Sada.

10. Material gráfico.



Ilustración 5. 270: Mapa topográfico 1:25.000 (185-II).



Ilustración 5. 271: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 272: Perfil.

Ilustración 5. 273: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Casteliño / Monte Castelo.

   Clave de identificación: GA 36038010.

2. Localización.

- Lugar: O Castelo.
- Parroquia: S. Salvador de Lérez.
- Concello: Pontevedra.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 185 (1:25.000: 185-II).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 13.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º27´47´´N. / Lonxitude: 8º37´55´´O.
- Proxección UTM: X: 530.200 / Y: 4.701.415
- Altitude: 187 m.
- Acceso: Sáese de Pontevedra pola estrada xeral a Santiago (N-550). Un pouco máis adiante desviámonos á dereita cara Campo Lameiro (PO-223). En S. Salvador de Lérez collemos cara a esquerda en dirección ó Castelo, en sentido ascendente e, ó chegar xunto a un cruceiro, que está a carón da pista, tomamos un cruce á esquerda que pouco despois nos achega ó Castelo. O monte no que está o castro sitúase á esquerda e hai que subir por un estreito e empinado camiño.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Está situado no cume dun elevado outeiro.

- Condicións naturais de defensa: Son óptimas, pois ten unhas pendentes moi pronunciadas en todo o seu perímetro.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Ocupa e rodea o xacemento o bosque de repoboación de eucaliptos e hai algún piñeiro aillado. Perto hai terreos de uso agrícola.

- Potencialidade visual:

  · Intervisibilidade con outros xacementos: monte de S. Cibrán-monte do Castro-castro de Lusquiños (Tomeza), monte dos Penedos-castro de Salcedo, monte das Croas-castro de Birrete (Salcedo), castro de A Raxeira-monte do Castro-Castro Senín (Mourente), castro de Gabián-monte do Castro (Verducido).

  · Área de visión: Podemos ver Lérez, Sta. Mª de Xeve, Verducido, Alba, Campañó, Mourente, a ría de Pontevedra e algúns cumios que a delimitan (Castrove, etc.) e parte do emprazamento da cidade.

4. Descrición.

   A parte alta ou croa é de reducidas dimensións, ten 17x19 m., está no N.-NO. e ten grandes afloramentos graníticos e inmediatamente hai un pequeno aterrazamento. Logo na aba N. hai outras dúas terrazas (57x32 e 80x20 m., respectivamente). As demais abas caen en pronunciada pendente. Cara o E., ó pé da caída, ábrese unha pequena vaguada defendida por un pequeno montículo e con importantes afloramentos graníticos. Aprécianse, en superficie, gran número de anacos cerámicos e de tellas. Na aba O. hai referencias de gravados rupestres. Non se observan recintos amurallados na actualidade.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Enriba ergueuse a torre medieval denominada "Cedofeita", da que se conservan restos dos alicerces. Hai restos de pequenas canteiras e tamén lle afectaron a repoboación forestal de eucaliptos e os muros divisorios de parcelas.
- Vexetación: Está invadido por unha intensa repoboación forestal de eucaliptos e por monte baixo e matorral.
- Tipo de propiedade: Privada.
- Medidas de protección: Non existen.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: Agás polo NE., as terras de cultivo, case chans, do tramo final da marxe dereita do Lérez e do Rons rodean o xacemento.

  · Substrato xeolóxico: Componse de granitos de afinidade alcalina (rochas ígneas), neste lugar son granitos de feldespato alcalino. Cara o O., na zona do val do río Rons o substrato é de gneis glandular e por onde está o cauce do mesmo hai depósitos aluvio-coluviais do Cuaternario. A pouca distancia, no NE. hai un afloramento de diques de cuarzo, aplitas e pegmatitas (rochas filonianas).

  · Conclusións: Está no remate meridional do cordal que fai de divisoria de augas entre a conca do Lérez e a do Rons. Dende aquí domínase a zona da desembocadura dos dous devanditos cursos fluviais e un tramo da parte interna da ría co que tiña un valor estratéxico moi importante, isto demóstrao a construción da torre medieval de Cedofeita dende a que se controlaba daquela Pontevedra.

- Proximidade de recursos hídricos: A uns 500 m. ó N. pasa o rego da Costa e a uns 400 m. ó S. hai outro regato.

- Distancia ó veciño máis próximo: Ó pé do castro, a case 200 m. do cumio están as vivendas de Casaldourado (Lérez). Os castros máis próximos son o castro de Gabián-Verducido (3’7 km), o monte da Torre-monte do Castro (3’7 km) e o castro de Maúnzo (3’95 km).

- Vías de comunicación: Polo N., O. e S. había unha corredoira pola que agora vai a pista que rodea o Castelo.

7. Ergoloxía.

Teñen aparecido algúns anacos de cerámica indíxena e romana e restos de tégulas. As cerámicas e tellas medievais abundan en superficie. Tamén se atoparon un fragmento de muíño circular e unha man de muíño plano.

8. Folclore.

- “Alí vivían os mouros e fixeron un túnel que chegaba á Xunqueira”.
- “ Os veciños de Meán (S. Vicente de Cerponzóns) chámanlle “Petoutiño” e din que había unha mina de veleno e outra de ouro, por elo existe o nome de Casaldourado”.

9. Bibliografía.

- Gran Enciclopedia Gallega. Tomo XIX. Páx. 41.
- Orixinal de Traballos de Arqueoloxía “Pontevedra”. Publicación do Grupo de Arqueoloxía “Alfredo García Alén”.
- Catalogación da Consellería de Cultura.

10. Material gráfico.



Ilustración 5. 274: Mapa topográfico 1:25.000 (185-II).



Ilustración 5. 275: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 276: Perfil.

Ilustración 5. 277: Sillares dos alicerces da torre medieval de "Cedofeita".

Ilustración 5. 278: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Monte da Torre / Monte do Castro.

   Clave de identificación: Non está catalogado (corresponderíalle GA 36038061).

2. Localización.

- Lugar: A Torre.
- Parroquia: Sto. André de Xeve.
- Concello: Pontevedra.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 185 (1:25.000:185-II).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 14-24.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º27´31´´N. / Lonxitude: 8º35´14´´O.
- Proxección UTM: X: 533.950 / Y: 4.700.900
- Altitude: 124 m.
- Acceso: Sáese de Pontevedra cara Ourense (N-541) e ó chegar a Bora collemos a estrada que nos conduce a Sto. André de Xeve (PO-224). Ó chegar á altura das primeiras casas á esquerda, desviámonos pola pista existente que leva ó lugar da Torre. Neste lugar hai un cumio á dereita no que está ubicado o xacemento.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Está no cumio dun outeiro que sobresae lixeiramente do entorno.

- Condicións naturais de defensa: Ten desniveis, aínda que algúns non moi importantes, en todo o circundado.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Está rodeado de pastizais e campos de cultivo. Onde se ubica o xacemento hai unha pequena área de descanso.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: castro de A Raxeira-monte do Castro-Castro Senín (Mourente), castro de O Valo-castro do Lugar (Bora).

· Área de visión: Vense a maior parte das parroquias de Sto. André de Xeve e Bora, ademais de parte da de Mourente. Os cumios que rodean a área do interfluvio entre o Lérez e o Almofrei limitan o campo visual da zona.

4. Descrición.

A súa planta é ovalada. Non se observan muros nin parapetos, só dúas terrazas, que teñen unha diferencia de altitude entre elas de dous metros. A superior ten 60x80 m. e a inferior 78x55 m. O seu eixo principal ten orientación NO.-SE. Pódense ver materiais romanos en superficie (ex.:tégulas, cerámicas). Nalgúns puntos do xacemento aprécianse probables aliñamentos pétreos de muros.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: O xacemento está moi alterado pois non se conservan as defensas. Crúzao un tendido eléctrico e hai unha zona de recreo. Logo existen muros divisorios e algunha vivenda tamén lle debeu afectar.
- Vexetación: Ten un pastizal que o ocupa case todo.
- Tipo de propiedade: Na súa maior parte é monte comunal e o resto son terreos particulares.
- Medidas de protección: Non existen, pois neste caso non estaba catalogado.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

· Territorio de explotación: Corresponderíase coa maior parte da parroquia de Sto. André de Xeve, na marxe dereita do Lérez.

· Substrato xeolóxico: Fórmano granitos de afinidade alcalina (rochas ígneas), aquí trátase de granito de feldespato alcalino con grandes biotitas (“ala de

mosca"). Nunha zona próxima hai granito de feldespato alcalino e diques de cuarzo, aplitas e pegmatitas (rochas filonianas).

· Conclusións: Non se poden facer afirmacións pois está moi arrasado, pero pódese constatar un asentameto castrexo con forte romanización debido ós restos materiais aparecidos.

- Proximidade de recursos hídricos: Aproximadamente a 50 m. ó SO. nace un regueiro que logo dun curto percorrido desemboca no Lérez e a case 200 m. polo N. pasa outro regato.

- Distancia ó veciño máis próximo: As casas do lugar da Torre rodean o xacemento e algunha pode que lle afectara algo. Os castros máis cercanos son o castro de O Valo (1'8 km) e o castro de Maúnzo (1'95 km).

- Vías de comunicación: Un camiño, agora asfaltado, circunda o emprazamento polo S. e O.

7. Ergoloxía.

Apareceron anacos de cerámica castrexa ó facer os buratos para dúas columnas do tendido eléctrico, cerámica medieval, restos de tégulas e cerámica romana e un pulidor.

8. Folclore.

"Alí vivían os mouros".

9. Bibliografía.

- Inédito. Non estaba na catalogación da Consellería de Cultura (a totalidade da ficha e de elaboració propia).
- PASCUAL VÁZQUEZ, J.C.: "Los castros del ayuntamiento de Pontevedra". Inédito. (Este traballo consulteino para as fichas de todos os castros do Concello de Pontevedra).

10. Material gráfico.



Ilustración 5. 279: Mapa topográfico 1:25.000 (185-II).

Ilustración 5. 280: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 281: Perfil.

Ilustración 5. 282: Foto SixPac

Concello de Beariz

1. Nome do xacemento: Castro de Magros.

   Clave de identificación: GA 32011008.

2. Localización.

- Lugar: Magros.
- Parroquia: Sta. Mª de Beariz.
- Concello: Beariz.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 186 (1:25.000: 186-II).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 14.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º27´34´´N. / Lonxitude: 8º14´36´´O.
- Proxección UTM: X: 562.200 / Y: 4.701.201
- Altitude: 728 m.
- Acceso: Sáese de Soutelo de Montes, pola N-541 (Pontevedra-Ourense), en dirección a Ourense. Logo de pasar A Ermida, cóllese un cruce á dereita no que tomamos a estrada comarcal OU-213 ata chegar a Beariz. Dende esta localidade hai que dirixirse ata Magros e despois seguir pola estrada que conduce a Feás. Ó pasar a praia fluvial de Magros, a uns 300 m., aproximadamente, hai que coller un camiño á esquerda, que está sinalizado. Ó castro chégase despois de subir unha forte rampla por unha pista forestal logo duns 700 m.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Está nun agreste esporón orientado cara o S.-SO.

- Condicións naturais de defensa: Son óptimas en todo o perímetro, agás no E.-NE. que é cara onde ascende a aba dos cumios dese sector.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Adícase a monte baixo. No pasado houbo no entorno minas de estaño e wolfram.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: Castro do Alto da Roda (Garfián-Beariz).

· Área de visión: Podemos ver os núcleos de Beariz, Magros, Muradás, Albite, A Bouza, Doade (Beariz); Acebedo, Rubillón, Baiste, Liñares, Córcores (Avión). Logo os cumios que limitan a cabeceira do Verdugo, Lérez e Deza (A Serra, monte do Seixo, serra do Cando, Costoia, etc.) e outros da bisbarra (Marcofán, serra do Suído, Pena Corneira, Faro de Avión, ...). Este castro ubícase na cabeceira do val do río Doade, que segundo algunhas informacións trataríase das fontes do río Avia.

4. Descrición.

O castro localízase nun esporón orientado cara o S.-SO; obsérvanse, por un lado, no O., varios aterrazamentos con indicios de posibles construcións. Pódese ver que todo o xacemento estaba amurallado; a anchura da muralla é de 4´5 m. No E. hai un recinto anexo ou antecastro, que está rodeado por unha muralla de 1´70 m. de ancho. O único sitio por onde se podía acceder a este emprazamento era polo SE. No NE. hai un pequeno montículo que tería a función de parapeto e está entre dous pequenos foxos, necesarios nesta zona por cadrar coa aba dos cumios de maior altitude. Os sinais do derrube das murallas son evidentes.

Nótanse restos de construcións na croa e no montículo citado entre os foxos vense restos pétreos do que pode que fose algún torreón e muros do sistema defensivo na zona de acceso (foxo-parapeto-foxo) . Os espectaculares afloramentos graníticos divísanse dende moi lonxe. O eixo maior do xacemento vai en dirección NE.-SO. No E. hai unha pequena vaguada que fai a función de foxo natural no que conflúen os dous foxos mencionados con anterioridade no NE.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: O castro está moi ben conservado. Parece que lle afectou, dun xeito marxinal, a pista forestal que pasa polo NE. á muralla, ós foxos e á zona de acceso. Tamén se aprecian marcas de cantería para a obtención de pedra para muros ou casas.
- Vexetación: Monte baixo a base de carqueixas, xestas e toxos.
- Tipo de propiedade: Monte comunal.

- Medidas de protección: Está sinalizado.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

· Territorio de explotación: Abrangue a zona de val entre os ríos Beariz e Doade; polo N. limítaríano o monte Marcofán e polo E. os cumios que bordean o castro de Magros nas súas proximidades.

· Substrato xeolóxico: Componse de rochas graníticas serodias, neste caso, trátase de granito de Beariz de gran medio-fino. Perto hai unha zona de cuarcitas e outra de granito de Beariz de gran groso

· Conclusións: Este xacemento, debido á sua ubicación nas estribacións montañosas máis elevadas (Serras Centrais) e á súa altitude domina toda a cabeceira do val do Avia. Incluso polo seu emprazamento nun lugar tan agreste era case inaccesible diante de calquera agresión exterior. O enorme complexo amurallado aínda proporciona unha maior idea de control do entorno.

- Proximidade de recursos hídricos: O río Magros bordea o xacemento polo N.

- Distancia ó veciño máis próximo: A case un quilómetro e medio está o pobo de Magros. O castro máis cercano é o Alto da Roda do Castro (2’5 km).

- Vías de comunicación: Pola parte oriental ascende unha pista, que pola aparencia debeu aproveitar o trazado de algún antigo camiño, pois é o único sector por onde se podería acceder ó lugar.

7. Ergoloxía.

Apareceron, en superficie, anacos de cerámica castrexa e galaico-romana, tamén a moa dun muíño de man e escoura de ferro. Na actualidade están depositados na Biblioteca do Concello de Beariz.

8. Folclore.

- “No tempo dos mouros ninguén podía ir ó castro. Os mouros tampouco saían del. Calquera que entrase no castro de Magros sería enmeigado”.
- “Os mouros eran moi ricos. Tiñan casas, vestidos, xoias e muíños para moer o ouro. As súas mulleres eran moi fermosas. Estas vestían con traxes de cores e despois botábanlle po de ouro para que brillase ó sol”.

- “Os veciños vían ós mouros dende o Coto de Marcofán. Contaban que había moito ouro e moitas riquezas. Pero cando os mouros marcharon non se levaron nada, tiveron que deixalo”.

- “Os vellos din que hai unha cova. No cume da entrada hai unha pedra moi grande. No medio dela hai debuxada unha pata de cabra. A persoa que entre e chegue ata o fondo dela atopará o ouro. A Cova da Pata da Cabra está na aba N. do castro”.

- “No castro de Magros había unhas mulleres mouras que lavaban o ouro e despois poñíano ó sol a asollar e, dende o Coto de Marcofán, podían velas os aldeáns.

Ós que non eran mouros estáballes prohibido entrar no castro e os mouros nunca falaban cos aldeáns. Un veciño foi un día ó castro para ver de perto o ouro que poñían as mulleres dos mouros ó sol. Cando ía chegando viu unha moza moura tan fermosa que se namorou dela nada máis vela. Enteráronse os mouros, porque o viron falar coa moza e condenárono a morte. A moura, que tamén se namorou do mozo, por salvalo da morte, botoulle un meigallo e convertiuno en piñeiro. Deste xeito a moura podía estar sempre a carón del, sen que os mouros nin os do pobo se decataran.

O mozo desapareceu de Magros e a moura pasaba os días arrimada a un piñeiro, na aba do castro. E alí morreu, arrimada ó seu amor. Pouco despois o piñeiro tamén secou”.

- “Había e hai no Castro de Magros toxo e unha muller do pobo foi coller no toxo e, debaixo dunha pedra, atopou un caldeiro con moedas de ouro, e despois había uns bandiles que lle chamaban de picote, e ela colleu o bandil e baleirou as moedas de ouro todas e veuse para a súa casa.

Chegou con elas á casa e díxolle ó home:

- Meu home, non traballes máis que somos ricos.
- E logo, ¿de onde che saíu esa riqueza?, dixo el.
- Ven ver aquí o peto das moedas que atopei.
- ¡Vagamunda!, díxolle el, esas moedas non as atopaches. Algún amigo chas dou.

E ela chorando, díxolle:

- Vén comigo, meu compañeiro, que eu voute levar a onde atopei as moedas debaixo da pedra.

El foi con ela ó castro e chegaron alá e aínda estaba o caldeiro, despois atoparon dúas moedas máis dentro do caldeiro e o home quedou satisfeito”.

- “Os vellos de antes ían levar as vacas ó monte da Vesía e por aquel tempo xa chegaran os mouros que vivían no castro e fixeran covas por debaixo da terra.

Os mouros dicíanlles ás vellas se querían os grans que tiñan. Entón as vellas contestábanlles que non, que deses grans tiñan os petos cheos. As vellas dicíano porque o ouro parecíalles grans de millo e non sabían que era ouro”.

- “No Castro de Magros había unha muller que foi a derradeira moura que dicía:

En Magros poño os meus brazos,
no de Garfián o meu fillo Xan,
no de Bofón o meu corazón

e no Castro Caldelas as miñas dúas velas".

- "Había aquí, no pobo de Magros, dous homes que facían coma os indios, ían negociar ó castro cos mouros, co ouro.

Foron moito tempo así, negociando cos mouros, e chegou un certo día que unha das mulleres dos homes lle preguntou a un:

- ¿Qué segredo tes ti cos mouros?

Os mouros enteráronse e dixéronlle que se lle falaba á súa muller dos tratos, perdía canto hai.

Dixéronlle os mouros:

- A súa muller ten moita lingua e non pode saber os nosos segredos.

E despois dixéronlle eles:

- Ímoslle dar un xustillo para ver que ben lle queda á súa muller.

O home envolveuno nunha cousa e cando chegou ó Valcego dixo:

- Imos mirar a ver que ben lle queda o xustillo á miña muller.

Vestiullo a unha cerdeira e tan logo como lle colocou o xustillo plantou lume na cerdeira e non quedou nada dela. E o home non quixo voltar máis onda os mouros, por se lle daban un pantalón para el, e así non voltou máis onda eles".

- "No fondo do castro de Magros había unha cerdeira e despois había un home no pobo de Magros que tiña unha taberna e ía ó viño ó Ribeiro, co cabalo, e como viña cansadiño, cando chegaba onda aquela cerdeira sentábase alí un pouqueniño. Pero un día, o home viña cansado, non tiña cartos ... e apareceulle unha señorita que lle dixo:

- Mira, estás moi cansadiño, pero toma este chaleco, voucho dar e vístelo, pero non o podes sacar nunca, tes que o ter sempre vestido e durmir con el e todo, porque se sacas o chaleco xa non vale. Ti vés aquí onda a cerdeira, rascas o chaleco e a cerdeira hache dar o que lle pidas. Se queres viño, darache viño, se queres cartos darache cartos, se queres outra cousa... Ti pídeslle o que queiras, rascas o chaleco e xa che dá todo.

Pasou o tempo e o home tiña o que quería, pero nunca sacaba o chaleco do lombo, e un día díxolle a muller:

- ¡Ai!, e nunca sacas o chaleco, nin siquera para durmir. ¡Tes que sacar o chaleco!

- ¡Non, o chaleco non o podo sacar!, díxolle el.

Pero un día tanto lle porfiou que tiña que sacar o chaleco, que el descubriuno:

- Mira, non o podo sacar porque...teño que facer así... (díxolle o que tiña que facer con el e a muller estaba toda contenta), non ves que temos o que queremos e se saco o chaleco... ¡Non o podo quitar!

A muller foi polo lugar arriba, onda as amigas, e dicíalles:

- Bueno, nós estamos ricos. O meu home ten un chaleco que fai así e andando...vai alá onda a cerdeira e rasca o chaleco e dalle o que quere e ...(descubriu o segredo).

Despois, un día, ó home fíxolle falta o viño e colleu o cabalo e foi alá, porque ía alí e rascaba o chaleco coa cerdeira e caíanlle os odres de viño...o que lle pedise, e foi, e cando ía chegando onda a cerdeira para rascar o chaleco, incendiouse a cerdeira e ardeu.

A cerdeira queimouse toda e el escapou dicindo:

- ¡Mira, se fora máis cerca ardía eu tamén!".

9. Bibliografía.

- APARICIO CASADO, B.(1999): *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega.* Cadernos do Seminario Sargadelos. Nº 80. Ed. do Castro. Sada.

- Catalogación da Consellería de Cultura (o resto dos datos son de autoría propia).

10. Material gráfico.



Ilustración 5. 283: Mapa topográfico 1:25.000 (186-II).



Ilustración 5. 284: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 285: Panorámica xeral.

Ilustración 5. 286: Perfil (S).

Ilustración 5. 287: Derrube da muralla da croa.

Ilustración 5. 288: Paramento da muralla da croa.

Ilustración 5. 289: Perfil E co parapeto defensivo e foxos.

Ilustración 5. 290: Perfil E.

Ilustración 5. 291: Perfil O. dende Magros.

Ilustración 5. 292: Foto SixPac

1. Nome do xacemento: Alto da Roda (do Castro).

Clave de identificación: Non está catalogado (corresponderíalle GA 32011011).

2. Localización.

- Lugar: Garfián.
- Parroquia: Sta. Mª de Beariz.
- Concello: Beariz.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 186 (1:25.000: 186-II).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 13.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º27´44´´N. / Lonxitude: 8º16´24´´O.
- Proxección UTM: X: 559.680 / Y: 4.701.375
- Altitude: 666 m.
- Acceso: Sáese de Soutelo de Montes cara Ourense, pola N-541, e ó pasar A Ermida tórcese á dereita pola estrada comarcal OU-213 ata Beariz. Unha vez aquí, dobramos á dereita por unha estrada local que nos leva ós lugares da Bouza e Doade, antes de chegar ó primeiro deles tómase o cruce que hai a man esquerda do que parte unha pista a Garfián; ó final deste pobo, á esquerda nun cumio está o castro.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Ubícase no cumio dun monte dende o que exerce un amplo control do espazo.

- Condicións naturais de defensa: Ten pronunciados desniveis en todo o seu perímetro, aínda que no O. son máis atenuados.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Nos arredores o que hai é monte baixo e arbustos e algunha zona de repoboación forestal de piñeiros. Antigamente, había perto minas de estaño e wolfram.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: Castro de Magros (Magros-Beariz).

· Área de visión: Pódense ver os núcleos de Beariz, Muradás, Albite, A Bouza, Doade, Magros (Beariz); Acebedo, Rubillón, Baiste, Liñares, A Edreira (Avión). Tamén se divisa o río Doade, que se trata das fontes do Avia. As liñas de cumios do entorno limitan a visión: monte do Seixo-serra do Cando, serra do Suído, Marcofán, Costoia, Pena Corneira ou o Faro de Avión.

4. Descrición.

Trátase dun recinto de planta ovalada e o seu eixo maior ten unha orientación NO.-SE. No sector occidental hai diversos afloramentos (SO.-O.-NO.). É un castro de recinto único rodeado por unha muralla en todo o perímetro.

Na parte O. ten un talude con dez metros de desnivel, por este lado esténdese unha plataforma. Neste sector hai unha dobre muralla defendendo o recinto, os dous corpos da mesma están separados por un foxo de tres metros de ancho. Cara o N. están os desniveis máis fortes pois cadra coa caída cara o regueiro da Ponte Pedriña. O acceso debeu ser polo SO.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: O castro consérvase en bo estado.
- Vexetación: Está invadido por monte baixo a base de carqueixas, carrascos, toxos e xestas.
- Tipo de propiedade: Na súa maior parte é monte comunal, aínda que unha pequena zona é de titularidade privada.
- Medidas de protección: Non existen, ademais non está catalogado, só aparece como referencia.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

· Territorio de explotación: Fórmano as terras que se estenden cara o S. do castro, ata o río Doade, na súa marxe esquerda, delimitadas por varios cumios. Correspóndense co actual núcleo de Garfián.

· Substrato xeolóxico: Componse de micaesquistos grises e xistos verdes albíticos do Ordovícico Inferior. Perto hai afloramentos de anfibolitas e cuarcitas brancas tableadas e cuarcitas. Cara o E. temos unha zona de rochas graníticas serodias, neste caso é granito de Beariz de gran groso.

· Conclusións: Exerce un bo control do val do río Beariz e da cabeceira do Doade (ou Avia, segundo algunhas versións). A liña de cumios que o delimitan separan a zona das cabeceiras do Verdugo, Lérez e Deza. Está nunha zona elevada, pois ubícase nas estribacións das Serras Centrais. Debido ó escarpado que é o entorno era un lugar de doada defensa.

- Proximidade de recursos hídricos: No remate da aba N. do monte pasa o regueiro da Ponte Pedriña.

- Distancia ó veciño máis próximo: A uns 300 m. están as vivendas do núcleo de Garfián. O castro máis cercano é o castro de Magros (2'5 km).

- Vías de comunicación: Polo S. pasa unha pista que debeu aproveitar un antigo camiño a pouca distancia do castro.

7. Ergoloxía.

Non se atoparon restos materiais.

8. Folclore.

- "Alí viviron os mouros".
- " Hai un tesouro ou cartos dos mouros alí enterrados".
- "Nas laxas do castro de Garfián ían os rapaces coas ovellas e despois un día foi unha rapaza e apreceulle unha muller cunha tenda (que era unha moura), e que tiña cousas moi bonitas. A rapaza estivo mirando as cousas e tiña unha tesoiriña moi bonita, e foi a muller e díxolle:
- Mira, vas á casa e tráesme un bolo e máis unha ducia de ovos, pero non lle digas nada á túa nai nin a ninguén.

A rapaza foi para a casa e colleu as cousas como a moura lle dixera, pero veuna a nai e díxolle:
- ¡Para onde vas!

Ela non llo quería dicir, pero despois a nai quíxolle mallar e ela contoullo e a nai díxolle:
- ¡Pois logo vai, vai...!

A rapaza marchou toda contenta pensando que a moura lle ía dar a tesoiriña como lle dixera, pero cando ía chegando onda ela e máis onda a tenda, xa estaba coa tesoiriña a moura na man, dicíndolle:
-¡Ven, ven, que che hei cortar a lingua polo cañoto!".

- "No castro de Garfián aparecíanse unha galiña con pitos e dicían que eran de ouro. Sempre lle aparecían a un home e el ía detrás deles, pero cando os tiña perto

desaparecíanlle e nunca os puido pillar. Dicían que o que os tocase morrería e non voltou detrás deles".

9. Bibliografía.

- APARICIO CASADO, B.(1999): *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega.* Cadernos do Seminario Sargadelos. Nº 80. Ed. do Castro. Sada.

- Estaba sen catalogar. Só hai unha referencia na Consellería de Cultura.

10 Material gráfico.



Ilustración 5. 293: Mapa topográfico 1:25.000 (186-II).



Ilustración 5. 294: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 295: Perfil N con caída cara ó regueiro da Pontepedriña.

Ilustración 5. 296: Talude (O).

Ilustración 5. 297: Perfil (S).

Ilustración 5. 298: Castro de Magros dende o Alto da Roda (do Castro) de Garfián.

Ilustración 5. 299: Foto SixPac

Concello de A Lama

1. Nome do xacemento: Castro da Lama / Monte do Castro.

   Clave de identificación:GA 36025005.

2. Localización.

- Lugar: A Lama.
- Parroquia: A Lama.
- Concello: A Lama.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 186 (1:25.000: 186-III).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 31.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º24´02´´N. / Lonxitude: 8º26´37´´O.
- Proxección UTM: X: 545.800 / Y: 4.694.480.
- Altitude: 474 m.
- Acceso: Ó O. do núcleo de A Lama vaise por unha pista que ascende dende a igrexa parroquial ó cemiterio de A Lama e á capela do Sagrado Corazón de Xesús, que se ergue na croa do castro, logo duns 300 m.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Está nun coto ou outeiro.

- Condicións naturais de defensa: Ten fortes pendentes rodeándoo por todos lados.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Monte baixo, prados e repoboación de eucaliptos, principalmente na parte O.

- Potencialidade visual:

  · Intervisibilidade con outros xacementos: coto do Castro (Aguasantas), coto do Castro (Famelga).

  · Área de visión: A Lama, Caritel, serra do Cando, monte do Ceo, Aguasantas,

4. Descrición.

Trátase dun xacemento moi alterado, xa que na croa érguese a capela do Sagrado Corazón de Xesús e na aba do monte o cemiterio parroquial, no que, probablemente, foi unha zona de antecastro. Ademáis ata o cumio ascende unha pista asfaltada polo SE..

Orixinariamente, o castro debeu ter dous recintos: a croa ou recinto central circular e na parte SO. unha terraza, que correspondería ó antecastro, de forma ovalada. Na parte NO. ten uns afloramentos graníticos. As medidas totais son: N.-S.: 75 m., E.-O.: 43 m.; as do recinto central, aproximadamente, serían: N.-S. : 38 m., E.-O.: 28 m.

Pola estrada de acceso hai un Vía Crucis. A terraza, de forma ovalada, ten un muro que parcialmente correspóndese coa muralla orixinal e nalgunhas zonas desfíxose coa pista.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Na croa ten unha capela, rodeando ó templo e ó adro hai un muro, na aba do monte está o cemiterio e, por último, no SE. hai unha pista de acceso ata o cumio.
- Vexetación: No lado N. hai repoboación de eucaliptos e no propio recinto hai vexetación herbácea.
- Tipo de propiedade: Privada.
- Medidas de protección: Non existen.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

· Territorio de explotación: A chaira na que se ubica o núcleo de A Lama e que rodea todo o xacemento, o seu límite estaría no pé das abas das elevacións montañosas que se divisan dende o castro.

· Substrato xeolóxico: Componse de rochas graníticas pre-sincinemáticas de Fase 3, concretamente, granito de dúas micas de gran groso.

· Conclusións: Ten unha semellanza co Coto do Castro de Aguasantas, ó seu pé hai un núcleo denominado Sucastro. Estamos diante dun caso de desfeita case total, só se podería facer un traballo arqueolóxico no que queda da terraza (antecastro) situada ó SO.

- Proximidade de recursos hídricos: A uns 300 m. no actual núcleo e a uns 600 m. tamén hai un manancial que agora abastece ó pobo.

- Distancia ó veciño máis próximo: Sitúase a uns 100 m. O castro máis cercano é Castro Bo-Aguasantas (1'65 km).

- Vías de comunicación: Non se poden precisar debido ás alteracións do entorno, pero o máis probable é que houbese un antigo acceso polo SE., por onde ascende a actual estrada.

7. Ergoloxía.

Non se coñecen restos.

8. Folclore.

Non se conserva ningunha referencia.

9. Bibliografía.

- VV.AA.(1905): *Nueva historia y monografías geográficas de las provincias de España. Monografía geográfico-histórica de Galicia*. Madrid. Páx. 618.
- Catalogación da Consellería de Cultura (os datos da ficha da catalogación deste castro que constan na Xunta de Galicia, elaboráronos Alejandro Parga Castro e Mar López Cordeiro; o resto dos apartados son de autoría propia).

10. Material gráfico.



Ilustración 5. 300: Mapa topográfico 1:25.000 (186-III).



Ilustración 5. 301: Foto aérea de 1956 (1:33.000)

Ilustración 5. 302: Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 303: Vista xeral.

Ilustración 5. 304: Terraza.

Ilustración 5. 305: Vista do Coto do Castro (Aguasantas) e monte do Castro (A Lama), dende a subida a Chan das Pipas (Caritel).

Ilustración 5. 306: Foto SixPac

1. Nome do xacemento: Castro de Gaxate / Monte do Castro.

   Clave de identificación: GA 36025006.

2. Localización.

- Lugar: O Castro.
- Parroquia: S. Pedro de Gaxate.
- Concello: A Lama.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 186 (1:25.000: 186-III).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 42.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º22´18´´N. / Lonxitude: 8º25´40´´O.
- Proxección UTM: X: 547.070 / Y: 4.691.300
- Altitude: 400 m.
- Acceso: O castro está na marxe dereita da estrada que sae de Pontecaldelas e pasa por Gaxate, xusto á entrada do pobo. Alí atópase a antiga escola, nunha terraza do xacemento, e hai un camiño que logo de case uns cen metros lévanos á súa ubicación.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Sitúase nun coto xunto a un meandro do río Oitavén, na súa marxe dereita.

- Condicións naturais de defensa: Ten unha pendente pronunciada cara o río, polos lados E., SE. e S.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: O seu uso é monte baixo e repoboación forestal de eucaliptos.

- Potencialidade visual:

  · Intervisibilidade con outros xacementos: Pena Redonda -Chan das Pipas (Forzáns).

· Área de visión: Gaxate (A Lama), Vilán e Fornelos de Montes. Limítase polos cumios que rodean Gaxate, agás polo SO., dirección na que vai o Oitavén e permite o control dunha zona maior neste sector.

4. Descrición.

Sitúase nun coto xunto a un meandro do río Oitavén. Componse de dous recintos, na croa existe un gran penedo granítico cara o E. Apréciase o trazado das murallas pétreas que o rodean, tanto da croa como do antecastro. O lugar no que se empraza permítelle dominar o entorno, pódese ver dende moi lonxe.

O eixo principal ten dirección N.-S. e unha lonxitude duns 90 m.; o antecastro bordea a croa polo N., O. e S. e ten uns 25 m. de ancho e na parte meridional, unha vez rematada a croa chega a ser o dobre. Na parte occidental da croa hai un pequeno derrube que permite ver a súa muralla.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: A antiga escola de Gaxate está sobre o antecastro. Tamén se poden apreciar varias violacións por todo o castro. Parece que hai indicios de barrenos para obter granito para a construción. Tamén débese mencionar o camiño de acceso á escola.
- Vexetación: Monte baixo e eucaliptos.
- Tipo de propiedade: Monte comunal.
- Medidas de protección: Non existen.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

· Territorio de explotación: A área que abrangue os actuais terreos da parroquia de Gaxate, limitada polos cumios do entorno.

· Substrato xeolóxico: Fórmano rochas graníticas pre-sincinemáticas de Fase 3, neste caso, granito de dúas micas de gran groso.

· Conclusións: Este xacemento, xunto co monte do Castro de Airoa, dominan o val alto do río Oitavén, cara a parte oriental queda a serra do Suído, que forma parte das Serras Centrais que dividen o noso país en dúas metades. Ata pasar as estribacións montañosas non hai máis castros, xa na provincia de Ourense.

- Proximidade de recursos hídricos: O río Oitavén bordea o castro pola parte oriental e meridional.

- Distancia ó veciño máis próximo: A carón do castro, no NO., hai varias casas do lugar coñecido co nome de O Castro. O castro máis cercano é Pena Redonda – Chan das Pipas (1'3 km).

- Vías de comunicación: O acceso orixinal debeu ser polo NO., por onde está a subida actual. Por onde vai a actual estrada existía un antigo camiño.

7. Ergoloxía.

Cando se edificou a escola apareceron restos de muíños, cerámica, pedras con inscricións, pedras de dintel decoradas, machados e unha testa humana de granito. Todo este material consérvase no Museo de Pontevedra.

8. Folclore.

- " Din os veciños que alí habitaron os mouros e que perto de alí existían **covas dos mouros**".
- " Viña unha señora da feira que antes había en Forzáns, traendo un porco que comprara. Foi cara o castro e non apareceu máis".
- " Dicíase que se vía unha muller que traía ouro, pero logo, ó achegarse, desaparecía".
- " Ó pé do castro, cara o SE., está o muíño de Baixo. Un día, a unha muller que estaba moendo saíulle unha señora cun rapaciño do peito e pediulle que lle dera de

mamar. Por facelo deulle unhas achas de madeira e díxolle que non perdera ningunha. A muller rosmaba para si por tal carga, aparte da da fariña que tiña que levar. No camiño perdeu un dos anacos de madeira. Ó chegar á casa e tiralos ó chan, convertíronse en ouro".

- " Dise que o Coto do Castro debe estar oco por debaixo".

9. Bibliografía.

- Catalogación da Consellería de Cultura.
- APARICIO CASADO, B.(1999): *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega.* Cadernos do Seminario Sargadelos. Nº 80. Ed. do Castro. Sada.
- Catalogación da Consellería de Cultura (os datos da ficha da catalogación deste castro que constan na Xunta de Galicia, elaborounos Alejandro Parga Castro; o resto dos apartados son de autoría propia).

10. Material gráfico.



Ilustración 5. 307: Mapa topográfico 1:25.000 (186-III).



Ilustración 5. 308: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 309: Vista dende Pena Redonda-Chan das Pipas (Forzáns).

Ilustración 5. 310: Croa (vista dende o segundo recinto).

Ilustración 5. 311: Perfil do castro dende o NE.

Ilustración 5. 312: Derrube (permite ver un anaco do paramento da muralla da croa).

Ilustración 5. 313: Foto SixPac

Concello de Pontecaldelas

1. Nome do xacemento: Chan das Pipas / Pena Redonda.

   Clave de identificación: GA 36043015.

2. Localización.

- Lugar: A Pousa.
- Parroquia: San Fiz de Forzáns.
- Concello: Pontecaldelas.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 186 (1:25.000: 186-III).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 41.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º22´40´´N. / Lonxitude: 8º26´30´´O.
- Proxección UTM: X: 545.900 / Y: 4.691.950
- Altitude: 550 m.
- Acceso: Vaise pola estrada C-531, Pontevedra-Pontecaldelas, ó pasar esta localidade hai que seguir uns catro km. ata Caritel, neste lugar, nas derradeiras casas tómase a man esquerda a estrada que se dirixe cara A Lama. Logo, no primeiro cruce á dereita, hai que coller unha pista que leva ó lugar da Pousa. Dende aquí hai un camiño forestal ata unhas laxes e unha braña cun regueiro a man dereita (rego dos Pereiros), despois cruzamos cara o nacente ata chegar á Chan das Pipas, onde no cabo oriental está o castro.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Ubícase sobre unha penichaira protexida ó N. por un outeiro e ó S. por uns penedos de grandes dimensións.

- Condicións naturais de defensa: As propias dun lugar destas características. No N. e S. polos devanditos curutos e polo E. hai unha pronunciada caída.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Monte baixo.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: castro de Gaxate (A Lama), A Peneda do Viso.

· Área de visión: Caritel, Forzáns, A Lama, Gaxate, Xende, Fornelos de Montes, Estacas, serra do Suído, Pé da Múa, monte Catadoiro.

4. Descrición.

Trátase dun castro de planta ovalada que conserva a muralla en case todo o seu perímetro. Na parte O. vese un tramo de muralla que vai N.-S. durante uns cen metros. Cara o NO. hai unha zona que podería ser o antecastro, da que se conservan restos da muralla, as súas dimensións son de 100 x 45 m. A continuación desta área aprécianse restos doutro muro, de maior perímetro e case arrasado que debeu ser para pechar o gando en época medieval ou moderna.

Hai como dous pequenos aterrazamentos (o primeiro de 25 m. e o segundo de 20 m. de ancho) e logo un terceiro máis ó O. (neste caso de 100 x 25 m.) de maiores dimensións que formarían a croa do castro. A croa tería unhas dimensións de 100 x 70 m. e a súa muralla, na parte O. ten uns tres metros de alto e uns dous de ancho.

Na parte N. non existen restos de defensas, pois esta área está a carón dun outeiro elevado que domina o horizonte. Xusto na parte E., onde remata o castro está o límite co Concello da A Lama onde empeza o forte desnivel do monte. No espazo que se atopa entre o primeiro e o segundo muro interior da croa houbo, hai tempo, unha escavación furtiva que descubriu o muro do que parece ser unha vivenda circular parcialmente, case pegada ó primeiro muro interno. Á vista quedou un tramo duns 50 cm. de alto por 40 de ancho. Tamén se localizou unha especie de lareira con área de combustión.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Deuse unha escavación furtiva que deixou visibles estruturas e obtiveron materiais. A uns 50 m. ó E. pasa unha liña de alta tensión e un pouco máis perto un valado metálico que limita o monte comunal da parroquia de Forzáns.
- Vexetación: Mato de toxos e pastizal.
- Tipo de propiedade: Monte comunal.
- Medidas de protección: Non existen.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: Probablemente fose a penichaira na que se ubica o xacemento.

  · Substrato xeolóxico: Son rochas graníticas pre-sincinemáticas de Fase 3, máis en concreto, é granito de dúas micas de gran groso.

  · Conclusións: É un castro que domina, xunto co de Gaxate, a parte alta do val do río Oitavén. Malia a súa altitude estaba ben protexido, polos dous curutos citados na descrición, dos ventos que máis inciden na zona. Cara a parte oriental, a poucos quilómetros xa se atopan os cumios da serra do Suído que rondan os 1.000 m.

- Proximidade de recursos hídricos: A carón da croa, na parte NO. agroma un manancial, dentro do que pode que fose o antecastro e a uns 500 m. cara o O. está o rego dos Pereiros.

- Distancia ó veciño máis próximo: As casas do lugar de A Pousa están a perto de dous km. do xacemento. O castro máis cercano é o castro de Gaxate (1’3 km).

- Vías de comunicación: Dende A Pousa hai unha pista forestal, que pola apariencia debeuse facer polo trazado dunha antiga corredoira que chega pola parte occidental ó castro.

7. Ergoloxía.

Na escavación furtiva mencionada con anterioridade apareceron anacos de cerámica común castrexa, muíños de man e un anaco de bronce , ademais dos restos de estruturas ós que xa se fixo referencia. Están depositados no Museo de Pontevedra. Na intervención do 2003 apareceu, sobre todo, cerámica común e destaca unha doa de colar de pasta vítrea.

8. Folclore.

- "Na Chan das Pipas existe a lenda de que hai tres pipas: unha de ouro, outra de aceite e outra de veleno".
- "Aparece unha moura que peitea os cabelos cun peite de ouro á noitiña".
- " Outra lenda di que hai tres pipas: ouro, prata e peste".

9. Bibliografía.

- Arquivo-Ficheiro do Museo de Pontevedra. Catalogación da Consellería de Cultura (os datos das fichas da catalogación dos castros deste concello que constan na Xunta de Galicia, elaborounos Montserrat García-Lastra Merino; o resto dos apartados son de autoría propia).
- GONZÁLEZ RUIBAL, A. (2004a): "Alén dos castros:o poboado da Idade do Ferro de Pena Redonda (Pontecaldelas-Pontevedra)". *El Museo de Pontevedra LVIII*. Pontevedra. Páxs. 11-64.
- GONZÁLEZ RUIBAL, A. (2005b): "Resultados das sondaxes nun xacemento atípico da Idade do Ferro: Pena Redonda (Pontecaldelas, Pontevedra)". *Cuadernos de Estudios Gallegos. Tomo LII*. CSIC. Instituto de Estudios Gallegos "Padre Sarmiento". Santiago de Compostela. Páxs. 173-197.

10. Material gráfico.



Ilustración 5. 314: Mapa topográfico 1:25.000 (186-III).



Ilustración 5. 315: Foto aérea de 1956 (1:33.000)



Ilustración 5. 316: Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 317: Visión xeral do xacemento dende o outeiro N.

Ilustración 5. 318: Cara interna da muralla.

Ilustración 5. 319: Estrutura aparecida en escavacións furtivas .

Ilustración 5. 320: Acumulación pétrea da muralla interna.

Ilustración 5. 321: Vivenda circular (a mesma da foto 3) logo de ser escavada (marzo-abril 2003).

Ilustración 5. 322: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Casteliño / Castelo / Monte do Castro.

Clave de identificación: GA 36043014.

2. Localización.

- Lugar: Barbudo.
- Parroquia: Sta. María de Barbudo.
- Concello: Pontecaldelas.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 186 (1:25.000: 186-III).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 41.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º21´47´´N. / Lonxitude: 8º29´06´´O.
- Proxección UTM: X: 542.400 / Y: 4.690.270
- Altitude: 464 m.
- Acceso: Imos pola estrada C-531 (Pontevedra-Pontecaldelas), ó pasar Pontecaldelas, á dereita tomamos a estrada que leva a Arcade e Soutomaior, logo dun km. hai que tomar á esquerda o desvío a Rebordelo e Barbudo. Despois de cinco quilómetros e unha vez superado Rebordelo, a estrada descende cara o val do Oitavén onde está Barbudo.Un pouco antes de chegar a esta localidade e á súa igrexa parroquial, a man esquerda da estrada hai un camiño forestal que pasa ó pé do castro.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Aséntase nun outeiro, con forte pendente na parte meridional, cara o val do río Oitavén. Ten tres terrazas, nas que estaba o hábitat castrexo na parte N.-NO.

- Condicións naturais de defensa: As propias dun emprazamento deste tipo con fortes pendentes en todo o seu perímetro.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Como en case todas partes destaca a repoboación forestal de eucaliptos e tamén de piñeiros, ademais de abundante monte baixo (toxo arnal) que dificulta o acceso.

- Potencialidade visual:

  · Intervisibilidade con outros xacementos: A Cidade (Oitavén-Fornelos), A Peneda do Viso (Soutomaior).

  · Área de visión: Podemos ver Fornelos de Montes, Estacas, Eiras, Oitavén, S. Adrián de Calvos, Barbudo e Anceu. Os cumes que rodean a zona cortan o campo visual (N.: monte Catadoiro, Penarada; E.: monte de Parada e a serra do Suído; etc.).

4. Descrición.

Na súa croa destacan os numerosos afloramentos graníticos que se prolongan pola aba N. cara cotas inferiores. Na parte setentrional hai unha primeira terraza de pequenas dimensións, o seu eixo vai en sentido E.-O. e cae nun foxo estreito; na parte meridional, cae unha pronunciada pendente cara o Oitavén. No mesmo sector, N.-NO. existen outros dous recintos. O que está na parte máis baixa (3º), supera os oitenta metros de longo por uns doce de ancho. No cabo NO. aprécianse terrazas de cultivo nunha área de pouco desnivel, pero con socalcos.

Ten un bo control visual do entorno do val, sobre todo da zona de meandro onde agora se ubica o encoro de Eiras e a desembocadura do río Barragán.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Varios muros de parcelas adicadas hoxe a repoboación forestal de eucaliptos que tamén alteran e distorsionan moito o lugar.
- Vexetación: Destaca a repoboación de eucaliptos na parte setentrional e o monte baixo cunhas espesas toxeiras.
- Tipo de propiedade: Monte comunal e na terceira terraza algunha parcela privada.
- Medidas de protección: Non se contemplan.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: A zona que está na parte meridional do Castelo e unha reducida área na setentrional que se enmarca pola liña de cumes ó N. (monte Catadoiro, Coto Grande e Coto da Raposa) e ó S. polo río Oitavén.

  · Substrato xeolóxico: Son rochas graníticas pre-sincinemáticas de Fase 3, máis en concreto, é granito de dúas micas con megacristais.

  · Conclusións: Trátase dun castro ubicado nunha estreita franxa entre a liña de cumes que separa o val do Oitavén da conca do colector principal (o Verdugo). Está na marxe dereita do Oitavén, do que se atopa a un km., e dende aquí, como xa se dixo anteriormente, domina o territorio cara o S. (onde está A Cidade) e o E.

- Proximidade de recursos hídricos: No NO., a menos de 50 m. hai un pequeno curso de auga e tamén un manancial aproveitado para traída de auga potable.

- Distancia ó veciño máis próximo: A uns 300 m. polo SO. están as primeiras vivendas de Barbudo, xunto á igrexa parroquial. O castro máis cercano é A Cidade-Oitavén (3’5 km).

- Vías de comunicación: Existe un camiño de acceso polo O. que se dirixe ó castro e bordéao polo N.

7. Ergoloxía.

   Apareceu hai moitos anos un machado pulimentado que pertenceu á colección de D. José Solla Bouzas (Arcade-Soutomaior).

8. Folclore.

- “Alí viviron os mouros”.
- “Hai unha mina que vai dende o coto a onde está, na actualidade, o encoro das Eiras e que ó primeiro ten osíxeno e logo non. Nesta mina o mesmo se atopa veleno que ouro (iso di o libro que ten un veciño, débese referir ó *Ciprianillo*). Tamén din que ten unha porta que está tapada”.

9. Bibliografía.

- FILGUEIRA VALVERDE, J.; GARCÍA ALÉN, A.(1959): “Adiciones a la Carta Arqueológica de la provincia de Pontevedra”. *EMP XIII*. Páxs. 19-97.
- Aparece na catalogación da Consellería de Cultura.
- APARICIO CASADO, B.(1999): *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega.* Cadernos do Seminario Sargadelos. Nº 80. Ed. do Castro. Sada.

10. Material gráfico.



Ilustración 5. 323: Mapa topográfico 1:25.000 (186-III).



Ilustración 5. 324: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 325: Vista xeral con terrazas de cultivo (NO).

Ilustración 5. 326: Restos da muralla da terceira terraza.

Ilustración 5. 327: Terrazas.

Ilustración 5. 328: Perfil S.

Ilustración 5. 329: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Castelo Grande-Castelo.

   Clave de identificación: GA 36043005.

2. Localización.

- Lugar: Castelo.
- Parroquia: Sta. Olaia de Pontecaldelas.
- Concello: Pontecaldelas.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 186 (1:25.000: 186-III).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 31.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º24´08´´N. / Lonxitude: 8º30´05´´O.
- Proxección UTM: X: 541.040 / Y: 4.694.620
- Altitude: 488 m.
- Acceso: En Pontecaldelas, vindo de Pontevedra, hai que tomar a estrada de Aguasantas e na primeira prazoleta desviámonos a man esquerda e dirixímonos cara o lugar do Castelo, quedando á nosa esquerda a igrexa parroquial de Sta. Olaia de Pontecaldelas. Seguimos esta estrada, que conduce ata Borela (Cotobade), un pouco despois hai un cortalumes á dereita que dá acceso ó castro pola súa aba N.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Aséntase no cume dun monte.

- Condicións naturais de defensa: As normais dun lugar destas características, con pronunciados desniveis en todo o seu perímetro.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Está rodeado de repoboación forestal de eucaliptos, que invaden boa parte do recinto castrexo, na zona setentrional hai unha área de monte baixo roturado e cercado para pastizal.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: Monte do Castro (A Lama), A Peneda do Viso (Soutomaior), O Castrillón-Coto da Moura (Cortellas-Soutomaior), Coto da Cidade (Tourón), Eira dos Mouros (Tourón).

· Área de visión: Podemos ver A Lama, Antas, Pontecaldelas, Tourón, Parada, Vilarchán, Ínsua, Caritel, Xustáns, Taboadelo, Soutomaior, Moreiras e Cortellas.

4. Descrición.

Este recinto ten planta ovalada. A croa fórmana dous outeiros e cara o E. hai afloramentos graníticos. Aprécianse restos da muralla e as ringleiras de sillares dos alicerces do castelo medieval dende o cal se divisaba un amplo contorno de varios quilómetros. Na parte N. e O. é onde mellor se ve a estrutura defensiva.

A planta do castelo era rectangular, pero non se poden precisar as súas dimensións, só que o grosor dos muros era 1´20 m., dos que se observan restos de derrube, para aproveitar na construción os seus sillares no sector N. Cara esta zona setentrional hai unha terraza duns cen metros de longo por vinte de ancho da que notamos a súa muralla, ten unha orientación E.-O.; pola parte oriental remata nun esporón. Nótase un foxo bordeando este segundo recinto, no O. xa non se aprecia, aquí a defensa é a pendente natural do monte. No SE.-S.-SO. o desnivel é aínda máis pronunciado.

O acceso ó segundo recinto ou antecastro é por un camiño que ascende polo O. e deste ata a croa pola punta oposta (E.).

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: As derivadas da construción do castelo medieval na croa e na súa muralla. Tamén houbo actividade de canteira, aprécianse restos de

pedras fendidas por cuñas metálicas. En derradeiro lugar, hai que citar un cortalumes que ascende polo N. e a repoboación salvaxe de eucaliptos.

- Vexetación: Hai repoboación de eucaliptos e un mesto monte baixo de toxos.
- Tipo de propiedade: Monte comunal.
- Medidas de protección: Non se coñecen.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

· Territorio de explotación: Entre O Castelo e as estribacións montañosas setentrionais (Pé da Múa e serra Castrelada) desenvólvese unha penichaira, limitada pola parte oriental por uns pequenos cotos. Cara o S. esténdese a chaira na que se asenta o núcleo de Pontecaldelas ata o río Verdugo, que continúa na súa marxe esquerda ó outro lado do seu curso.

· Substrato xeolóxico: Son rochas graníticas pre-sincinemáticas de Fase 3, en concreto, granito de dúas micas de gran fino-medio.

· Conclusións: En todo o val do Verdugo é un dos exemplos de maior dominio visual, pois pódese ver ata A Peneda do Viso (SO.) seguindo o curso do río (hai uns dez km. en liña recta). Cara todos lados ten un enorme control do espazo debido a que destaca moito sobre o contorno. De feito, parece lóxico que alí se emprazara o castelo de vixiancia medieval. É unha zona de alta concentración de xacementos, como xa indiquei noutras fichas, polo que a densidade demográfica debeu ser importante.

- Proximidade de recursos hídricos: Flúe un regato a 300 m ó NE. do Castelo.

- Distancia ó veciño máis próximo: A uns 350 m. están as vivendas máis próximas. Os castros máis cercanos son Eira dos Mouros-Tourón (2’4 km) e Coto da Cidade-Tourón (2’75 km).

- Vías de comunicación: Dende o N. un camiño leva ata o xacemento castrexo.

7. Ergoloxía.

Apareceu un anaco da parte inferior dun machado oco dunha asa. Está depositado no Museo de Pontevedra (Nº Rº 3.615).

8. Folclore.

- “Din que alí vivían os mouros”.
- “Perto da igrexa parroquial hai un gran curuto denominado Castelo Grande, no que aínda hai restos dunha antiga fortaleza que disque é da época dos romanos”.
- “Unha veciña de Paradela di que hai unha mina de ouro”.

9. Bibliografía.

- FILGUEIRA VALVERDE, J.; GARCÍA ALÉN, A.(1954): *Carta Arqueológica de la provincia de Pontevedra.* EMP VIII .Páx. 149.
- Catalogación da Consellería de Cultura.

10. Material gráfico.



Ilustración 5. 330: Mapa topográfico 1:25.000 (186-III).



Ilustración 5. 331: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 332: Vista xeral dende Eira dos Mouros-Tourón (NO).

Ilustración 5. 333: Restos da muralla medieval (O).

Ilustración 5. 334: Vista xeral dende Tourón (O).

Ilustración 5. 335: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Coto da Cidade / Castro de Fragas.

   Clave de identificación: GA 36043009.

2. Localización.

- Lugar: Fragas.
- Parroquia: Sta. María de Tourón.
- Concello: Pontecaldelas.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 185 (1:25.000: 185-IV).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 34.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º23´28´´N./ Lonxitude: 8º31´56´´O.
- Proxección UTM: X: 538.550 / Y: 4.693.375
- Altitude: 228 m.
- Acceso: Vaise pola estrada C-531 (Pontevedra-Pontecaldelas), en Tourón, case ó final do pobo, a man dereita cóllese a pista que se dirixe ata Parada e ó cabo de 1´2 km. atopamos, nunha curva, a man esquerda, un camiño de terra que ó cabo duns 500 m. lévanos ata o castro. Hai un carreiro que o bordea polo S., aproveitando o foxo e ascende pola parte SE.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Trátase dun castro situado a media ladeira, na marxe dereita do Verdugo, con fortes pendentes no O.-S.-E., debido a que o delimitan dous regatos (Guteras e San Vicente), dos que domina os seus reducidos vales.

- Condicións naturais de defensa: Na parte occidental, na meridional e na oriental hai pronunciados desniveis que descenden cara os dous cursos fluviais citados.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Hai carballeiras e repoboación de eucaliptos, ademais de antigas terrazas de cultivo polo O., hoxe tamén a eucaliptos.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: Eira dos Mouros (Tourón), Castelo Grande-Castelo (Pontecaldelas), monte do Castro (Parada).

· Área de visión: Vense Tourón e Parada.

4. Descrición.

Trátase dun castro de recinto único, de planta ovalada. Está rodeado por unha muralla de pedra e terra, a altura da mesma cara o interior da croa é duns tres metros e o ancho de un metro e medio. Como xa se dixo o terraplén ten un pronunciado desnivel que é máis forte no E. (uns 25 m.).

No S. ten un foxo duns dez metros de ancho bordeado por un segundo parapeto, polo mesmo pasa, na actualidade, un camiño, que debeu ser o acceso ó recinto principal polo SE. Principalmente, na parte O., nótase o derrube da muralla. O eixo principal ten unha orientación N.-S. e uns 200 m. de longo, o eixo menor, E.-O. ten 50 m. e dous posibles niveis. A zona máis elevada está na parte setentrional onde hai uns penedos e outros afloramentos graníticos. No interior aprécianse posibles restos de estruturas. Conserva bastante ben as súas defensas.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: O estado de conservación é óptimo. Ten varios muros dividindo as propiedades que se asentan no castro.
- Vexetación: Ten eucaliptos e carballos.
- Tipo de propiedade: Particular.
- Medidas de protección: Non se contemplan, pero deberían tomarse pois é un dos castros mellor conservados da área de estudo.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: As terras chans que están na marxe dereita do rego de San Vicente ata os montes que limitan o núcleo de Tourón polo N. e polo O. ata o rego Riboi, afluente do anterior.

  · Substrato xeolóxico: Componse de rochas ígneas, en concreto, trátase de granito de feldespato alcalino.

  · Conclusións: Neste caso, debido ás súas considerables dimensións e ó tipo de muralla, vese claramente que é de época romana. Ademais, nos restos dun tobo apareceron dous anacos de cerámica romana que confirman esa suposición previa. Ubícase nunha zona de alta concentración de castros o que indica a elevada densidade de poboación que había daquela.

- Proximidade de recursos hídricos: A uns 50 m., pola parte oriental, está o rego de San Vicente.

- Distancia ó veciño máis próximo: Aproximadamente a 1´5 km. está o núcleo de Tourón. Os castros máis cercanos son monte do Castro-Parada (0’4 km), Eira dos Mouros-Tourón (2’35 km) e Castelo Grande-Castelo (2’75 km).

- Vías de comunicación: Polo O. hai unha corredoira que nos achega ó castro, que o bordea pola parte meridional, atravesando o foxo, e segue cara a oriental. Na parte O. hai un camiño abandonado que ía a carón do terraplén e servía de acceso a unha terraza de cultivo.

7. Ergoloxía.

   Na terra remexida dun tobo apareceron dous anacos de cerámica romana.

8. Folclore.

- “Din os veciños de Tourón que hai ouro enterrado e que alí tamén está enterrado o mantón de ouro da condesa”.
- “Dende o Coto de Ciradellas ata o Coto da Cidade hai dúas vigas, unha de veleno e outra de ouro”.

9. Bibliografía.

- FILGUEIRA VALVERDE, J.; GARCÍA ALÉN, A. (1959): “Adiciones a la Carta Arqueológica de la provincia de Pontevedra”. *EMP XIII*. Páx. 68.
- Catalogación da Consellería de Cultura (a catalogación de Pontecaldelas fíxoa Montserrat García-Lastra Merino).
- APARICIO CASADO, B (1999): *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega.* Cadernos do Seminario Sargadelos. Nº 80. Ed. do Castro. Sada.

10. Material gráfico.



Ilustración 5. 336: Mapa topográfico 1:25.000 (185-IV).



Ilustración 5. 337: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 338: Foxo.

Ilustración 5. 339: Croa e parte interna da muralla.

Ilustración 5. 340: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Eira dos Mouros.

   Clave de identificación: GA 36043001 (Dubidoso).

2. Localización.

- Lugar: Tourón.
- Parroquia: Sta. Mª de Tourón.
- Concello: Pontecaldelas.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 185 (1:25.000: 185-IV).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 34.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º24´42´´N. / Lonxitude: 8º31´40´´O.
- Proxección UTM: X: 538.950 / Y: 4.695.700
- Altitude: 506 m.
- Acceso: Pódese ir dende Tourón por unha pista que leva cara o N. ata a Eira dos Mouros ou dende Buchabad por outra pista que está asfaltada ata os depósitos de auga de Vilarchán (800 m.) e logo seguimos dous km. ata unha intersección, aquí collemos á dereita uns 300 m. e chegamos á Eira dos Mouros.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Sitúase nun cumio que domina os diversos lugares da parroquia de Tourón.

- Condicións naturais de defensa: As propias dunha elevación deste tipo con fortes pendentes, máis pronunciadas polo S.-SE.; cara o N., a pendente é menor pois hai unha área que chega ó Coto dos Infernos e ó Coto de Ciradellas.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Adícase a repoboación forestal de piñeiros e eucaliptos e abundante monte baixo onde pace gando bovino solto polo monte. Hai algunha pequena área con cedros e piñeiro insigne. Observamos restos de extracción de granito, xa que aquí, en tempos, houbo unha canteira.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: Castelo Grande-Castelo (Pontecaldelas), monte do Castro (Parada), Coto da Cidade (Tourón), O Castrillón-Coto da Moura (Cortellas-Soutomaior), A Peneda do Viso (Soutomaior), monte do Castro (A Lama).

· Área de visión: Contrólase unha ampla zona, como é o caso do Castelo Grande-Castelo (Pontecaldelas) próximo á Eira dos Mouros. Vense os seguintes núcleos de poboación: Rebordelo, Pazos, Pontecaldelas, Tourón, Taboadelo, Gradín, Parada, Xustáns, Ínsua, A Reigosa, Vilarchán, Cuñas, Caritel, A Lama, Mourente, Lérez e Pontevedra e a súa ría; tamén Sta. María de Xeve, Poio, Raxó e A Caeira. Por último citamos a ría de Vigo, Soutomaior, Aranza, O Viso, Cortellas e Moreira.

Polo N. limítase polo Coto dos Infernos e o Coto de Ciradellas; cara o E. a serra Castrelada, Pé da Múa, monte do Ceo e, ó lonxe, a serra do Suído; no O. a serra da Fracha e polo S. a liña de cumios que separa o Verdugo do seu princioal afluente o Oitavén (Penarada e monte Catadoiro).

4. Descrición.

O recinto atópase nunha zona bastante chan na parte elevada dun outeiro. Posúe unhas moi boas defensas naturais, agás polo N., onde son máis febles, pois hai unha zona chaira ata uns cotos que están a uns 500 m. (Ciradellas e Os Infernos). A súa planta é ovalada e o seu eixo maior ten orientación NO.-SE., o problema é que non se observan estruturas, posiblemente debido ás alteracións do lugar.

Está protexido por tres penedos (N.-O.-S.). Cara o NO. o recinto ábrese. Por causa do seu estado é un xacemento dubidoso. Os outeiros O.-S. enlazan por unha área de pendente natural. O acceso máis probable era polo N., por ser a parte

menos abrupta. Ten un bo dominio da zona do val do Verdugo e da ría de Pontevedra; outeando pódese ver a ría de Vigo.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Os buratos feitos para repoboación forestal de piñeiros, actividades de extracción de granito nunha antiga canteira e unha pista forestal que chega pola parte SE.
- Vexetación: Hai monte baixo maioritariamente de toxos e repoboación de piñeiros.
- Tipo de propiedade: Monte comunal.
- Medidas de protección: Non existen.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: Cara o N. hai unha pequena chaira ata a liña de cumios e cara o S. a zona de val onde se asentan os núcleos de Tourón e Buchabad.

  · Substrato xeolóxico: Son rochas ígneas (granitos de afinidade alcalina), en concreto, granito de feldespato alcalino.

  · Conclusións: Este xacemento, xunto co Castelo Grande-Castelo (Pontecaldelas) e a Peneda do Viso (Soutomaior), dominaban unha boa parte do tramo final do val do Verdugo, ó estar en outeiros moi elevados respecto ás súas áreas próximas. Pódese pensar que elixían lugares estratéxicos para unha doada defensa e unha posible comunicación con sinais visuais.

- Proximidade de recursos hídricos: A uns 50 m. ó E. hai un manancial de auga potable e o rego Nabal, a uns 300 m. ó NO. nace o rego de Pocevedro e a uns 500 m. ó N. o regueiro dos Infernos e o da Vaca Morta.

- Distancia ó veciño máis próximo: A uns 700 m. están as casas da parte alta de Tourón. Os castros máis cercanos son Coto da Cidade-Tourón (2’35 km), e Castelo Grande-Castelo (2’4 km).

- Vías de comunicación: Polo E. da Eira dos Mouros chega un camiño dende Tourón, que o bordea polo N. e logo ten un ramal ata o Coto dos Infernos e o Coto de Ciradellas.

7. Ergoloxía.

   Non se coñecen restos.

8. Folclore.

   - “Alí viviron os mouros”.
   - “Dende os outeiros da Eira dos Mouros vixiaban e comunicábanse co Coto da Cidade e vivían na parte chan deste lugar”.

9. Bibliografía.

   Inédito. Só aparece na catalogación da Consellería de Cultura.

10. Material gráfico.



Ilustración 5. 341: Mapa topográfico 1:25.000 (185-IV).



Ilustración 5. 342: Foto aérea de 1956 (1:33.000)

Ilustración 5. 343: Vista xeral.

Ilustración 5. 344: Perfil (S).

Ilustración 5. 345: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Monte do Castro.

   Clave de identificación: Xacemento dubidoso. / Non está catalogado.

2. Localización.

- Lugar: Parada.
- Parroquia: Sta. Olaia de Pontecaldelas.
- Concello: Pontecaldelas.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 185 (1:25.000: 185-IV).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 34.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º23´13´´N. / Lonxitude: 8º31´56´´O.
- Proxección UTM: X: 538.400 / Y: 4.692.900
- Altitude: 215 m.
- Acceso: Sáese de Pontevedra cara Pontecaldelas pola estrada PO-531, unha vez pasado Tourón e antes de Pontecaldelas, hai que coller o cruce á dereita sinalizado a Parada e Ponte S. Vicente. Logo de pasar o lugar de Parada, desviámonos por unha pista de terra duns 100 m. que nos achega ata a ermida de S. Vicente. Dende aquí, cara o E., parte unha corredoira empedrada pola cal empeza a subida ó castro que se atopa a uns 350 m. nun curuto.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Ubícase nunha zona chan, situada na aba dun monte, protexida por dous outeiros ó NO. e SO., que descende cara o val do regato de S. Vicente.

- Condicións naturais de defensa: Principalmente cara o N. e tamén no O. os desniveis son importantes, pois cadra coa vertente que dá ó devandito curso fluvial.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Hai uns prados abandonados e, como é habitual na zona, a repoboación forestal de eucaliptos ateiga case todo, aínda que tamén hai outras especies.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: Coto da Cidade (Tourón), Eira dos Mouros (Tourón).

· Área de visión: Vense Parada, Tourón e Taboadelo. O espazo que se divisa redúcese a esta zona de interfluvio co Verdugo e ata a liña de cumios que bordea o pequeno val do rego de S. Vicente e os seus afluentes.

4. Descrición.

O lugar ten unha forte pendente cara o N., por onde está o rego de S. Vicente, pero non se aprecian recintos nin estruturas. No NO. e SO. hai cadanseu cotiño, que son os límites dunha elevación, con forte caída cara o N. e O.; na parte oriental hai unha zona chaira. No afloramento SO. nótase o que puido ser unha muralla e o seu correspondente derrube. Entre as dúas elevacións hai un muro que ó mellor coincide, en parte, co que pode que fose a muralla. O máis probable é que o acceso fose pola parte E. por ser a zona máis doada para entrar.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Pasa un tendido eléctrico e logo afectáronlle tanto a repoboación forestal de eucaliptos e outras especies, como a actividade agrícola do pasado.
- Vexetación: Ten eucaliptos, monte baixo, prados abandonados e algunha árbore frondosa.
- Tipo de propiedade: Hai monte comunal e parcelas particulares.
- Medidas de protección: Non existen.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

· Territorio de explotación: As terras que están entre o rego de S. Vicente e o río Parada.

· Substrato xeolóxico: Son rochas ígneas (granitos de afinidade alcalina), concretamente, é granito de feldespato alcalino.

· Conclusións: O emprazamento é o axeitado para un castro, xa que é un lugar que controla o espazo e a zona de val. Aínda que hai uns pequenos indicios do que pode que fora o seu sistema defensivo, non se pode asegurar nada ó respecto. Ten incluso na zona occidental terrazas de cultivo que se relacionarían con el.

- Proximidade de recursos hídricos: Bordea o castro polo N. e O. o rego de S. Vicente.

- Distancia ó veciño máis próximo: A pouco máis de 300 m. están as primeiras vivendas do lugar de Parada. O castro máis cercano é o Coto da Cidade-Tourón (0’4 km).

- Vías de comunicación: Dende o SO. parte unha antiga corredoira empedrada, logo alterada en parte por unha pista forestal, que bordea o lugar polo S. e chega polo SE.

7. Ergoloxía.

   Non se atoparon restos.

8. Folclore.

   - “A xente di que alí vivían os mouros”.

9. Bibliografía.

   Inédito. Non está catalogado como xacemento.

10. Material gráfico.



Ilustración 5. 346: Mapa topográfico 1:25.000 (185-IV).



Ilustración 5. 347: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)



Ilustración 5. 348: Camiño de acceso e restos de muralla.

Ilustración 5. 349: Vista xeral.

Concello de Fornelos de Montes

1. Nome do xacemento: Monte do Castro.

   Clave de identificación: Xacemento dubidoso / Non está catalogado.

2. Localización.

   - Lugar: Airoa.
   - Parroquia: San Xurxo de Laxe.
   - Concello: Fornelos de Montes.
   - Nº de Folla MTN (1:50.000):186. (1:25.000: 186-III).
   - Nº cuadrícula (1:10.000): 186-42
   - Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º21´03´´N. / Lonxitude: 8º22´30´´O.
   - Proxección UTM: X: 551.500 / Y: 4.689.000
   - Altitude: 656 m.
   - Acceso: Dende a estrada C-531, no Km.107´5, á altura de Berducido, vindo de Pontevedra, dobramos á esquerda e ó cabo duns 5 km. chegamos ó lugar de Airoa. Onde están as primeiras casas do lugar, a carón da estrada, a man esquerda hai que subir unha pista a chupe duns 100 m. e chegamos ó castro.

3. Emprazamento.

   - Emprazamento topográfico: Sitúase na marxe esquerda do río do Val do Home-Parada, afluente do Oitavén , nun outeiro moi elevado, na confluencia co regueiro das Ortigas e da barranqueira de Fonte Uceira, que xunto con outros conforman o curso alto do río Parada.

   - Condicións naturais de defensa: Érguese nun outeiro ubicado nun meandro, na marxe esquerda, do río do Val do Home-Parada. Debido ás súas pronunciadas pendentes, en todo o perímetro, non requería a dotación de estruturas defensivas propias deste tipo de lugares habitados daquela.

   - Utilización e potencialidade económica do entorno: Na actualidade o uso dado ó entorno é o de monte baixo adicado ao pastoreo de gando salvaxe (equino e vacún). Na aba S.-SO., cara o lugar de Airoa hai prados.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: Non se ven outros castros.

· Área de visión: Cara o N., E. e S. rodean o castro os cumios da serra do Suído, discorrendo cara o O. o val do río Parada e os montes que o delimitan. A visión acada ata os cumios de Barbudo (Pontecaldelas) e S. Adrián de Calvos (Fornelos de Montes).

4. Descrición.

O castro emprázase nun outeiro cunha plataforma duns 50 m. no eixo maior (E.-O.) e uns 30 m. no eixo menor (N.-S.). Non hai indicios que constaten a existencia dunha muralla para a defensa do poboado en todo o perímetro. Isto débese ás fortes pendentes das abas do monte en todo o seu contorno, polo que se pode afirmar que as defensas eran naturais. Probablemente era un castro de recinto único.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: No cumio construiuse unha capela, por iniciativa dunha particular, no 1994. Está moi erosionado o monte, apreciándose afloramentos rochosos de tipo granítico. Polo SO. ten unha empinada pista duns 100 m. que ascende ata a capela. Ademais, no NE. existe un depósito de traída de augas para Airoa. Ten unha pequena zona con árbores no O. (carballos e xestas).
- Vexetación: Monte baixo (toxos) e arbustos.
- Tipo de propiedade: Monte comunal.
- Medidas de protección: Non hai sinalización.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

· Territorio de explotación: Abranguería a zona de val onde están os núcleos de Airoa e A Laxe. Correspóndese á cabeceira do río Parada.

· Substrato xeolóxico: Rochas graníticas pre-sincinemáticas – Fase 3. En dirección NO.-SE. pasa unha falla, cuxo extremo máis septentrional está na desembocadura do río do Ceíño de Rexa Grande no río de Val do Home.

· Conclusións: Neste caso trátase dun xacemento encravado nas estribacións da serra do Suído, en concreto, é o que está máis perto do nacemento do Oitavén. Ademais, é o que se atopa a maior altitude de todo o val. Xunto co castro de Famelga (Cotobade) son os únicos que se ubican a máis de 600 m.

Atópase alonxado (en liña recta) dos outros castros da zona, sirvan como exemplo: castro de Gaxate (6´2 Km.), Pena Redonda-Chan das Pipas (6´3 Km.), castro da Lama (8 km.), monte Castelo-Barbudo (9 Km.), castro da Cidade (9´4 km.). A densidade poboacional daquela pódese comprobar, visto este dato, que era baixa debido ó emprazamento.

- Proximidade de recursos hídricos: A menos de 100 m. está o río de Val do Home (que nace a 960 m. de altitude no Porto de Val do Home, no límite coa provincia de Ourense) e perto está a confluencia con este colector do regueiro das Ortigas e a barranqueira de Fonte Uceira. É probable que houbese un manancial no propio castro, xa que hoxe hai un depósito de auga potable no mesmo.

- Distancia ao veciño máis próximo: Aproximadamente está a uns 200 m. O castro máis cercano é o castro de Gaxate (5 km).

- Vías de comunicación: Non se aprecian vías antigas debido a alteracións contemporáneas no entorno, pero é posible que polo val arriba houbese daquela algún camiño antigo.

7. Ergoloxía.

   Non se coñecen restos deste xacemento.

8. Folclore.

   Non se sabe ningún.

9. Bibliografía.

   Inédito. Non estaba catalogado con anterioridade.

10. Material gráfico.



Ilustración 5. 350: Mapa topográfico 1:25.000 (186-III).



Ilustración 5. 351: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 352: Castro de Airoa dende Castrovez.

Ilustración 5. 353: Vista de Airoa e A Laxe dende o Coto de Aidarriba.

Ilustración 5. 354: Vista xeral.

1. Nome do xacemento: A Cidade.

   Clave de identificación: GA36019002.

2. Localización.

   - Lugar: Oitavén.
   - Parroquia: San Vicente de Oitavén.
   - Concello: Fornelos de Montes.
   - Nº de Folla MTN (1:50.000): 224. (1:25.000: 224-I).
   - Nº cuadrícula (1:10.000): 224-11.
   - Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º19´44´´N. / Lonxitude: 8º29´09´´O.
   - Proxección UTM: X: 542.320 / Y: 4.686.540.
   - Altitude: 303 m.
   - Acceso: Seguimos a estrada PO-250 (Redondela-Fornelos de Montes), aproximadamente un km. despois de cruzar o límite entre os concellos de Pazos de Borbén e Fornelos de Montes, atópase o castro na marxe dereita da devandita estrada a uns 300 m. da mesma. Para chegar ó xacemento seguimos un carreiro e logo un antigo camiño no que aínda se conservan rodeiras de carros do país.

3. Características do emprazamento.

   - Emprazamento topográfico: Está nun coto, no monte denominado “A Cidade”, no interfluvio do río Barragán ou Freaza e do regato Cambichas perto da desembocadura dos dous no río Oitavén (á altura do encoro de Eiras).

   - Condicións naturais de defensa: No N. e O. o castro non tiña muralla defensiva. Neste sector hai un pronunciado desnivel natural cara o regato Cambichas.

   - Utilización e potencialidade económica do entorno: O máis abundante é o aproveitamento forestal (eucaliptos). No mesmo castro hai unha carballeira, xunto con monte baixo, ademais dalgún lameiro.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: Casteliño-Castelo-monte do Castro (Barbudo) que se atopa na outra marxe do Oitavén.

· Área de visión: Non se pode precisar dun xeito nidio polos motivos expostos no apartado anterior. Supoño que se vería, cando menos, ata a estrada que está perto e ata as correntes fluviais que o bordean.

4. Descrición.

O castro ten unha forma ovalada. No eixo maior (N.-S.) ten unhas dimensións aproximadas de 100x70 m. Cara o NO. posúe unha terraza duns 20 m. de ancho. No S.-SO. hai un segundo foxo que se prolonga por boa parte do perímetro. Nunha área do SE. está unha plataforma anexa á croa. Cara o S. e o E. temos un terraplén duns 10 m. de altura na parte exterior da muralla. A altura da muralla na croa, no E., é de 2´50 m. e a súa anchura de 4 m.; cara o S. vai desaparecendo esta estrutura defensiva. A súa composición é a base de terra e pedras.

No interior do castro, ao longo do primeiro foxo, na zona N. e O. hai unhas vinte construcións (vivendas) cadradas e rectangulares de cachotería, hoxe abandonadas, que se pode datar a súa orixe a finais do s.XVIII grazas a unha inscrición na que está esculpida a súa data de fundación: 1787; isto vémolo na xamba esquerda da porta de acceso.

O arco da porta de acceso, no S., é de tipo oxival ou apuntado. As súas dimensións son as seguintes:

· Altura: 3 m. (altura total do muro de entrada: 5 m.).

· Anchura: 2´25 m.(o grosor do muro: 2´60 m.).

A muralla do recinto principal ten entre 7-10 m. de altura no exterior e por baixo desta, un segundo foxo circunda boa parte do xacemento. No arco de entrada, onde comeza o primeiro foxo, este ten uns 10 m. de ancho. Por enriba do arco pasa un acueduto en dirección O.-E.

5. Estado de conservación actual.

   - Destrucións e alteracións: As únicas son as, aproximadamente, vinte vivendas cadradas ou rectangulares do primeiro foxo e o arco de acceso, xunto cos muros que dan lugar a divisións interiores en todo o xacemento, tamén seguramente contemporáneos ás casas (1787). No segundo foxo (no exterior), no S., hai unha canalización de pedra, de época contemporánea, que o cruza.
   - Vexetación: Carballeira, monte baixo e prados.
   - Tipo de propiedade: Monte comunal.
   - Medidas de protección: Sinalización da ruta de sendeirismo GR-58 da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo denominada "Sendeiro das greas" que pasa polo perímetro e polo foxo do castro de "A Cidade".

6. Situación.

   - Potencialidade subsistencial do medio:

     · Territorio de explotación: Extenderíase por todo o interfluvio do río Barragán ou Freaza e o regato Cambichas.

     · Substrato xeolóxico: Rochas graníticas pre-sincinemáticas-Fase 3. Trátase de granito de dúas micas de gran medio-fino. Pola zona onde está o castro pasa unha falla en dirección NE.-SO., que arranca polo N. da zona de San Marcos, ao SO. de Soutelo de Montes (Forcarei).

     · Conclusións: Estamos diante dun xacemento castrexo peculiar xa que ten un poboado de fins do s.XVIII (1787) ao longo do seu primeiro foxo e a porta de entrada cun arco oxival. Posiblemente o topónimo "A Cidade" indique que se trata dun hábitat de época romana. Non se pode precisar a súa cronoloxía ao non coñecerse materiais do mesmo.

   - Proximidade de recursos hídricos: A uns 100 m. polo O. está o regato de Cambichas e a unha distancia semellante polo E. está o río Barragán ou Freaza, afuentes do Oitavén. O pequeno acueduto, por riba do arco de entrada

e a canalización de pedra no segundo foxo (exterior), deixan entrever que non había mananciais no poboado e que tiñan que conducila dende unha distancia indeterminada, pero de seguro non moi lonxana.

- Distancia ao veciño máis próximo: A unha distancia aproximada de un km. están San Adrián de Calvos (NO.) e Oitavén (NE.). O castro máis cercano é Casteliño-monte do Castro-Castelo de Barbudo (3'5 km).

- Vías de comunicación: Existe un camiño antigo que bordea o xacemento polo seu perímetro (no S.-SO. vai polo segundo foxo) e outro no seu interior (polo N. e O., que coincide co primeiro foxo, é dicir, co foxo interior).

7. Ergoloxía.

Non se coñecen restos deste xacemento.

8. Folclore.

-"Había unha moura que saía a peitearse cun peite de ouro". Neste apartado, tamén hai que resaltar que ao arco apuntado ou oxival que hai na entrada do poboado chámanlle "a Ponte dos Mouros".

9. Bibliografía.

Catalogación da Consellería de Cultura (os datos da ficha da catalogación deste castro que constan na Xunta de Galicia, elaboráronos Mª José Bóveda Fernández, Paz Blanco Sanmartín e Lorena Vidal Caeiro; anteriormente catalogárano Manuel Alfonsín Soliño, Vicente Caramés Moreira e Emilio Abad Vidal; o resto dos apartados son de autoría propia).

10. Material gráfico.



Ilustración 5. 355: Mapa topográfico 1:25.000 (224-I).



Ilustración 5. 356: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 357: Arco de entrada (1787).

Ilustración 5. 358: Data do arco.

Ilustración 5. 359: Cara interna do arco (acueduto).

Ilustración 5. 360: Vivendas do século XVIII no foxo.

Ilustración 5. 361: Vista xeral.

Ilustración 5. 362: Foto SixPac.

Concello de Pazos de Borbén

1. Nome do xacemento: Castro do Coto do Cristo.

   Clave de identificación: GA36037018.

2. Localización.

- Lugar: Pazos.
- Parroquia: Sta. Mª de Pazos.
- Concello: Pazos de Borbén.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 223. (1:25.000: 223- II).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 223-14.
- Coordenadas xeográficas Latitude: 42º17´44´´ N./ Lonxitude: 8º32´01´´O.
- Proxección UTM: X: 538.440 / Y: 4.682.680
- Altitude: 240 m.
- Acceso: A carón da estrada PO-250 de Redondela a Fornelos de Montes, aproximadamente no km. 9, atopamos o castro á esquerda, case ó lado do colexio (C.P.I. “Curros Enríquez”), no lugar de Pazos.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: O castro atópase no cumio do interfluvio dos ríos Pequeno (afluente do Oitavén), Alvedosa e Borbén.

- Condicións naturais de defensa: No N. e O. hai unha pendente moi pronunciada que supera os vinte metros de desnivel. No Leste e S., a pendente ten unha porcentaxe inferior.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: O xacemento ten un uso forestal de eucaliptos. Os arredores adícanse a prados.

- Potencialidade visual:

  · Intervisibilidade con outros xacementos: castro de Amoedo, monte do Castro (As Muras), O Circo (Sequeiros-Borbén) e O Circo (Mosteiro-Borbén).

· Área de visión: Contrólase dende o castro un amplo espazo ó estar situado xusto no límite do val do Verdugo-Oitavén e do val polo que flúen os pequenos regos e regatos que desembocan nos afluentes do Miño. Divísanse as parroquias de Pazos, Borbén, Amoedo e A Ermida (Pazos de Borbén) e o lugar de Silvoso (Pontecaldelas).

4. Descrición.

O castro ten unha forma oval. As súas dimensións aproximadas nos eixos maior (N.-S.) e menor (E.-O.) son de 80x65 m. Rodéase, en todo o seu perímetro, por unha muralla, cunha altura na súa cara O. de 8 m., caendo cara o rego de Alvedosa no O. Hai quen afirma que se trataría dun castro de recinto único. A parte máis elevada é no O.

O acceso á croa faise por un camiño cunha forte pendente polo E. O castro non sería de recinto único, xa que cara a parte E. apréciase unha plataforma que continuaría ata o solar do actual centro de ensino, onde apareceron restos cando se construíu. Nesta área estaría o posible antecastro.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: O recinto principal do castro consérvase ben. Perxudícalle a repoboación de eucaliptos que hai no recinto. Ademais, tanto a estrada Redondela-Fornelos coma o colexio, seguramente afectaron a parte do xacemento, pois no recinto escolar, hai anos apareceron restos latericios (posibles anacos de tégulas romanas) e líticos (pode que algún deles traballados). Debido ós testimonios recollidos, orixinalmente puido ser maior do que se cre.
  No O. e S. escavaron uns socalcos que en tempos estiveron adicados a viñas.
- Vexetación: Eucaliptal.
- Tipo de propiedade: Particular.
- Medidas de protección: Non hai sinalización.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: Estaría entre as cabeceiras dos ríos Borbén e Pequeno, abranguendo, na súa maior parte as actuais parroquias de Pazos e Borbén.

  · Substrato xeolóxico: Componse de granito de dúas micas (serie alcalina), en concreto, trátase de granito de feldespato alcalino, con grandes biotitas ("ala de mosca"). Por aquí pasa unha falla en dirección N.-S.

  · Conclusións: Trátase dunha ubicación doada de defender ó estar nun lugar abrupto. Dende o mesmo contrólanse dúas vertentes de augas e boa parte dos dous vales mencionados con anterioridade. Seguramente foi un lugar estratéxico para o control do espazo, xa que é o punto dende o que se domina visualmente unha área de varios Km. ó redor.

- Proximidade de recursos hídricos: Ó seu pé, polo O., pasa o río Pequeno e a curta distancia o Alvedosa e o Borbén.

- Distancia ao veciño máis próximo: A carón do castro xa hai vivendas. O castro máis cercano é o castro de Amoedo (0'35 km).

- Vías de comunicación: Na súa parte N. hai unha antiga corredoira que o circunda e logo ten un desvío que sube ata a croa pola parte oriental.

7. Ergoloxía.

Non se coñecen restos, pero hai referencias da aparición de materiais latericios e líticos cando se edificou o colexio a principios dos anos setenta.

8. Folclore.

“ Nas abas deste pequeno monte existían varias entradas de túneles, os cales desapareceron na actualidade. Miña avoa díxome que a xente, cando ela era cativa, dicía que vía as mouras saír das covas ás agachadas con vasillas de barro a coller auga á fonte para logo volverse meter nas covas do monte. Nestas ninguén entraba por medo a perderse ou atoparse con algún dos mouros. Dise que nesa montaña hai osos e utensilios de tempos moi remotos e abrir un dos túneles non é difícil”. (Esta lenda recolleuna Saúl Prada Míguez).

9. Bibliografía.

- FILGUEIRA VALVERDE, J.; GARCÍA ALÉN, A. (1959): “Adiciones a la Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra”. *EMP XIII*. Páx. 69.
- Catalogación da Consellería de Cultura (os datos das fichas da catalogación deste castro e do seguinte que constan na Xunta de Galicia, elaboráronos Manuel Alfonsín Soliño, Vicente Caramés Moreira e Emilio Abad Vidal; o resto dos apartados son de autoría propia).

10. Material gráfico.



Ilustración 5. 363: Mapa topográfico 1:25.000 (223-II).



Ilustración 5. 364: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 365: Vista xeral do castro dende o S.

Ilustración 5. 366: Camiño de acceso.

Ilustración 5. 367. Vista xeral (NE).

Ilustración 5. 368. Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Castro de Amoedo.

   Clave de identificación: GA 36037019

2. Localización.

- Lugar: Amoedo.
- Parroquia: S. Sadurniño de Amoedo.
- Concello: Pazos de Borbén.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 223.(1:25.000:223-II).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 223-14.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º17´48´´N./ Lonxitude: 8º32´15´´O.
- Proxección UTM: X: 538.120 / Y: 4.682.880.
- Altitude: 230 m.
- Acceso: Chégase pola estrada PO-250 de Redondela a Fornelos de Montes, no km. 6´8, collemos un desvío á esquerda que vai cara Arcade. A uns cincuenta metros do cruce deixamos a estrada e collemos unha corredoira á dereita que leva directamente ó castro.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: O castro ubícase na cabeceira do val do río Pequeno (afluente do Oitavén) nun pequeno cumio que sobresae só uns metros do terreo do entorno.

- Condicións naturais de defensa: Verdadeiramente, pódese dicir que case non as ten. Unicamente na súa parte oriental se observa un maior desnivel do terreo cara o curso fluvial que discorre perto del.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: O xacemento ten un uso forestal, destacando os piñeiros, e o entorno adícase a pastizais.

- Potencialidade visual:

  · Intervisibilidade con outros xacementos: castro do Coto do Cristo e monte do Castro (As Muras).

  · Área de visión: A zona oriental da parroquia de Amoedo que é a que verque as súas augas ó val que forma o río Pequeno (afluente do Oitavén) e A Ermida.

4. Descrición.

   O castro ten unha forma ovalada. As súas dimensións nos eixos son: N.-S. (60 m.) e E.-O. (105 m.). Ten un recinto único e rodéase dunha muralla duns catro metros de altura. No seu lado N. ten unha terraza duns dez metros de ancho. Está ben conservado e o seu acceso debeu ser pola parte meridional.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Aparentemente está en bo estado de conservación.
- Vexetación: Ten bosque mixto de piñeiros, carballos e eucaliptos, ademais dun frondoso monte baixo.
- Tipo de propiedade: Particular.
- Medidas de protección: Debería sinalizarse e procurar a súa limpeza, pois ó non ter alteracións apréciase perfectamente.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: A marxe esquerda da cabeceira do val do río Pequeno sería o espazo de influencia para o uso agrícola, onde destaca unha área bastante chan, óptima para este uso.

  · Substrato xeolóxico: Componse de granito de dúas micas (serie alcalina), en concreto, trátase de granito de feldespato alcalino, con grandes biotitas (“ala

de mosca”). Ademais, perto e cadrando co leito do río, hai unha zona onde o substrato é de gneis de biotita. Por aquí cruza unha falla en dirección N-S.

· Conclusións: Este castro sitúase nun rechán de ladeira (o tipo B-3, segundo Xulio Carballo), nunha pequena elevación rochosa. Probablemente tivera relación co castro do Coto do Cristo, que está a uns cincocentos metros e só separado pola cabeceira do curso fluvial que por alí pasa. Destacan as súas escasas defensas naturais.

- Proximidade de recursos hídricos: Está a aproximadamente un hectómetro do río Pequeno.

- Distancia ó veciño máis próximo: Está a uns trescentos metros ó O. do xacemento. O castro máis cercano é o castro do Coto do Cristo (0’35 km).

- Vías de comunicación: Existe un antigo camiño, que conserva rodeiras de carro que descende dende o O. ata o seu emprazamento.

7. Ergoloxía.

   Non se coñecen restos.

8. Folclore.

   Descoñécese a súa existencia.

9. Bibliografía.

   Inédito. Só consta na Catalogación da Xunta de Galicia.

10. Material gráfico.



Ilustración 5. 369: Mapa topográfico 1:25.000 (223-II).



Ilustración 5. 370: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 371: Vista xeral.

Ilustración 5. 372: Panorámica xeral do Castro de Amoedo e do Coto do Cristo -respectivamente-
.

Ilustración 5. 373: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Monte do Castro.

   Clave de identificación: Non está catalogado.

2. Localización.

   - Lugar: As Muras.
   - Parroquia: Sta. Mª de Pazos.
   - Concello: Pazos de Borbén.
   - Nº de Folla MTN (1:50.000): 224 (1:25.000: 224-I).
   - Nº cuadrícula (1:10.000): 11.
   - Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º17´58´´N. / Lonxitude: 8º30´50´´O.
   - Proxección UTM: X: 540.050 / Y: 4.683.230
   - Altitude: 352 m.
   - Acceso: Hai que ir pola estrada que vai de Pazos ó lugar de As Muras, despois de pasar unha pequena ponte sobre o río Borbén tómase unha pista á esquerda e, logo de aproximadamente un km., ó rematar a subida e chegar a unha zona chan atópase o castro a uns cen metros a man esquerda.

3. Emprazamento.

   - Emprazamento topográfico: O castro está enriba dun outeiro que polo O. ten a pendente cara o río Borbén.

   - Condicións naturais de defensa: As normais dun emprazamento deste tipo con fortes desniveis en todo o seu perímetro.

   - Utilización e potencialidade económica do entorno: Adícase a repoboación forestal e eucaliptos feita dun xeito irracional pois están moi xuntos e tamén hai acacias (toda a mesta masa arbórea fai practicamente imposible dar co castro e é moi difícil de localizar) e monte baixo e nalgún dos curutos perto do castro houbo canteiras.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: castro do Coto do Cristo (Pazos), castro de Amoedo, O Circo (Sequeiros-Borbén) e O Circo (Mosteiro-Borbén)

· Área de visión: Podemos ver Pazos, Borbén, Amoedo e parte da Ermida, Xunqueiras e Pardalongas (Sta. Mª de Traspielas) e ata as liñas de cumios que limitan os devanditos núcleos.

4. Descrición.

Este recinto ten planta ovalada, dentro do que destacan uns afloramentos rochosos no NO. duns dous metros de altura. Consérvanse restos da muralla dun xeito máis visible no N. e O., onde se notan algúns sillares da mesma, nesta área é onde está o maior desnivel das pendentes que o rodean. No NE. nótase o camiño de acceso ó recinto. O ancho da muralla é de 2´20 m.. No S. tamén se poden ver uns pequenos afloramentos. No O. incluso se observa que hai dous corpos de muralla que arrancan da zona de afloramentos. En canto ás pendentes máis fortes, ademais da do N. e O., no E. tamén son importantes. No S.-SO. atenúanse pois hai unha zona de chaira.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: A masiva repoboación de eucaliptos e unha caseta forestal abandonada, feita a base de bloques.
- Vexetación: Está abarrotado de eucaliptos e acacias e algo de monte baixo.
- Tipo de propiedade: Monte comunal.
- Medidas de protección: Non existen. Non estaba catalogado.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

· Territorio de explotación: A zona meridional ocupada por unha pequena penichaira e no SO. as terras de val no interfluvio do río Borbén e o seu afluente o río do Pozo Negro.

· Substrato xeolóxico: Componse de rochas ígneas que neste caso son granitos de afinidade alcalina, concretamente trátase de granito de gran groso con grandes biotitas ("ala de mosca").

· Conclusións: Está no límite entre a vertente que dá ós afluentes do Oitavén (conca do Verdugo) e os cursos fluviais que van ó Tea (conca do Miño), polo que se pode afirmar que ten unha posición estratéxica no que atingue ó control do territorio, xa que dende aquí, cando menos contrólanse outros catro castros e as dúas devanditas vertentes.

- Proximidade de recursos hídricos: A uns 350 m. ó O. está o río Borbén e a uns 600 m. polo E. o río do Pozo Negro.

- Distancia ó veciño máis próximo: Aproximadamente a un km. está o lugar de As Muras (Pazos). O castro máis próximo é o castro do Coto do Cristo (1'7 km).

- Vías de comunicación: Está nunha zona moi afastada e na actualidade só podemos constatar unha pista forestal asfaltada que pasa pola parte oriental do castro.

7. Ergoloxía.

Non se poideron apreciar restos materiais en superficie.

8. Folclore.

- Non moi lonxe do castro, cara o O., hai uns penedos que din que "estaban ocos por baixo".

- LENDA DOS AMORES.

"Esta lenda sucedeu no Monte do Castro (Pazos) fai trescentos ou catrocentos anos. No monte había unha casa que agora xa non existe. Na casa vivía unha parella cunha filla moi fermosa. A nena tiña unha sinal, en forma de corazón partido á metade, na perna dereita.

Cada vez que moza se namoraba xuntábaselle o corazón. Un día coñeceu a un rapaz e o corazón uniuse. Ela decatouse que estaba namorada del. Un día maldito de tronada a moza estaba coas vacas esperando ó rapaz e refuxiouse debaixo dun salgueiro. De repente un raio partiuna e morreu.

Cando o mozo chegou viuna morta; colleu o seu corpo e afogouse no río da Pardaceña.

> Contan que cada vez que o año da vella vai beber ó río, aparece enriba da auga un pano de seda coas iniciais A.V. e cando o vas coller desaparece cunhas estrelas de cores".

9. Bibliografía.

Inédito. Estaba sen catalogar.

10. Material gráfico.



Ilustración 5. 374: Mapa topográfico 1:25.000 (224-I).



Ilustración 5. 375: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 376: Entrada.

Ilustración 5. 377: Muralla.

Ilustración 5. 378: Vista panorámica da zona.

Ilustración 5. 379: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: O Circo.

   Clave de identificación: Está sen catalogar.

2. Localización.

- Lugar: Sequeiros.
- Parroquia: Santiago de Borbén.
- Concello: Pazos de Borbén.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 223 (1:25.000: 223-II).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 24.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º15´40´´N. / Lonxitude: 8º31´55´´O.
- Proxección UTM: X: 538.600 / Y: 4.679.000
- Altitude: 252 m.
- Acceso: Cóllese a estrada Pazos de Borbén-Ponteareas e unha vez pasado o lugar de Sequeiros, a uns 500 m. a man dereita hai unha corredoira moi empinada que logo duns 300 m. lévanos ó castro.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Neste caso é un castro situado a media ladeira do Alto da Serra.

- Condicións naturais de defensa: Ten fortes desniveis en todo o seu perímetro agás polo N.-NO.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Adícase a repoboación forestal de piñeiros.

- Potencialidade visual:

  · Intervisibilidade con outros xacementos: O Circo (Mosteiro), monte do Castro (As Muras), castro do Coto do Cristo (Pazos).

· Área de visión: Vense os diversos lugares das parroquias de Borbén e Pazos; tamén Cortellas, Fozara e Pías (Ponteareas) e Toutón (Mondariz). O campo de visión chega ata os cumios, destacando no O. o Alto da Serra (616 m.), que delimitan o val do río Borbén que se orienta cara o S.

4. Descrición.

O castro ten planta elíptica e consta de tres recintos. A croa é circular, está na parte oriental, e ten 20 m. de diámetro e o antecastro está na zona N.-NO.; na parte meridional hai unha plataforma sobre a que se asenta un terceiro recinto, que está entre os dous foxos. No sector N.-NO. o sistema defensivo existente componse dun foxo de dous metros de fondo e un parapeto exterior. Na parte S.-SE. as defensas constan de foxo-parapeto-2º foxo-2º parapeto. Polo E. continúa o foxo externo. Na zona oriental e occidental é onde se dan as maiores pendentes, aínda que na meridional tamén son importantes.

A muralla da croa ten 3´20 m. de ancho; mentres que a do primeiro foxo é de 6 m. de altura e un parapeto duns 3 m. e o do segundo son uns 10 m. Na vertente occidental, que descende cara o curso fluvial cercano, desaparece o foxo, na oriental ten un probable pequeno foxo polo que pasa un camiño. A corredoira que sube polo SE. e corta tamén o outro foxo no NO. debía dar dous accesos ó castro, pois parece daquela época.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: O castro consérvase en estado íntegro, agás unha corredoira que atravesa os foxos, pero sen afectar ó xacemento.
- Vexetación: Ocúpao, na súa totalidade un bosque de piñeiros.
- Tipo de propiedade: Monte comunal.
- Medidas de protección: Non existen. Ademais non estaba catalogado.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

· Territorio de explotación: As terras da marxe dereita do val do río Borbén.

· Substrato xeolóxico: Fórmano rochas ígneas, no subsolo deste xacemento son granitos de afinidade alcalina e, dentro destes, é granito de feldespato alcalino.

· Conclusións: Este xacemento, emprazado na marxe dereita do val, xunto co seu homónimo, situado na outra beira do río Borbén (O Circo de Mosteiro-Borbén), controlan a parte alta do val deste curso fluvial que desemboca no Tea, afluente do Miño. Debido ó seu estupendo grao de conservación e ó non estar alterado por traballos agrícolas é un dos mellores para realizar algún día traballos arqueolóxicos dentro da zona de estudo desta tese.

- Proximidade de recursos hídricos: A sesenta metros no S.-SO. pasa un regueiro que desemboca no Borbén e polo N.-NO. flúe a carón do castro outro curso de auga que seguramente abastecía ó poboado dun xeito directo.

- Distancia ó veciño máis próximo: En liña recta, a medio km. ó N. están as primeiras casas de Sequeiros. O castro máis cercano é O Circo-Mosteiro (1’4 km).

- Vías de comunicación: Unha corredoira que aparenta ser coetánea ó castro, atravésao en sentido SE.-NO.

7. Ergoloxía.

   Non se atoparon restos.

8. Folclore.

   Non se coñecen lendas sobre o lugar.

9. Bibliografía.

   Este castro e os tres seguintes foron catalogados polo autor desta tese.

10. Material gráfico.



Ilustración 5. 380: Mapa topográfico 1:25.000 (223-II).



Ilustración 5. 381: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 382: Primeiro foxo.

Ilustración 5. 383: Segundo foxo.

Ilustración 5. 384: Vista xeral.

Ilustración 5. 385: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: O Circo.

   Clave de identificación: Non está catalogado.

2. Localización.

- Lugar: Mosteiro.
- Parroquia: Santiago de Borbén.
- Concello: Pazos de Borbén.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 224 (1:25.000: 224-I).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 21.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º16´06´´N. / Lonxitude: 8º31´00´´O.
- Proxección UTM: X: 539.850 / Y: 4.679.740
- Altitude: 214 m.
- Acceso: Saímos de Pazos pola estrada PO-253 e na parroquia de Borbén tomamos unha intersección á esquerda da que parte unha pista que leva ata Toutón (Mondariz). Despois de algo máis dun km., está a derradeira vivenda de Mosteiro (actualmente en estado de abandono), á que se vai por un desvío, a man dereita, logo de circular uns douscentos metros. Neste lugar á esquerda da pista está o castro.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Está no cumio dunha pequena elevación a media ladeira de Pedra Quitiña (534 m.).

- Condicións naturais de defensa: Son óptimas en case todo o perímetro agás no E., que é o sector que dá á ladeira do cumio de maior altura, onde o desnivel é menor.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: A repoboación forestal de eucaliptos é predominante; abunda un espeso monte baixo e, en menor medida hai piñeiros e algúns carballos novos.

- Potencialidade visual:

  · Intervisibilidade con outros xacementos: O Circo (Sequeiros), monte do Castro (As Muras), castro do Coto do Cristo (Pazos).

  · Área de visión: Vense os diversos lugares das parroquias de Borbén e Pazos; Toutón (Mondariz); Cortellas, Fozara e Pías (Ponteareas), que conforman a parte alta do val do río Borbén. A zona limítase pola liña de cumios que rodean este pequeno val que se orienta cara o S.

4. Descrición.

   O asentamento ten planta elíptica e dous recintos, a croa, ó N., só sobresae uns dous metros do antecastro que se prolonga cara o S. Polo E. está o camiño de acceso ó hábitat castrexo. O eixo maior oriéntase en sentido N.-S. e supera o hectómetro de lonxitude. O segundo recinto está aplanado debido a que se adicou, en tempos, á actividade agrícola. Aprécianse restos da muralla, tanto na croa coma no antecastro. Na zona perimetral, onde hai menor desnivel, constátase a existencia de terrazas de cultivo. Ten un bo control visual do val.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: A actividade agrícola de épocas pasadas arrasou a parte superior do sistema defensivo.
- Vexetación: Cúbreo unha espesa capa de monte baixo, aínda que o rozan de cando en vez. Tamén hai piñeiros na croa e algúns carballos novos no antecastro.
- Tipo de propiedade: Particular.
- Medidas de protección: Non existen, xa que non estaba catalogado.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: Abrangue o tramo alto da marxe esquerda do val do río Borbén.

  · Substrato xeolóxico: Dentro das rochas ígneas son granitos de afinidade alcalina e, neste caso, é granito equigranular de gran medio a fino. Na parte E. está enquistado dentro do tipo de substrato anterior unha pequena área de rochas migmatíticas, trátase de micasquistos, gneis e granitos inhomoxéneos migmatíticos.

  · Conclusións: Estamos diante dun castro ubicado a media ladeira que domina a parte alta do val do Borbén e cara o N. controla a dorsal que divide dúas vertentes (Pequeno-Oitavén-Verdugo e Borbén-Tea-Miño).

- Proximidade de recursos hídricos: A uns 500 m. ó O. pasa o río Borbén.

- Distancia ó veciño máis próximo: Ó pé do castro, no E. hai unha casa, actualmente abandonada. O castro máis cercano é o de O Circo-Sequeiros (1’4 km).

- Vías de comunicación: Na parte oriental hai un antigo camiño, na actualidade asfaltado; por esta zona era a entrada ó Circo.

7. Ergoloxía.

   Non se acharon restos materiais.

8. Folclore.

   Non hai lendas do lugar. Perto, nas abas de Pedra Quitiña, hai un penedo chamado Pedra da Campana, que ten unha oquedade e ó facer algún ruído fai eco.

9. Bibliografía.

   Inédito. Non estaba catalogado.

10. Material gráfico.



Ilustración 5. 386: Mapa topográfico 1:25.000 (224-I).



Ilustración 5. 387: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 388: Antecastro.

Ilustración 5. 389: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: O Castelo do Galo.

   Clave de identificación: Non está catalogado.

2. Localización.

- Lugar: O Galleiro.
- Parroquia: S. Martiño de Nespereira.
- Concello: Pazos de Borbén.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 223 (1:25.000: 223-IV).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 34
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º14´58´´N. / Lonxitude: 8º33´57´´O.
- Proxección UTM: X: 535.800 / Y: 4.677.630
- Altitude: 605 m.
- Acceso: En Amoedo tomamos a estrada provincial que pasa por Cepeda e Nespereira e que desemboca no lugar de Os Valos (Mos), na estrada xeral, no tramo que une Vigo e Porriño. Ó chegar a Cepeda desviámonos á esquerda pola estrada local que vai ata O Galleiro (Nespereira), logo de 3´1 km. e pouco antes de chegar ó devandito lugar collemos unha pista forestal, a man esquerda, durante 1´6 km., que vai bordeando o límite con Ponteareas e ó chegar a un pequeno tramo recto e chan, á esquerda está o outeiro onde se ubica o castro.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Está situado nun outeiro elevado na metade da aba NO. da serra do Galleiro.

- Condicións naturais de defensa: Son as habituais nun lugar deste tipo con fortes pendentes en todo o seu perímetro, agás polo S. que é por onde está a liña de cumios, nesta parte a pendente é menor.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Hai repoboación forestal de diversos tipos de piñeiros (piñeiro de Oregón,...) e aproveitan o monte baixo para o pastoreo de gando salvaxe (equino e bovino).
- Potencialidade visual:

  · Intervisibilidade con outros xacementos: castro do Coto de Negros-castro Grande (Sto. Estevo de Negros-Redondela).

  · Área de visión: Os núcleos máis próximos son as parroquias de Cepeda (N.) e Nespereira (O.); logo tamén se poden ver Negros, Cabeiro, Cedeira, Quintela e Vilar de Infesta (Redondela) e as liñas de cumios que bordean o entorno (serra do Galleiro, Alto de Valongo, monte Buxel, Alto de S. Bieito, Alto da Serra, etc.), e ó lonxe a ría de Vigo, serra da Castrelada, monte do Seixo-serra do Cando, monte Coirego e o val do Maceiras e a cabeceira do val do Louro. Vemos tamén o aeroporto de Peinador.

4. Descrición.

Este castro ten planta oval e o seu eixo maior ten unha orientación NO.-SE., xunto á croa hai un antecastro (S.). Na parte N.-NE.-E., ademais da muralla da croa hai outras catro liñas de muralla que se corresponden con cadansúa terraza. A proliferación destas débese ó gran desnivel do terreo que obrigou ó seu acondicionamento para gañar espazo habitable para o poboado. A croa ten planta circular.

No E. e O. do outeiro no que se empraza o castro existe cadansúa vaguada, nas que hai mananciais para o abastecemento de auga. Na parte S. hai outro outeiro lixeiramante máis elevado co xacemento, no que se ve un muro de sostén e outra probable liña de muro un pouco máis arriba. Esta elevación puido servir como atalaia defensiva pois está na aba dos cumios máis altos.

As pendentes no perímetro do castro son moi pronunciadas. No O. hai uns barrancos impresionantes, nesta zona non precisaría muralla, de feito non

se aprecian indicios de que a houbese. Na aba oriental as liñas de muralla redúcense a tres. O acceso pode que fose polo SE., xa que é a zona máis doada para entrar, ademais por este sector pasa un antigo camiño, con marcas de carro, que ascende ata a parte alta da serra do Galleiro. No O. e S. son notorios os afloramentos graníticos.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: O castro está moi ben conservado, aínda que non se nota pode que houbese algunha actividade de obtención de pedra.
- Vexetación: O castro ten monte baixo de fento e toxo.
- Tipo de propiedade: Monte comunal.
- Medidas de protección: Non existen pois non estaba catalogado.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: Estaría no N. e O. do xacemento, na zona de val onde están as fontes do río Louro (Fonte Loura, río Nespereira,...) e onde se asentan as actuais parroquias de Nespereira e Cepeda. O seu límite marcaríano os cumios que rodean a devandita área.

  · Substrato xeolóxico: Fórmano granitos de afinidade alcalina (rochas ígneas), no caso da serra do Galleiro trátase de granito de feldespato alcalino con grandes biotitas (“ala de mosca”).

  · Conclusións: Este castro, debido ós fortes desniveis do terreo, requeriu diversos aterrazamentos con cadansúa liña de muralla, para gañar espazo, xa que non é moi grande o seu tamaño. Exercía o dominio da cabeceira do val do Louro, co que estariamos no límite da conca do Miño.

- Proximidade de recursos hídricos: Nas dúas vaguadas que hai ó E. e O. do castro hai cadanseu manancial.

- Distancia ó veciño máis próximo: En liña recta O Galleiro está a, aproximadamente, medio quilómetro. O castro máis cercano é O Circo-Sequeiros (3’1 km).

- Vías de comunicación: Polo E. bordea o castro un antigo camiño con marcas de carro que lle daba acceso ó lugar e seguía ata o alto da serra do Galleiro.

7. Ergoloxía.

   Non se atoparon restos materiais.

8. Folclore.

   - “Construíron alí un castelo os mouros”.

9. Bibliografía.

   Inédito. Non estaba catalogado.

10. Material gráfico.



Ilustración 5. 390: Mapa topográfico 1:25.000 (223-IV).



Ilustración 5. 391: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 392: Vista xeral (SE).

Ilustración 5. 393: Croa e antecastro.

Ilustración 5. 394: Parapeto do coto oriental.

Ilustración 5. 395: Foto SixPac.

Concello de Soutomaior

1. Nome do xacemento: O Castrillón – Coto da Moura.

   Clave de identificación: GA36053018.

2. Localización.

- Lugar: Cortellas.
- Parroquia: San Salvador de Soutomaior.
- Concello: Soutomaior.
- Nº Folla MTN (1:50.000): 223 (1:25.000: 223-II).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 223-14.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º19´53´´ N. / Lonxitude:8º32´56´´ O.
- Proxección UTM: X: 537.160 / Y: 4.686.760
- Altitude: 215 m.
- Acceso: A partir da estrada N-550 (Pontevedra-Vigo), á altura de Arcade, tomamos a estrada a Pontecaldelas e na rotonda collemos á dereita pola estrada que conduce a Pazos de Borbén. Logo de percorrer uns 8´5 km. dende Arcade, desviámonos á esquerda por unha pista que leva a Cortellas. A 200 m. do cruce anterior, collemos, á esquerda, por unha pista forestal e chegamos a unha chan axeitada para campo de xogos, dende a que se accede ó Coto do Castrillón ou Coto da Moura.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Ubícase nun pequeno promontorio ou coto.

- Condicións naturais de defensa: Polo N. e O. hai un desnivel pronunciado do terreo que se vai diluíndo cara o S. onde hai unha área de pendente máis suave.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Ten uso forestal e monte baixo. Aproveitamento de pedra a pequena escala.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: A Peneda do Viso, Castelo Grande-Castelo (Pontecaldelas), Eira dos Mouros (Tourón).

· Área de visión: O curso baixo do Oitavén, na súa confluencia co Verdugo. Tamén os núcleos de Cortellas e Aranza (Soutomaior) e parte da parroquia de Pontesampaio (Acebedo, Rañadoiro, Comboa).

4. Descrición.

Neste caso estamos diante dun asentamento castrexo, localizado nun promontorio con dominio visual sobre o cauce do río Oitavén, na confluencia co Verdugo e o val dun pequeno afluente pola súa parte oriental (río Pequeno). O promontorio atópase cheo de densa vexetación e algúns piñeiros.

Dende o cume do coto, obsérvase unha terraza que rodea por completo a ladeira N. e parte da O. perdéndose cara o E. e S., onde se fixo unha explanación para a realización dun campo de fútbol. Na parte alta ou cume do promontorio, aflora rocha granítica en abundancia, onde hai restos de actividade extractiva de pedra.

O flanco S., como zona natural de acceso, non amosa un gran resto defensivo (foxo ou muralla), aínda que poido alterala a explanación. Tamén podemos apreciar unha pía nos penedos do cumio. No N. e O. aprécianse restos da muralla da croa. Cara o E., o terreo non arrasado pola explanación do campo de fútbol deixa entrever un posible antecastro. A croa ten unhas dimensións aproximadas de 30x30 m.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Hai varios anos fíxose unha explanación para a realización dun campo de fútbol, hoxe en situación de abandono, no E. e S. Apréciase actividade de extracción de pedra no coto e nas abas do mesmo.
- Vexetación: Hai bosque de repoboación de piñeiro e eucalipto, ademais de monte baixo con abundante toxo.
- Tipo de propiedade: Monte comunal dos veciños de Cortellas.
- Medidas de protección: Non hai sinalización.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: Abrangue un tramo duns dous km., na marxe esquerda, do val baixo do Oitavén.

  · Substrato xeolóxico: Componse de gneis de riebeckita (rochas metamórficas).

  · Conclusións: Estamos diante dun xacemento perto da costa (uns 6 Km.), pode que relacionado co máis destacado da zona (A Peneda do Viso), cun dominio do entorno próximo, aínda que non é dos cumios máis elevados. Este coto está na metade da aba norte do Coto da Serra (357 m.).

- Proximidade de recursos hídricos: No límite N. do castro, hai un manancial hoxe aproveitado para o abastecemento de Cortellas; ademais, a unha distancia aproximada dun Km. están o río Pequeno e o Oitavén.

- Distancia ó veciño máis próximo: A uns 200 m. están as primeiras casas do lugar de Cortellas. O castro máis cercano é A Peneda do Viso (3’3 km).

- Vías de comunicación: No Oitavén había unha zona para vadear o río e logo un antigo camiño que subía cara Cortellas e pasaba pola parte E. do castro, por parte deste trazado circula a pista actual de acceso ó devandito núcleo de poboación.

7. Ergoloxía.

Non se coñecen restos.

8. Folclore.

- Consérvase algunha tradición oral dos veciños de Cortellas:
- - “No Coto vivían os mouros”.
-
- - “O Coto ten un encanto, se escavas nel, podes atopar unha mina de ouro ou unha mina de veleno”.
-
- - “Cando estaba a quitar pedra cunha vara grande de ferro, colóuseme para abaixo e non fun capaz de atopala”.
- - “Eu quitei pedra no cumio e nos lados, e nunca atopei nada, pero a xente non anda moito por alí, porque ten medo a atopar a mina de veleno”.

9. Bibliografía.

Inédito. Só aparece na catalogación da Consellería de Cultura (os datos das fichas da catalogación deste concello que constan na Xunta de Galicia, elaborounos Ángel Acuña Piñeiro; o resto dos apartados son de autoría propia).

10. Material gráfico.



Ilustración 5. 396: Mapa topográfico 1:25.000 (223-II).



Ilustración 5. 397: Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 398: A croa (S).

Ilustración 5. 399: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: A Peneda do Viso.

   Clave de identificación: GA 36053001.

2. Localización.

- Lugar: Alxán.
- Parroquia: Santiago de Arcade.
- Concello: Soutomaior.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 223 (1:25.000: 223-II).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 14.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º19´42´´N. / Lonxitude:8º35´19´´O.
- Proxección UTM: X: 533.890 / Y: 4.686.410
- Altitude: 327 m.
- Acceso: Imos de Pontevedra cara Arcade pola N-550 (Pontevedra-Vigo), unha vez, á altura dos semáforos da estrada xeral, tomamos un cruce á esquerda e ó chegar á rúa principal cóllese á dereita (en sentido ascendente), ó final da recta hai que desviarse a man esquerda pola estrada que nos leva ó Viso. Na intersección desta coa que procede de Cesantes tomamos á esquerda e, logo de pasar a igrexa parroquial do Viso e a casa-rectoral, hai que coller o cruce á mesma man que nos leva ata o cumio da Peneda.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: O castro aséntase no cumio do monte da Peneda do Viso.

- Condicións naturais de defensa: As normais dun lugar deste tipo con desniveis moi pronunciados en todo o seu perímetro.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Está rodeado por monte baixo a base de toxos. Ten un uso relixioso (capela) e de ocio (campo da festa). Aínda que a certa distancia podemos ver unha zona con repoboación forestal de eucaliptos.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: Casteliño-Castelo-monte do Castro (Barbudo), Eira dos Mouros (Tourón), Pena Redonda (Forzáns-Pontecaldelas), Castelo Grande-Castelo (Pontecaldelas), Coto do Castro (Aguasantas), O Castrillón-Coto da Moura (Cortellas), Coto Loureiro-castro de Farexa (Figueirido), monte da Croa-castro de Acuña (Vilaboa), castro de Cobres-O Coto (S. Adrián de Cobres), monte do Castro (Pontesampaio); A Guía, Alcabre e Toralla (Vigo), castro do Coto de Negros-castro Grande (Sto. Estevo de Negros-Redondela).

· Área de visión: Podemos ver Arcade, Soutomaior, Moreira; O Viso, Reboreda, Redondela, Cesantes, Soutoxusto, Negros, Vilar de Infesta; Paredes, Vilaboa, Sta. Cristina de Cobres, S. Adrián de Cobres; Ínsua, Barbudo; Pontesampaio, Canicouva; a parte interna da ría de Vigo, inclusive a "cuncha" de Rande e a parte externa da ría ata as illas Cíes, ademais de parte de Vigo como é o caso de Toralla, A Guía, Alcabre ou Bouzas.

4. Descrición.

A croa do xacemento foi destruída e transformada para erixir unha torre medieval e logo para a actual capela co muro perimetral de sillares de granito, co cal non podemos saber a súa forma orixinal. O acceso debeu ser polo S. que é por onde vai unha rampla ascendente ata o cumio. Este asentamento castrexo atópase no cume dun monte cun gran dominio visual de toda a ría de Vigo e do tramo final dos ríos Verdugo e Oitavén.

O castro tiña tres terrazas. A que está ó S. acondicionouse para campo de festas e obsérvanse anacos cerámicos, tanto de época antiga como medieval ou moderna. No sector NE. hai outras dúas plataformas aterrazadas. Nalgunha zona vense restos de murallas e de muros circulares. A estrada que sube ata o alto deste curuto destrúe algúns niveis arqueolóxicos.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: O castro ten un alto grao de alteración, como xa dixemos a croa arrasárona primeiro para erguer unha torre medieval e logo a actual capela, ademais os accesos á capela tamén lle afectaron. Logo, a terraza meridional foi adaptada para zona de lecer e parece ser que a acción dos furtivos tamén deixou a súa pegada.
- Vexetación: No entorno hai monte baixo de toxos e eucaliptos e nas zonas arrasadas hai herba.
- Tipo de propiedade: Monte comunal e privada (eclesiástica).
- Medidas de protección: Só hai indicadores para ir ata a capela e o castro.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: Cara o N. e E. as terras que están entre A Peneda e o río Verdugo e cara o S. a parte alta do pequeno val do río Pexegueiro.

  · Substrato xeolóxico: Componse de rochas ígneas, nesta zona son granitos de afinidade alcalina e aquí trátase de granito de feldespato alcalino. Máis ó S. hai áreas de xistos, pizarras e paragneises e tamén cuarcitas do Precámbrico-Silúrico.

  · Conclusións: Este castro estaba nun emprazamento estratéxico pois domina toda a ría de Vigo e a desembocadura do Verdugo. Incluso dende outros xacementos existentes ó longo do val do Verdugo e do Oitavén, a varios quilómetros de distancia, divísase A Peneda. Isto débese a que se ergue sobre un entorno moito máis baixo e a que está moi perto da costa e enfila o val dun xeito que permitía a visualización dun importante tramo das liñas de cumios que o delimitan.

- Proximidade de recursos hídricos: A uns 600 m. ó E. hai un regato que descende pola vaguada que hai en Alxán. A unha distancia de algo máis de 1´5 km. están a liña de costa (O.) e o río Verdugo (N.).

- Distancia ó veciño máis próximo: Hai uns 300 m. ata as primeiras casas de Alxán e O Viso. Os castros máis cercanos son O Castrillón-Coto da Moura (3'3 km) e monte do Castro-Pontesampaio (3'8 km).

- Vías de comunicación: Non se pode precisar, debido ó grao de alteración, por onde sería o acceso ó castro e ó monte, hoxe en día hai unha estrada que vai bordeando o monte ata o cumio e facilita o acceso polo S., onde hai unha rampla pola que se ascende ata onde estaban a croa e as terrazas.

7. Ergoloxía.

En superficie poden verse materiais cerámicos castrexos e medievais. Os materiais que teñen aparecido, dun xeito, ás veces, descontextualizado, son diversos: moedas de época romana, fíbulas, ferramentas de ferro (ex.: un coitelo de mango de lengüeta ancha con dúas perforacións, un martelo, ...), muíños, cerámicas diversas, machados metálicos e de pedra pulimentada., restos de ánfora, obxectos de bronce, cunchas de moluscos, ósos de animais, etc. Están depositados, na súa maior parte, no Museo de Pontevedra e outros na Colección Solla de Arcade (aínda que esta parece ser que a mercou un coleccionista de Cataluña).

8 Folclore.

- "Dise que a mina que existe é tan longa que vai dende o monte ata o castelo de Soutomaior".

9. Bibliografía.

- Achado dunha moeda de Caetra:
CAAMAÑO GESTO, J.M (1979): "Aportaciones al estudio de las monedas de la Caetra: las monedas de la Colección Blanco Cicerón". *BOLETÍN AURIENSE IX*. *Ourense.* Páx. 71.
- Fíbula de bronce. Fíbula de bronce á que lle falta a traveseira, conservando o pé completo, co seu apéndice rematado en botón; arco de sección triangular.

Consérvase tamén un pequeno anaco do eixo, de ferro. Lonxitude 5´3 cm; ancho:1´2 cm.

FARIÑA BUSTO, F.(1979): "As fíbulas de longo travesao sen espira nos castros do NW peninsular". *BOLETÍN AURIENSE IX*. Ourense. Páx. 3-Lámina IV.

- Peza de ferro. Procede da Colección Solla / Museo de Pontevedra-Nº de Rexistro 6124.
- Coitelo de mango de lengüeta ancha con dúas perforacións. Procede da Colección Solla / Museo de Pontevedra-Nº de Rexistro 6013.
- Aquis Crinalis. Procede da Colección Solla / Museo de Pontevedra-Nº de Rexistro 6014.
- Martelo de ferro. Procede da Colección Solla / Museo de Pontevedra-Nº de Rexistro 6130.
- Reixas de arado de ferro. Proceden da Colección Solla / Museo de Pontevedra-Nº de Rexistro: 6126, 6127, 6128 e 6129.
- Anacos de cerámica castrexa. Museo de Pontevedra-Nº de Rexistro 6056.
- Anacos de ánfora (hoxe desparecidos). Tipoloxía Dressel 7/11. Procedentes da escavación feita no 1958, co gallo da construción da pista de acceso á Peneda (dirixida polo Sr. Solla).

  DÍAZ ÁLVAREZ, P.(1981): "Ánforas romanas en los caminos del mar". Vigo. Páx. 44.
- Falos de cuarcita e de dente de crocodilo. Información de D. Luis Monteagudo:

  COSTAS, M.F.(1980):"D. Manuel Fernández Valdés. Biografía y su historia" *Museo y Archivo Histórico Diocesano*. Tomo III. Tui. Páx. 25.
- Restos de murallas, casas e materiais. Restos de muíños, cerámicas e obxectos metálicos procedentes da prospección realizada por Mariano García Rollán.

  GARCÍA ROLLÁN, M (1974): "La Peneda del Viso". *EMP XXVIII.* Páxs. 87-95.
- Caixiña con restos de cereal. Procede da Colección Solla. Museo de Pontevedra-Nº de Rexistro 6039.
- Machado de tope. Machado de tope e dúas asas. Apréciase o limado das rebarbas deixadas pola unión defectuosa das dúas valvas do molde de fundición. Fío circular. Museo de Pontevedra-Nº de Rexistro 4943.

  GARCÍA ALÉN, A. (1970): "Adquisición del Museo de Pontevedra: objetos arqueológicos". *EMP XXIV*. Páx. 43.

- Machado. Machado grande de folla trapezoidal, sección hexagonal de aristas vivas e tope ó centro das asas. Inclúea na "gran familia dos machados de tope con tres nervios". Ten unha asa (subfamilia nº52d) tope ó extremo superior da asa (xénero). Caracterízaa como longa, rebordes de talón diverxentes cara arriba, lados case rectos, fondo plano. Na actualidade descoñécese onde está depositado.

  MONTEAGUDO, L.(1965): "Hachas prehistóricas de Europa Occidental (Notas de un viaje)". *Revista Conímbriga*. Vol. IV. Páx. 22.
- Machado de talón de dous aneis. Tipo 39B. Medidas: 213x47x23 mm. Depositada no Museo Arqueológico Nacional de Madrid. Rexistro nº 10154.

  MONTEAGUDO, L. (1977): *Die Beile aut der Iberischen Halbinsel*. Munchen. Páxs. 229-230-Lám.108. Nº1467.
- Machado. Machado de bronce de aneis Tipo 38A de Monteagudo. Medidas: 233x53x26 mm. Museo de Pontevedra-Nº de Rexistro 6097.

  MONTEAGUDO, L.(1977): *Die Beile aut der Iberischen Halbinsel.* Munchen. Páx. 223. Lám. 104. Nº1426.
- Machado. Machado de cubo, de sección cuadrangular. Tipo 42C (Rías Baixas) de Monteagudo. Medidas: 138x41x25 mm. Procede da Colección Solla. Museo de Pontevedra-Nº de Rexistro 6096.

  MONTEAGUDO, L.(1977): *Die Beile aut der Iberischen Halbinsel.* Munchen. Páx. 235. Lám. 120. Nº 1746.
- Machados. Nove machados pulimentados. Proceden da Colección Solla. Museo de Pontevedra-Nº de Rexistro: 6079, 6080, 6081, 6082, 6083, 6084, 6085, 6086 e 6087.
- Osos. Nun concheiro recolléronse restos de "*Bos Taurus*".

  VÁZQUEZ VARELA, J.M.(1973): "Bases paleontológicas para el estudio de la ganadería de la cultura castreña". *Compostellanum*. Vol XVIII, 1-4. Santiago de Compostela. Páx. 313.
- Machado. Machado de bo tamaño, de cuarcita, de tipoloxía semellante ós de Camposancos. Atopado nas proximidades do castro en 1955. Depositárona no Museo Municipal de Vigo.

  RODRÍGUEZ SEOANE, M.C.; DÍAZ ÁLVAREZ, P. (1973): *Noticias de prehistoria en torno a Vigo y su ría.* Vigo. Páx. 17.
- Moedas. Achádego de corenta moedas e pequenos bronces datados a finais do s. IV d.C. Depositados no Museo de Pontevedra sen número de rexistro.

CAVADA NIETO, M. (1972): ”Hallazgos monetarios de castros de Galicia” *B.S.A.A.* Tomo XXXVIII. Valladolid. Páxs. 233-236.

- Moluscos. Apareceron os seguintes tipos de cunchas: 189 de *Tapes decussatus*, 54 de *Solen Marginatus*, 35 de *Ostrea Edulis*, 7 de *Mytillus Edulis*, 1 de *Patella Vulgata*, 1 de *Littorina Littorea*.

VÁZQUEZ VARELA, J.M. (1975):”Estudio de la fauna marina de los concheros de los castros de A Peneda y Montealegre (Pontevedra)”. *GALLAECIA Nº 1*. Santiago de Compostela. Páxs. 142-143.

- Caldeiro de bronce. Procede da Colección Solla. Museo de Pontevedra-Nº de Rexistro 6125.

  JUDA, F.; BLÁZQUEZ, J.M.(1978): *Historia del Arte Hispánico. La Antigüedad*. Tomo I. Madrid. Páx. 260.

  COLES; HARDING (1979): *The Bronze Age in Europe*. London. Páx. 487.

- Machado. Machado pulimentado. Procede da Colección Solla. Museo de Pontevedra-Nº de Rexistro 6109.

- Machado. Machado de tope e aneis de bronce. Medidas: 206x43x23 mm. Procede da Colección Solla. Depositada no Museo de Pontevedra, sen número de rexistro.. Machado procedente dun depósito duns quince exemplares. Atopado en 1920 ó SO. da Peneda. Tipo 39B1 de Monteagudo.

  MONTEAGUDO, L. (1977): *Die Beile aut der Iberischen Halbinsel*. Munchen. Páx. 231. Lám. 110. Nº 1482.

- Machado de bronce.

  COFFYN, A.(1980): *O Arqueólogo portugués.* Serie IV. Vol. I. Páx 181.

- Fíbulas de bronce.

  FARIÑA BUSTO, F.(1979): “As fíbulas de longo travesao sen espira nos castros do NW. Peninsular”. *BOLETÍN AURIENSE* IX Ourense. Páx. 3-Lám. IV.

  FARIÑA BUSTO, F.; ARIAS VILAS, F.(1980): *Actas do I Seminario de Arqueología do Noroeste Peninsular.* Vol. II. Páxs. 189-192.

- APARICIO CASADO, B.(1999): *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega.* Cadernos do Seminario Sargadelos. Nº 80. Ed. do Castro. Sada.

10. Material gráfico.



Ilustración 5. 400: Mapa topográfico 1:25.000 (223-II).



Ilustración 5. 401: Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 402: Vista xeral dende o N (O Rañadoiro).

Ilustración 5. 403: Perfil (O).



Ilustración 5. 404: Plano do xacemento[3].

[3] Ángel Acuña.

Ilustración 5. 405: Foto SixPac.

Concello de Vilaboa

1. Nome do xacemento: Coto Loureiro / Castro de Farexa.

   Clave de identificación: GA 36058003.

2. Localización.

- Lugar: Farexa.
- Parroquia: Sto. André de Figueirido.
- Concello: Vilaboa.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 185 (1:25.000: 185-IV).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 33.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º22´38´´N. / Lonxitude: 8º37´13´´O.
- Proxección UTM: X: 531.280 / Y: 4.691.875
- Altitude: 252 m.
- Acceso: Vaise dende a estación de tren de Pontevedra ata o cruce do Marco, alí seguimos pola estrada secundaria que pasa por Tomeza e Bértola, en paralelo coa N-550 (Pontevedra-Vigo), xa en Figueirido tomamos un cruce á esquerda que logo de dous quilómetros lévanos á Canicouva. Neste lugar cóllese unha intersección a man esquerda. A poucos metros queda a igrexa desta parroquia e logo dun km., por esta pista en sentido ascendente, chegamos a unha pequena chan. Dende aquí a uns 200 m., á esquerda, está o Coto Loureiro, ó que se chega por unha corredoira, que atravesa o seu foxo.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Ubícase no cume dun elevado outeiro que está no cabo dunha zona chaira, existente a media aba da liña de cumios que hai cara o NE.

- Condicións naturais de defensa: Danse fortes desniveis na parte occidental (NO.-O.-SO.).

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Adícase a repoboación forestal de piñeiros e eucaliptos.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: castro de S. Cibrán (Tomeza), castro de A Raxeira-monte do Castro (Mourente), A Peneda do Viso (Soutomaior), castro de Acuña-monte da Croa (Vilaboa).

· Área de visión: Vemos a parte interior da ría de Vigo, inclusive a "cuncha de Rande", ata o estreito de Rande; logo tamén podemos ollar Vilaboa, Figueirido, Bértola, Tomeza, Mourente e Canicouva. As liñas de cumios que delimitan as dúas marxes do pequeno val do río Toxal-Tomeza ou dos Gafos cortan o espazo visual.

4. Descrición.

Este castro está formado pola croa e outros dous recintos asentados en cadansúa terraza. A croa ten ó N. uns afloramentos rochosos que siguen pola pendente da aba do monte. A primeira terraza rodea a croa, polo N.-E.-S. Logo temos unha segunda terraza, de maiores dimensións ca anterior; aínda se nota no seu perímetro a muralla que se aprecia no O., esta parte adaptouse á topografía do terreo.

Por último, a segunda terraza do castro (o que nas fichas da Xunta di que son 2ª e 3ª terraza realmente é a mesma que se prolonga cara a parte meridional), oriéntase cara o S., trátase do recinto de maiores dimensións de todo o xacemento. Debido á erosión apréciase parte dun muro dunha vivenda circular (un tramo de aproximadamente 1´40 m.). No perímetro desta parte a caída do monte ten uns pronunciados desniveis. Na parte E. delimita o asentamento un enorme e fondo foxo de varios metros de ancho. Tamén hai un antefoxo con restos dun muro. Pode que a entrada estivese neste sector (SE.) onde hai unha elevación con afloramentos graníticos que debeu ter unha función complementaria do sistema defensivo.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: A repoboación forestal de piñeiros e eucaliptos; na segunda terraza hai unha gabia (2 m. de longo, 0´60 de ancho e 1´5 de profundidade) feita por un furtivo que usou un detector de metais e que no fondo daquela había restos de escorias de ferro. Nótase a cara interna da muralla.
- Vexetación: Está cheo de piñeiros, eucaliptos e monte baixo; ademais hai unha pequena zona de sobreiras (uns quince exemplares).
- Tipo de propiedade: Monte comunal e particular.
- Medidas de protección: Non existen.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: A pequena chaira da parte oriental e tamén a zona de val onde se asenta a Canicouva e na parte occidental un tramo do val do río Toxal/Tomeza ou dos Gafos.

  · Substrato xeolóxico: Componse de rochas ígneas, neste caso son granitos de afinidade alcalina, concretamente, granito de feldespato alcalino.

  · Conclusións: Neste caso estamos diante dun castro cun amplo dominio visual, sobre todo cara o N. (val do río dos Gafos) e cara o S. (parte interior da ría de Vigo, inclusive a ”cuncha de Rande”, ata o estreito de Rande). Debeu ser importante debido á súa superficie e á ubicación dominante sobre un entorno estratéxico como é a franxa costeira do interior da ría e a desembocadura do Verdugo e do Ulló.

- Proximidade de recursos hídricos: A unha distancia de 100 m. ó N. están as fontes do río dos Bois, afluente do Toxal-Tomeza ou dos Gafos.

- Distancia ó veciño máis próximo: A medio km. están as casas da parte alta da Canicouva. O castro máis cercano é o monte do Castro-Pontesampaio (2’3 km).

- Vías de comunicación: Un camiño, que pasa polo foxo do xacemento, bordéao polo E., pasa entre Coto Loureiro e outro outeiro.

7. Ergoloxía.

Nunha prospección apareceron anacos de cerámica castrexa (algún con borde decorado), muíños, mans de muíño e unha poutada. No furado feito por un furtivo víanse restos de ferruxe e escouras de ferro.

8. Folclore.

- "No Coto Loureiro vivían os mouros, no outeiro que está ó lado tiñan a súa *igrexa*, cuxa porta principal afrontábase á actual igrexa parroquial de Sta. Comba de Bértola".

- "No monte cercano chamado As Chans da Canicouva, viviron os mouros deste castro e alí enterrábanse, aparecendo na actualidade, anacos de *tellón* no devandito lugar".

- "Cando se marcharon os mouros do monte das Croas establecéronse no monte do Castro de Pontesampaio".

- " Contan que a un paisano fuxíalle todos os días unha vaca e non sabía a onde; para averigualo, atouse con ela á mesma corda e ó chegar a hora a vaca levouno a unha cova do monte onde había un mouro que lle explicou que o leite precisábao para un neno. Deixouxe muxir a vaca, á que lle deron de comer un caldeiro de fariña con auga. A cambio do favor ofreceulle escoller un arado, unha grade ou un carro, segundo precisase. Elixiu a grade e ó saír con ela, tropezou no teito da cova e o apeiro desfíxose en numerosos anaquiños de ouro. Con ese ouro construíuse a primeira casa da Canicouva, cuxo propietario era un tal Carballeira. Ó vir os franceses oíuse nesa casa unha voz que dicía: *Alerta Carballeira, que arden Pontevedra e Sacos* ".

- "Este coto foi sitiado polos franceses e hai un camiño moi ancho xunto ó Coto Loureiro".

- "Neste sitio hai unha mina e na mesma había ouro e tamén unha moura encantada".

- "Nunha ocasión, un home, un tal Albino Fontán, o mesmo que quixo buscar no Outeiro Banil na Canicouva aconteceulle o seguinte caso. Este paisano din que un día levoulle á finada da nai unha cesta para recoller o ouro; cando baixou á mina, un pouco máis abaixo, viu resplandecer unha cousa e díxolle á nai: *Mamá,*

xa temos ouro. Ó mesmo tempo, sentiu un ruído e subiu para arriba, fuxiu e díxolle á nai: *Mamá non temos ouro, escoitei un ruído, seguramente hai unha moura encantada*".

9. Bibliografía.

- FILGUEIRA VALVERDE, J.; GARCÍA ALÉN, A.(1954): *Carta Arqueológica de la provincia de Pontevedra.* EMP VIII. Páx. 140.
- Catalogación da Consellería de Cultura (os datos das fichas da catalogación deste concello que constan na Xunta de Galicia, elaboráronos Montserrat García-Lastra Merino e Ana Mª Lomba Portela; o resto dos apartados son de autoría propia).

10. Material gráfico.



Ilustración 5. 406: Mapa topográfico 1:25.000 (185-IV).



Ilustración 5. 407: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 408: Foxo.

Ilustración 5. 409: Escavación furtiva na segunda terraza (S); a parte inferior da foto correspóndese coa cara interna da muralla.

Ilustración 5. 410: Vivenda circular da segunda terraza.

Ilustración 5. 411: Vista xeral (O).

Ilustración 5. 412: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Monte da Croa / Castro de Acuña.

   Clave de identificación: GA 36058017.

2. Localización.

- Lugar: Peizal-Cedreiros (Acuña).
- Parroquia: S. Martiño de Vilaboa.
- Concello: Vilaboa.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 185 (1:25.000: 185-IV).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 43.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º20´46´´N. / Lonxitude: 8º38´27´´O.
- Proxección UTM: X: 529.600 / Y: 4.688.275
- Altitude: 99 m.
- Acceso: Dende a estrada N-550 (Pontevedra-Vigo) tómase a N-554 (Vilaboa-Cangas do Morrazo). Ó chegar ó lugar de Acuña hai que desviarse por unha pista á esquerda que bordea o castro, onde está o cruceiro do Con (pasa o Camiño de Santiago que procede de Sta. Cristina e do Morrazo), que ten un indicador ó petroglifo da Pedra dos Caralletes. Débese subir por un dos camiños que ascenden pola aba setentrional.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Aséntase no cumio dun monte, na beira da ría de Vigo.

- Condicións naturais de defensa: Ó estar ubicado nun alto, era un lugar de doada defensa, pois as abas do monte son moi empinadas.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Destaca a repoboación forestal de eucaliptos e piñeiros que invade todo o monte. Na zona chan son prados e terras de cultivo. Ó estar na liña de costa débense ter en conta a pesca e o marisqueo.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: A Peneda do Viso (Soutomaior), Coto Loureiro (Vilaboa), monte do Castro (Pontesampaio).

· Área de visión: Vense os núcleos de Acuña, S. Martiño de Vilaboa, Larache (Sta. Cristina de Cobres), Figueirido, Paredes e a parte interna da ría de Vigo ata o estreito de Rande e os cumios que a rodean. Tamén se poden apreciar, ó lonxe, os montes da marxe N. da ría de Pontevedra (Escusa, Castrove, etc.).

4. Descrición.

Este castro ten un único recinto de forma redondeada; o seu eixo maior é E.-O. e o menor N.-S., presenta dúas zonas máis elevadas no E. e O., xunto con diversos afloramentos graníticos entre o S. e o N.-NO. Conserva restos da muralla (4 m. de ancho, co talude duns 5 m. no S., sendo éste un pouco maior, uns 6 m. no N.), nunha parte importante do castro. A entrada ó castro era polo NE. Na aba S., onde hai uns penedos no perímetro do asentamento, cae cara unha terraza e logo descende cara a ría. Polo E. a aba descende directamente cara o mar e no O. hai dous pequenos aterrazamentos.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: Cruza o castro en sentido E.-O. un tendido eléctrico de alta tensión cara unha fábrica de conservas; hai muros de división de fincas. Tamén a repoboación forestal de piñeiros e eucaliptos, as corredoiras e carreiros e as actividades de canteiras.
- Vexetación: O monte baixo cubre a maior parte, pois unha boa parte non ten árbores debido ó paso dun tendido eléctrico que non os permite. Logo, no resto, predominan os eucaliptos e piñeiros.
- Tipo de propiedade: Privada.
- Medidas de protección: Non se contemplan.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: Ocupa a franxa litoral que, en sentido N.-S., vai dende a ensenada das Salinas de Paredes ata unha pequena elevación que dá á Punta do Cabalo. Delimitan a zona de influencia os cumios da marxe dereita da ría.

  · Substrato xeolóxico: Componse de granitos de afinidade alcalina (rochas ígneas), nesta zona son granitos de feldespato alcalino. Circundan esta área depósitos aluvio-coluviais e marismais do Cuaternario.

  · Conclusións: Este castro (xunto cos da Peneda, Pontesampaio e Coto Loureiro) exercía o control da parte interna da ría e da desembocadura do Verdugo, o que facía del un emprazamento estratéxico. Os restos de cunchas atopados e o estar na liña de costa denotan que, nestes emprazamentos, a pesca e o marisqueo deberon ser básicos na dieta. Ademais, o territorio de explotación preferente era reducido, o que podía acentuar aínda máis esa dependencia marítima.

- Proximidade de recursos hídricos: A uns 300 m. ó O. hai un regato que desemboca no rego do Vilil.

- Distancia ó veciño máis próximo: No remate das abas do monte no que se empraza o castro, no NO., a uns escasos cen metros, atópanse as casas do núcleo de Acuña. Os castros máis cercanos son o castro de Cobres-O Coto (2’4 km) e o monte do Castro-Pontesampaio (2’9 km).

- Vías de comunicación: Polo N. ascenden ata o alto do monte dous antigos camiños, que conflúen pouco antes de chegar ó final da subida e achéganse polo NE., que é por onde era a entrada. Na parte E. hai outra corredoira abandonada, de 1´20 m. de ancho, que logo non ten continuidade e está limitada por muros ós lados.

7. Ergoloxía.

Atopouse un machado de tope ou talón sen aneis, de máis anchura do normal, e non ten rebordes no talón, ten tres nervios curtos moi separados (Nº 1140 do catálogo de Monteagudo-Tipo 30 E). Medidas: 180 (139)x63´5x30 mm. Ten forma de trapecio e ó non ter rebordes no talón, fai que sexa unha tipoloxía infrecuente, probablemente dunha datación moi antiga dentro do mundo castrexo que non se podería asegurar con exactitude.

Tamén apareceron unha poutada, cerámica romana, anacos de tégula e ánfora e cunchas. Estes restos atópanse no Museo de Pontevedra co Nº de Rexistro: 9087. Proceden de traballos arqueolóxicos de prospección e escavación. Parece ser que no 1942 e logo no 1950 leváronse a cabo escavacións arqueolóxicas neste castro.

8. Folclore.

- "Na croa din que hai un tesouro encantado polos mouros. Uns señores tiñan un libro en árabe que debían ler ó revés, de arriba cara abaixo e ás doce da noite, en cuarto menguante ou lúa chea, entón producíanse fenómenos no maxín (serpes). Un ía lendo e ó outro poñíanselle os pelos de punta e desapareceu. Volveron intentalo e non lograron nada porque non superaron o medo".

- "Din que hai unha fortuna enterrada e que aquí vivían os mouros".

- "Ó pé do Monte do Con din que estiveron os mouros, debaixo do "boliño" (outeiro) do Con había un barril de veleno e un tesouro. Tamén lle chaman "castro" á aba SE. que cae cara a ría".

9. Bibliografía.

- ÁLVAREZ LIMESES, G. (1980): *Geografía general del Reino de Galicia*. A Coruña. Páx. 304.
- MONTEAGUDO, L.(1977): *Die Beile auf der Iberischen Halbinsel. Prehistorische Bronzefunde Abteilung IX, baud 6*. Munchen. Páx. 184. Lám. 78.
- MONTEAGUDO, L. (1952): "Revisión del Bronce Atlántico del SO. europeo". *Archivo Español de Arqueología XXV*. Madrid. Páxs. 348-353.

- MONTEAGUDO, L. (1965): “Hachas prehistóricas de Europa Occidental”. *CONIMBRIGA VOL. IV* . Páxs. 13-35.
- SAVORY, H.N.(1951): “A Idade do Bronce Atlántico no SO. de Europa”. *REVISTA DE GUIMARAES LXI*. Páxs. 323 e ss.

10. Material gráfico.

Ilustración 5. 413: Mapa topográfico 1:25.000 (185-IV).



Ilustración 5. 414: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 415: Vista xeral dende a marxe sur da ría de Vigo (A Peneda do Viso).

Ilustración 5. 416: Panorámica da Peneda do Viso.

Ilustración 5. 417: Camiño perimetral (E). Posible foxo.

Ilustración 5. 418: Foto SixPac.

1. Nome do xacemento: Castro de Cobres-O Coto.

   Clave de identificación: GA 36058018.

2. Localización.

- Lugar: Riomaior.
- Parroquia: S. Adrián de Cobres.
- Concello: Vilaboa.
- Nº de Folla MTN (1:50.000): 223 (1:25.000: 223-II).
- Nº cuadrícula (1:10.000): 13.
- Coordenadas xeográficas: Latitude: 42º19´35´´N. / Lonxitude: 8º39´22´´O.
- Proxección UTM: X: 528.300 / Y: 4.686.200
- Altitude: 42 m.
- Acceso: Pártese da intersección da N-550 (Pontevedra-Vigo) coa N-554 (Vilaboa-Cangas do Morrazo) e ó chegar a S. Adrián de Cobres, desviámonos pola pista da Cardiña, xunto ó viaducto de Riomaior (da autoestrada A-9), logo duns 200 m. pola devandita pista imos ata onde hai unha intersección á dereita, onde está o castro, invadido por unha vivenda de recente construción malia estar catalogado.

3. Emprazamento.

- Emprazamento topográfico: Ubícase no cumio dun monte no pequeno val do río Maior.

- Condicións naturais de defensa: Debido á pouca altitude do lugar as condicións defensivas non son as mellores, aínda así ten desniveis apreciables en todo o perímetro, principalmente cara o E., que é a aba que descende cara o río.

- Utilización e potencialidade económica do entorno: Hai repoboación forestal de piñeiros e eucaliptos, ademais de campos de cultivo (viña, millo, etc.). Tamén hai vivendas, algunha das cales afecta ó xacemento. Ó ser unha zona litoral hai que mencionar a actividade pesqueira e o marisqueo.

- Potencialidade visual:

· Intervisibilidade con outros xacementos: A Peneda do Viso (Soutomaior).

· Área de visión: Dende este castro pódese ver toda a franxa litoral da cuncha de Rande, nas dúas marxes da ría de Vigo e ata as liñas de cumios que a delimitan.

4. Descrición.

Este castro ten pequenas dimensións. Na aba N. obsérvase unha pequena zona aterrazada que continúa polo O., en sentido ascendente, ata a parte máis elevada, na que se atopa a croa. Unha boa parte da mesma ten afloramentos graníticos, que conforman varios pequenos montículos. Nas abas E.-O. hai aterrazamentos, estando a occidental a maior altitude, logo descenden en pronunciada pendente. Polo S. a croa vai ata onde empeza a caída do monte.

No corte E. do camiño que o rodea aprécianse restos de muro que se desenvolve pola parte baixa do montículo, podendo ser un muro de contención da terraza E. Na zona SO. tamén hai outro muro do xacemento.

5. Estado de conservación actual.

- Destrucións e alteracións: A principal é unha vivenda construída, xunto co muro do seu recinto, enriba do propio castro nos últimos anos malia estar catalogado; tamén o alteraron unha pista que o rodea, muros de división de fincas, actividades de canteira, actividades agrícolas e algunha actividade furtiva.
- Vexetación: A máis abundante, como é habitual, é a repoboación forestal de piñeiros e eucaliptos; logo tamén hai algún carballo e monte baixo.
- Tipo de propiedade: Privada.
- Medidas de protección: Inexistentes. Pódese ver coa construción dunha vivenda enriba do xacemento, malia estar catalogado sáltanse a lexislación vixente.

6. Situación.

- Potencialidade subsistencial do medio:

  · Territorio de explotación: Abrangue o sector máis chan da franxa litoral entre as estribacións montañosas (serra Basil, serra Domego, Coto Redondo). Polo N. vai dende unhas elevacións que hai xunto á Punta do Cabalo e polo S. chega ata o estreito de Rande.

  · Substrato xeolóxico: Componse de xistos, pizarras e paragneises do Precámbrico-Silúrico. Perto hai importantes zonas de gneis de biotita e paragneises con plaxioclasa e biotita e micaesquistos (rochas metamórficas); granitos de feldespato alcalino; areas de praia do Cuaternario.

  · Conclusións: Estes castros que dominan a parte interna da ría de Vigo tiñan unha situación de control da franxa marítima. Neste caso constátase o marisqueo, posto que apareceron restos de cunchas e tamén a pesca debeu ser básica na dieta. O territorio de explotación preferente estaba limitado pola liña de cumios que está moi perto do mar, o cal aínda incidiría máis no aproveitamento do medio mariño.

- Proximidade de recursos hídricos: O río Maior pasa ó lado do castro, ó que bordea pola parte setentrional e oriental.

- Distancia ó veciño máis próximo: Enriba do castro e a carón hai varias vivendas de Riomaior, nótase que na costa a presión urbanística é máis intensa. O castro máis cercano é o monte da Croa-castro de Acuña (2’4 km).

- Vías de comunicación: Bordea o castro unha pista que aproveita un antigo camiño que cruza o río Maior.

7. Ergoloxía.

Nunha prospección apareceron anacos de cerámica castrexa, tégulas e restos de cunchas.

8. Folclore.

- "As cobras tomaban o sol nas rochas deste castro".
- "Había unha moura condenada. Todos os domingos facíanlle alí unha misa a San Adrián". (Referencia de Antonio Costa Iglesias, ano 1974, quen informa que non hai capela algunha neste outeiro).

9. Bibliografía.

- HIDALGO CUÑARRO, J.M.(1981): "El tema de la serpiente en el NW. Peninsular". *EMP XXXV*. Pontevedra. Páx. 248 e ss.
- APARICIO CASADO, B.(1999): *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega.* Cadernos do Seminario Sargadelos. Nº80. Ed. do Castro. Sada.

10. Material gráfico.



Ilustración 5. 419: Mapa topográfico 1:25.000 (223-II).



Ilustración 5. 420: Foto aérea de 1956 (1:33.000) e Foto aérea de 1980 (1:18.000)

Ilustración 5. 421: Vista xeral (sector meridional).

Ilustración 5. 422: Vista xeral (sector setentrional).

Ilustración 5. 423: Foto SixPac.

CAPÍTULO 6

ANÁLISE DOS DATOS

6.1 - TIPOLOXÍA DOS EMPRAZAMENTOS.

Cando queremos fixar unha tipoloxía dos emprazamentos castrexos debemos recurrir a modelos xa establecidos anteriormente que sexan aplicables ó noso traballo. Aínda que existen tipoloxías para outras áreas afastadas do NO. peninsular, coma é o caso dos castros da área vettona feito por Martín Valls (1971), o País Vasco por Llanos (1974), do norte de Soria por Romero Carnicero (1991), por Esparza Arroyo para o NO. de Zamora (1986) ou Forde-Johnston (1976) para Gran Bretaña, non son as máis axeitadas para o noso caso, malia á súa validez nas súas respectivas áreas de estudo.

Trátase de facer unha clasificación en función das formas do relevo, en xeral, e da orografía, en particular, da área que abrangue a presente investigación, é dicir, dos vales dos ríos principais, Lérez e Verdugo, e dos seus afluentes. É unha zona importante da parte meridional da Galicia actual que vai da Dorsal Meridiana ata as Rías Baixas e delimitada pola parte setentrional pola divisoria de augas do Lérez e o Umia e pola zona meridional polo interfluvio Verdugo-Oitavén e Miño.

Ó elixir un lugar de emprazamento téñense en conta a importancia estratéxica da súa ubicación e tamén as súas características defensivas. A variedade de tipoloxías influirá no tipo de sistemas defensivos artificiais que haberá que construír. Procúranse cumios, esporóns, escarpes, recháns, outeiros, sobre todo achegados á liña de cumios principal e lixeiramente aillados, a xeito de balcón natural que domina as terras do seu entorno e os cursos fluviais e mananciais que posibilitan a subsistencia dos seus poboadores (Romero Carnicero, 1991).

Hai clasificacións que nos serven como base de partida, como é o caso das formuladas por Xusto (1986), Agrafoxo (1988) ou a catalogación dos xacementos prerromanos do Concello de Santiago levada a cabo polo Departamento de Historia I da USC (1987), pero a nosa base fundamental vai ser a elaborada por Xulio Carballo (1986), por tratarse dunha bisbarra do interior, con semellanzas coa da nosa pescuda e, ademais de estar limitando, cando menos parcialmente.

Antes de pasar a desmiuzar o modelo que nos serve de base imos enumerar, de xeito sucinto algúns dos outros citados anteriormente, de fóra do NO. Dentro dos factores de localización dos castros é importante ver os tipos de emprazamento pois insisten na preocupación defensiva.

No modelo que formulou Martín Valls (1971) para a área vettona fala de catro tipos: esporón fluvial, meandro, ladeira, acrópole (aínda que mestura máis dun tipo). Outra mostra pode ser o caso de Romero Carnicero (1991) para o norte de Soria: esporón, escarpe ou farallón, cumios ou acrópolis, ladeira e en chaira. Poderíanse poñer outros pero non é o caso enlearse neste punto cunha enumeración de modelos.

Como acabamos de citar, o modelo que mellor se axusta á nosa área xeográfica natural de estudo (dúas bacías, neste caso do Lérez e Verdugo cos seus afluentes) é o elaborado por Xulio Carballo. Este autor establece cinco categorías ou tipos (na segunda fai un desglose de tres subtipos) que son as que se enumeran a continuación:

1/ TIPO A: No cumio dun outeiro ou lomba.
2/ TIPO B: Na ladeira dun monte de pendente suave ou moderada.

Establece tres subtipos:

a/ Subtipo B-1: Situado nunha liña de ruptura de pendentes, lenes na parte superior da aba e máis acusadas cara a parte inferior.

b/ Subtipo B-2: Situado nunha aba de pendente uniforme e lene ou ben na liña de cambio dunha superficie convexa, na parte superior da aba, para outra cóncava, na parte inferior.

c/ Subtipo B-3: Situado nun rechán dunha aba, aproveitando un coto rochoso natural que se ergue uns 10 m. sobre aquel.

3/ TIPO C: No alto dun coto elevado de fortes pendentes, polo menos por tres lados.
4/ TIPO D: Nun esporón, xeralmente ubicado nun meandro dun río.
Neste tipo imos introducir unha variante, distinguiremos dous subtipos D-1 (esporón en altura) e D-2 (esporón chan).

5/ TIPO E: Nunha chaira.

· 1/ TIPO A.

Neste tipo, que en grande medida sitúanse nun interfluvio, inclúense quince xacementos. Exercen o control do espazo do entorno próximo. En cinco dos casos teñen algunha aba onde a pendente é nula ou incluso, logo dun foxo, ascende. Nesta zona sempre aparece un sistema defensivo importante; cando menos con muralla e foxo e, ás veces, algún parapeto.

Hai que indicar que en todos os xacementos hai algunha vertente que supera o 10%. Nove deles teñen ladeiras ata o 10%. Predominan as de valores intermedios (10-20% e 20-30%) que supoñen case un 40% do total das vertentes. En nove castros existe algunha aba (25%) que supera o 30% de desnivel.



Ilustr. 6.1.1 – Coto Loureiro, Forcarei (nº 1) – MTN Folla 153-II. Escala (1:25.000).

Os castros deste tipo son: Coto Loureiro (Forcarei), castro de Sanguñedo (Forcarei), castro de San Cibrán (Cerdedo), castro da Cerca (Cerdedo), castro de San Isidro (Campo Lameiro), monte do Castro (San Xurxo de Sacos-Cotobade), Coto da Roda (Dorna-Cotobade), monte do Castro (Pontesampaio-Pontevedra), monte dos Penedos (Salcedo-Pontevedra), monte do Castro (Mourente-Pontevedra), monte da Torre (Pontevedra), Alto da Roda do Castro (Garfián-Beariz), Coto da Cidade (Tourón-Pontecaldelas), A Cidade (Fornelos de Montes) e Coto do Cristo (Pazos de Borbén).

Os poboados deste tipo soen ter dous recintos (9), aínda que tamén abundan os de un (5). Un caso chamativo é o monte do Castro de Pontesampaio que ten croa, antecastro e outros tres recintos que foron ampliando a súa superficie.

As alteracións sufridas, en maior ou menor grao, dificultan o estudos dos xacementos ademais dos atrancos que supón a mesta vexetación. Casos claros de destrución ou alteración son monte do Castro (San Xurxo de Sacos), enriba do que se ergueu o cemiterio parroquial hai case un século, monte do Castro de Pontesampaio (Pontevedra), monte dos Penedos (Salcedo-Pontevedra), monte do Castro (Mourente-Pontevedra), o monte da Torre (Pontevedra) está moi arrasado e noutros casos hai tamén desperfectos. Un motivo frecuente é a obtención de pedra xa que había canteiras no entorno dalgúns.

Hai moita dificultade para calcular as superficies, por causas xa mencionadas, nunha estimación aproximada para os deste tipo sete (46%) terían ata 1 Ha., seis (40%) entre 1-2 Has. e dous superarían as 2 Has., destacando o Coto da Cidade (Tourón-Pontecaldelas) que tería unhas 2´3 Has. Máis ben predominan, debido ó seu emprazamento nun interfluvio, os de menor tamaño.

No total da área os de menos de 1 Ha. suporían o 29% (7 de 24), os que están entre 1-2 Has. un 25% (6 de 24), os que superan as 2 Has. o 20% (2 de 10). Hai castros ós que é imposible calcularlles a súa superficie polo grao de alteración padecido.

Nas vertentes onde os desniveis non son moi elevados recurren a murallas ou foxos de gran envergadura como poden ser os casos do Coto Loureiro, o castro de Sanguñedo ou A Cidade (Fornelos de Montes). Agora ben, os sistemas defensivos e os recintos trataranse noutro apartado do traballo.

Chama a atención polas fortes pendentes que o rodean o castro da Cerca (Cerdedo) pois ten uns desniveis máis propios do tipo C, pero pola súa ubicación nun interfluvio é claramente do A (N.: 32%/S.:42%/E.:64%/O.:28´8%).

· 2/ TIPO B.

Neste tipo ubícanse na aba dun monte de pendente lene ou moderada, aproveitando case sempre unha liña de ruptura de pendentes. No modelo que seguimos hai tres subtipos: B-1, B-2 e B-3.

· Subtipo B-1.

No presente grupo a ruptura de pendentes é máis pronunciada na parte inferior do castro ca na superior. A este subtipo, segundo a nosa opinión, pertencerían tres poboados: castro de Garellas-castro de Rodeiras (Forcarei), castro de Vilar (Cerdedo) e Coto da Cerca (San Xurxo de Sacos-Cotobade). Un dos emprazamentos dubidosos que mencionamos como posible ubicación dun castro, pero do que non temos vestixio material algún sería A Cividade (Fentáns-San Xurxo de Sacos-Cotobade).



Ilustr. 6.1.2 – Castro de Garellas - Castro de Rodeiras (nº5) MTN Folla 153 – IV. Escala (1:25.000).

Nestes casos unha das vertentes non ten desnivel, pois hai unha pequena penichaira e logo a aba ascende ata o cumio da elevación montañosa. Neste sector recurren para a protección do poboado a un foxo e a unha muralla de proporcións considerables. A muralla de Garellas (é o de menores desniveis no entorno dos tres) ten un talude duns 10 m., cun foxo de 6 m. de ancho e un parapeto exterior de 4 m. de ancho, xunto cun terraplén externo duns 5 m. No caso de Vilar non se pode apreciar moi ben pois parte do actual núcleo de poboación aséntase no castro.

No Coto da Cerca podería terse situado, para unha mellor defensa, un pouco máis arriba, no cumio do monte da Arcela, pero no seu emprazamento aproveita unha zona máis aplanada e con folgura de terreo. Malia isto ten boas defensas naturais, xa

que en tres vertentes a caída oscila entre o 20-30%. Nos outros dous casos os terreos agrícolas teríanos cinguidos ó hábitat e iso facilitaría a súa construción.

Abundan as vertentes que oscilan entre o 20-30% de pendente (41%), o resto están entre o 10-20%. Non as hai con menos do 10%, agás as que non o teñen. Pódese concluír que este subtipo engloba lugares con defensas naturais óptimas. Non son de gran tamaño, pois só un supera unha ha. de superficie. Os castros deste subtipo teñen dous recintos.

· Subtipo B-2.

Como indica Xulio Carballo sitúanse nunha ladeira de pendente uniforme e suave ou ben na liña de cambio dunha superficie convexa na parte superior da ladeira, para outra cóncava, na parte inferior.



Ilustr. 6.1.3 – O Circo – Sequeiros (nº 65) MTN Folla 223-II. Escala (1:25.000).

Neste grupo temos cincos castros: castro de Muras (Forcarei), monte do Castro (Cerdeiras-Campo Lameiro), castro da Devesiña (Cascaneda-Campo Lameiro), castro de Couso-Castriño (Campo Lameiro) e O Circo (Sequeiros-Pazos de Borbén). O de Couso está arrasado, pois ubícase o hábitat actual e terreos agrícolas.

Son maioría as vertentes sen desnivel ou nas que hai unha aba máis alta cinguida ó poboado (40%). Todos teñen cando menos unha, o da Devesiña dúas e o de Couso tres son os de peores defensas naturais. As baixas, é dicir, ata un 10% e as que van do 10-20% predominan (20% e 25%). As de pendente forte (20-30%) ou moi forte (maior ó 30%), supoñen unha cifra menor.

O de mellores defensas é O Circo, pois os desniveis das outras abas son: 40% (N.), 30´5% (E.) e 17´2% (N.). Este ten un total de tres recintos cun espectacular sistema defensivo. Un bo exemplo pode ser a muralla da croa que ten 3´20 m. de ancho e os dous foxos de gran tamaño (6 e 10 m. de fondo). Ademais é o de maior superficie. Os outros catro son de recinto único.

No tocante á súa superficie dous teñen menos de 1 Ha., outros dous estarían entre 1 e 2 Has. e o de Couso non se pode precisar por estar alterado.

· Subtipo B-3.

Os deste subtipo están no rechán dunha ladeira, aproveitando un coto rochoso natural que se ergue uns 10 m. sobre aquel. Os desniveis máis fortes, evidentemente, rodearían ó castro na parte inferior da aba.



Ilustr. 6.1.4 – Monte do Castro – Amoedo (nº63) MTN Folla 223-II. Escala (1:25.000).

A este grupo pertencerían un total de seis recintos castrexos: As Mouteiras (Forcarei), monte do Castro (Tenorio-Cotobade), castro de Maúnzo (Pontevedra), castro de Amoedo (Pazos de Borbén), O Circo (Mosteiro-Pazos de Borbén) e Castrillón-Coto da Moura (Cortellas-Soutomaior). Os tres primeiros sufriron, cando menos parcialmente alteracións por traballos agrícolas.

En case a metade das vertentes (45%) non hai desniveis e a parte superior da aba sempre é moito máis alta. As pendentes baixas (ata un 10%) supoñen un 21%, logo están as medias (10-20%) son outro 21%, o seguinte grupo (20-30%) son o 4% e as máis fortes (máis do 30%) o 9%.

As mellores defensas naturais teríanas O Circo (Mosteiro-Pazos de Borbén) e Castrillón-Coto da Moura (Cortellas-Soutomaior).

No que respecta ás superficies predominan os castros menores a 1 Ha. (3), logo están os que oscilan entre 1-2 Has. (2) e só un tería máis de 2 Has. En canto ó número de recintos abundan os de dous (4) e o resto teñen un (2).

Nos castros do TIPO B o control do territorio aledaño é moi superior na parte baixa da aba, menor nos outros tres sectores. O control da aba superior é moito máis completo no subtipo B-3. En total hai un total de catorce castros do TIPO B na área de estudo (21%) dos sesenta e seis xacementos (xa que outros seis é moi dubidoso que o fosen).

Predominan os castros cunha área menor a unha hectárea (50%), logo os que están 1-2 Has.(46%) e só un é maior a 2 Has.(4%). O Castro de Couso non podería calcularse, nin por asomo, a súa superficie aproximada.

En canto ó número de recintos hai sete con dous (50%), logo están seis con un (43%) e un só con tres (7%). As defensas naturais son máis completas no B-3; nos outros dous subtipos as defensas son máis febles. Neste caso requiren un foxo ou muralla de moita envergadura (os casos de Garellas e Maunzo son os máis completos). O aspecto defensivo abórdase noutro apartado.

· 3/ TIPO C.

Os castros deste tipo erguéronse no alto dun coto rodeado de fortes pendentes, cando menos por tres lados. Estes emprazamentos teñen unha forma subcónica. Soen dominar con moita amplitude todo o territorio que os rodea. Os xacementos deste tipo son característicos da Primeira Idade do Ferro polas súas óptimas características defensivas e o seu amplo dominio do entorno (González Ruibal 2006-07).

No TIPO C clasifícanse vinte e tres castros que son: castro de Filloi (Forcarei), Castrodiz (Cerdedo), Coto de Penalba (Campo Lameiro), Castro de Orto-Coto do Castro (Campo-Lameiro), monte do Castro-Cruz do Castro (Carballedo-Cotobade),

Coto de Parraños (Cotobade), A Cividade (San Xurxo de Sacos-Cotobade), Coto do Castro (Viascón-Cotobade), Coto do Castro (Famelga-Cotobade), Coto do Castro (Aguasantas-Cotobade), castro de San Cibrán (Pontevedra), monte de Croas (Pontevedra), castro de Gabián (Pontevedra), monte Castelo (Pontevedra), castro de Magros (Beariz), monte do Castro (A Lama), monte do Castro (Barbudo-Pontecaldelas), monte Castelo (Pontecaldelas), monte do Castro (As Muras-Pazos de Borbén), O Castelo do Galo (Pazos de Borbén), A Peneda do Viso (Soutomaior), Coto Loureiro (Vilaboa) e Monte da Croa (Vilaboa). Supoñen un 35% do total dos castros, sendo os máis abundantes.

A continuación pasamos a comentar as pendentes nos catro puntos cardinais dos poboados. As que teñen un desnivel nulo supoñen un 10% e as que van ata un 10% (9%). Predominan as pendentes medias e altas como imos describir deseguido. Entre o 10-20% (19%), 20-30% (28%), 30-40% (25%) e máis do 40% (9%) supoñen o 81% das vertentes destes xacementos. Polo que se ve predominan a pendentes fortes e moi fortes, habendo algún caso que supera incluso o 50%.

Ilustr. 6.1.5 – Casateliño – Castelo – Monte do Castro (Barbudo) (nº 55). Vista xeral con terrazas de cultivo (NO.).

Os de defensas naturais máis espectaculares son A Peneda do Viso, monte do Castro (Barbudo), Castrodiz (Cerdedo), Coto do Castro (Famelga), monte Castelo (Pontecaldelas) e o castro de Gabián (Pontevedra). Poderíanse citar outros, pero estes son fitos na lonxanía. Destes no val do Lérez destaca Castrodiz e no do Verdugo-Oitavén sobresaen A Peneda do Viso; monte Castelo (Pontecaldelas) e monte do Castro (Barbudo); pois son os que se controlan dende máis distancia.

Nunha estimación aproximada das superficies hai que dicir que catro deles, polo seu nivel de destrución non se podería precisar, Logo temos seis con menos dunha Ha. (31´5%), danse máis casos entre 1-2 Has., destes hai nove (47´5%) e que superen as dúas Has. hai catro castros (21%).

En canto ó número de recintos predominan os de dous, cun total de once (58%), os de un son catro (21%), por último temos dous exemplos de tres (Coto Loureiro e A Peneda do Viso, suporían o 10´5%), e un de catro, que é o monte do Castro-Barbudo (5´25%) e outro de cinco recintos, trataríase do Castelo do Galo (5´25%).

Un aspecto que non incluímos neste capítulo é dos materiais, ademais da cronoloxía e os sistemas defensivos que tocarán noutra parte.

· 4/ TIPO D.

Neste grupo están os castros ubicados nun esporón, normalmente no meandro dun río. Habería dous subtipos: D-1 (esporón en altura) e D-2 (esporón chan); o primeiro deles tería un recinto superior máis escarpado e no segundo subtipo sería chan. No resto son iguais. Están rodeados por tres lados por fortes desniveis (20-60%), pola vertente restante son nulas ou baixas (non superan o 10-13%). Vistas estas cifras xerais hai que dicir que exercen un dominio amplo do espazo. En consoancia con isto, as defensas naturais son óptimas en tres vertentes (aínda así teñen murallas tamén) e vense na obriga de recurrir obrigatoriamente ás murallas e outros elementos.

Clasifícanse neste grupo un total de oito castros que son: castro de Montes (Forcarei), castro do Pego (Cerdedo), castro de Arén (Cerdedo), monte do Castro (Redonde-Campo Lameiro), Coto das Rodelas (Parada-Cotobade), Castro Bo (Aguasantas-Cotobade), castro do Valo (Bora-Pontevedra) e monte do Castro (Gaxate-A Lama). No caso de que fora un castro, pois é dubidoso, tamén ten as mesmas características o monte do Castro (Airoa-Fornelos de Montes).

· Subtipo D-1.

Ó subtipo D-1 (esporón en altura) pertencerían cinco: castro de Montes (Forcarei), Castro de Arén (Cerdedo), monte do Castro (Redonde-Campo Lameiro), monte do Castro (Gaxate-A Lama) e o dubidoso monte do Castro (Airoa-Fornelos de

Montes). Estes dous subtipos só se distinguen no tipo de esporón no que se asentan, as súas características xerais son semellantes.



Ilustr. 6.1.6 – Monte do Castro – Gaxate (nº53) Xunta de Galicia. Escala (1:5.000).

Hai que indicar que en todos os xacementos hai vertentes que superan o 30%, normalmente en tres delas. Isto débése á cercanía de cursos fluviais en 2/3 delas (65%). Flúen ó pé das abas nas que se asentan os castros en todos os casos. Destacan as facilidades defensivas que ofrece este tipo de emprazamentos, agás nun dos puntos cardinais.

Somentes unha minoría das abas, en todo o tipo D, non supera o 10% de caída (16%). O resto das proporcións son: entre o 10-20% (19´5%), 20-30% (14%), 30-40% (19´5%), as de máis do 40% son as máis numerosas (31%). Con isto apreciamos o predominio dos desniveis fortes ou moi fortes, pois a metade pasan do 30%.

Os castros de TIPO D e os do TIPO C son os que teñen os mellores emprazamentos a nivel defensivo, pois teñen unha ubicación moi conspicua.

No que atingue ó número de recintos no tipo D predominan os de dous recintos (cinco, se incluímos o de Airoa), só dous terían un e o Coto das Rodelas ten tres (pode que outro castro tamén). O antecastro soe estar nunha zona aplanada que coincide, na maioría deles, con vertentes de forte pendente. O castro do Valo, podería clasificarse no TIPO A, pois está no interfluvio Lérez-Almofrei, pero ten características deste grupo. O resto, sen dúbida algunha, son deste, pois están todos nun meandro.

A case totalidade dos poboados deste grupo non superan as 2 Has., e maiormente non pasan de 1 Ha.. Só o castro de Montes supera as 2 Has. de superficie (contabilizando os socalcos). Destacan, en xeral, pola súa área reducida e soen ter unha planta elíptica ou ovalada.

Destaca o sistema defensivo da parte máis desguarnecida, como é o caso de Gaxate. Algúns están moi alterados ou case arrasados por diversos motivos.

· Subtipo D-2.



Ilustr. 6.1.7 – Coto das Rodelas (nº 34)
MTN Folla 185 –II. Escala (1:25.000).

A este subtipo (esporón chan) pertencen catro castros: castro do Pego (Cerdedo), Coto das Rodelas (Parada-Cotobade), Castro Bo (Aguasantas-Cotobade) e castro do Valo (Bora-Pontevedra).

Só se distinguen dos do subtipo D-1 no tipo de esporón no que se asentan, as súas características xerais son semellantes nos dous casos, por iso non se van repetir outra vez. Neste caso tamén destaca o sistema defensivo na parte máis desguarnecida. Sirvan como exemplos Castro Bo, cunha muralla duns 3 m. de ancho ou as chamativas murallas do Coto das Rodelas, ademais doutros elementos defensivos que as complementan. O curso fluvial que os bordea exerce unha función de foxo natural.

· 5/ TIPO E.

Os deste tipo ubícanse nunha chaira en zonas chans ou cun pequeno desnivel. Nalgún caso aproveitan unha pequena elevación sobre o terreo circundante. O control do espazo próximo é limitado por causa disto.

Neste grupo temos seis castros que se enumeran deseguido: castro da Mouteira (Forcarei), castro de Abaixo (Cerdedo), Roda do Castro-Castro de Arriba (Cerdedo), A Cerca (Praderrei-Campo Lameiro), Pena Redonda (Pontecaldelas) e castro de Cobres (Vilaboa).

Ilustr. 6.1.8 – Roda do Castro – Castro de Arriba (nº 14). Vista xeral dende Castro.

Estes xacementos ubícanse en lugares nos que son moi malas ou nulas as defensas naturais e tiñan que dotarse de defensas artificiais, nalgún caso espectaculares, como é o caso de Praderrei (A Cerca) no que a muralla ten 4 m. de ancho, 5 m. de alto, os terrapléns oscilan entre 12-15 m. e ten un parapeto.

Unha boa parte das vertentes non teñen desniveis (42%) ou non superan o 10% (29%). As restantes están entre o 10-20 % (25%) só unha supera o 20% (4%). O castro da Mouteira (Forcarei) e o de Cobres (Vilaboa) son os máis vulnerables no aspecto defensivo.

O normal é que teñan un só recinto, pero non sempre. Pena Redonda ten dous e o de Cobres ten dous socalcos anexos á croa. Son de pequeno tamaño, coma moito rondan unha hectárea os máis amplos deste tipo. Varios teñen alteracións nos recintos.

· TIPOS DE EMPRAZAMENTO POR BACÍAS.

En primeiro lugar imos elaborar un cadro cuantificando o número de xacementos que hai nas dúas bacías, por tipos, ademais engadimos os datos dos restantes da área de estudo que están no entorno próximo ós dous vales.

	A	B-1	B-2	B-3	C	D-1	D-2	E
Lérez	9	3	2	3	8	3	3	4
Verdugo-Oitavén	4	-	-	2	6	1(2)	1	1
Umia	-	-	2	-	2	-	-	-
Tomeza-Gafos	1	-	-	-	3	-	-	-
Miño	1	-	1	1	3	-	-	-
Ría de Vigo	-	-	-	-	1	-	-	1
TOTAL	15	3	5	6	23	4(5)	4	6

Como podemos apreciar no cadro anterior, no val do Lérez hai trinta e cinco castros e no do Verdugo-Oitavén quince (coidamos que dezaseis, pois o de Airoa aínda que é dubidoso, pode que fora tal), logo hai outros cinco cos que as dúbidas son moito maiores pois os indicios da súa posible existencia son cativos (tres no primeiro caso e dous no segundo).

Deseguido introducimos as porcentaxes dos xacementos por tipos dos dous vales principais, Lérez e Verdugo-Oitavén, ademais poñemos a do río Tomeza ou dos Gafos por estar na súa totalidade dentro da área de estudo. No caso dos do Umia, Miño e ría de Vigo, por tratarse de casos aillados non tería sentido facer este cálculo.

	A	B-1	B-2	B-3	C	D-1	D-2	E
Lérez	25´7%	8´5%	5´7%	8´5%	23%	8´5%	8´5%	11´6%
Verdugo-Oitavén	25%	-	-	12´5%	37´5%	12´5%	6´25%	6´25%
Tomeza-Gafos	25%	-	-	-	75%	-		-

-En primeiro lugar, pasamos a valorar os tipos do val do Lérez:

Hai un certo equilibrio entre os tipos A (25´7%), B (22´7%) e C (23%), sendo os do tipo D (17%) e E (11´6%) menos frecuentes. Case se reparten nas dúas marxes por igual, posto que na marxe dereita da bacía temos dezanove castros e dezaseis na esquerda.

No curso alto, que abrangue ata Cerdedo, onde recibe as augas do río do Castro hai catorce castros, no curso medio temos quince e os outros seis no curso baixo. Podemos comprobar que o hábitat castrexo era importante, sobre todo ó longo do colector principal, aínda que tamén no entorno dos principais afluentes. Sirvan como exemplo o río do Castro (3), o Quireza (4) e o Almofrei (2).

Os castros de tipo C (23%), ubicados en cotos moi destacados no entorno, serían os máis antigos. Estariamos falando de castros da Primeira Idade do Ferro, cun perfil cónico. Algúns destes castros poden ter niveis de ocupación con cronoloxía

tardía ou incluso altomedieval, como poden ser os casos do Coto de Paraños, monte do Castro-Cruz do Castro (Carballedo) ou Coto do Castro-Famelga. Unha escavación arqueolóxica nalgún deles podería botar luz sobre o tema.

Os territorios contiguos son aptos para un uso extensivo, pois as mellores zonas agrícolas están afastadas. Destaca a súa gran visibilidade e a ampla área de visión. Dende varios deles óllase o mar, que nalgún caso está a máis de 20 Km. de distancia como é o caso da Cividá, o Coto do Castro de Viascón ou o Coto de Paraños. Estes emprazamentos permitiron, con seguridade, un control das vías de comunicación en todo o val que, polos indicios debían ir a media ladeira.

En toda a bacía escavouse só un xacemento, Penalba, que é de tipo C, e dá unha cronoloxía antiga, dos ss.VII-VI a.C. e pode que do s.VIII (sería coetáneo a Torroso), con fortes desniveis, agás por un lado.

Os de tipo A, son os máis numerosos, case todos están nun interfluvio, e ó estar nun cumio controlan os lugares de paso dos diferentes cursos fluviais (nalgúns casos úsanse na actualidade) e o entorno, ó estar o castro máis elevado que o terreo contiguo. Este val dá moitas posibilidades para esa tipoloxía pois está moi compartimentado por cursos de auga.

O outro tipo que ten relación directa cos ríos, ademais do A, é o D, que se ubican nun meandro. Neste val temos seis casos (D-1 e D-2 teñen tres cada un), que supoñen o 17%. Se sumamos as porcentaxes dos dous teriamos un 42´7% (quince castros de trinta e cinco). Isto indícanos a importancia estratéxica do control do Lérez para as comunicacións. Un elemento salientable, que puido influír nisto é a existencia do aproveitamento do estaño nas estribacións montañosas da súa cabeceira (ex.: monte do Seixo).

Os de tipo B, que se ubican nunha aba de pendente lene ou moderada, teñen cifras parellas ós A e C, con oito castros (22´7%). O normal é que un xacemento de tipo C, nun curuto, controle no seu entorno cercano un de tipo B, nunha ladeira, como é o caso de Penalba cos de Cerdeiras e A Devesiña. Queremos anotar un detalle, o Coto da Cerca (San Xurxo de Sacos) do subtipo B-1, domina visualmente e está a

máis altura que A Cividade, do tipo C, que se asenta nun outeiro prominente a uns cincocentos metros. Os deste grupo están no límite entre o *ager* e o *saltus* ou, nalgún caso, rodeados de terreos de cultivo.

O tipo E é o menos numeroso co 11´6% e catro castros. Hai que apuntar que polas características orográficas do val as posibilidades de asentarse en pequenas chairas son limitadas. Pola súa ubicación, no fondo do val, seguramente terían a súa orixe na Segunda Idade do Ferro. As súas posibilidades defensivas eran febles, víanse na obriga de erguer defensas complexas, cando menos aparentemente.

No caso hipotético de que os poboados castrexos oscilasen entre 100-250 habs. na Primeira Idade do Ferro (González Ruibal 2006-07), tomando unha cifra aproximada de 150 habería 1.200 habs. nos de tipo C en todo o val. No caso hipotético, de que estiveran todos habitados na Segunda Idade do Ferro daría 5.250 habs. en toda a cunca. Non sei se estes cálculos terían validez pero é unha estimación.

- A continuación imos comentar os do val do Verdugo-Oitavén:

Predominan os emprazamentos de tipo C (37´5%), logo están o A (25%), o D (18´75%), o B, en concreto B-3 (12´5%) e, por último o E (6´25%). Un total de seis están na marxe dereita e nove (ou dez se incluímos o de Airoa) na esquerda. Deles a metade (oito) está no val do Oitavén, afluente principal e o resto no do Verdugo.

A súa desembocadura ten un castro a cada lado; A Peneda do Viso (tipo C) na esquerda e o monte do Castro de Pontesampaio (tipo A) na dereita. Isto destaca a importancia dese tramo navegable do curso baixo nas comunicacións cara o interior.

Os castros do tipo C, seis en total, son os máis numerosos. Destacan pola súa forma subcónica e por ser vistos dende lonxe. O máis coñecido é A Peneda do Viso, no que apareceron materiais do Bronce Final e restos dun concheiro, pero por causa da pervivencia de materiais dese período en castros da Primeira Idade do Ferro, non se pode afirmar unha habitación anterga con firmeza; puido ter unha ocupación anterior ó s.VIII a.C. pero non é seguro (González Ruibal 2006-07). Ó longo de todo o val espállanse os exmplos deste grupo, o que indica un poboamento antigo.

Tomando a cifra de 150 habs. por castro, apuntada antes, habería, cando menos 900 habitantes na bacía na Primeira Idade do Ferro.

Os de tipo A están nun interfluvio, pero nun caso atópase nunha divisoria de augas (Coto do Cristo). Probablemente sexan da Segunda Idade do Ferro. O monte do Castro de Pontesampaio sufriu remocións e vense en superficie materiais latericios, sobre todo tégulas. Vese claramente a súa romanización. Nalgúns dos demais apareceu algún material de época romana.

Os do tipo D supoñen un 18´75%, aquí incluímos tamén o de Airoa, é dubidoso, pero sospeitamos que debeu haber un castro pois consérvanse dúas plataformas artificiais, cunha pequena área e sen restos de fortificacións. O único ben conservado deste grupo é o de Gaxate, no fondo do val, nun meandro do río Oitavén, en concreto aséntase nun esporón en altura (subtipo D-1) da Segunda Idade do Ferro e vai ata o cambio de era. Neste río, perto de aquí apareceu un torques. Teñen moi boas defensas naturais, cando menos en dúas vertentes superan o 45% e nalgún caso exceden do 60%.

Os que menos se dan son os dos tipos B, concretamente B-3 (12´5%) e E (6´25%), aínda que este último con rasgos do tipo B. Polo tanto, os castros en aba e en chaira escasean.

- Do resto dos xacementos non imos facer comentario algún da tipoloxía, pois están no entorno das outras bacías pero fóra delas.

Só imos facer unha breve alusión ó val do Tomeza ou dos Gafos, que na súa integridade está entre os outros dous e os montes da península do Morrazo. Este río flúe pola Depresión Meridiana en sentido S.-N.. Nesta pequena bacía hai catro castros, tres do tipo C e un do tipo A. Cando menos un deles dou materiais antigos: o monte das Croas (escavado por Antonio de la Peña en 1993) ten unha cronoloxía dos ss.VII-VI a.C. ou cando menos do s.V a.C. (Peña 2000).

En conclusión, podemos dicir que cando menos o 35% dos castros da zona de estudo, os de tipo C, xa existían na Primeira Idade do Ferro. O poboamento é moi

antigo, debeu ser relevante na Idade do Bronce, pois nos dous vales hai numerosos petroglifos, sendo unha das áreas do NO. peninsular con maior concentración deles.

- CADRO DE PENDENTES.

A continuación engádense, clasificados por tipos os xacementos, indicando as pendentes en cada unha das súas vertentes. Fixemos o cálculo ata un perímetro de 300 m. de cada un. Cando a pendente é nula ou hai unha aba máis alta déixase un espazo en branco. Se hai un curso fluvial, tomámolo como límite para calcular as pendentes, aínda que sexa a menos dos 300 m. de referencia, e ó lado da porcentaxe aparece un *. Non se inclúen cinco lugares, que aparecen no catálogo da Consellería de Cultura como castros, pois son moi dubidosos; aínda así incluímolos no catálogo xeral e no mapa, no que aparecerán sinalados dun xeito diferente.

· TIPO A

NOME DO XACEMENTO	N.	S.	E.	O.
1/ Coto Loureiro (Forcarei)	6´6%	32%*	17´3%	18%*
2/Castro de Sanguñedo	2%	5%*	-	12%*
3/Castro de S. Cibrán (Cerdedo)	34´6%*	4´6%	4%	8%
4/Castro da Cerca (Cerdedo)	32%*	42%*	64%*	28´8%*
5/Castro de San Isidro	8´6%	18´6%	-	34´4%*
6/ Monte do Castro (S. Xurxo de Sacos)	22´5%	14%	7%	25´5%
7/Coto da Roda (Dorna)	-	44%*	-	30%*
8/Monte do Castro (Pontesampaio)	10´3%	20´3%	40%	45´5%*
9/ Monte dos Penedos (Salcedo)	22%	4´5%	22%	15´6%
10/Monte do Castro (Mourente)	19%	18´3%	4%	25%
11/ Monte da Torre	4´6%	15%	8%	21%
12/ Alto da Roda do Castro (Garfián)	43%*	28%	15%	13%
13/ Coto da Cidade (Tourón)	-	34%*	27´5%*	32%*
14/ A Cidade (Oitavén)	17´3%*	-	49´5%*	-
15/ Coto do Cristo	24%	7´3%	6´5%	6´5%

· TIPO B

· Subtipo B-1.

NOME DO XACEMENTO	N.	S.	E.	O.
1/ Castro de Garellas	14´6%	10%	-	13´3%
2/Castro de Vilar	20%*	13%	26´6%*	-
3/ Coto da Cerca (S. Xurxo de Sacos)	30%	-	26´7%	20%

· Subtipo B-2.

NOME DO XACEMENTO	N.	S.	E.	O.
1/ Castro de Muras (Forcarei)	11%	-	13´3%	6´6%
2/Monte do Castro (Cerdeiras)	7%	3%	16´5%	-
3/Castro da Devesiña	-	17%	23´5%	-
4/ Castro de Couso-Castriño	-	-	-	7%
5/ O Circo (Sequeiros)	17´2%	40%*	30´5%	-

· Subtipo B-3.

NOME DO XACEMENTO	N.	S.	E.	O.
1/ As Mouteiras (Forcarei)	-	8´6%	8´6%	-
2/ Monte do Castro (Tenorio)	-	-	-	10%
3/ Castro de Maúnzo	5´3%	15´5%	-	19%
4/ Castro de Amoedo	-	-	13´5%	-
5/ O Circo (Mosteiro)	8´3%	21´5%	-	18´5%
6/ Castrillón-Coto da Moura	34%	-	11%	31%

· TIPO C.

NOME DO XACEMENTO	N.	S.	E.	O.
1/ Castro de Filloi	14%	36´6%	7%	16%
2/ Castrodiz	26´3%	29%	13%	33´3%
3/ Coto de Penalba	34´3%	31%	27´6%	7%
4/ Castro de Orto-Coto do Castro	36%*	36%*	-	28´5%
5/ Monte do Castro-Cruz do Castro (Carballedo)	-	28´5%	15%	21´5%
6/ Coto de Paraños	12%	-	29%	22´3%
7/ A Cividá (S.Xurxo de Sacos)	22´5%	8%	-	44´5%
8/ Coto do Castro (Viascón)	18´3%	28´3%	18´3%	25%
9/ Coto do Castro (Famelga)	21%	29%	24´3%	32%
10/ Coto do Castro (Aguasantas)	-	44´5%	28%	21%
11/ Castro de S. Cibrán (Tomeza)	25´6%	15´6%	17%	32´3%
12/ Monte das Croas (Salcedo)	33%*	-	17´5%	4´5%*
13/ Castro de Gabián	26´6%	35%	32%*	31´6%
14/ Monte Castelo (Lérez)	32´3%	32´3%	8´3%	33%
15/ Castro de Magros	22´6%*	12´5%	-	29%
16/ Monte do Castro (A Lama)	31´6%	18´3%	12%	35%
17/ Monte do Castro (Barbudo)	12´3%	35´5%	12%	39%
18/ Monte Castelo (Pontecaldelas)	20´6%	33´6%	30%	27%
19/ Monte do Castro (As Muras)	7´3%	8%	14%	54%
20/ O Castelo do Galo	48´5%	-	11´5%	25%
21/ A Peneda do Viso	43%	36%	43%	43%
22/ Coto Loureiro (Vilaboa)	34%	17%	-	40´5%
23/ Monte da Croa (Vilaboa)	20%	23%	26%	6´3%

· TIPO D

· Subtipo D-1.

NOME DO XACEMENTO	N.	S.	E.	O.
1/ Castro de Montes	50%*	24%*	52%*	-
2/ Castro de Arén	25´3%*	13%	32%*	26´6%

3/ Monte do Castro (Redonde)	12%	33´3%*	33´3%*	40%*
4/ Monte do Castro (Gaxate)	-	64%*	60%*	16%
5/ Monte do Castro (Airoa)**	48´6%*	14´5%	53%*	47´4%*

· Subtipo D-2.

NOME DO XACEMENTO	N.	S.	E.	O.
1/ Castro do Pego	-	40%*	20%*	40%*
2/ Coto das Rodelas (Parada)	61%*	10´6%	17%	54%*
3/ Castro Bo	-	18%*	48%*	48%*
4/ Castro do Valo (Bora)	21%*	9%	-	37%*

· TIPO E.

NOME DO XACEMENTO	N.	S.	E.	O.
1/ Castro da Mouteira (Forcarei)	-	-	-	-
2/ Castro de Abaixo	-	17%*	6%	- *
3/ Roda do Castro-Castro de Arriba	3%	10%	11´6%	10%*
4/ A Cerca (Praderrei)	7%	26%	-	15%
5/ Pena Redonda	-	19´6%	13´3%	8%
6/ Castro de Cobres (Vilaboa)	-	5%	11%*	-

* Cando hai un curso fluvial.

** Aínda que é dubidoso, hai indicios de que puido existir un poboado.



Ilustr. 6.1.9 – A Peneda do Viso – Tipo C (nº 69). Xunta de Galicia. Escala (1:5.000).

6.2 - OS POBOADOS CASTREXOS.

Na Idade do Ferro, ata o de agora, só se documentou un tipo de asentamento que é o castro[1]. Trátase dun poboado fortificado de dimensións variables situado, polo xeral, en lugares altos de doada defensa tales como outeiros, esporóns, penínsulas e, de xeito menos frecuente, en chairas (Vázquez Varela, 1980). O motivo da súa aparición no NO. peninsular a inicios do I Milenio a.C. neste tipo de ubicacións pode estar vencellada a unha evolución dos complexos anteriores do Bronce Final.

Tamén se definiu como un poboado fortificado, localizado xeralmente en altura, e con florecimento durante a Idade do Ferro (López Cuevillas, 1989). Ata hai uns anos considerábase a súa orixe máis recente, pero os datos aparecidos permiten levar a súa orixe a fins do s.IX a.C. ou inicios do s.VIII a.C. (Carballo e Fábregas, 1991 e Rubinos et alii, 1999).

O elemento primordial para a súa situación debeu ser a localización xeográfica. Elixen, maiormente, un lugar ben defendido pola natureza que asegura a máxima protección. Aínda que se coñecen casos de xacementos ubicados en áreas expostas ou incluso chans, como é o caso do poboado de Lago en Amares (Martins, 1988). Combinouse isto, para a súa localización, coa dispoñibilidade de recursos para a arquitectura defensiva e tamén económicos, para a subsistencia da comunidade.

Na área de estudo, os vales dos ríos Lérez e Verdugo cos seus afluentes, localizamos setenta e dous emprazamentos castrexos (seis deles, incluímolos pois aparecen na catalogación oficial ou por haber restos de folclore e un tipo de lugar que puido acoller un castro, pero non hai resto algún, polo que serían moi dubidosos). Habería que ter en conta os outros sesenta e seis. Ó final do apartado incluiremos un listado numerado coa localización na que se inclúen as coordenadas xeográficas.

(1) - Existen indicios, moi febles polo de agora, que falan da posibilidade dunha tipoloxía de asentamento aberto, aínda que pode tratarse de solucións coxunturais. Este pode ser o caso do xacemento de Veldamio (Riós, Ourense) escavado por Angel Concheiro Coello (ó que agradezo a información) durante as obras de construción da autovía das Rías Baixas (A-52) e que permanece inédito.

No presente apartado imos analizar o número de recintos dos poboados, máis ben dos que se conservan en condicións óptimas, e as súas estruturas defensivas: murallas, foxos, parapetos, etc.; tamén as estruturas que se poidan apreciar no interior ou as defensas naturais.



Ilustr. 6.2.1 - Mapa da área prospectada (1:200.000) Situación dos xacementos castrexos.

A continuación introdúcese un pequeno *glosario*, de elaboración propia, cos termos que máis se van repetir nesta parte do traballo:

1/ *Foxo*: Rebaixe artificial do terreo que bordea á muralla dun castro con fins defensivos, sobre todo nas partes onde as defensas naturais son máis febles ou inexistentes. Soen ir reforzados na súa parte externa por un parapeto, ás veces hai máis dun. Nalgunhas ocasións aprovéitanse para o camiño de acceso e a entrada do castro e ó mesmo tempo protéxenos.

Ilustr. 6.2.2 – O Circo – Sequeiros. Foxo.

2/ *Terraplén/Talude*: Trátase dun pronunciado desnivel produto das obras de acondicionamento do recinto. Normalmente amosan un glacis inclinado que se ergue tralo foxo. Enriba del iníciase a construción da muralla. Parece evidente que, nalgún caso, a propia pendente do terreo se comporta coma un elemento defensivo máis.

3/ *Muralla:* Algúns autores chámanlle parapeto, pero non é o correcto. É un muro de grandes proporcións (tanto en altura como en anchura), feito a base de pedra, de terra ou con ámbolos dous materiais. En ocasións refórzase con outros elementos (cubos, empalizadas de madeira,…).

Ilustr. 6.2.3 – Monte do Castro de San Cibrán – Tomeza. Muralla.

4/ *Parapeto:* Trátase dun muro ou valado, de non moita altura, que, normalmente, protexe ó foxo pola parte exterior, a xeito de pequena muralla. Nas tipoloxías defensivas mellor coñecidas tamén se denomina deste xeito a unha protección que se ergue no adarve da muralla, co fin de protexer aos combatentes que se instalasen sobre ela.

5/ *Antecastro:* Consiste nunha especie de terraza, anexa á croa, xeralmente acondicionada polos poboadores, delimitada coas defensas do castro. Son áreas de ampliación do recinto amurallado superior ou croa e cada poboado pode ter un ou varios recintos deste tipo. Pode acadar unhas importantes dimensións que poden ser incluso superiores ás da croa.

6/ *Croa:* Recinto superior dun castro que soe estar amurallado. Cando se quedaba pequeno por causas demográficas levábanse a cabo ampliacións do poboado con novos recintos fortificados denominados antecastros.

Ilustr. 6.2.4 – O Castelo do Galo – Croa e antecasto.

En síntese, farase unha valoración e comentario dos castros de fóra para dentro, dende o exterior cara o interior. Isto permítenos ver a organización espacial e funcional dos xacementos. A análise farase seguindo a clasificación por tipos de emprazamento e por bacías (primeiro a do Lérez, con estes imos analizar os que dan ó Umia e ó Tomeza-Gafos por proximidade, e logo a do Verdugo, co que imos ver os casos que dan ó Miño e á ría de Vigo polo mesmo motivo).

- Os recintos e as súas características.

· Val do Lérez.

· Tipo A.

Inclúense neste grupo un total de dez castros, pero ímonos atopar co problema das serias alteracións padecidas para poder valoralos dun xeito óptimo. En cinco casos víronse seriamente desmantelados: castro de San Isidro, monte do Castro (San Xurxo de Sacos), monte dos Penedos, monte do Castro (Mourente) e monte da Torre, incluso no de San Cibrán (Vilalén) edificaron unha capela enriba. A causa máis frecuente é polo seu uso como canteira para a obtención de pedra.

Aínda así podemos saber cunha certa fiabilidade como puideron ser. Na metade dos casos tiveron dous recintos e nos outros cinco un só. Cando menos en dous casos teñen dúas terrazas anexas e noutros tres unha. Os de planta ovalada son seis, dous téñena elíptica e outros tantos circular.

Dous xacementos erguéronse nun interfluvio pero predominan os que están nun cumio ou outeiro que destaca sobre o terreo do arredor. Caracterízanse polas súas boas defensas naturais debido ó tipo de emprazamento.

No que atingue ás defensas artificiais imos comentalas a continuación, empezando polos mellor conservados.

Coto Loureiro destaca neste aspecto pois posúe unha muralla de terra e pedra feita a base de cachotería en seco, duns tres metros de ancho, cun talude con acusado desnivel (externo e interno) duns 12 metros. A entrada está na parte oriental, primeiro a do antecastro e a seguir a do recinto principal. Caracterízase por ter un sistema de foxo-parapeto-foxo. O foxo no sector O. ten 13´5 m. e no E. anda entre 5-6 m. de ancho. Isto vese favorecido pola posición dominante e cos desniveis cara os dous cursos fluviais do entorno. Ademais ten dúas terrazas cos seus muros de contención.

Outro poboado que se conserva ben é o castro de Sanguñedo. Neste caso ó non dispoñer dunhas defensas naturais moi acusadas, precisou dunha muralla (de terra e pedra) con talude e uns terrapléns, que oscilan entre 8-12 m. no S. e E. pero son menos pronunciados no N. e O. Complementa isto cun parapeto e nunha parte do perímetro bordéao un regato. A entrada era por unha rampla na parte N. e perto dela hai un tramo do paramento da muralla á vista (polo derrube do talude) onde se aprecia a súa fábrica. Logo ten dúas terrazas cos seus muros de sostén cara o río.

O castro da Cerca (Vilariño-Parada) conserva íntegra a súa muralla que se divide en dúas para protexer a entrada, que está no SO. O recinto amurallado érguese no N., E. e O. xusto no inicio da forte pendente, para realzar a defensa. Ten anexa unha terraza cun muro de contención cun terraplén duns 8 m. cara o Lérez no N. e O. Destaca polas excelentes defensas naturais ó estar case rodeado por dous ríos. As

pendentes nas súas vertentes son: 32% (N.), 42% (S.), 64% (E.) e 28´8% (O). Ubícase no interfluvio do Lérez co Freixas, este curso vadéase cuns pasos.

O derradeiro exemplo deste tipo, ben conservado, é o Coto da Roda (Dorna). O recinto amurallado da croa non é moi groso, pois só ten 1´40 m de ancho e ten un terraplén de 3 m. de alto, a do antecastro ten uns rasgos semellantes. Compleméntase cun afloramento rochoso dende o centro cara o O. O acceso é polo único sitio posible que é o N. Trátase dun dos poboados con mellores defensas naturais de todo o val. Ó outro lado do río está o castro de San Isidro.

As defensas do resto ímolas comentar deseguido. O castro de San Cibrán destaca moito no entorno e ten boas defensas naturais en todo o perímetro. Intúese onde debeu estar a muralla e cara o E. nótase un terraplén da mesma duns dous metros. Outro rasgo é que a croa bascula cara o O. O castro de San Isidro, tamén está nun coto ou outeiro con boas defensas naturais (agás no E.). No S. e O. hai uns pronunciados afloramentos rochosos que facilitan a protección do lugar. Apenas ten restos do que debeu ser a muralla de algo máis dun par de metros de anchura e vese algo de terraplén. No N., un antigo camiño discurre polo que debeu ser o foxo do poboado. Nesta parte debeu estar o acceso ó mesmo.

O monte do Castro (San Xurxo de Sacos) foi arrasado ó erguer o cemiterio parroquial enriba del. Aínda así, na parte E. aprécianse restos da posible muralla de cachotería e do que pode ser unha estrutura doméstica. Existiron uns penedos de gran tamaño cando se conservaba o recinto. Hai unha plataforma no O. que antigamente tiña coma uns “muros de terra”. O acceso debía ser por un antigo camiño que ascendía polo E.. Destacan as boas defensas naturais.

Os outros tres exemplos víronse moi alterados pola obtención de pedra, ó estar moi perto de Pontevedra. O monte dos Penedos (Salcedo), está nun cumio aillado de desniveis suaves co que as defensas artificiais deberon xogar un papel primordial; apenas hai restos nalgún tramo, tiña uns dos metros de ancho. O monte do Castro (Mourente) ten un amplo dominio visual da ría de Pontevedra e unhas moi boas defensas naturais pois está nun outeiro; case non conservamos nada do seu sistema

defensivo. O monte da Torre está arrasado, só podemos ver probables restos de muros (¿murallas?) nalgún punto aillado.

No que se refire ós tres primeiros exemplos (Coto Loureiro, castro de Sanguñedo e castro de San Cibrán), teñen un bo dominio e control do entorno, pero ó estar nunha zona encaixonada, o mesmo que lle pasa a outros, nas estribacións das Serras Centrais da Dorsal Galega non teñen intervisibilidade con outros xacementos. Acontece isto, malia á cercanía doutros castros, xa que é unha área cunha densidade importante. En xeral, ben por estar nun interfluvio, ben por estar bordeado por un curso fluvial, rodéanos fortes pendentes, cando menos por tres lados.

Cando construían os recintos amurallados, soían facelo, cando é o caso, xusto onde empezan as acusadas pendentes que os rodean para así estar mellor defendidos, tanto polas defensas naturais coma polas artificiais. Os recintos defensivos soen ser de pedra ou pedra no interior e recuberta con acusados terrapléns terreños. Nas partes con defensas naturais máis cativas é onde recurren ó sistema de foxo-parapeto-foxo. Isto só se pode ver nos que conservan íntegros os recintos defensivos.

Estes castros, na súa maioría teñen rasgos da II Idade do Ferro. González Ruibal fala de potentes murallas para este período e clasifícaas en catro tipos: de pedra macizas; dobre paramento con interior recheo de pedras, terra e cascallo; aterraplenadas con frente de terra e só de terra (González Ruibal, 2006-07). Aquí predomina o terceiro grupo, as aterraplanadas con frente de terra, aínda que as hai de pedra macizas (Coto da Roda ou castro da Cerca).

No interior dalgúns xacementos nótanse posibles estruturas domésticas. En Coto Loureiro aprécianse dúas posibles vivendas circulares. No monte do Castro (San Xurxo de Sacos), nun lateral hai restos dunha construción circular, malia estar arrasado e no monte dos Penedos vese un muro de vivenda recto de 0´60 m. de ancho, nun tramo de 1´50 m. de longo.

En varios deles, aparecen en superficie, nalgún corte do terreo ou nas proximidades, materiais romanos, como poden ser tégulas, o que indica unha ocupación ata unha época serodia.

· Tipo B.

· Subtipo B-1.

Os castros deste subtipo da área de estudo pertencen os tres a esta bacía. Trátase dos seguintes: Garellas, Vilar e Coto da Cerca (San Xurxo de Sacos). O de Vilar veuse afectado polo núcleo actual e terras de cultivo, os outros dous están moi ben conservados. Garellas e Vilar teñen unha ubicación propia da II Idade do Ferro e da I Idade do Ferro sería o Coto da Cerca.

Están nunha liña de ruptura de pendentes, máis lenes na parte superior e máis fortes na inferior. Caracterízanse os tres por un bo campo visual, especialmente o Coto da Cerca, dende o que se divisa a ría de Pontevedra, a uns 20 km. de distancia. O de Garellas está nun cumio no remate dunha dorsal, nas estribacións das Serras Centrais, o de Vilar nun esporón no remate dunha pequena chaira e logo ten unha caída pronunciada cara o Lérez, controlando o interfluvio deste co río do Castro, onde remata a parte alta do val. O Coto da Cerca está na parte alta da aba do monte da Arcela, perto do cumio que é onde habería un maior control visual.

O emprazamento no remate das estribacións montañosas que bordean o río é unha casuística frecuente neste conca, para ter unhas aceptables defensas e dominio das vías de comunicación do val.

No que se refire ás plantas, o de Vilar e Coto da Cerca téñena circular e a de Garellas é elíptica.

Todos eles teñen dous recintos (croa e antecastro). Destacan as defensas de Garellas cunha inmensa muralla, cun talude de 10 m. de alto. O sistema defensivo é moi espectacular pois ademais ten un foxo de 6 m. de ancho en todo o perímetro, agás no SE. (onde se sitúa a entrada), no N.-NO. redúcese a 3´5 m. o talude externo; por último, citar a muralla externa de 4 m. de ancho cun terraplén de 5 m. na cara interna. Para completar o comentario das defensas hai que engadir que entre a croa e o antecastro hai un pequeno foxo interno cun parapeto de 2 m. de anchura con 3´5 m. de talude e uns 10 m. de longo.

O castro de Vilar tiña unha muralla reforzada cun terraplén, só se conserva parcialmente. Do aterrazamento apréciase o muro de contención. No N. e E. ten boas defensas naturais, debido ás fortes pendentes que descenden cara o río.

O Coto da Cerca conserva moi ben os dous corpos de muralla (croa e antecastro). Teñen 2´5 m. de ancho. Polo N.,S. e O. ten un longo foxo que completa o sistema defensivo. Agás polo S., cara onde está o cumio do monte da Arcela, nas outras tres vertentes ten boas defensas naturais (entre 20-30%). Este motivo puido influír no seu emprazamento.

As defensas naturais dos poboados deste subtipo son óptimas en tres das súas vertentes, tendo que reforzarse na parte que dá cara a parte superior da aba para unha mellor protección. Ademais da muralla soe haber cando menos un foxo e, ás veces, un parapeto. A plataforma na que se asentan estes tres castros é chan, ó contrario que no Deza onde é inclinada.

En canto a posibles estruturas internas só no caso de Garellas, ademais do parapeto interno xa citado, parecen notarse indicios dunha vivenda circular no recinto da croa, pero non se pode afirmar.

· Subtipo B-2.

No val do Lérez e no seu entorno hai catro xacementos enmarcados neste grupo: castro de Muras (Forcarei), monte do Castro (Cerdeiras), castro da Devesiña e castro de Couso-Castriño (este caso está na divisoria de augas cara o Umia pero ímolo incluír aquí).

Estes exemplos son de recinto único e os dous que se conservan en mellor estado, Muras e A Devesiña (sobre todo o primeiro) teñen planta elíptica. Dos outros ó sufrir alteracións, ben polo poboamento actual (Couso) ou por uso agrícola e forestal (Cerdeiras) non podemos saber con certeza a súa planta, aínda que pode que fose circular.

O castro de Muras está nun cume aplanado dunha pequena elevación, isto é excepcional, pois os deste subtipo non soen aproveitar un coto e non destacan no terreo ó estar nunha aba de pendente uniforme e lene. O seu sistema defensivo ten unha muralla de terra cun terraplén, tanto externo coma interno, en todo o seu perímetro, parcialmente arrasado na parte superior. Dun xeito íntegro consérvase no NO., onde ten 6 m. de caída cara o interior e 10 m. de talude, cun ancho de 3 m. e uns 4 m. de alto. Domina a cabeceira do val do Umia. Aínda que a súa plataforma é plana, nalgún caso é lixeiramente inclinada.

Nos outros hai que salientar a existencia dun foxo no sector que dá á aba superior do monte, nesta parte teñen o acceso ó recinto habitado. As defensas naturais son máis ben cativas, o que as tería máis febles sería o de Couso. Un factor que inflúe nisto é que ningún ten un curso fluvial a menos de 300 m. de distancia. Os poboados deste tipo son de pequeno tamaño xa que teñen menos dunha ha. de superficie, debido ó tipo de emprazamento.

Non se poideron apreciar estruturas internas en ningún caso.

· Subtipo B-3.

Nesta bacía temos desta tipoloxía tres castros: As Mouteiras (Forcarei), monte do Castro (Tenorio) e castro de Maúnzo. En canto ó número de recintos o primeiro ten un, aínda que pode que fosen dous e a súa planta é circular e os outros teñen dous e a planta sería elíptica. Ubícanse nun rechán dunha ladeira e aproveitan, normalmente, un pequeno coto rochoso natural que se eleva varios metros sobre aquel.

As pendentes, nos do tipo B, son máis acentuadas cara a parte inferior da aba do monte. No resto dos sectores ou son cativas ou case nulas, pois nunha parte dan cara a parte alta do monte. Polo tanto, as súas defensas naturais teñen sempre que complementarse con estruturas artificiais. O campo visual nos do tipo B é óptimo cara as partes baixas e limitado no resto.

No das Mouteiras consérvase algo da muralla e do foxo que dá cara a aba superior. Tería malas defensas. Está moi alterado.

O castro de Tenorio érguese nun outeiro con pendentes importantes. No seu perímetro os desniveis serían: 10 m. (S.), 6 m. (N.), 20 m. (O.) e 40 m. (E.), aínda que a 300 m. só destacarían na parte setentrional, pois no resto estarían as estribacións do monte Castelo. No NE. conserva restos dun parapeto e un foxo de 8 m. de ancho por 5 m. de alto, actualmente pasa por el un camiño, cousa bastante frecuente. Estes castros, soen ter o acceso no sector cara o que hai unha penichaira. Neste non se ven restos da muralla.

O castro de Maunzo tamén está nun outeiro con caída cara o O., que domina o val do río Fontáns e a chaira dos arredores. Trátase do de mellores defensas pois ten fortes pendentes, agás no N.-NE. onde pasa un camiño polo que debeu ser o foxo. Este elemento defensivo nos dos subtipos B-2 e B-3 está na parte menos protexida, cara a aba superior do monte no que se asentan. Neste hai afloramentos rochosos, rasgo infrecuente nos do tipo B. Malia a súa ubicación están en lugares estratéxicos para un bo dominio do espazo próximo. Caracterízanse por ter unha muralla cun dobre fin, defensivo e de sostén do terreo, algo propio nos que se erguen nunha elevación desta caste. Nestes casos non apreciamos estruturas internas.

· Tipo C.

Neste grupo inclúense un total de trece castros (oito da bacía do Lérez e, por proximidade, dous da do Umia e tres da do Tomeza-Gafos). A relación é a seguinte: castro de Filloi, Castrodiz, Coto de Penalba, Castro de Orto-Coto do Castro, monte do Castro-Cruz do Castro (Carballedo), Coto de Paraños, A Cividá (San Xurxo de Sacos), Coto do Castro (Viascón), castro de San Cibrán (Tomeza), monte das Croas (Salcedo), castro de Gabián, monte Castelo (Lérez) e Coto Loureiro (Vilaboa).

Neste grupo predominan os castros con dous recintos, posto que son nove, hai dous que teñen un, Coto Loureiro ten tres e monte do Castro-Cruz do Castro (Carballedo) ten catro. Nalgúns casos teñen algunha terraza anexa, ademais dos recintos propiamente ditos (ex.: monte das Croas ou monte Castelo teñen dúas).

Todos eles se erguen nun outeiro ou coto rodeado de pronunciados desniveis, cando menos por tres lados e soen ter un perfil cónico. Responden a un patrón típico

de xacementos da Primeira Idade do Ferro debido ás súas excelentes características defensivas naturais e a que controlan o entorno (González Ruibal 2006-07). Fanse moi visibles e conspicuos na paisaxe circundante. Neste senso hai que apuntar que case todos eles teñen importantes afloramentos graníticos que acentúan máis se cabe as súas defensas, aínda que pola contra reducen algo o espazo habitable.

No que atingue ás plantas cinco téñena ovalada, catro elíptica e dous circular. Dos outros dous, debido ás fortes destrucións (San Cibrán e Gabián), non se pode precisar. Noutros dous casos (Filloi e monte das Croas) tamén se viron alterados en parte.

Logo imos pasar a comentar os recintos defensivos, cando menos os mellor conservados. En xeral, caracterízanse pola súa complexidade pois botan man de foxos e parapetos, na maioría deles con máis dun.

Castrodiz conserva ben a muralla pétrea. Na parte O. pode que non a tivese ou fose máis cativa, por causa do forte desnivel pode que non a precisase por ser inaccesible por este punto. No sector E., que é o menos abrupto (13%) ten un foxo fondo. Exerce o control sobre o val do río Quireza e ten unha visión ampla de boa parte da bacía media do Lérez (ata uns 15 km. de distancia, pois vese o Coto da Cerca de San Xurxo de Sacos). De feito, aquí ergueuse unha torre en época medieval.

O Coto de Penalba ten muralla pétrea, de cachotería, que serviu tamén de sostén do antecastro no N. e E. Nos castros de tipo C non é rara esa dobre función (defensiva e de sostén) polos desniveis pronunciados, para gañar superficie habitable axeitan o espazo. Outro dato, que se repite neste grupo, é que no sector máis abrupto, ás veces non se aprecian estruturas defensivas por non ser moi necesarias, neste caso no NE. Na parte setentrional, coas escavacións descubriuse un tramo duns setenta metros de muralla e un parapeto pétreo a xeito de zócalo para reforzar os seus alicerces. A lonxitude total da muralla é duns 300 m. e conserva uns dous metros de altura. Na parte de defensa máis feble tiña un foxo duns 20 m. de longo, 6 m. de ancho e 0´7 m. de fondo. O acceso era acodado, por unha rampla adosada á muralla.

O Castro de Orto-Coto do Castro conserva unha muralla, que acada 4 m. de alto no E., feita a base de pedra miúda e terra. Neste sector, que é o de defensa natural

máis cativa, ten un foxo e un parapeto internos. Trátase dun dos de defensas máis complexas. Nos extremos do seu eixo maior ten uns voluminosos afloramentos rochosos (NE.-SO.). Outro dato é que ten fortes taludes que se reducen no NE. onde hai unha ampla terraza. No SE. hai dous foxos e no NO. outros tres, o interior máis pequeno e os exteriores máis fondos, con cadanseu parapeto. Está moi aillado ó atoparse xunto á divisoria de dous vales pero ten un bo control do entorno.

O monte do Castro-Cruz do Castro e o Coto de Paraños (os dous en Carballedo) controlan a cabeceira do río Almofrei, incluso dende o de Paraños divísase a ría de Pontevedra (que está a perto de 20 km.). Os dous teñen muralla pétrea en todo o perímetro. No primeiro ten un foxo no sector N. de 4 m. de ancho, xa que dá á parte superior da aba, onde estaba a porta de entrada. No de Paraños, que é de recinto único ten dúas terrazas fóra do recinto defensivo.

A Cividá (San Xurxo de Sacos) é o de maiores dimensións de todo o val do Lérez, supera as 2 has. de área. Pode que fose un lugar central. Posúe unhas espectaculares defensas. O seu foxo bordéao polo N. e E., dende a croa ten uns 10 m. de desnivel; ten 150 m. de longo por 9 m. de ancho e na súa parte externa compleméntase cun parapeto. A muralla, en todo o perímetro, é de pedra e tiña 2 m. de ancho e na croa conserva actualmente 1´5 m. de alto. Pola súa posición domina unha boa parte do val medio do Lérez. Pola aba máis abrupta (O.) ascende un camiño que daría acceso polo N., onde se aprecia a porta de entrada.

O Coto do Castro (Viascón) ten un só recinto cunha muralla pouco voluminosa e un pequeno parapeto ó redor. Botan man dos afloramentos rochosos para darlle maior envergadura. Isto pode deberse ás boas defensas do lugar e ó amplo control, xa que se divisa o mar que está a 20 km. de distancia. Ten dúas terrazas, unha ó SO. con 6 m. de desnivel coa croa e outra na aba NE. que se dividiría en dúas plataformas; neste caso trátase dun *lynchet negativo*, é dicir, un tipo de estrutura de cultivo moi frecuente en sociedades prehistóricas que se orixina indirectamente a través do arrastre e nivelación de terras que provoca nun terreo en pendente o laboreo continuado (Parcero, 2002). Os poboados deste tipo controlan os pequenos vales polos que flúen os colectores principais do Lérez, neste caso o río Cabanelas.

No caso de San Cibrán (Tomeza), só se conserva parcialmente no sector E.-SE., no que hai uns 80 m. de muralla, a súa anchura oscila entre 2-2´5 m.; ten un talude interno de 6 m. (probablemente causado por derrubes) e un terraplén duns 20 m. de caída. Seguramente esta zona debeu ser do antecastro. O resto está completamente arrasado.

Outro caso parcialmente desmantelado é o monte das Croas (Salcedo), posto que a croa e parte do antecastro están destruídos. Conserva ben a parte E. e N., pertencentes ó segundo recinto. Neste sector conserva a muralla pétrea de 1´5 m. de alto e un espesor medio de 1´80 m., segundo os datos da escavación, non chegou a rematarse pois o poboado abandonouse antes de estar acabado. É moi semellante ó Coto da Pena en Caminha (Silva, A.C.F., 1986). Tiña dúas caras vistas dende a base; o aparello é, ó interior, ciclópeo, con mampostería intermedia e do mesmo material, de regular calidade, polo exterior; esta zona tiña un terraplén defensivo. Na parte externa da muralla hai un potente muro, de máis de 2 m. de ancho, arranca da cara externa da mesma e podería ter unha función de reforzo ou ser un bastión ou cubo da muralla (Peña Santos, 2000). No O. debeu estar o acceso e un sistema defensivo de maior envergadura por ser unha zona desprotexida, pero non se conserva. Tiña no E. dúas terrazas de cultivo, no exterior, sostidas por muros de contención. O espazo habitacional tería, máis ou menos, unha hectárea. Ten unha cronoloxía dos ss.VII-VI a.C.

Outros dous castros cun nivel de destrución case total xa non os explicamos (Filloi e Gabián).

O monte Castelo (Lérez) ten as características propias do tipo C con acentuados desniveis. A muralla pétrea só se nota na croa, que está no N.-NO. (17x19 m.), non hai máis restos da mesma. Ademais do antecastro, na aba setentrional hai dous aterrazamentos (57x32 m. e 80x20 m.). Ó igual ca noutros deste tipo na parte alta levantouse unha torre en época medieval (Cedofeita).

Coto Loureiro (Vilaboa) é o único caso con tres recintos. Na parte E., que dá a unha zona máis elevada, destaca un foxo moi fondo que supera os 15 m. de pendente e os 6 m. de ancho, logo hai un antefoxo con restos de parapeto, compleméntanse

cuns afloramentos graníticos as defensas nesta parte. A entrada estaba neste sector (SE.), pois é o único posible acceso. As murallas eran de pedra miúda, cousa que se pode constatar nunha intervención furtiva na súa cara interna. Domina a parte interna da ría de Vigo e o val do Tomeza-Gafos pola súa ubicación nun outeiro prominente.

Como conclusión, hai que apuntar que os castros de tipo C aséntanse nun coto ou outeiro con fortes desniveis, cando menos en tres vertentes. No sector onde a pendente é menor recurren sempre á construción dun foxo de grandes dimensións (destaca o da Cividá), soen complementalo cun parapeto ou recurren a afloramentos rochosos. Nalgún caso, reforzan os sectores máis febles, incluso con dous ou tres foxos, con cadanseu parapeto (Castro de Orto-Coto do Castro). Estas zonas do poboado, na que está o foxo, utilizábanas para a entrada, pois era a única posible. Ás veces, nas partes con pendentes máis acusadas, non botan man de defensas artificiais, cando menos esa é a apariencia, debido á imposibilidade do acceso.

No que atingue a estruturas internas, xa citamos algunha de tipo defensivo, como é o foxo e parapeto internos en Castro de Orto-Coto do Castro.

No Coto de Penalba desenvolvéronse seis campañas de escavación (1983-1988) nas que apareceron restos de varias cabanas circulares, con zócalo pétreo, con cadansúa lareira central de case un metro de ancho e lousas de pedra verticais ó seu redor. O corpo principal debeu ser de materiais perecedeiros (madeira, palla, barro) pois apareceron varios ocos de poste. Os seus diámetros oscilan entre os cinco e os seis metros. Os pavimentos eran enlousados ou de xabre (Álvarez Núñez, 1987).

Ilustr. 6.2.5 – Petroglifo: *A Pedra da Serpe* – Coto de Penalba.

Algúns poboados que se monumentalizan entre os ss.VIII-VI a.C. coma Penalba, habitáronse de xeito esporádico antes, pode que a fins do s.IX a.C. A muralla constrúese sobre un nivel de ocupación previo sen estruturas (Álvarez Núñez, 1987). Desa época pode ser o petroglifo da Pedra da Serpe. Destaca a importante cantidade de espazo

non construído. O xacemento resultou moi alterado pola construción da capela e a rampla de acceso, ademais da área recreativa e un palco de música.

No monte do Castro-Cruz do Castro (Carballedo) aprécianse na croa, en superficie, restos do que podería ser unha estrutura arquitectónica rectangular de cachotería e outra semellante na parte perimetral do xacemento.

No monte das Croas na campaña de escavación realizada no 1993 apareceu unha vivenda circular na croa cun muro de 40 cm. de ancho. No antecastro, xunto á muralla escavada apareceron varias vivendas circulares. Todas as estruturas arquitectónicas descubertas presentan un detalle moi característico da fase formativa do mundo castrexo galaico cal é a ausencia de cimentación, reducida coma moito a unha simple nivelación previa do terreo (Peña Santos, 2000), como sucede no Coto da Pena (Silva, A.C.F., 1986).

No castro da Cividá (San Xurxo de Sacos), no antecastro notábase hai anos o muro dunha estrutura circular, denominada "O Forno dos Mouros". Tamén está o petroglifo denominado "A Eira dos Mouros" o que denota que foi un lugar con ocupación anterior, pois os gravados rupestres son moi anteriores ó mundo castrexo como se pode ver na reutilización dun anaco de rocha con gravados nunha vivenda de Torroso, un dos máis antigos coñecidos.



Ilustr. 6.2.6 – Petroglifo: *A Eira dos Mouros.* A Cividá – San Xurxo de Sacos – Según Sobrino Buhigas.

No Coto Loureiro (Vilaboa), no segundo aterrazamento apréciase un tramo de 1´40 m. dunha vivenda de planta circular. Por último, aínda que dunha época posterior, apuntar que en Castrodiz e no monte Castelo (Lérez), ergueuse cadansúa torre en época medieval.

·Tipo D.

A este tipo pertencen un total de seis castros (dos nove da área de estudo) que son os seguintes: castro de Montes, castro do Pego, castro de Arén, monte do Castro (Redonde), Coto das Rodelas (Parada) e castro do Valo (Bora). Só dous se conservan sen alteracións (monte do Castro-Redonde e Coto das Rodelas-Parada), aínda que afectados por repoboación forestal de eucaliptos. Nos outros ou se ergueu algún edificio relixioso ou se roturaron parte das súas terras.

Estes castros están nun esporón, xeralmente no meandro dun río, aínda que nun caso (castro do Valo) tería rasgos do tipo A, pois tamén está case nun interfluvio. Están rodeados por fortes pendentes por tres lados (normalmente entre 20-60%). Dominan ben o contorno máis cercano e teñen moi boas defensas naturais debido ó seu emprazamento, incluso poderían prescindir de murallas. Na vertente restante requiren dun sistema defensivo reforzado.

En canto ó número de recintos predominan os de un con tres, dous recintos teñen dous (monte do Castro-Redonde e castro do Valo) e hai un con tres (Coto das Rodelas-Parada). Nos que teñen máis dun recinto, está na zona menos abrupta. No que atingue ás plantas tres téñena elíptica, en dous é ovalada e nun caso non se pode precisar (castro do Pego), por estar moi arrasado.

Distinguimos dous subtipos D-1 (esporón en altura) e D-2 (esporón chan).

Subtipo D-1.

Neste grupo (esporón en altura) inclúense tres castros nesta bacía: castro de Montes, castro de Arén e monte do Castro (Redonde). O de maior tamaño é o castro de Montes que supera as 2 has., o monte do Castro-Redonde tería 1´2 has. e o de Arén tería unha superficie menor a unha hectárea.

A continuación, imos comentar os recintos defensivos, cando menos dos que están en bo estado, do resto faremos unha referencia moi sucinta.

O castro de Montes ten un recinto principal amurallado e dúas terrazas na parte oriental que descende cara o río. A parte O. veuse afectada por unha pista e agás a muralla, non se conserva o posible foxo que debeu haber. Enriba edificáronse unha igrexa e unha torre medieval. Aproveita na parte meridional uns penedos para o sistema defensivo.

O castro de Arén está moi alterado, pois apenas conserva algún muro de sostén, ademais edificaron unha capela enriba e alteraron o entorno con traballos agrícolas.

O monte do Castro (Redonde) ten unha croa duns 20 m. de diámetro, con afloramentos rochosos. As defensas naturais son moi boas, algo normal ó estar flanqueados por un meandro; no S., E. e O., oscilan entre o 30-40%, no N. só son do 12%. O antecastro bordea a croa polo S. e O., teñen muralla de pedra os dous recintos. A croa, nas dúas vertentes que non están rodeadas polo segundo recinto ten un terraplén terreño cun desnivel de 8 m. no E. e de só 2 m. no N. A entrada probablemente debeu ser por un camiño que rodea a croa polo E. e entraría polo S. polo antecastro. Non hai foxos nin parapetos.

En resume, no que podemos dicir, os poboados deste grupo caracterízanse polos fortes desniveis entre as diversas plataformas das que constan. Soen ter terrapléns empinados complementando as murallas, que serían de mampostería (cachotería). Isto daríase tanto na croa coma nos antecastros nos sectores que o precisasen. Non se documentan foxos nin parapetos, o cal non quere dicir que non os houbese, pero non é probable. Unha limitación ó estar asentados en sitios de non moita altura en relación ó entorno é que o dominio visual e o control do espazo era moi limitado, tanto no subtipo D-1 coma no D-2. Malia isto, as defensas naturais, agás nunha vertente eran excelentes, pois son esporóns en altura.

En ningún caso apreciamos estrutura interna algunha.

· Subtipo D-2.

Nesta bacía inclúense tres castros neste subtipo: castro do Pego, Coto das Rodelas (Parada) e castro do Valo (Bora). Os poboados deste grupo non son excesivamente grandes pois non superan a hectárea de superficie.

O castro do Pego está moi arrasado e apenas conserva algún muro de contención (neste caso edificaron enriba unha capela) e non se pode precisar a súa área.

O Coto das Rodelas (Parada) ten croa e dous recintos máis, todos con muralla de pedra miúda. A muralla sería a única defensa artificial deste poboado. A entrada era polo SO. Caracterízase polo forte desnivel que hai entre as plataformas do recinto, rasgo que tamén axudaba na súa protección, xa que facía máis complicado o acceso ó recinto inmediatamente superior (4 m. entre a croa e o segundo recinto e 6 m. entre os outros dous).

O castro do Valo ten un terraplén pronunciado duns dez metros de pendente no N.-NE., que descende cara a plataforma inferior. No O. ten un parapeto que desaparece cara o N. e, dende este, descende, dun xeito pronunciado, ata o río Almofrei. Terían unha función de complemento da muralla principal do recinto, que só se nota nidiamente na croa. No E. e S. o xacemento está moi alterado por terras de cultivo.

En ningún caso apreciamos estrutura interna algunha, aínda que no castro do Valo hai restos latericios romanos en superficie, isto unido á súa ubicación colócano nunha época serodia da cultura castrexa.

· Tipo E.

A este grupo pertencen catro castros (dos seis da área de estudo) que son: castro da Mouteira (Forcarei), castro de Abaixo, Roda do Castro-castro de Arriba e A Cerca (Praderrei). O único que se conserva na súa integridade é este último; os outros víronse afectados por terras de cultivo e incluso o castro de Abaixo polas casas do núcleo actual.

Están situados en zonas chans ou con escaso desnivel, aínda que nalgún caso aproveitan unha pequena elevación (ex.: Roda do Castro-castro de Arriba está uns 4 m. por enriba do terreo que o bordea). Todos eles son de recinto único, aínda que dous teñen algún aterrazamento. Son de planta circular e ningún supera unha hectárea de superficie.

Os dous castros de Quireza (castro de Abaixo e Roda do Castro-castro de Arriba) teñen rasgos da 2ª Idade do Ferro e está a uns 200 m. un do outro. Aínda así tiñan un grao considerable de independencia e autosuficiencia. Teñen malas condicións defensivas; malia iso o seu sistema defensivo é moi sinxelo pois limitaríase a unha simple muralla e a algún tramo aterraplenado.

O castro da Mouteira (Millerada-Forcarei) só conserva parcialmente, no sector NO., o seu sistema defensivo. Tiña a muralla da croa, da que queda o seu tramo inferior (hoxe sirve de muro de contención), logo está un gran foxo de 10 m. de ancho e da muralla exterior, duns 4 m. de alto, consérvase un tramo duns 20 m. de lonxitude. A muralla é de pedra no seu interior e logo con taludes terreños. As súas defensas naturais son inexistentes ó estar nun rechán.

A Cerca (Praderrei) érguese, igual que os de Quireza, nun pequeno promontorio nunha zona chan. Ten uns 60 m. de diámetro e algún afloramento rochoso no NE., cousa rara nos deste tipo. A muralla ten 4 m. de ancho e 5 m. de alto, no interior é a base de pedra (cachotería) e ten un terraplén de terra en todo o perímetro defensivo, cuxo desnivel oscila entre 12-15 m.. Compleméntase cun parapeto de mampostería de 2-3 m. de altura. A croa ten unha lixeira inclinación cara o SO, aínda que é bastante aplanada. O acceso era polo NO., por medio dun camiño que corta a muralla.

En ningún destes casos se poideron apreciar estruturas internas. Son xacementos propios da 2ª Idade do Ferro, cando se intensifica a explotación das terras baixas do val. A nivel cronolóxico temos unha referencia de que na Cerca aparecera en superficie un anaco cerámico de época romana, o que nos levaría a unha ocupación cando menos ata a época imperial Xulio-Claudia (a partir deste intre o sistema colapsa).

· Val do Verdugo-Oitavén.

· Tipo A.

Inclúense neste grupo un total de cinco castros (catro no Verdugo-Oitavén, dos que dous están no val do segundo e un dá á cabeceira do Avia, afluente do Miño, pero está perto das fontes do Verdugo) que son os seguintes: monte do Castro (Pontesampaio), Alto da Roda do Castro (Garfián-Beariz), Coto da Cidade (Tourón), A Cidade (Oitavén) e Coto do Cristo.

No que se refire ó número de recintos tres castros teñen un, hai outro con dous (A Cidade-Oitavén) e o monte do Castro de Pontesampaio ten cinco (croa, antecastro e tres recintos escalonados). Agás o de Pontesampaio que ten planta elíptica os outros téñena ovalada. Por último, hai que dicir que tres deles están nun interfluvio (Pontesampaio, Coto da Cidade-Tourón e A Cidade-Oitavén). Os outros dous érguense nun outeiro destacado no entorno, incluso un está nunha divisoria de augas (Coto do Cristo). As condicións defensivas son aceptables.

En canto á súa superficie, dous teñen menos dunha hectárea, outros dous están entre unha e dúas e o outro pasa de dúas.

Deseguido imos pasar a comentar as defensas artificiais destes xacementos.

O monte do Castro de Pontesampaio ten croa e antecastro, ademais de tres recintos, estreitos e alongados, que se escalonan cara o río no NE., con murallas de sillares irregulares careados cando menos na parte exterior. Neste caso, teñen un fin de sustentación do terreo máis ca defensivo, pois a pendente natural está en torno ó 40%. É un poboado con moi boas defensas naturais; agás a aba N., onde se escalonan tres plataformas e por onde estaba a entrada, que estaría no 10´3%, as outras van do 20% ó 45%. Na parte central da croa existen afloramentos graníticos. Está parcialmente alterado por canteiras e remoción de terras.

O Alto da Roda do Castro (Garfián-Beariz) levántase nun cumio con fortes pendentes que facilitarían a súa defensa e grazas á súa elevación sobre o entorno tiña un moi bo control visual. Para detallar este dato, neste caso imos citar a pendente das

abas: 43% (N.), 28% (S.), 15% (E.) e 13% (O.). Ten un corpo principal de muralla en todo o perímetro. Na parte O., que é a de menores defensas naturais, ten un talude de terra duns 10 m. de desnivel; neste sector hai un segundo corpo de muralla, entre as dúas hai, separándoas, un foxo de 3 m. de anchura. O acceso debeu ser polo SO. Na parte occidental tamén hai varios afloramentos rochosos.

O Coto da Cidade (Tourón) aséntase nun interfluvio, entre os regatos de Guteras e San Vicente. Ten moi boas defensas en tres das súas vertentes (entre o 27´5% e o 34%), só no N. está desprotexido. A súa muralla é de pedra e terra. Na súa cara interna ten 3 m. de alto e o ancho, na parte superior, é dun metro e medio. O talude que a rodea ten, aproximadamente, uns 15 m. de desnivel. Destaca o acusado terraplén na parte oriental cunha caída duns 25 m. No S. ten un foxo de 10 m. de ancho bordeado por un parapeto de pedra. Polo foxo vai o camiño de acceso que ascende por unha empinada rampla á croa polo SE. No N. hai uns prominentes penedos e uns afloramentos rochosos, na parte máis elevada da croa que axudan na defensa da parte onde é máis feble. É un dos castros con mellor sistema defensivo.

O castro da Cidade (Oitavén) ubícase enriba dun coto nun interfluvio, entre o río Barragán ou Freaza e o regato Cambichas. A muralla da croa é de terra e pedra, no E. ten 4 m. de ancho e conserva 2´5 m. de altura; no S. e E., o talude, moi pronunciado, ten 10 m. de desnivel na cara externa da muralla do recinto principal. O antecastro está no O.-SO. nunha plataforma cinguida á croa, con muralla de pedra e terra. Ten dous foxos, un interno, na parte N. e O., duns 8 m. de ancho, entre a croa e o antecastro e outro exterior, duns 10 m. de anchura, que bordea boa parte do segundo recinto polo S. e O, que son os sectores máis vulnerables. No S., no exterior do segundo foxo, hai unha elevación que puido ter unha función de atalaia defensiva. Entre a croa e o antecastro o talude da muralla oscila entre 7-10 m.

O Coto do Cristo érguese sobre un outeiro destacado nunha divisoria de augas. Está rodeado de pendentes baixas e medias, pero ten boas condicións defensivas. Destaca a súa muralla pétrea con talude externo e interno en todo o perímetro. Ten unha rampla de acceso polo SE. Dende este castro domínase o de Amoedo, que está a pouco máis de 300 m. de distancia. Domínase visualmente unha zona de varios km. por estar na cabeceira de dous vales (Borbén e Pequeno).

En canto a estruturas internas, destaca o monte do Castro de Pontesampaio, no que ademais do tramo de muralla que separa a croa do antecastro, pódense ver os restos de cabanas circulares, tamén se aprecian abundantes restos de tégulas, ímbrices e cerámica indíxena. Trataríase dun xacemento da II Idade do Ferro con forte romanización.

No Coto da Cidade (Tourón) aprécianse posibles restos de varias estruturas rectangulares e na remoción, provocada por un tobo, apareceron dous anacos de cerámica romana.

Na Cidade (Oitavén), hai estruturas contemporáneas ó longo do primeiro foxo, na zona N. e O., hai unhas vinte construcións cadradas e rectangulares de cachotería, hoxe abandonadas. Poden datar de finais do s.XVIII, xa que na xamba esquerda da porta de acceso, que se trata dun arco apuntado ou oxival, aparece esculpida a data de cando se fixo: 1787. Ten o muro de entrada 5 m. de alto e 2´60 m. de grosor e a porta 3 m. de alto por 2´25 m. de ancho. Por enriba do arco pasa un acueduto. Neste lugar debeu estar a entrada orixinal. Isto é un exemplo da reutilización dun castro en épocas posteriores, incluso recentes. Non se aprecian estruturas antigas.

Nos outros dous castros non se observan estruturas internas, aínda que no entorno do Coto do Cristo, nunha posible plataforma, hoxe arrasada, que cecais puido albergar un segundo recinto, apareceron posibles restos de tégulas, co que estaría tamén romanizado.

· Tipo B.

Nesta bacía non hai castros do subtipo B-1, do subtipo B-2 temos un na cabeceira do río Borbén, case na divisoria co val que estamos a analizar, e do subtipo B-3 hai dous no Verdugo e outro na cabeceira do Borbén, tamén nas proximidades da divisoria de augas.

· Subtipo B-2.

O único caso é O Circo (Sequeiros) na cabeceira do Borbén, case na divisoria de augas co Verdugo. Ten croa, antecastro e un terceiro recinto este castro. A súa planta é elíptica e a súa superficie supera a hectárea de superficie. O recinto inferior, que está na parte meridional, está entre os dous foxos do xacemento. No sector N.-NO. o sistema defensivo consta dun foxo de dous metros de fondo e un parapeto exterior. Na parte S.-SE. as defensas son foxo-parapeto-2º foxo-2º parapeto; polo E. continúa o foxo externo.

Ubícase este poboado na aba dun monte de pendente moderada. A muralla da croa é de pedra e ten 3´20 m. de ancho; a do primeiro foxo ten 6 m. de altura e o seu parapeto uns 3 m., mentres que o segundo parapeto ten uns 10 m. Na vertente occidental, que descende cara o curso fluvial cercano, desaparece o foxo; na oriental, ten un posible foxo de pequenas dimensións. O acceso debeu facerse por unha antiga corredoira que ascende polo SE. Este caso, igual que os do outro val, caracterízase pola existencia dun gran foxo cara a aba superior do monte. Ubícase na liña onde se pasa dunha superficie convexa, na parte alta da aba, para outra cóncava, na inferior.

Neste caso non se observan estruturas internas.

· Subtipo B-3.

A este subtipo pertencen un total de tres castros: castro de Amoedo, O Circo (Mosteiro) e Castrillón-Coto da Moura. No primeiro caso ten un recinto e os demais teñen dous, aínda que no derradeiro caso hai dúbidas pola destrución debido a un campo de fútbol que alterou o entorno. Un ten planta elíptica (O Circo) e os outros ovalada. Sitúanse nun rechán dunha aba, aproveitando un outeiro que sobresae varios metros sobre o entorno.

Cara a parte inferior os desniveis son máis acusados, no resto das vertentes son moi febles ou case nulos ó dar cara a parte de máis altitude da elevación montañosa. En xeral, no tipo B, precisan de defensas artificiais, pois xunto cos do tipo E son os de peores defensas naturais. Teñen un bo dominio visual cara as zonas baixas do val e

moi constreñido no resto. O dominio da parte alta da aba faise dende unha distancia maior neste subtipo ca nos outros dous (ex.: O Circo). Non superan unha hectárea de superficie normalmente, debido ó tipo de emprazamento, aínda que O Circo está entre 1-2 has.

O castro de Amoedo rodéao unha muralla pétrea duns 4 m. de altura por todo o perímetro e o seu acceso foi polo S., está ubicado nun promontorio que sobresae uns metros da chaira. Non se aprecia ningún outro elemento defensivo. O Castrillón-Coto da Moura, ó estar parcialmente arrasado non aporta moitos datos. Na parte S., que dá cara a aba superior conserva restos da muralla e un posible foxo, na zona máis abrupta da croa hai uns enormes afloramentos graníticos que sirven de defensa natural.

O Circo (Mosteiro) veuse afectado pola roturación das terras do antecastro. Consérvanse restos da muralla dos dous recintos. Posúe unhas óptimas condicións defensivas naturais, agás no E., que é cara onde está a aba superior de Pedra Quitiña (534 m.), co que hai un desnivel de 320 m. (o castro está na cota 214 m.). Todos eles teñen uns terrapléns empinados. Aportamos este dato neste castro como exemplo para os poboados deste grupo. Destaca o bo control visual do entorno (cabeceira do val do Borbén).

Non se apreciaron estruturas internas en ningún destes xacementos.

· Tipo C.

Neste grupo englóbanse un total de dez castros (seis na bacía do Verdugo-Oitavén e, nas súas proximidades, un na ría de Vigo, nas cercanías da desembocadura e tres na do Miño, perto da divisoria de augas). A relación é a seguinte: Coto do Castro (Famelga), Coto do Castro (Aguasantas), monte do Castro (A Lama), monte do Castro (Barbudo), monte Castelo (Pontecaldelas), A Peneda do Viso, castro de Magros, monte do Castro (As Muras), O Castelo do Galo e monte da Croa.

O tipo de planta predominante é a ovalada con seis, dous téñena elíptica e un circular, no Coto do Castro (Aguasantas) non se pode precisar pois está arrasado case por completo. No que se refire ó número de recintos: catro teñen un (o de Aguasantas,

malia ás alteracións polos indicios debeu ter un), tres castros teñen dous, e hai cadanseu con tres (A Peneda do Viso), catro (monte do Castro-Barbudo) e seis (O Castelo do Galo).

Todos eles teñen importantes afloramentos rochosos que, en varios casos, exercen unha función defensiva, pois son outeiros moi prominentes e cun desnivel a plomo, co que imposibilitan o acceso no sector no que se ubican. Este rasgo é propio do tipo C, que son xacementos que se fundan na I Idade do Ferro. Todos eles están nun coto ou outeiro con fortes desniveis, cando menos en tres das súas vertentes e o seu perfil soe ser cónico. Destacan na lonxanía debido ás súas características.

Os tres que dominan visualmente a bacía son A Peneda do Viso (na desembocadura do Verdugo) dende o que se ve o monte Castelo (Pontecaldelas) e o monte do Castro (Barbudo), que dominan o val do Verdugo e Oitavén respectivamente.

No que atingue ás áreas: un ten menos de 1 ha. (monte do Castro-A Lama), catro teñen entre 1-2 has., tres castros superan as 2 has. e nos outros dous non se pode saber polas alteracións. En catro casos sufriron destrucións, en maior ou menor medida: A Peneda do Viso, As Muras, monte do Castro (A Lama) e Coto do Castro Aguasantas.

A continuación imos pasar a comentar os sistemas defensivos e as estruturas internas que se aprecian.

O castro de Magros érguese nun agreste esporón, na vertente oriental da Dorsal Galega, pero perto da cabeceira do Verdugo. Malia ó emprazamento dotárono dunha muralla monumental de pedra de 4´5 m. de ancho. Cara o E., engadíuselle un antecastro cunha muralla de 1´70 m. de ancho. O único sector vulnerable é o oriental, no NE. hai un montículo con función de parapeto que está entre dous pequenos foxos, necesarios para a defensa, pois dá cara a aba superior. No E. as defensas compleméntanse cunha vaguada que ten unha función de foxo natural, á que conflúen os dous foxos citados antes. A entrada era polo SE.

O seu sistema defensivo era moi completo, xa que ademais da muralla, ten foxo-parapeto–foxo, ademais dun posible torreón xunto ó acceso, que tería unha función xa non só defensiva senón tamén de vixiancia para poder outear os arredores. Como xa apuntamos, neste tipo, todos teñen outeiros de grandes proporcións que complementan as súas defensas artificiais.

O Coto do Castro (Famelga), que está catalogado como castrexo-medieval, ubícase nun cumio formado por tres outeiros, ó estar perto da divisoria de augas, domina a cabeceira do Almofrei (afluente do Lérez) e do Calvelle (afluente do Verdugo). A súa muralla pétrea ten 2´5 m. de ancho e destaca o espectacular foxo, con orientación N.-S. de 10 m. de ancho e 8 m. de alto que bordea o castro na parte E. e supera os 100 m. de lonxitude. As súas abas moi escarpadas permiten unhas boas defensas naturais (oscilan os seus desniveis entre 21-32%). Os afloramentos reducen bastante a superficie habitable do recinto.

O Coto do Castro (Aguasantas) está case completamente arrasado. Nas vertentes con desniveis as pendentes van do 21% ó 44´5%. O único vestixio conservado está no sector N.-NE. no que hai restos dun foxo co seu parapeto exterior. Outro castro con destrucións é o monte do Castro (A Lama); afectáronlle unha capela, o cemiterio e logo unha pista. Só se nota algún tramo da muralla.

O monte Castelo (Pontecaldelas) ten dous recintos. Na parte setentrional está o antecastro, cunha orientación E.-O. (as súas dimensións son de 100x20 m.), notamos a muralla dos dous recintos. Un foxo bordea o antecastro só polo N. Non requeriría máis elementos artificiais polo seu emprazamento (todas as súas vertentes superan o 20%, chegando ó 33´6%). Incluso se utilizou para erguer un castelo en época medieval enriba da croa. Divísase A Peneda do Viso (a uns 10 km. en liña recta e tamén do tipo C), xunto á desembocadura do Verdugo, co que se pode constatar o dominio visual da parte baixa do val. O acceso ó antecastro era polo O. e dende este á croa facíase polo E.

A continuación imos analizar as defensas do monte do Castro (Barbudo). A croa ten varios afloramentos. Neste castro houbo unha adaptación do terreo para preparar os recintos. As murallas de pedra miúda tiveron unha función tamén de

sostén dos recintos. O primeiro destes está rodeado por un pequeno foxo. Todos eles están no sector N.-NO. do monte, van ampliando a súa superficie segundo descendemos pola aba. As pendentes son lenes no N. e E. (12%) e nas outras dúas oscilan entre 35-40%. Domina visualmente unha boa parte do val do Oitavén, pois vese ata A Peneda do Viso, ó final da cunca fluvial. Por último, hai que citar que cara o NO. tamén adaptaron o terreo en varios socalcos para cultivos.

Outro castro moi alterado é o monte do Castro (As Muras). Só se conservan restos da muralla pétrea no N. e O. de 2´20 m. de ancho. No O. incluso se notan dous corpos de muralla que arrancan duns penedos. No NE. apréciase o acceso por unha rampla moi empinada.

O castro máis coñecido é A Peneda do Viso, na marxe meridional da desembocadura do Verdugo. Está moi alterado, tanto na croa (onde hai unha capela e houbo unha torre medieval) coma nas dúas terrazas. Só apuntar as boas defensas naturais, con desniveis que oscilan entre 36-43% en todas as súas abas, e o dominio, tanto do val coma do interior, da ría de Vigo. Proba disto é que dende aquí vense outros catorce castros. Somentes se aprecian algúns restos das súas murallas do seu sistema defensivo.

Un castro moi ben conservado, sen alteracións, é O Castelo do Galo, que está case na divisoria de augas do val do Miño e do Verdugo-Oitavén. Ó igual que case todos os deste tipo ten muralla pétrea. Ademais da croa circular e o antecastro, na parte N.-NE.-E., hai catro recintos escalonados con cadansúa muralla que tamén tería función de sostén, debido ó forte desnivel e para gañar espazo habitable, pois no recinto principal os afloramentos limitan a zona habitacional. Na aba E. as liñas de muralla redúcense a tres.

No S., que é a zona que dá cara a aba superior do Galleiro (749 m.), hai un foxo, neste sector hai un outeiro algo máis alto que o xacemento no entorno do cal se ven dúas liñas de muro; posiblemente servise como atalaia defensiva para dominar o único flanco vulnerable do poboado (está a 605 m. de altura). O acceso debeu ser polo SE. que é a parte máis accesible e por onde ascende un antigo camiño de carro ata o

cumio. Na parte O., onde hai uns barrancos impresionantes, non se aprecian restos de que houbese muralla.

Perto da desembocadura do Verdugo, na marxe N. da ría de Vigo, está o monte da Croa. En tres das abas as pendentes oscilan entre o 20-26%, co que ten boas defensas naturais. A muralla ten 4 m. de ancho e un talude de terra que vai dos 5 m.(S). ós 6 m.(N.). O recinto ten dúas zonas máis elevadas no E. e O., xunto con afloramentos, co cal nestas non precisaría talude o recinto defensivo. Ademais no E. descende a aba directamente cara o mar. A entrada ó castro nótase nidiamente no NE.

En canto á visibilización de estruturas no interior dos xacementos, primeiramente citar que no zastro de Magros nótanse indicios de posibles construcións, ademais do posible torreón defensivo no medio dos foxos, con semellanzas co que debeu haber no Castelo do Galo. No monte Castelo, só se aprecian os restos da fortaleza medieval no interior do recinto e, por último, no caso do xacemento da Peneda do Viso nótanse restos de tres vivendas circulares, aparecidos en intervencións antigas.

No que atingue ós materiais aparecidos, dun xeito aillado, e das posibles cronoloxías falaremos noutro punto. Só engadir que predominan as murallas pétreas na maioría dos casos, poucas veces recurren ós taludes de terra. Ás veces, ó haber tan fortes desniveis, ó estar en cotos ou outeiros, nalgún sector do castro non precisaron levantar murallas, por ser zonas totalmente inaccesibles. Nalgún caso, constrúen unha especie de atalaia ou torreón defensivo no flanco máis vulnerable (Magros e O Castelo do Galo), no que tamén pode haber foxos (ás veces naturais ó aproveitar vaguadas) ou parapetos.

· Tipo D.

Neste tipo clasifícanse clasifícanse tres castros que son: Castro Bo, monte do Castro (Gaxate), monte do Castro (Airoa), aínda que o terceiro é moi dubidoso, ademais de ter enriba unha capela, pois aínda que hai indicios, non hai restos evidentes. Os outros dous consérvanse nun estado óptimo.

Os tres castros aséntanse nun coto ou esporón no meandro dun río. Soen ter un bo control visual e boas defensas naturais (tres das súas vertentes están rodeadas por un curso fluvial), pola outra vertente as pendentes son suaves ou nulas. No caso da Airoa tería rasgos do tipo C, pois destaca moito no entorno; agás polo S. (14´5%), as outras abas son moi pronunciadas: N. (48´6%), E. (53%) e O. (47´4%).

Un castro ten un recinto (Castro Bo) e os outros dous (no de Gaxate hai croa e antecastro e na Airoa nótanse dúas plataformas artificiais). No que atingue ás plantas téñena ovalada, circular e elíptica, respectivamente. Do único que podemos calcular a súa superficie é do de Gaxate, que está entre 1-2 has.

Ó subtipo D-1 pertencerían dous: monte do Castro (Gaxate) e monte do Castro (Airoa) e ó subtipo D-2 só un: Castro Bo.

· Subtipo D-1.

Logo, deseguido, imos comentar os sistemas defensivos dos dous xacementos deste subtipo que son o monte do Castro (Gaxate) e o monte do Castro (Airoa).

O monte do Castro (Gaxate) ten unha muralla de pedra e talude de terra en todo o seu perímetro. O aparello, que se pode apreciar grazas a un derrube, é de cachotería. A entrada, aparentemente, debeu ser polo NO. e o antecastro sitúase na zona de menos pendente. No sector N., por onde pasa unha estrada, hai indicios da existencia dun foxo, aínda que en ningún caso do tipo D o atopamos na área de estudo. Este poboado, xunto co dubidoso da Airoa, domina o curso alto do río Oitavén e está nas estribacións da serra do Suído (Dorsal Galega), ata pasar a devandita barreira montañosa, non hai máis castros. Os castros deste grupo combinan murallas con fortes terrapléns ou taludes xunto con óptimas defensas naturais.

O monte do Castro (Airoa) plantexa moitas dúbidas pois non se ven restos. Aprécianse dúas plataformas artificiais e o lugar ten pronunciados desniveis (N.: 48´6%; S.:14´5%; E.: 53%; O.: 47´4%). Sufriu alteracións na parte superior ó construír enriba unha capela.

No que atingue ó interior deles, só podemos dicir que no castro de Gaxate atopáronse materiais cando no antecastro, na zona de entrada, se edificou a escola. Entre eles apareceron pedras de dintel decoradas, unha testa de granito ou restos de muíños, pero non se pode comentar nada de estruturas internas, pois, daquela, non se escavou; o único detalle a salientar é o tramo do paramento de cachotería da muralla (entre a croa e o antecastro) que quedou á vista na parte occidental da croa, grazas ó desplome dun pequeno tramo do talude.

· Subtipo D-2.

Nesta bacía só pertence un castro a este subtipo que é o de Castro Bo, nun meandro do río Verdugo.

Castro Bo ten muralla pétrea e un paramento de sillares irregulares visible só no N.; para o seu sistema defensivo nesta área aproveitaron uns penedos. Ten unha anchura duns 3 m. (actualmente sobresae máis dun metro) a aprécianse os seus restos nun tramo duns 25 m. de longo e a súa orientación é en sentido N.-NO. Trátase dun castro de recinto único debido ós rasgos abruptos do seu emprazamento. Os desniveis que o rodean cara o río oscilan entre o 18-48%, nesta zona do perímetro non se notan defensas artificiais. O acceso debeu ser polo N., pois é a única posibilidade.

· Tipo E.

Neste grupo inclúense só dous castros: Pena Redonda (tamén coñecido polo nome de Chan das Pipas) e o castro de Cobres. O primeiro ten dous recintos e planta ovalada e o segundo tres e planta elíptica. A súa superficie non é demasiado grande, pois non superan unha hectárea.

Pena Redonda está na periferia dunha penichaira protexida por un outeiro (N.) e por uns penedos enormes (S.), cara o S. e o E., hai pendentes entre o 10-20%. Aprécianse as murallas, pouco monumentais, en case todo o seu perímetro, incluso no interior se notaba un muro interior defensivo que o atravesaba. Na croa conserva 3 m. de alto e 1´5-1´8 m. de ancho. Segundo A. González Ruibal, o arqueólogo que o escavou no 2003, tería unha primeira fase sen fortificacións e logo, na II Idade do

Ferro erguerían a muralla ou valado, a base de pedra miúda, de moi tosca feitura e aparello irregular (González Ruibal, 2004). A muralla parece que continúa en sentido NO.-SE., até un longo duns 500 m.. Destaca no sector O. que é o de máis doado acceso ó poboado. A porta de entrada tería un pequeno requebro e estaría cara o N. Na parte setentrional non existen vestixios de defensas, seguramente non as precisaría pois está a carón dun outeiro elevado que domina o horizonte e debeu ter unha función de atalaia defensiva.

O castro de Cobres aséntase nun cumio pouco elevado no tramo final do pequeno val do río Maior, perto da desembocadura do Verdugo. Conserva restos da muralla aterraplenada e dos muros de contención dos dous aterrazamentos. Viuse alterado por algunha construción recente. Ten unhas defensas naturais moi febles ó estar rodeado por unha liña de cumios máis elevados moi perto.

No que atingue á aparición de estruturas internas, en Pena Redonda apareceron dúas cabanas circulares (de 4´5 e 5´5 m. de diámetro respectivamente). A primeira ergueuse nun intre avanzado da 2ª Idade do Ferro sobre unha ocupación anterior que debeu ser de materiais perecedeiros e no entorno da segunda atopáronse outras catro estruturas de pedra máis (unha nova cabana circular, un muro cinguido á mesma, unha canle de grandes chantos de pedra e unha estrutura lineal). Destaca un muro interno transversal á muralla. No outro castro non se aprecian estruturas no seu interior.

LISTADO DE XACEMENTOS

Nº	NOME DO XACEMENTO	Nº	NOME DO XACEMENTO
1	Castro de Loureiro-Coto do Castro	36	Coto do Castro (Augasantas)
2	Castro de As Mouteiras	37	Castro Bo
3	Castro de Montes	38	A Cividá (Fentáns)
4	Castro da Mota	39	Coto da Roda
5	Castro de Garellas-Castro de Rodeiras	40	Monte do Castro (Pontesampaio)
6	Castro de Sanguñedo-Coto do Castro	41	Monte do Castro-S. Cibrán (Tomeza)
7	Castro da Mouteira	42	Monte dos Penedos
8	Castro de Filloi-Coto do Castro	43	Monte das Croas
9	Castro de Muras-Curuto do Castro	44	Monte do Castro- Castro da Raxeira (Mourente)
10	Castrodiz	45	Castro do Valo
11	Castro do Pego	46	Monte do Castro (Maúnzo)
12	Castro de San Cibrán (Vilalén)	47	Monte do Castro (Gabián)
13	Castro de Abaixo	48	Monte Castelo (Lérez)
14	Roda do Castro-Castro de Arriba	49	Monte da Torre-Monte do Castro
15	Castro de Vilar - Coto do Castro - Os Castros	50	Castro de Magros
16	Castro de Arén	51	Alto da Roda do Castro
17	Castro da Cerca (Vilariño)	52	Monte do Castro (A Lama)
18	Coto de Penalba	54	Pena Redonda-Chan das Pipas
19	A Cerca (Praderrei)	55	Casteliño-Castelo-Monte do Castro (Barbudo)
20	Castro de San Isidro-Monte do Castro	56	Castelo Grande-Castelo (Pontecaldelas)
21	Monte do Castro (Redonde)	57	Coto da Cidade (Tourón)
22	Os Castros (A Betarra)	58	Eira dos Mouros (Tourón)
23	Monte do Castro (Cerdeiras)	59	Monte do Castro (Parada)
24	Castro da Devesiña	60	Monte do Castro (Airoa)
25	Castro de Orto-Coto do Castro-Pico do Castro	61	A Cidade (Oitavén)
26	Castro de Couso-Castriño	62	Castro do Coto do Cristo
27	Monte do Castro-Cruz do Castro	63	Castro de Amoedo
28	Coto de Paraños	64	Monte do Castro (As Muras)
29	A Cividá	65	O Circo (Sequeiros)
30	Coto da Cerca	66	O Circo (Mosteiro)
31	Monte do Castro (S. Xurxo de Sacos)	67	O Castelo do Galo
32	Coto do Castro (Viascón)	68	O Castrillón-Coto da Moura
33	Monte do Castro (Tenorio)	69	A Peneda do Viso
34	Coto das Rodelas	70	Coto Loureiro-Castro de Farexa
35	Coto do Castro (Famelga)	71	Monte da Croa-Castro de Acuña
		72	Castro de Cobres-O Coto

6.3 - OS CASTROS E OS RECURSOS HÍDRICOS.

En primeiro lugar, elaboramos un cadro no que se indica a distancia entre os castros e os cursos fluviais máis próximos a eles. Fíxose isto en intervalos de 100 m. ata os 500 m., logo o resto englóbanse no mesmo grupo. Ademais do seu número reflíctese a porcentaxe en ámbalas dúas bacías en cada un dos devanditos intervalos. Incluíronse tamén os castros dubidosos e os que están nas cercanías dos dous vales, xa que case están na divisoria de augas.

Estes datos obtivéronse tanto da observación das follas do mapa de escala 1:25.000 do Mapa Topográfico Nacional (121-III, 121-IV, 152-II, 152-IV, 153-I, 153-II,153-III,153-IV, 185-I, 185-II, 185-III, 185-IV, 186-I, 186-II, 186-III, 186-IV, 223-II, 223-IV, 224-I e 224-II) coma do percorrido a pé da área de estudo, polo que as distancias son aproximadas, pero a marxe sería moi escasa.

Distancia (M).	**Lérez**	**Verdugo-Oitavén**	**TOTAL**
0-100	19 (41´3%)	12 (46´15%)	31 (43%)
100-200	10 (21´75%)	4 (15´4%)	14 (19´5%)
200-300	6 (13´05%)	5 (19´25%)	11 (15´2%)
300-400	5 (10´9%)	1 (3´8%)	6 (8´3%)
400-500	3 (6´5%)	2 (7´7%)	5 (7%)
> 500	3 (6´5%)	2 (7´7%)	5 (7%)
TOTAL	46 (100%)	26 (100%)	72 (100%)

Un número relevante de xacementos castrexos están a carón ou moi perto de cursos fluviais. Aproveitan zonas de meandros (Tipo D) ou de interfluvios (algúns do Tipo A) para que actúen de foxos naturais e, deste xeito, facilitar e reforzar a súa defensa (Romero Carnicero, 1991; Carballo 2002), cando menos en dúas e, ás veces, ata en tres das súas vertentes. Isto, unido ós pronunciados desniveis das abas nos sectores próximos ós ríos e regueiros, dá unha percepción de maior seguridade. Este rasgo compensa, en parte, o estar en emprazamentos máis baixos que os cumios cercanos.

Ilustr. 6.3.1 - Castro de Montes (SixPac). Subtipo D-1.

Os nove castros do Tipo D, que se emprazan nun esporón, normalmente no meandro dun río (tanto os do Subtipo D-1 coma os do D-2) coma a maior parte dos do Tipo A (sete de quince, dos cales cinco ubícanse nun interfluvio), é dicir, un total de dezaseis poboados castrexos (o 22´2%) terían un curso fluvial importante ó seu carón cunha función de foxo natural que reforzaría as súas defensas. Malia isto, nas abas empinadas que dan cara os ríos tamén teñen murallas, o que xunto co acusado desnivel do terreo e o curso fluvial (evidentemente a súa posible función defensiva era máis relevante na época de augas altas) facíanos inexpugnables nestas vertentes.

Outro motivo importante polo cal se asentan os castros nas proximidades de cursos fluviais ou mananciais débese, como é lóxico, ás necesidades de abastecemento de auga dos seus poboadores, idea que afirma tamén Agrafoxo para a parte occidental da provincia da Coruña (Agrafoxo, 1989). Outros autores, coma Esparza para o NO. de Zamora (Esparza, 1986) ou Carballo para o Deza (Carballo, 2002), non opinan o mesmo.

Pensamos que esta é outra causa, cecais unha das máis importantes, para a ubicación dos castros da zona de estudo. Hai que recoñecer que nesta zona a rede hídrica é mesta, pero aínda así búscase a cercanía e o doado acceso a este recurso tan básico para a subsistencia. Non é o único condicionante para establecer un núcleo de poboación, hai outros tan fundamentais (defensas naturais, control do territorio, cercanía de terras de cultivo e pastos, recursos petrolóxicos, etc.) coma o que estamos a comentar. Era básica para soster a actividade agrícola ou gandeira, tanto para regadíos coma para pastos e, sobre todo, precisábase a auga para a actividade do

artesanado téxtil no proceso de fabricación do liño (as liñeiras), cuxa existencia se constata cos restos de fusaiolas ou pesas de tear.

Onde máis se nota esta proximidade ós cursos de auga é no curso alto tanto do Lérez e do Verdugo coma dos seus principais afluentes. Pode influír nisto a orografía máis escarpada que dificultaría os desprazamentos para abastecerse de tan básico recurso para a subsistencia, malia á cercanía. Nalgúns casos o caudal sería escaso en parte do ano, seguramente complementábase con fontes ou mananciais. Outra opción sería a escavación de alxibes (ex.: Sta. Trega, Elviña ou Borneiro) para o seu almacenamento ou de minas ou pozos para captar unha veta de auga.

Outra posibilidade puido ser o aproveitamento da auga da chuvia para cubrir parte das necesidades, o seu almacenamento debeu facerse nos devanditos alxibes ou en pozos. Canto maior dificultade tivesen, debido ós fortes desniveis, o máis probable é que recurrisen ó uso de fontes ou gurgullos de auga que agromasen no circundo do castro, aínda que tamén botasen man dos cursos fluviais para cubrir as necesidades, coa avantaxe que daquela non estarían contaminados.

No curso alto dos colectores principais case todos os poboados están a menos de 100 m. deles, o que reforza a nosa opinión. No conxunto, un total de trinta e un (de setenta e dous) castros están a menos dun hectómetro o que supón un 43% (41´3% na bacía do Lérez e 46´15% na do Verdugo). Entre 100-200 m. hai catorce poboados, que equivalen a un 19´5% (21´75% no Lérez e 15´4% no Verdugo). Estes dous intervalos supoñen o 62´5% do total (45 de 72 castros). Este dato penso que é bastante clarificador no que atingue á importancia da proximidade e acceso ós cursos de auga. Se a isto engadimos os que están a unha distancia entre 200-300 m., que serían outros once xacementos (15´2%) teriamos un 77´7% (56 de 72 castros).

Para poder achegarse ós ríos e regatos, as fortes pendentes supoñen unha dificultade engadida á de ter que trasladar os recipientes e, canto menos fose a distancia mellor para os seus habitantes.

Os que están máis lonxe de recursos hídricos supoñen porcentaxes máis cativas. Só cinco castros (7%) están afastados máis de 500 m. do líquido elemento,

outros cinco estarían entre 400-500 m. (7%) e seis (8´3%) entre 300-400 m. de distancia. Somentes dezaseis (de setenta e dous) poboados están a unha distancia superior a 300 m. (22´3%).

A maior parte dos castros máis afastados de cursos fluviais ou mananciais son do Tipo B (na aba dun monte de pendente lene ou moderada), do que oito castros están a máis de 300 m. (sobre todo os do subtipo B-3 que ten cinco) e do Tipo C no alto dun coto ou outeiro rodeado de fortes pendentes) que tería cinco castros a unha distancia superior á mencionada. Só dous do Tipo E e un do Tipo A a superarían, por ningún do Tipo D. A morfoloxía do emprazamento condiciona a lonxanía ou a proximidade, aínda que a proporción nas dúas bacías non é moi alta como xa apuntamos anteriormente (22´3%, dezaseis de setenta e dous castros).

Ilustr. 6.3.2 – A Cerca – Vilariño (SixPac).
Tipo A.

DESCRICIÓN XERAL DA REDE HIDROGRÁFICA.

A área de estudo abrangue os vales dos ríos Lérez e Verdugo, ademais doutros cursos fluviais, que pasan total ou parcialmente pola mesma e que se comentarán ó final do presente apartado. Debido ó importante número de regueiros e regatos hai que dicir que a drenaxe destas terras é boa.

- O curso do **Lérez** ten unha orientación E.-O. ata o lugar de Cutián, na parroquia de San Xurxo de Sacos (Cotobade) onde torce cara o S., ata Bora. Aquí, onde recibe, pola marxe esquerda, ó Almofrei, volta de novo a ter dirección O. e perto da desembocadura serpentea ata acadar a ría de Pontevedra.

Nace na Noveliza (Sta. Mª de Aciveiro - Forcarei), en plena serra do Candán, a uns 900 m. de altitude e ten unha lonxitude de 57 km. As súas augas flúen polos seguintes concellos: Forcarei, Cerdedo, Cotobade, Campo Lameiro e Pontevedra. Cadra co límite entre os concellos de Campo Lameiro e Cotobade e parcialmente entre Cotobade e Pontevedra. Na parte media e baixa do val o río está moi encaixonado e no tramo medio proliferan máis os meandros.

Os seus principais afluentes son, pola marxe esquerda: regueiro das Oleres (Espindo), río das Freixas, **río do Castro** (trátase do afluente máis importante do curso alto, nace nas estribacións do monte do Seixo e verque as súas augas no Lérez á altura de Cerdedo), río das Cervas, regueiro de Froiz, regueiro da Veiga Grande (nace no Monte da Arcela), río Cabanelas, río Tenorio e **río Almofrei** (o afluente principal do Lérez, ten 26 km. de curso e unha conca de 77´5 km^2, forma un amplo val e nace no monte do Seixo).

Pola marxe dereita recibe, entre outros: río de Couto Laceiras, **río Quireza**, rego da Fonte Seixiña, regueiro Grande, rego dos Calvos, río Maneses e río Fontáns. O Quireza e o Fontáns forman cadanseu val, pois son os de maior lonxitude.

- O río **Verdugo** nace nas abas orientais do monte do Seixo, a uns 800 m. de altura, na parte SO. do Concello de Forcarei, perto do límite cos de Beariz e A Lama. O seu curso alto oriéntase cara o S. e logo, na maior parte do seu traxecto vai cara o

SO. e, no seu tramo final, xira cara o O., logo da confluencia co Oitavén, para formar a ría de Vigo. A súa bacía abrangue territorio dos concellos de Forcarei, Beariz, A Lama, Cotobade, Pontecaldelas, Fornelos de Montes, Pazos de Borbén, Soutomaior e Pontevedra.

Na súa marxe esquerda os seus principais afluentes son: regueiro do Carrascal, regueiro de Xesta Fermosa e **río Oitavén**. Este trátase do afluente máis importante, nace na serra do Suído, no seu primeiro tramo o seu nome é Xesta e, á súa vez, recibe varios colectores entre os que salientan os ríos Val do Home-Parada, Barragán e Pequeno. No Oitavén está o encoro das Eiras que abastece de auga á cidade de Vigo.

Pola marxe dereita mencionaremos os seguintes: rego de Porta Cambeses, rego de Porto do Río, río Barbeira (separa os concellos de Cotobade e A Lama), río Calvelle, regueiro de Porta Muíño, río Parada e rego de San Vicente.

- Ademais das dúas concas obxecto de análise, tamén, nos doce concellos estudados, **hai outros cursos fluviais importantes**, que total ou parcialmente circulan pola zona traballada. Imos facer unha enumeración sucinta dos mesmos.

· **Río Umia**: Nace no Concello de Forcarei, perto do lugar de Graña de Umia, nas estribacións da serra de Penas (a uns 650 m. de altura). Os seus primeiros quilómetros están na área máis setentrional do presente estudio.

· **Río Grovas**: Trátase dun pequeno colector que desemboca no Deza (afluente do Ulla); hai outros regatos, de menor importancia, na zona oriental de Forcarei, que tamén levan o seu caudal ata o mesmo río.

· **Río Doade**: Segundo algúns autores e documentación antiga, trataríase das fontes do río Avia, afluente do Miño. Nesta zona da súa cabeceira entre os seus afluentes destacan o río Beariz e o regueiro da Ponte Pedriña. O seu curso traza o límite entre os concellos de Beariz e Avión.

· **Río Rons**: Flúe, en dirección N.-S., pola parte occidental do Concello de Pontevedra, ó N. do Lérez, e desemboca na Xunqueira de Alba. Na súa cabeceira está

o encoro do Pontillón de Castro que surte de auga á capital. O seu pequeno val ubícase entre o Castrove e o cordal que o separa do val do Fontáns.

· **Río Toxal-Tomeza ou dos Gafos**: Discorre, en sentido S.-N., polos Concellos de Vilaboa e Pontevedra, ó longo da Depresión Meridiana. Ó seu O. están as elevacións nas que empeza a península do Morrazo. Está ó S. do Lérez e desemboca á altura das Corbaceiras en Pontevedra.

· **Río Ulló**: Desemboca en Pontesampaio moi perto (ó N.) de onde o fai o Verdugo.

· **Río Borbén**: Forma un pequeno val e no seu inicio flúe polo Concello de Pazos de Borbén para logo continuar polo de Ponteareas, onde desemboca no Tea, afluente do Miño.

· **Río Alvedosa**: Nace en Amoedo (Pazos de Borbén) e vai desembocar logo na vila de Redondela.

6.4 - OS CASTROS E AS ALTITUDES ABSOLUTAS.

Neste apartado imos analizar a relación dos poboados castrexos coas altitudes absolutas nas dúas bacías fluviais da área de estudo e os do seu entorno próximo, case na divisoria de augas. Cuantificamos a cifra de xacementos e as porcentaxes, incluso os dubidosos.

Na bacía do Lérez hai un total de trinta e cinco castros, aos que sumamos catro da do Gafos, catro da do Umia e tres dubidosos co que suman corenta e seis. Na do Verdugo-Oitavén son quince, aos que engadimos seis da do Miño, dous da parte máis interna da ría de Vigo e tres dubidosos co que suman vinte e seis. En total son setenta e dous xacementos.

A continuación, introducimos un cadro cos datos, absolutos e relativos dos dous vales e do conxunto da área de estudo.

Altitudes	**Lérez**	**Verdugo-Oitavén**	**TOTAL**
0-100 m.	1 (2´1%)	2 (7´7%)	3 (4´1%)
100-200 m.	9 (19´6%)	1 (3´85%)	10 (13´9%)
200-300 m.	9 (19´6%)	7 (26´9%)	16 (22´2%)
300-400 m.	5 (10´9%)	4 (15´4%)	9 (12´5%)
400-500 m.	6 (13%)	4 (15´4%)	10 (13´9%)
500-600 m.	9 (19´6%)	3 (11´55%)	12 (16´7%)
> 600 m.	7 (15´2%)	5 (19´2%)	12 (16´7%)
TOTAL	46 (100%)	26 (100%)	72 (100%)

Para facer o comentario dos datos do cadro anterior imos distinguir entre castros de altitudes baixas (0-200 m.), de altitudes intermedias (200-600 m.) e de altitudes elevadas (>600 m.).

Os castros construídos en emprazamentos ubicados en altitudes intermedias, é dicir, entre 200-600 m. son maioritarios e supoñen con vinte e nove o 63´1% na bacía

do Lérez, dos que catorce (30´5%) están entre 200-400 m. e quince (32´6%) entre 400-600 m. Na do Verdugo-Oitavén son dezaoito e supoñen o 69´25%, dos que once aséntanse entre 200-400 m. (42´31%) e sete entre 400-600 m. (26´94%). Aproximadamente dous terzos asentaríanse neste intervalo altitudinal.

En altitudes superiores a 600 m. hai sete no Lérez (15´2%) e cinco no Verdugo-Oitavén (19´2%). Nas terras baixas, entre 0-200 m. hai dez castros na primeira das bacías (21´7%) e tres na segunda (11´55%).

Como pode apreciarse, de acordo cos datos enumerados anteriormente, os castros das dúas bacías aséntanse maioritariamente en altitudes intermedias, entre 200-600 m (63´1% no Lérez e 69´25% na do Verdugo-Oitavén). Isto reflicte un patrón de asentamento en relación coas altitudes que busca un control estratéxico das zonas de val e o acceso ás terras altas. Nas primeiras estarían, fundamentalmente, as zonas boscosas e tamén parte das terras de cultivo e nas segundas, sobre todo, as zonas adicadas a rozas e pastos para o gando, neste último caso destacaría o pastoreo no período estival cos pegoreiros que controlarían os fatos de animais. Isto podería servir coma unha analoxía para ilustrar estas tarefas básicas para a subsistencia.

No entorno dos poboados era onde predominaban os cultivos de cereais e tamén os de horta ou cortiñas, as chamadas *garden activities*, que incluso se daban no interior dos recintos castrexos. Os cultivos poderían estar en zonas de val dun xeito máis amplo en épocas máis serodias da cultura castrexa. Daquela había xa un número relevante de castros nas zonas baixas, os cales hai autores que os denominaron "castros agrícolas", coma o caso do poboado do Lago en Amares (Martíns, 1988a). Ademais, ó haber un aumento demográfico, que se constata sobre todo no *conventus bracarense* coa gran expansión dos *oppida* precisaríase unha maior produción para atender as necesidades alimenticias dos seus habitantes.

No período castrexo no val abundaban as masas arbóreas, polo tanto, predominaba o bosque nas terras baixas. Houbo deforestación, pero foi moi limitada, ata o cambio de era, no entorno dos castros do NO. peninsular. Esta actividade acelerouse moito máis en áreas desenvolvidas centroeuropeas en época medieval, a partir do ano 1000 (Werner Rösener, 1990).

As antigas vías de comunicación atravesaban os dous vales principais máis ben por zonas a media ladeira, perto dos poboados castrexos. Os seus moradores non só buscarían emprazamentos de condicións defensivas favorables e un óptimo control do espazo no que estarían as terras para a súa subsistencia, senón tamén estar perto dos camiños de tránsito para poder relacionarse cos outros asentamentos da súa área xeográfica. Non estaban moi lonxe dos cursos principais que salvarían con algún sistema sinxelo, cruzarían en barca ou vadearían a pé por algún paso. Exemplos disto perviviron ata non hai tanto tempo e é posible que daquela tamén fose así.

Máis excepcionais son os castros en altitudes superiores (>600 m.) dos que hai sete na bacía do Lérez e cinco na do Verdugo-Oitavén. Se nos limitamos ós vales dos colectores principais, no primeiro deles só habería tres (Garellas, A Mouteira e Castrodiz) e no outro só un (Famelga). Os outros estarían ou ben case na divisoria de augas, pero fóra do conca (Filloi e Muras no Lérez; Magros, Alto da Roda do Castro de Garfián e O Castelo do Galo no Verdugo), ou no val dalgún dos afluentes principais (As Mouteiras e Sanguñedo no río do Castro; Airoa no río Parada).

Segundo ascendemos nas dúas bacías e nos achegamos á Dorsal Galega van escaseando os poboados ata desaparecer nas súas estribacións e reaparecen varios km. despois ó outro lado. Na parte setentrional da área de estudo, divide a rede hidrográfica do río Deza da cabeceira do Umia, Lérez e Verdugo. Varios dos montes da zona rondan ou superan os 1.000 m. de altitude (Candán, Seixo, Cando, Suído) e xa non só dificultarían a habitabilidade debido ás adversas condicións do clima senón que tamén suporían un atranco para as comunicacións. A única posibilidade para atravesar ó outro lado era por algunha das poucas portelas existentes. Nalgúns casos precisaríase máis dunha xornada camiñando e noutros un mínimo de 4-5 h. de andaina (Carballo, 2003).

En relación co anterior paga a pena citar un dato. Os dous castros que teñen o poboado máis próximo a unha distancia maior, están perto das devanditas estribacións montañosas. Trátase do *Coto do Castro de Famelga* (a uns 6 km. ó E. está a serra do Cando) que ten o Coto do Castro de Aguasantas a 4´25 km. (no curso alto do Verdugo) e o *Coto do Castro de Loureiro* (a uns 5´5 km. ó E. sitúase a serra do Candán) que dista do castro da Mouteira uns 3´8 km. (no val alto do Lérez). O normal

é que as distancias sexan menores, sobre todo nas altitudes intermedias (200-600 m.) e baixas (ata 200 m.).

Cando menos na parte alta do val do Lérez, nas devanditas estribacións montañosas, outro factor que debeu atraer moradores, pode que fose a presenza de recursos mineiros como é o caso do estaño (ex.: monte do Seixo). En tal caso, complementaría ás actividades económicas primarias que eran a base da súa subsistencia.

En altitudes inferiores a 200 m. hai dez castros (21´7%) no val do Lérez e arredores (se excluímos os tres do Gafos serían sete) e tres (11´55%) no do Verdugo (no propio val deste río só hai un, xunto á desembocadura, que é o Monte do Castro de Pontesampaio).

Trátase de castros nas terras baixas dos vales, propios dunha época serodia desta cultura. Se analizásemos neste grupo tamén os que están entre 200-400 m. veriamos que en varios deles tiveron que erguer e deseñar defensas artificiais máis poderosas que se estivesen en áreas máis abruptas. Son os típicos recintos da Segunda Idade do Ferro (Martins, 1990), que algúns autores denominan "castros agrícolas". Caracterízanse por ter, maiormente, varios recintos. Como exemplos poden servir o Coto das Rodelas (3), Coto da Roda (2), monte do Castro de Maúnzo (2) na bacía do Lérez ou o monte do Castro de Pontesampaio (5) na do Verdugo.

DESCRICIÓN XERAL DA OROGRAFÍA DA ÁREA DE ESTUDO.

Neste apartado pasaremos a describir os elementos orográficos que delimitan tanto a bacía do Lérez coma a do Verdugo. As elevacións da periferia da área de traballo, fóra xa das dúas devanditas cuncas, só se mencionarán moi sucintamente ó final.

· **Val do Lérez:** O río Lérez nace na Serra do Candán (1.014 m.) a uns 900 m. de altitude, perto da Noveliza (Sta. Mª de Aciveiro-Forcarei). A devandita serra, xunto coa de Trasdomonte (que ten no alto do Couto con 930 m. o seu cumio máis elevado) pertencen á Dorsal Galega (Serras Centrais), limitan a parte oriental do val,

correspondente á súa cabeceira. Nesta zona o monte de Costoia (953 m.) e A Serra (900 m.), separan esta vertente das augas que verquen ó Avia.

A marxe dereita do val do Lérez (a máis setentrional) ten como límite unha serie de cumios que conforman a divisoria de augas co val do Umia (que tamén nace en Forcarei). Nun principio as elevacións oriéntanse cara o O. onde destaca s Serra de Penas (841 m.), a continuación ven unha serie de cumes en dirección SO. ata Dúas Igrexas (destaca Pena Queixeira con 704 m.), este cordal separa A Estrada de Forcarei e Cerdedo: Coto Pereira (705 m.), Pena Madroira (717 m.), etc. Logo están Pena Redonda (720 m.), O Montouto (773 m.), Coto da Conla (772 m.), monte dos Cregos (755 m.) e Chan da Armonda (508 m.).

Nesta área, ó NO. do lugar de Alende (S. Miguel de Campo Lameiro), as elevacións toman unha dirección N.-S. e os de maior relevancia son Agüeiros (421 m.), Penalba (443 m.), coto de Acevedo (539 m.), coto da Anduriña (490 m.) e monte Grabadoiro (517 m.). Ó tramo final do Lérez sepárao do pequeno val do río Rons un cordal que arranca do Outeiro do Castro (295 m.) e continúa, entre outros, por monte Redondo (242 m.), Outeiro dos Cestos (213 m.) ou o Castelo (187 m.), para logo chegar á desembocadura nunha zona chan, na que se asentan Pontevedra e parte da súa periferia.

Dentro desta vertente da cunca débese facer referencia a uns altos na súa parte interna, xunto ó reducido val do río Quireza, como son o Castrodiz (629 m.) e Pena Redonda (680 m.) que se aprecian dende longa distancia.

Pola marxe esquerda do Lérez sitúanse os montes que o separan da bacía do Verdugo (marxe dereita deste). Ademais dos altos existentes na área onde agroman as súas fontes, perto están o monte do Seixo (1.017 m.), no que xunto coa serra do Cando (996 m.), hai un parque eólico con noventa e sete aeroxeradores, este último accidente orográfico penetra entre o Verdugo e o seu afluente o Barbeira.

Despois continúan unha serie de cumios orientados cara o O. (oscilan aproximadamente entre 580 e 730 m.), que separan a vertente do río Calvelle

(afluente do Verdugo) da do Almofrei (colector do Lérez). Seguindo a orientación cara o mar están Pé da Múa (623 m.), Sistalto (605 m.) e serra Castrelada (635 m.).

Na parte interna do val, entre o Lérez e o Almofrei, hai que salientar o monte da Arcela (558 m.), Coto do Ceo (639 m.), monte Coirego – Galla do Coto (778 m.) e o monte Castelo (545 m.). No tramo final, separando as vertentes do Lérez e o Verdugo, destacan o Coto Tourón (506 m.) e a serra da Fracha (546 m).

· **Val do Verdugo:** Este río, como xa se comentou, nace na serra do Suído (os seus cumios rondan os 1.000 m. e o maior acada os 1.059 m.). Nace a uns 800 m. de altitude. A serie que describimos anteriormente enumeraba os límites da marxe esquerda do Lérez e dereita do Verdugo.

Agora limitarémonos a describir a marxe esquerda deste último. As estribacións do Suído son o cabo da súa bacía no curso alto e sepárano das augas dos afluentes que van ó Avia, colector do Miño, o principal río do noso país.

O Suído oriéntase cara o S. e máis adiante as estribacións montañosas que contornean o val toman dirección cara o SO. e logo ó O. ata enfilar cara o mar. Os altos, nun primeiro tramo, superan ou oscilan ó redor dos 800 m.: Castrovez (856 m.), Coto do Corisco (772 m.), Coto de Eiras (884 m.), Coto de Erbededa (890 m.), Coto da Cerca (858 m.), logo van descendendo ata chegar ó Coto de Eguas (441 m.). Dende aquí continúa un cordal, cuxas altitudes oscilan ó redor dos 300-400 m. : Galla de Monzón (476 m.), Alto de Laxial (426 m.), a Peneda do Viso (327 m.), ata o mar. Estes últimos accidentes orográficos sepárano das vertentes fluviais como son a do río Borbén (afluente do Tea e subafluente do Miño) e as do Alvedosa e Pexegueiro (que flúen cara a “cuncha” de Rande na ría de Vigo).

· Outras elevacións, dignas de mención, fóra dos vales do Lérez e do Verdugo que limitan os concellos estudados son o monte Castrove (608 m.) no límite NO. de Pontevedra, a serra do Galleiro (749 m.) ó S. de Pazos de Borbén ou Marcofán (940 m.) na parte oriental de Beariz.

Os montes da zona de traballo caracterízanse polos numerosos afloramentos graníticos e a severa erosión sufrida ó longo do tempo e especialmente nas últimas décadas debido ós incendios forestais e á intensa deforestación e degradación dos terreos.

6.5 - O POBOAMENTO.

· DISTRIBUCIÓN E DISTANCIA Ó VECIÑO MÁIS PRÓXIMO.

Os poboados da área estudada espállanse dun xeito disperso por todo o territorio. As dúas bacías e os seus aledaños supoñen 996´7 km2 de superficie e os xacementos catalogados setenta e dous (incluíndo seis dubidosos). Esta distribución ven condicionada pola orografía e a maior ou menor existencia de terras de labor ou de pastos. As limitacións impostas polo medio natural inflúen dun xeito fundamental no que imos describir logo.

Na parte oriental a área xeográfica das bacías do Lérez e do Verdugo chega ata a Dorsal Galega ou Serras Centrais que dividen a actual Galicia en dúas metades. Como se observa no mapa da intervisibilidade nas estribacións desta barreira montañosa rarean os castros ata desaparecer (Carballo Arceo, 2003) e ademais hai unha distancia considerable, de varios km., entre os poboados de ámbalas dúas vertentes da mesma.

Temos que falar dun deserto demografíco xa non só aquí senón tamén no curso alto das dúas bacías e nas divisorias de augas. Isto acentúase no caso do Verdugo e o seu afluente principal o Oitavén, posto que no curso alto dos dous non hai ningún castro. Unha mostra disto é o dato das altitudes absolutas: só doce castros (16´7%) da área estudada se asentan a máis de 600 m. e só un (Magros supera os 700 m. -pois está a 728 m.- perto das fontes dos Verdugo, pero xa fóra do val). A maior altitude as condicións climatolóxicas fanse máis duras e dificultan ou impiden o asentamento humano.

En primeiro lugar, calculouse a distancia real tanto do veciño máis proximo coma do segundo a partir do MTN (1:25.000). Coidamos que así se obteñen uns datos estimativos máis reais. Un castro pode ter outro moi perto e o seguinte, ó mellor, está a unha distancia moi superior. A totalidade das distancias destes dous supostos aparecen nos anexos ó final do traballo.

Noutro apartado comentaranse as microrrexións e as zonas de concentración dos castros, no que se volverá a incidir sucintamente sobre esta materia.

Deseguido reflectimos o cadro cos datos relativos á distancia real. En primeiro lugar aparece o Lérez, no que imos diferenciar o curso alto (17) e logo están os de toda a bacía e aledaños (46). No caso da bacía do Verdugo faise tanto da súa totalidade (26) (contabilizando os poboados dubidosos, igual que no caso anterior e os do entorno próximo) e logo imos desglosar por unha parte exclusivamente os do Verdugo (8 e dous dubidosos) e por outra os do Oitavén (7 e un dubidoso).

Val do Lérez

	1º	2º
Curso alto	1´626 km.	2´955 km.
Toda a bacía	1´626 km.	2´605 km.

Val do Verdugo-Oitavén

	1º	2º
Toda a bacía	2´080 km.*	3´853 km.*
Verdugo	1´91km. (1´81 km.)*	2´787 km. (2´75 km.)*
Oitavén	1´942 km. (2´325 km.)*	3´528 km. (4´237 km.)*

* Distancia contando cos castros dubidosos.

Tendo en conta estas cifras para as dúas concas estudadas a distancia real entre os poboados castrexos e o veciño máis próximo sería de 1´790 km. e co segundo máis próximo a mesma sería 3´01 km.

Comparados estes datos conclúese que no Lérez os hábitats desta cultura están a unha distancia co máis próximo semellante en todo o val (1´626 km.) o que indica unha regularidade na súa distribución nas áreas poboadas. No curso alto o segundo

máis próximo atópase máis afastado (2´955 km.) en relación ós restantes (2´605 km.). Todos eles están por debaixo da media do conxunto da bisbarra analizada.

Pola contra, na bacía do Verdugo a separación supera a media, tanto no caso do máis próximo (2´080 km.) coma na do segundo máis achegado (3´853 km.). Se nos cinguimos só ó val do Verdugo, que se trata do colector principal, e ó Oitavén, que é o seu afluente máis importante, o afastamento é de 1´91 km. (1´81km. contabilizando os dubidosos) no primeiro caso é de 1´942 km. (2´325 km. contando cos dubidosos) no segundo deles.

O segundo máis próximo no Verdugo está a 2´787 km. (2´75 km. computando os dubidosos) e no Oitavén áchase a 3´528 km. (4´237 km. cos dubidosos).

Tamén se procedeu a calcular a distancia teórica entre os castros se o seu reparto fose dun xeito uniforme sobre o territorio (sobre unha superficie chan). O resultado obtense da raíz cadrada da cifra obtida da división da superficie da área de estudo polo número de castros e multiplícase por 1´11 (Estébanez; Puyol, 1978).

Segundo esta fórmula a distancia teórica entre os castros das dúas concas e aledaños é de 4´092 km.(se non se incluísen os seis castros dubidosos a mesma sería de 4´274 km., co que a variación sería mínima). A distancia real é moi inferior á teórica (castro máis próximo: 1´790 km. / 2º castro máis próximo: 3´01 km.). Isto é indicativo e confirma o apuntado anteriormente: o reparto dos castros sobre o territorio non é regular nin constante.

O que acabamos de dicir é un rasgo que se repite noutras áreas da cultura castrexa do NO. peninsular. Na bisbarra do Deza a distancia real á de 2´04 km. e a teórica de 3´78 km. (Carballo Arceo, 2002). Noutra zona interior coma a comarca de Viana do Bolo a distancia real é de 2´16 km. e a teórica de 3´96 km. (Xusto, 1988-89). Os outros datos que introducimos en relación a isto son os da rexión occidental da provincia da Coruña na que a distancia real é de 2´3 km. e a teórica de 3´73 km.(Agrafoxo, 1989). Con estes datos confírmase a irregularidade da súa distribución no territorio da cultura castrexa.

A continuación engádense dous pequenos cadros no que atingue ó número de 1º e 2º castro máis proximos e a distancia entre eles nas dúas concas fluviais.

CASTRO MÁIS PRÓXIMO

	Lérez	Verdugo-Oitavén
Ata 1 km.	11 (23´9%)	6 (23´1%)
1-2 km.	27 (58´7%)	6 (23´1%)
> 2 km.	8 (17´4%)	14 (53´8%)
TOTAL	46	26

2º CASTRO MÁIS PRÓXIMO

	Lérez	Verdugo-Oitavén
Ata 2 km.	13 (28´3%)	4 (15´4%)
2-3 km.	21 (45´6%)	9 (34´6%)
> 3 km.	12 (26´1%)	13 (50%)
TOTAL	46	26

Na bacía do Lérez un total de once castros (23´9%) teñen o veciño máis proximo a menos dun km., os dous primeiros no curso alto, son os seguintes: Castro de Abaixo (nº13), Roda do Castro-Castro de Arriba (nº14), Coto de Penalba (nº18), A Cerca-Praderrei (nº19), Castro de San Isidro-Monte do Castro (nº20), Os Castros (A Betarra) (nº22),Castro da Devesiña (nº24), A Cividá (nº29), Coto da Cerca (nº30), A Cividá (Fentáns) (nº38) e Coto da Roda (nº 39).

Todos eles se concentran, agás os dous primeiros, na parte media do val, onde a súa amplitude acada os seus valores máximos. Nesta área a visualización do entorno é óptima. Isto débese a unha maior presenza de terras con valor agrolóxico e a un doado acceso ós recursos hídricos, con abundancia de cursos fluviais que malia ser secundarios son permanentes, entre outros factores.

Os castros co veciño máis próximo máis perto son o Castro de Abaixo (nº13) e a Roda do Castro-Castro de Arriba (nº14), separados uns 300 m. e A Cividá (nº29) e o Coto da Cerca (nº30) distantes uns 400 m. Nos dous casos un está en posición máis dominante co outro. No primeiro caso (nº 13 e 14) son os típicos castros de val, nos que o entorno cercano do castro é o máis importante para a subsistencia do grupo e os poboados manteñen un gran nivel de autosuficiencia, son propios da II Idade do Ferro (González Ruibal, 2006-07) e no segundo (nº 29 e 30) son poboados ubicados en lugares moi destacados da súa zona, propios da I Idade do Ferro. Nos dous casos, polo tipo de emprazamento, debeu haber coetaneidade.

Pola contra, a maioría (58´7%), en concreto, un total de vinte e sete teñen o veciño máis próximo entre 1-2 km e, por último, imos ver os que o teñen a unha distancia superior a 2 km., que son oito (17´4%). O que o ten máis lonxano é o Castro de Loureiro-Coto de Castro (nº1) que está a 3´8 km. do Castro da Mouteira (nº7). Trátase do primeiro castro que se localiza na cabeceira do Lérez e perto da Dorsal Galega. As características orográficas do entorno explican que os poboados escaseen nesta área e que este caso estea tan afastado do resto.

Dentro deste grupo hai outros tres que tamén teñen a máis de 3 km. o veciño máis próximo. O Castro de Orto-Coto do Castro-Pico do Castro (nº25) está a 3´4 km. do Castro de Couso-Castriño (nº26). Neste caso atopámonos diante dun poboado que está case na divisoria de augas Lérez-Umia, nun lugar elevado e cun bo dominio visual do entorno.

Os outros dous casos que están a maior distancia son o Monte do Castro de Gabián (nº47) a 3´4 km. do Monte do Castro de Maúnzo (nº46) e o Monte Castelo (Lérez) (nº48) a 3´7 km. do Monte do Castro de Gabián (nº47). Estes dous están no tramo final da conca na marxe dereita, no cordal que delimita o pequeno val do río Fontáns (afluente do Lérez) pola parte occidental e que fai de divisoria de augas co río Rons e coa Depresión Meridiana. No caso do Monte Castelo (Lérez) (nº48) ergueuse en época medieval, enriba da croa do castro, a Torre de Cedofeita debido ó carácter estratéxico do lugar que permite controlar o tramo final do Lérez. O emprazamento moi conspicuo destes tres casos tamén pode que fose un motivo de afastamento de resto, pois ó controlar unha área maior podían permitirse esa lonxanía.

Na bacía do Verdugo-Oitavén temos seis castros (23´1%) co veciño máis próximo a menos dun km. de distancia. Trátase dos seguintes: Coto do Castro (Augasantas) (nº36), Castro Bo (nº37), Coto da Cidade (Tourón) (nº57), Monte do Castro (Parada) (nº59), Castro do Coto do Cristo (nº62) e Castro de Amoedo (nº63).

O Castro do Coto do Cristo (nº62) está na divisoria de augas entre o río Pequeno, afluente do Oitavén, e o Borbén, afluente do Tea que logo desemboca no Miño, sitúase a 0´35 km. do Castro de Amoedo (nº63). O Coto da Cidade (Tourón) (nº57) e o Monte do Castro (Parada) están separados uns 400 m. e entre eles hai unha vaguada pola que flúe o rego de San Vicente. Por último, o Coto do Castro (Augasantas) (nº36) e Castro Bo (nº37) están distantes uns 700 m. Todos eles están en zonas onde abundan os terreos aptos para a agricultura, con recursos de abondo para a subsistencia, e nas que os hábitats desta cultura están máis concentrados.

Logo temos outros seis castros (23´1%) que teñen o veciño máis próximo entre 1-2 km e os máis abundantes son os que están a máis de 2 km. que suman un total de catorce (53´8%). Dentro deste derradeiro grupo hai seis que superan incluso os 3 km. de distancia. O máis afastado é o Coto do Castro (Famelga) (nº35), perto da divisoria de augas, que está a 3´9 km. do Monte do Castro-Cruz do Castro (nº27), que se ubica na chan de Carballedo no val do Almofrei. Debido á súa ubicación estratéxica tamén é posible que tiveran estes dous unha ocupación medieval.

Os outros que superan os 3 km. son o Casteliño-Castelo-Monte do Castro (Barbudo) (nº55), A Cidade (Oitavén) (nº61), O Castelo do Galo (nº67), O Castrillón-Coto da Moura (nº68) e a Peneda do Viso (nº69). A menor extensión dos terreos aptos para a actividade agrícola nestas zonas provocou que houbese estas maiores distancias.

Outro dato que analizamos neste apartado é a distancia ó segundo veciño máis próximo. Na bacía do Lérez temos trece castros (28´3%) co dos que distaba menos de 2 km. Os que o tiñan máis perto son: A Cerca (Praderrei) (nº19) que ten Os Castros (A Betarra) a 1 km., o Coto de Penalba (nº18) do que está a 1´125 km. O Castelo de Cosoirado, o Monte do Castro (Redonde) (nº21) que ten a 1´2 km. o Coto da Rodelas (nº34) e A Cividá (nº29) que ten o Monte do Castro (San Xurxo de Sacos) (nº31) a

1´4 km. Todos eles están no curso medio, o mesmo que acontecía xa co veciño máis próximo.



Ilustr. 6.5.1 – Mapa do primeiro e segundo veciños máis próximos (1:200.000)

Hai vinte e un castros (45´6%) que teñen o segundo veciño máis próximo entre 2-3 km. e outros doce (26´1%) a unha distancia superior ós 3 km. Dentro da bacía propiamente dita o que está máis afastado do segundo veciño máis proximo tamén é o Castro de Loureiro-Coto do Castro (nº1) a 4´2 km. do Castro de Garellas-Castro de Rodeiras (nº5). Hai varios que o superan pero xa están fóra do val do Lérez, aínda que nas súas proximidades e dentro da área de estudo (nº8,9 e 25).

Na conca do Verdugo-Oitavén hai catro castros que teñen o segundo veciño máis próximo a menos de 2 km. (15´4%). O que o ten máis perto é Castro Bo (nº37) que dista 1´65 km. do Monte do Castro (A Lama) (nº52). Tamén están neste grupo os nº62,63 e 64.

Teñen o seu veciño máis próximo entre 2-3 km. un total de nove castros (34´6%) e superan os 3 km. os outros trece (50%). Na propia bacía, o que ten o segundo veciño máis próximo máis lonxe é o Monte do Castro (Gaxate) (nº53) que ten a 4´8 km. o Casteliño-Castelo-Monte do Castro (Barbudo) (nº55). Hai varios castros, fóra da bacía propiamente dita, pero dentro da área de estudo que supera esa distancia.

CADRO DE SUPERFICIES DOS CONCELLOS.

CONCELLO	**Superficie (Km^2)**
Beariz	54´9
Forcarei	164´6
Cerdedo	79´1
Campo Lameiro	64´1
Cotobade	135´4
Pontevedra	118´7
A Lama	109´1
Pontecaldelas	86´6
Fornelos de Montes	77´3
Pazos de Borbén	47´8
Soutomaior	24´9
Vilboa	34´2
TOTAL	**996´7**

6.6 - VISIBILIZACIÓN DOS XACEMENTOS CASTREXOS.

No terceiro campo das fichas dos xacementos incluídos no catálogo analízase o emprazamento e no derradeiro apartado do mesmo a potencialidade visual dos poboados na que se comentan tanto a intervisibilidade con outros xacementos coma a súa área de visión.

Na recollida dos datos coidamos que se trata dun aspecto importante comprobar a relación con outros hábitats da mesma cultura. Cabe a posibilidade da comunicación con sinais visuais, como podía ser con fume ou outras semellantes e tamén de tipo acústico que non se poden constatar, pero pode que fosen empregadas daquela. Un elemento primordial tivo que ser o dominio do espazo e o seu control, sobre todo dende os castros máis dominantes. Neste aspecto hai que ter en conta os cambios que houbo na vexetación arbórea co paso do tempo.

Dende a maioría dos castros desta área xeográfica albíscanse un ou varios poboados da mesma cultura. Tamén hai casos dende os que non se ve ningún outro debido a estar a unha altura inferior ás barreiras orográficas das súas proximidades ou polo tipo de emprazamento no que se asentan.

Un atranco nestas consideracións é que non todos os poboados estiveron ocupados ao mesmo tempo. A distinta cronoloxía non se pode constatar, na maioría dos casos, pola falta de escavacións. Ademais, a aparición de materiais en superficie de época romana en varios deles, non é indicativo, pois indican ata cando se habitaron, pero iso non exclúe unha ocupación máis anterga. Malia esta limitación é interesante valorar esta cuestión pois pódese ver o dominio do espazo de ámbalas dúas bacías dende os núcleos de habitación da cultura castrexa.



Ilustr. 6.6.1 – Mapa da intervisibilidade entre castros (1:200.000)

· INTERVISIBILIDADE ENTRE OS POBOADOS CASTREXOS.

· A bacía do Lérez.

En primeiro lugar, imos facer **unha análise da intervisibilidade dos castros empezando polos da bacía do Lérez** e logo polos da do Verdugo. Darémoslle importancia neste aspecto ó tipo de emprazamento. Como xa apuntamos, no capítulo correspondente, hai trinta e cinco castros no total da bacía do Lérez, aos que engadimos oito que están case na divisoria de augas (catro son da bacía do Umia e outros catro do Tomeza-Gafos que desemboca na ría de Pontevedra) e cando menos outros tres dubidosos, o que faría un total de corenta e seis castros.

No que atingue a este aspecto non comentaremos os catro da do Umia, pois visualmente non teñen relación algunha cos demais; os que están na do Tomeza-Gafos, que flúe pola Depresión Meridiana en dirección S.-N. e desemboca na ría de Pontevedra, moi perto do Lérez si a terían e os dubidosos tamén os imos deixar á marxe, aínda que todos eles aparezan no mapa e nos cadros cos datos xerais.

O curso alto do río Lérez caracterízase polo seu encaixonamento e a cercanía de cumios elevados. Pola súa parte oriental están os montes da Dorsal Galega que, maiormente, oscilan entre 800-1000 m. de altitude. Entre os trinta e cinco citados, dende sete deles non se ve ningún outro castro, todos eles na parte alta da bacía. Este tramo vai dende o seu nacemento no Candán ata Cerdedo, onde recibe, pola marxe esquerda, as augas do principal afluente da súa cabeceira que é o río do Castro. Entre os que recibe pola marxe dereita o máis importante é o río Quireza.

Os devanditos castros dende os que non se divisa ningún outro supoñen exactamente un de cada cinco (20%) do total da bacía. Non temos ningún dos tipos C (outeiro elevado) e E (chaira) nesta situación. Ubícanse nunha lomba ou nun interfluvio, é dicir, do tipo A, son tres os castros: Coto Loureiro, Sanguñedo e San Cibrán (Vilalén) (nº 1, 6 e 12). Outros dous, son do tipo B, están ubicados en aba; un deles, o de Vilar (nº15) nunha liña de ruptura de pendentes (B-1) e o outro, o das Mouteiras (nº2) no rechán dunha aba (B-3). Os dous restantes emprázanse nun

esporón, en concreto no meandro dun río, neste caso nun esporón en altura (D-1), trátase dos de Montes e Arén (nº 3 e 16).

No parte alta da bacía hai un total de catorce castros (ademais dun dubidoso, o nº 4). Se nos limitamos a este tramo da mesma os sete poboados que carecen de intervisibilidade supoñen a metade (50%). Dos restantes hai tres (nº 5,7 e 11) dende os que se ve só outro castro (21´4%), dende outros tres (nº 13,14 e 17) albíscanse dous castros (21´4%). Finalmente, falta por engadir o único que falta (7´2%) que é Castrodiz, do tipo C (nº10) dende o cal se visualizan tres poboados.

Deseguido inclúese un cadro coa intervisibilidade na parte alta da bacía onde se reflicten os datos que se acaban de expor.

Nº Castros visualizados	**Nº Total de Castros**
0	7
1	3
2	3
3	1

Castrodiz aséntase nun cumio destacado no entorno, que acada unha visibilidade de case 10 km. nalgunha das súas vertentes, está a 633 m. de altitude. Dende este castro vense outros tres como xa apuntamos (nº 13,14 e 30) que están a unha distancia de 2´3, 2´5 e 8´5 km. respectivamente. Pola contra, outros dous que están moi perto non se observan (nº 12 e 15), malia estar tan só a 2´8 e 1´7 km. respectivamente. Isto débese á referida compartimentación causada pola accidentada orografía nesta parte do val; neste caso limitan o control visual pola súa parte oriental, varios cumios de altura lixeiramente superior que separan o val do río Quireza (no que se ubica Castrodiz) da bacía do colector principal.

No resto da bacía do Lérez hai outros vinte e un castros, que unidos ós catorce anteriores, suman un total de trinta e cinco. Ademais, tamén comentaremos os catro do Tomeza-Gafos. Dende todos eles albíscase no horizonte cando menos outro

poboado. A continuación engadimos un cadro coa intervisibilidade destes no que na primeira columna aparece o número de poboados visualizados e na segunda a cifra total. Despois faremos unha valoración e comentario dos datos desglosados.

Os datos xerais das dúas bacías aparecen, xunto con outros cadros de datos, nos anexos, ó final do traballo. Reflíctense o número e nome dos xacementos, os castros visibles e o total por cada un.

Nº Castros visualizados	**Nº Total de castros**
1	3
2	7
3	1
4	1*(3)
5	2
6	1*(1)
7	1
8	2
9	2
10	1

* As cifras entre paréntese corresponden ós do río Tomeza ou dos Gafos.

Na parte restante da bacía non hai ningún poboado sen relación visual cando menos con outro. Dende o 44% dos castros (11) dívísanse entre un e tres e dende o 56% (14) restante entre catro e dez. Se os clasificamos por tipos quedarían do seguinte xeito: A (6), B (5), C (10), D (3) e E (1).

A diferenza en relación coa parte alta da bacía é evidente. Na cabeceira dende o castro que había un maior control visual só se vían outros tres poboados. Nesta área hai catorce (dez no Lérez) castros dende os que se supera esa cifra. A parte media da bacía caracterízase por un ensanchamento significativo, con máis terras de cultivo e zonas chans. A compartimentación menos acusada do relevo facilita un control visual máis doado do territorio e unhas mellores comunicacións.

Entre os castros dende os que se controlan catro ou máis poboados son máis numerosos os do tipo C (7), séguenlle os do B e A (3), E (1) e do D non hai casos. A menor visibilidade dos deste grupo débese ó seu emprazamento nun esporón, case sempre nun meandro, ubicados a unha altura moi inferior ó entorno.

Hai que apuntar que entre os de menor intervisibilidade, o que non é moi habitual, hai tres do tipo C. Isto débese a que están na cabeceira dalgún dos afluentes máis importantes (Almofrei e Fontáns) e, polo tanto, asentados en vales secundarios e afastados do colector principal. No primeiro deles ubícanse monte do Castro-Cruz do Castro (nº27) e Coto de Paraños (nº28) e no segundo o monte do Castro de Gabián (nº47). Dende todos eles só se divisan outros dous poboados, debido ó devandito motivo.

O predominio dos do tipo C (nº18, 29, 32, 41, 43, 48 e 70) débese a estar no cumio dun coto ou outeiro elevado con pronunciadas pendentes. Todos eles están no val principal.

Destacan o Coto de Penalba (nº18) dende o que se ven outros nove poboados (nº19,22,24,29,30,31,32,38 ademais do Castelo-castro de Cosoirado, que xa é do val do Umia) e A Cividá (nº29) dende o que se perciben oito (nº18,19,22,23,24,30,31,38).

O Coto da Cerca (nº30) emprázase a 520 m., é o que posúe un mellor control, xa non só dos que están perto (A Cividá a só 400 m.) senón tamén outros máis afastados (Castrodiz a 8´5 km.). Curiosamente non é do tipo C, senón do B-1 (na parte superior dunha aba, nunha liña de ruptura de pendentes, lenes na parte superior e máis acusadas cara a parte inferior). Dende este castro vense outros dez (nº10, 18, 19, 20, 22, 23, 24, 29, 31, 38) e contrólase a curso medio do Lérez. Porén, non se visualizan outros moi cercanos, como é o caso do Coto da Roda a 2´5 km. (nº 39) ou o Coto do Castro-Viascón a 3´3 km. (nº32) debido ó seu lugar de emprazamento. Hai autores que opinan que os castros de maior tamaño son os que controlan visualmente un espazo máis amplo (Agrafoxo, 1989; Carballo, 2002). Isto cúmprese ás veces (Castrodiz ou A Cividá), pero non sempre (Coto da Cerca).

O único castro do tipo E (ubicado nunha chaira) no val medio do Lérez é A Cerca (Praderrei) (nº19). Dende este xacemento castrexo vense outros oito poboados próximos (nº 18, 22, 23, 24, 29, 30, 31, 38) malia a súa ubicación. Ó tratarse da zona do val de maior amplitude, con máis terras aptas para o uso agrícola, permite comprender este dato que pode ser chocante nun principio. Os tres casos anteriores tamén están no curso medio do Lérez, de aí o bo dominio que teñen do territorio circundante.

Dende o monte do Castro-castro da Raxeira (Mourente) (nº44), que está no curso baixo do Lérez, vense outros nove castros (nº 41, 42, 43, 45, 46, 47, 48, 49, 70). Este poboado ten un emprazamento de tipo A (no cumio dun outeiro ou lomba), pero con características do tipo C. Está no cabo do cordal que limita a marxe esquerda do Lérez nunha elevación destacada dende a cal se domina a súa desembocadura e a parte interna da ría, ademais da Depresión Meridiana (pola que flúe o río Tomeza-Gafos), o pequeno val do Fontáns e o interfluvio Lérez-Almofrei. Este amplo control do espazo xustifica a súa óptima intervisibilidade.

Tendo en conta toda a bacía do Lérez, ademais da do Tomeza-Gafos, son trinta e nove castros. Dende vinte e cinco deles (64´1%) vense entre cero e tres poboados castrexos e dende os outros catorce (35´9%) divísanse entre catro e dez. A intervisibilidade, no curso medio e baixo é óptima grazas ó tipo de emprazamento elixido, moi destacado sobre o entorno (esencialmente do tipo C) nun número importante de hábitats desta cultura. Ademáis no curso medio é onde o val ten unha maior amplitude, pois chega ata os oito km. de ancho en liña recta (5´7 km. entre o Coto da Cerca e o Coto de Penalba).

· A bacía do Verdugo-Oitavén.

A continuación vaise comentar **a intervisibilidade dos castros da bacía do Verdugo-Oitavén**. Nesta área xeográfica hai un total de quince castros (ademais de tres moi dubidosos); no presente apartado non imos ter en conta os seis xacementos da do Miño, case na divisoria de augas, ó non ter relación visual con ningún dos deste val (agás os tres castros da cabeceira da río Borbén co Coto do Cristo que está na

divisoria de augas co río Pequeno, afluente do Oitavén), pero si os dous da parte interna da ría de Vigo, xa que están moi perto do foz do río.

Unha diferenza co Lérez é que no curso alto desta bacía, tanto no Verdugo coma no seu afluente máis importante o Oitavén, non hai ningún castro (agás o dubidoso de Airoa). Pola contra, na cabeceira do Lérez había catorce poboados. A Dorsal Galega, neste caso a serra do Suído, supón un atranco para o poboamento e as comunicacións. Unha serie de elevacións montañosas, entre as que destacan o monte do Ceo e o monte Catadoiro separan ó Verdugo do val do seu afluente principal o Oitavén.

En concreto, os castros de toda a bacía, repártense case a partes iguais entre o Verdugo (8) e o Oitavén (7), sen contar os casos dubidosos. Nesta condición de dúbida teríamos o da Airoa, que sería o único no curso alto do Oitavén.

Nº Castros visualizados	**Nº Total de castros**
0	-
1	3
2	4
3	5
4	3
5	1
14	1

En toda a bacía non hai xacementos carentes de intervisibilidade. Un motivo pode ser que na parte alta e máis encaixonada da mesma non hai xacementos castrexos (agás o caso dubidoso, pero probable, xa comentado da Airoa, que sería do tipo D). Isto explica as cifras e a nula presión demográfica dos aledaños das estribacións montañosas. Os poboados castrexos, por tipos, repartiríanse do seguinte xeito: A (4), B (2), C (7), D (2) e E (2). Predominan os ubicados nun coto ou outeiro

destacado (tipo C) dende os que se visualiza xa non só un territorio máis amplo senón tamén un número maior de castros ou os que están nunha lomba (A).

Os castros cun maior dominio visual son A Peneda do Viso (nº69) e O Castelo Grande-Castelo (nº56), ámbolos dous do tipo C. Dende A Peneda do Viso (nº69) vense outros catorce castros, tanto de boa parte do val do Verdugo coma do litoral da ría de Vigo ou do pequeno val do Tomeza ou dos Gafos. Cara o interior divísanse castros afastados como son Casteliño-Castelo-monte do Castro (Barbudo) (nº55) a uns 9´5 km. en liña recta, O Castelo Grande-Castelo (nº56) a 11 km. ou o Coto do Castro (Aguasantas) (36) a 15 km. por citar algúns. A distancias parellas controla outros do litoral grazas a que se eleva a 327 m. de altitude sobre un coto conspicuo na marxe meridional da desembocadura do río. Debido á súa ubicación exercería un papel de lugar central e punto de partida das relacións comerciais cos outros castros.

O outro poboado cun maior control visual do val é O Castelo Grande-Castelo (nº 56) que domina outros cinco xacementos (nº52, 57, 58, 68, 69), incluído A Peneda do Viso que está no foz do Verdugo. No mesmo emprazamento ergueríase unha fortaleza en época medieval debido a un inmellorable dominio dos arredores.

O Coto do Cristo (nº62), do tipo A, domina outros catro poboados (nº63,64,65,66), grazas a asentarse nun outeiro na divisoria de augas do río Pequeno, afluente do Oitavén e do Borbén, afluente do Tea, que verque as súas augas no Miño.

O Coto do Castro (Aguasantas) (nº36) e o monte do Castro (A Lama) (nº52), ámbolos dous do tipo C, posúen un emprazamento que permite visualizar outros catro hábitats castrexos. Dende o primeiro deles, ademais de controlar os outros tres castros das proximidades (nº35, 37, 52), divísase ao lonxe A Peneda do Viso (nº69), xunto á desembocadura do Verdugo a 15 km. de distancia. Dende o outro, domínanse dous das proximidades (nº36, 37) e outros dous máis lonxanos, un deles dubidoso (nº58) e o restante por ser do tipo C e moi destacado do entorno, trátase do Castelo Grande-Castelo (Pontecaldelas), que está a 4´7 km. de distancia.

Somentes dende estes cinco xacementos se controlan catro ou máis poboados castrexos o que supón un 29´41% do total e os doce dende os que se ve ata tres supoñen un 70´59%.

Logo temos dous casos que malia ter unha intervisibilidade limitada: Pena Redonda-Chan das Pipas (nº54) e Casteliño-Castelo-monte do Castro (Barbudo) (nº55), dende os que se ven só outros dous, controlan unha área ampla xa que dende eles visualízase A Peneda do Viso, na desembocadura do Verdugo.

A continuación introducimos un pequeno cadro onde se reflicten por unha banda o número de castros de baixa intervisibilidade (0-3) e os de visualización máis óptima (4 ou máis) nas dúas bacías e as súas respectivas porcentaxes.

Nº Castros visualizados	**Lérez**	**Verdugo-Oitavén**
0-3	25 (64´1%)	12 (70´59%)
4 ou máis	14 (35´9%)	5 (29´41%)

· ÁREA DE VISIÓN.

· Introdución.

En primeiro lugar, vaise explicar, dun xeito resumido, a metodoloxía utilizada para realizar a análise no que atingue a este aspecto a desenvolver dentro da visibilización dos castros no presente traballo.

Ó facer referencia á área de visión dun xacemento castrexo aludimos ó dominio visual que se exerce sobre o entorno máis próximo dende o seu emprazamento. Ten unha maior importancia estratéxica o control do territorio no que desenvolvían os habitantes dos castros as actividades básicas para a súa subsistencia. Estes terreos, como é máis lóxico, espallábanse polo entorno máis cercano. De aí que a maior afastamento menor sería o interese por un dominio inmediato do territorio.

Cando se desenvolveu a análise deste aspecto calculáronse os datos primeiro nun radio ata 1 km. de distancia e logo ata 2 km. dende o límite exterior dos poboados castrexos. Para isto fíxose unha escolla significativa dos castros das dúas bacías propiamente ditas. Na área de estudo, contando os aledaños das dúas concas e algúns casos dubidosos suman setenta e dous castros; se nos cinguimos exclusivamente ás mesmas, xa dixemos que son só cincuenta (35 na bacía do Lérez e 15 na do Verdugo-Oitavén).

O cálculo fíxose de vintecinco (15 no Lérez e 10 no Verdugo-Oitavén) destes cincuenta, é dicir, do 50% do total. No estudo máis completo deste rasgo na cultura castrexa en Galicia, que é o da bacía media do río Ulla, na bisbarra do Deza, o autor examinou a área de visión de 54 (58´69%) dos 92 castros existentes (Carballo, 1990). No caso de ser unha cifra menor habería que facer unha análise da súa totalidade (Xusto, 1993) como é o caso da Terra de Viana do Bolo (onde só hai dezasete).

Para obter unha porcentaxe aproximada da área de visión baseámonos no cálculo da área do territorio que abrangue o radio de 1 km. (3´14 Km^2) e de 2 km. (12´56 km^2). Empregáronse mapas topográficos do MTN de escala 1:25.000 nos que se trazaron dúas circunferencias (4 cm. de radio para as terras ata 1 km. e 8 cm. para as de ata 2 km.).

Á hora de acometer esta tarefa trazáronse catro perfís topográficos de cada castro (N.-S./ O.-E./ NO.-SE./ SO.-NE.). Os devanditos perfís realizáronse con resalte para reflectir dun xeito máis nidio a distribución polo territorio dos accidentes orográficos. A equivalencia foi 1 cm.=50 m. (multiplicouse por 5 a proporción).

Unha vez trazados os perfís e analizando os diversos sectores obtivéronse as zonas visibles e as que non o son. Por enriba dos atrancos do relevo tomamos dez metros para evitar a barreira que puido supoñer a posible vexetación arbórea. Fíxose unha comprobación posterior in situ do entorno dos territorios da área de visión nos radios de 1 e 2 km. para unha maior fiabilidade.

Para calcular a superficie da área de visión contabilizáronse os cadrados no plano milimetrado completos e incompletos. Tómase a suma total dos primeiros e a

metade da dos segundos (os incompletos) que na escala utilizada (1:25.000) supoñen unha superficie de 62.500 m^2 e multiplícanse para obter o territorio da área de visión. Logo por medio dunha regra de tres obtemos as porcentaxes. Esta metodoloxía para a análise do mapa topográfico é moi útil e foi utilizada e plantexada por algúns autores especialistas na materia (Estébanez e Puyol, 1978). Aínda que as cifras sexan aproximadas son moi indicativas para o que estamos a ver.

Botouse man de exemplos dos cinco tipos de asentamentos, sen desglosalos neste caso, en subtipos, que se dan nas dúas concas fluviais (A,B,C,D,E) segundo a clasificación empregada na súa análise. A escolla fíxose tendo en conta as porcentaxes dos mesmos na rexión estudada.

Os datos dos castros por tipos de asentamentos aparecen no seguinte cadro e ó final do apartado aparecen desglosadas as superficies e porcentaxes da área de visión a 1 e 2 km. de distancia dos vintecinco poboados analizados.

TIPOS	A	B	C	D	E	Total
Lérez	3	4	5	2	1	15
Verdugo-Oitavén	2	1	5	1	1	10
Total	5	5	10	3	2	25

· Análise do grao de visibilidade.

Unha vez explicados sucintamente os aspectos metodolóxicos pasaremos a desenvolver a exposición e comentario dos datos recollidos á hora de elaborar os cadros que aparecen ó final do presente apartado.

Despois de ter recollidos os datos da área de visión dos vintecinco castros analizados calculáronse os valores medios, máximos e mínimos, tanto das porcentaxes da área de visión a 1 e 2 km. coma da superficie visible dende os mesmos. As cifras reflíctense nos cadros que aparecen deseguido por tipos de emprazamento.

As distancias utilizadas para isto, maiormente a correspondente a 1 km. poderían asimilarse á área habitualmente empregada polos habitantes dos castros para obter os recursos alimenticios para a subsistencia cotiá (Xusto, 1988-89).

Outro tipo de bens como poden ser as materias primas (madeira, recursos petrolóxicos e mineiros) sóense obter tamén nas inmediacións dos poboados (Vázquez Varela, 1983; Carballo Arceo e López Cota, 1988), aínda que pode haber excepcións.

En primeiro lugar, engadimos o cadro coas porcentaxes (%) da área de visión máximas, medias e mínimas.

TIPO	**Visibilidade r = 1 km. (%)**			**Visibilidade r = 2 km. (%)**		
	Máxima	**Media**	**Mínima**	**Máxima**	**Media**	**Mínima**
A	94´26	80´1	65´68	80´86	52´29	38´81
B	85´5	62´07	42´77	68´9	39´14	18´15
C	97´53	88´15	73´56	80´61	62´27	47´77
D	91´56	66´33	46´75	45´78	29´69	20´4
E	64´68	61´19	57´7	39´57	38´05	36´54

A continuación, inclúese o cadro coas superficies máximas, medias e mínimas visibles dende os castros da escolla efectuada.

TIPO	Visibilidade r = 1 km. (km^2)			Visibilidade r = 2 km. (km^2)		
	Máxima	**Media**	**Mínima**	**Máxima**	**Media**	**Mínima**
A	2´96	2´5	2´06	10´15	6´56	4´87
B	2´68	1´94	1´34	8´65	4´91	2´28
C	3´06	2´76	2´31	10´12	7´81	6
D	2´87	2´07	1´46	5´75	3´72	2´56
E	2´03	1´92	1´81	4´97	4´78	4´59

Primeiramente, procédense a comentar as porcentaxes da visibilidade e as superficies correspondentes no radio de 1 km (máxima, media e mínima). Os poboados do tipo C son os que acadan unhas cifras máis altas neste abano espacial xa que teñen un 97´53% na Peneda do Viso (nº69) (3´06 km^2), 88´15% (2´76 km^2) e 73´56% na Cividá (nº29) (2´31 km^2), respectivamente, de grao de visión.

Os de valores máis cativos á distancia de 1 km. son os do tipo E no que atingue ós % máximos e medios, co 64´68% en Pena Redonda (nº54) (2´03 km^2) e 61´19% (1´92 km^2); o valor máis diminuto téñeno os do tipo B co 42´77% no monte do Castro de Amoedo (nº63) (1´34 km^2).

Todo o exposto anteriormente indica que os castros emprazados no alto dun coto elevado con fortes pendentes, polo menos por tres lados, que son os do tipo C teñen unha maior visibilidade nas porcentaxes máxima, media e mínima a 1 km. debido á súa ubicación en lugares moi conspicuos e dende os que se exerce un control visual óptimo, incluso en distancias máis longas.

Dos dez castros do tipo C comentados aquí, seis deles pasan do 90% de campo de visión a 1 km.. A devandita porcentaxe supérana otros tres, dous do tipo A e un do D. Aínda que o tipo de emprazamento inflúe en boa medida, os condicionantes orográficos do entorno próximo tamén. Se se trata dunha área máis aberta, evidentemente, a visualización é maior. Cando a altitude relativa co entorno é negativa ou estamos nunha zona encaixonada do val o control visual restrínxese de xeito considerable.



Ilustr. 6.6.2 – Área de visión. Coto Loureiro (nº1). Tipo A

Tamén os poboados do tipo A, ubicados nun outeiro ou lomba, acadan cifras case tan altas no que atingue á area de visión. A máxima é do 94´26%, a media é do 80´1% e a mínima dun 65´68%. Como se pode ver só son un pouco inferiores ós do tipo C.

Se comparamos estes datos cos da zona próxima da bacía media do Ulla, na bisbarra do Deza, nesta a visibilidade máxima téñena os do tipo B (97%), seguidos dos do A (95%) e, en terceiro lugar, están os do C (92%). Na media dominan os do A (80%) e, deseguido, os do C (78%). Na mínima sobresaen, con moita diferenza os do C (69%). Nos do tipo C as cifras son moi semellantes ás nosas.

Pola contra, as visibilidades mínimas son moito máis altas, en xeral, nas concas do Lérez e Verdugo-Oitavén ca na bacía media do Ulla.

Os que se ubican nunha chaira, é dicir, os do tipo E, nos que se pode citar o concepto de “sombra visual” (trátase dunha área que queda totalmente oculta por un accidente topográfico), e a maioría dos que están na aba dun monte de pendente suave ou moderada, que son os do tipo B, teñen un alcance visual, en xeral, máis reducido ou orientado a zonas concretas do territorio. Malia isto, só dous castros teñen un control visual menor ó 50% a 1 km. de distancia. Ademais do devandito Monte do castro de Amoedo (42´77%), que é do subtipo B-3, que se empraza nun rechán dunha aba, aproveitando un coto rochoso natural que se ergue uns poucos metros sobre aquel, temos o castro de Montes (46´75%) que pertence ó tipo D, asentado nun esporón nun meandro do río do Castro, en concreto do subtipo D-1 ou esporón en altura, denominado deste xeito pois non é amesetado.

A continuación vaise proceder a desenvolver unha análise da área de visión no radio de 2 km. de distancia. Neste caso o valor máximo máis alto corresponde ós do tipo A co 80´86% do Coto Loureiro (nº1) que se asenta nun interfluvio na cabeceira do Lérez. Supera lixeiramente ós do tipo C que chegan ó 80´61% na Peneda do Viso, xunto á desembocadura do Verdugo. Son os dous únicos castros da área de estudo que superan o 80%. O valor máximo máis baixo, corresponde, igual que a 1 km. a un do tipo E co 39´57%.

Nos valores medios destacan tamén os do C co 62´27%, neste caso a media máis cativa é a do D co 29´69%. A mínima máis alta é tamén dun do tipo C co 47´77% e a máis baixa a do B (tamén no monte do Castro de Amoedo) co 18´15%, lixeiramente superada polo D co 20´4%. Na visibilidade a 2 km. tamén hai moitos parellos coa bacía media do Ulla.

Na parte final deste capítulo inclúense os datos desmiuzados tanto das porcentaxes coma das superficies aproximadas. Non se comentan, polo tanto, as superficies aproximadas posto que sería repetir o mesmo do dito no que atingue ás porcentaxes da área de visión.

Unha idea que se pode sacar de todo o anteriormente exposto é que o tipo de emprazamento inflúe na existencia dunha maior ou menor área de visión. Os castros emprazados nun coto elevado de pendentes pronunciadas e destacado no entorno (tipo C) ou nun outeiro ou lomba, ás veces nun interfluvio (tipo A) posúen, xeralmente, un campo de visión de maior amplitude que os dos outros tipos.

Esta afirmación constátase con outro dato. Só a área de visión a 1 km. de once castros (44%) supera porcentualmente a de 2 km. dos dous castros que a teñen máis alta (ó redor do 80%). Case todos son dos tipos C (7) e A (2) o que confirma o dito no parágrafo anterior.

A porcentaxe da área de visión de todos os poboados, agás nun caso, é maior a 1 km que a 2 km. A excepción é o Coto da Cerca de San Xurxo de Sacos do tipo B (subtipo B-1). A 1 km. de distancia divísase o 59´71% (1´87 km2) e a 2 km. o 68´9% (8´65 km2). A causa disto é que na parte máis baixa da aba na que se asenta,

emprázase, euriba dun outeiro, outro poboado, neste caso o de máis tamaño de toda a bacía do Lérez que é A Cividá (nº29).

Sen embargo, a superficie non é un factor determinante á hora de acadar un maior ou menor dominio visual. Dun total de vinte e cinco castros dos que se fixo unha análise neste apartado, só cinco superan as 2 Has. (nº 3,29,56,57 e 69). Só dous deles (nº69 e 56) e ubicados nun coto moi conspicuo (Tipo C) teñen unha área de visión moi boa tanto a 1 km. (97´53 e 92´54% respeitivamente) coma a 2 km. (80´61 e 77´62%). Débese destacar tamén o que ten menor visibilidade (nº3) ás devanditas distancias (46´75% a 1 km. e 22´89% a 2 km.).

Entre os de tamaño menor, que non superan a hectárea de superficie, hainos que teñen unha considerable área de visión e moito máis ampla que outros máis extensos. Poden servir como exemplos o monte do Castro da Lama (nº52) do tipo C cun campo visual a 1 km. do 96´52% ou o Coto Loureiro (nº1) do tipo A co 94´26%. Este último poboado pode servir como mostra para a distancia de 2 km. co 80´86% de área de visión.



Ilustr. 6.6.3 – Área de visión. Monte do Castro – Cruz do Castro (Carballedo) (nº 27). Tipo C.

Por todo isto pódese afirmar que non só se buscaba un control da área de obtención de recursos básicos e materias primas que, por lóxica, tiñan que estar o máis cerca posible para reducir ó máximo os desprazamentos, senón tamén das vías de comunicación que daban acceso ós poboados e os comunicaban cos veciños. O compoñente estratéxico nunha cultura deste tipo era fundamental para unha maior seguridade, tanto no aspecto económico coma no defensivo.

· Categorización da área de visión.

Neste apartado vanse incorporar dous pequenos cadros de datos, das dúas áreas de visión tratadas (1 e 2 km.) para clasificar os castros en catro categorías en función do grao de visibilidade que teñan. As mesmas son as que se enumeran deseguido: 80-100% (moi boa), 60-80% (boa), 40-60% (media), <40% (mala).

Ademais dos devanditos datos porcentuais especificaranse de que castros se trata e que tipo de emprazamento teñen. Este aspecto analizárono antes outros autores para a distancia de 1 km. como é o caso da Terra de Viana do Bolo desglosándoo en dúas rexións (Xusto, 1988-89), pero no noso estudo vaise facer tamén a 2 km. e incluiranse todos os poboados castrexos nun mesmo cadro en cada un dos radios analizados.

Os xacementos aparecen ordeados de maior a menor área de visión en cada categoría, tamén a cantidade e a porcentaxe que supón cada grupo no total (25).

ÁREA DE VISIÓN (1 km.)	Xacementos (nº)	Total	%
< 40% (Mala)	-	-	-
40-60% (Media)	30,14, 46,3,63	5	20%
60-80% (Boa)	18,28,40,29,57,31,54,23,53	9	36%
80-100% (Moi boa)	69,52,1,12,71,56,27,21,36,32,5	11	44%

ÁREA DE VISIÓN (2 km.)	Xacementos (nº)	Total	%
< 40% (Mala)	54,12,14,46,23,3,53,63	8	32%
40-60% (Media)	31,27,18,5,28,52,29,21,57,40	10	40%
60-80% (Boa)	56,71,30,36,32	5	20%
80-100% (Moi boa)	1,69	2	8%

No radio de ata 1 km. as porcentaxes abranguen dende o 97´53 % da Peneda do Viso (nº69) ata o 42´77% do monte do Castro de Amoedo (nº63) e no de 2 km. o abano vai do 80´86% do Coto Loureiro (nº1) ata o 18´15% do monte do Castro de Amoedo (nº63), como xa se apuntou anteriormente.

Ata a distancia de 1 km. predominan os castros que teñen unha visibilidade moi boa (80-100%) e son o 44% (11). Son maioría os do tipo C (7), tamén hai, en menor medida, do A (2), do D (1) e do B (1), pero ningún do E.

Isto implica que o tipo de emprazamento, como xa dixemos, é o motivo principal para ubicar un castro. Os cotos moi destacados co entorno e con pronunciadas pendentes (tipo C), ademais do control visual do territorio e dos accesos, permiten unhas mellores condicións defensivas naturais no caso de darse algún conflito.

Noutras rexións da cultura castrexa, xa dende os seus comezos, tamén se comprobou, en zonas de val, o control que se exercía dende os poboados das áreas onde desenvolvían os poboadores dos castros as actividades básicas para sobrevivir. Tanto as terras propicias para a agricultura e a gandería coma as de fragas para o aproveitamento forestal, normalmente dominábanse dende o lugar de habitación. Ademais hai que salientar o control óptico dos puntos clave para a defensa do castro e do seu territorio. Un exemplo pode ser a bacía inferior do Lima (Almeida, C.A.B., 1990).

Califícase como boa a área de visión do seguinte nivel (60-80%); neste caso está o 36% (9). Nel están o resto dos tipos C (3) e A (3), ademais de cadanseu dos demais: B, D e E. No grupo de visibilidade media (40-60%), inclúese o 20% restante (5); neste hai máis do B (3), ademais de cadanseu do D e do E.

Por último, hai que indicar que ningún castro, segundo esta clasificación, ten unha visibilidade mala (<40%).

A continuación vaise desenvolver a análise da área de visión no radio de ata 2 km. Neste intervalo espacial os castros cunha visualización moi boa (80-100%)

redúcense ó 8% (2). Temos un do tipo A, o Coto Loureiro (nº1), ubicado nun interfluvio e outro do C, A Peneda do Viso (nº69), a carón da costa e xunto á desembocadura do Verdugo.

Os asentamentos de visibilidade boa (60-80%) equivalen ó 20% (5); case todos do tipo C (4) e o outro do B. A maioría teñen un control visual medio (40-60%) que supón o 40% (10); destes os máis numerosos son os do tipo C (5) e os do A (3), ademais hai cadanseu do B e do D.

O derradeiro grupo, os de área de visión catalogada como mala (<40%) son o 32% (8). Neste caso hai de todos os tipos agás do C (os de mellor control do territorio), pois temos do B (3), do E (2), do D (2) e do A (1).

Como é lóxico a maior distancia, ademais de atoparse máis barreiras orográficas, a visibilidade redúcese cada vez máis. Aínda que non ten tanta importancia a área de visión a máis longas distancias, xa que a capacidade visual difumínase e non se exercería un control real do espazo. Imos citar, deseguido, varios exemplos relevantes en relación á intervisibilidade dalgúns castros.

O caso máis sobranceiro é A Peneda do Viso (nº69), do tipo C, dende o que se controla a a parte interna da ría de Vigo e se divisan varios castros, na mesma marxe, que é a meridional, a unha distancia entre 10 e 15 km. aproximadamente. Algúns dos asentamentos visibles cara o interior da bacía do Verdugo-Oitavén atópanse a unha distancia importante: Coto do Castro de Aguasantas (nº36) a 15 km., Pena Redonda (nº54) a 13´6 km., Castelo Grande-Castelo de Pontecaldelas (nº56) a 11 km. ou o Casteliño-Castelo-monte do Castro de Barbudo (nº55) a 9´5 km. Pero, a efectos prácticos, isto non era tan relevante coma o control sobre sectores máis achegados ó lugar de habitación.

No que atingue a isto último hai que comentar que, alén do aspecto defensivo da Peneda do Viso, o emprazamento estratéxico tamén está condicionado polo control das áreas de explotación económica, incluso distantes (a liña de costa está a, aproximadamente, 1´5 km.), como proba o achado de grandes depósitos detríticos

formados fundamentalmente por restos de moluscos, propios do espazo intermareal de "cul de sac" da ría de Vigo (Vázquez Varela, 1977).

Un exemplo na conca do Lérez pode ser o Coto da Cerca (nº30) dende o que se divisa Castrodiz (nº10) a 8´5 km. Nesta bacía dende varios castros, aínda que están afastados a 10-15 km. do mar, pódese ver a parte interna da ría de Pontevedra como son o Coto de Paraños (nº28), o Coto da Cerca (nº30) e Coto do Castro de Viascón (nº32).

No que se refire á visión a longa distancia, todos eles, agás Pena Redonda que se asenta nunha penichaira e o Coto da Cerca que está na parte alta dunha aba, son do tipo C e emprázanse en cotos destacados que exercen un óptimo control do territorio do entorno.

A continuación, para complementar toda a información desenvolvida ata aquí no presente capítulo, vanse insertar uns cadros relativos á área de visión dos castros, clasificados por tipos de emprazamento, ata as distancias de 1-2 km., tanto no que atingue a porcentaxes como a superficies aproximadas.

· Cadros da área de visión.

TIPOS	A	B	C	D	E	Total
Lérez	3	4	5	2	1	15
Verdugo-Oitavén	2	1	5	1	1	10
Total	5	5	10	3	2	25

Tipo A

Val do Lérez

Val do Lérez **Nome e Nº**	**1Km.**	**%**	**2 Km.**	**%**
Coto Loureiro (1)	2´96 km^2	94´26	10´15 km^2	80´86
Castro de San Cibrán (Vilalén) (12)	2´96 km^2	94´26	4´87 km^2	38´81
Monte do Castro (San Xurxo de Sacos) (31)	2´06 km^2	65´68	7´25 km^2	57´72

Val do Verdugo-Oitavén

Nome e Nº	**1 km.**	**%**	**2 Km.**	**%**
Monte do Castro (Pontesampaio) (40)	2´34 km^2	76´64	5´03 km^2	40´05
Coto da Cidade (Tourón) (57)	2´18 km^2	69´66	5´53 km^2	44´02

Tipo B

Val do Lérez

Nome e Nº	**1 km.**	**%**	**2 Km.**	**%**
Castro de Garellas-Castro de Rodeiras (5)	2´68 km^2	85´59	7 km^2	55´73
Monte do Castro (Cerdeiras) (23)	2´03 km^2	64´65	3´31 km^2	26´37
Coto da Cerca (San Xurxo de Sacos) (30)	1´87 km^2	59´71	8´65 km^2	68´9
Monte do Castro (Maúnzo) (46)	1´81 km^2	57´64	3´34 km^2	26´59

Val do Verdugo-Oitavén

Nome e Nº	**1 km.**	**%**	**2 km.**	**%**
Monte do Castro (Amoedo) (63)	1´34 km^2	42´77	2´28 km^2	18´15

Tipo C

Val do Lérez

Nome e Nº	**1 km.**	**%**	**2 km.**	**%**
Coto de Penalba (18)	2´5 km^2	79´61	7´12 km^2	56´72
Monte do Castro-Cruz do Castro (Carballedo) (27)	2´87 km^2	91´56	7´12 km^2	56´72
Coto de Paraños (28)	2´46 km^2	78´6	6´96 km^2	55´47
A Cividá (San Xurxo de Sacos) (29)	2´31 km^2	73´56	6 km^2	47´77
Coto do Castro (Viascón) (32)	2´75 km^2	87´58	7´65 km^2	60´95

Val do Verdugo-Oitavén

Nome e Nº	**1 Km.**	**%**	**2 km.**	**%**
Coto do Castro (Aguasantas) (36)	2´84 km^2	90´44	7´9 km^2	62´94
Monte do Castro (A Lama) (52)	3´03 km^2	96´52	6´62 km^2	52´74
Castelo Grande-Castelo (Pontecaldelas) (56)	2´9 km^2	92´54	9´75 km^2	77´62
A Peneda do Viso (69)	3´06 km^2	97´53	10´12 km^2	80´61
Monte da Croa-Castro de Acuña (71)	2´93 km^2	93´55	8´93 km^2	71´16

Tipo D

Val do Lérez

Nome e Nº	**1 km.**	**%**	**2 km.**	**%**
Castro de Montes (3)	1´46 km^2	46´75	2´87 km^2	22´89
Monte do Castro (Redonde) (21)	2´87 km^2	91´56	5´75 km^2	45´78

Val do Verdugo-Oitavén

Nome e Nº	**1 km.**	**%**	**2 km.**	**%**
Monte do Castro (Gaxate) (53)	1´9 km^2	60´7	2´56 km^2	20´4

Tipo E

Val do Lérez

Nome e Nº	**1 km.**	**%**	**2 km.**	**%**
Roda do Castro-Castro de Arriba (14)	1´81 km^2	57´7	4´59 km^2	36´54

Val do Verdugo-Oitavén

Nome e Nº	**1 km.**	**%**	**2 km.**	**%**
Pena Redonda-Chan das Pipas (54)	2´03 km^2	64´68	4´97 km^2	39´57

· INTERVISIBILIDADE E MORFOLOXÍA DEFENSIVA.

Neste apartado vaise comentar deseguido a relación entre a visualización e a intervisibilidade dos castros e os seus sistemas defensivos. Fíxose unha revisión xeral e elixíronse, como exemplos, aqueles casos nos que se amosa dun xeito máis nidio esa posible relación.

Cando se analizou a intervisibilidade só se comentou dun xeito detallado a dos xacementos das dúas bacías propiamente ditas do Lérez e do Verdugo-Oitavén. No mesmo incluíronse os trinta e cinco castros do Lérez e os catro do Tomeza ou dos Gafos e os quince do Verdugo-Oitavén ademais dos dous da parte interna da ría de Vigo perto da desembocadura do colector principal. Deixáronse á marxe neste aspecto, dentro da nosa área de estudo, tanto os dubidosos (6) como os que xa están nas bacías do Umia (4) e do Miño (6).

Antes de pasar a expor os rasgos relativos a isto, insertamos os datos do tipo de asentamentos comentados neste punto.

TIPO	Lérez	Verdugo-Oitavén
A	10	4
B	8	2
C	11	7
D	6	2
E	4	2
Total	39	17

No que atingue á intervisibilidade xa se apuntou anteriormente a cantidade de castros dende os que se podían ver outros catro ou máis xacementos. Na conca do Lérez supoñen o 35´9% (14) e na do Verdugo-Oitavén o 29´41% (5).

No primeiro caso distribúense por tipos de emprazamento do seguinte xeito: C (7), B (3), A (3), E (1) e ningún do D; na segunda das bacías serían: C (4) e A (1).

Como se pode ver dos dezanove asentamentos con maior intervisibilidade, once deles están nun coto elevado con fortes pendentes (C) e logo destacan os que se emprazan nun outeiro ou lomba con catro (A).

Os castros ubicados en cotos con fortes pendentes que teñen unha intervisibilidade menor é por cousa das barreiras orográficas e sobre todo pola menor densidade de poboados no seu entorno. Nesta situación podemos salientar algúns exemplos. Tanto dende o Coto de Paraños (nº28) no val do Almofrei coma dende o Casteliño-Castelo-monte do Castro de Barbudo (nº55) no do Oitavén só se ven outros dous castros.

Malia iso, hai que dicir que dende o de Paraños distínguese a ría de Pontevedra a uns 20 km. e dende o de Barbudo divísase A Peneda do Viso a case 10 km. Outro caso é Castrodiz (nº10) no val do río Quireza, dende o que se ven outros tres aínda que destaca moito sobre o entorno, pero pódese ver seguindo o val principal (o do Lérez) a unha distancia próxima ós 10 km.

O tipo de emprazamento é o elemento máis importante en relación á visibilización dos castros a longa distancia no horizonte e á súa intervisibilidade.

Logo de revisar dun xeito sucinto o aspecto anterior, pois xa se tratara noutra ocasión, vaise tratar agora a posible relación entre a visualización e a intervisibilidade e a morfoloxía defensiva. Hai que ter presente que a cultura castrexa do NO. peninsular constitúese por núcleos de poboamento indíxena declaradamente defensivos e con estruturas arquitectónicas predominantemente circulares (Silva, A.C.F. da, 1986), sendo doadamente visibles 2.000 anos despois.

Ó emprazamento conspicuo que se dá nos poboados castrexos situados nun coto hai que engadir o seu sólido sistema defensivo, malia as boas defensas naturais debido ás fortes pendentes que os rodean. Ademais disto, outro rasgo que complementa tanto as defensas como a visualización é a existencia de afloramentos rochosos de considerables proporcións nos asentamentos. Todo isto obsérvase dunha forma aínda máis realzada na croa ou recinto superior.

Outra característica salientable é que os castros asentados nun coto cunha maior visualización aséntanse nunha ubicación na ruptura de pendentes entre a parte alta das estribacións montañosas e as áreas de val. Debido á súa caracterización pódese afirmar que o seu abano visual é óptimo en distancias curtas e medias pero tamén é bo na lonxanía. As devanditas particularidades permiten afirmar tamén que dende o seu entorno a súa visualización era moi boa.

Os poboados perfectamente dominantes e visibles no territorio das dúas bacías, exercían un óptimo control do mesmo, cousa que tamén acontece noutras zonas da cultura castrexa do NO. como é o caso da Terra de Viana do Bolo (Xusto, 1993). Ademais interesáballes ós castrexos o dominio visual das vías de comunicación existentes daquela. Á prominencia do tipo de asentamento hai que unir o enorme esforzo que supuxo para comunidades non moi numerosas o erguemento de defensas de grandes proporcións que realzaban aínda máis os asentamentos.

As condicións naturais de defensa propiciadas por posicións máis ou menos elevadas son un elemento decisivo, dato que afirman outros autores para outras áreas da cultura castrexa do NO. peninsular (Silva, A.C.F. da, 1986). Soen estar normalmente vencelladas con liñas de auga, moi favorecedoras da defensa e da subsistencia das comunidades.

Destacan polo seu volume os sistemas defensivos dalgúns castros ubicados nun coto con fortes pendentes cando menos por tres das súas vertentes (Tipo C). Entre eles debemos mencionar A Cividá (nº29), Castrodiz (nº10), monte Castelo-Lérez (nº48), Coto de Penalba (nº18), Coto do Castro-Famelga (nº35) ou Castelo Grande-Castelo de Pontecaldelas (nº56).

Hai moitos puntos susceptibles de albergar un castro pero edificáronse só naqueles emprazamentos que polas súas condicións permitían exercer un control estratéxico do territorio de explotación de recursos e dos camiños que facían posible as comunicacións. Algún investigador concluíu algo relacionado con isto afirmando que as defensas dos castros poden rodear practicamente todo o xacemento, mesmo cando as condicións topográficas do recinto as fagan innecesarias (Calo, 1993).

Incluso en zonas de fortes terrapléns reforzan as defensas con murallas, aínda que ás veces prescinden delas nalgunha das súas vertentes (ex.: nº10 e 67). Hai autores que formularon a idea de que o castro foi unha resposta defensiva (contra unha agresión humana) (Esparza Arroyo, 1986).

Temos castros con tipos de emprazamento diferentes con menos realce sobre o entorno pero que se fan moi visibles debido á tipoloxía de murallas que posúen. Estas murallas teñen un corpo central a base dun muro pétreo e logo taludes de terra moi empinados. Aínda que nalgún destes casos as súas características defensivas naturais non eran as mellores, o seu sistema defensivo construído polos seus habitantes fai que destaquen sobre o territorio circundante.

Destes xacementos debido á súa ubicación e ás súas defensas tense deles unha visión máis inmediata. No val do Lérez temos un caso nun interfluvio (Tipo A) como é o Coto Loureiro (nº1) cun sistema de foxo-parapeto-foxo e unha altura que supera os cinco metros cara o exterior e un talude superior ós dez metros. Logo hai outro, tamén no curso alto do Lérez, moi semellante que é o castro de Garellas-castro de Rodeiras (nº5) pero ubicado a media aba nunha liña de ruptura de pendentes (Tipo B), que se fan máis acusadas cara a parte inferior.

Outro exemplo destacado, na mesma conca fluvial, neste caso nunha pequena elevación nunha chaira (Tipo E) é A Cerca en Praderrei (nº19). Este castro de recinto único posúe unha muralla de 4 m. de ancho e 5 m. de alto. O talude da mesma oscila entre os 12-15 m. de desnivel cun muro que o delimita, que fai de sostén, en todo o seu perímetro.

Na conca do Verdugo o Coto da Cidade de Tourón (nº57) ten unha muralla ergueita cun muro de pedra na súa parte interna e taludes de terra cun desnivel moi acusado. Conserva na actualidade unha altura duns 3 m. de altura cara o interior e 1´5 m. de ancho na súa coroación. Ademais disto, ten un foxo de 10 m. de ancho bordeado por un segundo parapeto na parte meridional. Por el pasa o camiño de acceso que ascende por unha rampla cara o interior do recinto. Na parte oriental hai un terraplén cun forte desnivel, de máis de 25 m., cara o rego de San Vicente que fai de defensa natural neste sector. Trátase dun poboado do tipo A e está asentado nun

interfluvio. Dende a súa posición domina as terras máis baixas pero tamén dende as terras chans das súas cercanías, onde se asenta hoxe o núcleo de Tourón, percíbese nidiamente o xacemento grazas ás súas voluminosas defensas malia o seu emprazamento.

Un sistema defensivo parello témolo noutro poboado cun emprazamento do tipo A que é o Alto da Roda do Castro en Garfián (nº51), perto das fontes do Verdugo pero ó outro lado da Dorsal Galega. Neste caso está nun cumio con fortes desniveis cara a zona por onde o bordea un curso fluvial. Caracterízase por ter unha dobre muralla con foxo duns 3 m. de ancho no medio e un talude duns 10 m. cara o exterior. Ó amplo dominio do espazo únese a súa boa visualización debido ó seu sistema defensivo.

Como se constata nos anteriores exemplos temos castros cunha ubicación moi conspicua (Tipo C) que, de por si, destacan moito sobre o entorno debido ó seu emprazamento con excelentes defensas naturais (fortes desniveis, penedos, cursos fluviais, etc.). A todo isto engádese cadanseu sistema defensivo de gran envergadura que realza, aínda máis se cabe, a súa visualización. Nalgúns destes casos, xa mencionados, a súa menor intervisibilidade débese esencialmente á menor densidade de poboados nalgunhas microrrexións.

Nos aledaños das dúas bacías pero fóra delas e case na divisoria de augas temos tamén poboados asentados en cotos moi conspicuos cunha posición dominante (Tipo C) cunhas defensas de gran envergadura.

Imos comentar brevemente tres asentamentos desta caste. O Castro de Orto-Coto do Castro-Pico do Castro (nº25) está case na divisoria do Lérez e o Umia, pero xa na vertente deste nun lugar elevado. A súa muralla é a base de pedra miúda e cun talude de terra e ten un foxo e un parapeto internos. No NO. ten tres foxos con cadanseu parapeto e no SE. redúcense a dous.

Perto das fontes do Verdugo, non moi lonxe da divisoria que supón a Dorsal Galega está o castro de Magros (nº50) nun coto prominente bordeado por un curso fluvial. Malia iso o recinto principal ou croa ten unha muralla de 4´5 m de ancho e a

do antecastro 1´7 m. A isto engádese un sistema de foxo-parapeto-foxo no sector con menos defensas naturais e un posible torreón.

Un caso semellante é O Castelo do Galo (nº67) case na divisoria da bacía do Verdugo-Oitavén pero xa na vertente que dá á cabeceira do Louro (da bacía do Miño). Neste caso confórmano a croa a catro recintos anexos con cadansúa liña de muralla que na parte oriental, na que hai unha vaguada que fai de foxo natural, se reducen a tres. Neste e no de Magros teñen tamén uns afloramentos rochosos de considerables proporcións.

De todo o anterior conclúese que malia ó emprazamento moi destacado en relación ó territorio do seu ámbito de influencia dunha serie de castros os seus habitantes erixiron defensas de gran volume. Nalgúns casos, non sería preciso tanto esforzo, cando menos aparentemente. Isto tanto puido deberse a unha posible inseguridade causada pola competencia polo dominio do territorio necesario para a subsistencia dos poboados e ó risco dun hipotético ataque exterior, procedente dos habitantes doutros asentamentos, xa en época prerromana.

O autor clásico máis senlleiro da arqueoloxía galega, López Cuevillas, comentou, no seu momento, este aspecto. Afirmou que os castros construíronse, non para resistir ós romanos, senón para protexer ós seus habitantes das acometidas doutras colectividades indíxenas inimigas (López Cuevillas, 1953). Realmente, contra a balística e o poderío militar dos romanos as defensas dos castros pouco podían facer.

Daquela todas as obras públicas e as defensas dos castros deberon ser un exemplo de organización social. Tamén cabe a opción de que constituísen un indicativo de riqueza, poder e prestixio da sociedade que as fai (Calo, 1993). Pero isto é algo común a todas as culturas protohistóricas europeas (Wells, 1988).

Fose co gallo da inseguridade que é o máis probable, segundo a nosa opinión, ou fose por prestixio, cousa que nos parece menos posible, o certo é que temos diversos exemplos de poboados cun emprazamento destacado con moi boas defensas

naturais que se caracterizan por un sistema defensivo artificial moi voluminoso, malia abondar cun máis sinxelo.

Os devanditos exemplos desta tipoloxía tiñan unha maior área de visión e a súa visualización agrandábase na lonxanía, como xa se comentou, grazas á grandiosidade das súas defensas. Neste tipo (C) pódense salientar casos, de rasgos parellos, a carón da liña de costa como poden ser A Peneda do Viso (nº69), parcialmente arrasado, e o monte da Croa-castro de Acuña (nº71), ámbolos dous nas proximidades da desembocadura do Verdugo na ría de Vigo.

O monte da Croa-castro de Acuña é un asentamento de recinto único e atópase no alto dun coto con abas que descenden dun xeito moi pronunciado ata a mesma liña de costa. Malia as excelentes defensas naturais ten unha muralla duns 4 m. de ancho e un foxo de varios metros de fondo na parte oriental ademais dun parapeto ou antefoxo; a todo isto hai que engadir a existencia de afloramentos rochosos.

Non só dominan o territorio da franxa litoral senón tamén a parte interna da ría. A súa situación era moi boa dende o punto de vista estratéxico. Tiñan unha ampla área de visión que lles permitía controlar a arribada de embarcacións pero tamén os divisaban a eles debido á conxunción do seu emprazamento e ás súas ostentosas defensas que erixiron aínda que abondase cunhas de menor envergadura.

Agora ben, existen outros castros con tipos de emprazamento que sobresaen, en menor medida, en relación ó seu entorno, pois algún incluso se asenta nunha chaira, e cunha menor área de visión que, malia iso, temos deles unha visión inmediata debido ó seu monumental sistema defensivo.

Tamén se dá a situación contraria pois hai castros dos diversos tipos cunhas defensas tanto naturais coma artificiais máis cativas. Aínda así hai que dicir que, en xeral, os dos tipos C e a maioría dos do A e incluso algún do D carácterízanse por unhas defensas naturais óptimas.

Os demais, aínda que erixiron murallas, atopábanse nunha situación máis vulnerable en caso dun ataque exterior. Tanto a visualización coma a intervisibilidade destes últimos eran moito máis limitadas.

Malia ás diferenzas apreciadas entre os diferentes tipos de emprazamentos da área estudada a totalidade dos castros tiveron ben unha relación de tipo visual ou ben, con moita probabilidade, estiveron comunicados por unha rede de camiños e vías naturais de paso que ascendían polos vales principais e tiñan derivacións nos secundarios. O trazado destas vías pasaba a unha altitude inferior dos poboados, que na súa maioría tiñan un emprazamento elevado con boa parte das terras do entorno, para poder exercer un control sobre os mesmos e así gozar dunha mellor seguridade.

Noutras zonas estudadas do NO. neste aspecto hai certas similitudes, aínda que con diferenzas nalgún caso coma O Courel no que os camiños pasaban pola parte superior dos xacementos (Acuña Castroviejo, 1996c).

En resume, pódese constatar a existencia de sólidas fortificacións pétreas dos hábitats castrexos como se pode comprobar en diversos castros xa dende os comezos da Idade do Ferro, no ámbito do presente traballo pódese ver nos casos de Penalba ou As Croas. A boa visualización (grazas ó emprazamento e ás defensas) e o amplo control do territorio, tanto da área de subsistencia coma da rede de camiños, deberon ser rasgos básicos para a pervivencia da cultura castrexa durante un abano temporal tan amplo.

6.7 - AS ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

O xénero humano sempre procurou asentarse ou desenvolver as súas actividades cotiás nun entorno que lle fose o máis propicio posible. Nos comezos do I milenio a.C. xurde un novo tipo de hábitat permanente, no NO. peninsular, que é o castro. Este vai ser o único tipo de poboado desa época. O asentamento nun lugar fixo require a existencia dunhas posibilidades axeitadas para a subsistencia dos grupos humanos.

Os castros caracterízanse polo seu carácter pechado e terían unha economía case autosuficiente e rodéanse por unha muralla que lles dá cohesión interna e permite a súa autoafirmación como comunidade diferenciada das outras (Fernández-Posse; Sánchez-Palencia, 1998).

Un elemento primordial para ubicar un castro, como xa se apuntou, era o lugar de emprazamento que permitise un bo dominio visual do entorno próximo, tanto das terras altas coma dos vales e debía ter unhas defensas naturais óptimas, aínda que logo se erguese un sistema defensivo artificial para realzar o poboado e reforzar a seguridade.

As necesidades básicas para a subsistencia, maiormente as alimenticias, debían satisfacerse nun territorio o máis cercano posible, para evitar longos e incómodos desprazamentos (o que se pode chamar *lei do mínimo esforzo*) e evitar entrar en conflito con pobos veciños. O sentido práctico debeu prevalecer.

Isto explica que malia a que calquera lugar elevado respecto ó terreo circundante foi susceptible de ser ocupado por un castro (Calo, 1993) só elixiron os que tiñan un territorio de explotación máis propicio. Ademais buscan emprazamentos moi conspicuos (González Ruibal, 2006-07), non só para dominar a área de obtención de recursos senón tamén para ser ben visibles.

O máis seguro é que procurasen un lugar no que houbese prados, terras cultivables, caza ou pesca fluvial (Esparza, 1986), ademais de recursos forestais ou

tamén outras opcións como poden ser o marisqueo ou a pesca litoral nos castros costeiros (Fernández Rodríguez; Rodríguez López, 1996/ Vázquez Varela; Rodríguez López, 1999-2000). Nalgunhas zonas a explotación dos recursos mineiros, sobre todo ouro e estaño, foi tamén un reclamo para establecer poboados castrexos coma no Courel (Luzón et alii, 1980) ou nas Terras de Viana do Bolo (Xusto, 1993).

Aínda que se desenvolveron diversos estudos destes aspectos, non son suficientes pois os xacementos investigados son unha porcentaxe non moi alta dentro do total. Ás veces bótase man de analoxías para comentar algúns destes rasgos que eu coido non son moi acertadas.

Un exemplo disto pode ser a utilización dos mapas de solos actuais para facer unha análise da potencialidade das terras na época castrexa (Parcero, 2002). Os solos actuais non son os mesmos que os do I milenio a.C., xa que hai un abano de 2.000-3.000 anos e non coinciden, xa que evoluíron. En tal caso, pódese dar unha visión xeral, pero non comparar os solos de agora cos que había daquela. O limitarse a enumerar porcentaxes de tipos de solos actuais para a análise do entorno dun xacemento castrexo non ten validez.

Estas comunidades castrexas segundo aumentaba a súa poboación, ampliaban os poboados ou fundaban outros novos e terían que explotar un territorio máis amplo e ó abeiro das necesidades desenvolverían unha maior intensificación das actividades económicas para a súa subsistencia. A necesidade de novas terras para as actividades agrogandeiras debeu dar lugar a roturacións e á aceleración de procesos erosivos.

A escolla do lugar de habitación en lugares elevados podía estar condicionada tamén por rasgos climáticos e forestais, xa que procurarían áreas non moi arboradas e boas de roturar (Calo, 1993). As zonas baixas nos vales, daquela tiñan masas arbóreas importantes e había abundancia de terreos moi húmidos.

Nas terras altas e nas abas, sobre todo nas medias abas, no entorno dos castros é onde deberon estar, cando menos nun principio, as terras máis aptas para o sustento alimenticio dos habitantes dos castros.

· A AGRICULTURA.

Os poboadores castrexos, antes de asentarse, deberon non só valorar as cuestións estratéxicas senón tamén aínda máis as económicas. Agora con máis motivo, pois é a primeira vez que se xeraliza un tipo de poboado permanente como é o castro. Para isto deberon racionalizar o territorio ou espazo do que dependería a súa subsistencia, conlevando unha parcelación ou compartimentación de espazos (Xusto, 1988-89). Só unha vez que visen que se cumprían unhas condicións mínimas se establecerían nun lugar determinado.

Unha das actividades básicas nesta cultura, como aconteceu noutras coetáneas, foi a agricultura.

Posiblemente o paseniño aumento demográfico provocou a intensificación da explotación do medio e o asentamento en poboados permanentes como é o caso dos castros a inicios do I milenio a.C. no NO. peninsular. Os poboados castrexos ergueríanse en lugares estratéxicos próximos ós terreos de explotación económica da comunidade, cun óptimo control visual non só das terras de labor senón tamén do territorio circundante (Peña, 2003).

Primeiramente aséntanse en puntos elevados e explotan as zonas máis altas ou as abas, pero vaise consolidando co tempo a explotación do nicho agrícola da cultura castrexa que é o val fluvial (Carballo, 2002), a mesma será máis intensa segundo aumente o número de castros e, polo tanto, a poboación. Co paso do tempo fundaranse castros en zonas máis baixas dos vales, na denominada II Idade do Ferro.

Unha máis óptima capacidade agrícola e a topografía máis lene conlevou a existencia dun maior número de poboados castrexos nos vales abertos, tanto nos colectores principais coma nos secundarios, e nas zonas litorais (Carballo; Naveiro; Rey Castiñeira, 1988) co que se consolida un modelo propio de distribución no territorio.

Pasando ó aspecto cronolóxico hai que dicir que logo dunha serie de traballos de pescuda desenvolvimos no noso ámbito xeográfico e segundo as investigacións

máis fiables no que atingue a este aspecto, botando man da arqueoloxía e da palinoloxía, varios autores afirman que a agricultura comeza no NO. peninsular (e concretamente na Galicia actual) na segunda metade do IV milenio a.C. A súa orixe ubicaríase nun horizonte cultural Neolítico e a partir dunha serie de focos ubicados na costa portuguesa (Torras Troncoso; Díaz-Fierros Viqueira; Vázquez Varela, 1980).

Os devanditos autores afirman que o cultivo dos cereais era o máis importante e, nun principio, pode que se practicase a base de rozas (cortan e queiman o bosque) para poder roturar o terreo e fertilízano coa borralla da queima. Pero ese sistema só era rentable durante un período de poucos anos e tiñan que repetir o proceso desprazándose e cambiando de lugar de asentamento. A agricultura castrexa ata a época de Augusto caracterízase por este sistema denominado *celtic fields* (roza e queima) (Almeida, C.A.B., 1990) e utilizarían o arado ou aixadas nestas tarefas.

Como analoxía disto pódese citar como exemplo que cando menos na parte alta da bacía do Lérez na segunda metade do s.XX roturábanse aínda terreos de monte baixo para cultivar cereal de inverno, neste caso centeo (ex.: Aciveiro no concello de Forcarei). Noutras áreas do NO. peninsular tamén se daba isto. Unha máis intensa explotación das terras, sobre todo dos vales, debido á maior presión demográfica, causará unha importante deforestación.

Nos poboados da Cultura Castrexa do NO. peninsular aparecen, xa dende unha época antiga, restos de varias especies cultivadas neles. Destacan as gramíneas e, entre elas os cereais, nestes constátase a presenza dos seguintes: *Triticum sp.* (trigo), *Secale cereale* (centeo), *Panicum miliaceum L.*(millo miúdo), *Hordeum vulgare* (cebada,orxo) e *Setaria italiaca* (paínzo). Dentro das leguminosas aparecen restos de: *Vicia faba* (faba), *Vicia sativa* (veza común, ervellaca) e *Pisum sativum* (chícharo). Estas especies cultivadas aparecen tanto en castros cunha datación máis antiga (I Idade de Ferro) coma noutros máis recentes (II Idade de Ferro e baixo a romanización).

Especie / Castro	*Triticum sp.*	*Panicum miliaceum*	*Setaria italica*	*Hordeum vulgare*	*Secale Cereale*	*Vicia fava*	*Vicia sativa*	*Pisum sativum*
Penalba	+							
Castromao	+					+	+	
Cameixa	+		+		+			
Trelle	+							
Torroso	+							
Baran	+							
Amarante			+			+		
Cárcoda		+						
S. Vicente da Chà	+	+						
Castelo de Faria	+	+		+	+	+		
Baiões	+	+		+		+		+
Coto da Pena	+					+		+
O Cruito	+			+				
San Chuis						+		

FONTE: Penalba (Alvarez Nuñez, 1986; 61), Castromao (García Rollan, 1971; 187-188), Cameixa (López Cuevillas e Lorenzo, 1986; 16. Taboada, 1977; 74-75), Trelle (Rodríguez Gracia, 1978), Torroso (Información de A. de la Peña), Baran (Inventario, 1955; 193), Amarante (Id.), Cárcoda (Tavares e Correia, 1977; 306), S. Vicente da Chà (Freire, 1967-68), Baiões (Tavares, 1980; 176), Coto da Pena (Coelho, 1986; 112), O Cruito (Silva, 1988).

Ilustr. 6.7.1 – Cultivos en castros do NO. (Carballo Arceo, 2002).

O trigo é o cereal do que se constata o seu cultivo nun maior número de castros, logo en importancia séguenlle o millo miúdo e a cebada, o paínzo e o centeo apareceron en menor medida (Aira Rodríguez; Saa Otero; Taboada Castro, 1989/ Carballo, 2002). Pódenos servir como analoxía que ata épocas non moi afastadas no tempo aínda se cultivaban na nosa área de estudo.

Polo que se pode comprobar os castros máis antergos estarían ocupados por campesiños que combinarían os cultivos de cereais de inverno (trigo) e de verán (millo miúdo), complementarían isto coa gandería e a recolleita de landras e froitos silvestres (Peña, 2003). Ademais aparecen especies de leguminosas como é o caso das fabas ou os chícharos.

As terras utilizadas para cultivos estarían nun radio de ata 1 km. ou coma moito ata 2 km. (Xusto, 1988-89), segundo as características do entorno. Influirían o dominio visual dende o poboado e as posibles barreiras orográficas no que atingue ó uso das terras. Non se pode comparar a distribución de solos actual coa da época

castrexa pois non sería a mesma. Seguramente as terras de labor estarían no radio de acción indicado.



Ilustr. 6.7.2 – Diagrama polínico de Penalba (A). (Aira Rodríguez, Saa Otero e Taboada Castro, 1989).



Ilustr. 6.7.3 – Diagrama polínico de Penalba (B). (Aira Rodríguez, Saa Otero e Taboada Castro, 1989).

No entorno do emprazamento dos castros a existencia dunhas condicións agrolóxicas favorables nun curto radio, ademais doutros factores positivos (boas defensas naturais, auga, madeira, recursos pétreos…) favoreceron a súa construción no lugar elixido.

Na nosa área de estudo só se fixeron análises palinolóxicos nun castro. Trátase do Coto de Penalba (Campo Lameiro) no curso medio do río Lérez. Neste poboado castrexo as carácterísticas do hábitat daquela confirman a existencia dunha vexetación aberta con abundancia de prados, que foron parcialmente utilizados para o cultivo de cereal.

Comprobouse a existencia de dous tipos polínicos diferentes de cereal, serían dous tipos de trigo (*Triticum sp.*) (Aira Rodríguez; Vázquez Varela, 1985/ Aira Rodríguez; Saa Otero; Taboada Castro, 1989). Para outro investigador trataríase de trigo (*Triticum sp.*) e millo miúdo (*Panicum sp.*) (Ramil Rego,P., 1991).

No entorno deste xacemento temos especies indicadoras da actividade agrícola ó principio do Subatlántico (2.800-1.300 B.P.) como é a entruga (*Urtica*). Tamén hai especies que denotan niveis de incendio como é o caso da brotia (*Asphodelus*); isto é unha mostra da roturación de terras incultas e sobre todo de masas arbóreas. Coa maior presión demográfica a deforestación vai ser un fenómeno habitual. No período Subatlántico diminúen os bosques a prol das herbáceas.

Isto deixa entrever a existencia dunha economía mixta (agrogandeira). O polen arbóreo ten porcentaxes baixas e aparecen as seguintes especies do bosque mixto: o carballo (*Quercus*) que é o máis abundante, abeleira (C*orylus*), ameneiro (*Alnus*), castiñeiro (C*astanea sativa*) e salgueiro (*Salix*).

O arqueólogo que dirixiu as escavacións (1983-88) no xacemento estima que terá a súa orixe na Fase I da Cultura Castrexa, a fins do s.IX a.C.(Álvarez Núñez, 1986). Polo tanto, pode servirnos como exemplo para os inicios do castrexo.

No poboado de Pena Redonda dun intre a finais da I Idade do Ferro recuperáronse sementes de trigo e unha faba (*Vicia faba*) e doutros cereais, cecais cebada e millo miúdo (González Ruibal 2006-07).

A cercanía e a abundancia de auga debeu facilitar os regadíos e os pastos. A auga debeu ser básica para a actividade do artesanato téxtil no proceso de fabricación

do liño (as liñeiras). Isto constátase coa aparición de instrumental relativo á actividade téxtil como é o caso das fusaiolas e as pesas de tear.

A cercanía de cursos de auga permanentes ou mananciais foi un dos condicionantes de máis peso á hora de elixir o lugar de emprazamento dun poboado castrexo. No que atingue á actividade agrícola a abundancia de zonas húmidas e a probable existencias de presas para o regadío facilitou a existencia de cultivos de horta e prados, así como o xa citado cultivo do liño (Fernández-Posse; Sánchez-Palencia, 1998) e o seu posterior proceso de elaboración que requería auga de abondo. Varios autores clásicos, como é o caso de Plinio, xa mencionan o cultivo desta planta para fabricar tecidos (Romero Masiá; Pose Mesura, 1987).

A súa importancia como materia prima téxtil podémola ver en que incluso, segundo as fontes clásicas, un pobo prerromano do norte peninsular, como é o caso dos Zoelae, usaban o liño para tecer as súas vestimentas e ademais exportábano para Italia para elaborar redes de caza (Silva, A.C.F da, 1986).

No entorno dos poboados ademais dos abundantes cultivos de cereais habería os de horta ou cortiñas (*garden activities*) que incluso se daban no interior dos recintos castrexos. Agora ben, os xacementos que tivesen parcelas no seu interior que foran utilizados como zonas de cultivos non deberon son moi numerosos.

Os cultivos poderían estar en zonas de val dun xeito máis frecuente en etapas máis avanzadas da cultura castrexa. Daquela, na II Idade do Ferro habería un número importante de castros en zonas baixas. Ó haber un aumento demográfico significativo precisarían unha maior produción para atender as necesidades alimenticias dos seus moradores. Co gallo disto rotúranse e drénanse novas terras coa conseguinte deforestación.

Malia ó aumento poboacional constatado na II Idade do Ferro, pois proliferan os castros e ó conseguinte aumento da produción agrícola, a presión demográfica aínda que maior non debeu ser tan elevada. Axeitaríanse novas terras para cultivos e lameiros para pacer o gando, pero faríase nos terreos de mellor calidade e cunha mellor situación en relación ós poboados.

Coa chegada da romanización amplíase a superficie de terras cultivables e pode que tamén a gama de cultivos; agora ben os avances non deberon ser súpetos, o proceso sería dun xeito paseniño, xa que a actividade agrícola estaba en pleno funcionamento antes da chegada romana (Maya, 1983-84).

A economía dos castrexos, cunha base principal agrícola e gandeira, aínda que tamén practican o marisqueo e a pesca en áreas litorais, era autárquica. Procuraban lograr a autosuficiencia alimenticia e non debeu ser frecuente o intercambio de produtos procedentes das actividades do agro. Como se dixo anteriormente fundan os seus poboados en lugares onde hai un entorno que lles permite obter unha diversidade de produtos alimenticios e materias primas para erguer as súas vivendas e fabricar os seus apeiros.

O cultivo das terras no entorno dos castros asentados en lugares máis escarpados debeu estar moi limitado. Os cultivos faríanse en pequenas parcelas debido ós fortes desniveis das pendentes. Isto obrigaría a aterrazar o terreo en socalcos para evitar a perda de solo debido á erosión causada polo medio como se pode comprobar no NO. e noutras zonas, como por exemplo, en castros da parte oriental de Asturias (Camino Mayor, 2002).

Na actual Galicia existe dende a Idade do Bronce un sistema agrícola desenvolvido a base dunha variedade de especies que permiten o aproveitamento dos terreos cun uso agrícola ó longo de todo o ano. Temos probas que demostran isto en socalcos empregados para cultivos (Méndez, 1998).

Segundo evolúe a Cultura Castrexa do NO. peninsular os poboados ubícanse no denominado nicho agrícola propio da cultura castrexa que é o val fluvial (Carballo, 2002/ Parcero, 2002). Procuran ubicarse no entorno das mellores terras do val (Fanjul, 2005).

No I milenio a.C. noutras zonas afastadas tanto de Europa Central e Occidental ou mesmo en Grande Bretaña ou no N. da Península Ibérica, con rasgos climáticos parellos ós do NO., constátanse cultivos semellantes. O que non se sabe con certeza é o xeito de organizar os terreos agrícolas para o seu cultivo. Segundo

sostén Bouhier, na fotografía aérea apréciase ó redor dos castros unha ordenación do espazo agrícola disposto en socalcos concéntricos, seguindo as curvas de nivel, que el interpreta de orixe castrexa (Bouhier, 1979).

A existencia de certos tipos de utillaxe agrícola en época prerromana como é o caso do muíño circular empregado para moer o cereal confirma a importancia da agricultura antes da romanización (Carballo; Concheiro; Rey Castiñeira, 2003). Xa nos castros máis antergos, e dicir, os da Fase I da Cultura castrexa aparecen apeiros agrícolas de ferro, como é o caso dunha fouce ou podón, datado a fins do s.VII a.C. e tamén muíños planos atopados na campaña de 1987 no Castro de Torroso (Mos) (Peña, 1987a). Tamén se pode citar o coitelo de folla afalcatada atopado no Castro de Penalba cunha cronoloxía moi semellante.

Os machados son máis numerosos que as aixadas e fouces. A relación dos machados fundamentalmente coas tarefas agrícolas é evidente á vista da súa distribución: hai unha gran acumulación na zona das Rías Baixas (é onde máis aparecen) e nas zonas de val, non soen aparecer en zonas montañosas (González Ruibal, 2006-07). Moitas destas ferramentas son de inicios da Idade do Ferro (ss.VIII-VII a.C.) como xa se indicou con anterioridade.

Un apeiro básico debeu ser o arado aínda que non hai seguridade no que atingue a cando empezou a empregarse. Debido a unha demografía respectable e puxante probablemente teña a súa orixe cando menos xa na I Idade do Ferro ou incluso antes se facemos paralelismos con outras áreas do Vello Continente e iríase perfeccionando, pasando do uso da madeira ó ferro na súa fabricación avanzado o I milenio a.C.

Tamén se constata a presenza de rodeiras nalgúns castros galegos xa da época antiga como son os casos da Graña (Toques), Coaña (Asturias) ou O Castelo do Galo (Pazos de Borbén), isto denota a presenza de carros neles como xa apuntaban autores clásicos (López Cuevillas, 1955). Deberon usarse para carrexar as colleitas dende as terras de cultivo ata o lugar de habitación. Nalgúns casos podían facer uso da forza humana ou incluso utilizarían as costas de animais de carga (équidos).

En resume, pódese concluír que á hora de ubicar os poboados castrexos inflúe en primeira instancia o tipo de emprazamento, para o que buscan un lugar doado de defender e cunha ampla área de visión. Pero outra cuestión, cecais máis relevante, é a disposición de terras cun bo potencial agrícola, existentes a unha distancia normalmente menor dun km. do lugar de residencia. Isto leva a pensar que a subsistencia determinaba, na maioría dos casos a escolla do emprazamento e a mesma baseábase esencialmente na agricultura (Ríos; García de Castro, 1998).

Un aspecto que non coñecemos dun xeito fiable é a produtividade, pois non hai datos que o permitan, aínda que hai investigadores que fixeron cálculos dos rendementos de cereal por Ha. (410 kg./Ha) e de consumo por persoa (210 kg./ano) na bisbarra do Deza. (Carballo, 2002). O mesmo autor recoñece cambios na capacidade produtiva dos solos dende aquela, aínda que nos pode servir como analoxía. O que non se pode saber era como se organizaba a explotación das terras cultivadas, pero seguramente tivesen períodos de barbeito para descansar e recuperar a súa produtividade.

Agora ben, para a obtención de recursos de abondo para manter ós membros de cada comunidade, esta actividade complementábase con outras non menos importantes como é o caso da gandería, a pesca (fluvial e marítima), o marisqueo, a recolleita de froitos silvestres e, posiblemente, tamén a caza.

· A GANDERÍA.

A gandería foi ó longo da Historia unha actividade fundamental xunto coa agricultura para o sustento da poboación, pois complementa dun xeito relevante a dieta alimenticia das persoas. Tanto a carne coma o leite e os seus derivados foron un aporte básico para a mantenza tamén en época castrexa.

Hai que ter moi en conta que os asentamentos castrexos desenvolvían a súa vida cotiá en medios favorables non só para as actividades agropecuarias senón tamén se era o caso explotaban os recursos marítimos e fluviais. Isto revela que a escolla de locais para o seu establecemento estaba conectado coa economía de subsistencia de cada comunidade (Silva, A.C.F. da, 1986).

Estes poboados segundo aumentaba o seu número de habitantes ocupan novas terras debido a isto e ao abeiro dunha certa intensificación económica (Fernández-Posse; Sánchez-Palencia, 1998). Este proceso conlevaría tamén un aumento non só das terras traballadas senón tamén da cabana gandeira.

A cabana de animais domésticos debíase resgardar no interior dos castros para evitar contratempos (roubos, ataques de animais salvaxes). Posiblemente tivesen recintos pechados para gardalos, podendo ser nos antecastros; un autor sobranceiro da arqueoloxía galega coma López Cuevillas incluso afirmou que se resgardarían nos foxos dos castros (López Cuevillas, 1953).

Dun xeito ou doutro, estes recintos específicos para a cría do gando ou encerradeiros, deberon existir. No interior dos castros hai certos aliñamentos en zonas non destinadas a habitación, denominadas no N. de Portugal “prisoes de gado”. Incluso aparecen sillares pétreos incrustados en muros de construcións cun burato que podía ser para atar os animais.

A cabana gandeira na época castrexa compoñíase, fundamentalmente, de gando vacún, ovellas, cabras, cochos e, en menor medida, cabalos (Vázquez Varela, 1977b). Non só se obtiña o alimento (carne e leite e derivados) senón tamén materias primas (la, peles, coiro) ou mesmo esterco para o que aproveitarían o estrume para cama do gando para fertilizar as terras para a bota ou cultivo das mesmas. Ademais, o gando vacún utilizouse como animais de tiro nos traballos do agro.

No que atingue ás peles empregábanse para roupa, armas ou barcos ou para intercambiar por outros produtos (Silva, A.C.F. da, 1986). En relación a isto hai que dicir que apareceu instrumental pétreo para o fiado de la.

Visto o anterior, podemos falar de procesos de obtención e transformación de materias primas animais. O coiro era unha das de maior uso. Vou comentar brevemente unha información que recollín na miña parroquia sobre como se obtiña o coiro da pel dun animal na primeira metade do s.XX para fabricar odres para o viño ou foles para a fariña que ó mellor podería valernos como analoxía:

“A pel dun animal (ovella, cabra, becerro) metíase no medio de esterco de ovella, pois ferve máis, para que lle caera o pelo, logo pelábase e inflábase. O proceso duraba oito días. Logo poñíase a secar e aireábase (repasábase e lavábase na auga por se lle quedaba algún pelo)”.

En función da idade á que foron sacrificados os exemplares atopados apúntase cal podería ser o aproveitamento que se lle daría as diferentes especies da cabana gandeira. Un exemplo pode ser o gando vacún que puido utilizarse como forza de tiro para tirar do carro e do arado (Carrocera, 1995) e para abastecer de leite e os ovicápridos para carne (Vázquez Varela, 1983b) e o porcino para carne e graxa (Penedo, 1988); nos castros asturianos o gando vacún destinaríase máis ben á produción de carne (Carrocera, 1988), agora ben, neste caso, proceden de poboados castrexos romanizados. Nos castros asturianos hai altas porcentaxes de vacún o que sería un factor indicador de riqueza (Fanjul, 2005).

Sen embargo, nos castros galegos os restos aparecidos de vacún, maiormente foron sacrificados en idade adulta, o que tamén permitía un maior aproveitamento cárnico (Férnández Rodríguez, 1996), ademais de seren usados como forza de tracción.

Os datos dos que dispomos na actualidade contradinse co que dicían as fontes literarias clásicas, en concreto Estrabón coidaba que o gando caprino (*Capra hircus)* era a base fundamental da economía, cando menos no que atingue ó seu uso como alimento (Vázquez Varela, 1973).

Debido á acidez dos solos do NO. non se conserva unha cantidade significativa de restos óseos de época castrexa. Moitos destes restos proceden de concheiros de castros existentes na franxa litoral ó longo de toda a costa. O gando vacún e os ovicápridos son as especies máis abundantes, o porcino aparece en menor proporción (Penedo, 1988) e aínda menos o equino.

Visto o anterior, pódese afirmar que a gandería da cultura castrexa é moito máis importante do que dicían os escritores da Antigüidade. Ademais, esta gandería é moito máis diversificada que a reflectida nas fontes literarias clásicas para o NO.

peninsular e pon en solfa os datos sesgados das mesmas (Carballo, 1990) e a visión de atraso que querían dar da Cultura Castrexa do NO. peninsular, moi mediatizada pola ideoloxía na que se movesen os autores (Bermejo, 1978).

Outras especies como poden ser as aves de curral, os cans e os cabalos aparecen dun xeito máis ocasional e, cando menos, nos dous primeiros grupos as probas que temos, lévannos xa ó período da romanización. A Peneda do Viso é o único castro dentro da nosa área de estudo do que temos restos osteolóxicos, atopáronse nun concheiro no que apareceron restos de *Bos taurus* (Vázquez Varela, 1973).

Noutros castros cercanos ás dúas bacías estudadas, tanto da costa como do interior, tamén hai restos de animais domésticos. Algúns exemplos poden ser: A Lanzada (vacún, ovino, caprino e porcino, tamén hai restos de cabalo); A Subidá (Marín) (vacún e ovicápridos); Fozara (vacún e ovicápridos); As Orelas (vacún) e Cortegada (ovicápridos) (Vázquez Varela, 1973; Penedo, 1988; Carballo, 1990).

A falta de achados desta caste, agás na Peneda do Viso, nos poucos castros onde houbo intervencións arqueolóxicas nas dúas bacías das que estamos a tratar, non nos permite aventurar como sería a gandería neles. Pero vistos os restos osteolóxicos achados noutros poboados non moi afastados, tanto litorais coma interiores, pódese aventurar un panorama semellante no que atingue ás actividades pecuarias.

Como xa se indicou en Penalba predomina na época de ocupación deste castro a vexetación aberta con abundancia de prados que en parte cultivábanse de cereal. Esta realidade pódese constatar noutros poboados relativamente cercanos á nosa área de traballo (Torroso, Troña, Cortegada, Montaz…).

Ademais, a especie arbórea máis abundante daquela era o carballo (*Quercus robur*), especie da que o seu froito, a landra, utilizábase como alimento do gando porcino. Tanto esta especie (o porcino) coma o gando vacún son propios de sociedades sedentarias como é o caso da castrexa e esta última increméntase coa agricultura (Almeida, C.A.B., 1990).

O comentado neste apartado pódenos valer para todo o NO. peninsular. A actividade pastoril sería de tipo extensivo e os pastos estarían nas zonas máis húmidas. Procurarían preservar a floresta que dá alimento ós animais. Incluso nunha zona afastada como é Tras-Os-Montes oriental teriamos unha situación semellante (Sande Lemos, 1993).

Doutras actividades desenvolvidas para a subsistencia destas comunidades castrexas (caza, pesca, marisqueo, recolleita de froitas silvestres) falaremos brevemente deseguido.

· OUTRAS ACTIVIDADES DE SUBSISTENCIA.

· O marisqueo e a pesca.

O marisqueo e a pesca no mar foron actividades da vida cotiá na época castrexa que complementaban a dieta alimenticia. A área explotada soía estar nas proximidades do xacemento, aínda que ás veces non está xusto no litoral (A Peneda do Viso está a 1´5 Km. da liña de costa). Adáptanse a capturar especies do entorno máis inmediato ó poboado. Ás veces o acceso non é fácil pois hai que salvar fortes desniveis e desprazarse a distancias superiores a 1 km, como acontece no caso mencionado antes.

Temos tres modelos de explotación de mariscos nos castros galegos (Vázquez Varela; Rodríguez López, 1999-2000):

a/ Explotación de numerosas especies nos xacementos que están na parte media ou exterior dunha ría (ex.: A Lanzada ou Cíes).

b/ Mostras de baixa diversidade recuperadas en castros localizados no fondo das rías (ex.: A Peneda do Viso).

c/ Caracterízase polo predominio da especies propias de fondo rochoso e augas batidas (ex.: Baroña).

Na nosa rexión de estudo só temos un castro no que apareceu un concheiro, A Peneda do Viso, que estaría no segundo dos supostos anteriores (castro localizado no

fondo da ría de Vigo, perto da desembocadura do río Verdugo). Só aparecen restos de seis especies de moluscos. Hai catro tipos de moluscos bivalvos: ameixa fina (*Tapes decussatus*), longueirón ou navalla rugosa (*Solen marginatus*), ostra común (*Ostrea edulis*), mexillón (*Mytilus edulis*). Este grupo son a maioría dos atopados pois supoñen o 99´2% do total. O resto son moluscos gasterópodos: lapa (*Patella vulgata*) e caramuxo ou mincha (*Littorina littorea*). Estes últimos só supoñen o 0´6% dos restos malacolóxicos atopados (Vázquez Varela, 1977a).

Estas especies, en época prerromana, conseguíanas no espazo intermareal achegado ós castros. Obtíñanse con ferramentas moi sinxelas como podían ser aixadas ou sachos ou incluso manualmente. Para isto aproveitarían as fases de baixamar na zona intermareal nos sectores de fondos areosos en augas tranquilas onde non tivesen riscos para faenar. Posiblemente non tivesen os medios para obter especies en augas máis fondas. Noutros concheiros de castros con emprazamentos semellantes as especies atopadas pouco difiren das citadas neste caso.

Co paso do tempo intensifícase esta actividade, fundamentalmente en época romana. Nesta amplíase o radio de captación e aparecen variedades obtidas a maiores profundidades no fondo mariño e seguramente orientaríanse cara a exportación. Un exemplo pode ser a púrpura (*Thais haemastoma*) (Camino Mayor, 1995).

Ilustr. 6.7.4 – Cuncha de púrpura (*Thais haemastoma*) (Vázquez Varela e García Quintela, 1998).

En xeral, aproveitan o litoral máis cercano e capturan diversas especies segundo a natureza da costa (Fernández Rodríguez; Rodríguez López, 1996). Nas zonas costeiras, os moluscos bivalvos e gasterópodos suporían un aporte alimenticio relevante para as comunidades próximas. O marisco aportaba proteínas á dieta dos castrexos. Isto debeu acontecer, sobre todo, cando as reservas alimenticias procedentes da actividade agrícola escaseaban cando aínda non se recolleran as colleitas (González Ruibal, 2006-07).

A pesca no mar facíase dende a propia costa ou posiblemente en pequenas embarcacións que case non se separasen dela. Serían a base dunha armación de madeira revestida de coiro ou de peles cosidas (Camino Mayor, 1995). Usarían pequenas redes, anzós ou, posiblemente, algún artiluxio semellante ás canas de pescar. Nos concheiros tamén hai restos de ictiofauna pero non están o suficientemente estudados. Destacan os casos de Sta. Trega, O Achadizo (Cabo de Cruz-Boiro), Cíes ou Cantodorxo (O Grove).

É máis frecuente na época castrexa a pesca de pouca profundidade ou dende a costa. Logo, coa romanización esta actividade adquire maior importancia nos castros costeiros e faenan en augas máis fondas.

Unha actividade vencellada á pesca, xa coa romanización, será a obtención de sal nas salinas e a industria de salgazón da que hai sobrados exemplos no litoral (Adro Vello-O Grove, Vigo, Bueu…). Este produto era básico para conservar e condimentar os alimentos. Seguramente obteríase en zonas de augas tranquilas coma os esteiros ou badías. Os castros costeiros exercerían unha exclusividade nesta actividade (Vázquez Varela; Rodríguez López, 1999-2000/ Camino Mayor, 1995).

Outro sistema de conservación debeu ser o secado e o afumado de peixe. Unha serie de indicios indirectos atopados no castro do Achadizo (Boiro) suxiren o procesado de grandes douradas (*sparus aurata*) para o posterior secado dos lombos (Ferré; Rey García; Concheiro Coello e Vázquez Varela, 1996).

Aparecen especies demersais e peláxicas. Destacan, entre outros, os seguintes tipos de peixes: maragota, faneca, xurelo, xarda, sargo, besugo, robaliza, etc. Tamén debeu haber pesca fluvial pero non temos dato algún da zona de estudo, aínda que algún autor cita a posibilidade da súa existencia en castros do NO. de Portugal (Silva, A.C.F. da, 1986) e tamén pode que a houbese en todo o ámbito territorial da Cultura Castrexa do NO peninsular. No que atingue ó instrumental para a mesma rexión tamén fala da existencia de pesos de rede a base de seixos con entalles laterais e da pesca con anzó, esta última apenas se documenta nos castros desa área a partir dos romanos. Os dous anzós máis grandes apareceron na Lanzada e en Sta. Trega (Suárez; Fariña, 1990).

Probablemente tamén aproveitasen as algas mariñas (*ocle*) para fertilizar as terras para os cultivos como aínda acontece na actualidade en moitos puntos da costa galega. Pódese afirmar que daquela tiñan un bo coñecemento do medio e das potencialidades de cada nicho ecolóxico e das mellores épocas de captura.

En resume, a pesca e o marisqueo eran dúas actividades básicas con presenza nunha economía autárquica como é o caso da castrexa e supoñían un aporte adicional de alimentos para os habitantes dos castros costeiros. Ás veces, excepcionalmente, xa en época romana, poden aparecer algúns restos de moluscos no interior como é o caso de San Cibrao de Lás (López Cuevillas, 1955) ou Troña (Acuña, 1977), o que delata a existencia dun comercio limitado para unha minoría.

· A caza e a recolleita de froitos silvestres.

A caza foi outra das facetas cotiás dos habitantes dos castros non só para a súa alimentación, senón tamén para obter unha materia prima tan valiosa coma as peles.

Un caso de resto material que vale como documento gráfico é unha pedra gravada atopada en Sanfins na que aparece un home a cabalo alanceando un cérvido (López Cuevillas, 1953). Ademais, a actividade cinexética tamén se reflectiu nos petroglifos galegos, anteriores á época castrexa. Isto indica que se practicaba daquela.

Probablemente tivesen unha maior importancia nos vales do interior este tipo de actividades para complementar a dieta pois non hai a posibilidade de obter produtos directamente do mar debido á súa lonxanía.

Nos castros do NO. podemos citar as seguintes especies: teixugo, raposo, lobo, cervo, lebre e xabarín. No castro zamorano de El Cerco de Sejas de Aliste tamén aparecen o corzo, o rebeco, o oso, o lince ibérico e o esquío, ademais dalgúns dos citados antes (Esparza, 1986).

A caza debeu ser, xunto coa recolleita de froitos silvestres, unha ocupación de pouca importancia dende o punto de vista económico. Pode servir como exemplo o castro de Sacaojos no que a proporción entre ósos de fauna doméstica e salvaxe é de

96´4% e 3´6% e o número de individuos de 359 fronte a 43 respectivamente (Esparza, 1986). Posiblemente fose a menos a caza co desenvolvemento da gandería durante a Idade do Ferro coa que se satisfarían as necesidades de consumo de carne.

A vexetación arbórea e arbustiva característica de fins do Subboreal e do Subatlántico permitía a posibilidade de recollida dunha serie de froitos silvestres que complementaban a mantenza dos habitantes dos castros. Entre as especies arbóreas destacan o carballo (*Quercus robur*) e a abeleira (*Corylus*), tamén pode que aproveitasen os froitos do castiñeiro ou da nogueira.

As fragas deberon estar nas partes máis elevadas dos montes e, maiormente, nas terras máis baixas do val que eran as máis húmidas e facilitaban o medre de especies coma o carballo e as propias das beiras de cursos fluviais (abeleira,etc.). Ademais da recolleita de froitos silvestres para alimento, os bosques fornecían madeira para a construción, apeiros, combustible ou para menaxe de cociña, entre outras posibilidades. Incluso co tanino da casca das árbores, esencialmente o carballo, conseguíase o secado e a elasticidade das peles (Esparza, 1986).



Ilustr. 6.7.5 – Landras (arriba) e sementes de trigo (abaixo) carbonizadas atopadas nun fogar do castro de Torroso (A. de la Peña) (Foto tomada de Vázquez Varela e García Quintela, 1998).

Un froito silvestre do que se constata a súa recolleita para o seu uso como alimento é a landra. Era de doada obtención debido á abundancia de carballos. Tiñan que tratalas para poder consumilas. Primeiro sécanas ou tritúranas e logo móenas para facer pan, que se conservaría durante moito tempo (Silva, A.C.F. da, 1986). O máis normal é que as tratasen para eliminarlle o tanino, posto que o sabor sería moi ácido e non se poderían consumir. Posiblemente as torrasen para conservalas durante un período de tempo máis longo. Ademais de para o consumo humano tamén se empregaron para a ceba do gando porcino.

No N. de Portugal, cando menos, na primeira metade do s.I, aínda se comproba o seu uso na cociña da casa castrexa da quinta do Paço da Facha (Almeida, C.A.B., 1990). O aproveitamento das landras para o consumo humano constátase ó longo de toda a Cultura Castrexa e tamén baixo a romanización; un exemplo poden ser os castros do Deza (Carballo, 1990, 2002), non moi afastados ó norte da cabeceira do Lérez e do Verdugo. Este froito apareceu tamén na Peneda do Viso (García Rollán, 1974). Pola marxe meridional da área deste traballo documentouse nos castros de Troña, Fozara e Torroso. Tamén se atoparon nalgún castro de Asturias como pode ser Coaña (Carrocera, 1988).

Outros froitos silvestres que deberon aproveitarse durante a Idade do Ferro pode que fosen: abelás, amoras, castañas, noces ou mel. A pervivencia da actividade recolectora non implica que houbese unha agricultura rudimentaria, xa que a obtención destes froitos só era un complemento á dieta.

En suma, pódese dicir que tanto a recolleita e aproveitamento de froitos silvestres como a caza van perdendo importancia segundo se desenvolven a agricultura e a gandería, actividades propias de sociedades sedentarias coma a castrexa.

Todo o comentado ata agora no que atingue á subsistencia confirma a idea de que á hora da escolla do emprazamento dun castro prima, máis que a presenza dun determinado tipo de recursos, unha boa diversificación de todos eles (Fernández-Posse; Sánchez-Palencia, 1998).

· O COMERCIO.

As actividades económicas desenvolvidas polos habitantes dos castros orientábanse, fundamentalmente, á subsistencia xa que tiñan unha base autárquica. Pero co paso do tempo esas relacións económicas de ámbito local vanse ir espallando e contactan con castros máis afastados para adquirir produtos ou obxectos que precisasen.

O comercio era de dous tipos (López Cuevillas, 1955 / Acuña, 1977): interno que intercambiaría produtos nun curto radio e outro exterior, a máis longa distancia tanto por vía marítima como por vías terrestres.

Nos vales dos ríos galegos, sobre todo nos máis importantes, concéntrase un elevado número de castros, especialmente nunha zona como é a das Rías Baixas (Bouhier, 1979). Debido á devandita concentración de poboados castrexos, o tecido de vías de comunicación na Idade do Ferro, que deberon ser esencialmente de ámbito local, agrandaron a súa relevancia por causa das relacións comerciais por mar dos poboados costeiros como poden ser A Peneda do Viso, A Lanzada ou Sta. Trega, entre outros, nos que apareceron produtos alóctonos que logo se distribuirían cara o interior.

Outro motivo primordial que lle deu un pulo ós intercambios comerciais debeu ser a explotación de produtos mineiros. No noso caso, o estaño concéntrase nas estribacións montañosas da Dorsal Galega (serra do Candán e monte do Seixo). Os indíxenas dos castros costeiros farían de intermediarios entre os comerciantes foráneos, neste caso púnicos, e os castros do interior nesta bisbarra para obter estaño. Percorrerían a bacía do Lérez dende a costa ata o interior (González Ruibal, 2006-07).

Posiblemente na conca do Verdugo-Oitavén pasase outro tanto e A Peneda do Viso fose un punto de intercambio e distribuidor de produtos alóctonos pois teñen aparecido obxectos, que así nolo indican, xa dende os inicios da Idade do Ferro. Na cabeceira de ámbalas dúas bacías está a Dorsal Galega que faría de efecto barreira (Carballo, 2003) e dificultaría as comunicacións coa outra vertente da mesma. A penetración cara o interior destes produtos sería seguindo o curso dos ríos principais e dos seus afluentes máis importantes polos camiños existentes daquela.

Poden servir como exemplo, do comentado no parágrafo anterior, O Marco e Castrovite, no val do Deza, relativamente perto da Dorsal Galega e da cabeceira do río Lérez, nos que apareceron materiais púnicos (doas de pasta vítrea e cerámica) e romanos (ánforas) en Cartimil e As Orelas, para constatar a penetración de produtos importados cara o interior da bacía do Ulla (Carballo, 2002).

Esa función de barreira da Dorsal Galega ou Serras Centrais confírmase entre as bacías medias do Ulla e do Miño e non entre as bacías altas dos ríos Lérez e Verdugo-Oitavén para algúns investigadores (Carballo; Naveiro; Rey Castiñeira, 1988). Eu coido que esa caracterización como barreira orográfica que dificultaba as comunicacións na época castrexa pódese extrapolar a todo o territorio que separa a devandita Dorsal Galega. Aínda así habería algún porto ou portela para atravesala nalgún punto da mesma que permitirían o paso, pero sería dun xeito limitado. Ademais cando as condicións climáticas fosen adversas e especialmente coas nevaradas sería case imposible facelo.

No que atigue directamente á rexión estudada no presente traballo case non temos datos, debido ás moi escasas escavacións. Apareceron dúas ferramentas de ferro: un coitelo de folla afalcatada en Penalba, que pode ser do s.VIII a.C. e, nunha zona non moi afastada da área estudada, un podón en Torroso, cunha cronoloxía semellante. Outro obxecto atopado tamén en Torroso e datado no s.VII a.C., neste caso unha placa de cinto de bronce tería unha procedencia semellante (Peña, 2003b). Son elementos típicos das factorías semíticas do sur peninsular. Isto pode indicar a implicación dos castros nas rutas do comercio procedentes do Mediterráneo coa chegada dos mercaderes fenicios logo da crise das relacións atlánticas.

Ilustr. 6.7.6 – Coitelo afalcatado de Penalba (A. de la Peña Santos, 2003a).

Os fenicios introducen no s.VIII a.C. un novo material: o ferro. Este pobo, procedente do Mediterráneo, logo da devandita decadencia da metalurxia atlántica, desenvolve expedicións comerciais prospectivas na procura do estaño que era un produto moi importante para eles (Martins, 1990). Estas viaxes eran moi produtivas pois intercambiaban produtos e obxectos de seu para obter, no caso do NO., o estaño grazas ó comercio dos castros costeiros cos do interior.

A chegada de produtos alóctonos reflicte un cada vez maior desenvolvemento económico na época castrexa. A obtención de ouro e estaño no NO. peninsular provoca un importante pulo nunha economía predominantemente de subsistencia e autárquica que, nun principio, desenvólvese no ámbito local. O importante valor engadido que provoca o comercio en relación a estes produtos mineiros dará lugar a unha evolución nun senso positivo destas comunidades.

Isto provoca un aumento do poder de compra por parte dalgúns pobos na I Idade de Ferro que se reflicte na aparición de produtos de luxo procedentes do Mediterráneo (Almeida, C.A.B., 1990) nas rías galegas. Un exemplo pode ser a placa de cinto de Torroso citada anteriormente. O mesmo investigador afirma que coa pacificación da Lusitania e Gallaecia, baixo a romanización, pasou a ser máis accesible por mar e polas rutas terrestres con orixe no sur peninsular. Coa pacificación reinícianse os contactos co Mediterráneo e incluso son máis intensos. Atópanse ánforas vinarias itálicas ou cerámicas campanienses, por poñer dous exemplos.



Ilustr. 6.7.7 – Contas oculadas de pasta vítrea atopadas en Pena Redonda (González Ruibal, 2006-2007).

Un dato que constata esas relacións xa na I Idade do Ferro, que confirma o exposto no parágrafo anterior na área de estudo, é unha doa oculada púnica, que pola súa tipoloxía pode ser dos ss.VI-V a.C., que se atopou no poboado de Pena Redonda (nº54) nas escavacións do 2003, moi cara o interior do val do río Oitavén, afluente principal do Verdugo (González Ruibal, 2005b), non moi lonxe da Dorsal Galega, que supoñía un atranco á penetración cara o interior.

No castro do Coto da Cidade (nº57), no val do Verdugo, a primeiros dos anos cincuenta do s.XX apareceron restos de ánforas romanas o que confirma a existencia de comercio, neste caso nunha fase avanzada do castrexo (Filgueira Valverde; García Alén, 1954). Este dato, a nivel local, cadra coa opinión aportada polo profesor Brochado de Almeida, citada anteriormente no que atingue ó novo pulo do comercio exterior baixo o dominio romano nas rías galegas.

Os dous exemplos mencionados constatan o acceso ós produtos alóctonos ó longo dun amplo abano temporal. Non sería de estrañar que procedesen do castro da Peneda do Viso (nº69), localizado no fondo da ría de Vigo, a 1´5 km. da liña de costa, xunto á desembocadura do río Verdugo, que se ten por un punto de recepción e distribución de produtos de importación.

A Peneda do Viso trataríase dun castro de emprazamento interior aínda que próximo á costa. Perto de castros deste tipo (Sta. Tegra no Miño, Sta.Luzía no Limia) habería condicións favorables para un peirao. Posiblemente tiveron unha función de control sobre o trafego de mercadurías ou tamén sobre a súa distribución en relación coas vías de penetración fluvial cara o interior (Naveiro, 1991), pero tamén coas vías terrestres que serían as máis utilizadas nas bacías do Verdugo e do Lérez para penetrar cara o interior ata chegar ás súas cabeceiras. Nestes dous casos só serían navegables nun pequeno tramo, perto das súas respectivas desembocaduras. Os habitantes destes castros deixan de vivir neles a fins do s.I d.C., logo de vivir unha fase de esplendor nos comezos da romanización no cambio de Era.



Ilustr. 6.7.8 – Ánfora Haltern 70 (Naveiro, 1991).

No fondo da ría de Pontevedra hai unha serie de castros que dominan a desembocadura do Lérez e nos que apareceron, en superficie, materiais de importación. No monte dos Penedos (nº42) e no castro de San Cibrán (Tomeza) (nº41) aparecen restos de ánfora Haltern 70 cunha cronoloxía do s.I a.C.-s.I d.C. No de San Cibrán (nº41) e na Peneda do Viso (nº69) atopouse cadansúa moeda da "*caetra*" do s.I a.C. de época de Augusto (Caamaño, 1979b). Tamén hai referencias antigas de achados de tégulas e restos de ánforas no monte do Castro de Mourente (nº44) (Filgueira Valverde; García Alén, 1954).

Xunto á desembocadura do Lérez, na súa marxe dereita, hai referencias de que había un castro, perto de onde está a actual Ponte da Barca e da aparición de materiais romanos. Na propia cidade de Pontevedra na Enfesta de San Telmo, perto do Parador de Turismo "Casa do Barón" atopáronse anacos de sixillata hispánica (s.I d.C.) e unha moeda e restos de ánfora (nos dous casos do s.IV d.C.). Onde agora está Pontevedra

estivo, xa en época romana, a mansión Turoqua, xunto á Vía XIX, segundo sostén Antonio de la Peña en función da información obtida nas escavacións.

Ademais dos outros dous castros mencionados, nos que houbo achados de material foráneo, hai un terceiro castro catalogado próximo á desembocadura do Lérez que é o monte Castelo en Casaldourado-Lérez (nº48), sobre o que se erixiu a torre medieval de Cedofeita. Neste caso, non temos constancia de material romano, aínda que posiblemente aparecese no caso de escavarse. Pero si apareceu cerámica indíxena incisa, concretamente, con retículas incisas en franxas que alternan con outros espazos reservados cunha cronoloxía entre os ss. IV-II a.C. (Maya, 1988) o que é unha proba que confirma, xunto cos restos defensivos, a súa existencia antes da romanización.

Na nosa área de estudo, no val do río Tomeza ou dos Gafos, no Coto Loureiro (nº70), emprazado na Depresión Meridiana, tamén aparecen materiais que nos indican a existencia de intercambios co exterior pois apareceron restos de materiais de procedencia neopúnica, neste caso ánforas (Dressel 18-Mañá 2B) e tamén de procedencia romana (Haltern 70) (s.II a.C. - s.I a.C.). Noutros castros na Depresión Meridiana ou perto dela tamén hai materiais alóctonos como é o caso do castro de Sete Fontes ou Chan de Güimil (Barro), escavado no 2007, no que se atoparon ánforas do tipo Haltern 70/Dressel 1 (ss.II a.C.-s.I d.C.) ou en Castrolandín (Cuntis) onde hai sixillatas, tamén cunha cronoloxía semellante.

Ó longo da bacía do Lérez temos varios exemplos de achados de materiais de importación en superficie. Ademais do mencionado Monte do Castro de Mourente (nº44) hai varios máis. No castro da Cerca (Praderrei-Campo Lameiro) (nº19) apareceron restos de tégulas e ánforas. No Castro de Orto (nº25), que está case na divisoria Lérez-Umia, atopáronse restos de ánfora do tipo Haltern 70, cerámica común romana e tégulas (s.I a.C-s.I d.C.).

O xacemento castrexo que está máis ó interior da bacía do Lérez no que temos algún resto de material alóctono é no castro de San Cibrán (Vilalén-Cerdedo) (nº12), no val do río Quireza, no que se acharon anacos de ánfora de época altoimperial (s.I

a.C.-s.I d.C.) (a información sobre materiais de importación aportada por Rafael Rodríguez Martínez- entrevista persoal).

Un último dato, no que atingue a isto, é a aparición, logo da apertura dunha pista, ó pé do monte do Castro-Cruz do Castro (Carballedo-Cotobade) (nº27), no lugar de Silvela, emprazado no val do río Almofrei, dos restos dunha posible *villa* romana onde saíron restos de cerámica bracarense, cerámica común romana e unha peza dunha columna, pode que do s.I d.C. (Ángel Concheiro-e.p.).

Todos os vestixios comentados constatan a existencia de relacións comerciais dende os castros costeiros (ex.: A Peneda do Viso) ata a parte alta das bacías do Lérez e do Verdugo-Oitavén para as que se utilizaría a rede de camiños existentes, nun principio de ámbito local, pero que co tempo terían unha vital importancia para achegar produtos alóctonos dende a costa. Ademais deberon facilitar a exportación de produtos mineiros como é o caso do estaño, abundante na cabeceira da bacía do Lérez, á procura do cal virían xa os comerciantes púnicos dende antigo.

O comercio marítimo no NO. peninsular compróbase non só durante a Idade do Ferro, senón tamén antes na Idade do Bronce (coas relacións atlánticas) e despois baixo o dominio romano. Existirían unha serie de portos en zonas protexidas como acontecía no interior das rías ou nas badías.

Co paso do tempo a actividade comercial foi a máis, sobre todo baixo a romanización. Neste período, coa mellora da rede viaria, os produtos de importación espallaranse polo territorio castrexo e isto constátase nunha maior mestura entre os distintos "territorios artesanais ou tipolóxicos" (Rey Castiñeira, 2000). Esta distribución desenvolveuse seguindo, as diversas bacías fluviais río arriba ata as cabeceiras; no noso caso, estaría na Dorsal Galega ou Serras Centrais o límite desa expansión de materiais importados. Para chegar á outra vertente da devandita barreira orográfica penetrarían cara o interior pola bacía do Miño e tamén polos vales dos seus afluentes principais.

Tamén nos castros asturianos os materiais alóctonos prerromanos coñecidos, como é o caso da Campa Torres, teñén a súa orixe no Mediterráneo (ss.II-I a.C.)

(Ríos; García de Castro, 1998). A verdade é que as rutas comerciais terrestres, no caso asturiano, adquiren maior importancia xa en época romana, posto que antes dela o intercambio de produtos dun xeito continuo non sería moi importante. A ruta de penetración debeu proceder da zona atlántica e cantábrica occidental (Maya; Cuesta, 1996).

Outros dous exemplos senlleiros, na costa das Rías Baixas, onde aparecen materiais foráneos e dende os que se distribuirían posteriormente, son o castro Pequeno do Neixón no que apareceu na campaña de 1973 un "aríbalos" púnico cunha cronoloxía do s.V a.C. (Acuña, 1976) ou A Lanzada que se caracteriza pola riqueza do seu conxunto de cerámicas alóctonas e que ten unha cronoloxía entre fins do s.V a.C.-inicios do s.IV a.C. ata o s.III a.C., probablemente ata a súa primeira metade (Suárez Otero; Fariña Busto, 1990).

No segundo dos casos citados destacan as ánforas iberopúnicas, utilizadas para o transporte de produtos, que terían unha orixe ou vencellos co golfo de Cádiz. En xeral, estariamos diante de cerámicas de tradición mediterránea.

Na costa das Rías Baixas e na bacía do Miño a maioría dos castros adquiren produtos importados (Rey Castiñeira, 2000). Calquera castro da costa era un potencial cliente dos comerciantes foráneos. Logo dende eles distribúense polo interior. Outros exemplos de castros que participan nestas redes comerciais poden ser Troña ou Vigo. Agora ben, cara a zona setentrional da cultura castrexa estes intercambios por vía marítima eran máis limitados destacando o porto de Brigantium (Naveiro, 1991) e os castros existentes na cercanías (ex.: Elviña).

Este tipo de castros, entre os que está A Peneda do Viso, estarían na costa ou perto dela na parte interna das rías ou a carón da desembocadura ou o esteiro dun río. A distribución dunha serie de produtos alóctonos, maiormente recipientes cerámicos, completaríase seguindo ben os cursos fluviais ou ben as vías terrestres ó longo dos vales tanto dos ríos principais como dos seus afluentes máis importantes e deste xeito espallaríanse polo interior. O límite desta distribución estaría na Dorsal Galega ou Serras Centrais.

· OUTRAS ACTIVIDADES.

· A minería.

Na zona próxima á Dorsal Galega, no seu sector occidental, existe unha importante veta estamnífera, que foi explotada dende moi antigo. O último aproveitamento deste recurso data de mediados do s.XX. Polos indicios de antigas galerías nesta bisbarra e perto dela (no Deza apareceu algún exemplo recentemente) pódese dicir que houbo actividade mineira dende moi antigo. Os comerciantes foráneos, concretamente fenicios, devecían por controlar o comercio do estaño, cousa que aconteceu logo da crise das relacións atlánticas (s.VIII a.C.).

Daquela os comerciantes fenicios cruzan o estreiro de Xibraltar, aséntanse na área de Cádiz. Dende esta zona controlarán os mecanismos atlánticos de intercambio, ademais organizan expedicións comerciais prospectivas na procura do estaño no NO. (Martins, 1990) e introducen un novo produto, en relación á minería, que é o ferro (Peña, 1996). Aínda que ten un inicio anterior, como se acaba de dicir, será a partir de primeiros do s.V a.C. cando se constate a chegada dos comerciantes ás costas galaico-portuguesas cunha maior frecuencia.

A distancia, en liña recta destes enclaves mineiros ata a costa das Rías Baixas, é de pouco máis de 30 km. Isto daríalle un pulo ós intercambios comerciais coa exportación de estaño e a importación de produtos alóctonos diversos para o que deberon utilizar a rede viaria dispoñible daquela. Estas actividades irían a máis coa romanización. Un dato que denota a importancia do estaño é que xa se explotaba antes da aparición da Cultura Castrexa do NO., dende a Idade do Bronce, favorecendo as relacións comerciais atlánticas (Acuña, 1977).

Algúns castros exerceron probablemente un control sobre os recursos mineiros, neste caso sobre o estaño, un exemplo pode ser o castro de Magros (nº50) en Beariz (González Ruibal, 2006-07).

Ademais da zona de Beariz, na cabeceira do Lérez, en Quintelas (a carón deste río), consérvase unha antiga galería e outra en Pereira (poderían ser, ó mellor de época

romana, pero non se pode asegurar). Tamén hai indicios de obtención de estaño no entorno de Presqueiras (na cabeceira do río do Castro), nas abas do monte do Seixo e en Grovas (na vertente do río do mesmo nome, que vai dar ó Deza, afluente do Ulla); este último topónimo é indicativo dunha explotación mineira (Domergue, 1970). Estes lugares están actualmente no concello de Forcarei.

Aquí, por falta de traballos, non podemos afirmar se houbo un aumento demográfico na zona daquela ou se existiu algún fenómeno de "migración forzada" para traballar nestas actividades como pasou no Courel nas minas de ouro baixo o dominio romano (Luzón et alii, 1980). Posiblemente, na Idade do Ferro, a presión dos comerciantes procedentes do Mediterráneo, fose máis feble e o impacto demográfico menor.

Un autor clásico, como é o caso de Estrabón, aseguraba que os comerciantes cartaxineses, entre outros produtos mineiros, mercaban estaño (Romero Masiá; Pose Mesura, 1987). O mesmo López Cuevillas fala da existencia da obtención de ouro, ferro e estaño no NO. peninsular no período castrexo. Este autor cando trata o tema das xoias alude á minería do ouro e un dos exemplos de obxectos de ouro que inclúe é o torques do río Oitavén, aparecido non moi lonxe do castro de Gaxate (López Cuevillas, 1953).

Aínda así, nas dúas bacías que forman a rexión estudada, non temos datos que nos permitan falar da obtención do ouro, nin nos praceres fluviais por medio do bateo nin en explotacións mineiras propiamente ditas. Agora ben, non moi lonxe, no O. da actual provincia de Ourense (Maside, O Irixo e Carballiño) houbo unha importante área de explotación do ouro en época romana. As bacías dos ríos Lérez e Verdugo-Oitavén deberon actuar como área de transición entre o litoral das Rías Baixas e a devandita área aurífera. Tamén noutra área próxima, no Deza, hai indicios da existencia de ouro e estaño (Carballo, 2002).

Os poboadores dos castros, en época prerromana, buscan emprazamentos que lles permitan ter no seu entorno un espazo produtivo e moi diversificado onde poidan obter todos os recursos precisos para subsistir nun espazo próximo. Estas comunidades baseaban a súa economía en actividades de subsistencia. Tamén

precisan que o medio lle posibilite obter materias primas, entre elas recursos mineiros (Fernández-Posse, 2002).

Agora ben, ás veces, é raro, que o acceso ó mineral, malia habelo perto dun castro, condicione a ubicación dos poboados, como acontece nalgunhas zonas (ex.: o ferro nos castros da ría de Villaviciosa) (Camino Mayor, 2002); pero noutros a actividade mineira é básica para a súa existencia como acontece coa minería aurífera en áreas do interior, como son os casos do Courel (Luzón et alii, 1980) e Viana do Bolo (Xusto, 1993) baixo a romanización.

No curso alto das bacías do Lérez e do Verdugo-Oitavén ou nas súas proximidades, algúns dos castros ubicados nas estribacións da Dorsal Galega, perto das áreas onde abunda o estaño, probablemente combinaran as actividades de subsistencia coas de tipo mineiro, sobre todo para atender as esixencias dos intercambios comerciais co exterior. Algúns incluso deberon ter a minería como a súa actividade principal e poderían denominarse "castros mineiros" como pode ser o castro de Magros (nº50) (González Ruibal, 2006-07).

Á hora de fundar un poboado castrexo, non abonda só coa existencia e cercanía de terras agrícolas de calidade, tamén é relevante a existencia de materias primas ou de recursos mineiros, outros rasgos fundamentais son o control das vías naturais de comunicación e a ubicación nun lugar estratéxico.

Algo disto acontece, cando menos, cando se crean os grandes poboados antes da chegada de Roma (ex: nos castros asturianos). Na maioría dos castros asturianos vencellados a minas de ferro en galerías, as mesmas soen estar moi achegadas a eles, ubícanse a menos de 300 m. do poboado (Fanjul, 2005).

Na nosa área de estudo, xa dende a I Idade do Ferro, debeu haber unha actividade mineira importante, sobre todo debido ó pulo dado polas relacións comerciais cos comerciantes foráneos, no que atingue ó estaño. Este produto sairía por vía marítima. Neste caso faríase por algún porto ou fondeadeiro das rías de Vigo e Pontevedra. As Rías Baixas foron, daquela, o principal foco de atracción do trafego marítimo (Naveiro, 1991 / Carballo; Naveiro; Rey Castiñeira, 1988). Pola contra, o

ouro, dende as zonas onde se obtiña no NO. levaríase, por vía terrestre (Camino Mayor, 1995), en época romana, cara Astúrica Augusta onde residían os administradores das explotacións mineiras (Domergue, 1970) ou tamén cara Lucus Augusti.

· A obtención de recursos pétreos e outras materias primas.

Á hora de erixir os sistemas defensivos dos castros, maiormente as murallas, e as diversas construcións, botábase man dos recursos pétreos máis asequibles para economizar esforzos. En non poucas ocasións, a pedra extraída na escavación dos foxos utilizouse nas estruturas defensivas e domésticas dos poboados castrexos. O máis lóxico é construír coa pedra á que se ten acceso inmediato (Esparza, 1986 / Carrocera; Jordá Pardo, 1986-87).

Hai unha serie de traballos específicos que analizan este aspecto en diversas zonas da Cultura Castrexa do NO. peninsular: o Deza (Carballo; López Cota, 1988), occidente de Asturias (Carrocera; Jordá Pardo, 1986-87) ou varios castros espallados por Galicia (Vázquez Varela, 1983a). No último caso estudáronse seis castros e nos dous primeiros cinco en cada un.

Case toda a materia prima pétrea ten a súa orixe no lugar onde se empraza o castro ou nun entorno inmediato que non supera uns centos de metros (Vázquez Varela, 1983a), normalmente a unha distancia inferior a un Km. da súa ubicación (Carballo; López Cota, 1988). O que se procura en calquera actividade económica para obter recursos é a comodidade e o menor esforzo posible. Baséanse no principio do menor gasto de enerxía na obtención dos recursos indispensables á comunidade, de aí que o granito (o material máis empregado) obtíñase en canteiras locais (Sande Lemos, 1993) no territorio de produción restrinxida.

Na nosa área de estudo o material empregado é, fundamentalmente, o granito. As características do material pétreo inflúen no seu emprego para os diversos usos ou á hora da fabricación de artefactos. Isto demostra un óptimo coñecemento do medio xeolóxico por parte dos habitantes dos castros. Ás veces, para obter algúns materiais

pétreos determinados desprázanse a puntos afastados a distancias superiores ó habitual.

Os castros máis antigos caracterízanse polo uso de pedras sen traballar nas murallas e nas diversas construcións. Cando se xeraliza a petrificación dos poboados castrexos e desaparece o uso de materiais perecedeiros nos paramentos a profesión de canteiro adquire maior relevancia. Isto pasará, sobre todo, cando se empeza a usar o pico por estes operarios para carear os muros (Almeida, C.A.B. 1990) cousa que acontece xa nun momento da II Idade do Ferro; para algún autor sería nos ss.III.II a.C. (Calo, 1993).

Outra materia prima como a madeira, empregada fundamentalmente para a construción obteríase nos bosques próximos. Destaca, entre outras especies, o carballo. No caso da arxila, utilizada para a fabricación de recipientes e outros obxectos cerámicos, conseguiríase tamén en xacementos próximos ós castros (barreiras), seguramente existentes non máis alá dun km. de distancia para minimizar os desprazamentos. Pero na nosa área de estudo non temos datos en relación este aspecto.

Visto o anterior pódese dicir que o aprovisionamento das materias primas máis utilizadas (pedra, madeira, arxila) nos castros do NO. facíase no mesmo entorno dos xacementos e evitábanse, na medida do posible, os desprazamentos.

6.8 - SUPERFICIE DOS CASTROS

Á hora de calcular a área dos poboados castrexos atopámonos cunha serie de condicionantes que limitan, en grande medida, a tarefa. A mesta vexetación e a repoboación forestal (maiormente de eucaliptos) supoñen un serio atranco, ademais das destrucións e alteracións que sufriron co paso do tempo. As máis diversas agresións (construcións, pistas, canteiras, terras de cultivo, muros delimitadores de parcelas, edificios relixiosos, etc.) tamén lles afectaron nun grao importante ós recintos castrexos.

Fíxose un cálculo aproximado das superficies, combinando o traballo de campo con imaxes do SixPac, pero aínda así os datos son só estimativos. Dos setenta e dous castros, non se inclúen os seis dubidosos (xa citados no seu momento) e outros cinco (un do tipo B e catro do Tipo C), todos eles polo elevado grao de desfeita. Nalgún caso están na práctica arrasados. Incluímos outros con desfeitas apreciables, nestes casos calculáronse dun xeito estimativo, ata onde debeu chegar o seu perímetro, polos indicios dos que dispoñemos.

Antes de pasar á analise dos mesmos, incluímos un cadro xeral e clasificámolos en tres grupos: os menores a 1 Ha., os que teñen entre 1-2 Has. e os que superan as 2 Has. e as súas porcentaxes globais.

TIPO	<1 Ha.	1-2 Has.	> 2 Has.	Total
A	7	6	2	15
B	7	5	1	13
C	6	9	4	19
D	5	2	1	8
E	6	-	-	6
Total	31 (50´82%)	22 (36´06%)	8 (13´12%)	61

Se facemos unha análise comparativa con outras áreas estudadas no NO. peninsular pódense ver certos paralelismos, aínda que con variantes. Escollemos tres exemplos que son os seguintes: a rexión occidental da provincia da Coruña (Agrafoxo, 1989), a bacía media do Ulla (Carballo, 1990) e a Terra de Viana do Bolo (Xusto, 1993). Estes autores clasifícanos en intervalos de ½ Ha., no noso caso fixémolo en intervalos de 1 Ha.

Superficies (Has.)	Rexión Occ. da provincia da Coruña	Bacía media do Ulla	Terra de Viana do Bolo
Ata 0´5	23´2%	29´4%	41´18%
0´5 - 1	44%	47´1%	35´3%
1 - 1´5	16%	13´2%	18´18%*
1´5 - 2	4´3%	7´4%	
> 2	1´3%	2´9%	18´18%
Dubidosos	11´2%		

*Nesta cifra inclúense os que teñen entre 1-2 Has.

Se axustamos estes datos ós tres grupos do noso traballo teríamos as seguintes porcentaxes (non se inclúen os dubidosos da parte occidental da provincia da Coruña) (Agrafoxo, 1989):

Superficies (Has.)	Rexión Occ. da provincia da Coruña	Bacía media do Ulla	Terra de Viana do Bolo	Bacías do Lérez e Verdugo-Oitavén
Ata 1 Ha.	67´2%	76´5%	63´63%	50´82%
1-2 Has.	20´3%	20´6%	18´18%	36´06%
> 2 Has.	1´3%	2´9%	18´18%	13´12%

Se desenvolvemos unha análise comparativa con outras áreas peninsulares con poboados semellantes ós castros do NO. comprobamos diferenzas no que atingue á súa superficie.

Un primeiro exemplo poden ser os castros da Idade do Ferro no N. da provincia de Soria. Neste caso, trátase de poboados de reducidas dimensións, cuxa superficie total é inferior a unha hectárea. Estes datos calculáronse a partir dos eixos

máximos. Un elemento que condicionou, en grande medida, isto foi o carácter defensivo de orde natural (Romero Carnicero, 1991).

Para o NO. de Zamora afírmase que se podería establecer unha xerarquización dos xacementos en función da súa superficie. Agora ben, a maior ou menor extensión deberíase non só a causas demográficas, senón tamén económicas, sociais e políticas. (Esparza Arroyo, 1986). Esparza clasifícaos en tres clases os castros: pequenos (< 1 Ha.), medianos (entre 1- 6 Has.) e grandes (> 6 Has.)

No grupo intermedio distingue, á súa vez, os que teñen entre 1-2´5 Has., dos que están entre 3–4 Has. e os que superan as 4 Has. O devandito autor pon énfase no de Arrabalde (23 Has.). Son máis numerosos os de menor tamaño (< 1 Ha.), pero os que superan as 3-4 Has. tamén abundan.

No Bierzo temos unha situación parella pois son frecuentes os de menores dimensións (< 1 Ha.), aínda que os hai de gran tamaño con varias hectáreas de superficie (Mañanes, 1981).

Tamén mencionamos un exemplo do N. de Portugal como é Trás-Os-Montes Oriental. Nesta rexión os poboados da súa área occidental son de maior tamaño (ex.: Castelo de Vilarelho con 2´5 Has.). Pola contra, os das zonas do planalto mirandés, Terra Fría e Terra Quente son moi pequenos. Como mostra poden servir dous *castella* da Terra Quente: A Senhora do Castelo de Urros (0´34 Has.) e A Cigadonha de Carviçais (0´48 Has.) (Sande Lemos, 1993).

Fóra do noso ámbito xeográfico, pero dentro da Península Ibérica, na cultura ibera, analizada por diversos investigadores (Ruiz; Molinos, 1993), e, en concreto, no val medio do Ebro os poboados máis numerosos son os de pequenas dimensións (< 0´2 Has.), os de tipo medio son escasos e hai algúns de gran tamaño (> 4 Has.) (Burillo Mozota, 1980).

Nas antigas catalogacións desenvolvidas en Galicia nos anos 20 e 30 do s.XX polo Seminario de Estudos Galegos (SEG, 1928a,1928b,1930,1931 e 1933), á hora de

falar do tamaño dos castros (mensura), só se contemplaban os eixos máximos (N.-S. e E.-O.) pero non a superficie.

Os datos son os seguintes nas bisbarras estudadas: Val de Vilamarín (90 x 60 m.), Terra de Celanova (125 x 110 m.), Terra do Carballiño (124 x 103 m.), Terra de Melide (59 x 70 m.), Terra de Lobeira (131 x 115 m.), Mondariz (131 x 96 m.). O método era moi válido e seguiuse usando durante décadas como é o caso da Terra do Saviñao, entre outros, no que as dimensións medias son de 102 x 84 m. (N.-S./ E.-O.) (López Cuevillas; Fraguas Fraguas, 1955).

Baseándose neste tipo de medicións, López Cuevillas aportou o dato dos eixos máximos de Sta. Trega (N.-S.:700 m./ E.-O.:300 m.) para afirmar que se trata do poboado desta cultura de maiores dimensións en Galicia (López Cuevillas, 1953). O outro gran castro galego, San Cibrao de Lás ten uns eixos máximos que miden: N.-S.: 391 m. / E.-O.: 280 m. (Romero Masiá, 1976). De todos os xeitos, débese ter en conta que estes dous grandes asentamentos desenvolven a maior parte da súa vida en época augustea e a súa apariencia actual é, sen dúbida, desta época. No caso de Sta. Trega non produce alimentos, consúmeos.

No noso estudo non os medimos, pois calculamos, dun xeito aproximado as superficies. Noutros traballos recentes tamén se fixo así (Carballo Arceo, 1990 e 2002). Aínda así, podería ser un dato igualmente válido.

De época máis recente, un dos máis completos estudos dunha área do NO. é o da bisbarra do Deza, na bacía media do Ulla, na que inclúe o autor (Carballo Arceo, 2002) só os poboados dos que se conservan os recintos completos (68 dun total de 92). As análises dunha bisbarra ou rexión natural, cuns límites xeográficos ben definidos, como son os casos mencionados neste apartado son o xeito máis acertado de estudo na cultura castrexa.

As porcentaxes globais xa se reflectiron nun cadro anterior. A superficie media dos recintos medidos é de 0´78 Has., oscilando entre un mínimo de 0´23-0´25

Has. e un máximo de 2´18-2´22 Has. Afirma que hai unha tendencia a aumentar a superficie segundo aumenta a altitude, pero faino con reservas, xa que habería que comparalo con máis rexións estudadas.

Na rexión occidental da provincia da Coruña predominan os que non superan 1 Ha. (67´2%), dentro destes son máis numerosos os que teñen entre 0´5-1 Ha. (44%) ca os menores a 0´5 Has. (23´2%). Entre 1-2 Has. supoñen unhas cifras menores (20´3%), sendo máis os que oscilan entre 1-1´5 Has. (16%) que os de 1´5-2 Has. (4´3%). Case non os hai que superen as 2 Has. (1´3%) (Agrafoxo, 1989).

A maior parte dos poboados castrexos da provincia da Coruña e do N. de Pontevedra teñen parellos no que atingue á súa superficie. Na área setentrional da cultura castrexa non soe haber castros de grandes dimensións que superen as 3-4 Has. Os maiores asentamentos estarían na área meridional desta cultura, sobre todo nunha época avanzada. Sirvan como exemplos: Monte Mozinho (25 Has.), Sta. Trega (20 Has.), Sanfins (15 Has.) ou San Cibrao de Lás (9 Has.). Aínda que hai outros, tamén moi importantes nesta cultura, pero de dimensións máis reducidas como son os casos de Briteiros ou Castromao.

No que atingue a isto un exemplo pode ser a Terra de Viana do Bolo (Xusto, 1993). Fai unha clasificación na que distingue entre castros das terras baixas e castros das altitudes intermedias.

No primeiro deles os asentamentos soen estar en pequenos e medios esporóns e a súa superficie media é de 0´44 Has. No segundo grupo o tamaño medio sería de 1´56 Has., triplicando as cifras dos castros baixos, pódese ver unha maior frecuencia dos castros de tipo medio-grande. Segundo este dato, aquí tamén aumenta a superficie segundo se ascende en altitude coma no Deza. Nesta bisbarra afirma o devandito autor que a maior tamaño maior facilidade para o desenvolvemento de prácticas residenciais e de manutención.

A orografía realmente é o que condiciona o tamaño dos castros. Nas zonas de topografía máis contrastada non é de estranar que o control territorial se exerza cunha

maior frecuencia de asentamentos e un menor tamaño deles. Nas zonas menos escarpadas, como hai un mellor control do territorio, require unha menor densidade de asentamentos. A maior distancia entre eles medran as súas dimensións como se apunta por parte de varios autores (Romero Masiá, 1976; Xusto, 1993).

En xeral, pódese dicir que os castrexos adáptanse á topografía e a mesma inflúe na súa orientación. Co obxecto de aproveitar ó máximo a insolación e a calor solar e estar protexidos dos fortes ventos do N. (nordés), os castros orientan o seu eixo maior de N.-S.

Deseguido introducimos un cadro onde desmiuzamos os datos xerais do cadro inicial para as bacías do Lérez e Verdugo-Oitavén. No mesmo indícanse as proporcións de cada un dos tres grupos (< 1 Ha., 1-2 Has. e > 2 Has.) en cada un dos cinco tipos de poboados e dentro destes aparecen os números asignados a cada castro no listado xeral do noso traballo.

TIPO	**< 1 Ha.**	**1-2 Has.**	**> 2 Has.**	**Total**
A	7 (46´65%) (1-6-31-39-42-51-62)	6 (40%) (12-17-20-40-44-61)	2 (13´35%) (49-57)	15
B	7 (53´85%) (2-5-9-15-24-33-68)	5 (38´45%) (23-30-46-63-65)	1 (7´7%) (66)	13
C	6 (31´6%) (25-27-28-32-43-52)	9 (47´35%) (8-10-18-35-48-50-55-70-71)	4 (21´05%) (29-56-67-69)	19
D	5 (62´5%) (11-16-34-37-45)	2 (25%) (21-53)	1 (12´5%) (3)	8
E	6 (100%) (7-13-14-19-54-72)	-	-	6
Total	31 (50´82%)	22 (36´06%)	8 (13´12%)	61

Nesta bisbarra natural tamén predominan os castros cunha superficie inferior a 1 Ha., son trinta e un e supoñen o 50´82%. Todos os emprazados en chaira (Tipo E)

se enmarcan neste grupo. Logo séguenlle os castros en esporón, xeralmente ubicados no meandro dun río (Tipo D), destes están neste grupo o 62´5% (5). A continuación, en importancia, veñen os que están nunha aba (Tipo B) co 53´85% (7), no cumio dun outeiro ou lomba (Tipo A) co 46´65% (7) e, en derradeiro lugar, os que se asentan nun coto con fortes pendentes (Tipo C) co 31´6% (6).

Este grupo ten unhas proporcións máis baixas que as outras tres bisbarras das que incluímos datos nun cadro anterior: bacía media do Ulla (76´5%), rexión occidental da provincia da Coruña (67´2%), Terra de Viana do Bolo (63´63%).

O segundo grupo é o dos castros cunha superficie que oscila entre 1-2 Has. Son un total de vinte e dous e equivalen ó 36´06%. Os máis numerosos neste apartado son os do tipo C, supoñen o 47´35% (9) dentro dos do seu tipo. Logo, de maior a menor, séguenlle os do tipo A co 40% (6), os do B co 38´45% (5) e os do D co 25% (2). Do tipo restante, castros en chaira (E), non hai ningún.

Este segundo grupo supera ás outras tres bisbarras coas que facemos a comparación estatística: bacía media do Ulla (20´6%), rexión occidental da provincia da Coruña (20´3%) e Terra de Viana do Bolo (18´18%).

O terceiro grupo que establecemos, en relación coa superficie, é o dos asentamentos castrexos que superan as 2 Has. A maior proporción é a dos castros do tipo C que equivalen ó 21´05% (4). A continuación, veñen os do A co 13´35% (2), os do D co 12´5% (1) e B co 7´7% (1). Do tipo restante, o E, non hai ningún exemplo.

Este tipo de datos deben tomarse en consideración, pero sempre con certas reservas polos condicionantes apuntados ó comezo deste apartado. Neste terceiro grupo inclúense oito castros (13´12%). Deles, tres están na bacía do Lérez: castro de Montes (nº 3), A Cividá (nº 29) e monte da Torre (nº 49); os cinco restantes emprázanse na do Verdugo-Oitavén: Castelo Grande-Castelo (nº 56), A Cidade

(Tourón) (nº 57), O Circo (Mosteiro) (nº 66), O Castelo do Galo (nº 67) e A Peneda do Viso (nº 69).

Os castros de grandes dimensións limítanse esencialmente ó Norte de Portugal e á parte meridional de Galicia. Aquí danse os chamados *oppida* cun aspecto máis urbán. Na parte central e setentrional de Galicia non son moi numerosos os castros maiores ás 2 Has.(Carballo Arceo, 1996), aínda que hai castros que superan bastante esa superficie como é o caso de Zoñán (Mondoñedo) (Vigo García, 2007a,b).

As bacías do Lérez e do Verdugo-Oitavén situaríanse dentro dun sector de transición entre a área meridional e a setentrional da cultura castrexa dende os seus inicios. O devandito sector tería como límite setentrional a liña que marcan o Lérez e o Sil. A zona entre o Miño e o Lérez no seu conxunto representaría un tramo de transición entre as dúas áreas (González Ruibal, 2006-07).

Unha cuestión difícil de abordar, baseándose na superficie, é a clasificación dalgún destes castros como "lugar central". Atopámonos cunha serie de limitacións neste aspecto. A máis importante é a falta de escavacións arqueolóxicas e de achados en case todos eles, agás dun xeito limitado na Peneda do Viso.

No val do Lérez o caso máis sobranceiro é A Cividá (nº 29) ubicado no seu curso medio na parte de maior amplitude da bacía. Ten unhas características que o fan destacar sobre os demais (Parcero, 2000). En primeiro lugar, trátase do castro de maior superficie de toda a bacía, xa que ten, aproximadamente 2´35 Has.

Outro elemento destacable deste castro é a entidade do seu colosal sistema defensivo que se conformaba cunha muralla pétrea de algo máis de dous metros de ancho, un foxo espectacular, escavado na rocha, que bordea o xacemento polo N. e E., dende a croa ó foxo hai uns dez metros de desnivel. O foxo ten 150 m. de longo por 9 m. de ancho e un parapeto externo, cun muro de sostén cara o foxo, que o complementa, incluso parece que se albisca un segundo parapeto. Ten dous recintos, croa e antecastro, xustapostos.

Non seu interior existe unha gran rocha con petroglifos, a mesma ten motivos que, aparentemente, irían da Idade do Bronce ata época histórica; pero os vestixios de

arte rupestre, xeralmente, teñen unha cronoloxía moi anterior ó castrexo. Serían da segunda metade do III milenio e inicios do II a.C. (Peña Santos, 2003) e non contemporáneos como apuntan outros autores (Parcero, 2000). Podería indicar, en tal caso unha ocupación anterior a esta cultura no entorno ou unha utilización ben como área doméstica, ben como espazo cerimonial. O topónimo en si non ten porque ser indicativo, pois repítese nas cercanías onde pode que houbese outro poboado castrexo, do que se conserva folclore, hoxe desaparecido (nº 38) .

A Cividá controlaba o val medio do Lérez que é a zona de maior amplitude do mesmo e as vías de comunicación que percorrían o mesmo, das que falaremos no apartado correspondente. Ademais, este caso, trátase dun dos poboados con maior intervisibilidade da bisbarra, pois vense outros oito castros. Este elemento tamén pode indicar a súa importancia.

A verdade é que fóra da área bracarense non é frecuente atopar castros que superen as 2´5 Has. de superficie. Na área setentrional e central da cultura castrexa non soe habelos.

Outro castro de grandes dimensións na bacía do Lérez, neste caso ubicado nun meandro do río do Castro, que se trata do seu principal afluente na cabeceira, é o castro de Montes (nº 3). Trátase dun gran recinto amurallado e o seu eixo maior supera os 200 m. (NO.-SE.) e o menor os 100 m. (SO.-NE.). Contaba con boas defensas naturais por tres das súas vertentes ó estar rodeado polo devandito curso fluvial, agás pola parte occidental que era por onde tería que estar o acceso.

No pequeno val do río do Castro, dos catro poboados existentes (nº 2,3,6 e 16) o de Montes é o máis importante. Isto pódese ver na entidade das súas obras construtivas e dos recintos anexos.

Polas súas características, nos dous casos, Montes e A Cividá, dan a entender que foron, no seu momento, asentamentos con certa posición preeminente no entorno.

Un terceiro castro moi destacado no entorno, aínda que estaría noutro grupo (entre 1 – 2 Has.) é Castrodiz (nº 10) no val do río Quireza, que domina visualmente. O seu eixo maior supera os 100 m. (NO.-SE.), destacan tanto a envergadura das súas murallas coma o seu emprazamento moi conspicuo. Controla un bo tramo do val do Lérez a unha distancia que oscila entre 10-15 km. e incluso liñas de cumios máis afastadas. Polas súas dimensións debeu ser un dos de maior poboación de toda a bacía, sobre todo da parte alta da mesma.

O monte da Torre-monte do Castro (nº 49), non aparece catalogado e ademais ten un importante nivel de desfeita, polo que non o imos comentar. Ademais, isto provoca que o incluísemos neste traballo con reservas.

Na bacía do Verdugo-Oitavén o castro maís sobranceiro é A Peneda do Viso (nº 69), que se atopa na marxe esquerda da desembocadura do Verdugo na ría de Vigo. A súa superficie estaría perto da 2´5 Has. Debido ás súas características, que permiten un bo control do territorio e das vías naturais de comunicación, debeu ser un "lugar central". A costa da área bracarense que chega ata este curso fluvial está ateigada de poboados con rasgos semellantes.

Atópase nun lugar estratéxico para o comercio, con vestixios de intercambios dende unha época antiga (o Bronce Final). Polos obxectos atopados o máis probable é que fose un centro de redistribución de produtos. O bo control que exercía constátase en que dende el divísanse outros catorce castros, tanto da ría de Vigo coma da Depresión Meridiana e do resto da bacía do Verdugo-Oitavén, algún deles a uns 15 km. de distancia (nº 36). Incluso polos seus rasgos podería considerarse un *oppida* (González Ruibal, 2006-07).

Outro exemplo sobranceiro, na bacía do Verdugo, é o Castelo Grande-Castelo (nº 56). É un dos castros con maior dominio visual, pois ten intervisibilidade con

outros cinco poboados. Na lonxanía pódese ver cara o SO., seguindo o curso do río, A Peneda do Viso que está a uns 11 km. e río arriba o monte do Castro (A Lama) a

uns 4´7 km. de distancia. Controla o territorio dun xeito nidio en todas as súas vertentes debido ó tipo de emprazamento moi destacado sobre a área que o rodea. Ten croa e dous recintos anexos e para a súa defensa combinan unhas murallas pétreas e os fortes desniveis do terreo.

Pódese engadir un castro máis a destacar neste grupo o Coto da Cidade (Tourón) (nº 57) rodeado por unha espectacular muralla de pedra e terra que conserva uns 3 m. de alto e destaca o seu foxo duns 10 m. de ancho bordeado por un segundo parapeto defensivo. Este castro está nun interfluvio de dous colectores secundarios do Verdugo que está nas cercanías.

Ten outro castro homónimo no val do principal afluente (o Oitavén), trátase do castro de A Cidade (Oitavén) (nº 61) de rasgos parellos e co mesmo tipo de emprazamento. Pero neste caso está nunha zona onde son máis escasos os poboados castrexos e ademais estaría no grupo de 1–2 Has. de superficie.

A tipoloxía das súas defensas, de gran envergadura, e o ter varios recintos en case todos os citados deixan entrever que estiveron moi poboados. O topónimo en si de Cidade-Cividade en varios dos casos comentados pode ser indicativo aínda que non determinante para consideralos “lugares centrais”.

Outros dos poboados de maior tamaño (nº 66 e 67) non os imos analizar neste apartado, pois aínda que están case na divisoria xa estarían fóra da bacía propiamente dita do Verdugo-Oitavén, pero poideron exercer o control nas respectivas cabeceiras dos seus vales (Borbén e Louro) que desaugan no Miño.

Destes dous castros so imos engadir do Castelo do Galo (nº 67) pola súa posición moi destacada pois ten un total de cinco recintos (a croa e catro ampliacións anexas que na parte oriental se reducen a tres). Dado o seu emprazamento nun outeiro prominente, no O. non tería muralla debido ós fortísimos desniveis. No E. ten unha

vaguada natural que faría as funcións dun foxo cun parapeto exterior, xunto ó cal nun pequeno outeiro debeu haber unha atalaia defensiva cara a parte máis alta da aba do monte.

Outro castro na mesma situación (fóra da propia bacía), aínda que cunha superficie menor (aproximadamente 1´5 Has.) é o de Magros (nº 50), ó outro lado da Dorsal Meridiana, perto das fontes do Verdugo. Isto demostra que nas cabeceiras dos vales fóra das dúas bacías, en áreas moi cercanas, tamén existen castros nunha situación de predominio sobre o entorno, aínda que teñan un tamaño máis pequeno e estean no segundo grupo da nosa clasificación (1-2 Has.).

6.9 - AS VÍAS DE COMUNICACIÓN.

Un elemento primordial á hora de facer unha análise de calquera cultura ou época antiga é o das vías de comunicación e as posibles relacións entre os diferentes poboados. A maior ou menor importancia da rede de comunicacións nun período determinado, neste caso na Cultura Castrexa do NO. peninsular, pode ser indicativo do grao de desenvolvemento económico e do nivel e intensidade da relación entre os residentes dos castros.

Canto máis doadas fosen as relacións económicas entre os diversos poboados próximos ou cos de zonas máis afastadas, independentemente da distancia entre eles, maior podería ser o seu grao de desenvolvemento económico. Isto podía conlevar tamén a posibilidade de contactos con elementos alleos a esta cultura e a chegada de produtos foráneos a través dos intercambios xerados pola actividade comercial (Suárez Otero e Fariña Busto, 1990/ Naveiro, 1991).

Ó non haber case, na práctica, indicios no que atingue a este tema debemos ter en conta os rasgos do medio físico da área natural estudada. Hai que incidir na orografía e tamén nos pequenos vales, tanto dos cursos principais coma dos secundarios (Caamaño, 1979a) para, nese caso, cando menos, dar unha idea aproximada deste aspecto.

As barreiras orográficas limitarían ou dificultarían o paso das vías naturais. Na área de estudo temos, na súa parte oriental a Dorsal Galega, tamén denominada Serras Centrais, con montes que oscilan entre os 800 e os 1.200 m. de altitude (Suído, Candán, etc.). A altitude deste atranco montañoso, xunto coas duras condicións climáticas que se dan nas zonas máis elevadas, provoca a inexistencia de xacementos castrexos nas mesmas (Carballo, 1993), así como condiciona unha compartimentación espacial documentada no rexistro arqueolóxico (Carballo, 2003).

O que acabamos de dicir constátase tanto, aínda que en menor medida, na cabeceira da bacía do Lérez coma na do Verdugo-Oitavén. Neste segundo caso rarean máis e incluso desaparecen os castros segundo ascendemos val arriba e nos

achegamos á serra do Suído e ás súas estribacións (Carballo, 1996a). En parte, pode deberse a que non continuarían polos sectores máis agrestes as vías naturais de comunicación de longo percorrido ó non haber portelas para sortealas nas partes máis abruptas.

Os camiños dos que dispuxeron os poboadores castrexos probablemente tivesen unha orixe anterior en época prehistórica nas vías naturais de paso dos animais e os seus cazadores que buscaban zonas pouco fondas para vadear os cursos fluviais e no caso de haber pendentes moi pronunciadas desprazaríanse en zigzag para atenuar o desnivel ó ascender polas zonas de ladeira. Logo, iríanos adaptando ás súas necesidades ou trazarían outros novos.

Pódennos servir como mostra algúns antigos camiños de acceso a poboados castrexos aínda conservados na actualidade que ascendían bordeando a aba para limitar o desnivel ou facían recodos (zigzag) como é o caso da Cividá (nº 29), do monte do Castro (San Xurxo de Sacos) (nº 31) ou do Circo (Sequeiros) (nº 65). Moitos deles non se conservan posto que os desfixeron ó transformalos en pistas non hai moitos anos.

Ilustr. 6.9.1 – A Cividá – San Xurxo de Sacos (nº29) (SixPac) – Vista aérea e camiño de acceso.

Ó non existir unha organización estatal non se pode falar dunha trama de camiños artellada con vistas a articular o territorio. Agora ben, o que non se pode negar é a posible existencia dunha rede de camiños locais. Estas vías de ámbito local deberon evitar o aillamento dos castros e, cando menos, permitiron os contactos cos veciños máis próximos.

En certas bisbarras do NO. peninsular como é o caso do Courel, no val do río Lor, onde destacou, en época romana a minería do ouro e onde tamén buscaron indicios de estaño e cobre, podemos constatar unha rede antiga de camiños. A antigüidade que se lle atribúe non se basea só en que vaia unindo todos os castros á mesma altura no seu percorrido, senón que se debe a un rasgo máis relevante que é que discorre polos propios asentamentos a través do seus foxos. Deste xeito, ó ter que pasar, de xeito obrigado por eles controlaban por tramos a vía principal de comunicación da bacía (Luzón et alii, 1980).



Ilustr. 6.9.2 – Vias de comunicación do Courel na Antigüidade (Luzón et alii, 1980).

Ese control directo dun camiño principal, que discurrise polo interior dun foxo, en época castrexa non o poidemos constatar nas bacías do Lérez e do Verdugo-Oitavén. Agora ben, si temos indicios de camiños de ámbito local que pasasen polo interior das defensas, pero mais ben deberon ser desvíos de vías de maior entidade, e a súa finalidade sería só para acceder ó propio castro ou achegarse ás terras que aproveitaban para a súa mantenza.

Constátase o anterior en diversos poboados, sobre todo, nos que están ubicados a media aba e non moi lonxe do fondo do val. Neste caso estarían, entre outros, o Coto da Cidade (nº 57), monte do Castro (Cerdeiras) (nº 23) ou O Castelo do Galo (nº 67).

Con moita probabilidade, as vías naturais de penetración no período castrexo, nas bacías do Lérez e do Verdugo-Oitavén, tiveron que seguir camiños anteriores que foron adaptando ás súas necesidades. Seguiron o curso dos colectores principais e dos seus afluentes máis importantes. Ó chegar ás cabeceiras onde os montes máis elevados supoñían un atranco botaban man das portelas para salvar estes atrancos orográficos.

Malia as dificultades orográficas estas portelas deberon utilizarse daquela para pasar ó outro lado da Dorsal Galega. Na cabeceira do Lérez a vía natural de paso sería polo Paraño, no entorno dos montes do Testeiro, que a separan da do Deza (afluente do Ulla) e da bacía do Miño, pola zona por onde pasa o trazado da actual N-541. Na do río do Castro a portela que hai entre A Serra e o monte Costoia que se atopa xunto ó Coto do Peón permite acceder ó curso alto de afluentes da marxe dereita do Miño, neste caso o río Doade que desemboca no Avia que é colector do Miño.

Perto do nacemento do Verdugo temos o paso da Portela da Cruz, que tamén conduce á cabeceira do Doade no val do Avia. Na zona das fontes do seu afluente principal o Oitavén está a Portela do Foxo que salva as estribacións do Suído e comunica co val do Tea. Ademais das mencionadas puido haber algunha outra posibilidade de paso cara o outro lado das Serras Centrais no curso alto dos mencionados ríos. Non debeu haber posibilidades de cruzar cara o outro lado, agás por estes lugares de paso.

Hai que unir ó explicado anteriormente, no que atingue ás dificultosas comunicacións, a dureza do clima nestas elevadas altitudes onde neva todos os anos e daquela tamén debeu acontecer dun xeito semellante. O baleiro demográfico e as cativas comunicacións que se deron na Idade do Ferro nesta área das cabeceiras polos factores apuntados pódese ilustrar con varios exemplos.

Os castros de Magros (nº 50) e do Alto da Roda do Castro (nº 51) que están na marxe E. da Dorsal Galega están separados polo monte de Costoia e A Serra das cabeceiras da bacías do Lérez (en concreto do seu afluente principal no curso alto o río do Castro) e do Verdugo.

Os poboados castrexos que están máis próximos do castro de Magros (nº 50) ó outro lado da Dorsal Galega (Serras Centrais) son: As Mouteiras (nº 2) a 9´5 km., Sanguñedo (nº 6) a 10 km. e Montes (nº 3) a 10´5 km. Os que están máis perto do castro do Alto da Roda do Castro en Garfián (nº 51) na outra vertente da devandita barreira montañosa son os mesmos e a unha distancia moi semellante: As Mouteiras (nº 2) a 8 km., Montes (nº 3) a 9 km. e Sanguñedo (nº 6) tamén a 9 km. de distancia.

Para cruzar dun lado ó outro da Dorsal Galega o abano temporal esixido era importante pero podería facerse o percorrido de ida e volta na mesma xornada, cando menos entre os do val do río do Castro (afluente da marxe esquerda do Lérez no seu curso alto) e os castros de Magros e do Alto da Roda do Castro de Garfián.

Os datos do tempo mínimo aproximado empregado nos desprazamentos entre os devanditos castros, aínda que pode que maiores, serían os seguintes:

	As Mouteiras (nº2)	Montes (nº3)	Sanguñedo (nº6)
Alto da Roda do Castro-Garfián (nº51)	2 h. 56 min.	3 h. 36 min.	3 h. 20 min.
Castro de Magros (nº50)	3 h. 54 min.	4 h. 2 min.	3 h. 22 min.

Para este cálculo empregouse a cartografía topográfica (escala 1:50.000) e a aplicación do denominado *principio de Naismith*. Segundo esta teoría unha persoa adulta, en boas condicións físicas, pode percorrer 5 km. de terreo chan nunha hora, o que supón andar 1 km. cada doce minutos. Como o terreo non soe ser chan debido á orografía da zona, moitos dos desniveis frean a marcha, polo que a cada variación de altitude de ata 300 m. hai que engadirlle, cando menos, trinta minutos. Isto trasladado a unha escala 1:50.000 supón que cada centímetro no mapa (500 m.) precisa seis minutos de andaina, mentres que cada curva de nivel (20 m. de desnivel) supón dous minutos engadidos de desprazamento (García Sanjuán, 2005). Estes cálculos son estimativos pero indicativos do atranco que supoñía a devandita barreira montañosa para as comunicacións.

Aínda que xa quedan fóra da área do presente traballo, pódese apuntar que hai autores que comprobaron que noutros sectores das estribacións da Dorsal Galega, con maiores distancias entre os castros, completar o desprazamento nun mesmo día sería imposible debido á maior distancia e ós fortes desniveis (Carballo, 2003), pois habería que salvar as abas de máis montes no camiño.

Moitos dos poboados castrexos das bacías do Lérez e do Verdugo-Oitavén aséntanse en emprazamentos na liña de ruptura de pendentes ou en zonas baixas do val, en lugares estratéxicos, que se atoparían perto das vías naturais de penetración no territorio que eran tanto os ríos principais coma os seus afluentes máis importantes. Ó longo dos vales existen portelas que permitiron as comunicacións entre eles.

Unha idea semellante formulouse, en relación ás vías naturais, para outras áreas da Cultura Castrexa do NO. peninsular, como é o caso do val inferior do Lima (Almeida, C.A.B., 1990). Aquí tampouco se coñecen os camiños de época prerromana, pero intúese que seguirían as vías naturais de penetración polos vales dos ríos, cuxo curso ás veces cruzarían por vaos, e habería algúns que comunicarían vales diferentes salvando as divisorias de augas por medio das portelas. Con esta afirmación coincidimos plenamente ó ser dúas concas fluviais a área de estudo da presente tese.

As dúas bacías están enmarcadas por cordais montañosos de certa elevación, pero, en áreas máis baixas das mesmas, temos exemplos do anterior como poden ser o

paso de Agüeiros xunto ó Coto de Penalba (nº18) que comunica o val medio do Lérez co do Umia, o da Cruz da Anta entre o curso medio do Lérez e o seu afluente o Almofrei ou o de Famelga entre o Almofrei e o Calvelle (afluente do Verdugo).

Incluso nunha zona de divisoria de augas, emprazado xustamente na mesma, está o castro do Coto do Cristo (nº62) en Pazos de Borbén. Separa os vales dos ríos Pequeno (afluente do Oitavén) e Borbén (afluente do Tea que desemboca no Miño). Hai que apuntar que estes sectores das divisorias non son tan abruptos e están en zonas de menor altitude o que debeu facilitar o paso dun val a outro.

Os camiños principais, en época prerromana, deberon ir por zonas de altitudes intermedias a media ladeira, non moi distantes do fondo do val, cecais por ámbalas dúas marxes dos cursos primarios e terían pequenos ramais ata os poboados castrexos da Idade do Ferro. Tamén se constatan zonas para vadealos e pasar dunha marxe a outra nas que habería algún sistema sinxelo. Cando menos, polos indicios que temos, parece o máis probable.

Como analoxía disto último, poden servir os pasos de pé (poldras) (Suárez Caamaño, 2006) dos que enumeramos varios exemplos: rego de Fonte Seixiña, por onde pasa unha corredoira empedrada que máis adiante bordea o monte do Castro de San Isidro (nº20), río das Freixas na desembocadura deste co Lérez xunto ó Castro da Cerca de Vilariño (nº17) ou no Verdugo xunto á confluencia co rego de San Vicente nas cercanías do Coto da Cidade (nº57) e do monte do Castro de Parada (nº59). Tamén son dignos de mención camiños enlousados no fondo do cauce (coma un no Verdugo xunto á derradeira das poldras citadas), ademais de pontellas e pontes, de posible orixe medieval. No período castrexo cabe a posibilidade da existencia de elementos desta caste (Caamaño Suárez, 2006).

Na Galicia suroriental, para os castros das zonas baixas da Terra de Viana Bolo, hai algún autor que apunta unha tripla caracterización, cando menos nunha fase inicial, para os camiños da Idade do Ferro (Xusto, 1993), que podería valer para a rexión estudada no presente traballo: non se utilizarían con moita frecuencia por ser economías autárquicas onde primaría a autosuficiencia; non hai un poder político superior que articule a rede viaria, cando o hai é só para arranxar necesidades

determinadas e como xeito de autodefensa dun ataque exterior (ó non haber unhas boas comunicacións era máis difícil atacar un castro; outro tanto pasou, séculos máis tarde, na época medieval). Nun período posterior iranse desenvolvendo as relacións comerciais, que se intensificarán coa romanización e coa explotación dos recursos mineiros.

Os camiños daquela deberon ser terreños ou escavados sobre a rocha natural e cando fose preciso é posible que se realizasen pequenas obras de adaptación como podían ser muros de contención e recheos. Probablemente buscasen unha certa horizontalidade con estas melloras e tentasen reducir, cando menos en parte, os fortes desniveis que se daban en certos tramos.

Para poder refacer o posible trazado destes camiños prerromanos, que normalmente eran de ámbito local, débese seguir a liña de asentamentos castrexos. Algúns deles foron reutilizados posteriormente polos romanos (Caamaño, 1979a). En época romana, os camiños indíxenas estaban en decadencia, polo abandono dos poboados, pero adaptaron algúns para atender as súas necesidades no que atingue ás comunicacións.

Ademais, os camiños de época castrexa malia ser preferentemente de ámbito local ou, coma moito comarcal, tiñan un valor estratéxico e exercíase un dominio visual dende os castros (Carballo, 1993) e dende os lugares estratéxicos, sobre todo nas áreas onde se explotaban importantes recursos mineiros (Xusto, 1993). Ás veces, incluso había puntos de vixiancia a para outear e vixiar o seu trazado. Unhas boas comunicacións e que fosen seguras é un elemento básico para as relacións con outros poboados. En época romana refórzase a seguridade, cando se transportaban cargamentos valiosos incluso recurrían ó uso de escoltas ou puntos de control (Caamaño Gesto e Criado Boado, 1992).

Cabe a remota posibilidade da existencia de comunicacións ópticas ó longo das dúas bacías entre os diferentes poboados con sinais de fume polo día e de lume pola noite ou incluso acústicas. Isto é algo de moi difícil comprobación pero podía ser outra opción. Igual que os utilizan pobos primitivos actuais, daquela ó mellor tamén. Pero, máis tarde, Roma limitouse a deseñar as súas calzadas, sen unha rede paralela

de comunicacións ópticas (Balil, 1977). Se os romanos visen que as utilizaban os castrexos e tivesen un certo grao de eficiencia, cabería a opción de que fixesen uso delas, pero non foi o caso. Nós citamos esta idea con moita cautela pois non temos indicios nin fontes que permitan sequera insinualo.

As comunicacións fluviais unicamente se poideron dar no tramo final do Lérez e do Verdugo, pois son ríos que non se prestan apenas á navegación. Se facemos unha comparación con épocas máis recentes, no caso do Lérez, no seu curso medio existiron ata cinco lugares nos que houbo barqueiros para cruzar ata a outra marxe. En época castrexa estas dúas posibilidades foron viables.

Xa apuntaban as fontes clásicas, en concreto Estrabón, que os indíxenas tiñan embarcacións feitas en coiro e, nunha fase posterior, a base de toradas de árbore desbastadas para navegar polos ríos e lagoas (Almeida, C.A.B., 1990). Estas referencias xa as mencionou tamén un autor senlleiro na arqueoloxía galega como López Cuevillas (López Cuevillas, 1955). Isto é viable, pois obtiñan sen problemas tanto o coiro, xa que unha das súas actividades básicas era a gandería, coma a madeira, pois as masas arbóreas de frondosas eran abundantes nas zonas baixas dos vales.

No que atingue ó transporte e ás comunicacións por vía fluvial e incluso bordeando a costa, noutras zonas da cultura castrexa do NO. peninsular, como é o caso dos castros de Asturias, aínda que non temos unha constatación arqueolóxica de que botasen man del os astures, os contactos entre poboados de diferentes vales deberon ser tamén por esta vía. A existencia dunha paisaxe de tipo fortificado reforza esta hipótese (Fanjul Peraza, 2005a).

Coa chegada do mundo romano e os seus coñecementos de enxeñería vanse xeralizar as pontes, necesarias para vadear os ríos sobre todo nas zonas da desembocadura. Tanto na do Lérez coma na do Verdugo construíron cadansúa ponte para dar paso á Vía XIX, do itinerario de Antonino, que unía Bracara Augusta e Lucus Augusti e o seu trazado discorría en dirección S.-N. pola Depresión Meridiana por onde flúe o río Tomeza ou dos Gafos.

A Vía XIX, ó seu paso por Pontevedra, onde estaría a mansión Turoqua, segundo confirmaron os achados de Antonio de la Peña en 1988 e os das escavacións posteriores (2006-07), constátase pola aparición de ata oito miliarios na capital e no seu entorno. A carón da Ponte do Burgo, onde estivo a ponte de época romana, apareceron tres miliarios: Nerva (fins s.I d.C.), Adriano (134 d.C.) e Maximino Daia (primeiros do s.IV d.C.) Recentemente, acaba de aparecer tamén outro en Salcedo, pero non se concretou a súa cronoloxía.

Dende esta vía principal, que cruzaba, en dirección S.-N., pola Depresión Medridiana, arrancarían outras vías secundarias que se distribuirían polo territorio das dúas concas fluviais estudadas para o que aproveitarían, moi posiblemente, camiños existentes dende a época da cultura castrexa ou incluso dende antes da Idade do Ferro. No caso asturiano tamén se menciona a relevancia e a continuidade ó longo do tempo tanto dos corredores naturais nos vales como das portelas ou pasos de montaña interiores, cando menos dende a Idade do Bronce (Fanjul Peraza, 2005a).

Outro exemplo pode ser o dos castros da Idade de Ferro do norte de Soria. Asentábanse en puntos de valor estratéxico para dominar non só o curso dos ríos principais e os seus vales, senón tamén os accesos e as vías de comunicación naturais (Romero Carnicero, 1991).

A reutilización dos camiños antigos é un fenómeno que non se limita a unha área xeográfica determinada como é o NO. peninsular, senón que é un fenómeno xeralizado. O dominio e o control visual das vías de comunicación, aínda que fosen de ámbito local como aconteceu una cultura castrexa, denota o seu carácter estratéxico.

Nos vales dos ríos galegos, en maior medida nos máis importantes, e nunha zona coma a das Rías Baixas hai unha alta presenza de castros (Bouhier, 1979). Co gallo disto, as redes de comunicación na Idade do Ferro, aínda que maiormente deberon ser de ámbito local, como xa apuntamos, adquiriron unha certa importancia debido ás relacións comerciais por mar dos poboados da franxa costeira como é o caso da Peneda do Viso (onde apareceron produtos alóctonos) e á explotación de produtos mineiros, neste caso o estaño, no curso alto da bacía do Lérez. Este aspecto só o mencionamos aquí pois fálase del noutro apartado.

Os habitantes dos castros ademais do desprazamento a pé e posiblemente a cabalo, aspecto que mencionan as fontes clásicas, utilizaron os carros tirados por animais. Proba disto é que xa temos mostras nalgún petroglifo (por exemplo en Oia) anterior á Idade do Ferro e á cultura castrexa e nas pegadas de rodas impresas no solo rochoso dalgunhas estacións castrexas (López Cuevillas, 1955). Destacan as rodeiras no camiño de acceso ó castro da Graña (Toques), a súa escavación foi dirixida, por Fernando Acuña Castroviejo e Gonzalo Meixide Cameselle.



Ilustr. 6.9.3 - Roda irlandesa dos ss. IV-III a.C. (segundo Raftery, 1994) e roda tradicional galega (tomadas de González Ruibal, 2006-2007).

Na nosa zona de estudo atopamos rodeiras de carro na base rochosa dun camiño que ascendía pola aba e daba acceso polo SE. ó poboado castrexo do Castelo do Galo (nº67) e continuaba ascendendo ata a parte alta do Galleiro, nas proximidades da divisoria de augas entre as concas fluviais do Verdugo-Oitavén e Miño (neste caso trátase da cabeceira dun colector secundario, o río Louro). Estes exemplos, entre outros, constatan a existencia de antigas vías a carón ou no interior dos castros da Idade do Ferro do NO. peninsular.

Outro rasgo que cecais incidise na existencia de camiños na época castrexa, cando menos na bacía do Lérez é a existencia de materias primas minerais, en concreto, estaño, aínda que pode que non fose o único recurso desta caste explotado na zona. Os filóns estamníferos concéntranse nas estribacións montañosas da Dorsal Galega, neste caso no Candán e no monte do Seixo.

Na primeira das dúas devanditas zonas o aproveitamento do estaño constátase en Quintelas (a carón do Lérez) onde se conserva unha antiga galería (ó parecer de época romana) e en Pereira. Tamén na área de Presqueiras (na cabeceira do río do Castro), nas abas do monte do Seixo e en Grovas (na vertente do río homónimo que desemboca no Deza, afluente do Ulla). Na área de Beariz, non moi lonxe do Candán tamén hai recursos deste tipo.

Con moita probabilidade durante o período de desenvolvemento da cultura castrexa na bisbarra se aproveitasen os recursos mineiros da zona, nomeadamente o estaño. Esa explotación debeu continuar en época romana, da que hai diversos vestixios. Pero esta idea que se formula aquí é unha incógnita que se solventaría coa escavación dun dos castros prerromanos desta área das estribacións da Dorsal Galega con orientación mineira. Neste caso na Terra de Montes, sobre todo na cabeceira da bacía do Lérez é onde se debería facer unha intervención prolongada no tempo para obter resultados convincentes (González Ruibal, 2006-07).

Ó anteriormente comentado hai que engadir que pola Terra de Montes pasa unha veta de estaño que percorre Galicia en dirección SE.-NO. (a uns 30 km. lineais da costa). Os indíxenas dos castros costeiros farían de intermediarios entre os comerciantes foráneos, neste caso púnicos, e os castros do interior nesta bisbarra para obter estaño. Comunicaríanse polas rutas naturais que percorrerían daquela a bacía do Lérez dende a súa cabeceira ata a costa como indica algún autor (González Ruibal, 2006-07).

Na bacía do Verdugo-Oitavén podíase dar un fenómeno semellante pois A Peneda do Viso (nº69), na desembocadura do Verdugo, exerceu unha función de control sobre o tránsito de mercadorías. Debeu estar en relación coas vías de penetración fluvial cara o interior (Naveiro, 1991). Posiblemente isto tamén se dese cos camiños prerromanos.

Un dato que constata isto é que no poboado de Pena Redonda (nº54) moi no interior do val do Oitavén, principal afluente do Verdugo, apareceu nas escavacións do 2003 (González Ruibal, 2005b) unha doa oculada púnica datable, por tipoloxía,

nos séculos VI-V a.C. O mesmo tipo de obxectos apareceron noutros castros cercanos á Dorsal Galega como imos explicar a continuación.

Noutros castros, nas estribacións da Dorsal Galega, no val do Deza, noi moi lonxe da zona da cabeceira do Lérez apareceron materiais púnicos, en concreto contas oculadas de pasta vítrea. Neste caso están os castros de: Castrovite, Guimarei, Cortegada e O Marco (Carballo, 2002). No de Cortegada tamén apareceron restos de muíños circulares que chegan ó NO. cos comerciantes púnicos entre os séculos IV-II a.C.

A presenza de materiais alóctonos nestas zonas de interior na cabeceira das bacías, perto da Dorsal Galega, indica que tivo que haber vías de comunicación en época castrexa entre os diversos poboados. Nun principio serían de ámbito local, pero co tempo irían adquirindo máis importancia debido á posible intensificación dos intercambios comerciais entre os castros do litoral e os do interior, nomeadamente cos das áreas con recursos mineiros. Nas zonas onde houbese ouro pasaba outro tanto como no Courel ou na Terra de Viana do Bolo como xa mencionamos no seu momento.

Para outras zonas da Cultura Castrexa do NO. peninsular afírmase que a escolla dos emprazamentos dos poboados tiña unha relación directa coa súa economía de subsistencia. Nalgún caso vencéllase á minería (estaño e ouro) que estarían na base das rutas de comercio tradicionais e serían, en época romana, un dos motivos da súa conquista. Isto pasou nos castros do NO. de Portugal (Silva, A.C.F. da, 1986). Ó mellor a mesma causa puido ter influencia na nosa zona de estudo.

Tamén para Tras-Os-Montes oriental fala Sande Lemos da importancia estratéxica dos corredores naturais de comunicación nos inicios da Idade do Ferro. Os castros ubícanse en locais prominentes para controlar non só os camiños senón tamén os xacementos mineiros de interese metalúrxico nos que obtiñan mineral de ferro (Sande Lemos, 1993). Isto constátao este autor xa no s.VI a.C.

Nas áreas de máis recursos económicos, sobre todo de alto valor, neste caso onde se dan xacementos mineiros, máis importancia deberon ter os camiños en época

prehistórica en xeral e no período castrexo en particular. Serían básicos para o trafego dos devanditos produtos.

Queremos insistir na idea de que estes camiños que deberon existir en época castrexa viñan condicionados polo medio físico e o emprazamento dos poboados indíxenas. Influirían a orografía (liñas de menor pendente e resistencia e as portelas) e a hidrografía (pasos naturais e remansos) á hora de trazalas (Caamaño, 1979a). Adquiriron, co paso do tempo, máis importancia debido ó intercambio de produtos (nesta zona exportarían estaño e importarían produtos dos que carecesen como podían ser o sal ou obxectos cerámicos), entre os indíxenas e os comerciantes foráneos. Isto debeu continuar baixo o dominio romano.

De época romana apareceron restos de ánforas, a principios dos anos cincuenta do século XX no castro do Coto da Cidade en Tourón (nº57) o que confirma que, cando menos na parte media do val do Verdugo exitiron vías de comunicación que o atravesaban ata o litoral.

Máis tarde, en época medieval, constátase a existencia dunha rede de camiños nas concas fluviais do Lérez e do Verdugo-Oitavén. Ao abeiro dos datos aportados anteriormente neste capítulo cabe a posibilidade que tivesen unha orixe en tempos prehistóricos, cando menos en parte do seu trazado. A pervivencia das vías naturais de comunicación de época prerromana no seu estado orixinal é moi difícil polas transformacións que lles deberon afectar co paso do tempo.

Agora ben, ó longo da Historia o xénero humano procurou poder desprazarse nas condicións máis óptimas segundo lle permitisen os medios dispoñibles. O reaproveitamento dos camiños antigos é algo que aconteceu ata a actualidade.

No que atingue ós camiños medievais hai publicacións moi detalladas (Ferreira Priegue, 1988). Aquí vaise facer un comentario sucinto da bacía do Lérez.

En Pontevedra tiña o seu inicio un camiño (Pontevedra-Terra do Orcellón) que ía ata O Carballiño. Seguía a marxe esquerda do Lérez, polo curso baixo e medio ata Cerdedo, aquí continuaba polo val do río do Castro (na cabeceira da bacía). En Portela

de Lamas saía un camiño a Aciveiro. O camiño principal sorteaba a Dorsal Galega



Ilustr. 6.9.4 – Mapa de camiños medievais no entorno de Pontevedra e no curso medio e baixo do Lérez (Ferreira Priegue, 1988).

De Pontevedra partía outra vía pola marxe dereita e uniríase ó anterior en Parada ou en San Xurxo de Sacos. Pode que fose aquí pois hai os restos do que debeu ser polas súas características unha ponte romana que, segundo os datos, desmoronouse no 1694 e logo nas súas cercanías ergueuse a actual no 1722 (coñecida co nome de Ponte Nova). Aínda se conserva ben o antigo camiño que nos leva ata o monte do Castro (nº 31). Ademais, por esta zona pasaba un "camiño real" en época moderna ("a brea"). Outro ía, máis adiante, a partir do curso medio, polo resto da marxe dereita do río e polo val do Quireza ata Codeseda.

Logo temos o "camiño breeiro" de Forcarei que procedía do Miño e ía ata Santiago de Compostela e cruzaba o val do río do Castro e o Lérez en Parada (Cerdedo). Da zona de Aciveiro arrancaban outros dous camiños: un cara Trasdeza polo Candán e outro por Grovas (topónimo claramente indicativo dunha explotación mineira) cara a bisbarra do Ribeiro (Domergue, 1970).

Na conca do Verdugo-Oitavén existía un camiño de Pontevedra ata a bisbarra do Ribeiro. Uníase en Marcón con outro que procedía de Pontesampaio e seguía ascendendo polo val ata Forzáns e Porto, logo pola zona da Laxe (Fornelos) cruzaba as estribacións do Suído ata Ribadavia.

En sentido transversal cruzaban a área de estudo unha vía romana secundaria dende Pontecaldelas ata Campo Lameiro e continuaría por Muimenta ata o val do Umia. Por último hai que citar o "camiño portugués" a Santiago de Compostela que cadra aquí co Vía XIX de época romana.

Outros autores mencionan (Fontoira Surís e Rodríguez Fráiz, 1991) algúns destes camiños medievais e céntranse nas tres "rutas xacobeas" de Terra de Montes que coinciden en parte coa zona de paso das rutas medievais xa descritas e, polo tanto non as imos describir.

Todo isto pode servir como analoxía para os camiños da época castrexa para ver que se mantiveron vías de comunicación nas diversas etapas do devalar humano nas dúas bacías.

Un traballo pendente para a investigación sería localizar e identificar, dun xeito detallado, os camiños antigos dos que aínda conservamos tramos que, ó mellor, nos podían dar unha idea do posible trazado das vías de comunicación de época prerromana.

Polo que apuntamos neste apartado supoñemos que o trazado dos camiños en época prerromana, debeu atravesar os vales, principais e secundarios, por zonas máis baixas que os castros buscando as áreas de pendente máis suave. Dende os poboados exerceríase un control estratéxico e a eles accederíase, como vimos en varios exemplos das dúas bacías, por desvíos que ascenderían ata os seus emprazamentos.

Segundo se ía incrementando o fluxo económico, debido á actividade mineira desenvolvida nas estribacións da Dorsal Galega, nas que se obtiña estaño, debeu aumentar o comercio e o intercambio de produtos en época castrexa. Entre eles apareceron algúns de orixe púnica, tanto nalgún castro do interior das dúas concas fluviais (Pena Redonda) coma noutros das proximidades pero fóra das devanditas bacías do Lérez e Verdugo-Oitavén.

Estas dúas bacías (Lérez e Verdugo-Oitavén) actúan como área de transición entre o litoral das Rías Baixas e a gran zona de explotación do ouro do O. da provincia de Ourense, ó E. da Dorsal Galega (Serras Centrais) como poden ser os casos de Maside (Pozo do Lago), Irixo (Ribas e Covas da Vila) e O Carballiño (Madarnás).

Todo isto denota a crecente importancia dos camiños en época castrexa que, nun principio, deberon ter un carácter local e, co paso do tempo, serían a base fundamental para o desenvolvemento económico dos poboados da zona de estudo e as súas relacións.

6.10 - REXIONALIZACIÓN: SUBREXIÓNS E AGRUPACIÓNS DOS CASTROS.

No presente apartado procurouse desenvolver unha análise de como puido ser a distribución dos asentamentos castrexos en función das subrexións vendo as agrupacións de castros que se dan. As barreiras orográficas delimitan as devanditas áreas, sendo de maior importancia os montes que conforman as divisorias de augas das bacías principais que son as do Lérez e Verdugo-Oitavén. Ademais tamén se tiveron en consideración as barreiras orográficas que limitan algúns dos principais afluentes das dúas concas.

Outros investigadores, no seu momento, cando estudaron outras áreas da Cultura Castrexa do NO. peninsular, xa fixeron análises semellantes (Agrafoxo 1989; Xusto, 1993; Carballo Arceo, 1990; Parcero Oubiña, 2002). A partir das agrupacións dos poboados castrexos realizouse a distribución en catorce subrexións. Tres delas están fóra das dúas bacías pero incluíronse para ver o baleiro demográfico que provocaron as estribacións montañosas que as separan, trátase das seguintes: cabeceira do Umia (IV), divisoria Lérez-Umia (V) e Beariz (X) (esta última está na cabeceira do val do Avia, afluente do Miño). Logo hai outra que está na divisoria entre o Verdugo-Oitavén e o Miño (XIV).

O conxunto dos poboados castrexos da área de estudo pode considerarse unha macrorexión e abranguería as dúas bacías analizadas e os seus aledaños. En total, como xa se apuntou, son setenta e dous castros (entre os que se inclúen os seis dubidosos). Dividímolos nun total de catorce subrexións; no seguinte cadro reflíctense os castros de cada unha delas.

Nº	Subrexións	Xacementos (nº)	Total
I	Curso alto do Lérez	1,4,5,7,11,15,17	7
II	Río do Castro	2,3,6,16	4
III	Val do Quireza	10,12,13,14	4
IV	Cabeceira do Umia	8,9	2
V	Divisoria Lérez-Umia	25,26	2
VI	Val medio do Lérez	18,19,20,21,22,23,24,29,30,31, 32,33,34,38,39	15
VII	Curso baixo do Lérez e val do río Fontáns	44,45,46,47,48,49	6
VIII	Val medio do Almofrei	27,28	2
IX	Val do Tomeza ou dos Gafos (Depresión Meridiana)	41,42,43,70	4
X	Beariz	50,51	2
XI	Val medio do Verdugo	35,36,37,52,56,57,58,59	8
XII	Val do Oitavén	53,54,55,60,61	5
XIII	Tramo final do Verdugo-Oitavén e parte interna da ría de Vigo	40,68,69,71,72	5
XIV	Divisoria Oitavén-Miño (Pazos de Borbén)	62,63,64,65,66,67	6

Como se pode ver, nos datos anteriores, na bacía do Lérez establecemos seis subrexións, na do Verdugo-Oitavén outras catro, logo estaría a do río Tomeza ou dos Gafos na Depresión Meridiana e outras tres fóra das dúas bacías pero nos seus aledaños.

Na parte alta da bacía do Lérez temos as tres primeiras subrexións (entre paréntese aparece o número de xacementos):

I / Curso alto do Lérez (7)

II/ Río do Castro (4)

III/ Val do Quireza (4)

Nas cercanías das fontes do Lérez temos a seguinte: IV/ Cabeceira do Umia (2). Xa comentamos que se introduciron varias áreas próximas ás dúas bacías, dentro dos doce concellos estudados, para ver o efecto de barreira que exercen as divisorias

de augas e a Dorsal Galega (neste caso na zona oriental da rexión estudada) e o deserto demográfico que provocaron xa daquela.

As devanditas divisorias tanto das concas principais coma as dos afluentes máis importantes xeran un espazo agreste e compartimentado que se acentúa, neste caso, na parte alta da bacía do Lérez.

Os castros destas subrexións caracterízanse pola súa escasa ou nula intervisibilidade xa que sete deles non teñen intervisibilidade con ningún outro, dende os demais só se poden ver un ou dous, agás Castrodiz dende o que se visualizan, grazas á súa ubicación nun coto moi conspicuo, outros tres. Malia isto, debido ós vestixios de actividade mineira dende antigo, xa que nesta zona hai unha gran veta de estaño, pódese dicir que estiveron comunicados entre eles e cos do resto da bacía. Unha mostra disto (que se indica no capítulo das vías de comunicación) é a chegada de produtos de importación a xacementos non moi lonxanos ós destas subrexións.

Ademais da subrexión IV a V que denominamos divisoria Lérez-Umia, ten ademais de dous castros da zona de estudo algúns outros; destaca, perto do Coto de Penalba, O Castelo-Castro de Cosoirado que se atopa a algo máis dun quilómetro de distancia, o outro que aparece punteado máis lonxe é o Castro de Querguizo (San Martiño de Laxe-Moraña). Este grupo pode que tivese relación co VI ou incluso, ó estar case na divisoria, se poderían integrar neste algúns deles.

A subrexión máis importante, con diferenza, é a seguinte: VI/ val medio do Lérez (15). Abrangue boa parte dos actuais concellos de Campo Lameiro e Cotobade. Trátase dunha área onde o val acada o seu maior ensanchamento cuns 8 km. Nesta parte da bacía constátase unha intensa actividade humana dende épocas anteriores do noso pasado. Aquí hai a maior concentración de gravados rupestres prehistóricos do NO. peninsular. Isto indica que as condicións do hábitat deberon ser moi favorables para as sociedades perhistóricas.

Separan a esta subrexión (VI) das da parte alta da bacía, unha serie de montes que as delimitan dun xeito nidio; na marxe dereita están, entre outros, o Montouto

(773 m.) e o Coto da Conla (772 m.) e na esquerda o Outeiro Raposo (692 m.) e o Monte Coirego (774 m.). Logo deles empeza a conca media do Lérez.

Ademais esta subrexión caracterízase non só polo maior número de poboados castrexos senón tamén polo espectro moi alto no que atingue á intervisibilidade entre eles. Agás na cabeceira da bacía do Lérez (na que se inclúen os vales dos principais afluentes neste sector, o río do Castro e o Quireza) e na do Oitavén, as agrupacións de castros teñen unha óptima visualización do territorio do seu entorno.

A seguinte subrexión (VII) abrangue o curso baixo do Lérez (onde se inclúe a desembocadura do Almofrei) e o val do río Fontáns e ten seis castros. A derradeira dentro da mesma bacía é a do val medio do río Almofrei (VIII) con só dous castros (nº27 e 28). Esta derradeira área é a de maior amplitude deste val, que só ten outro poboado máis no interfluvio co Lérez (nº45) e inclúese noutra subrexión (VII) como se pode observar no mapa correspondente. Caracterízase por comunicarse por cadansúa portela co val do seu colector principal o Lérez (entre o Coto de Paraños e O Castelo) e co do Verdugo polo que non se pode afirmar que haxa unha situación de aillamento.

As subrexións da área de estudo veñen delimitadas polas bacías dos ríos principais e dos seus colectores máis importantes. O patrón de asentamento caracterízase por unha serie de agrupacións dos castros e nunha boa parte do territorio por unha intervisibilidade de espectro moi amplo.

Onde a relación visual dos asentamentos é máis reducida ou incluso inexistente é no territorio máis achegado á Dorsal Galega, tamén denominada Serras Centrais, que supuxo un atranco que dificultaba ou impedía non só o hábitat, debido ás súas condicións climáticas máis duras, senón tamén as comunicacións durante a Idade do Ferro (Carballo, 2003).

Logo temos ó longo da Depresión Meridiana a subrexión IX que é a do val do Tomeza ou dos Gafos na que hai catro castros. Atópase entre as desembocaduras do Lérez e Verdugo e delimita polo O. a área de estudo. Teñen relación visual coas subrexións VII e XIII.

Ó outro lado da Dorsal Galega, non moi afastados das fontes do Verdugo, están os dous castros da subrexión X que denominamos Beariz, na cabeceira do val do Avia (afluente do Miño).

As catro restantes sunrexións están na bacía do Verdugo-Oitavén e son as que se enumeran deseguido (entre paréntese aparecen o número de castros de cada unha delas):

XI/ Val medio do Verdugo (8)

XII/ Val do Oitavén (5)

XIII/ Tramo final do Verdugo-Oitavén e parte interna da ría de Vigo (5)

XIV/ Divisoria Oitavén-Miño (Pazos de Borbén) (6)

En termos xerais, nestas bacías podemos observar unha apertura e unha expansión do poboamento dende a plataforma litoral cara o interior e a súa dispersión e distribución significativa en ámbalas dúas concas durante a Idade do Ferro. O poboamento rarea e desaparece ó chegar á barreira que supuxo a Dorsal Galega.

O espallamento dos poboadores polo territorio cadra, en boa medida, coa distribución do hábitat tradicional do NO. peninsular. Débese a importante densidade, especialmente dalguhas subrexións, á abundancia de terras de alta potencialidade económica.

A nivel macro hai que mencionar a exclusividade moi evidente á hora de ocupar o territorio. Os castros ubícanse seguindo as curvas de nivel do relevo. Un rasgo frecuente é que se atopen en áreas de ruptura de pendentes entre as terras altas e as baixas. A vexetación e o hábitat eran os propios das zonas de val e bocarribeira.

Pola contra, prodúcese un baleiro demográfico nas zonas de montes máis elevados, tanto na Dorsal Galega (Testeiro, Suído, Cando, Seixo, etc.) como nas divisorias principais. Nestas, as estribacións montañosas e os derrames, ademais das particularidades dos condicionantes do hábitat, impediron daquela o emprazamento de poboados castrexos.

O maior ou menor grao de ocupación do territorio está vencellado a cuestións estratéxicas e económicas. Evidentemente, é máis mesta nas zonas cun maior índice de fertilidade, recursos naturais e boas comunicacións; esencialmente buscan un dominio dos cursos fluviais. Isto podémolo ver noutras áreas da Cultura Castrexa como pode ser o NO. de Portugal (Silva, A,C.F. da, 1986).

Nesta cultura é frecuente comprobar a dispersión do poboamento a través dos vales dos ríos e o dominio visual do territorio grazas a un bo grao de intervisibilidade (Xusto, 1993). Buscan, nun principio, emprazamentos máis protexidos en cotos elevados e con fortes desniveis. A penetración dos poboadores dende as áreas litorais cara o interior polas bacías dos ríos principais é un fenómeno que se constata, cando menos, nos que desembocan nas Rías Baixas, pero non só aquí.

O poboamento escasea segundo nos achegamos ás cabeceiras ata desaparecer debido ós condicionantes xeográficos adversos das áreas montañosas. Neste caso podémolo ver, dun xeito máis nidio na do Verdugo-Oitavén, como constatan outros investigadores (Carballo, 1996a).

Un elemento básico á hora de elaborar o mapa das subrexións é o das barreiras orográficas que dan lugar a unha compartimentación moi clara do territorio. Os rasgos do entorno foron decisivos. Isto explica que os castros se empracen en puntos inmediatos ós terreos de explotación restrinxida, con boas condicións naturais de defensa e suficiente control visual sobre as terras de labor (Peña, 1996).

A compartimentación da orografía propicia a dispersión de pequenas comunidades con territorios ben definidos por accidentes naturais. En resume, as cuestións estratéxicas e económicas son a base fundamental para a distribución do poboamento na Cultura Castrexa do NO. peninsular.

Algunhas ideas en relación con isto que acabamos de apuntar nos parágrafos anteriores xa o afirmou no seu día o investigador máis sobranceiro da arqueoloxía galega como foi Florentino López Cuevillas en *La civilización céltica en Galicia*. Segundo este autor "os castros non se distribúen con uniformidade por todo o noso solo, agrupándose de preferencia na costa e na media montaña e diminuíndo a súa

densidade nas partes fondas dos vales dos grandes ríos, na montaña alta e nas serras" (López Cuevillas, 1953).

A rede hidrográfica tamén condicionou a distribución dos poboados castrexos e as vías de penetración cara o interior. Noutras áreas afastadas da Península Ibérica, en época protohistórica, como poden ser os poboados iberos no curso alto e medio do val do Guadalquivir na zona oriental de Andalucía, a distribución dos asentamentos máis frecuente é en torno ós grandes ríos (Ruiz; Molinos, 1993).

Ademais dos devanditos condicionantes hai que salientar tamén a abundancia e o doado acceso ós recursos pétreos á hora de edificar os castros. Os poboados castrexos requerían para erguerse un emprazamento óptimo dende o punto de vista defensivo e moita materia prima que, na área estudada, é case en exclusiva o granito. A pedra obtíñase nun ámbito local, cousa que xa confirmaron varios estudos (Vázquez Varela, 1983 / Carballo e López Cota, 1988/ Esparza, 1986) e posiblemene, incluso, dentro do propio recinto (entrevista persoal con Ángel Concheiro Coello sobre as súas intervencións no casatro de Baroña (1994-96)).

Finalmente, hai que dicir que a distribución poboacional durante o abano cronolóxico no que se desenvolve a Cultura Castrexa estivo condicionada polas características do medio físico. Unha das prioridades básicas era ter un medio natural que lles permitise a subsistencia, no que houbese terras aptas para a agricultura e a gandería e no que se poidesen adicar a outras actividades (caza, pesca, recolleita, marisqueo, explotación forestal, minería) para a mantenza dos seus poboadores e a supervivencia do grupo social.

Ademais das cuestións económicas estaban as estratéxicas. Optan por erguer os castros en puntos con boas defensas naturais e logo para unha mellor protección levantan un sistema defensivo axeitado ás necesidades e para evitar posibles ataques. Normalmente, os sistemas defensivos na Cultura Castrexa do NO. peninsular adáptanse á topografía natural (Camino Mayor, 1995) e está lonxe das grandes obras defensivas doutras épocas, coma a romana ou a medieval. Noutras áreas afastadas do NO. peninsular, como pode ser a serranía de Soria, hai paralelismos neste senso posto

que tamén xurde o castro fortificado na Idade do Ferro nun lugar naturalmente ben defendido (Romero Carnicero, 1991).

O dominio do territorio inmediato a cada emprazamento era algo fundamental (Camino Mayor, 1995) para os castros. Procuraban divisar un extenso territorio pero tamén que os visualizasen a eles, de aí as espectaculares e tan conspicuas defensas que construíron.

Canto máis óptimos fosen os devanditos condicionantes maior sería a posibilidade de que se asentaran os castrexos, como pode comprobarse na distribución por subrexións elaborada.

Outra cuestión a recalcar é que o maior ou menor grao de intervisibilidade inflúe, xunto coas comunicacións, na maior ou menor intensidade de ocupación do territorio. Isto podémolo comprobar onde hai unha densidade máis vasta do poboamento, como pode ser no val medio do Verdugo (XI) no que hai oito castros ou no val medio do Lérez (VI) con outros quince poboados.



Subrexións.

I) Curso alto do Lérez.
II) Río do Castro
III) Val do Quireza
IV) Cabeceira do Umia
V) Divisoria Lérez-Umia
VI) Val medio do Lérez
VII) Curso baixo do Lérez e val do río Fontáns
VIII) Val medio do Almofrei
IX) Val do Tomeza ou dos Gafos
X) Bearíz
XI) Val medio do Verdugo
XII) Val do Oitavén
XIII) Tramo final do Verdugo-Oitavén e fondo da ría de Vigo
XIV) Divisoria Oitavén-Miño

Ilustr. 6.10.1 - Mapa de subrexións dos castros (escala 1:200.000).

6.11 - O ESTADO DE CONSERVACIÓN DOS CASTROS.

O grao de conservación dos xacementos arqueolóxicos en Galicia, en xeral, non invita precisamente ao optimismo. Malia promulgarse disposicións legais nos últimos tempos como poden ser a Lei de Patrimonio Cultural aprobada no ano 1995 ou o Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia a situación non é a mellor.

Hai que recoñecer que moitas alteracións e destrucións nos castros da área de estudo aconteceron ó longo dos séculos. Pero o máis grave é que outras son de época recente por desleixo da administración con competencias na materia. Isto non acontece só con este tipo de xacementos, senón tamén con outros, como poden ser os petroglifos ou restos megalíticos.

Para ilustrar isto, temos exemplos moi recentes como pode ser a actual polémica polo vergoñento estado de abandono do dolmen de Dombate (Cabana de Bergantiños) por non poñerse de acordo a Deputación da Coruña (propietaria do monumento) e a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia ata estes días (febreiro-2008). Logo duns vinte anos de deterioro, dende que se escavou este exemplo senlleiro do noso patrimonio arqueolóxico, parece que finalmente se vai protexer en condicións. Agardemos que así sexa polo ben de todos.

A verdade é que é para botarse as mans á cabeza. Poderíanse poñer máis casos de abandono de xacementos escavados no pasado ou doutros con alto risco de deterioro malia á súa importancia. Un deles é o caso dos petroglifos, incluso algúns dos máis importantes, debido aos incendios forestais; pero a preocupación das administracións públicas, moitas veces, brilla pola súa ausencia. Pero imos deixar á marxe os males do noso patrimonio en sentido amplo e centrarnos só nos castros da nosa rexión de estudo porque senón teriamos argumentos para un bo anaco.

No balance do grao de conservación dos setenta e dous castros das bacías do Lérez e Verdugo-Oitavén e aledaños, imos deixar de lado os seis que consideramos dubidosos, pois non se conservan restos, aínda que hai folclore deses lugares, non

podemos confirmar a súa posible, aínda que nalgúns deles moi dubidosa, existencia. Polo tanto imos facer un breve balance dos outros sesenta e seis.

Dentro dos devanditos sesenta e seis castros unha boa parte padeceron alteracións importantes, algúns ata quedar case ou totalmente arrasados.

En cinco deles ergueuse cadansúa torre ou fortaleza en época medieval, debido ó seu emprazamento estratéxico. En dous deles incluso hai tamén un edificio relixioso. Un é o castro de Montes (nº3) no que se erixiu a Torre dos Xuíces Meiriños no 1188, sendo destruída polos Irmandiños no 1466, logo reconstruíuse e tivo uso ata primeiros do s.XVII, ademais tamén está a ermida de San Miguel. O outro castro é o da Peneda do Viso (nº69) no que tamén houbo unha fortaleza medieval e no mesmo lugar erixiuse a actual capela.

Outros exemplos son Castrodiz (nº10) cunha torre que foi arrasada polos Irmandiños e o castro do monte Castelo (Lérez) (nº48) na croa do que se erixiu a torre de Cedofeita que dominaba a desembocadura do Lérez. Por último, está o Castelo Grande-Castelo (Pontecaldelas) (nº56) no que, enriba da súa croa, se edificou un castelo (de aí o nome deste monte) que dominaba a parte media da bacía do Verdugo e incluso se divisa A Peneda do Viso, que está xunto á súa desembocadura a uns 11 km. de distancia.

Agás o castro de Montes, que se empraza nun esporón situado nun meandro do río do Castro (Tipo D), os outros catro castros nos que houbo fortalezas ou torres medievais teñen unha ubicación nun cumio moi conspicuo (Tipo C) dende o que se controla un amplo territorio. Este motivo foi o primordial para que se ubicasen nos devanditos emprazamentos.

No que atingue á existencia de igrexas ou capelas enriba de castros, ademais dos dous exemplos mencionados, onde había torre medieval máis capela (nº3 e 69) hai outros seis casos nos que se erixiu un edificio relixioso. Trátase dos seguintes xacementos: O Pego (nº11), San Cibrán (Vilalén) (nº12), Arén (nº16), Penalba (nº18), San Cibrán (Tomeza) (nº41) e monte do Castro (A Lama) (nº52). Nunha terraza do derradeiro está tamén o cemiterio parroquial.

Nunha situación parella ó da Lama está o monte do Castro (San Xurxo de Sacos) (nº31) que foi arrasado para a construción do cemiterio parroquial a primeiros do s.XX financiado con aportacións económicas de nativos da parroquia emigrantes en América. Tamén o posible antecastro arrasouse cando se fixo alí o campo de fútbol a comezos dos anos setenta do s.XX. Nesta área as persoas maiores lembrábanse da existencia dunha especie de "muros de terra", que ben poderían ser restos da muralla do castro.

Antes, ata este lugar, ían os veciños da parroquia de San Xurxo de Sacos en procesión co patrón da mesma (San Xurxo) cada 25 de abril, festividade de San Marcos, e unha vez alí o cura bendecía os agros cara os catro puntos cardinais, para que producisen de abondo para a mantenza dos parroquianos. Isto é un exemplo máis da cristianización dalgúns destes emprazamentos.

Non é raro en Galicia a existencia de igrexas, capelas ou incluso cruceiros en castros galegos. Poden ser exemplos dunha posible cristianización de lugares habitados polos nosos máis antigos devanceiros. Temos varios exemplos de cruceiros, ben no propio castro ou ó pé deles: castro do Coto do Cristo (nº62), monte do Castro-Cruz do Castro (Carballedo) (nº27), neste caso está destruído, pero pode recuperarse e no acceso ó monte do Castro (A Lama) (nº52) hai un "vía crucis" que vai ata a capela adicada ó Sagrado Corazón de Xesús.

Ademais das devanditas alteracións e transformacións polos motivos citados (torres, castelos, capelas, cemiterios e cruceiros) hai unha reste de castros destruídos, algúns nun grao importante, ben por hábitats actuais ou ben por outra caste de circunstancias que se comentarán deseguido.

Dos sesenta e seis castros temos trinta e cinco (53´03%) nun bo estado de conservación, aínda que algúns deles teñan algunha alteración. Enumerámolos coa numeración coa que aparecen no listado do presente traballo, para evitar estar repetindo a súa denominación continuamente: 1,5,6,9,10,17,18,19,21,25,27,28,29,30, 32,34,35,37,39,46,48,50,51,52,54,55,56,57,61,62,63,65,67,70 e 71.

O resto teñen un diverso grao de destrución que nalgún caso provocou que fosen arrasados nunha parte importante ou por completo. Temos varios casos de hábitat actual enriba ou case dalgún castro (ex.: 13,15,26,33 e 72).

Ademais dos citados anteriormente o máis escandaloso son agresións por recheos (nº41) ou explanacións para facer unha especie de miradoiro ou áreas recreativas ou incluso palcos de música de formigón (nº18,36,41,43,44 e 69), por citar algúns exemplos, neste caso recentes no tempo. ¿Fíxose algo por evitalos? Cando menos que eu saiba non. Na práctica dous deles están case ou totalmente arrasados (nº36 e 41).

Hai que recoñecer que moitos deles padeceron a actividade de canteiras ou pedreiras locais para a obtención de pedra (granito), sobre todo para erguer construcións de diverso tipo ou muros de delimitación de propiedades. Este tipo de agresións padecéronas ó longo da súa prolongada existencia. A verdade é que, nalgún caso, non son de moita entidade e o nivel de desfeita non é moi relevante.

Agora ben, isto non é un mal que afecte só aos castros galegos xa que noutras zonas cercanas, como poden ser os castros de Asturias, acontece algo semellante. Dun total de douscentos corenta e cinco castros estudados, ademais de doce dubidosos, vinte (7´78%) estarían desaparecidos e setenta (27´23%) víronse afectados por graves danos (Fanjul Peraza, 2005). Isto supón que, aproximadamente, un de cada tres (35%) castros asturianos ou foi arrasado por completo ou está seriamente desmantelado. A situación é máis seria no sector oriental.

No caso asturiano hai outros autores que tamén comentan nos seus traballos o aspecto da conservación dos castros (Camino, 1995), por ser moi importante de cara a preservación futura dos mesmos.

No ámbito de Galicia existen tres guías para visitar xacementos arqueolóxicos. Dúas delas son específicas para os castros de Galicia (Dorribo e Reboredo, 2000) ou de Galicia e NO. de Portugal (VV.AA., 2006) e a terceira para xacementos arqueolóxicos de Galicia en xeral (Barciela e Rey Seara, 2000). En todas elas coméntanse unhas pautas para visitar dun xeito respectuoso os poboados

castrexos ou mencionan as condicións da visita. A difusión do noso patrimonio é positiva e que se incida no coidado á hora de achegarnos a el tamén.

Outro problema, ademais das desfeitas, é a actuación de furtivos que afectan ó noso patrimonio. Non se perciben a simple vista pola mesta vexetación. Nun caso é moi evidente unha gabia de considerables dimensións, xunto á cara interna da muralla exterior, no Coto Loureiro-castro de Farexa (nº70).

Outras causas, ademais das xa citadas, que provocaron alteracións nos xacementos castrexos estudados, son as actividades agrícolas e o levantamento de muros delimitadores de terreos. Pero un risco moi grave que están a sufrir moitos castros, ó estar en zonas de monte, é o da repoboación forestal, sobre todo con especies alóctonas, maiormente con eucaliptos, aínda que tamén con piñeiros. As raíces ó penetrar no subsolo alteran e destrúen o que hai debaixo, fundamentalmente as estruturas.

No que atingue ás repoboacións forestais hai casos de escándalo. Hai varios anos o Castro de Orto-Coto do Castro (Campo Lameiro) (nº25) padeceu isto. Non se conformaron con desfacer un tramo de muralla e dos foxos con maquinaria pesada na parte E., senón que tamén con medios mecánicos fixeron buratos para plantar eucaliptos por todo o xacemento. Xa estaba en vigor a lexislación actual pero polo que se ve non se tomaron medidas correctoras como podían ser obrigar a repoñer as estruturas defensivas danadas e eliminar a plantación pois o castro estaba catalogado.

Ilustr. 6.11.1 – Destrución parcial, cunha pala mecánica, da muralla en Castro de Orto-Coto do Castro – Campo Lameiro (nº25).

Xa aparece mencionado xunto co Coto de Penalba na bibliografía cando menos dende mediados do s.XX (Filgueira Valverde e García Alén, 1955). Dende logo non se pode dicir que non se coñecía a súa existencia.

Compriría tomar medidas contra as repoboacións forestais agresivas que alteran os restos arqueolóxicos en xeral e os castros en particular, sexa en monte comunal ou en parcelas privadas e non permitilas.

Hai que dicir que nalgún caso puntual xa se fixo algo neste senso, pero non precisamente por iniciativa das administracións públicas. A maior parte do monte do Castro-Cruz do Castro en Carballedo-Cotobade (nº27) está en monte comunal e só un pequeno sector en mans privadas. Por iniciativa da Xunta de Montes en Man Común de Carballedo eliminouse o eucaliptal que alí había (2007) na parte comunal.

Ademais diso, estase recuperando un antigo muíño de vento, do que só se conservaban os seus alicerces. Tamén se baralla a posibilidade de levar a cabo traballos de escavación arqueolóxica. Estes traballos están dirixidos polo arqueólogo Angel Concheiro Coello. Precísanse iniciativas desta caste que protexan e poñan en valor os vestixios do noso pasado, por desgraza este caso é unha das poucas e honrosas excepcións nun panorama tan negativo. Vai ser máis positivo de cara o futuro isto e non telo invadido por un eucaliptal. A abundancia de gravados rupestres no entorno e doutros elementos do patrimonio histórico, etnográfico e natural realzan aínda máis estes traballos.

Tamén hai que apuntar que unha liña eléctrica atravesa o devandito castro e unha columna chantouse na mesma croa, pero vaise tentar desviala do xacemento. Non é o único caso pois, por poñer outro exemplo o monte da Croa-castro de Acuña (nº71) está na mesma situación.

Outro exemplo negativo que se pode poñer é o de Pena Redonda-Chan das Pipas (nº54). Malia desenvolverse traballos de escavación no ano 2003 dirixidos por Alfredo González Ruibal, actualmente parte da superficie deste poboado está ocupada por unha plantación de piñeiros que coas súas raíces irán alterando o subsolo. Suponse

que isto non se pode facer. ¿Fíxose algo para evitalo? Visto o que hai parece que non, xa que a devandita plantación é recente.

Perto deste xacemento está o monte do Castro (Gaxate) (nº53). No segundo recinto ou antecastro do mesmo edificouse contra mediados do s.XX a casa-escola para escolarizar o alumnado local e axeitouse unha rampla de acceso.

No proxecto inicial o oleoduto A Coruña-Vigo, nos anos 90 do s.XX, ía atravesar de cheo o Coto do Castro (Viascón) (nº32). Por medio do Concello de Cotobade quen escribe estas liñas fixo unha alegación sobre o asunto e supoño que sería o motivo de que o desviasen uns metros e salvouse. O que penso é que se estaba catalogado os técnicos debían contemplar a súa existencia ou a doutros xacementos catalogados que se poidesen ver afectados antes de trazar o itinerario desa infraestrutura. É ben certo que as administracións competentes fan un control arqueolóxico das obras, como aconteceu neste caso, pero antes de empezalas, deberíase evitar a afección dun xacemento catalogado, na medida do posible, como pode ser no presente exemplo.

O importante é facer unha labor de concienciación para preservar o noso patrimonio, pois se se destrúe é case ou totalmente imposible de recuperar e logo non hai volta atrás. Débese incidir no valor engadido que ten protexer e difundir non só os vestixios conservados dos nosos devanceiros senón tamén a riqueza natural do seu entorno. A combinación da preservación do patrimonio e do medio natural para as xeracións futuras suporá un valor engadido.

Outra eiva que aprecio é que se fan escavacións e logo quedan nun total abandono. Nas dúas bacías estudadas houbo moi poucas escavacións arquelóxicas en castros. O único caso no que se traballou dun xeito sistemático durante varias campañas foi no Coto de Penalba (nº18) situado no Concello de Campo Lameiro, concretamente foron seis (1983-88) e estiveron dirixidos por Antonio Álvarez Núñez. Tratouse duns traballos que aportaron unha interesante información arqueolóxica para os comezos do castrexo e a I Idade do Ferro.

Se nos achegamos na actualidade a visitar o devandito xacemento, aínda que o desbrozan de cando en vez, podemos apreciar o seu descoidado estado. Pódese

apreciar perfectamente o tramo escavado da muralla e o seu zócalo. Pero os fondos de cabana e os seus fogares, ademais dos restos de muro atopados nos traballos desenvolvimos, por poñer un exemplo, están tapados pola broza que acumularon ó longo dos últimos vinte anos dende que remataron as escavacións.

Ilustr. 6.11.2 – Coto de Penalba. Fondo de cabana FCS88 (A. Álvarez Núñez, 1990).

O normal é non só que se consolide un xacemento escavado, senón que se preserve e se limpe para protexelo dun xeito continuado. Os restos arqueolóxicos cada vez reciben máis visitas. As distintas administracións deberían procurar manter en boas condicións e limpos cando menos os máis importantes e sobre todo se se trata dun xacemento escavado para que non esmoreza e, deste xeito, dar unha boa imaxe.

Ilustr. 6.11.3 – Estado de abandono da área da devandita cabana recentemente.

Se as distintas administracións públicas amosasen unha maior preocupación polo noso patrimonio en xeral e arqueolóxico en particular, sería máis doado que as persoas que o visitan se conciencien no que atingue a respectalos e protexelos e para que deste xeito, no futuro, en Galicia poidamos seguir presumindo do rico patrimonio que temos. Ogallá que sexa así polo ben de toda a sociedade.

CAPÍTULO 7

CONSIDERACIÓNS FINAIS

CONSIDERACIÓNS FINAIS.

· CONCLUSIÓNS.

Neste derradeiro apartado vanse desenvolver dun xeito sucinto unha serie de consideracións finais ou conclusións. Con isto preténdense condensar dun xeito sintético as ideas máis relevantes no que atingue ó poboamento castrexo das bacías fluviais dos ríos Lérez e Verdugo-Oitavén e aledaños. Unha limitación importante é o escaso número de escavacións sistemáticas ou intervencións desenvolvidas na área de estudo, que xa se abordaron no capítulo da "Historia das investigacións". Sería interesante escavar algún castro situado en lugares estratéxicos nas dúas bacías para acadar un coñecemento máis amplo do poboamento desta cultura nas mesmas.

O tipo de emprazamento é unha das características que máis inflúe á hora de elixir onde asentar un castro. Entre os sesenta e seis castros (máis seis dubidosos que non consideramos nos %) das bacías do Lérez e do Verdugo-Oitavén e aledaños predominan os que teñen un emprazamento nun coto elevado e conspicuo con fortes desniveis, os do tipo C (23) que son os máis numerosos e supoñen un 34´85%. Logo están os que se ubican nun outeiro ou lomba, os do tipo A (15) co 22´7%. O terceiro tipo no que se inclúen máis castros é o B (14) co 21´2% que son os castros situados nunha aba. Os tres tipos contabilizan o 78´75% dos poboados castrexos da rexión estudada.

Procuran lugares estratéxicos perto da liña de cumios principal que delimita as bacías e na súa maior parte aséntanse na liña de ruptura de pendentes nos derrames das elevacións montañosas. Deste xeito exercen un óptimo control visual sobre o territorio necesario para a súa subsistencia e para a captación de recursos de todo tipo.

Nas vertentes nas que os desniveis son cativos ou que dan cara unha aba máis elevada ou unha penichaira reforzan as defensas a base de murallas ou foxos de gran envergadura. Un exemplo senlleiro na rexión estudada é o foxo escavado na Cividade (nº29) que ten unha lonxitude aproximada duns 150 m. e unha fondura e ancho considerables.

Ilustr. 7.1 – A Cividá – San Xurxo de Sacos (nº 29). Muralla. Tipo C.

Os poboados con mellores defensas naturais son os do tipo C, pois o 62% das súas vertentes superan o 20% e hainas que pasan incluso do 50%. Nos de tipo B só controlan ben a parte baixa da aba e nos de tipo A son maioría os valores intermedios (10-30%).

Os do tipo D soen estar nun esporón nun meandro dun río e malia isto teñen murallas en todo o seu perímetro. Hai que salientar que predominan os desniveis fortes ou moi fortes neste tipo, pois a metade pasan do 30%, sendo os máis numerosos os superiores ó 40% (31% do total das vertentes). Agora ben, están a unha altitude moi inferior ós montes do entorno que configuran as divisorias de augas.

Os do tipo E, por estar nunha chaira, son os de defensas naturais máis febles ou inexistentes. Vense na obriga de dotarse de defensas artificiais. Unha boa parte das vertentes non teñen desniveis (42%) ou non superan o 10% (29%) o que supón unha ampla maioría (71%).

En resume, neste apartado, podemos concluír que na conca do Lérez hai un certo equilibrio entre os tipos A (25´7%), B (22´7%) e C (23%), os dos tipos D (17%) e E (11´6%) son os menos numerosos. Pola contra, na do Verdugo-Oitavén predominan os do tipo C (37´5%), a continuación están os do A (25%), D (18´75%), B (12´5%) e E (6´25%).

Os do tipo C, emprazados nun coto moi conspicuo, serían os máis antigos. Posiblemente os do tipo E, asentados en chairas sexan os máis recentes no tempo.

Podemos dicir que cando menos o 35% dos castros das dúas concas estudadas, os de tipo C, xa existían na I Idade do Ferro. O poboamento debeu ser moi antergo e sería relevante xa, cando menos, na Idade do Bronce, pois nos dous vales hai numerosos petroglifos, sendo estas dúas concas fluviais unha das áreas do NO. peninsular onde se coñece unha maior cantidade deles, incluso algúns nos propios recintos castrexos (Penalba e A Cividá).

Case todos os castros deste tipo (C) teñen afloramentos graníticos que acentúan aínda máis as súas defensas, aínda que constriñen o espazo habitado.

Os castros ubicados nun coto elevado (C) ou nun meandro (D) debido ás óptimas defensas naturais en tres das súas vertentes poden prescindir de murallas, cousa que acontece só en casos puntuais, pois o normal é que as ergan malia non precisalas.

Nos poboados do tipo D hai fortes desniveis entre as plataformas que os compoñen, ademais de ter terrapléns empinados reforzando as murallas. Todo isto débese a que o control visual do entorno non era o mellor ó estar en puntos a moita menor altitude que os cumios cercanos.

Para reforzar as defensas dos asentamentos ás veces constrúen o que deberon ser torreóns defensivos, dun probable influxo mediterráneo para de la Peña Santos no caso das Croas (Peña, 2000). Este tipo de estruturas podémolo ver en varios exemplos: Penalba, Magros, As Croas, O Castelo do Galo e, posiblemente, monte do Castro-Cruz do Castro.

Un número relevante dos castros estudados están a carón ou moi perto de cursos de auga ou mananciais. No caso dos ríos de maior caudal terían unha función defensiva, que se acentuaba en época de augas altas.

A proximidade dun curso de auga ou dun manancial é un dos factores máis importantes, ademais do defensivo e outros, á hora de fundar un poboado permanente. Debeu ser importante non só para atender as necesidades da vida cotiá, senón tamén a actividade agrícola e gandeira, tanto para cultivos coma para prados. Outra actividade

que esixiría auga de abondo sería o artesanato téxtil, concretamente para a obtención do liño para tecidos, a existencia destas tarefas compróbase coa aparición de fusaiolas e pesas de tear.

Outra idea que reforza a nosa teoría de que a cercanía dun curso de auga foi básica para fundar un castro é que para desprazarse ata un río ou regato as acusadas pendentes supoñen un atranco engadido ó de ter que cargar cos recipientes e canto menor fose a distancia máis cómodo sería para os seus habitantes. Canto máis escarpada é a orografía máis perto tenden a estar os castros dos cursos fluviais ou dos mananciais.

Os castros das dúas bacías aséntanse maioritariamente en altitudes intermedias, entre 200-600 m. (63´1% na do Lérez e 69´25% na do Verdugo-Oitavén). Isto reflicte un patrón de asentamento en relación coas altitudes que procura un control estratéxico tanto das zonas de val coma das vías de comunicación que irían a media ladeira e do acceso ás terras altas. Aséntanse preferentemente en lugares na liña de ruptura de pendentes entre o monte e o val para ter un óptimo control do entorno no que desenvolven as actividades de subsistencia e a súa vida cotiá.

Os castrexos tentan non estar moi afastados dos camiños para poder relacionarse con outros poboados da súa área xeográfica, neste caso dentro das propias concas fluviais.

Segundo se ascende polos e nos achegamos á Dorsal Galega os castros escasean ata desparecer. Entre os asentamentos castrexos das dúas vertentes da mesma hai varios km. de distancia. Isto pode que se debera esencialmente ó clima máis duro das zonas máis elevadas, á dificultade das comunicacións nas áreas máis abruptas e á escaseza de terreos agroloxicamente válidos.

Hai que falar de deserto demográfico no curso alto das dúas bacías e nas súas divisorias. Isto é aínda máis evidente na cabeceira do Verdugo e do seu colector principal o Oitavén.

Tendo en conta que a área xeográfica natural estudada ten unha superficie de 996´7 Km^2 se temos en conta todos os castros, incluíndo os dubidosos (72) habería un castro por cada 13´84 km^2 e se non computamos os seis dubidosos (66) a proporción será dun castro por cada 15´1 Km^2.

A distancia real entre os asentamentos castrexos das dúas bacías e o seu veciño máis próximo sería de 1´79 km. e co segundo máis próximo de 3´01 km. Estas cifras son máis reducidas no val do Lérez (1º: 1´626 km. / 2º: 2´605 km.) ca no Verdugo-Oitavén (1º: 2´08 km. / 2º: 3´853 km.). Pola contra, a distancia teórica é superior pois acada 4´092 km. (no caso de non ter en conta os seis dubidosos chegaría a 4´274 km.). Estes datos lévannos a afirmar que a distribución do poboamento non é regular nin uniforme.

Os castros que teñen o veciño máis próximo na bacía do Lérez a menos dun km., agás dous (nº13 e 14), todos se atopan na parte media do val, onde a súa amplitude acda os valores máximos. Nesta área a visualización do entorno é óptima. Isto probablemente débese a unha maior presenza de terras de valor agrolóxico e a un doado acceso ós recursos hídricos, con abundancia de cursos fluviais que malia ser secundarios son permanentes, entre outros factores.

Os condicionantes xeográficos e, sobre todo, con moita probabilidade, a menor extensión de terreos aptos para a actividade agrícola na conca do Verdugo-Oitavén conlevou a existencia dun maior afastamento entre os poboados castrexos en relación ó visto na bacía do Lérez como apreciamos nos devanditos datos.

No que atingue á intervisibilidade dos castros hai que facer unhas matizacións. No curso alto da conca do Lérez un rasgo salientable é o seu encaixonamento e a proximidade da liña de cumios. De feito nesta área dende a metade dos castros (sete de catorce) non se ve ningún outro. No resto da bacía (incluíndo os da divisoria co Umia e os do Tomeza-Gafos) dende catorce deles (dez no Lérez) divísanse catro ou máis castros. Isto débese a que a parte media da bacía da que estamos a falar neste parágrafo caracterízase por un ensanchamento significativo, con máis terras de cultivo e zonas chans. A menor compartimentación do relevo facilita un control visual máis doado do espazo e unhas máis óptimas comunicacións.

No curso medio e baixo deste val tamén inflúe o tipo de emprazamento elixido, moi destacado sobre os arredores, xa que un bo número de poboados son do tipo C.

Na bacía do Verdugo-Oitavén dende todos os castros divísase algún outro. É ben certo que no curso alto non hai ningún castro debido á escarpada orografía. Isto explica a nula presión demográfica das estribacións montañosas nesta conca fluvial. Predominan os que están nun coto elevado (Tipo C) dende os que se controla un territorio máis amplo e un maior número de poboados veciños e os que están nunha lomba (Tipo A).

Os castros dos dous tipos mencionados no parágrafo anterior (C e A) posúen unha área de visión máis vasta debido precisamente ás características dos seus emprazamentos. Sen embargo, a superficie non inflúe nunha maior ou menor área de visión.

Visto o comentado non se buscaría o control da área de obtención de recursos básicos e materias primas, senón tamén das vías de comunicación cos poboados do seu ámbito xeográfico. O factor estratéxico nunha cultura deste tipo era básico para unha óptima seguridade, tanto no aspecto económico coma no defensivo. Tanto as terras propicias para a agricultura e a gandería coma as fragas para o aproveitamento forestal e as zonas nas que se obtiñan os demais recursos (pesca e marisqueo, etc.), xeralmente dominábanse dende os lugares nos que se asentaban os poboados.

Un dato a engadir é que os castros ubicados nun lugar moi destacado en relación co entorno e con moi boas defensas naturais e uns afloramentos rochosos enormes, malia isto, en moitos deles, construíronlle un sistema defensivo prominente que agranda aínda máis a súa visualización (ex.: Nº10, 29, 35 ou 56). Tamén se dá o caso de castros con defensas naturais non tan boas e espectaculares sistemas defensivos que os realzan sobre os arredores (ex.: Nº19).

O afortalamento dos castros con defensas de gran volume, aínda que ás veces non pareza preciso pode ter unha explicación. Puido deberse a unha posible inseguridade causada pola competencia polo control e o dominio da área de captación

de recursos dos poboados e ó risco dun posible ataque exterior, procedente dos veciños doutros asentamentos, xa en época prerromana. Esta competitividade iría a máis co aumento da poboación e a conseguinte presión demográfica que iría a máis na II Idade do Ferro.

O amplo control do territorio e unhas boas defensas son factores que deberon facilitar a pervivencia da Cultura Castrexa durante un abano temporal que abrangueu, aproximadamente, un milenio.

Ilustr. 7.2 – Castro de Magros (nº 50). Muralla. Tipo C.

Posiblemente o aumento poboacional conlevou a intensificación da explotación do medio e o asentamento, por primeira vez no NO. peninsular, nun tipo de poboado fixo a comezos do I milenio a.C.: o castro. Nunha fase máis avanzada, durante a II Idade do Ferro, o incremento demográfico debeu ser relevante e debido a isto amplían os poboados ou fundan outros novos en terras máis baixas. Intensifícase a deforestación e a posta en explotación das terras baixas do val.

Xa nos castros máis antergos, na I Idade do Ferro, compróbase que estaban habitados por campesiños que basearían a súa subsistencia na combinación do cultivo de cereais de inverno (trigo) e de verán (millo miúdo), ademais de varios tipos de leguminosas como poden ser as fabas e os chícharos; estas actividades xunto coa gandería e a recolleita de landras e froitos silvestres serían a base dos habitantes dos castros do interior das dúas bacías fluviais.



Ilustr. 7.3 – Castro de Magros (nº 50). Perfil dende a parte oriental. Tipo C.

No val do Lérez só se fixeron análises palinolóxicas no Coto de Penalba (nº18) onde apareceron trigo e millo miúdo. Tamén aparecen restos de especies asociadas a estes cultivos como é a entruga (*Urtica*) e a niveis de incendio como é o caso da brotia (*Asphodelus*) o que denota roturación e deforestación de terras incultas. No val do Oitavén, no poboado de Pena Redonda (nº54), dun intre de finais da II Idade do Ferro apareceron restos de trigo e doutros cereais a unha faba (*Vicia faba*).

Ademais dos condicionantes comentados con anterioridade, outro rasgo, cecais o máis importante é a proximidade de terras cun óptimo valor agrolóxico, existentes no entorno dos castros, a unha distancia normalmente menor a un km. do lugar de habitación. Seguramente as boas posibilidades para desenvolver as actividades precisas para a subsistencia condicionaban a escolla do emprazamento do lugar de residencia pois a mesma baseábase primordialmente na agricultura.

En función dos datos que temos podemos dicir que predominaba no entorno dos castros a vexetación aberta con abundancia de prados, en parte dos cales se cultivaban os cereais. Aínda que non temos ningún resto de ósos na área estudada, cos coñecementos actuais, pódese dicir que en sociedades sedentarias como é a castrexa cando menos a cría de gando vacún e porcino deberon ser habituais e o primeiro deles adquire unha maior importancia coa intensificación e o desenvolvemento da actividade agrícola.

Nos castros costeiros aparecen restos malacolóxicos nos concheiros. Na área xeográfica estudada na presente investigación só coñecemos o caso da Peneda do Viso (nº69), aínda que perto tamén os dos castros da Suvidá (Marín) e Montealegre (Moaña). No da Peneda do Viso apareceron catro tipos de moluscos bivalvos: ameixa fina (*Tapes decussatus*), longueirón ou navalla rugosa (*Solen marginatus*), ostra común (*Ostrea edulis*) e mexillón (*Mytilus edulis*). Este grupo é maioritario, pois supoñen o 99´2% do total de cunchas. De xeito case testemuñal, acháronse moluscos gasterópodos: lapa (*Patella vulgata*) e caramuxo ou mincha (*Littorina littorea*) (Vázquez Varela, 1977a).

Isto constata que, en época castrexa, antes da romanización, obtiñan estes recursos no espazo intermareal próximo ós castros. Esta actividade desenvolveríana, como é lóxico, nas fases de baixamar manualmente ou con ferramentas sinxelas. Outra ocupación nestes castros tamén sería a pesca. Na Peneda do Viso a liña de costa atópase a un quilómetro de distancia. Os produtos obtidos do mar foron un aporte adicional de alimentos para a poboación dos castros costeiros.

A caza e a recolleita de froitos silvestres probablemente fosen a menos co xa mencionado desenvolvemento da agricultura e da gandería, actividades propias dunha sociedade sedentaria coma a castrexa. Aínda que nunca deberon ser nesta cultura actividades primordiais para a subsistencia, co paso do tempo terían cada vez menor relevancia.

A economía no mundo castrexo era de base autárquica pero tamén as relacións locais neste ámbito adquiren unha dimensión maior. Mediante o comercio con castros máis afastados mercan produtos ou obxectos que precisasen, algúns incluso grazas ós contactos con comerciantes foráneos; en primeiro lugar fenicios, logo púnicos e romanos.

No apartado correspondente xa se citaron exemplos deste comercio exterior, tanto nas bacías do Lérez coma na do Verdugo-Oitavén. Pódense destacar o coitelo de folla afalcatada de Penalba (s.VIII a.C.) ou unha doa oculada púnica (ss,VI-V a.C.). Isto indica a implicación dos castros nas rutas comerciais con orixe no Mediterráneo, primeiramente cos mercaderes fenicios, logo da crise das relacións atlánticas.

Posteriormente, baixo a romanización, este comercio exterior intensifícase e xeralízanse os seus produtos. Entre outros, aparecen moitos restos de ánforas romanas ó longo das dúas bacías.

Un factor que debeu supoñer un pulo ás relacións comerciais, dende comezos da Idade do Ferro, foi a riqueza de estaño nas estribacións da Dorsal Galega, nas cabeceiras das dúas concas fluviais, sobre todo na do Lérez. Nunha zona non moi afastada desta tamén había ouro. A distancia lineal, só duns 30 km., ata a costa das Rías Baixas, dende estes enclaves mineiros, facilitaría estas actividades.

Estas relacións de intercambio comercial desenvolvéronse dende os castros costeiros (ex.: A Peneda do Viso). Servían como porto receptor para o trafego das mercadorías importadas e dende eles saían e entraban os diferentes produtos.

Os intercambios comerciais espallaríanse ó longo dos vales fluviais, dos ríos principais e dos seus afluentes máis importantes, pola rede de camiños existente daquela que irían adquirindo cada vez unha maior importancia para achegar os produtos alóctonos dende a costa ó interior e facilitaron a exportación de produtos mineiros como é o caso do estaño, abundante na cabeceira do Lérez, como xa se indicou. O límite desta distribución estaría na Dorsal Galega ou Serras Centrais (Carballo, 2003). Polos indicios que temos o desenvolvemento da minería e do comercio irían da man xa durante a época castrexa e logo tamén, seguramente, baixo a romanización.

Outra característica no que atigue á obtención de materias primas é que a pedra utilizada para a construción dos sistemas defensivos e das vivendas e dependencias anexas obtíñase no entorno dos poboados, o máis perto posible. Moitas veces as canteiras eran os propios foxos escavados para a defensa dos castros ou os afloramentos situados no interior dos recintos. O máis lóxico, para evitar esforzos innecesarios, era evitar os desprazamentos para obter todo tipo de materias primas necesarias para a construcción (pedra, madeira, xabre).

No que atingue á superficie dos castros estudados non difiren moito as porcentaxes se as comparamos con outras áreas xeográficas do NO. peninsular á hora

de clasificalos en tres grupos: ata 1 Ha. (31 castros), entre 1-2 Has. (22) e máis de 2 Has. (8). Supoñen unhas porcetaxes do 50´82%, 36´06% e 13´12% respectivamente. Só se tiveron en conta aqueles que conservan os recintos, aínda que sexa parcialmente, co cal se pode intuír ata onde se desenvolverían os seus perímetros. Neste caso tivemos en conta un total de sesenta e un, os arrasados totalmente e os dubidosos non.

A orografía é outro factor que condiciona o tamaño dos castros. Nos sectores de orografía máis compartimentada o control do territorio exércese cunha maior frecuencia de asentamentos e un menor tamaño deles. Nas zonas de relevo máis lene, como se dá un máis doado dominio visual do territorio, require unha densidade máis cativa de poboados castrexos.

En diversos estudos hai autores que afirman que a maior distancia entre eles maiores son as súas dimensións (Romero Masiá, 1976; Xusto, 1993). Nas dúas bacías estudadas no presente traballo, aínda que nalgúns casos que superan as 2 Has. se pode afirmar isto (nº3,67,69), noutros, incluso no de maior tamaño da bacía do Lérez que é A Cividade (nº29 con 2´35 Has.), o veciño máis próximo está moi perto, o Coto da Cerca (nº30) témolo a tan só 400 m. de distancia. Iso si, todos eles teñen dous recintos ou máis.

As vías de comunicación existentes no período castrexo con moita probabilidade percorreron as bacías do Lérez e do Verdugo-Oitavén dende a desembocadura ata as súas cabeceiras, aproveitarían camiños anteriores que adaptaron ás súas necesidades. O seu trazado seguía o curso dos ríos principais e dos seus colectores máis importantes. Agora ben, nas súas cabeceiras atópase unha barreira montañosa que é a Dorsal Galega que dificulta as comunicacións cara o outro lado, aínda que hai algunhas portelas que permitirían o paso, como poden ser o Paraño na do Lérez ou a Portela da Cruz na do Verdugo.

Temos indicios de camiños locais que pasaban polo interior das defensas, pero deberon ser desvíos de vías de menor entidade e a súa finalidade sería dar acceso ó propio castro ou achegarse ás terras que posibilitaban a súa subsistencia.

Os camiños de época castrexa irían por zonas de altitudes intermedias, relativamente chans, a media ladeira, así podían ser controlados visualmente dende os poboados. Hai castros, no entorno dos cales aínda se conservan camiños antigos, que polos indicios ben poden ser coetáneos e que ó haber pendentes pronunciadas tiñan o seu trazado en zig-zag ou facían un bordeo para atenuar o forte desnivel e así ascender dun xeito máis doado polas abas do monte. Estes vías non estarían moi distantes do fondo do val, cecais por ámbalas dúas marxes dos cursos primarios, e terían pequenos desvíos ata os poboados castrexos da Idade do Ferro.

Incluso nalgún deles temos rodeiras de carro que ben poderían ter a súa orixe daquela (ex.: O Castelo do Galo-nº67). Vestixios desta caste aparecen en castros do NO. peninsular cunha cronoloxía da I Idade do Ferro (ex.: A Graña).

Moitos dos poboados castrexos das bacías do Lérez e do Verdugo-Oitavén aséntanse en emprazamentos na liña de ruptura de pendentes e, nun período posterior, en zonas baixas do val, en lugares estratéxicos. Estes sitios escollidos para o lugar de habitación estaban perto das vías naturais cuxo trazado non pasaba moi lonxe dos ríos principais e dos seus afluentes e permitían adentrarse nas dúas bacías ata a súa cabeceira. Ademais de nas cabeceiras, ó longo dos vales existen varias portelas que permitiron as comunicacións entre ámbalas dúas concas fluviais.

Cabe a posibilidade de que houbese puntos de vixiancia das rutas terrestres non só dende os castros senón tamén dende lugares estratéxicos, sobre todo onde había recursos mineiros coma noutras bisbarras galegas (ex.: Viana do Bolo), pero nesta área non se puido comprobar.

Pola Depresión Meridiana que une as desembocadoras das dúas concas fluviais estudadas pasaba a Vía XIX do Itinerario de Antonino que unía Brácara Augusta e Lucus Augusti. Dende esta vía principal, que neste tramo vai en dirección S.-N., en época romana arrancarían outras vías secundarias ou non oficiais que se distribuían polo territorio das dúas concas analizadas para o que deberon aproveitar, moi posiblemente, camiños existentes dende o período castrexo ou dende antes da Idade do Ferro. De feito, en varios castros do interior destas bacías, afastados da costa, apareceron materiais de época romana, como é o caso, entre outros, do castro

de San Cibrán en Vilalén (nº12) no pequeno val do río Quireza, afluente do Lérez, ou no Coto da Cidade de Tourón (nº57) no do Verdugo.

Incluso no val medio do Lérez, entre San Xurxo de Sacos e Fentáns (Cotobade), consérvanse os alicerces escavados na rocha natural e un dos machóns, ademais dun tramo de calzada que polas súas características, sen dúbida algunha, son de época romana.

As redes de comunicación, xa na Idade do Ferro, probablemente adquirisen unha maior importancia debido ás relacións comerciais, que se constatan xa a comezos deste período, entre os castros da franxa costeira como é o caso da Peneda do Viso que facían de puntos de redistribución de produtos alóctonos dos produtos importados por vía marítima cara o interior. Isto fai pensar na inclusión desta zona na órbita do circuíto comercial do Mediterráneo occidental. Esta actividade potenciouse coa explotación do estaño nas estribacións da Dorsal Galega ou Serras Centrais, xa nunha época antiga desta cultura. Por este produto estaban moi interesados os comerciantes púnicos. Isto constátase en que apareceron materiais alóctonos nas dúas concas (ex.: Pena Redonda) e en áreas próximas fóra delas (ex.: o val do Deza).

Polo que comentamos, consideramos que o trazado dos camiños antigos en época prerromana, debeu atravesar os vales, principais e secundarios, por zonas máis baixas que os castros buscando áreas de lixeira pendente. Dende os poboados exerceríase un control estratéxico e a eles chegaríase por desvíos que ascenderían ata os poboados procurando aliviar no seu percorrido os fortes desniveis na medida do posible.

O conxunto dos castros da área de estudo considerámolo unha macrorexión e abranguería as dúas bacías analizadas, Lérez e Verdugo-Oitavén, e os seus aledaños. No cómputo total son setenta e dous castros (incluíndo os seis dubidosos) e dividíronse en catorce subrexións. As divisorias de augas das concas principais e dos afluentes máis importantes dan lugar a un territorio compartimentado nidiamente e exercen como claro límite xeográfico das devanditas subrexións existentes, segundo a nosa opinión.

O espallamento dos poboadores castrexos polo territorio cadra, en boa parte, coa distribución do hábitat tradicional do NO. peninsular. A maior densidade, nalgunhas destas subrexións, debeuse á abundancia de terras de alta potencialidade económica para desenvolver as diferentes actividades cotiás para, deste xeito, poder atender dun xeito óptimo as necesidades alimenticias básicas e abastecerse de materias primas.

Evidentemente apreciamos contrastes no que atingue á densidade dos castros. A subrexión VI, que abrangue o val medio do Lèrez, é a que ten un maior número de asentamentos castrexos (15). Inflúe nisto que o val acada aquí o seu tramo de maior ensanchamento (8 km.). Nesta área constátase unha intensa actividade humana dende épocas máis antigas. Trátase dunha das bisbarras do NO. peninsular cunha maior concentración de gravados rupestres prehistóricos e isto confirma unha importante presenza humana moi anterior á existente no período castrexo.

En resume, pódese afirmar que a compartimentación da orografía propicia a dispersión de pequenas comunidades con territorios ben definidos por accidentes naturais. As cuestións estratéxicas e económicas son a base fundamental para a distribución do poboamento na Cultura Castrexa do NO. peninsular. Outra cuestión na que hai que poñer énfase é que o maior ou menor grao de intervisibilidade e visibilización do territorio inflúe, xunto coas comunicacións, na maior ou menor intensidade de ocupación do territorio.

Para rematar con este capítulo quero insistir no maior ou menor grao de alteración dun número importante de xacementos castrexos, algúns arrasados, pero o máis preocupante é que algunhas agresións non se produciron hai tanto tempo. Deberíase exercer un maior control e impedir, por exemplo, as agresivas repoboacións forestais, maiormente con especies alóctonas como son os eucaliptos, que ó medrar coas súas potentes raíces destruén e alteran as estruturas e os vestixios que se conservan non subsolo.

Ademais disto, deberíanse protexer e consolidar as estruturas que apareceron nas poucas escavacións arqueolóxicas desenvolvidas nesta zona pois están en serio risco e vanse estragar co paso do tempo. O exemplo máis claro desta preocupante

situación é o castro de Penalba (nº18), no que se escavou durante seis campañas (1983-88) e malia ser un dos fitos dos inicios do período castrexo non se inclúe no grupo duns vinte castros galegos que, segundo o aparecido nos medios de comunicación (2007), van ser declarados Bens de Interese Cultural pola Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia.

Ogallá que no futuro mellore a perspectiva no que atingue á conservación do noso patrimonio e se conciencien tanto as administracións públicas como a cidadanía no que atingue á súa protección e conservación pois sería unha fonte de riqueza e estariamos preservando a nosa historia.

· CONTEXTO CRONOLÓXICO XERAL.

· Introdución.

A área xeográfica estudada na presente tese, as bacías do Lérez e Verdugo-Oitavén, inclúese nas primeiras rexións nas que xurdiu o fenómeno castrexo no NO. peninsular. As devanditas bacías teñen a súa cabeceira nas estribacións da Dorsal Galega ou Serras Centrais e conclúen, respectivamente, nas rías de Pontevedra e Vigo. Ó longo dos vales, dende o litoral cara o interior espallaríase esta cultura ata a mencionada barreira montañosa.

Non hai moitas datacións absolutas, debido ás moi escasas escavacións arqueolóxicas desenvolvidas, pero todo parece indicar que se sigue un esquema global para o NO. peninsular que sería o que se enumera deseguido: 1/ Fase de Formación; 2/ Fase Antiga ou I Idade do Ferro; 3/ Fase Recente ou II Idade do Ferro que continuaría nos comezos da romanización.

Algúns autores, baseándose en datos aportados pola ergoloxía e no patrón de emprazamento falan de cambios na cultura material (ex,: cerámica) e na morfoloxía e ubicación dos poboados a finais do s.V a.C. Ademais disto, disponse de datos que falan dunha ocupación dilatada no tempo que abranguería toda a segunda metade do I milenio a.C. como poden ser os casos do Alto do Castro en Cuntis na conca do Umia

(Parcero, 1998) ou os castros do Deza na do Ulla (Carballo, 2002). Estes exemplos non están moi afastados das dúas bacías analizadas.

Dun xeito sucinto, podemos dicir, en resume, que teriamos un xurdimento temperán (ss.IX-VIII a.C.), desenvolvemento entre os ss. VII e IV a.C., cun intre destacado ó redor dos ss.V-IV a.C. e perduración ata época romana (xeralmente ata fins do s.I d.C.) que se constata coa abundante presenza de tégulas.

· Cronoloxía.

O escaso número de datacións de C^{14} dispoñibles, na área xeográfica estudada, limítase só a dous xacementos (Penalba e As Croas) e impide establecer unha periodización ou secuencia cronolóxica da época castrexa. Coidamos máis atinado, polo tanto, botar man de esquemas xerais, apoiados en traballos globais (Carballo e Fábregas, 1991) e na inclusión de xacementos desta cultura do contorno.

A enchente de datacións producidas nos últimos anos, moitas delas desgrazadamente inéditas, fan revivir o vello esquema de periodización que, como xa apuntamos, falaba de tres fases: 1/ Fase de Formación; 2/ Fase Antiga; 3/ Fase Recente.

1/ Fase de Formación (Fase I).

Atoparíase entre os ss.IX-VII a.C. Trátase de experiencias, seguramente, illadas que levan á construción de poboados estables no entorno das Rías Baixas. Probablemente serían debedores da dinámica histórica do Bronce Final (Calo e Sierra, 1983).

Un exemplo característico, situado non moi lonxe da área xeográfica estudada é o coñecido castro de Torroso (Peña, 1992a), con datacións radiocarbónicas do s.VII a.C. nos niveis finais e un grande repertorio material típico do Bronce Final Atlántico. Pode que se fundara a fins do s.IX a.C. en función dos datos disponibles.

Nas dúas bacías estudadas destaca o castro de Penalba do que se obtiveron trece datacións por C^{14} (dos laboratorios da Gakushuin University (8), Groningen (3)

e cadansúa dos de Praga e CSIC-Madrid) (Carballo e Fábregas, 1991). As do primeiro desbótanse por anómalas, pero nos outros casos hai unha contradición entre as datacións aceptadas, que oscilan entre o 598 a.C. (Praga) e o 440 a.C. (CSIC-Madrid) e o conxunto material que sería máis antigo, segundo indicou Antonio Álvarez Núñez, o arqueólogo que o escavou.

A súa posible fundación debeu ser a fins do s.IX a.C. e monumentalizaríase nos ss.VIII-VII a.C (González Ruibal, 2006-07). Por debaixo da muralla hai un nivel de queimado con moitas sementes onde apareceu unha punta de lanza de bronce (Álvarez Núñez, 1986, 1987, 1991).

No castro da Peneda do Viso tamén se atoparon materiais propios dos comezos do castrexo, pero son problemáticos pois non se obtiveron en escavacións sistemáticas, xa que apareceron en prospeccións antigas ou en remocións por obras.

Os castros máis antigos caracterízanse por emprazarse en cotos ou outeiros moi conspicuos dende os que se ten unha ampla área de visión e se domina o territorio circundante (Tipo C). O emprazamento nun lugar estratéxico foi un elemento fundamental desta cultura, sobre todo na época máis antiga.

2/ Fase Antiga (Fase II).

Nesta fase o mundo castrexo está plenamente constituído, aínda que con certas peculiaridades no patrón de emprazamento. Agora ten unha cultura material característica como podemos ver no repertorio cerámico. As datacións dan unha cronoloxía entre os ss. VI-IV a.C.

Na área de estudo, As Croas ten unha datación radiocarbónica que cadra con este período que oscila entre 530-400 a.C. (Peña, 2000). Trátase dun castro que foi abandonado cando aínda estaba erguéndose a súa muralla, aínda que habería que enmarcalo na fase anterior, pois polos datos que posuímos encaixa mellor na fase formativa do castrexo durante a transición Bronce-Ferro e pero pode que estivese a súa orixe entre os ss.VII-VI a.C.

Ó redor do s. V a.C. hai un cambio na cultura na cultura material e no patron de emprazamento como xa se apuntou. Cada ves máis vanse erguendo castros en zonas máis baixas dos vales.

Dentro da nosa área de estudo na escavación no poboado de Pena Redonda apareceron materiais da I e da II Idade do Ferro. Destaca unha doa oculada púnica datable, pola súa tipoloxía, nos ss.VI-V a.C.; grazas á ergoloxía deste asentamento constatamos unha ocupación que chega ata fins do s.II a.C.- inicios do s.I a.C.

En varios castros investigados nos arredores da área analizada no presente traballo obtivéronse datacións radiocarbónicas para esta fase. Un exemplo ó N. da bacía do Lérez pode ser o Alto do Castro en Cuntis no val do Umia (fins s.V a.C.-principios do s.IV a.C.) (Parcero, 1998). Outro caso, neste caso ó S. do Verdugo-Oitavén, é Troña no que as datacións abranguen os ss. V-IV-III a.C. e chegan ata os ss. I a.C.- I d.C. (Carballo e Fábregas, 1991). Tamén se poden citar Montaz e Castrovite na bisbarra do Deza (Carballo, 2002) para este período.

3/ Fase Recente (Fase III).

Abranguería un abano cronolóxico entre fins do s.IV a.C. e ata fins do s.I d.C. con posibles perduracións nalgúns poboados. Na zona estudada, xa mencionamos o caso de Pena Redonda que se ocupou ata fins do s.II a.C. ou inicios do s.I a.C. A partir do s.IV a.C. produciuse un importante medre do número de castros, como se pode constatar no Deza (Carballo, 2002); nesta conca fluvial tamén temos exemplos da Fase III, podemos mencionar O Marco, Cartimil e incluso Montaz que ten unha ocupación durante varios séculos. Esta situación probablemente debeu darse noutras áreas coma é o caso das bacías do Lérez e Verdugo-Oitavén.

Agora producese un apoxeo da Cultura Castrexa. Colonízanse novas terras debido ó aumento demográfico e os xacementos son máis complexos e monumentais. Os castros desta fase van ata fins do s.I d.C. ata época romana con posibles perduracións nalgúns casos.

Para a área de estudo desta tese temos restos soltos e fóra de contexto, sobre todo cerámicos, como son os materiais de importación romanos, como é o caso dos

restos de ánforas Haltern 70 (a súa cronoloxía vai ata fins do s.I d.C.) (Naveiro, 1991), pero tamén numismáticos, que nos indican unha *data post quem* nalgún caso. Un exemplo pode ser cadansúa moeda da *"caetra"* (s.I a.C.) atopadas nos castros de San Cibrán en Tomeza e no da Peneda do Viso (Caamaño, 1979b).

En resume, pódese dicir que a Cultura Castrexa do NO. peninsular xurde na transición Bronce Final-Idade do Ferro e abrangue todo este período (Idade do Ferro) e chega ata os comezos da romanización. Incluso algúns castros, debido o seu emprazamento moi estratéxico pode que tivesen reocupacións na época altomedieval; exemplos disto poden ser Cruz do Castro en Carballedo (Nº27), Coto do Castro de Famelga (Nº35) ou A Peneda do Viso (Nº69).

Por último, queremos dicir que só intervencións arqueolóxicas sistemáticas poden botar luz en todo o que atingue a esta cultura sobranceira do pasado do noso pasado. Aínda así as catalogacións e os estudos da distribución espacial do poboamento castrexo nunha área xeográfica ben delimitada como poden ser unha bacía fluvial ou unha bisbarra natural coidamos que son interesantes para ver o seu desenvolvemento no territorio.

	Maluquer 1975	Fariña 1983	Almeida 1983	Silva 1983-84	Martins 1990	Peña 1992	
-1000							-1000
-900							-900
-800					I		-800
-700				I			-700
-600	Castrexo I	I				Formación	-600
-500			Precastrexo				-500
-400					II		-400
-300	Castrexo II	II		II		Desenvolvemento	-300
-200			Antigo				-200
-100	Castrexo III	III	Medio				-100
0			Recente	III	III	Apoxeo	0
100	Castrexo IV		Final				100
200					IV	Declive	200
300							300

Ilustr. 7.4 – Cadro cronolóxico da cultura castrexa segundo diversos autores. (Autoría de Carballo Arceo) (Tomado de Peña Santos, 2003a).

CAPÍTULO 8

ANEXOS

1 - COORDENADAS XEOGRÁFICAS.

Nome do xacemento	Concello	Localidade	Latitude/ Lonxitude	Proxección UTM: X/Y
Castro de Loureiro/Coto do Castro/Coto de Espindo	Forcarei	Loureiro-Espindo (Sta Mª de Dúas Igrexas)	42º35´43´´N. 8º19´56´´O.	X: 554.770 Y: 4.716.175
Castro de As Mouteiras	Forcarei	As Mouteiras-S. Marcos (Santiago de Pardesoa).	42º31´43´´N. 8º19´06´´O.	X: 556.000 Y: 4.708.800
Castro de Montes/ Castro de Presqueiras	Forcarei	O Castro (S. Miguel de Presqueiras)	42º31´41´N. 8º20´08´´O.	X: 554.600 Y: 4.708.710
Castro da Mota	Forcarei	Barciela (Sta. Mariña de Castrelo)	42º33´44´´N. 8º21´52´´O.	X: 552.130 Y: 4.712.500
Castro de Garellas/Castro de Rodeiras	Forcarei	Garellas (S. Mamede de Millerada)	42º33´32´´N. 8º18´50´´O.	X: 556.340 Y: 4.712.160
Castro de Sanguñedo/Coto do Castro	Forcarei	Sanguñedo (Sta. Mª da Madalena)	42º32´32´´N. 8º17´41´´O.	X: 557.920 Y: 4.710.370
Castro da Mouteira	Forcarei	Portela (S. Mamede de Millerada)	42º34´10´´N. 8º18´07´´O	X: 557.250 Y: 4.713.300
Castro de Filloi/Cotodo Castro	Forcarei	Filloi (S. Bartolameu de Pereira)	42º38´37´´N. 8º19´02´´O.	X: 555.930 Y: 4.721.525
Castro de Muras/Curuto do Castro	Forcarei	O Castro (S. Bartolameu de Pereira)	42º38´00´´N. 8º20´09´´O.	X: 554.540 Y: 4.720.400
Castrodiz	Cerdedo	Deán-Vilar (Sta. Baia de Castro-S. Martiño de Figueroa	42º33´05´´N 8º25´05´´O.	X: 547.800 Y: 4.711.250
Castro do Pego	Cerdedo	O Pego (Sta. Mª de Folgoso)	42º32´47´´N 8º21´35´´O.	X: 552.580 Y: 4.710.720
Castro de S. Cibrán	Cerdedo	Vilalén (Sta. Mariña de Tomonde)	42º34´25´´N 8º24´04´´O	X: 549.160 Y: 4.713.680
Castro de Abaixo	Cerdedo	Os Castros (S. Tomé de Quireza)	42º34´07´´N 8º26´05´´O	X: 546.320 Y: 4.713.160
Roda do Castro-Castro de Arriba	Cerdedo	Os Castros (S. Tomé de Quireza)	42º34´19´´N 8º26´02´´O	X: 546.450 Y: 4.713.430
Castro de Vilar/Coto do Castro/Os Castros	Cerdedo	Vilar (S. Martiño de Figueroa)	42º32´50´´N 8º23´51´´O	X: 549.460 Y: 4.710.800
Castro de Arén	Cerdedo	Arén (S. Xoán de Cerdedo)	42º32´15´´N 8º22º12´´O	X: 551.740 Y: 4.709.700

Castro da Cerca	Cerdedo	Vilariño (S. Pedro de Parada)	42º33´28´´N 8º21´05´´O	X: 553.250 Y: 4.712.000
Coto de Penalba	Campo Lameiro	S. Antoniño-Alagoa (S. Miguel de Campo Lameiro)	42º32´39´´N 8º33´04´´O	X: 536.863 Y: 4.710.370
Monte do Castro/A Cerca	Campo Lameiro	Praderrei (S. Miguel de Campo Lameiro)	42º31´57´´N 8º31´44´´O	X: 538.675 Y: 4.709.115
Castro de San Isidro/Monte do Castro	Campo Lameiro	S. Isidro (S. Isidro de Montes)	42º31´33´´N 8º28´16´´O	X: 543.480 Y: 4.708.320
Monte do Castro	Campo Lameiro	Redonde (Sta. Mariña de Fragas)	42º29´40´´N 8º33´10´´O	X: 536.825 Y: 4.704.900
Os Castros	Campo Lameiro	A Betarra (S. Miguel de Campo Lameiro)	42º31´40´´N 8º32´22´´O	X: 537.850 Y: 4.708.550
Monte do Castro	Campo Lameiro	Cerdeiras (Sta. Mariña de Fragas)	42º31´00´´N 8º33´30´´O	X: 536.300 Y: 4.707.400
Castro da Devesiña	Campo Lameiro	Cascaneda (S. Miguel de Campo Lameiro)	42º32´18´´N 8º33´02´´O	X: 536.925 Y: 4.709.750
Castro de Orto/Coto do Castro/Pico do Castro	Campo Lameiro	Castro de Orto (S. Cristovo de Couso)	42º34´49´´N 8º31´10´´O	X: 539.450 Y: 4.714.400
Castro de Couso/Castriño	Campo Lameiro	Castriño (S. Cristovo de Couso)	42º33´48´´N 8º33´13´´O	X: 536.575 Y: 4.712.550
Monte do Castro/Cruz do Castro	Cotobade	Igrexa (S. Miguel de Carballedo)	42º28´56´´N 8º28´29´´O	X: 543.174 Y: 4.703.564
Coto de Paraños	Cotobade	Paraños (S. Miguel de Carballedo)	42º29´08´´N 8º29´52´´O	X: 541.265 Y: 4.703.890
A Cividá	Cotobade	A Cividá-Barbeitos (San Xurxo de Sacos)	42º30´30´´N 8º30´26´´O	X: 540.472 Y: 4.706.407
Coto da Cerca	Cotobade	O Sobreiro (San Xurxo de Sacos)	42º30´19´´N 8º30´13´´O	X: 540.779 Y: 4.706.107
Monte do Castro	Cotobade	Monte do Castro (San Xurxo de Sacos)	42º30´58´´N 8º31´18´´O	X: 539.300 Y: 4.707.280
Coto do Castro	Cotobade	O Castro (Santiago de Viascón)	42º29´32´´N 8º32´20´´O	X: 537.890 Y: 4.704.640
Monte do Castro	Cotobade	O Castro (San Pedro de Tenorio)	42º28´00´´N 8º32´48´´O	X: 537.255 Y: 4.701.801
Coto das Rodelas	Cotobade	Parada (San Pedro de Tenorio)	42º29´15´´N 8º33´55´´O	X: 535.866 Y: 4.704.065
Coto do Castro	Cotobade	Famelga (Sta. Mª de Aguasantas)	42º26´48´´N 8º28´30´´O	X: 543.175 Y: 4.699.600
Coto do Castro	Cotobade	Igrexario (Sta. Mª de Aguasantas)	42º25´14´´N 8º26´58´´O	X: 545.278 Y: 4.696.719
Castro Bo	Cotobade	Sucastro (Sta. Mª de Aguasantas)	42º24´53´´N 8º27´05´´O	X: 545.175 Y: 4.696.050
A Cividá	Cotobade	Fentáns (San Xurxo de Sacos)	42º31´55´´N 8º31´13´´O	X: 539.400 Y: 4.709.000
Coto da Roda	Cotobade	Dorna (Sta. Mª de Sacos)	42º31´15´´N 8º28´43´´O	X: 542.830 Y: 4.707.840

Monte do Castro	Pontevedra	Monte do Castro (Sta. Mª de Pontesampaio)	42º21´31´´N 8º36´37´´O	X: 532.090 Y: 4.689.750
Monte de S. Cibrán/Monte do Castro/Castro de Lusquiños	Pontevedra	Lusquiños (S. Pedro de Tomeza)	42º24´46´´N 8º37´32´´O	X: 530.850 Y: 4.695.750
Monte dos Penedos/Castro de Salcedo	Pontevedra	Igrexa (S. Martiño de Salcedo)	42º24´50´´N 8º38´40´´O	X: 529.300 Y: 4.695.950
Monte das Croas/Castro de Birrete	Pontevedra	Birrete (S. Martiño de Salcedo)	42º23´55´´N 8º38´56´´O	X: 528.875 Y: 4.694.125
Castro de A Raxeira/Monte do Castro/Castro Senín	Pontevedra	A Raxeira (Sta. Mª de Mourente)	42º25´53´´N 8º36´13´´O	X: 532.600 Y: 4.697.875
Castro de O Valo/Castro do Lugar	Pontevedra	Quinteiro/O Valo (Sta. Mariña de Bora)	42º26´35´´N 8º34´55´´O	X: 534.360 Y: 4.699.140
Castro de Xeve/Monte do Castro/Castro de Maúnzo	Pontevedra	Maúnzo (Sta. Mª de Xeve)	42º28´34´´N 8º35´15´´O	X: 533.925 Y: 4.702.825
Castro de Gabián/Monte do Castro	Pontevedra	Gabián (S. Martiño de Verducido)	42º29´43´´N 8º37´09´´O	X: 531.300 Y: 4.704.950
Casteliño/Monte Castelo	Pontevedra	O Castelo (S. Salvador de Lérez)	42º27´47´´N 8º37´55´´O	X: 530.200 Y: 4.701.415
Monte da Torre/Monte do Castro	Pontevedra	A Torre (Sto. André de Xeve)	42º27´31´´N 8º35´14´´O	X: 533.950 Y: 4.700.900
Castro de Magros	Beariz	Magros (Sta. Mª de Beariz)	42º27´34´´N 8º14´36´´O	X: 562.200 Y: 4.701.201
Alto da Roda (do Castro)	Beariz	Garfián (Sta. Mª de Beariz)	42º27´44´´N 8º16´24´´O	X: 559.680 Y: 4.701.375
Castro da Lama/Monte do Castro	A Lama	A Lama	42º24´02´´N 8º26´37´´O	X: 545.800 Y: 4.694.480
Castro de Gaxate/Monte do Castro	A Lama	O Castro (San Pedro de Gaxate)	42º22´18´´N 8º25´40´´O	X: 547.070 Y: 4.691.300
Chan das Pipas/Pena Redonda	Pontecaldelas	A Pousa (Sta. Mª de Caritel)	42º22´40´´N 8º26´30´´O	X: 545.900 Y: 4.691.950
Casteliño/Castelo/Monte do Castro	Pontecaldelas	Barbudo (Sta. Mª de Barbudo)	42º21´47´´N 8º29´06´´O	X: 542.400 Y: 4.690.270
Castelo Grande/Castelo	Pontecaldelas	Castelo (Sta. Olaia de Pontecaldelas)	42º24´08´´N 8º30´05´´O	X: 541.040 Y: 4.694.620
Coto da Cidade/Castro de Fragas	Pontecaldelas	Fragas (Sta. Mª de Tourón)	42º23´28´´N 8º31´56´´O	X: 538.550 Y: 4.693.375
Eira dos Mouros	Pontecaldelas	Tourón (Sta. Mª de Tourón)	42º24´42´´N 8º31´40´´O	X: 538.950 Y: 4.695.700
Monte do Castro	Pontecaldelas	Parada (Sta. Olaia de Pontecaldelas)	42º23´13´´N 8º31´56´´O	X: 538.400 Y: 4.692.900
Monte do Castro	Fornelos de Montes	Airoa (S. Xurxo de Laxe)	42º21´03´´N 8º22´30´´O	X: 551.500 Y: 4.689.000
A Cidade	Fornelos de Montes	Oitavén (S. Vicente de Oitavén)	42º19´44´´N 8º29´09´´O	X: 542.320 Y: 4.686.540
Castro do Coto do Cristo	Pazos de Borbén	Pazos (Sta. Mª de Pazos)	42º17´44´´N 8º32´01´´O	X: 538.440 Y: 4.682.680

Castro de Amoedo	Pazos de Borbén	Amoedo (S. Sadurniño de Amoedo)	42º17´48´´N 8º32´15´´O	X: 538.120 Y: 4.682.880
Monte do Castro	Pazos de Borbén	As Muras (Sta. Mª de Pazos)	42º17´58´´N 8º30´50´´O	X: 540.050 Y: 4.683.230
O Circo	Pazos de Borbén	Sequeiros (Santiago de Borbén)	42º15´40´´N 8º31´55´´O	X: 538.600 Y: 4.679.000
O Circo	Pazos de Borbén	Mosteiro (Santiago de Borbén)	42º16´06´´N 8º31´00´´O	X: 539.850 Y: 4.679.740
O Castelo do Galo	Pazos de Borbén	O Galleiro (S. Martiño de Nespereira)	42º14´58´´N 8º33´57´´O	X: 535.800 Y: 4.677.630
O Castrillón-Coto da Moura	Soutomaior	Cortellas (S. Salvador de Soutomaior)	42º19´53´´N 8º32´56´´O	X: 537.160 Y: 4.686.760
A Peneda do Viso	Soutomaior	Alxán (Santiago de Arcade)	42º19´42´´N 8º35´19´´O	X: 533.890 Y: 4.686.410
Coto Loureiro/Castro de Farexa	Vilaboa	Farexa (Sto. André de Figueirido)	42º22´38´´N 8º37´13´´O	X: 531.280 Y: 4.691.875
Monte da Croa/Castro de Acuña	Vilaboa	Peizal-Cedreiros/Acuña (S. Martiño de Vilaboa)	42º20´46´´N 8º38´27´´O	X: 529.600 Y: 4.688.275
Castro de Cobres/O Coto	Vilaboa	Riomaior (San Adrián de Cobres)	42º19´35´´N 8º39´22´´O	X: 528.300 Y: 4.686.200

2 - ALTITUDES ABSOLUTAS.

Nome do xacemento	Concello	Localidade	Altitude	Latitude/ Lonxitude	Proxección UTM: X/Y
Castro de Loureiro/Coto do Castro/Coto de Espindo	Forcarei	Loureiro-Espindo (Sta Mª de Dúas Igrexas)	572 m.	42º35´43´´N. 8º19´56´´O.	X: 554.770 Y: 4.716.175
Castro de As Mouteiras	Forcarei	As Mouteiras-S. Marcos (Santiago de Pardesoa).	616 m.	42º31´43´´N. 8º19´06´´O.	X: 556.000 Y: 4.708.800
Castro de Montes/ Castro de Presqueiras	Forcarei	O Castro (S. Miguel de Presqueiras)	542 m.	42º31´41´N. 8º20´08´´O.	X: 554.600 Y: 4.708.710
Castro da Mota	Forcarei	Barciela (Sta. Mariña de Castrelo)	560 m.	42º33´44´´N. 8º21´52´´O.	X: 552.130 Y: 4.712.500
Castro de Garellas/Castro de Rodeiras	Forcarei	Garellas (S. Mamede de Millerada)	654 m.	42º33´32´´N. 8º18´50´´O.	X: 556.340 Y: 4.712.160
Castro de Sanguñedo/Coto do Castro	Forcarei	Sanguñedo (Sta. Mª da Madalena)	630 m.	42º32´32´´N. 8º17´41´´O.	X: 557.920 Y: 4.710.370
Castro da Mouteira	Forcarei	Portela (S. Mamede de Millerada)	640 m.	42º34´10´´N. 8º18´07´´O	X: 557.250 Y: 4.713.300
Castro de Filloi/Cotodo Castro	Forcarei	Filloi (S. Bartolameu de Pereira)	692 m.	42º38´37´´N. 8º19´02´´O.	X: 555.930 Y: 4.721.525
Castro de Muras/Curuto do Castro	Forcarei	O Castro (S. Bartolameu de Pereira)	650 m.	42º38´00´´N. 8º20´09´´O.	X: 554.540 Y: 4.720.400
Castrodiz	Cerdedo	Deán-Vilar (Sta. Baia de Castro-S. Martiño de Figueroa	633 m.	42º33´05´´N 8º25´05´´O.	X: 547.800 Y: 4.711.250
Castro do Pego	Cerdedo	O Pego (Sta. Mª de Folgoso)	440 m.	42º32´47´´N 8º21´35´´O.	X: 552.580 Y: 4.710.720
Castro de S. Cibrán	Cerdedo	Vilalén (Sta. Mariña de Tomonde)	512 m.	42º34´25´´N 8º24´04´´O	X: 549.160 Y: 4.713.680
Castro de Abaixo	Cerdedo	Os Castros (S. Tomé de Quireza)	367 m.	42º34´07´´N 8º26´05´´O	X: 546.320 Y: 4.713.160
Roda do Castro-Castro de Arriba	Cerdedo	Os Castros (S. Tomé de Quireza)	395 m.	42º34´19´´N 8º26´02´´O	X: 546.450 Y: 4.713.430
Castro de Vilar/Coto do Castro/Os Castros	Cerdedo	Vilar (S. Martiño de Figueroa)	520 m.	42º32´50´´N 8º23´51´´O	X: 549.460 Y: 4.710.800

Castro de Arén	Cerdedo	Arén (S. Xoán de Cerdedo)	426 m.	42º32´15´´N 8º22º12´´O	X: 551.740 Y: 4.709.700
Castro da Cerca	Cerdedo	Vilariño (S. Pedro de Parada)	502 m.	42º33´28´´N 8º21´05´´O	X: 553.250 Y: 4.712.000
Coto de Penalba	Campo Lameiro	S. Antoniño-Alagoa (S. Miguel de Campo Lameiro)	443 m.	42º32´39´´N 8º33´04´´O	X: 536.863 Y: 4.710.370
Monte do Castro/A Cerca	Campo Lameiro	Praderrei (S. Miguel de Campo Lameiro)	205 m.	42º31´57´´N 8º31´44´´O	X: 538.675 Y: 4.709.115
Castro de San Isidro/Monte do Castro	Campo Lameiro	S. Isidro (S. Isidro de Montes)	326 m.	42º21´33´´N 8º28´16´´O	X: 543.480 Y: 4.708.320
Monte do Castro	Campo Lameiro	Redonde (Sta. Mariña de Fragas)	150 m.	42º29´40´´N 8º33´10´´O	X: 536.825 Y: 4.704.900
Os Castros	Campo Lameiro	A Betarra (S. Miguel de Campo Lameiro)	124 m.	42º31´40´´N 8º32´22´´O	X: 537.850 Y: 4.708.550
Monte do Castro	Campo Lameiro	Cerdeiras (Sta. Mariña de Fragas)	230 m.	42º31´00´´N 8º33´30´´O	X: 536.300 Y: 4.707.400
Castro da Devesiña	Campo Lameiro	Cascaneda (S. Miguel de Campo Lameiro)	301 m.	42º32´18´´N 8º33´02´´O	X: 536.925 Y: 4.709.750
Castro de Orto/Coto do Castro/Pico do Castro	Campo Lameiro	Castro de Orto (S. Cristovo de Couso)	526 m.	42º34´49´´N 8º31´10´´O	X: 539.450 Y: 4.714.400
Castro de Couso/Castriño	Campo Lameiro	Castriño (S. Cristovo de Couso)	413 m.	42º33´48´´N 8º33´13´´O	X: 536.575 Y: 4.712.550
Monte do Castro/Cruz do Castro	Cotobade	Igrexa (S. Miguel de Carballedo)	479 m.	42º28´56´´N 8º28´29´´O	X: 543.174 Y: 4.703.564
Coto de Parbaños	Cotobade	Parbaños (S. Miguel de Carballedo)	535 m.	42º29´08´´N 8º29´52´´O	X: 541.265 Y: 4.703.890
A Cividá	Cotobade	A Cividá-Barbeitos (San Xurxo de Sacos)	443 m.	42º30´30´´N 8º30´26´´O	X: 540.472 Y: 4.706.407
Coto da Cerca	Cotobade	O Sobreiro (San Xurxo de Sacos)	520 m.	42º30´19´´N 8º30´13´´O	X: 540.779 Y: 4.706.107
Monte do Castro	Cotobade	Monte do Castro (San Xurxo de Sacos)	217 m.	42º30´58´´N 8º31´18´´O	X: 539.300 Y: 4.707.280
Coto do Castro	Cotobade	O Castro (Santiago de Viascón)	315 m.	42º29´32´´N 8º32´20´´O	X: 537.890 Y: 4.704.640
Monte do Castro	Cotobade	O Castro (San Pedro de Tenorio)	167 m.	42º28´00´´N 8º32´48´´O	X: 537.255 Y: 4.701.801
Coto das Rodelas	Cotobade	Parada (San Pedro de Tenorio)	158 m.	42º29´15´´N 8º33´55´´O	X: 535.866 Y: 4.704.065
Coto do Castro	Cotobade	Famelga (Sta. Mª de Aguasantas)	616 m.	42º26´48´´N 8º28´30´´O	X: 543.175 Y: 4.699.600
Coto do Castro	Cotobade	Igrexario (Sta. Mª de	535 m.	42º25´14´´N 8º26´58´´O	X: 545.278 Y: 4.696.719

		Aguasantas)			
Castro Bo	Cotobade	Sucastro (Sta. Mª de Aguasantas)	404 m.	42º24´53´´N 8º27´05´´O	X: 545.175 Y: 4.696.050
A Cividá	Cotobade	Fentáns (San Xurxo de Sacos)	208 m.	42º31´55´´N 8º31´13´´O	X: 539.400 Y: 4.709.000
Coto da Roda	Cotobade	Dorna (Sta. Mª de Sacos)	270 m.	42º31´15´´N 8º28´43´´O	X: 542.830 Y: 4.707.840
Monte do Castro	Pontevedra	Monte do Castro (Sta. Mª de Pontesampaio)	122 m.	42º21´31´´N 8º36´37´´O	X: 532.090 Y: 4.689.750
Monte de S. Cibrán/ Monte do Castro/Castro de Lusquiños	Pontevedra	Lusquiños (S. Pedro de Tomeza)	147 m.	42º24´46´´N 8º37´32´´O	X: 530.850 Y: 4.695.750
Monte dos Penedos/Castro de Salcedo	Pontevedra	Igrexa (S. Martiño de Salcedo)	117 m.	42º24´50´´N 8º38´40´´O	X: 529.300 Y: 4.695.950
Monte das Croas/Castro de Birrete	Pontevedra	Birrete (S. Martiño de Salcedo)	123 m.	42º23´55´´N 8º38´56´´O	X: 528.875 Y: 4.694.125
Castro de A Raxeira/Monte do Castro/Castro Senín	Pontevedra	A Raxeira (Sta. Mª de Mourente)	245 m.	42º25´53´´N 8º36´13´´O	X: 532.600 Y: 4.697.875
Castro de O Valo/Castro do Lugar	Pontevedra	Quinteiro/O Valo (Sta. Mariña de Bora)	57 m.	42º26´35´´N 8º34´55´´O	X: 534.360 Y: 4.699.140
Castro de Xeve/Monte do Castro/Castro de Maúnzo	Pontevedra	Maúnzo (Sta. Mª de Xeve)	206 m.	42º28´34´´N 8º35´15´´O	X: 533.925 Y: 4.702.825
Castro de Gabián/Monte do Castro	Pontevedra	Gabián (S. Martiño de Verducido)	295 m.	42º29´43´´N 8º37´09´´O	X: 531.300 Y: 4.704.950
Casteliño/Monte Castelo	Pontevedra	O Castelo (S. Salvador de Lérez)	187 m.	42º27´47´´N 8º37´55´´O	X: 530.200 Y: 4.701.415
Monte da Torre/Monte do Castro	Pontevedra	A Torre (Sto. André de Xeve)	124 m.	42º27´31´´N 8º35´14´´O	X: 533.950 Y: 4.700.900
Castro de Magros	Beariz	Magros (Sta. Mª de Beariz)	728 m.	42º27´34´´N 8º14´36´´O	X: 562.200 Y: 4.701.201
Alto da Roda (do Castro)	Beariz	Garfián (Sta. Mª de Beariz)	666 m.	42º27´44´´N 8º16´24´´O	X: 559.680 Y: 4.701.375
Castro da Lama/Monte do Castro	A Lama	A Lama	474 m.	42º24´02´´N 8º26´37´´O	X: 545.800 Y: 4.694.480
Castro de Gaxate/Monte do Castro	A Lama	O Castro (San Pedro de Gaxate)	400 m.	42º22´18´´N 8º25´40´´O	X: 547.070 Y: 4.691.300
Chan das Pipas/Pena Redonda	Pontecaldelas	A Pousa (Sta. Mª de Caritel)	550 m.	42º22´40´´N 8º26´30´´O	X: 545.900 Y: 4.691.950
Casteliño/Castelo/Monte do Castro	Pontecaldelas	Barbudo (Sta. Mª de Barbudo)	464 m.	42º21´47´´N 8º29´06´´O	X: 542.400 Y: 4.690.270
Castelo Grande/Castelo	Pontecaldelas	Castelo (Sta. Olaia de Pontecaldelas)	488 m.	42º24´08´´N 8º30´05´´O	X: 541.040 Y: 4.694.620
Coto da Cidade/Castro de Fragas	Pontecaldelas	Fragas (Sta. Mª de Tourón)	228 m.	42º23´28´´N 8º31´56´´O	X: 538.550 Y: 4.693.375
Eira dos Mouros	Pontecaldelas	Tourón (Sta. Mª de Tourón)	506 m.	42º24´42´´N 8º31´40´´O	X: 538.950 Y: 4.695.700
Monte do Castro	Pontecaldelas	Parada (Sta. Olaia de Pontecaldelas)	215 m.	42º23´13´´N 8º32´04´´O	X: 538.400 Y: 4.692.900
Monte do Castro	Fornelos de Montes	Airoa (S. Xurxo de Laxe)	656 m.	42º21´03´´N 8º22´30´´O	X: 551.500 Y: 4.689.000

A Cidade	Fornelos de Montes	Oitavén (S. Vicente de Oitavén)	303 m.	42º19´44´´N 8º29´09´´O	X: 542.320 Y: 4.686.540
Castro do Coto do Cristo	Pazos de Borbén	Pazos (Sta. Mª de Pazos)	240 m.	42º17´44´´N 8º32´01´´O	X: 538.440 Y: 4.682.680
Castro de Amoedo	Pazos de Borbén	Amoedo (S. Sadurniño de Amoedo)	230 m.	42º17´48´´N 8º32´15´´O	X: 538.120 Y: 4.682.880
Monte do Castro	Pazos de Borbén	As Muras (Sta. Mª de Pazos)	358 m.	42º17´58´´N 8º30´50´´O	X: 540.050 Y: 4.683.230
O Circo	Pazos de Borbén	Sequeiros (Santiago de Borbén)	252 m.	42º15´40´´N 8º31´55´´O	X: 538.600 Y: 4.679.000
O Circo	Pazos de Borbén	Mosteiro (Santiago de Borbén)	214 m.	42º16´06´´N 8º31´00´´O	X: 539.850 Y: 4.679.740
O Castelo do Galo	Pazos de Borbén	O Galleiro (S. Martiño de Nespereira)	605 m.	42º14´58´´N 8º33´57´´O	X: 535.800 Y: 4.677.630
O Castrillón-Coto da Moura	Soutomaior	Cortillas (S. Salvador de Soutomaior)	215 m.	42º19´53´´N 8º32´56´´O	X: 537.160 Y: 4.686.760
A Peneda do Viso	Soutomaior	Alxán (Santiago de Arcade)	327 m.	42º19´42´´N 8º35´19´´O	X: 533.890 Y: 4.686.410
Coto Loureiro/Castro de Farexa	Vilaboa	Farexa (Sto. André de Figueirido)	252 m.	42º22´38´´N 8º37´13´´O	X: 531.280 Y: 4.691.875
Monte da Croa/Castro de Acuña	Vilaboa	Peizal-Cedreiros/Acuña (S. Martiño de Vilaboa)	99 m.	42º20´46´´N 8º38´27´´O	X: 529.600 Y: 4.688.275
Castro de Cobres/O Coto	Vilaboa	Riomaior (San Adrián de Cobres)	42 m.	42º19´35´´N 8º39´22´´O	X: 528.300 Y: 4.686.200

3 - INTERVISIBILIDADE ENTRE XACEMENTOS.

Nº	NOME DO XACEMENTO	CASTROS VISIBLES	TOTAL
1	Castro de Loureiro-Coto do Castro	----	-
2	Castro de As Mouteiras	----	-
3	Castro de Montes	----	-
4	Castro da Mota	Castro da Cerca (Vilariño) (17)	1
5	Castro de Garellas-Castro de Rodeiras	Castro da Mouteira (7)	1
6	Castro de Sanguñedo-Coto do Castro	----	-
7	Castro da Mouteira	Castro de Garellas-Castro de Rodeiras (5)	1
8	Castro de Filloi-Coto do Castro	Castro de Muras-Curuto do Castro (9)	1
9	Castro de Muras-Curuto do Castro	Castro de Filloi (8)	1
10	Castrodiz	Castro de Abaixo (13), Roda do Castro-Castro de Arriba (14), Coto da Cerca (San Xurxo de Sacos) (30)	3
11	Castro do Pego	Castro da Cerca (Vilariño) (17)	1
12	Castro de San Cibrán (Vilalén)	----	-
13	Castro de Abaixo	Roda do Castro-Castro de Arriba (14), Castrodiz (10)	2
14	Roda do Castro-Castro de Arriba	Castro de Abaixo (13), Castrodiz (10)	2
15	Castro de Vilar - Coto do Castro - Os Castros	----	-
16	Castro de Arén	----	-
17	Castro da Cerca (Vilariño)	Castro da Mota (4), Castro do Pego (11)	2
18	Coto de Penalba	A Cividá (29), Coto da Cerca (San Xurxo de Sacos) (30), Monte do Castro (San Xurxo de Sacos) (31), A Cividá (Fentáns) (38), Coto do Castro (Viascón) (32), A Cerca (Praderrei) (19), Os Castros (A Betarra) (22), Castro da Devesiña (24), O Castelo-Castro de Cosoirado (Moraña)	9
19	A Cerca (Praderrei)	A Cividá (29), Coto da Cerca (30), Monte do Castro (San Xurxo de Sacos) (31), A Cividá (Fentáns) (38), Coto de Penalba (18), Os Castros (A Betarra) (22), Monte do Castro (Cerdeiras) (23), Castro da Devesiña (24)	8
20	Castro de San Isidro-Monte do Castro	Coto da Cerca (30), Monte do Castro (San Xurxo de Sacos) (31), Coto da Roda (39)	3
21	Monte do Castro (Redonde)	Coto do Castro (Viascón) (32), Coto das Rodelas (34)	2
22	Os Castros (A Betarra)	Coto de Penalba (18), Castro da Devesiña (24), A Cividá (29), Coto da Cerca (30), Monte do Castro (San Xurxo de Sacos) (31), A Cerca (Praderrei) (19)	5
23	Monte do Castro (Cerdeiras)	A Cividá (29), Coto da Cerca (30), Coto do Castro (Viascón) (32), A Cerca (Praderrei) (19).	4
24	Castro da Devesiña	Coto de Penalba (18), Os Castros (A Betarra) (22), A Cividá (29), Coto da Cerca (30), Monte do Castro (San Xurxo de Sacos) (31), A Cerca (Praderrei) (19)	6
25	Castro de Orto-Coto do Castro-Pico do Castro	Castro de Querguizo (S.Martiño de Laxe-Moraña)	1
26	Castro de Couso-Castriño	O Castelo- Castro de Cosoirado (Moraña)	1

27	Monte do Castro-Cruz do Castro	Coto do Castro (Famelga) (35), Coto de Paraños (28)	2
28	Coto de Paraños	Monte do Castro-Cruz do Castro (27), Coto do Castro (Famelga) (35)	2
29	A Cividá	Coto de Penalba (18), Castro da Devesiña (24), Os Castros (A Betarra) (22), A Cerca (Praderrei) (19), Monte do Castro (Cerdeiras) (23), Monte do Castro (San Xurxo de Sacos) (31), Coto da Cerca (30), A Cividá (Fentáns) (38)	8
30	Coto da Cerca	A Cividá (29), Monte do Castro (San Xurxo de Sacos) (31), Coto de Penalba (18), Os Castros (A Betarra) (22), Castro da Devesiña (24), A Cerca (Praderrei) (19), Monte do Castro (Cerdeiras) (23), Monte do Castro (San Isidro) (20), A Cividá (Fentáns) (38), Castrodiz (10)	10
31	Monte do Castro (S. Xurxo de Sacos)	A Cividá (29), Coto da Cerca (30), A Cividá (Fentáns) (38), Coto de Penalba (18), Castro da Devesiña (24), Monte do Castro (San Isidro) (20), A Cerca (Praderrei) (19).	7
32	Coto do Castro (Viascón)	Coto das Rodelas (34), Monte do Castro (Tenorio) (33), Monte do Castro (Redonde) (21), Monte do Castro (Cerdeiras) (23), Coto de Penalba (18)	5
33	Monte do Castro (Tenorio)	Coto do Castro (Viascón) (32)	1
34	Coto das Rodelas	Coto do Castro (Viascón) (32), Monte do Castro (Redonde) (21)	2
35	Coto do Castro (Famelga)	Monte do Castro-Cruz do Castro (27), Coto de Paraños (28), Coto do Castro (Aguasantas) (36)	3
36	Coto do Castro (Aguasantas)	Coto do Castro (Famelga) (35), Castro Bo (37), Monte do Castro (A Lama) (52), A Peneda do Viso (69)	4
37	Castro Bo	Monte do Castro (A Lama) (52), Coto do Castro (Aguasantas) (36)	2
38	A Cividá (Fentáns)	A Cividá (29), Coto da Cerca (30), Monte do Castro (San Xurxo de Sacos) (31), Coto de Penalba (18), A Cerca (Praderrei) (19)	5
39	Coto da Roda	Monte do Castro (San Isidro) (20)	1
40	Monte do Castro (Pontesampaio)	A Peneda do Viso (69), Coto Loureiro-Castro de Farexa (70), Monte da Croa-Castro de Acuña (71)	3
41	Monte do Castro-S. Cibrán (Tomeza)	Monte do Castro (Mourente) (44), Coto Loureiro-Castro de Farexa (70), Monte da Croa-Castro de Acuña (71), Monte das Croas (43), Monte dos Penedos (42), Monte Castelo (Lérez) (48)	6
42	Monte dos Penedos	Monte do Castro-S. Cibrán (Tomeza) (41), Monte das Croas (43), Monte do Castro (Mourente) (44), Monte Castelo (Lérez) (48)	4
43	Monte das Croas	Monte do Castro-S. Cibrán (Tomeza) (41), Monte dos Penedos (42), Monte do Castro (Mourente) (44), Monte Castelo (Lérez) (48)	4
44	Monte do Castro- Castro da Raxeira (Mourente)	Castro de Maúnzo (46), Monte Castelo (Lérez) (48), Coto Loureiro-Castro de	9

		Farexa (70), Monte dos Penedos (42), Monte das Croas (43), Monte do Castro-San Cibrán (Tomeza) (41), Castro do Valo (45), Monte da Torre-Monte do Castro (49), Monte do Castro (Gabián) (47)	
45	Castro do Valo	Monte do Castro (Mourente) (44), Monte da Torre-Monte do Castro (49)	2
46	Monte do Castro (Maúnzo)	Monte do Castro (Mourente) (44)	1
47	Monte do Castro (Gabián)	Monte Castelo (Lérez) (48), Monte do Castro (Mourente (44)	2
48	Monte Castelo (Lérez)	Monte do Castro-S. Cibrán (Tomeza) (41), Monte dos Penedos (42), Monte das Croas (43), Monte do Castro (Mourente) (44), Monte do Castro (Gabián) (47)	5
49	Monte da Torre-Monte do Castro	Monte do Castro (Mourente) (44), Castro do Valo (45)	2
50	Castro de Magros	Alto da Roda do Castro (51)	1
51	Alto da Roda do Castro	Castro de Magros (50)	1
52	Monte do Castro (A Lama)	Coto do Castro (Aguasantas) (36), Castro Bo (37), Castelo Grande-Castelo (Pontecaldelas) (56), Eira dos Mouros (58)	4
53	Monte do Castro (Gaxate)	Pena Redonda-Chan das Pipas (54)	1
54	Pena Redonda-Chan das Pipas	Monte do Castro (Gaxate) (53), A Peneda do Viso (69)	2
55	Casteliño-Castelo-Monte do Castro (Barbudo)	A Cidade (Oitavén) (61), A Peneda do Viso (69)	2
56	Castelo Grande-Castelo (Pontecaldelas)	Monte do Castro (A Lama) (52), A Peneda do Viso (69), O Castrillón-Coto da Moura (68), Coto da Cidade (Tourón) (57), Eira dos Mouros (Tourón) (58)	5
57	Coto da Cidade (Tourón)	Eira dos Mouros (Tourón) (58), Castelo Grande-Castelo (Pontecaldelas) (56), Monte do Castro (Parada) (59)	3
58	Eira dos Mouros (Tourón)	Castelo Grande-Castelo (56), Monte do Castro (Parada) (59), Coto da Cidade (Tourón) (57), O Castrillón-Coto da Moura (68), A Peneda do Viso (69), Monte do Castro (A Lama) (52)	6
59	Monte do Castro (Parada)	Coto da Cidade (Tourón) (57), Eira dos Mouros (Tourón) (58)	2
60	Monte do Castro (Airoa)	----	-
61	A Cidade (Oitavén)	Casteliño – Castelo - Monte do Castro (Barbudo) (55)	1
62	Castro do Coto do Cristo	Castro de Amoedo (63), Monte do Castro (As Muras) (64), O Circo (Sequeiros) (65), O Circo (Mosteiro) (66).	4
63	Castro de Amoedo	Castro do Coto do Cristo (62), Monte do Castro (As Muras) (64)	2
64	Monte do Castro (As Muras)	Castro do Coto do Cristo (62), Castro de Amoedo (63), O Circo (Sequeiros) (65), O Circo (Mosteiro) (66)	4
65	O Circo (Sequeiros)	O Circo (Mosteiro) (66), Monte do Castro (As Muras) (64), Castro do Coto do Cristo (62)	3
66	O Circo (Mosteiro)	O Circo (Sequeiros) (65), Monte do Castro (As Muras) (64), Castro do Coto do Cristo (62)	3
67	O Castelo do Galo	Castro do Coto de Negros-Castro Grande (Sto. Estevo de Negros-Redondela)	1

68	O Castrillón-Coto da Moura	A Peneda do Viso (69), Castelo Grande-Castelo (Pontecaldelas) (56), Eira dos Mouros (Tourón) (58)	3
69	A Peneda do Viso	Casteliño – Castelo - Monte do Castro (Barbudo) (55), Eira dos Mouros (Tourón) (58),CasteloGrande-Castelo (Pontecaldelas) (56), Coto do Castro (Aguasantas) (36), O Castrillón-Coto da Moura (68), Pena Redonda-Chan das Pipas (54), Coto Loureiro-Castro de Farexa (70), Monte da Croa-Castro de Acuña (71), Castro de Cobres-O Coto (72), Monte do Castro (Pontesampaio) (40), Castro da Guía, Castro de Alcabre, Castro de Toralla, Castro do Coto de Negros-Castro Grande (Sto. Estevo de Negros-Redondela)	14
70	Coto Loureiro-Castro de Farexa	A Peneda do Viso (69), Monte da Croa-Castro de Acuña (71), Monte do Castro-San Cibrán (Tomeza) (41), Monte do Castro (Mourente) (44)	4
71	Monte da Croa-Castro de Acuña	A Peneda do Viso (69), Coto Loureiro-Castro de Farexa (70), Monte do Castro (Pontesampaio) (40)	3
72	Castro de Cobres-O Coto	A Peneda do Viso (69)	1

4 - DISTANCIA Ó 1º e 2º CASTROS MÁIS PRÓXIMOS.

Nome do xacemento	Concello	Localidade	Distancia ó castro máis próximo	Latitude/ Lonxitude	Proxección UTM: X/Y
Castro de Loureiro/Coto do Castro/Coto de Espindo	Forcarei	Loureiro-Espindo (Sta Mª de Dúas Igrexas)	Castro da Mouteira (3´8 km.)/Castro de Garellas-Castro de Rodeiras (4´2 km.)	42º35´43´´N. 8º19´56´´O.	X: 554.770 Y: 4.716.175
Castro de As Mouteiras	Forcarei	As Mouteiras-S. Marcos (Santiago de Pardesoa).	Castro de Montes (1´9 km.) Castro de Sanguñedo (2 km.)	42º31´43´´N. 8º19´06´´O.	X: 556.000 Y: 4.708.800
Castro de Montes/ Castro de Presqueiras	Forcarei	O Castro (S. Miguel de Presqueiras)	Castro de As Mouteiras (1´9km.)/ Castro de Garellas-Castro de Rodeiras (3´8 km.)	42º31´41´N. 8º20´08´´O.	X: 554.600 Y: 4.708.710
Castro da Mota	Forcarei	Barciela (Sta. Mariña de Castrelo)	Castro da Cerca (1´1 km.)/ Castro de Arén (2´8 km.)	42º33´44´´N. 8º21´52´´O.	X: 552.130 Y: 4.712.500
Castro de Garellas/Castro de Rodeiras	Forcarei	Garellas (S. Mamede de Millerada)	Castro da Mouteira (1´5 km.)/Castro de Sanguñedo (2´35km.)	42º33´32´´N. 8º18´50´´O.	X: 556.340 Y: 4.712.160
Castro de Sanguñedo/Coto do Castro	Forcarei	Sanguñedo (Sta. Mª da Madalena)	Castro de As Mouteiras (2 km.) Castro de Garellas-Castro de Rodeiras (2´35 km.)	42º32´32´´N. 8º17´41´´O.	X: 557.920 Y: 4.710.370
Castro da Mouteira	Forcarei	Portela (S. Mamede de Millerada)	Castro de Garellas-Castro de Rodeiras (1´5 km.)/ Coto Loureiro (3´7 km.)	42º34´10´´N. 8º18´07´´O	X: 557.250 Y: 4.713.300
Castro de Filloi/Cotodo Castro	Forcarei	Filloi (S. Bartolameu de Pereira)	Castro de Muras (1´8 km.)/ Coto Loureiro (5´5 km.)	42º38´37´´N. 8º19´02´´O.	X: 555.930 Y: 4.721.525
Castro de Muras/Curuto do Castro	Forcarei	O Castro (S. Bartolameu de Pereira)	Castro de Filloi (1´8 km.)/ Coto Loureiro (4´2 km.)	42º38´00´´N. 8º20´09´´O.	X: 554.540 Y: 4.720.400
Castrodiz	Cerdedo	Deán-Vilar (Sta. Baia de Castro-S. Martiño de Figueroa	Castro de Vilar (1´7 km.) / Castro de Abaixo (2´3 km.)	42º33´05´´N 8º25´05´´O.	X: 547.800 Y: 4.711.250
Castro do Pego	Cerdedo	O Pego (Sta. Mª de Folgoso)	Castro de Arén (1´3 km.) / Castro da Cerca (1´5 km.)	42º32´47´´N 8º21´35´´O.	X: 552.580 Y: 4.710.720
Castro de S. Cibrán	Cerdedo	Vilalén (Sta. Mariña de Tomonde)	Roda do Castro-Castro de Arriba (2´65 km.)/ Castro de Abaixo (2´85 km.)/ Castro de	42º34´25´´N 8º24´04´´O	X: 549.160 Y: 4.713.680

			Vilar (2´9 km.)		
Castro de Abaixo	Cerdedo	Os Castros (S. Tomé de Quireza)	Roda do Castro-Castro de Arriba (0´3 km.)/ Castrodiz (2´3 km.)	42º34´07´´N 8º26´05´´O	X: 546.320 Y: 4.713.160
Roda do Castro-Castro de Arriba	Cerdedo	Os Castros (S. Tomé de Quireza)	Castro de Abaixo (0´3 km.)/ Castrodiz (2´5 km.)	42º34´19´´N 8º26´02´´O	X: 546.450 Y: 4.713.430
Castro de Vilar/Coto do Castro/Os Castros	Cerdedo	Vilar (S. Martiño de Figueroa)	Castrodiz (1´7 km.) Castro de Arén (2´6 km.)	42º32´50´´N 8º23´51´´O	X: 549.460 Y: 4.710.800
Castro de Arén	Cerdedo	Arén (S. Xoán de Cerdedo)	Castro do Pego (1´3 km.) Castro de Vilar (2´6 km.) Castro da Cerca (2´7 km.)	42º32´15´´N 8º22º12´´O	X: 551.740 Y: 4.709.700
Castro da Cerca	Cerdedo	Vilariño (S. Pedro de Parada)	Castro da Mota (1´1 km.)/Castro de Arén (2´7 km.)	42º33´28´´N 8º21´05´´O	X: 553.250 Y: 4.712.000
Coto de Penalba	Campo Lameiro	S. Antoniño-Alagoa (S. Miguel de Campo Lameiro)	Castro da Devesiña-Cascaneda (0´625km.) Castelo-Castro de Cosoirado (1´125 km.) A Cerca-Praderrei (2´2 km.)	42º32´39´´N 8º33´04´´O	X: 536.863 Y: 4.710.370
Monte do Castro/A Cerca	Campo Lameiro	Praderrei (S. Miguel de Campo Lameiro)	A Cividá-Fentáns (0´65 km.) Os Castros-A Betarra (1 km.) Coto de Penalba (2´2 km.)	42º31´57´´N 8º31´44´´O	X: 538.675 Y: 4.709.115
Castro de San Isidro/Monte do Castro	Campo Lameiro	S. Isidro (S. Isidro de Montes)	Coto da Roda-Dorna (0´8 km.)/ Coto da Cerca (San Xurxo de Sacos) (3´25 km.)	42º31´33´´N 8º28´16´´O	X: 543.480 Y: 4.708.320
Monte do Castro	Campo Lameiro	Redonde (Sta. Mariña de Fragas)	Coto do Castro-Viascón (1´15 km.) Coto das Rodelas-Parada (1´2 km.) Monte do Castro-Cerdeiras (2´5 km.)	42º29´40´´N 8º33´10´´O	X: 536.825 Y: 4.704.900
Os Castros	Campo Lameiro	A Betarra (S. Miguel de Campo Lameiro)	A Cerca-Praderrei (1 km.) Monte do Castro-Cerdeiras (2 km.)	42º31´40´´N 8º32´22´´O	X: 537.850 Y: 4.708.550
Monte do Castro	Campo Lameiro	Cerdeiras (Sta. Mariña de Fragas)	Os Castros-A Betarra (2 km.) Monte do Castro-Redonde (2´5 km.) Castro da Devesiña –Cascaneda (2´5 km.)	42º31´00´´N 8º33´30´´O	X: 536.300 Y: 4.707.400
Castro da Devesiña	Campo Lameiro	Cascaneda (S. Miguel de	Coto de Penalba (0´625 km.)	42º32´18´´N 8º33´02´´O	X: 536.925 Y: 4.709.750

		Campo Lameiro)	Os Castros-A Betarra (1´5 km.) A Cerca-Praderrei (1´875 km.) Monte do Castro-Cerdeiras (2´5 km.)		
Castro de Orto/Coto do Castro/Pico do Castro	Campo Lameiro	Castro de Orto (S. Cristovo de Couso)	Castro de Couso-Castriño (3´4 km.)/ Coto de Penalba (4´7 km.)	42º34´49´´N 8º31´10´´O	X: 539.450 Y: 4.714.400
Castro de Couso/Castriño	Campo Lameiro	Castriño (S. Cristovo de Couso)	O Castelo-Castro de Cosoirado (1´8 km,) Coto de Penalba (2´15 km.) Castro de Orto-Coto do Castro (3´4 km.)	42º33´48´´N 8º33´13´´O	X: 536.575 Y: 4.712.550
Monte do Castro/Cruz do Castro	Cotobade	Igrexa (S. Miguel de Carballedo)	Coto de Paraños (1´95 km.)/ Coto da Cerca (San Xurxo de Sacos) (3´6 km.)	42º28´56´´N 8º28´29´´O	X: 543.174 Y: 4.703.564
Coto de Paraños	Cotobade	Paraños (S. Miguel de Carballedo)	Monte do Castro-Carballedo (1´95 km.)/ Coto da Cerca (S. Xurxo de Sacos) (2´5 km.)	42º29´08´´N 8º29´52´´O	X: 541.265 Y: 4.703.890
A Cividá	Cotobade	A Cividá-Barbeitos (San Xurxo de Sacos)	Coto da Cerca (0´4 km.)/ Monte do Castro (San Xurxo de Sacos) (1´4 km.)	42º30´30´´N 8º30´26´´O	X: 540.472 Y: 4.706.407
Coto da Cerca	Cotobade	O Sobreiro (San Xurxo de Sacos)	A Cividá-San Xurxo de Sacos (0´4 km.)/ Monte do Castro (San Xurxo de Sacos) (1´8 km.)	42º30´19´´N 8º30´13´´O	X: 540.779 Y: 4.706.107
Monte do Castro	Cotobade	Monte do Castro (San Xurxo de Sacos)	A Cividá- San Xurxo de Sacos (1´45 km.) A Cividá-Fentáns (1´75 km.)	42º30´58´´N 8º31´18´´O	X: 539.300 Y: 4.707.280
Coto do Castro	Cotobade	O Castro (Santiago de Viascón)	Monte do Castro-Redonde (1´15 km.) Coto das Rodelas-Parada (2´1 km.) Monte do Castro-Tenorio (2´9 km.)	42º29´32´´N 8º32´20´´O	X: 537.890 Y: 4.704.640
Monte do Castro	Cotobade	O Castro (San Pedro de Tenorio)	Coto das Rodelas-Parada (2´65 km.) Coto do Castro-Viascón (2´9 km.)	42º28´00´´N 8º32´48´´O	X: 537.255 Y: 4.701.801
Coto das Rodelas	Cotobade	Parada (San Pedro de Tenorio)	Monte do Castro-Redonde (1´2 km.) Coto do Castro-Viascón (2´1 km.) Monte do Castro-Tenorio (2´65 km.)	42º29´15´´N 8º33´55´´O	X: 535.866 Y: 4.704.065

Coto do Castro	Cotobade	Famelga (Sta. Mª de Aguasantas)	Coto do Castro-Aguasantas (4´25 km.)/ Monte do Castro-Cruz do Castro (3´9 km.)	42º26´48´´N 8º28´30´´O	X: 543.175 Y: 4.699.600
Coto do Castro	Cotobade	Igrexario (Sta. Mª de Aguasantas)	Castro Bo-Aguasantas (0´7 km.)/ Monte do Castro (A Lama) (2´3 km.)	42º25´14´´N 8º26´58´´O	X: 545.278 Y: 4.696.719
Castro Bo	Cotobade	Sucastro (Sta. Mª de Aguasantas)	Coto do Castro-Aguasantas (0´7km.) Monte do Castro-A Lama (1´65 km.)	42º24´53´´N 8º27´05´´O	X: 545.175 Y: 4.696.050
A Cividá	Cotobade	Fentáns (San Xurxo de Sacos)	A Cerca-Praderrei (0´65 km.) Monte do Castro-San Xurxo de Sacos (1´75 km.)	42º31´55´´N 8º31´13´´O	X: 539.400 Y: 4.709.000
Coto da Roda	Cotobade	Dorna (Sta. Mª de Sacos)	Castro de San Isidro-Monte do Castro (0´8 km.)/ Coto da Cerca (San Xurxo de Sacos) (2´5 km.)	42º31´15´´N 8º28´43´´O	X: 542.830 Y: 4.707.840
Monte do Castro	Pontevedra	Monte do Castro (Sta. Mª de Pontesampaio)	Coto Loureiro-Castro de Farexa (2´3 km.) Monte da Croa-Castro de Acuña (2´9 km.)	42º21´31´´N 8º36´37´´O	X: 532.090 Y: 4.689.750
Monte de S. Cibrán/Monte do Castro/Castro de Lusquiños	Pontevedra	Lusquiños (S. Pedro de Tomeza)	Monte dos Penedos (1´8 km.)/Monte das Croas (2´5 km.)	42º24´46´´N 8º37´32´´O	X: 530.850 Y: 4.695.750
Monte dos Penedos/Castro de Salcedo	Pontevedra	Igrexa (S. Martiño de Salcedo)	Castro de San Cibrán (1´8 km.) Monte das Croas (1´85 km.)	42º24´50´´N 8º38´40´´O	X: 529.300 Y: 4.695.950
Monte das Croas/Castro de Birrete	Pontevedra	Birrete (S. Martiño de Salcedo)	Monte dos Penedos (1´85 km.) Castro de San Cibrán (2´5 km.)	42º23´55´´N 8º38´56´´O	X: 528.875 Y: 4.694.125
Castro de A Raxeira/Monte do Castro/Castro Senín	Pontevedra	A Raxeira (Sta. Mª de Mourente)	Castro de O Valo (2´15 km.) Castro de San Cibrán (2´75 km.)	42º25´53´´N 8º36´13´´O	X: 532.600 Y: 4.697.875
Castro de O Valo/Castro do Lugar	Pontevedra	Quinteiro/ O Valo (Sta. Mariña de Bora)	Monte da Torre-Monte do Castro (1´8 km.) Castro de A Raxeira (2´15 km.)	42º26´35´´N 8º34´55´´O	X: 534.360 Y: 4.699.140
Castro de Xeve/Monte do Castro/Castro de Maúnzo	Pontevedra	Maúnzo (Sta. Mª de Xeve)	Monte da Torre-Monte do Castro (1´95 km.) Castro de Gabián-Verducido (3´4 km.)	42º28´34´´N 8º35´15´´O	X: 533.925 Y: 4.702.825
Castro de Gabián/Monte do Castro	Pontevedra	Gabián (S. Martiño de	Castro de Maúnzo (3´4 km.)	42º29´43´´N 8º37´09´´O	X: 531.300 Y: 4.704.950

		Verducido)	Monte Castelo-Lérez (3´7 km.)		
Casteliño/Monte Castelo	Pontevedra	O Castelo (S. Salvador de Lérez)	Castro de Gabián-Verducido (3´7 km.) Monte da Torre-Monte do Castro (3´7 km.) Castro de Maúnzo (3´95 km.)	42º27´47´´N 8º37´55´´O	X: 530.200 Y: 4.701.415
Monte da Torre/Monte do Castro	Pontevedra	A Torre (Sto. André de Xeve)	Castro de O Valo (1´8 km.) Castro de Maúnzo (1´95 km.)	42º27´31´´N 8º35´14´´O	X: 533.950 Y: 4.700.900
Castro de Magros	Beariz	Magros (Sta. Mª de Beariz)	Alto da Roda do Castro (2´5 km.)/ Castro das Mouteiras (9´5 km.)	42º27´34´´N 8º14´36´´O	X: 562.200 Y: 4.701.201
Alto da Roda (do Castro)	Beariz	Garfián (Sta. Mª de Beariz)	Castro de Magros (2´5 km.)/ Castro das Mouteiras (8 km.)	42º27´44´´N 8º16´24´´O	X: 559.680 Y: 4.701.375
Castro da Lama/Monte do Castro	A Lama	A Lama	Castro Bo-Aguasantas (1´65 km.)/ Coto do Castro-Aguasantas (2´3 km.)	42º24´02´´N 8º26´37´´O	X: 545.800 Y: 4.694.480
Castro de Gaxate/Monte do Castro	A Lama	O Castro (San Pedro de Gaxate)	Pena Redonda-Chan das Pipas (1´3 km.) / Casteliño-Castelo-Monte do Castro (Barbudo) (4´8 km.)	42º22´18´´N 8º25´40´´O	X: 547.070 Y: 4.691.300
Chan das Pipas/Pena Redonda	Pontecaldelas	A Pousa (Sta. Mª de Caritel)	Castro de Gaxate (1´3 km.) / Monte do Castro (A Lama) (2´6 km.)	42º22´40´´N 8º26´30´´O	X: 545.900 Y: 4.691.950
Casteliño/Castelo/Monte do Castro	Pontecaldelas	Barbudo (Sta. Mª de Barbudo)	A Cidade-Oitavén (3´5 km.) / Pena Redonda-Chan das Pipas (3´9 km.)	42º21´47´´N 8º29´06´´O	X: 542.400 Y: 4.690.270
Castelo Grande/Castelo	Pontecaldelas	Castelo (Sta. Olaia de Pontecaldelas)	Eira dos Mouros-Tourón (2´4 km.) Coto da Cidade-Tourón (2´75 km.)	42º24´08´´N 8º30´05´´O	X: 541.040 Y: 4.694.620
Coto da Cidade/Castro de Fragas	Pontecaldelas	Fragas (Sta. Mª de Tourón)	Monte do Castro-Parada (0´4 km.) Eira dos Mouros-Tourón (2´35 km.) Castelo Grande.-Castelo (2´75 km.)	42º23´28´´N 8º31´56´´O	X: 538.550 Y: 4.693.375
Eira dos Mouros	Pontecaldelas	Tourón (Sta. Mª de Tourón)	Coto da Cidade-Tourón (2´35 km.) Castelo Grande-Castelo (2´4 km.)	42º24´42´´N 8º31´40´´O	X: 538.950 Y: 4.695.700
Monte do Castro	Pontecaldelas	Parada (Sta. Olaia de Pontecaldelas)	Coto da Cidade-Tourón (0´4 km.)/ Eira dos Mouros	42º23´13´´N 8º31´56´´O	X: 538.400 Y: 4.692.900

			(2´8 km.)		
Monte do Castro	Fornelos de Montes	Airoa (S. Xurxo de Laxe)	Castro de Gaxate (5 km.) / Casteliño-Castelo-Monte do Castro (Barbudo)(9´2 km.)	42º21´03´´N 8º22´30´´O	X: 551.500 Y: 4.689.000
A Cidade	Fornelos de Montes	Oitavén (S. Vicente de Oitavén)	Casteliño-Castelo-Monte do Castro-Barbudo (3´5 km.)/ Monte do Castro-As Muras (4´1 km.)	42º19´44´´N 8º29´09´´O	X: 542.320 Y: 4.686.540
Castro do Coto do Cristo	Pazos de Borbén	Pazos (Sta. Mª de Pazos)	Castro de Amoedo (0´35 km.) / Monte do Castro-As Muras (1´7 km.)	42º17´44´´N 8º32´01´´O	X: 538.440 Y: 4.682.680
Castro de Amoedo	Pazos de Borbén	Amoedo (S. Sadurniño de Amoedo)	Castro do Coto do Cristo (0´35 km.) / Monte do Castro-As Muras (1´9 km.)	42º17´48´´N 8º32´15´´O	X: 538.120 Y: 4.682.880
Monte do Castro	Pazos de Borbén	As Muras (Sta. Mª de Pazos)	Castro do Coto do Cristo (1´7 km.) / Monte do Castro-Amoedo (1´9 km.)	42º17´58´´N 8º30´50´´O	X: 540.050 Y: 4.683.230
O Circo	Pazos de Borbén	Sequeiros (Santiago de Borbén)	O Circo-Mosteiro (1´4 km.) / Castro do Coto do Cristo (3´7 km.)	42º15´40´´N 8º31´55´´O	X: 538.600 Y: 4.679.000
O Circo	Pazos de Borbén	Mosteiro (Santiago de Borbén)	O Circo-Sequeiros (1´4 km.) / Castro do Coto do Cristo (3´2 km.)	42º16´06´´N 8º31´00´´O	X: 539.850 Y: 4.679.740
O Castelo do Galo	Pazos de Borbén	O Galleiro (S. Martiño de Nespereira)	O Circo-Sequeiros (3´1 km.) / O Circo-Mosteiro (4´5 km.)	42º14´58´´N 8º33´57´´O	X: 535.800 Y: 4.677.630
O Castrillón-Coto da Moura	Soutomaior	Cortellas (S. Salvador de Soutomaior)	A Peneda do Viso (3´3 km.) / A Cidade (Oitavén) (5´7 km.)	42º19´53´´N 8º32´56´´O	X: 537.160 Y: 4.686.760
A Peneda do Viso	Soutomaior	Alxán (Santiago de Arcade)	O Castrillón-Coto da Moura (3´3 km.) Monte do Castro-Pontesampaio (3´8 km.)	42º19´42´´N 8º35´19´´O	X: 533.890 Y: 4.686.410
Coto Loureiro/Castro de Farexa	Vilaboa	Farexa (Sto. André de Figueirido)	Monte do Castro-Pontesampaio (2´3 km.) / Monte das Croas (3´3 km.)	42º22´38´´N 8º37´13´´O	X: 531.280 Y: 4.691.875
Monte da Croa/Castro de Acuña	Vilaboa	Peizal-Cedreiros/Acuña (S. Martiño de Vilaboa)	Castro de Cobres-O Coto (2´4 km.) Monte do Castro-Pontesampaio (2´9 km.)	42º20´46´´N 8º38´27´´O	X: 529.600 Y: 4.688.275
Castro de Cobres/O Coto	Vilaboa	Riomaior (San Adrián de Cobres)	Monte da Croa-Castro de Acuña (2´4 km.)/ Monte do Castro-Pontesampaio (5´2 km.)	42º19´35´´N 8º39´22´´O	X: 528.300 Y: 4.686.200

5 - CADROS DE SUPERFICIES DOS CASTROS.

TIPO	< 1 Ha.	1-2 Has.	> 2 Has.	Total
A	7	6	2	15
B	7	5	1	13
C	6	9	4	19
D	5	2	1	8
E	6	-	-	6
Total	31 (50.82%)	22 (36´06%)	8 (13´12%)	61*

* En cinco deles non se podería facer un cálculo aproximado da súa área pola desfeita sufrida (un do tipo B e catro do tipo C). Ademais, os seis castros considerados como dubidosos estarían no mesmo caso que os cinco anteriores, ao estar arrasados os seus emprazamentos.

TIPO	< 1 Ha.	1-2 Has.	> 2 Has.	Total
A	7 (1-6-31-39-42-51-62)	6 (12-17-20-40-44-61)	2 (49-57)	15
B	7 (2-5-9-15-24-33-68)	5 (23-30-46-63-65)	1 (66)	13
C	6 (25-27-28-32-43-52)	9 (8-10-18-35-48-50-55-70-71)	4 (29-56-67-69)	19
D	5 (11-16-34-37-45)	2 (21-53)	1 (3)	8
E	6 (7-13-14-19-54-72)	-	-	6
Total	31 (50´82%)	22 (36´06%)	8 (13´12%)	61

6 - INTERVISIBILIDADE – DISTANCIAS COS CASTROS MÁIS VISIBLES.

LÉREZ

NOME (Nº)	Castros visibles (nº) e distancia (km.)	Total
Coto da Cerca (30)	10: 8´5 / 18: 5´7 / 19: 3´5 / 20: 3´4 / 22: 3´7/ 23: 4´7 / 24: 5´1 / 29: 0´4 / 31: 1´8 / 38: 3´1	10
Coto de Penalba (18)	29: 5´3 / 30: 5´7 / 31: 4 / 32: 5´6 / 38: 5´7 / 19: 2´2 / 22: 2 / 24: 0´625 / O Castelo-Cosoirado: 1´125	9
Monte do Castro-Mourente (44)	41: 2´75 / 42: 3´8 / 43: 5´3 / 45: 2´15 / 46: 5´1 / 47: 7´2 / 48: 4´3 / 49: 3´3 / 70: 6´2	9
A Cividá (29)	18: 5´3 / 19: 3´2 / 22: 3´4 / 23: 4´3 / 24: 4´8 30: 0´4 / 31: 1´4 / 38: 2´8	8
A Cerca (19)	18: 2´2 / 22: 1 / 23: 3 / 24: 1´9 / 29: 3´2 / 30: 3´5 / 31: 2 / 38: 0´65	8
Monte de Castro (San Xurxo de Sacos) (31)	18: 4 / 19: 1´9 / 20: 4´3 / 24: 3´4/ 29: 1´4/ 30: 1´8 / 38: 1´75	7

VERDUGO-OITAVÉN

NOME (Nº)	Castros visibles (nº) e distancia (km.)	Total
A Peneda do Viso (69)	36: 15 / 40: 3´8 / 54: 13´6 / 55: 9´5 / 56: 11 58: 10´6 / 68: 3´3 / 70: 6´1 / 71: 4´7 / 72: 5´6 / Coto de Negros: 7´5 / Non se inclúen as de A Guía, Alcabre e Toralla por estar moi afastados da área de estudo.	14
Castelo Grande-Castelo (Pontecaldelas) (56)	52: 4´7 / 57: 2´75 / 58: 2´4 / 68: 9´2 / 69: 11	5
Coto do Castro (Aguasantas)	35: 4´25 / 37: 0´7 / 52: 2´3 / 69: 15	4
Casteliño-Castelo-Monte do Castro (Barbudo) (55)*	61: 3´5 / 69: 9´5	2

* Malia outearse dende este castro só outros dous, engadímolo ó cadro por dominar boa parte do val do Oitavén e controlar visualmente un amplo espazo ata a desembocadura do Verdugo.

7 - ÁREAS DE VISIÓN e PERFÍS TOPOGRÁFICOS





GOTO DE LOUREIRO (Nº1) (A).


750
700
600
500
400
300
RÍO QUIREZA
B (O.-E.) CASTRO DE SAN CIBRÁN (Nº 12) (A).
B'







CASTRO DE SAN CIBRÁN (VILALÉN) (N.º 12) (A)



Monte do Castro (S. Xurxo de Sacos) (Nº31) (A).



Monte do Castro (S. Xurxo de Sacos) (Nº31) (A).



CASTRO DE GARELLAS - CASTRO DE RODEIRAS (Nº5) (B).



CASTRO DE GARELLAS-CASTRO DE RODEIRAS (Nº5) (B).


500
400
300
200
100
0
RIO LÉREZ
D (NO.-SE.)
D'
MONTE DO CASTRO (CERDEIRAS) (Nº 23) (B)



Monte do Castro (Cerdeiras) (Nº23) (B).



MONTE DO CASTRO (MAÚNZO) (Nº46) (B)







MONTE DO CASTRO (MAÚNZO) (Nº 46) (B)


MONTE DA ARCELA
600
500
400
300
200
100
RÍO LÉREZ
2 A (N.-S.)
1
0
1
A' 2
COTO DA CERCA (Nº 30) (B)



Coto da Cerca (S. Xurxo de Sacos) (Nº30) (B).





COTO DE PENALBA (Nº18) (C)







COTO DE PENALBA (Nº 18) (C)



Monte do Castro (Cruz do Castro) (Nº27) (C).







MONTE DO CASTRO - CRUZ DO CASTRO (Nº27) (C)



Coto de Paraños (nº 28) (C)



COTO DE PARAÑOS (Nº28) (C)


600
500
400
300
200
100
LIXÓ
RÍO LÉREZ
N-541
REGO DA VEIGA GRANDE
CUSPEDRIÑOS
A
(N-S)
A'
A CIVIDÁ (Nº29) (C)







A CIVIDÁ (Nº 29) (C)



COTO DO CASTRO (VIASCÓN) (Nº32) (C)







COTO DO CASTRO (VIASCÓN) (Nº32) (C)


700
600
500
450
A (O.-E.)
RÍO CARBALLAS
RÍO DO CASTRO
A'
CASTRO DE MONTES (Nº3) (D)







CASTRO DE MONTES (Nº3) (D)



MONTE DO CASTRO (REDONDE) (Nº21) (D).



MONTE DO CASTRO (REDONDE) (Nº 21) (D)


600
500
400
300
REGUEIRO DOS PENICES
REGO DE PORTAQUINTAS
QUIREZA
REGUEIRO DE ALBINOS
RIO QUIREZA
REGUEIRO DO TAXIL
B (O.-E.)
0
B'
RODA DO CASTRO-CASTRO DE ARRIBA (Nº14) (E)







RODA DO CASTRO-CASTRO DE ARRIBA (Nº14)(E).



MONTE DO CASTRO (PONTESAMPAIO) (Nº40) (A)



MONTE DO CASTRO (PONTESAMPAIO) (Nº10) (A)





A CIDADE (N57) (A).







A CIDADE (Nº57) (A)



MONTE DO CASTRO (AMOEDO) (Nº63) (B)





MONTE DO CASTRO (AMOEDO) (Nº63) (B)



Coto do Castro (Aguasantas) (Nº36) (C)



Coto do Castro (Aguasantas) (Nº36) (C)



MONTE DO CASTRO (A LAMA) (Nº52) (C)







MONTE DO CASTRO (A LAMA) (Nº52) (C).



CASTELO GRANDE-CASTELO (PONTECALDELAS) (Nº56) (C)







CASTELO GRANDE - CASTELO (PONTECALDELAS) (Nº56) (C)


500
400
300
200
100
0
2 D (NO.-SE.)
1
0
1
D' 2
0
A PENEDA DO VISO (Nº69) (C).







A PENEDA DO VISO (Nº89) (C)


500
400
300
200
100
0
2 C (NO.-SE.)
1
0
1
C' 2
0
RÍA DE VIGO
MONTE DA CROA - CASTRO DE ACUÑA (Nº71) (C)







MONTE DA CROA-CASTRO DE ACUÑA (Nº71) (C).



MONTE DO CASTRO (GAXATE) (Nº53) (D).







MONTE DO CASTRO (GAXATE) (Nº53) (D)



PENA REDONDA – CHAN DAS PIPAS (Nº54)(E)



PENA REDONDA - CHAN DAS PIPAS (Nº 54) (E).

BIBLIOGRAFÍA.

- ABOAL FERNÁNDEZ, R; CASTRO HIERRO, V. (coord.) (2006): *O Castro de Montealegre (Moaña, Pontevedra).* Serie Keltia. Ed. Toxosoutos. Noia.

- ACUÑA CASTROVIEJO, F. (1976): "Excavaciones en el castro de O Neixón. Campaña de 1973." *Noticiario Arqueológico Hispánico-Prehistoria,5.* Madrid. Páxs. 325-330.

- ACUÑA CASTROVIEJO, F. (1977): "Panorama de la cultura castreña en el NO. de la Península Ibérica". *BRACARA AUGUSTA. Revista Cultural da Cámara Municipal de Braga*. Volume XXXI. Páxs. 235-253.

- ACUÑA CASTROVIEJO, F. (1996a): "Urbanismo castrexo no Noroeste peninsular." *IV Semana Galega de Historia: O rural e o urbano na historia de Galicia.* AGH. Santiago de Compostela. Páxs. 239-248.

- ACUÑA CASTROVIEJO, F. (1996b): "Historiografía e investigación da Cultura Castrexa en Galicia". En Hidalgo Cuñarro, J.M. (coord.) *A Cultura Castrexa galega a debate*. Instituto de Estudios Tudenses. Tui. Páxs. 27-39.

- ACUÑA CASTROVIEJO, F. (1996c): "Os sistemas de fortificacións nos castros de O Courel (Lugo)". *HUMANITAS. Estudios en homenaxe ó Profesor Dr. Carlos Alonso del Real.* Facultade de Xeografía e Historia. Universidade de Santiago de Compostela. Páxs. 319-324.

- ACUÑA CASTROVIEJO, F. (1996d): "Urbanismo castrexo en el Noroeste peninsular". En FERNÁNDEZ OCHOA, C. (coord.) *Los finisterres atlánticos en la antigüedad. Época prerromana y romana.* Ayto. de Gijón. Ed. Electa. Madrid. Páxs. 45-47.

- ACUÑA CASTROVIEJO. F. (2002): *Arredor da Arqueoloxía*. Discurso inaugural lido na solemne apertura do curso académico 2002-2003. Universidade de Santiago de Compostela.

- ACUÑA CASTROVIEJO, F.; RODRÍGUEZ GARCÍA, P.(1996-1997): "Notas sobre o castro de San Xiao (Toques). Terra de Melide.Galiza".*PORTVGALIA*.Nova

Serie. Vol. XVII-XVIII. Instituto de Arqueologia. Faculdade de Letras da Universidade do Porto. Páxs. 101-117.

- AGRAFOXO PÉREZ, X. (1989): *O poboamento castrexo na rexión occidental da provincia da Coruña*. Santiago de Compostela.

- AGRAFOXO PÉREZ, X. (1991): *A cultura castrexa nos concellos de Outes, Muros e Carnota.*Cadernos: Cruceiro do Rego-Nº 5. Ed. Sementeira. Noia.

- AIRA RODRÍGUEZ, Mª J.; VÁZQUEZ VARELA, J.M. (1985): "Nuevos datos palinológicos sobre la agricultura prehistórica en Galicia" *Trabalhos de Antropologia e Etnologia, Vol. XXV (Fasc. 2-4).* Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia. Porto. Páxs. 241-252.

- AIRA RODRÍGUEZ, Mª J.; SAA OTERO, P; TABOADA CASTRO, T. (1989): *Estudios paleobotánicos y edafológicos en yacimientos arqueológicos de Galicia.* Arqueoloxía/Investigación Nº4. Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental. Consellería de Cultura e Deportes. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.

- AIRA RODRÍGUEZ, Mª.J.; RAMIL REGO, P.; ÁLVAREZ NÚÑEZ, A. (1990): "Estudio paleocarpológico realizado en el castro de Penalba (Campo Lameiro-Pontevedra)". *Botánica Complutensis Nº16*. Madrid. Páxs. 81-89.

- ALARÇAO, J. de (1992): "A evoluçao da cultura castreja". *CONIMBRIGA XXXI*. Universidade de Coimbra. Páxs. 39-71.

- ALARÇAO. J. de (1995-96): "As civitates do Norte de Portugal". *Cadernos de Arqueología*, Serie II-Nº12-13. Unidade de Arqueología da Universidade do Minho. Páxs. 25-30.

- ALCALDE LORENZO, J.A.; DOCAMPO BARRUECO, F.; REY MUÑIZ, X.L.; REY RAÑO, C.; RODRÍGUEZ POMARESA, A.(1996): *Espazos Naturais de Galicia. 2. Provincia de Pontevedra*. Edicións Bahía. A Coruña.

- ALMAGRO GORBEA, M. (1996): "Los castros de la Meseta". *Gallaecia Nº14-15*. Departamento de Historia I. Universidade de Santiago de Compostela. Páxs. 261-308.

- ALMEIDA, C.A.B. (1990): *Proto-história e romanizaçao da bacia inferior do Lima*. Centro de Estudos Regionais. Nº 7-8. Viana do Castelo.

- ALMEIDA, C.A.B. (2003): *Povoamento romano litoral minhoto entre o Cávado e o Minho.* Porto.

- ALMEIDA, C.A.B.; FERNANDES, F.R.C. (2001): *Carta arqueológica do Concelho de Aveiro.* Cámara Municipal de Aveiro.

- ALMEIDA, C.A.F. de (1973-74): "Influencias meridionais na cultura castreja". *Revista da Facultade de Letras, 4-5*. Porto. Páxs. 197-207.

- ALMEIDA, C.A.F. de (1983): "Cultura castreja: evoluçao e problemática". *ARQUEOLOGIA Nº8*. Porto. Páxs. 70-74.

- ALMEIDA, C.A.F. de (1984) : "A casa castreja". *Memorias de Historia Antigua, VI*. Oviedo. Páxs. 35-42.

- ALMEIDA, C.A.F. de; ACUÑA CASTROVIEJO, F.(1996-1997): "A cultura castreja-Ontem e hoje". *PORTVGALIA*. Nova Serie. Vol. XVII-XVIII.Instituto de Arqueología. Faculdade de Letras da Universidade do Porto. Páxs. 97-99.

- ALONSO HERNÁNDEZ, P. (1995): "El territorio de explotación económica de una comunidad de la Edad del Hierro: Las Cogotas". *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología (Vigo-1993).* Páxs. 431-436.

- ALONSO TRONCOSO, V. (Ed.) (1997): *Ferrolterra Galaico-Romana*. Excmo. Concello de Ferrol-Facultade de Humanidades (Universidade da Coruña). Ferrol.

- ÁLVAREZ NÚÑEZ, A.(1984): *Campo Lameiro: donde la historia de las raíces de Galicia se escribió en piedra*. Guía de los itinerarios a los complejos inscultóricos rupestres. Concello de Campo Lameiro.

- ÁLVAREZ NÚÑEZ, A. (1986): *Castro de Penalba. Campaña 1983.* Col. Arqueoloxía/Memorias, nº 4. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.

- ÁLVAREZ NÚÑEZ, A. (1987): "Castro de Penalba (Campo Lameiro) y Castro dos Mouros (Moraña). Campaña de excavaciones 1987". *El Museo de Pontevedra*, XLI. Pontevedra. Páxs. 97-111.

- ÁLVAREZ NÚÑEZ, A. (1989): "Castro de Penalba e prospección no Castro dos Mouros (Campo Lameiro)". *Arqueoloxía/Informes 1*. Campaña 1987. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. Páxs. 36-40.

- ÁLVAREZ NÚÑEZ, A. (1991): "Castro de Penalba (Campo Lameiro)". *Arqueoloxía/Informes 2*. Campaña 1988. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. Páxs. 37-42.

- APARICIO CASADO, B. (1988): “Megalitización y castrización en la margen derecha de la Ría de Pontevedra”. *PONTEVEDRA. Revista de Estudios Provinciais.* Nº 4. Excma. Deputación Provincial de Pontevedra. Páxs. 11-25.
- APARICIO CASADO, B. (1999): *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos.* Mitología popular gallega. Cadernos do Seminario de Sargadelos. Nº 80. Ed. do Castro. Sada
- APARICIO CASADO, B. (2004): “El castro de Pena Redonda”. *Faro de Vigo*. 14-febreiro-2004.
- ARIAS VILAS, F. (1984): “La cultura castrexa en Galicia”. *Memorias de Historia Antigua VI.* Universidad de Oviedo. Páxs. 15-33.
- ARIAS VILAS, F. (1986): “Aspectos de la economía rural en el *conventos lucensis*”. *Memorias de Historia Antigua VII*. Universidad de Oviedo. Páxs. 43-49.
- ARIAS VILAS, F. (1991): “A conquista e integración do Noroeste no Imperio Romano”. *Galicia no Tempo*. Consellería de Cultura e Xuventude. Xunta de Galicia. Páxs. 93-99.
- ARIAS VILAS, F. (1992): *A Romanización de Galicia.* Colección de Historia de Galicia, Nº 4.Ed. A Nosa Terra. Vigo.
- ARIAS VILAS, F. (1996): “Poblamiento rural: la fase tardía de la cultura castreña”. En FERNÁNDEZ OCHOA, C. (coord.) *Los finisterres atlánticos en la Antigüedad. Época prerromana y romana.* Ayto. de Gijón. Ed. Electa. Páxs. 181-188.
- ARIAS VILAS, F. (2002): “Las fases de la Cultura castreña en Galicia: un debate abierto”. En BLAS, M.A. de e VILLA VALDÉS, A. (eds.): *Formación y desarrollo de la cultura castreña. Coloquios de Arqueología en la cuenca del Navia.* Navia. Páxs. 127-137.
- AYÁN VILA, J.M. (2001): *Arqueotectura 2: La vivienda castreña. Propuesta de reconstrucción en el castro de Elviña.* TAPA 23. Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais. Universidade de Santiago de Compostela.
- AYÁN VILA, X. (Coord.) (2002): *Pasado e futuro de Castrolandín (Cuntis): unha proposta de recuperación e revalorización*. TAPA Nº 29. Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento. Santiago de Compostela.
AYÁN VILA, X (2005a) (Coord.): *Os castros de Neixón (Boiro-A Coruña).* Ed. Toxosoutos. Noia.
- AYÁN VILA, X. (2005b): “Arquitectura doméstica y construcción del espacio social en la Edad del Hierro del NW.” En Blanco, A.; Cancelo, C. e Esparza,

A.(Eds.): *Bronce Final y Edad del Hierro en la Península Ibérica*. Encuentro de Jóvenes Historiadores. Ed. Universidad de Salamanca. Páxs. 34-55.

- AYÁN VILA, X.M.; RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, R. Mª.; GONZÁLEZ RUIBAL, A. et alii (2007): "Un espacio monumental de la 2ª Edad del Hierro: el acceso SE. al recinto superior de O Castro Grande de Neixón (Boiro, A Coruña)". En Fanjul Peraza, A. (coord.) *Estudios varios de arqueología castreña. A propósito de las excavaciones en los castros de Teverga (Asturias).* I.E.P.A. (Instituto de Estudios Prerromanos y de la Antigüedad). Ayuntamiento de Teverga. Páxs.189-210.

- BALBOA SALGADO, A. (1996): *Gallaecia nas fontes clásicas*. Biblioteca de Divulgación – Serie Galicia Nº20. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico. Universidade de Santiago de Compostela.

- BALIL. A. (1977): "Comunicaciones ópticas del mundo antiguo". *Actas del XIV Congreso Nacional de Arqueología – (Vitoria -1975).* Zaragoza. Páxs. 833-842.

- BARCIELA GARRIDO, P.; REY SEARA, E. (2000): *Xacementos arqueolóxicos de Galicia*. Ed. Xerais. Vigo.

- BERMEJO BARRERA, J.C. (1978): *La sociedad en la Galicia castreña*. Santiago de Compostela.

- BERMEJO BARRERA, J.C. (1993): "Sobre las dimensiones significativas del espacio" en *Concepcións espaciais e estratexias territoriais na historia de Galicia.* AGH. Santiago de Compostela. Páxs. 5-22.

- BERROCAL RANGEL, L.; MORET, P. (eds.) (2007): *Paisajes fortificados de la Edad del Hierro. Las murallas protohistóricas de la Meseta y la vertiente atlántica en su contexto europeo.* Real Academia de la Historia. Casa de Velázquez. Madrid.

- BLANCO FREIJEIRO, A. (1960): "La cultura castreña". *Primer Symposium de Prehistoria de la Península Ibérica (IX-1959).* Universidad de Barcelona-Instituto de Arqueología. Diputación Foral de Navarra-Institución "Príncipe de Viana". Pamplona. Páxs. 179-194.

- BLAS CORTINA, M.A. de; VILLA VALDÉS, A (Eds.) (2002): *Los poblados fortificados del Noroeste de la Península Ibérica: formación y desarrollo de la cultura castreña.* Coloquios de Arqueología en la cuenca del Navia. Homenaje al Prof. Dr. José Manuel González y Fernández-Vallés. Ayuntamiento de Navia. Navia.

- BOUHIER, A. (1979): *La Galice. Essai geographique d´analyse et d´interpretation d´un vieux complexe agraire.* La Roche-Sur-Yon (2 vols.).

- BOUZA BREY, F.(1940): “Insculturas cruciformes de Presqueiras”. *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Ourense.* Tomo XII. Nº 250. Páxs. 217-222.
- BOUZA BREY, F. (1940-41): “Castros de la comarca compostelana”. *Archivo Español de Arqueología, Nº 14.* Madrid. Páxs. 539-553.
- BOUZA BREY, F. (1944): “Castros de la comarca de La Estrada”. *Cuadernos de Estudios Gallegos, I.* Santiago de Compostela. Páxs. 7-38.
- BURILLO MOZOTA, F. (1979): “Modelos sobre la utilización del medio geográfico en época ibérica en el valle medio del Ebro”. *Memorias de Historia Antigua III.* Universidad de Oviedo. Páxs. 31-45.
- BURILLO MOZOTA, F. (1980): *El valle medio del Ebro en época ibérica. Contribución a su estudio en los ríos Huerva y Jiloca Medio*. Zaragoza.
- CAAMAÑO GESTO, J.M. (1979a): “Posible reutilización de caminos prerromanos en época romana”. *GALLAECIA 3/4*. Departamento de Prehistoria e Arqueoloxía. Facultade de Xeografía e Historia. Universidade de Santiago de Compostela. Páxs.281-285.
- CAAMAÑO GESTO, J.M. (1979b): “Aportaciones al estudio de las monedas de la “caetra” “. *BOLETÍN AURIENSE*, Tomo IX. Museo Arqueolóxico Provincial. Ourense. Páxs. 67-76.
- CAAMAÑO GESTO, J.M. (1979c): “Alteraciones de las vías romanas y su difícil distinción con los caminos posteriores”. *BRACARA AUGUSTA. Revista Cultural da Câmara Municipal de Braga.* Vol. XXXIII (Nº 75-76). Páxs. 359-365.
- CAAMAÑO GESTO, J.M. (1984): *As vías romanas*. Cadernos do Museo do Pobo Galego 3. Santiago de Compostela.
- CAAMAÑO GESTO, J.M.; CRIADO BOADO, F. (1992): *La Medorra de Fanegas (Sobrado dos Monxes, A Coruña). Memoria de la campaña de excavaciones de 1983*. *BRIGANTIUM 7*. Museo Arqueolóxico do Castelo de San Antón. A Coruña.
- CAAMAÑO SUÁREZ, M. (2006): *Galicia. As construcións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia.* Ed. Hércules. A Coruña.
- CALO LOURIDO, F. (1991): “Das orixes á romanización”. *Galicia no Tempo*. Consellería de Cultura e Xuventude. Xunta de Galicia. Páxs. 83-91.
- CALO LOURIDO, F (1993): *A cultura castrexa*. Colección Historia de Galicia. Nº 3. Ed. A Nosa Terra. Vigo.

- CALO LOURIDO, F; SIERRA RODRÍGUEZ, X.C. (1983): "As oríxenes do castrexo no Bronce Final". En Pereira Menaut, G. (ed.) *Estudos de Cultura Castrexa e de Historia Antiga de Galicia.* Universidade de Santiago de Compostela. Páxs. 19-85.
- CALO LOURIDO, F.; SOEIRO, T. (1986): *Castro de Baroña. Campañas 1980/84.* Col. Arqueoloxía/Memorias, nº 6. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- CAMINO MAYOR, J.C. (1995): *Los castros marítimos en Asturias*. Real Instituto de Estudios Asturianos. Oviedo.
- CAMINO MAYOR, J.C. (2002): "Algunos comentarios sobre las pautas territoriales y sociales de los castros del oriente de Asturias". En BLAS, M.A. de e VILLA VALDÉS, A. (eds.): *Los poblados fortificados del NO. de la Península Ibérica: formación y desarrollo de la Cultura castreña. Coloquios de Arqueología en la cuenca del Navia*. Navia. Páxs. 139-158.
- CAMINO MAYOR, J.C. (2003) : "Los castros de la ría de Villaviciosa: contribución a la interpretación de la Edad del Hierro en Asturias". TRABAJOS DE PREHISTORIA Nº60 (1). CSIC. Madrid. Páxs. 159-171.
- CARBALLEIRA, A.; DEVESA, C.; RETUERTO, R.; SANTILLÁN, E.; UCIEDA, F. (1983): *Bioclimatología de Galicia*. Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa. La Coruña.
- CARBALLO ARCEO, L.X. (1983): "A xustaposición de elementos defensivos nos castros como un factor de cronoloxía relativa." *BRIGANTIUM*, vol. 4. Boletín do Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña. Páxs. 205-208.
- CARBALLO ARCEO, L.X. (1986) : *Poboamento castrexo e romano na Terra de Trasdeza.* Arqueoloxía/Investigación 2. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- CARBALLO ARCEO, L.X. (1990) : "Los castros de la cuenca media del río Ulla y sus relaciones con el medio físico". *TRABAJOS DE PREHISTORIA.* Nº 47. Madrid. Páxs. 161-199.
- CARBALLO ARCEO, L.X. (1993): "Espacio e poboamento no mundo castrexo de Galiza" en *Concepcións espaciais e estratexias territoriais na historia de Galicia.* AGH. Santiago de Compostela. Páxs. 55-82.
- CARBALLO ARCEO, L.X. (1996a): "O espacio na cultura castrexa galega". En Hidalgo Cuñarro, J.M. (coord.) *A Cultura Castrexa galega a debate.* Instituto de Estudios Tudenses. Tui. Páxs. 105-138.

- CARBALLO ARCEO, L.X. (1996b):"Os castros galegos: espacio e arquitectura". *GALLAECIA Nº14/15*. Departamento de Historia I. Facultade de Xeografía e Historia. Universidade de Santiago de Compostela. Ed. do Castro. Páxs.309-357.
- CARBALLO ARCEO, L.X. (1997): "Escavación dos castros do Marco e de Cartimil no val do Deza". *GALLAECIA Nº16*. Departamento de Historia I. Universidade de Santiago de Compostela. Ed. do Castro. Páxs. 231-264.
- CARBALLO ARCEO, L. X. (1998): "O marco histórico da cultura castrexa". *Historia da Arte Galega* (Volume I). Ed. A Nosa Terra. Vigo. Páxs. 113-128.
- CARBALLO ARCEO, L.X. (2000): *Os castros galegos*. Ed. A Nosa Terra. Vigo.
- CARBALLO ARCEO, L.X.(2002) : *A Cultura castrexa na comarca de Deza.* Colección Deza Básicos Nº 4. Patronato Cultural de Lalín – Seminario de Estudios de Deza. Concello de Lalín.
- CARBALLO ARCEO, L.X. (2003): "La Dorsal Gallega como barrera intracultural durante la Edad del Hierro". *Madrider Mitteilungen 44*. Deutsches Archäologisches Institut Abteilung. Madrid. Páxs. 333-345.
- CARBALLO ARCEO, L.X.; LÓPEZ COTA, M. (1988): "A área de abastecimento de recursos pétreos na cultura castrexa: o caso do val do Deza". *Trabalhos de Antropologia e Etnologia*, vol. 28 (Fasc. 3-4). Porto. Páxs. 275-290.
- CARBALLO ARCEO, L.X.; NAVEIRO LÓPEZ, J.L.; REY CASTIÑEIRA, J. (1988): "Problemas de compartimentación espacial do castrexo galaico". *Trabalhos de Antropologia e Etnologia*, vol. 28 (Fasc. 3-4). Porto. Páxs. 167-183.
- CARBALLO ARCEO, L.X.; FÁBREGAS VALCARCE, R. (1991): "Dataciones de carbono 14 para castros del Noroeste peninsular". *Archivo Español de Arqueología*, 64 (Nº 163-164). CSIC. Madrid. Páxs. 244-264.
- CARBALLO ARCEO, L.X.; GONZÁLEZ RUIBAL, A. (2003): "A cultura castrexa do NW. da Península Ibérica en Galicia". *Boletín Auriense*. TOMO XXXIII. Museo Arqueolóxico Provincial. Ourense. Páxs.37-75.
- CARBALLO ARCEO, L.X.; CONCHEIRO COELLO, A.; REY CASTIÑEIRA, J. (2003): "A introdución dos muíños circulares nos castros galegos". *BRIGANTIUM Nº14*. Museo Arqueolóxico do Castelo de San Antón. A Coruña. Páxs. 97-108.
- CARDOZO, M. (1973): "La Culture des Castros du Nord du Portugal". *Trabalhos de Antropologia e Etnologia*, vol. XXII (Fasc.3). Porto. Páxs.261-290.

- CARRERA RAMÍREZ, F.; FÁBREGAS VALCARCE, R.; DE LA PEÑA SANTOS, A. (2001): "Informe: Galicia 1990-2000. Una década dramática para la arqueología gallega." *Revista de Arqueología, Nº 239*. Madrid. Páxs. 6-13.
- CARRERA RAMÍREZ, F.; COSTAS GOBERNA, F.J.: DE LA PEÑA SANTOS, A. (2002): *Grabados rupestres en Galicia. Características generales y problemática de su gestión y conservació*n. Excma. Deputación Provincial de Pontevedra.
- CARRERAS CANDI, F. (Dir.) (1936): *Geografía General del Reino de Galicia*. Ed. Casa Alberto Martín. Barcelona.
- CARROCERA FERNÁNDEZ, E. (1988): *El valle del Navia en época prerromana y romana.* Tese doutoral. Universidad de Oviedo.
- CARROCERA FERNÁNDEZ, E. (1990): "El horizonte cultural castreño del occidente asturiano y sus relaciones exteriores". *GALLAECIA Nº12*. Departamento de Historia I. Facultade de Xeografía e Historia. Universidade de Santiago de Compostela. Páxs. 135-138.
- CARROCERA FERNÁNDEZ, E. (1994): "Estudio crítico de la cultura castreña asturiana." *I Congresso de Arqueologia Peninsular. Trabalhos de Antropologia e Etnologia,* vol. 34 (Fasc. 3-4). Porto. Páxs. 213-227.
- CARROCERA FERNÁNDEZ, E. (1995): "Algunos aspectos de la economía castreña: retomando a los autores López Cuevillas y Vázquez Varela. El valle del Navia como argumento". *Férvedes Nº2*. Páxs. 71-85.
- CARROCERA FERNÁNDEZ, E. (1996): "El fin de la cultura de los castros". En Hidalgo Cuñarro, J.M. (coord.) *A Cultura Castrexa galega a debate*. Instituto de Estudios Tudenses. Tui. Páxs. 209-222.
- CARROCERA FERNÁNDEZ, E; JORDÁ PARDO, F.J. (1986-87): "Medio geológico y hábitat en los poblados fortificados del occidente asturiano". *ZEPHYRVS XXXIX-XL*. Universidad de Salamanca. Páxs. 215-229.
- CARROCERA FERNÁNDEZ, E.; JORDÁ PARDO, J.F. (1988-89): "Medio geológico y hábitat en los poblados fortificados del occidente asturiano". *Revista Castrelos Nº 1-2*. Revista do Museo Municipal "Quiñones de León". Vigo. Páxs. 121-138.
- CARROCERA FERNÁNDEZ, E.; CAMINO MAYOR, J. (1996): "La Edad del Hierro en el territorio histórico de los astures o la realidad de un espacio administrativo romano". En FERNÁNDEZ OCHOA, C. (coord.) *Los finisterres*

atlánticos en la Antigüedad. Época prerromana y romana. Ayto. de Gijón. Ed. Electa. Madrid. Páxs. 57-60.

- CELIS SÁNCHEZ, J. (2002a): "El Bronce Final y la primera Edad del Hierro en el noroeste de la Meseta". En BLAS, M.A. de e VILLA VALDÉS, A (eds.): *Los poblados fortificados del NO. de la Península Ibérica: formación y desarrollo de la Cultura Castreña. Coloquios de Arqueología en la cuenca del Navia*. Navia. Páxs. 97-126.

- CELIS SÁNCHEZ, J. (2002b): "La ocupación castreña en el alto valle del río Cúa: El "Castro" de Chano. León." En BLAS, M.A. de e VILLA VALDÉS, A. (eds.): *Los poblados fortificados del NO. de la Península Ibérica: formación y desarrollo de la Cultura Castreña: Coloquios de Arqueología en la cuenca del Navia.* Navia. Páxs. 189-210.

- DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, F.; JATO RODRÍGUEZ, M.V.; MACÍAS VÁZQUEZ, F.; PENAS PATIÑO, X.M.; PÉREZ ALBERTI, A.; RODRÍGUEZ GRACIA, V.; VIDAL ROMANÍ, X.R.; VALES, C. (1992): *O Meio Natural Galego*. 2ª Edición. Cuadernos do Seminario de Sargadelos, Nº 47. Homenaxe a Isidro Parga Pondal. Sada (A Coruña).

- DOMERGUE, Cl. (1970): "Les explotations auriferes du Nord-Ouest de la Peninsule Iberique, sons l´ocupation romaine". En *La minería hispana e iberoamericana* (Vol. I). Páxs. 1151-1192.

- DORRIBO CAO, J.R. (1995)*:* "O castro de Formigueiros: unha aproximación ó seu estado arqueolóxico". *HISTORIA NOVA III*. AGH. Santiago de Compostela. Páxs. 9-24.

- DORRIBO CAO, J.R.; REBOREDO TAJES, M. (2000): *Guía dos castros de Galicia*. Ed. do Cumio. Vigo.

- ESPARZA ARROYO, A. (1983a): "Sobre el límite oriental de la cultura castreña". *II Seminario de Arqueología del NO. Peninsular. Santiago de Compostela, 1980*. Madrid. Páxs. 103-119.

- ESPARZA ARROYO, A. (1983b): "Problemas arqueológicos de la Edad del Hierro en el territorio astur". *LANCIA Nº1*. Universidad de León. Páxs. 83-101.

- ESPARZA ARROYO, A. (1983-84): "Los castros de Zamora occidental y Tras-Os-Montes oriental: hábitat y cronología". *PORTVGALIA*, Nova Serie, Vol. IV/V. Instituto de Arqueología. Faculdade de Letras da Universidade do Porto. Páxs. 131-146.

- ESPARZA ARROYO, A. (1986): *Los castros de la Edad del Hierro del Noroeste de Zamora*. Diputación de Zamora.
- ESTÉBANEZ, J.; PUYOL, R. (1978): *Análisis e interpretación del mapa topográfico*. Ed. Tebar Flores. Madrid.
- FÁBREGA ÁLVAREZ, P. (2005): "Poblamiento castreño en el norte de Galicia". En Blanco, A.; Cancelo, C. y Esparza, A. (Eds.): *Bronce Final y Edad del Hierro en la Península Ibérica*.Encuentro de Jóvenes Historiadores. Ed. Universidad de Salamanca. Páxs. 55-76.
- FANJUL PERAZA, A. (2004): "El poblamiento castreño en la cuenca minera central asturiana". *LANCIA Nº5*. Universidad de León. Páxs. 77-97.
- FANJUL PERAZA, A. (2005a): *Los castros de Asturias. Una revisión territorial y funcional*. Ed. Ayuntamiento de Teverga.
- FANJUL PERAZA, A. (2005b) : "Nuevos datos sobre el poblamiento castreño en los valles de la alta montaña cantábrica". En Blanco, A.; Cancelo, C. y Esparza, A. (Eds.): *Bronce Final y Edad del Hierro en la Península Ibérica*. Encuentro de jóvenes Historiadores. Ed. Universidad de Salamanca. Páxs. 77-93.
- FANJUL PERAZA, A. (coord.) (2007): *Estudios varios de arqueología castreña. A propósito de las excavaciones en los castros de Teverga (Asturias).* I.E.P.A. (Instituto de Estudios Prerromanos y de la Antigüedad). Ayuntamiento de Teverga.
- FANJUL PERAZA, A.; MENÉNDEZ BUEYES, L.R. (2004): *El complejo castreño de los astures transmontanos. El poblamiento de la cuenca central de Asturias*. Universidad de Salamanca.
- FARIÑA BUSTO, F. (1979): "As fíbulas de "longo travessao sem espira" nos castros do Noroeste peninsular". *BOLETÍN AURIENSE* , Tomo IX. Museo Arqueolóxico Provincial.. Ourense. Páxs. 27-49.
- FARIÑA BUSTO, F.; ARIAS VILAS, F. (1980): "Aportazón ao estudo das fíbulas atopadas nos castros galegos". *Actas do Seminario de Arqueologia do NO. Peninsular (Guimaraes, 1979).* Vol. II. Páxs. 183-195.
- FARIÑA BUSTO, F.; ARIAS VILAS, F.; ROMERO MASIÁ, A.Mª. (1983): "Panorámica general sobre la cultura castrexa". En Pereira Menaut, G. (ed.) *Estudos de Cultura Castrexa e de Historia Antiga de Galicia.* Universidade de Santiago de Compostela. Páxs. 87-127.

- FERNÁNDEZ OCHOA, C. (coord.) (1996): *Los finisterres atlánticos en la Antigüedad. Época prerromana y romana.* Ayuntamiento de Gijón. Ed. Electa. Madrid.
- FERNÁNDEZ OCHOA, C. (2006): "Los castros y el inicio de la romanización en Asturias. Historiografía y debate". *ZEPHYRVS LIX*. Universidad de Salamanca. Páxs. 275-288.
- FERNÁNDEZ OCHOA, C.; MORILLO CERDÁN, A. (2002): "Romanización y asimilación cultural en el Norte peninsular. Algunas reflexiones sobre un topos historiográfico desde una perspectiva arqueológica". En BLAS, M.A. de e VILLA VALDÉS, A. (eds.): *Formación y desarrollo de la cultura castreña. Coloquios de Arqueología en la cuenca del Navia*. Navia. Páxs. 261-277.
- FERNÁNDEZ-POSSE, Mª D. (2002): "Tiempos y espacios en la Cultura Castreña". En BLAS, M.A. de e VILLA VALDÉS, A. (eds.): *Formación y desarrollo de la cultura castreña. Coloquios de Arqueología en la cuenca del Navia*. Navia. Páxs. 81-95.
- FERNÁNDEZ-POSSE, Mª D.; SÁNCHEZ-PALENCIA, F.J.; FERNÁNDEZ MANZANO, J.; OREJAS, A. (1994): "Estructura social y territorio en la cultura castreña prerromana". *I Congresso de Arqueologia Peninsular. Trabalhos de Antropologia e Etnologia.* Vol. 34 (Fasc. 3-4). Porto. Páxs. 191-212.
- FERNÁNDEZ-POSSE, Mª.D.; SÁNCHEZ-PALENCIA, F.J. (1996): "Consideraciones sobre la estructura social y el territorio en la *Asturia* prerromana y romana". En FERNÁNDEZ OCHOA, C. (coord.) *Los finisterres atlánticos en la Antigüedad. Época prerromana y romana.* Ayto de Gijón. Ed. Electa. Madrid. Páxs. 171-180.
- FERNÁNDEZ POSSE, Mª D.; SÁNCHEZ-PALENCIA, F.J. (1998): "Las comunidades campesinas en la cultura castreña". *TRABAJOS DE PREHISTORIA Nº55 (Tomo 2).* CSIC. Madrid. Páxs. 127-150.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C. (1996): "La ganadería y caza desde la Edad del Hierro hasta los inicios de la Edad Media en el Noroeste". *Férvedes Nº3*. Páxs. 201-216.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C.; RODRÍGUEZ LÓPEZ, C. (1996): "Nuevos datos acerca de los recursos económicos del poblado castreño de Sta. Trega". *GALLAECIA 14/15*. Departamento de Historia I. Universidade de Santiago de Compostela. Páxs. 359-392.

- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, M. (1981): “Notas históricas: helleni o ellanos en Galicia y la localización de la batalla de Porto de Bois”. *Cuadernos de Estudios Gallegos, Tomo XXXII (96-97).* Instituto “Padre Sarmiento” (CSIC). Santiago de Compostela. Páxs. 487-497.
- FERRÉ, M.C.; REY GARCÍA, J.M.; CONCHEIRO COELLO, A.; VÁZQUEZ VARELA, J.M. (1996): “Contribución al conocimiento ictiológico del Castro de O Achadizo (Cabo de Cruz, A Coruña, Galicia)”. En *Biogeografía Pleistocena-Holocena de la Península Ibérica*. Santiago de Compostela. Páxs. 291-294.
- FERREIRA PRIEGUE, E. (1988): *Los caminos medievales de Galicia*. Boletín Auriense. Anexo 9. Museo Arqueolóxico Provincial. Ourense.
- FILGUEIRA VALVERDE, J.; GARCÍA ALÉN, A. (1954): *Materiales para la Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra. El Museo de Pontevedra VIII.*
- FILGUEIRA VALVERDE, J.; GARCÍA ALÉN, A. (1955): “Adiciones a la Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra”. *El Museo de Pontevedra IX*. Páxs. 31-45.
- FILGUEIRA VALVERDE, J.; GARCÍA ALÉN, A. (1959): “Adiciones a la Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra”. *El Museo de Pontevedra XIII.* Páxs. 19-97.
- FILGUEIRA VALVERDE, J.; GARCÍA ALÉN, A. (1977): “Inventario de monumentos megalíticos. Adiciones a la Carta Arqueológica de la provincia de Pontevedra”. *El Museo de Pontevedra XXXI.* Páxs. 49-130.
- FONTOIRA SURÍS, R. (1991): “Informe sobre as rutas xacobeas por Terra de Montes”. Consellería de Cultura e Xuventude (Delegación Provincial de Pontevedra). Inédito.
- FORDE-JOHNSTON, J. (1976): *Hill forts of the Iron Age in England and Wales.* Liverpool University Press.
- FRAGUAS FRAGUAS, A. (1962): “Castros de la comarca lucense”. *Cuadernos de Estudios Gallegos, Nº XVII*. Páxs. 307-328.
- GARCÍA ALÉN, A. (1970): “Objetos arqueológicos”. *El Museo de Pontevedra Nº24*. Páxs. 37-46.
- GARCÍA ALÉN, A.; PEÑA SANTOS, A. de la (1978): “Inventario de las estaciones con grabados rupestres de la provincia de Pontevedra”. *El Museo de Pontevedra XXXII.*

- GARCÍA ALÉN, A.; PEÑA SANTOS, A. de la.(1980): *Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra*. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.
- GARCÍA ÁLVAREZ, M.R. (1953): "Castros de un valle gallego. Los del Ribero de Avia (Ourense). *ZEPHYRVS IV*. Universidad de Salamanca. Páxs 75-95.
- GARCÍA MARTÍNEZ, M.C. (1971): "Morfoloxía castrexa das terras de Compostela". *Compostellanum XVI*. Santiago de Compostela. Páxs. 213-258.
- GARCÍA ROLLÁN, M. (1974): "La Peneda del Viso". *EL MUSEO DE PONTEVEDRA*, Nº XXVIII, Páxs. 87-95.
- GARCÍA SANJUÁN, L. (2005): *Introducción al reconocimiento y análisis arqueológico del territorio*. Ed. Ariel. Barcelona.
- GONZÁLEZ Y FERNÁNDEZ - VALLÉS, J.M. (1973): "Castros asturianos del sector lucense y otros no catalogados". *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Tomo XXVIII (Fascículo 85). Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos (CSIC). Páxs. 143-152.
- GONZÁLEZ RUIBAL, A.(2004a): "Alén dos castros: o poboado da Idade do Ferro de Pena Redonda (Pontecaldelas-Pontevedra)". *El Museo de Pontevedra LVIII*. Pontevedra. Páxs. 11-64.
- GONZÁLEZ RUIBAL, A (2004b): "Un askós ibicenco en Galicia: Notas sobre el carácter del comercio púnico en el noroeste ibérico". *COMPLUTUM Vol.15*. Universidad Complutense. Madrid. Páxs. 33-43.
- GONZÁLEZ RUIBAL, A. (2005a): "El castro de Saceda y la jerarquización territorial de la Segunda Edad del Hierro en el Noroeste Ibérico". *ZEPHYRUS* (Revista de Prehistoria y Arqueología). Tomo LVIII. Ed. Universidad de Salamanca. Páxs. 267-284.
- GONZÁLEZ RUIBAL, A. (2005b): "Resultados das sondaxes nun xacemento atípico da Idade do Ferro: Pena Redonda (Pontecaldelas, Pontevedra)". *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Tomo LII. CSIC. Instituto de Estudios Gallegos "Padre Sarmiento". Santiago de Compostela. Páxs. 173-197.
- GONZÁLEZ RUIBAL, A. (2006-2007): *Galaicos: Poder y comunidad en el Noroeste de la Península Ibérica (1200 a.C.-50 d.C.)*. 2 vols. *BRIGANTIUM*. Volumes 18-19. Boletín do Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña.
- GONZÁLEZ RUIBAL, A.; RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, R. (2006): "Cerámica indíxena e de importación". En ABOAL FERNÁNDEZ, R.; CASTRO HIERRO, V.

(coord.). *O Castro de Montealegre (Moaña, Pontevedra).*Serie Keltia. Ed. Toxosoutos. Noia. Páxs. 145-188.

- GONZÁLEZ RUIBAL, A.; RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, R.; ABOAL FERNÁNDEZ, R.; CASTRO HIERRO, V. (2007): "Comercio mediterráneo en el Castro de Montealegre (Pontevedra, Galicia). Siglo II a.C.- Inicios del siglo I d.C." *Archivo Español de Arqueología. Vol. 80* (I-XII-2007). CSIC. Madrid. Páxs. 43-74.

- GUITIÁN OJEA, F. (1974): *Itinerarios de los suelos de Galicia*. Monografías de la Universidad de Santiago de Compostela, nº 26. Santiago de Compostela.

- GUTIÉRREZ GONZÁLEZ, J.A. (1986-87): "Tipologías defensivas en la cultura castreña de la montaña leonesa". *ZEPHYRVS XXXIX-XL*. Universidad de Salamanca. Páxs. 329-335.

- HIDALGO CUÑARRO, J.M. (1981): "El Castro de Vigo. Noticia preliminar de las excavaciones arqueológicas de 1981 ", *Revista do Museo Municipal "Quiñones de León*, nº5. Vigo.

- HIDALGO CUÑARRO, J.M. (1983a): "Excavaciones arqueológicas en el Castro de Vigo". *Revista do Museo Municipal "Quiñones de León"*, nº6. Vigo.

- HIDALGO CUÑARRO, J.M. (1983b): "Excavaciones arqueológicas en el Castro de Vigo (Pontevedra): sus niveles de ocupación". *Actas do XVII Congreso Nacional de Arqueoloxía*. Logroño. Páxs. 523-533.

- HIDALGO CUÑARRO, J.M. (1984): "Monumentos arqueológicos por tierras de Pazos de Borbén". Vigo.

- HIDALGO CUÑARRO, J.M. (1984-85): "Breve resumen de las excavaciones arqueológicas en el Castro de Troña 1981,1982 y 1983) ". *ZEPHYRVS, XXXVII-XXXVIII* (Homenaje al Profesor Jordá). Universidad de Salamanca. Salamanca. Páxs. 307-314.

- HIDALGO CUÑARRO, J.M. (1985a): "El Castro de Troña: Noticia preliminar de las excavaciones arqueológicas de 1982 ". *El Museo de Pontevedra, XXXIX*. Pontevedra. Páxs. 97-125.

- HIDALGO CUÑARRO, J.M. (1985b): *Castro de Vigo. Campaña 1983*. Col. Arqueoloxía/Memorias, nº 1. Xunta de Galicia. Santiago.

- HIDALGO CUÑARRO, J.M. (1985c): *Castro de Troña. Campaña 1983*. Col. Arqueoloxía/Memorias. Xunta de Galicia. Santiago.

- HIDALGO CUÑARRO, J.M. (1986): “Excavaciones arqueológicas en el Castro de Troña (Ponteareas-Pontevedra).Campañas:1984-1986”. *Revista Castrelos do Museo Municipal “Quiñones de León”, nº 1-2.* Vigo. Páxs. 81-108.
- HIDALGO CUÑARRO, J.M. (1986-87): “Una fecha de C-14 del Castro de Troña (Ponteareas-Pontevedra) “. *ZEPHYRVS, XXXIX-XL (Actas del Coloquio Internacional sobre la Edad del Hierro en la Meseta Norte).* Universidad de Salamanca. Páxs. 485-489.
- HIDALGO CUÑARRO, J.M. (1987a): “Castro de Troña (Pías-Ponteareas). Campaña de excavaciones 1987”. *El Museo de Pontevedra, XLI.* Pontevedra. Páxs. 113-125.
- HIDALGO CUÑARRO, J.M. (1987b): “Castro de Vigo. Campaña de excavaciones 1987”. *El Museo de Pontevedra, XLI.* Pontevedra. Páxs. 145-156.
- HIDALGO CUÑARRO, J.M. (1987c): “Campañas arqueológicas en el Castro de Vigo (1981-1985)”. *Revista de Guimaraes, vol. XCV (1985)-*. Guimaraes. Páxs. 97-117.
- HIDALGO CUÑARRO, J.M. (1987d): “Materiales arqueológicos del Castro de Vigo “. *Lucentum VI,* Anales de la Universidad de Alicante.
- HIDALGO CUÑARRO, J.M. (1987e): “El Castro de Troña: Noticia preliminar de las excavaciones arqueológicas de 1981 “. *Revista Gallaecia, 9/10.* Santiago de Compostela. Páxs. 27-60.
- HIDALGO CUÑARRO, J.M. (Coord.) (1996): *A cultura castrexa galega a debate*. Instituto de Estudios Tudenses. Tui.
- ICONA (1986-1995): *Segundo Inventario Forestal. Galicia-Pontevedra.* Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. Madrid.
-IGME (1982): *Mapa Geológico de España*. Hoja 8, 2-2. Lugo. E. 1:200.000, Madrid.
- IGME (1989): *Mapa Geológico de España*. Hoja 17/27: 2-3/2-4 Ourense e Verín. E. 1:200.000, Madrid.
- JATO RODRÍGUEZ, Mª.V.; VÁZQUEZ VARELA, J.M. (1972): “Correlación entre los datos palinológicos y hallazgos prehistóricos en Galicia”. *Compostellanum XVI*. Páxs. 7-15.
- JORDÁ CERDÁ, F. (1984): “Notas sobre la cultura castreña del noroeste peninsular”. *Memorias de Historia Antigua VI*. Universidad de Oviedo. Páxs. 7-14.
- LADRA, L.(2005): “Análisis territorial de la distribución de hallazgos de torques áureos de la II Edad del Hierro en el noroeste peninsular”. En Blanco, A.; Cancelo, C.

y Esparza, A. (Eds.): *Bronce Final y Edad del Hierro en la Península Ibérica.* Encuentro de Jóvenes Historiadores. Ed. Universidad de Salamanca. Páxs. 94-110.

- LÓPEZ CUEVILLAS, F. (1951): *Las joyas castreñas*. Instituto de Arqueología y Prehistoria "Rodrigo Caro". CSIC. Madrid.

- LÓPEZ CUEVILLAS, F. (1953): *La civilización céltica en Galicia*. Porto y Cía Editores. Santiago de Compostela. (Reeditouse no 1988 por Ed. Istmo. Madrid).

- LÓPEZ CUEVILLAS, F. (1955): "El comercio y los medios de transporte de los pueblos castreños". *Cuadernos de Estudios Gallegos.* Tomo X (Fasc. XXXI). Instituto Padre Sarmiento. CSIC. Santiago de Compostela. Páxs. 145-157.

-LÓPEZ CUEVILLAS, F.; BOUZA BREY, F. (1929): *Os Oestrimnios, os Saefes e a ofiolatría en Galiza*. Arquivos do Seminario de Estudos Galegos, II. Santiago de Compostela. Páxs. 27-193.

- LÓPEZ CUEVILLAS, F.; FRAGUAS FRAGUAS, A. (1955): "Los castros de la tierra del Saviñao". *III Congreso Arqueológico Nacional (Galicia, 1953).* Zaragoza. Páxs. 273-332.

- LÓPEZ CUEVILLAS, F.; LORENZO FERNÁNDEZ, X.(1986): *Castro de Cameixa. Campañas 1944-46.* Consellería de Cultura. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.

- LUZÓN NOGUÉ, J.Mª.; SÁNCHEZ-PALENCIA RAMOS, F.J. et alii (1980): *El Caurel.* Ed. Ministerio de Cultura. Dirección General del Patrimonio Artístico, Archivos y Museos. Subdirección General de Arqueología. Madrid.

- LLINARES GARCÍA, M. (1990): *Os mouros no imaxinario popular galego*. Biblioteca de divulgación-Nº 7. Serie Galicia. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico. Universidade de Santiago de Compostela.

- MALUQUER DE MOTES, J. (1954): "Pueblos celtas" en *Historia de España*, dirixida por Menéndez Pidal. Tomo I-3. Madrid. Páxs. 5-194.

- MALUQUER DE MOTES, J. (1975): "Formación y desarrollo de la cultura castreña". *Iª Jornadas de Metodología Aplicadas de las Ciencias Históricas*. Vol. I. Santiago de Compostela. Páxs. 269-284.

-MALUQUER DE MOTES, J. (1977): "El mundo indígena del Noroeste hispánico antes de la llegada romana". *Actas del Coloquio Internacional sobre el Bimilenario de Lugo.* Lugo. Páxs. 7-15.

- MAÑANES, T.(1981): *El Bierzo prerromano y romano.* Fuentes y Estudios de Historia Leonesa. Nº 27. León.

- MAÑANES, T. (1983-84): “Protohistoria y romanización en la provincia de León: hábitat y cronologías”. *PORTVGALIA*, Nova Serie, Vol. IV/V. Instituto de Arqueología. Faculdade de Letras da Universidade do Porto. Páxs. 151-171.
- MARÍN SUÁREZ, C. (2004): *Astures y asturianos. Historiografía de la Edad del Hierro en Asturias.* Ed. Toxosoutos. Noia.
- MARTÍN SEIJO, M. (2005): “A xestión dos recursos forestais no castro de Zoñán (Mondoñedo-Lugo): os resultados da antracoloxía”. *GALLAECIA Nº24*. Departamento de Historia I. Universidade de Santiago de Compostela. Ed. do Castro. Páxs. 169-179.
- MARTÍNEZ CORTIZAS, A.; PÉREZ ALBERTI, A. (Coord.) (1999): *Atlas climático de Galicia.* Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- MARTINS, M. (1985): “A ocupaçao do Bronze Final da citânia de S. Juliao, em Vila Verde. Caracterizaçao e cronologia”. *Trabalhos de Antropologia e Etnologia*, vol. XXV (Fasc.2-4). Porto. Páxs. 197-240.
- MARTINS, M. (1988): *O poboado fortificado do Lago (Amares).* Cadernos de Arqueologia. Monografías Nº1. Universidade do Minho. Braga.
- MARTINS, M. (1989): *O Castro de Barbudo, Vila Verde*. Cadernos de Arqueologia. Monografías Nº3. Universidade do Minho. Braga.
- MARTINS, M. (1990): *O povoamento proto-histórico e a romanizaçao da bacia do curso médio do Cávado*. Cadernos de Arqueologia-Serie Monografias. Nº5. Universidade do Minho. Braga.
-MAYA, J.L. (1983-84): “Hábitat y cronología de la cultura castreña asturiana”. Actas do Coloquio Interuniversitario de Arqueología do NO. Instituto de Arqueología. Faculdade de Letras da Universidade do Porto. *Portugalia IV-V.* Páxs. 175-199.
- MAYA, J.L. (1988): *La cultura material de los castros asturianos*. Estudios de la Antigüedad 4/5. Universitat Autónoma de Barcelona. Bellaterra.
- MAYA, J.L.; CUESTA, F. (1996): “Cuestiones cronológicas y comercio en la Campa Torres (Gijón, Asturias)”. En FERNÁNDEZ OCHOA, C. (coord.) *Los finisterres atlánticos en la Antigüedad. Época prerromana y romana.* Ayto. de Gijón. Ed. Electa. Madrid. Páxs. 61-68.
- MEIJIDE CAMESELLE, G.; ACUÑA CASTROVIEJO, F. (1987):”Aportacións ao estudo da cultura castrexa no interior de Galicia: o castro Real (s.III a.C.-s.I d.C.)”. *VI Coloquio Portuense de Arqueología*. Porto.

- MÉNDEZ FERNÁNDEZ, F. (1998): “Definición y análisis de poblados de la Edad del Bronce en Galicia”. En FÁBREGAS VALCARCE, R. (Ed,) *A Idade do Bronce en Galicia: Novas perspectivas*. Cadernos do Seminario de Sargadelos Nº77. A Coruña. Páxs. 153-189.
- MÉNDEZ FONTE, R. (1997): “Os castros de Ancos, Cerdido e Poulo: vértices dun triángulo de destrución do noso patrimonio” en *Ferrolterra Galaico-Romana*. Excmo Concello de Ferrol-Facultade de Humanidades (Universidade da Coruña). Ferrol. Páxs. 175-190.
-MINISTERIO DE AGRICULTURA (Ed.) (1964): *Mapas Provinciales de suelos: Pontevedra*. Mapa Agronómico Nacional. Madrid.
- MONTEAGUDO, L. (1965): “Hachas prehistóricas de Europa Occidental”. *CONIMBRIGA IV*. Universidade de Coimbra. Páxs. 13-35.
- NAVEIRO LÓPEZ, J.L. (1991) : *El comercio antiguo en el NW. peninsular*. Monografías urxentes do Museu. Nº 5. Museu Arqueolóxico e Histórico Castelo de San Antón. A Coruña.
- NAVEIRO LÓPEZ, J.L. (1997): “Panorama cultural de la comarca ferrolana durante la Antigüedad” en *Ferrolterra Galaico-Romana*. Excmo. Concello de Ferrol-Facultade de Humanidades (Universidade da Coruña). Ferrol. Páxs. 23-40.
- NONN, H (1966): Les régions cotières de la Galice (Espagne). Étude géomorphologique. Publications de la Faculté des Lettres de L’Université de Strasbourg. Fondation Baulig, Tome III..
-OLIVEIRA JORGE, S. (1988): “Reflexoes sobre a Pré-história recente do Norte de Portugal”. *Trabalhos de Antropologia e Etnologia Nº28 (Fasc. 1-2).* Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia. Porto. Páxs. 85-112.
- PARCERO OUBIÑA, C. (1995a): “Aproximación al espacio social en el mundo castreño”. *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología (Vigo-1993)*. Páxs. 185-188.
- PARCERO OUBIÑA, C. (1995b): “Elementos para el estudio de los paisajes castreños del Noroeste peninsular”. *TRABAJOS DE PREHISTORIA*. Nº 52 (Tomo I). CSIC.Madrid. Páxs. 127-144.
- PARCERO OUBIÑA, C. (1998): *La Arqueología de la Gasificación en Galicia 7: Hacia una Arqueología Agraria de la Cultura Castreña. TAPA 9*. LAFC. USC. Santiago de Compostela.

- PARCERO OUBIÑA, C. (2000a) : “Tres para dos. Las formas de poblamiento en la Edad del Hierro del Noroeste Ibérico”. *TRABAJOS DE PREHISTORIA*. Nº 57 (Tomo I).CSIC. Madrid. Páxs. 75-95.
- PARCERO OUBIÑA, C. (2000b): “Síntesis de los trabajos de excavación en el yacimiento castreño de Alto do Castro (Cuntis, Pontevedra)”. *BRIGANTIUM Nº12*. Museo Arqueolóxico do Castelo de San Antón. A Coruña. Páxs. 161-174.
- PARCERO OUBIÑA, C.(2002): *La construcción del paisaje social en la Edad del Hierro del NO. Ibérico.* Ed. Fundación Ortegalia. Ortigueira.
- PARCERO OUBIÑA, C.(2005) : “Variaciones en la función y el sentido de la fortificación a lo largo de la Edad del Hierro en el No. de la Península Ibérica”. En Blanco, A. ; Cancelo, C. y Esparza, A. (Eds.): *Bronce Final y Edad del Hierro en la Península Ibérica*. Encuentro de jóvenes Historiadores. Ed. Universidad de Salamanca. Páxs. 11-33.
- PATIÑO GÓMEZ, R. (1997): *El yacimiento arqueológico del Monte Santa Tecla (A Guarda-Pontevedra).* Grupo de Arqueología “Alfredo García Alén”. Pontevedra.
- PENEDO ROMERO, R. (1988): “Datos paleontológicos sobre la ganadería castreña en Galicia”. Coloquio de Arqueologia do NO. peninsular (Porto-Baiao-1988). *Trabalhos de Antropologia e Etnologia XXVIII (Fasc. 3-4).* Páxs. 325-340.
- PENEDO ROMERO, R. (1989): “A fauna dos xacementos arqueolóxicos de Galicia”. *Arqueoloxía/Informes Nº1. Campaña 1987*. Consellería de Cultura e Deportes. Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental. Páxs. 154-160.
- PEÑA SANTOS, A. de la (1986): *Yacimiento galaico-romano de Santa Trega (A Guarda-Pontevedra). Campaña 1983*. Col. Arqueoloxía/Memorias, nº 5. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- PEÑA SANTOS, A. de la (1987a): “Castro de Torroso (Mos). Campaña de excavaciones 1987 “. *El Museo de Pontevedra*, XLI. Pontevedra. Páxs. 77-95.
- PEÑA SANTOS, A. de la (1987b): “Castro de Santa Tegra (A Guarda). Campaña de excavaciones 1987”. *El Museo de Pontevedra*, XLI. Pontevedra. Páxs. 127-144.
- PEÑA SANTOS, A. de la (1988): “Algunos aspectos urbanísticos del poblado galaico-romano de Sta. Trega (A Guarda-Pontevedra)”. *PONTEVEDRA. Revista de Estudios Provinciais.* Nº 4.Excma. Deputación Provincial de Pontevedra. Páxs. 27-36.
- PEÑA SANTOS, A. de la (1992a): *Castro de Torroso (Mos-Pontevedra). Síntesis de las Memorias de las campañas de excavaciones (1984-1990).* Arqueoloxía/Memorias

11. Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Xuventude. Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental. Santiago de Compostela.

- PEÑA SANTOS, A. de la (1992b): "El primer milenio a.C. en el área gallega: Génesis y desarrollo del mundo castreño a la luz de la arqueología". En M. Almagro Gorbea e G. Ruiz Zapatero (eds.): *Paleoetnología de la Península Ibérica. Actas del Coloquio sobre Etnogénesis de la Península Ibérica (Madrid, 1989). Complutum Extra 2-3.* Dpto. de Prehistoria y Etnología. Universidad Complutense de Madrid. Páxs. 373-394.

- PEÑA SANTOS, A. de la (1996): "A secuencia cultural do mundo castrexo galaico". En Hidalgo Cuñarro, J.M. (coord.) *A Cultura Castrexa galega a debate*. Instituto de Estudios Tudenses. Tui. Páxs. 63-103.

- PEÑA SANTOS, A. de la (2000): "Castro de As Croas (Salcedo-Pontevedra)".*BRIGANTIUM*. Tomo 12. Revista do Museo Arqueolóxico de San Antón. A Coruña. Páxs. 153-160.

- PEÑA SANTOS, A. de la (2003a): *Galicia. Prehistoria, castrexo e primeira romanización.* Ed. A Nosa Terra. Vigo.

- PEÑA SANTOS, A. de la (2003b): "Nº6. Placa de cinto (Castrexo, ss.VIII-VII a.C.). Nº7. Obxectos de ferro (Castrexo, ss.VIII-VI a.C.)". *No Catálogo da Exposición Conmemorativa da Fundación do Museo de Pontevedra: "75 obras para 75 anos"*. Pontevedra. Páxs. 206-209.

- PEÑA SANTOS, A. de la; VÁZQUEZ VARELA, J.M. (1979): *Los petroglifos gallegos. Grabados rupestres prehistóricos al aire libre en Galicia*. Cuadernos del Seminario de Estudios Cerámicos de Sargadelos. Ed. do Castro.Sada.

- PEÑA SANTOS, A. de la; COSTAS GOBERNA, F.J.; REY GARCÍA, J. M. (1993): *El arte rupestre en Campo Lameiro*. Concello de Campo Lameiro.

- PEÑA SANTOS, A. de la; VÁZQUEZ VARELA, J.M. (1996): "Aspectos de la génesis y evolución de la cultura castrexa de Galicia". *Complutum Extra 6 (I).* Universidad Complutense de Madrid. Páxs. 255-262.

- PERALTA BEJARANO, I.; RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, J.; XUSTO RODRÍGUEZ, M. (2004): *Conjunto Arqueológico-Natural de Santomé. Excavación, consolidación y musealización de un sector del castro.* Fundación Pedro Barrié de la Maza.

- PEREIRA GONZÁLEZ, F. (1996): “Unha contribución ó estudo da historia da arqueoloxía galega (1800-1922)”. *GALLAECIA Nº 14/15*. Departamento de Historia I. Universidade de Santiago de Compostela. Páxs. 7-29.
- PEREIRA MENAUT, G. (ed.) (1983): *Estudos de Cultura Castrexa e de Historia Antiga de Galicia*. Instituto de Estudos Galegos “Padre Sarmiento”. CSIC. Universidade de Santiago de Compostela.
- PÉREZ ALBERTI, A. (1981): “Aproximación xeográfica aos vales fluviais en Galicia”. *Cuadernos de Estudios Gallegos, Tomo XXXII (96-97).* Instituto “Padre Sarmiento” (CSIC). Santiago de Compostela. Páxs.7-36.
-PÉREZ ALBERTI, A. (Dir.) (1982): *Xeografía de Galicia. O Medio (Tomo I).* Edicións Sálvora. Sada (A Coruña).
- PÉREZ ALBERTI, A. (1986): *A Xeografía*. Ed. Galaxia. Vigo.
- PÉREZ LOSADA, F. (1996): “Hacia una definición de los asentamientos rurales en la *Gallaecia*: poblados (*vici*) y casas de campo (*villae*)”. En FERNÁNDEZ OCHOA, C. (coord.) *Los finisterres atlánticos en la Antigüedad. Época prerromana y romana.* Ayto. de Gijón. Ed. Electa. Páxs. 189-197.
- PÉREZ LOSADA, F. (2002): *Entre a cidade e a aldea. Estudio arqueohistórico dos “aglomerados secundarios” romanos en Galicia*. *BRIGANTIUM Nº13*. Museo Arqueolóxico e Histórico do Castelo de San Antón. A Coruña.
- PRADO FERNÁNDEZ, O. (1996): *A aportación do Seminario de Estudos Galegos á Arqueoloxía*. Premio Ferro Couselo. Concello de Valga.
- PRECEDO LEDO, A. (1997*): O Mapa Comarcal de Galicia*. Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- RAMIL REGO, P. (1991): “Estudo morfolóxico e identificación de sementes dos xacementos de Morcigueira (A Coruña) e Castro de Penalba (Pontevedra)”. *Arqueoloxía/Informes Nº2 (Campaña 1988).* Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental. Consellería de Cultura e Xuventude. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. Páx. 311.
- REBOREDO TAJES, M. (1995): *Aproximación aos castros dos concellos de Cotobade, A Lama e Pontecaldelas (Pontevedra) dende un punto de vista espacial*. Traballo de investigación do 3º ciclo. Facultade de Xeografía e Historia. Universidade de Santiago de Compostela. Inédito.
- REBOREDO TAJES, M. (2002): “A cultura castrexa. O caso de Forcarei”. *Revista COTAREDO*. Nº5. Ed. Concello de Forcarei. Páxs. 62-65.

- REBOREDO TAJES, M. (2004): “Os xacementos arqueolóxicos de Forcarei”. *Revista COTAREDO*. Nº7. Ed. Concello de Forcarei. Páxs. 107-120.
- REBOREDO TAJES, M. (2005): “Os xacementos arqueolóxicos de Forcarei”. En F. Rozados “Rochi”: *Forcarei. Historia fotográfica do s.XX*. Excma. Deputación Provincial de Pontevedra. Páxs.63-70.
- REGO ÁLVAREZ. Mª L.; POMBO MOSQUERA, J.A. (1976): “Notas sobre la tipología de los emplazamientos castreños de la comarca de Villalba”. *GALLAECIA Nº2*. Departamento de Prehistoria e Arqueoloxía. Facultade de Xeografía e Historia. Universidade de Santiago de Compostela. Ed. do Castro. Páxs. 165-172.
- REY CASTIÑEIRA, J. (1984): “Estudio y catalogación de castros de la provincia de A Coruña”. *GALLAECIA 7/8*. Departamento de Prehistoria e Arqueoloxía. Universidade de Santiago de Compostela. Ed. do Castro. Páxs. 59-147.
- REY CASTIÑEIRA, J. (1995): “Cuestiones de tipo territorial en la cultura castreña”. *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología (Vigo-1993).* Páxs. 165-171.
- REY CASTIÑEIRA, J. (1996): “Referencias de tempo na cultura material dos castros galegos.” En Hidalgo Cuñarro, J.M. (coord*.) A Cultura Castrexa Galega a debate.* Instituto de Estudios Tudenses. Tui. Páxs. 157-206.
- REY CASTIÑEIRA, J. (2000): “Apuntes para un encuadre de la cultura castreña en el marco peninsular”. *Proto-História da Península Ibérica. Actas do 3º Congresso de Arqueologia Peninsular (vol. V).* Porto. Páxs.359-372.
- REY CASTIÑEIRA, J.; SOTO-BARREIRO, Mª.J. (2001): “El arte rupestre de Crastoeiro (Mondim de Basto-Portugal) y la problemática de los petroglifos en castros”. En PEREIRA DINIS, A.: *O povoado da Idade do Ferro do Crastoeiro (Mondim de Basto, Norte de Portugal). Cadernos de Arqueologia/Monografías Nº13*. Universidade do Minho. Instituto de Ciencias Sociais. Braga. Páxs. 159-200.
- RÍOS GONZÁLEZ, S.; GARCÍA DE CASTRO VALDÉS, C. (1998): *Asturias castreña* (Historia de Asturias). Ed. Trea. Gijón.
- RÍOS GONZÁLEZ, S.; GARCÍA DE CASTRO VALDÉS, C. (2001): “Observaciones en torno al poblamiento castreño de la Edad del Hierro en Asturias”. *TRABAJOS DE PREHISTORIA 58 (Nº2).* CSIC. Madrid. Páxs. 89-107.
- RIVAS-MARTÍNEZ, S.; PEINADO LORCA, M. (Eds.) (1987): *La vegetación de España.* Universidad de Alcalá de Henares. Madrid.

- RODRÍGUEZ FRÁIZ, A. (1991): “Informe sobre Caminos de Santiago o de las Peregrinaciones en Terra de Montes”. Amigos do Mosteiro de Aciveiro e Terra de Montes. Inédito.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A. (1978-1980): “Caminos en la antigua provincia de Santiago, durante el año 1787”. *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Tomo XXXI (nº93, 94, 95). Instituto Padre Sarmiento-C.S.I.C. Santiago de Compostela. Páxs. 383- 422.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, X.; FARIÑA BUSTO, F. (1986): “A Cidá do castro de San Millán. Memorias de las excavaciones arqueológicas”. *Boletín Auriense. Tomo XVI.* Ourense. Páxs. 39-89.
- RODRÍGUEZ LÓPEZ, C.; VÁZQUEZ VARELA, J.M.; CAMINO MAYOR, J. (2005): “Concheros castreños y romanos del Cantábrico occidental (Asturias y Galicia”. *GALLAECIA Nº24*. Departamento de Historia I. Universidade de Santiago de Compostela. Ed. do Castro. Páxs. 61-73.
- ROMERO CARNICERO, F.(1991) : *Los castros de la Edad del Hierro en el Norte de la provincia de Soria.* Universidad de Valladolid.
- ROMERO MASIÁ, A.Mª. (1976): *El hábitat castreño*. C.O.A.G. Santiago de Compostela.
- ROMERO MASIÁ, A.Mª. (1980): “Asentamentos castrexos costeiros no norde de Galicia”. *GALLAECIA 6*. Departamento de Prehistoria e Arqueoloxía. Universidade de Santiago de Compostela. Ed. do Castro. Páxs. 61-80.
- ROMERO MASIÁ, A.Mª.; POSE MESURA, X.M. (1987): *Galicia nos textos clásicos*. Monografías Urxentes do Museu Nº3. Museo Arqueolóxico do Castelo de San Antón. A Coruña.
- ROMERO MASIÁ, A.Mª.; ARIAS VILAS, F.(1995): *Diccionario de termos de Arqueoloxía e Prehistoria*. Ed. Ir Indo. Vigo.
- ROMERO MASIÁ, A.Mª.; POSE MESURA, X.M. (1997): “O hábitat castrexo na ría de Ferrol” en *Ferrolterra Galaico-Romana*. Excmo. Concello de Ferrol-Facultade de Humanidades (Universidade da Coruña). Ferrol. Páxs. 11-22.
- RÖSENER, W. (1990): *Los campesinos en la Edad Media*. Ed. Crítica. Barcelona.
- RUBINOS PÉREZ, A; FÁBREGAS VALCARCE, R.; ALONSO MATHIAS, F.; CONCHEIRO COELLO, A. (1999): “Las fechas de C-14 del castro de O Achadizo (Boiro, A Coruña): Problemática de la calibración de conchas marinas”. *TRABAJOS DE PREHISTORIA Nº56 (1).* CSIC. Madrid. Páxs. 147-155.

- RUIZ, A.; MOLINOS, M. (1993): *Los iberos. Análisis arqueológico de un proceso histórico*. Ed. Crítica. Barcelona.
- RUÍZ DE LA TORRE, J. (Dir.) (1991a): *Mapa Forestal de España*. Hoja 17, 2-3. Ourense. E. 1:200.000. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación-ICONA. Madrid.
- RUÍZ DE LA TORRE, J. (Dir.) (1991b): Mapa *Forestal de España.* Hoja 2-2, Lugo. E. 1:200.000. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación-ICONA. Madrid.
- SÁNCHEZ-PALENCIA RAMOS, F.J.; FERNÁNDEZ-POSSE Y ARNAIZ, Mª.D. (1986-87): "Vivienda y urbanismo en la Asturia interior: La Corona de Corporales". *ZEPHYRVS XXXIX-XL*. Universidad de Salamanca. Páxs. 375-386.
- SÁNCHEZ-PALENCIA RAMOS, F.J.; OREJAS, A. ; SASTRE, I. (2002): "Los castros y la ocupación romana en zonas mineras del Noroeste de la Península Ibérica". En BLAS, M.A. de e VILLA VALDËS, A. (eds.): *Formación y desarrollo de la cultura castreña. Coloquios de Arqueología en la cuenca del Navia.* Navia. Páxs.241-259.
- SANDE LEMOS, F. de (1993): *Povoamento romano de Trás-Os-Montes Oriental*. (5 vols). Universidade do Minho. Braga.
- SANTOS ESTÉVEZ, M. (1998): "Catalogación dos xacementos arqueolóxicos do concello de Cotobade (Pontevedra)". *GALLAECIA Nº17*. Departamento de Historia I. Facultade de Xeografía e Historia. Universidade de Santiago de Compostela. Ed. do Castro. Páxs. 223-243.
- SANTOS YANGUAS, N. (1984): "La arqueología castreña y el sector económico agropecuario". *Memorias de Historia Antigua VI*. Universidad de Oviedo. Páxs. 43-66.
- SANTOS YANGUAS, N. (1986): "La ganadería en la Asturias castreña". *Memorias de Historia Antigua VII*. Universidad de Oviedo. Páxs. 25-42.
- SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS (1928a): "Catálogo dos castros galegos: Val de Vilamarín "(Fascículo I). *Revista "NÓS"*. A Coruña.
- SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS (1928b): "Catálogo dos castros galegos: Terra de Celanova" (Fascículo II). *Revista "NÓS"*. A Coruña.
- SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS (1930): "Catálogo dos castros galegos: Terra de Carballiño" (Fascículo III). *Revista "NÓS"*. A Coruña.
- SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS (1931): "Catálogo dos castros galegos: Bisbarra de Melide" (Fascículo IV). *Revista "NÓS"*. Santiago de Compostela.

- SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS (1933): “Catálogo dos castros galegos: Terra de Lobeira” (Fascículo V). *Revista “NÓS”*. Santiago de Compostela.
- SILVA, A.C.F. da (1983-84): “A cultura castreja no NO. de Portugal: habitat e cronologias”. *PORTVGALIA*, Nova Serie, Vol. IV/V. Instituto de Arqueología. Faculdade de de Letras da Universidade do Porto. Páxs. 121-129.
- SILVA, A.C.F. da (1986): *A cultura castreja no Noroeste de Portugal*. Museu Arqueológico da Citânia de Sanfins. Paços de Ferreira.
- SILVA, A.C.F. da (1996): “A cultura castreja no Norte de Portugal: integraçao no mundo romano”. En FERNÁNDEZ OCHOA, C. (coord.) *Los finisterres atlánticos en la Antigüedad. Época prerromana y romana.* Ayto. de Gijón. Ed. Electa. Madrid. Páxs. 49-55.
- SILVA, A.C.F. da (2007): “A evoluçâo do sistema defensivo castrejo no Noroeste peninsular”. En BERROCAL-RANGEL, L.; MORET, P. (eds.) *Paisajes fortificados de la Edad del Hierro. Las murallas protohistóricas de la Meseta y la vertiente atlántica en su contexto europeo*. Real Academia de la Historia. Casa de Velázquez. Madrid. Páxs. 99-111.
- SOBRINO BUHIGAS, R. (1935): *Corpus Petroglyphorum Gallaeciae.* Seminario de Estudos Galegos. Santiago de Compostela.
- SOUTO GONZÁLEZ, X.M. (1982): “Encol do hábitat e do poboamento: o caso de Galicia”. *Cuadernos de Estudios Gallegos, Tomo XXXIII (Nº98).* Instituto “Padre Sarmiento” (CSIC). Santiago de Compostela. Páxs. 7-63.
- SUÁREZ OTERO, J.; FARIÑA BUSTO, F. (1990): “A Lanzada (Sanxenxo, Pontevedra), definición e interpretación de un yacimiento castreño atípico”. *Madrider Mitteilungen 31*. Deutsches Archäologisches Institut Abteilung. Madrid. Páxs. 309-337.
- SUÁREZ PIÑEIRO, ANA Mª (2006): *A vida cotiá na Galicia romana.* Ed. Lóstrego. Santiago de Compostela.
- TORRAS TRONCOSO, Mª L.; DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, F; VÁZQUEZ VARELA, J.M. (1980): “Sobre el comienzo de la agricultura en Galicia”. *GALLAECIA Nº6.* Departamento de Prehistoria e Arqueoloxía. Facultade de Xeografía e Historia. Universidade de Santiago de Compostela. Ed. do Castro. Páxs. 51-59.

- TORRES DE LUNA, M.P.; LOIS GONZÁLEZ, R.C. ; PÉREZ ALBERTI, A. (1993): *A montaña galega. O home e o medio*. Biblioteca de divulgación. Serie Galicia Nº 13. Universidade de Santiago de Compostela.
- TORRÓN CASAL, A.; RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, R. Mª (2007): *Vías Atlánticas: Vías romanas (XIX-XX). Guía de ruta. Provincia de Pontevedra.* Excma. Deputación Provincial de Pontevedra.
- TRANOY, A. (1977): "A propos des "*Callaeci*" de Pline: Epigraphie et Peuplement". *BRACARA AUGUSTA.* Revista Cultural da Cámara Municipal de Braga. Volume XXXI. Páxs 225-233.
- TRONCOSO, J.S.; VÁZQUEZ VARELA, J.M.; URGORRI, V. (1995-96): "La malacofauna en la alimentación de la cultura castreña de la Edad del Hierro de Galicia (NO. de España)". *BRIGANTIUM Nº9*. Museu Arqueolóxico e Histórico do Castelo de San Antón. A Coruña. Páxs. 107-114.
- VÁZQUEZ VARELA. J.M. (1973): "Bases paleontológicas para el estudio de la ganadería de la cultura castreña". *Compostellanum Vol.XVIII* (Nº 1-4). Sección de Estudios Jacobeos. CSIC. Santiago de Compostela. Páxs. 309-316.
- VÁZQUEZ VARELA, J.M. (1974-75): "Hallazgo de bellotas en el castro de Vixil: reflexiones sobre la agricultura castreña". *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo*. Tomo IX. Páxs. 195-198.
- VÁZQUEZ VARELA, J.M. (1977a): "Estudio de la fauna marina de los concheros de los castros de A Peneda y Montealegre (Pontevedra)". *GALLAECIA 1*. Departamento de Historia I. Universidade de Santiago de Compostela. Páxs. 143-146.
- VÁZQUEZ VARELA, J. M. (1977b): "La ganadería de la cultura castreña en Galicia". *Actas del XIV Congreso Nacional de Arqueología (Vitoria-1975).* Zaragoza. Páxs. 641-644.
- VÁZQUEZ VARELA, J.M. (1980): *Las raíces de Galicia*. Ed. Sálvora. Santiago de Compostela.
- VÁZQUEZ VARELA, J.M. (1983a): "La territorialidad de la cultura castreña: una primera aproximación metodológica". *II Seminario de Arqueología del NO. Peninsular. Santiago de Compostela, 1980.* Páxs. 95-102.
- VÁZQUEZ VARELA, J.M. (1983b): "Los testimonios económicos". En Pereira Menaut, G. (ed.) *Estudos de Cultura Castrexa e de Historia Antiga de Galicia.* Universidade de Santiago. Páxs. 147-158.

- VÁZQUEZ VARELA, J.M. (1990): *Petroglifos de Galicia*. Biblioteca de Divulgación. Serie Galicia Nº3. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico. Universidade de Santiago de Compostela.
- VÁZQUEZ VARELA, J.M. (1993-94): "El cultivo del mijo (*panicum miliaceum, l.*) en la cultura castreña del noroeste de la Península Ibérica". *Cuadernos de Estudios Gallegos Tomo XLI (106).* Instituto "Padre Sarmiento". CSIC. Santiago de Compostela. Páxs. 65-73.
- VÁZQUEZ VARELA, J.M.; AIRA RODRÍGUEZ, Mª.J. (1988): "La economía de los pueblos prerromanos del N. de Hispania según los testimonios palinológicos". *Actas del I Congreso Peninsular de Historia Antigua – Compostela, 1986.* Colección Cursos e Congresos nº52- Vol. II. Universidade de Santiago de Compostela. Páxs. 291-298.
- VÁZQUEZ VARELA, J.M.; GARCÍA QUINTELA, M.V. (1998): *A vida cotiá na Galicia castrexa.* Biblioteca de Divulgación. Serie Galicia. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico. Universidade de Santiago de Compostela.
- VÁZQUEZ VARELA, J.M.; RODRÍGUEZ LÓPEZ, C. (1999-2000): "El aprovechamiento de los recursos marinos en la Prehistoria y la antigüedad de Galicia". *Boletín do Museo Provincial de Lugo IX*. Servizo de Publicacións da Excma. Deputación Provincial de Lugo. Páxs. 335-365.
- VIGO GARCÍA, A. (2004): "Noticia de escavación arqueolóxica no castro de Zoñán (Mondoñedo-Lugo). Campañas 2002 e 2003". *GALLAECIA Nº23*. Departamento de Historia I. Universidade de Santiago de Compostela. Ed. do Castro. Páxs. 179-193.
- VIGO GARCÍA, A. (2006): "Castro de Zoñán (Mondoñedo-Lugo). Campaña 2005. Avance de resultados". *GALLAECIA 25*. Departamento de Historia I. Universidade de Santiago de Compostela. Páxs. 65-81.
- VIGO GARCÍA, A. (2007a): *Protohistoria e Romanización na Mariña Lucense. Un caso práctico: o castro de Zoñán.* Tese de doutoramento. Inédita. Facultade de Xeografía e Historia. Universidade de Santiago de Compostela.
- VIGO GARCÍA, A. (2007b): *O Castro de Zoñán (Mondoñedo, Lugo). Escavacións 2002-2004.* Excmo. Concello de Mondoñedo.
- VILLA VALDÉS, A. (1998): "El Castro del Chao Samartín". *Revista de Arqueología* Nº 211. Madrid. Páxs. 32-41.

- VILLA VALDÉS, A. (1999-2000): “Descrición de estruturas defensivas e trazado urbano no castro do Chao de Samartín (Grandas de Salime, Asturias)”. *Boletín do Museo Provincial de Lugo IX*. Excma. Deputación Provincial de Lugo. Páxs. 367-419.
- VILLA VALDÉS, A. (2002a): “Periodización y registro arqueológico en los castros del occidente de Asturias”. En BLAS, M.A. de e VILLA VALDÉS, A. (eds.): *Los poblados fortificados del del NO. de la Península Ibérica: formación y desarrollo de la Cultura Castreña. Coloquios de Arqueología en la cuenca del Navia*. Navia. Páxs. 159-188.
- VILLA VALDÉS, A. (2002b): “Sobre la secuencia cronoestratigráfica de los castros asturianos (siglos VIII a.C.-II d.C.)” *TRABAJOS DE PREHISTORIA 59 (Nº2).* CSIC. Madrid. Páxs. 149-162.
- VILLA VALDÉS, A. (2003): “Castros y recintos fortificados en el occidente de Asturias: estado de la cuestión”. *Boletín Auriense*. TOMO XXXIII. Museo Arqueolóxico Provincial. Ourense. Páxs. 115-146.
- VILLA VALDÉS, A. (2007): “El Chao Samartín (Grandas de Salime, Asturias) y el paisaje fortificado en la Asturias protohistórica”. En BERROCAL-RANGEL, L.; MORET, P. (eds.) *Paisajes fortificados de la Edad del Hierro. Las murallas protohistóricas de la Meseta y la vertiente atlántica en su contexto europeo.* Real Academia de la Historia. Casa de Velázquez. Madrid. Páxs. 191-212.
- V.V.A.A.(1982): *Cántabros, Astures y Galaicos. Bimilenario de la conquista del Norte de España.* Ministerio de Cultura. Madrid.
- VV.AA. (1982): *Historia de Galicia*. Ed. Alhambra. Madrid.
- VV.AA. (Áreas de Arqueología y Prehistoria del Departamento de Historia I-Universidad de Santiago) (1987): *Catalogación de Yacimientos Prerromanos del Ayuntamiento de Santiago.* Arqueoloxía/Investigación 3. Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Benestar Social. Dirección Xeral de Cultura e do Patrimonio Histórico Artístico-Servicio de Arqueoloxía. Santiago de Compostela.
- V.V.A.A. (ACUÑA CASTROVIEJO, F.; VÁZQUEZ VARELA, J.M.- coords.) (1991a): *El mundo castrexo y romano*. Ed.Hércules.Tomo I. A Coruña.
- VV.AA.(1991b): *Historia de Galicia*. A Nosa Historia Nº 1-2. Ed. A Nosa Terra. Vigo.
- VV.AA. (1993): *Concepcións espaciais e estratexias territoriais na historia de Galicia.* Asociación Galega de Historiadores. Santiago de Compostela.
- VV.AA.(1998): *Historia da Arte Galega*.(Volume I). Ed. A Nosa Terra. Vigo.

- VV.AA. (2004): *O parque arqueolóxico da cultura castrexa. Bases para a súa formalización.* RGPA. Cadernos 2. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- VV.AA. (2006): *Guía de castros de Galicia e Noroeste de Portugal*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- XUSTO RODRÍGUEZ, M. (1988-89): "Área de visión, topografía e territorialidade: o mundo dos castros". *BOLETÍN AURIENSE.* TOMO XVIII-XIX. Páxs. 23-30.
- XUSTO RODRÍGUEZ, M. (1992): "La concepción territorial en la cultura castreña de Galicia". *Revista de Arqueología* Nº 137 (IX-1992). Madrid. Páxs. 28-37.
- XUSTO RODRÍGUEZ, M.(1993): *Territorialidade castrexa e galaico-romana na Galicia suroriental: A Terra de Viana do Bolo.*Boletín Auriense. Anexo 18. Museo Arqueolóxico Provincial. Ourense.
- XUSTO RODRÍGUEZ, M. (1998): "O contexto territorial e o urbanismo dos castros". *Historia da Arte Galega* (Volume I). Ed. A Nosa Terra. Vigo. Páxs. 129-144.
- WELLS, P.S. (1988): *Granjas, aldeas y ciudades. Comercio y orígenes del urbanismo en la protohistoria europea*. Ed. Labor. Barcelona.